fernandezcarballada asociados

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

CONCELLO DE CARBALLO

TOMO I
MEMORIA XUSTIFICATIVA DOS SEUS FINS E OBXECTIVOS
ANEXOS

fc | a
arquitecturaurbanismo

alvaro fernandez carballada
arquitecto

decembro2014

TOMO I

MEMORIA XERAL

MEMORIA XUSTIFICATIVA DOS SEUS FINS E OBXECTIVOS

ANEXOS

ANEXO 1 INFORMES DAS ADMINISTRACIÓNS PREVIO Á APROBACIÓN INICIAL

ANEXO 2 INFORMES SECTORIAIS AO DOCUMENTO DE APROBACIÓN INICIAL

ANEXO 3 INFORME DAS ALEGACIÓNS AO DOCUMENTO DE APROBACIÓN INICIAL

ANEXO 4 PLANO RESUMO DAS ORDENANZAS REGULADORAS DO SOLO URBANO CONSOLIDADO

PLANO RESUMO DAS EDIFICACIÓNS FORA DE ORDENACIÓN NO SOLO URBANO CONSOLIDADO

ANEXO 5 METODOLOXÍA DA DELIMITACIÓN E CONSOLIDACIÓN DOS NÚCLEOS RURAIS

ANEXO 6 DEMANDANTES SOLO INDUSTRIAL

ANEXO 7 ESTUDO CÁMARA DE COMERCIO

concello de CARBALLO

MEMORIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA DOS SEUS FINS E OBXECTIVOS

ÍNDICE

MEMORIA XUSTIFICATIVA DOS SEUS FINS E OBXECTIVOS 1

ÍNDICE 1

1. CONVENIENCIA E OPORTUNIDADE DA FORMULACIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE CARBALLO E ANTECEDENTES 1

1.1. CONVENIENCIA E OPORTUNIDADE DA REDACCIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL 1

1.1.1. PLANEAMENTO VIXENTE E ANTECEDENTE URBANÍSTICO: O PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE CARBALLO DE 2003 1

1.1.2. NECESIDADE E OBRIGATORIEDADE DA REDACCIÓN DO PLAN XERAL 1

1.2. MARCO LEGAL PARA A REDACCION DO PLAN XERAL: A APROBACIÓN DA LEI 2/2010 DE 25 DE MARZO DE MEDIDAS URXENTES DE MODIFICACIÓN DA LEI 9/2002 2

1.3. PROPOSTAS ANTERIORES FORMULADAS PARA A REVISIÓN DO PLAN XERAL DE 2.003 3

1.3.1. PRIMEIRA PROPOSTA DE REVISION DO PLAN XERAL DE 2003, E INFORME PREVIO Á APROBACIÓN INICIAL DE 29 DE DICIEMBRE DE 2009 3

1.3.2. SEGUNDA PROPOSTA DE REVISION DO PLAN XERAL DO 2003, E INFORME PREVIO A APROBACION INICIAL DE 3 DE FEBREIRO DE 2.012. 5

1.4. SENTENCIA DO 2 DE NOVEMBRO 2.011, DO TRIBUNAL SUPREMO, DE ANULACION DEL PLAN XERAL DO 2.003 10

1.5. DECRETO DE SUSPENSION DE LICENCIAS 10

1.6. APROBACION INICIAL DO PLAN XERAL 10

1.7. A RECUALIFICACIÓN DA COSTA. 13

1.8. OBXECTIVOS DA FORMULACION DO PLAN XERAL 13

1.8.1. OBXECTIVOS TÉCNICOS E XURIDICOS DA FORMULACION DO PXOM. 13

1.8.2. OBXECTIVOS URBANÍSTICOS. MODELO TERRITORIAL 14

1.9. SINTESE DO ANÁLISE DA INFORMACIÓN URBANÍSTICA 17

1.9.1. MARCO TERRITORIAL 17

1.9.2. MARCO SOCIOECONÓMICO 17

2. CONTEXTO DA REDACCIÓN DO PXOM 19

2.1. HISTÓRICO DE PLANEAMENTO URBANÍSTICO DO CONCELLO DE CARBALLO 19

2.1.1. PLANEAMENTO XERAL 19

2.1.2. TERRITORIO DE COSTA 21

2.2. ANTECEDENTES DA SITUACIÓN URBANÍSTICA MUNICIPAL 22

2.2.1. TRABALLOS RELACIONADOS COA REVISIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL 22

2.2.2. TRABALLOS RELACIONADOS COA ORDENACIÓN DA COSTA 22

2.2.3. SENTENCIAS XUDICIAIS 22

2.2.4. EXECUCIÓN DO PLANEAMENTO DE DESENVOLVEMENTO DO PXOM 2003. SITUACIÓNS URBANÍSTICAS HERDADAS 23

2.3. INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO. 24

2.3.1. DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO 24

2.3.2. PLAN DE ORDENACIÓN DO LITORAL 28

2.3.3. L.A.T. 220 KV MESON DO VENTO - VIMIANZO(AD 06/04/01), PARQUE EMPRESARIAL DE CARBALLO (AD 08/02/07), PARQUE ARQUEOLOXICO DO MEGALITISMO NA COSTA DA MORTE (AD 29/09/11), E PARQUE EOLICO PEDRARRUBIA (AD 13/10/11). 28

2.4. MARCO LEGAL 28

2.5. SITUACIÓN URBANÍSTICA DOS CONCELLOS LIMÍTROFES 31

2.6. TRAMITACIÓN DO PLAN XERAL: PROCEDEMENTO DE APROBACIÓN 32

2.6.1. ANTECEDENTES DE TRAMITACIÓN DA PROPOSTA DE PXOM CONTIDA NESTE DOCUMENTO 32

2.6.2. INFORMES RECIBIDOS AO DOCUMENTO PREVIO APROBACIÓN INICIAL 34

2.7. AS COMISIÓNS INFORMATIVAS DE URBANISMO DO CONCELLO DE CARBALLO 37

2.8. CONTIDO DO DOCUMENTO 38

3. SÍNTESE DA INFORMACIÓN DEMOGRÁFICA E CONCLUSIÓNS 39
3.1. EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN MUNICIPAL 39
3.1.1. ANÁLISE MUNICIPAL 39
3.1.2. ANÁLISE COMARCAL E PROVINCIAL 41
3.2. DINÁMICA DEMOGRÁFICA 42
3.2.1. NATALIDADE E MORTALIDADE 42
3.2.2. MOVEMENTOS MIGRATORIOS 46
3.3. ESTRUTURA DEMOGRÁFICA POR IDADES 50
3.4. POBOACIÓN ESTACIONAL MÁXIMA 52
3.4.1. CONCLUSIÓN 52
4. SÍNTESES DA ACTIVIDADE URBANÍSTICA MUNICIPAL 53
4.1. SOLICITUDE DE LICENZAS URBANÍSTICAS 53
4.2. TENDENCIA DO NÚMERO DE VIVENDAS NO CONCELLO DE CARBALLO 54
5. DESCRIPCIÓN DE INFRAESTRUTURAS, SERVIZOS URBANOS E DOTACIÓNS URBANÍSTICAS NO MUNICIPIO 55
5.1. INFRAESTRUTURAS TERRITORIAIS 55
5.1.1. REDE DE ESTRADAS EXISTENTE 55
5.1.2. REDE DE ESTRADAS PREVISTAS DENDE OUTRAS ADMINISTRACIÓNS 57
5.1.3. TRANSPORTE PÚBLICO 58
5.2. SERVIZOS URBANOS 58
5.2.1. RESIDUOS SÓLIDOS 58
5.2.2. ABASTECEMENTO DE AUGA 59
5.2.3. SANEAMENTO 63
5.2.4. REDE ELÉCTRICA 72
5.2.5. TELECOMUNICACIONS 72
5.2.6. GAS 73
5.2.7. TELEFONÍA MÓVIL 73
5.3. DIAGNOSE DA COBERTURA DOTACIONAL 73
5.3.1. POBOACIÓN MUNICIPAL ACTUAL 74
5.3.2. DESCRICIÓN DAS DOTACIÓNS EXISTENTES 75
5.3.3. DIAGNOSE DA COBERTURA DOTACIONAL EXISTENTE 75
6. ANÁLISE E DIAGNÓSTICO DA VILA DE CARBALLO 77
6.1. ESTUDO DESCRIPTIVO E IDENTIFICATIVO DA MALLA URBANA ACTUAL 77
6.2. ANÁLISE E DIAGNOSE DO TRATAMENTO DA VILA DE CARBALLO NOS ANTERIORES PLANEAMENTOS 80
6.3. ANÁLISE E DIAGNOSE DO TRATAMENTO DO LITORAL NOS ANTERIORES PLANEAMENTOS 81
7. OBXECTIVOS DA ORDENACIÓN DO PXOM 83
7.1. ANTECEDENTES. ACTUACIÓNS PROGRAMADAS DENDE A ADMINISTRACIÓN LOCAL 83
7.2. OBXECTIVOS XERAIS DE ORDENACIÓN 84
7.2.1. A COLMATACIÓN E FORTALECEMENTO DO MODELO TERRITORIAL CENTRALIZADO 84
7.2.2. A CONSOLIDACIÓN E REMATE DA VILA DE CARBALLO 86
7.2.3. A FIXACIÓN DA POBOACIÓN NOS NÚCLEOS RURAIS 90
7.2.4. A MELLORA DAS INFRAESTRUCTURAS DE COMUNICACIÓNS E DAS DOTACIÓNS PÚBLICAS 92
7.2.5. A ORDENACIÓN E PROTECCIÓN DO LITORAL 96
7.2.6. IDENTIFICACIÓN DOS VALORES E CUALIDADES DO SOLO RÚSTICO 98
8. CRITERIOS DA ORDENACIÓN E ACTUACIÓNS PROPOSTAS 100
8.1. CLASIFICACIÓN E CATEGORIZACIÓN DO SOLO 100
8.1.1. SOLO URBANO 100
8.1.2. SOLO URBANIZABLE 109

8.1.3. SOLO DE NÚCLEO RURAL ... 117
8.1.4. SOLO RÚSTICO ... 121
8.2. SUPERFICIES TOTAIS DE TIPOS DE SOLO ... 122
8.3. ACTUACIÓNS PROPOSTAS A ESCALA TERRITORIAL ... 122
8.3.1. INFRAESTRUTURAS DE COMUNICACIÓNS. REDE DE ESTRADAS E VIARIOS ... 122
8.3.2. ESPAZOS LIBRES E EQUIPAMENTOS ... 123
8.3.3. INFRAESTRUCTURAS DE SERVIZOS ... 126
8.4. ACTUACIÓNS PROPOSTAS NO LITORAL ... 126
8.4.1. AMBITOS DE RECUALIFICACIÓN DO LITORAL ... 127
8.4.2. ACTUACIONS DERIVADAS DOS CRITERIOS DA DEMARCACIÓN DE COSTAS DO ESTADO ... 127
8.4.3. REDE DE ESTRADAS E VIARIOS PROXECTADAS NO PXOM ... 127
8.4.4. DOTACIÓNS PÚBLICAS PROXECTADAS NO PXOM ... 128
8.4.5. COORDINACIÓN INTERADMINISTRATIVA ... 128
8.5. PLANS ESPECIAIS DE PROTECCIÓN E DESENVOLVEMENTO DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS ... 128
8.6. CUANTIFICACIÓN DOS USOS CONTIDOS NO PXOM ... 129
8.6.1. SOLO URBANO ... 129
8.6.2. SOLO URBANIZABLE ... 130
8.6.3. SOLO DE NÚCLEO RURAL ... 131
8.7. CAPACIDADE MÁXIMA RESIDENCIAL DO PXOM ... 132
8.7.1. RATIO HABITANTES VIVENDA ... 132
8.8. CUMPRIMENTO DE DETERMINACIÓNS LEGAIS ... 133
8.8.1. VIVENDAS DE PROTECCIÓN PÚBLICA ... 133
8.8.2. LÍMITES DE SOSTIBILIDADE E CALIDADE DE VIDA PROPOSTOS NO PXOM ... 137
8.8.3. XUSTIFICACIÓN DA ADECUACIÓN DO PXOM ÁS NORMAS DE HABITABILIDADE DE VIVENDAS DE GALICIA NHV-2010. ... 141
8.8.4. XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DA LEXISLACIÓN EN MATERIA DE ACCESIBILIDADE E SUPRESIÓN DE BARREIRAS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA E REGULAMENTO QUE O DESENVOLVE. ... 141
8.8.5. XUSTIFICACIÓN DA ADAPTACIÓN DO PXOM ÁS DETERMINACIÓNS DOS PLANS DA XUNTA EN MATERIA DE RESIDUOS. ... 141
8.8.6. XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DA LEI 13/2010 DO COMERCIO INTERIOR DE GALICIA ... 141
8.9. MAGNITUDES DO PXOM ... 142

9. XESTIÓN E CÁLCULOS DO PXOM ... 143

9.1. CÁLCULO DO APROVEITAMENTO TIPO DE CADA ÁREA DE REPARTO ... 143
9.1.1. URBANO NON CONSOLIDADO ... 143
9.1.2. URBANIZABLE DELIMITADO ... 144
9.1.3. ACTUACIÓNS INTEGRAIS EN SOLO DE NÚCLEO RURAL ... 144
9.2. CALENDARIO DE PROGRAMACIÓN: ORDE DE PRIORIDADES ... 145
9.2.1. ESTRATEXIA DE EXECUCIÓN DOS DESENVOLVEMENTOS ... 146

10. ANEXO DE CÁLCULOS E TÁBOAS ... 149

10.1. CALCULOS DOS APROVEITAMENTOS LUCRATIVOS, NÚMERO DE VIVENDAS E APROVEITAMENTOS TIPO ... 149
10.1.1. CÁLCULO DE APROVEITAMENTOS EN SOLO URBANO NON CONSOLIDADO ... 149
10.1.2. CÁLCULO DE APROVEITAMENTOS EN SOLO URBANIZABLE DELIMITADO ... 171
10.1.3. CÁLCULO DE APROVEITAMENTOS NAS ACTUACIÓNS INTEGRAIS ... 190
10.1.4. CÁLCULO E XUSTIFICACIÓN DA CONSOLIDACIÓN EN SOLO DE NÚCLEO RURAL . 194

1. CONVENIENCIA E OPORTUNIDADE DA FORMULACIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE CARBALLO E ANTECEDENTES

1.1. CONVENIENCIA E OPORTUNIDADE DA REDACCIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

1.1.1. PLANEAMENTO VIXENTE E ANTECEDENTE URBANÍSTICO: O PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE CARBALLO DE 2003

O Planeamento vixente na actualidade no Municipio de Carballo son as Normas subsidiarias e Complementarias do Planeamento da Vila de Carballo aprobadas definitivamente o 16 de xuño de 1978, as Normas Subsidiarias de Planeamento Corrixidas da Vila de Carballo con aprobación definitiva de 20 de xuño de 1980, e as Normas Subsidiarias de Planeamento do Termo Municipal, con exclusión dos ámbitos da vila de Carballo, polígono industrial de Bértoa e paraxes costeiros, con aprobación definitiva de 12 de abril de 1984.

Por outra banda, é importante considerar como antecedente de planeamento, e de cara a entender a realidade que presenta a actual ordenación do termo municipal, que o Concello de Carballo ordenouse urbanísticamente mediante un Plan Xeral de Ordenación Municipal que foi aprobado definitivamente o 20 de maio de 2003 (en diante PXOM de 2003), publicado no Diario Oficial de Galicia o 14 de xullo de 2003, entrando en vigor ó 15 de xullo do mesmo ano, e que foi anulado por Sentenza Xudicial con data de 1 de marzo de 2007 pola Sección Segunda da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no recurso contencioso-administrativo número 5039 de 2003, interposto pola representación procesal de D. José Jesús Pacoret Regueira contra o acordo do Concello de Carballo, de data de 20 de maio de 2003, polo que se aprobou definitivamente o Plan Xeral de Ordenación Municipal, e confirmada a suspensión pola Sentencia desestimatoria do Recurso de Casación do Tribunal Supremo, Sala do Contencioso-Administrativo, sección quinta, de 2 de novembro de 2011.

Polo anterior recobraron vixencia os instrumentos de ordenación (Normas subsidiarias) que foron relacionados con anterioridade.

No momento da entrada en vigor da Lei 9/2002, de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (en diante LOUG), o documento do PXOM de 2003, agora anulado, encontrábase en tramitación, e en virtude da Disposición Transitoria Terceira, o Concello de Carballo optou pola tramitación de acordo co disposto na Lei 1/1997, de Solo de Galicia, sendo de aplicación ó disposto na Disposición Transitoria Primeira da LOUG.

A aplicación deste documento xerou dificultades de interpretación debido a súas indeterminacións en materias como a clasificación de solo do litoral ou a ordenación detallada dos núcleos rurais e urbano, que propiciaron a necesidade de elaborar instrumentos e figuras urbanísticas (modificacións puntuais, planes especiais e estudos de detalle) dende o Concello que facilitaran a definición dos criterios e a aplicación do documento.

Cabe destacar tamén a importante actividade urbanística desenvolvida no Concello neste anos de vixencia do planeamento, tanto en número de licencias concedidas como en culminación de procesos de urbanización de ámbitos de solo industriais e residenciais, obras de infraestruturas e demais actividades, de iniciativa pública e privada, que foron consolidando o modelo territorial formulado polo planeamento anulado, e que pese a súa suspensión, constitúe a base do modelo territorial analizada e desenvolvida no presente Plan Xeral.

1.1.2. NECESIDADE E OBRIGATORIEDADE DA REDACCIÓN DO PLAN XERAL.

Neste contexto de antecedentes de planeamento antes nomeados, impúlsase polo Concello de Carballo a revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal (o contrato co equipo redactor subscríbese o 27 de xullo de 2005), co fin de adaptar as súas determinacións ás esixencias da Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e as súas modificacións, que por aplicación da mesma, facía necesaria a revisión do Plan Xeral en vigor.

Tendo en conta o anteriormente exposto, a necesidade da revisión do PXOM de Carballo no momento da súa contratación, xustificase por dúas razóns fundamentais:

- A necesidade de ADAPTACIÓN Á NORMATIVA E LEXISLACION URBANÍSTICA VIXENTE

- A REVISIÓN TÉCNICA, fundamentada en:

  a) A necesidade dun documento detallado e definido tecnicamente para a súa correcta aplicación.

  b) A actualización do modelo territorial polas circunstancias de evolución xeradas co planeamento baixo o amparo do documento en vigor.

A LOUG introduce novidades tan importantes en materia de clasificación e categorización do solo que implica, obriga e fai necesaria unha reflexión sobre o tratamento dos solos e sobre o modelo territorial do planeamento anterior a súa promulgación. O cambio de categorías de solo e os seus réximenes xurídicos, os novos índices de sustentabilidade e a necesidade de efectuar unha correcta previsión de reservas de solo para a implantación de dotacións públicas e Sistemas Xerais, son aspectos que implican a necesidade dunha reflexión planificatoria que transcende dunha adaptación mecánica do planeamento en vigor, condicionando aspectos de estratexia e estrutura.

A revisión e adaptación dos planeamentos anteriores a promulgación a LOUG constitúen accións ineludibles e imprescindibles, dada a natureza normativa da figura do Plan Xeral, que ordena todas as actividades que requiren ubicación territorial, cuxa ordenación debe emanar do propio concello e deben estar reguladas de acordo coa lexislación vixente en cada momento.

O feito de que hoxe en día este anulado o referido Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Carballo de 2003, polo que como xa foi indicado, están en vigor as referidas normativas que datan dos anos setenta e oitenta, baseadas en lexislacións obsoletas e derrogadas, e que se corresponden cun modelo territorial que xa non responde a realidade actual do municipio, facendo non solo necesario sino obrigatorio A REDACCIÓN DUN NOVO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL.

1.2. MARCO LEGAL PARA A REDACCION DO PLAN XERAL: A APROBACIÓN DA LEI 2/2010 DE 25 DE MARZO DE MEDIDAS URXENTES DE MODIFICACIÓN DA LEI 9/2002

Unha vez iniciada a formulación do PXOM de acordo co disposto na LOUG, e redactada xa unha primeira proposta de documento de revisión do Plan Xeral, xurde un novo cambio do marco legal: a entrada en vigor da Lei 2/2010, de 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (en adiante Lei 2/2010), que obriga a:

- Reiniciar a tramitación do documento do PXOM.
- Adaptar ó seu contido as novas determinacións de ordenación do solo.

Á entrada en vigor da Lei 2/2010, o documento do PXOM en tramitación tiña obtido o informe previo á aprobación inicial, emitido o 21 de decembro de 2009 pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, pero aínda non acadara a súa aprobación inicial; polo en cumprimento da "Disposición transitoria primeira.- Plans en tramitación" da Lei 2/2010, reiniciouse a tramitación do Plan Xeral.

"(...) 3. Os plans en tramitación que non alcanzasen a aprobación inicial á data de entrada en vigor desta lei adaptarse plenamente a ela."

De feito, de acordo co sinalado no artigo 85.4 da Lei 2/2010 no que se formula a "caducidade" do documento de referencia para a Avaliación Ambiental Estratéxica, o Concello remitiu á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (en diante CMATI), o anteproxecto de planeamento co contido e forma determinados polo artigo 84.4 da Lei 2/2010, cuxo modelo territorial se adapta ás novidades da citada Lei, sendo emitido o Documento de Referencia para a Avaliación Ambiental Estratéxica do PXOM de Carballlo, pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da CMATI o 20 de novembro de 2010, que tivo entrada no Concello o 14 de decembro de 2010 (rexistro de entrada 17304).

O presente documento responde polo tanto ás directrices da lexislación en vigor, unha de cuxas moitas novidades é a obrigatoriedade de adecuar o modelo de asentamentos poboacionais á realidade existente dos núcleos rurais, así como a regulación do solo rústico ás estipulacións e criterios de dita normativa.

1.3. PROPOSTAS ANTERIORES FORMULADAS PARA A REVISIÓN DO PLAN XERAL DE 2.003

1.3.1. PRIMEIRA PROPOSTA DE REVISION DO PLAN XERAL DE 2003, E INFORME PREVIO Á APROBACIÓN INICIAL DE 29 DE DICIEMBRE DE 2009

Un primeiro documento de revisión do PXOM, redactado co criterio de adaptar a lexislación en vigor as determinacións do Plan Xeral de 2.003, xa foi obxecto de Informe Previo á Aprobación Inicial, emitido o 21 de decembro de 2009 pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, que entre outros aspectos, e como parte mais importante do mesmo, pon de manifesto a necesidade de efectuar unha drástica redución da capacidade residencial do Plan proposto, que basicamente respectaba as determinacións do planeamento que revisaba, e que queda reflectido no primeiro apartado de dito informe, que se transcribe a continuación:

II.1. Consideracións xerais sobre o modelo territorial e urbano.

1. Capacidade residencial do Plan:

O PXOM non realiza unha estimación da necesidade de vivendas para o horizonte temporal do Plan, limitándose a constatar a capacidade residencial derivada da ordenación proposta.

Cónto ás dinámicas demográfica e edificatorias dos últimos anos, a poboación actual de Carballo é, segundo a memoria do Plan, de 31.047 habitantes (30.653 en 2008 segundo os datos do Instituto Nacional de Estatística). De manterse o ritmo de crecemento demográfico lixeiramente positivo da última década, acadaríanse os 35.000 habitantes no ano horizonte do Plan (plantexado para 12 anos). Aceptando o ratio de habitantes por vivenda do PXOM (1,86, moi por debaixo do que soe considerarse admisible) precisarianse unhas 2000 novas vivendas.

Dos datos de licenzas concedidas no período 2003-2008, se deduce unha media de 600 novas vivendas ao ano que, de manterse no tempo, resultarían unhas 7.200 novas vivendas no ano horizonte do plan; mais cómpre subliñar que corresponden a un período de gran auxe construtivo difícilmente extrapolable.

En contraste con estes datos, a capacidade residencial total do Plan ascende a 33.388 vivendas, polo que, descontando as 16.687 que actualmente existen, conforme á memoria do plan, resultan 16.701 novas vivendas (case 1400 novas vivendas ao ano) prevéndose unha poboación total de 62.100 habitantes. Todo o cal resulta desproporcionado coa dinámica poboacioñal e edificatoria esperable.

É aceptable estimar que nos núcleos rurais, pola particularidade do réxime aplicable nesta clase de solo, parte da máxima capacidade residencial non se materializará. Porén, no solo urbano e urbanizable a capacidade residencial equivale a unhas 12.000 novas vivendas, é dicir, unhas 1000 novas vivendas ao ano nun núcleo urbano no que, conforme aos datos do INE de 2001, o 44% das vivendas existentes están baleiras.

Tendo en conta o antedito, e que a capacidade residencial correspondente ao solo urbano semella abonda para acoller as demandas que cabe esperar no horizonte temporal do Plan, carece de xustificación a clasificación da maior parte do solo urbanizable residencial, así como de gran parte de áreas de expansión de núcleos rurais.

Lémbrase que o Plan debe axustar o seu modelo de ordenación aos principios de utilización racional do solo e desenvolvemento sostible que demanda a lexislación vixente (artigos 4.e), 52.2 e 52.3 da LOUG e artigos 2 e 10 do TRLS 2008) de xeito que a ordenación proposta sexa congruente coas demandas esperadas e se transforme urbanisticamente só aquel solo que sexa preciso para atender as necesidades razoablemente previsibles.

Deste xeito quedou claramente posto de manifesto que o criterio de manter o modelo territorial do Plan Xeral do ano 2.003, que posibilitaba un importante crecemento residencial na totalidade dos núcleos urbanos, carecía de respaldo por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, que ademais, é o organismo que por Lei ten a competencia para a aprobación definitiva do planeamento Xeral.

En relación a esta primeira proposta de Revisión do Plan Xeral, o equipo redactor pon claramente de manifesto que o Concello de Carballo impulsa a revisión do PXOM apenas transcorridos dous anos dende a súa aprobación definitiva no ano 2003 (os traballos comezan no ano 2005), nun primeiro contexto de necesidade urxente de ADAPTACIÓN Á LEXISLACION URBANÍSTICA VIXENTE, e un segundo, de REVISIÓN TÉCNICA fundamentada na necesidade de obter un documento detallado e definido tecnicamente para a súa correcta aplicación, que non modificara as liñas xerais do modelo territorial dun recente estreado Plan Xeral.

Neste contexto, carecería de xustificación para a Corporación Municipal revisar o modelo que acababa de aprobar dous anos antes. A pesar do contexto existente, a propia aplicación das disposicións de aplicación directa da lexislación en vigor aos distintos tipos de solo, conleva unha redución de 3.000 vivendas na capacidade residencial do Plan de 2003.

O largo proceso de elaboración e tramitación dun Plan Xeral derivado da intervención da práctica totalidade das administracións públicas e de moitos dos seus departamentos, mais as circunstancias particulares de inestabilidade legal dende a entrada en vigor da LOUG (7 modificacións ata a fecha da formulación da proposto de revisión do Plan Xeral), que xeran dificultades de aplicación e interpretación, dilataron burocraticamente o proceso de redacción dunha revisión "técnica" dun documento que se consideraba adecuado en canto ás súas directrices de ordenación polo recente da súa aprobación.

Non entanto, o referido informe previo emitido pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas parece apostar por unha renovación total das determinacións e criterios contidos no Plan Xeral de 2003, obrigando a revisar o seu modelo territorial e propoñendo a "desclasificación" da meirande parte do solo urbanizable e de parte do solo urbano, e por tanto desvirtuando os obxectivos lexítimos dunha Revisión no tocante a intentar manter os solos clasificados e os aproveitamentos urbanísticos derivados do planeamento en vigor, evitando repercusións patrimoniais a os propietarios de solo e edificacións, en consideración, sobre todo, a o escaso lapso de tempo entre a entrada en vigor do PXOM do 2003 e o inicio da súa revisión , que comezou no ano 2005.

A Revisión do PXOM nos termos que se derivan do informe previo da Consellería, fronte as actuacións preexistentes desenvolvidas hasta a fecha actual, podería afectar ao dereito da propiedade, e en consecuencia, dar lugar a que exista un réxime específico en materia de responsabilidade das Administración, pois se producen prexuízos aos cidadáns como consecuencia dos cambios introducidos e das limitacións impostas polo novo planeamento a actividade urbanística.

En relación ao anterior e para ilustralo, é preciso a remisión ó disposto no artigo 35 do Texto Refundido da Lei de Solo Estatal (Real Decreto Lei 2/2008, de 20 de xuño, que se dedica no punto a) ós supostos indemnizatorios como consecuencia de cambios na ordenación territorial e urbanística:

Artículo 35. Supuestos indemnizatorios.

"Dan lugar en todo caso a derecho de indemnización las lesiones en los bienes y derechos que resulten de los siguientes supuestos:

a)La alteración de las condiciones de ejercicio de la ejecución de la urbanización, o de las condiciones de participación de los propietarios en ella, por cambio de la ordenación territorial o urbanística o del acto o negocio de la adjudicación de dicha actividad, siempre que se produzca antes de transcurrir los plazos previstos para su desarrollo o, transcurridos éstos, si la ejecución no se hubiere llevado a efecto por causas imputables a la Administración.

Las situaciones de fuera de ordenación producidas por los cambios en la ordenación territorial o urbanística no serán indemnizables, sin perjuicio de que pueda serlo la imposibilidad de usar y disfrutar lícitamente de la construcción o edificación incursa en dicha situación durante su vida útil…"

Derivado do precepto transcrito, para que opere o dereito á indemnización como consecuencia da Revisión de planeamento debe producirse unha redución do aproveitamento urbanístico. Pero ademais é necesario que tal alteración de planeamento teña lugar antes de transcorrer os prazos previstos para a súa execución.

Os prazos para a execución dun plan poden estar establecidos dunha maneira expresa no propio plan ou, no suposto frecuente de ausencia dunha previsión determinada, a xurisprudencia entende que é un prazo implícito, o que implica a necesidade de desenrolar unha complexa actividade de execución que reclama sempre un lapso de tempo razoable para a súa execución, o que xustifica unha confianza lexítima en que o Plan vai manterse vixente durante ese tempo. Soamente así, pode entenderse que os particulares fagan gastos para a súa execución. Se a modificación se produce antes do esgotamento de dicho prazo implícito, poderá entrar en xogo a indemnización derivada dunha modificación anticipada.

A STS de 1 de febreiro de 1982 apuntaba a que pode existir dereito de indemnización aínda que o Plan non estableza un prazo expreso de execución debido a inseguridade que se deriva para os administrados e a STS de 5 de outubro de 1998, no seu fundamento de dereito 5º afirma que "la responsabilidad derivada de una modificación anticipada de los planes, se produce en los casos en que haya establecido un plazo para su ejecución o en los que se entienda la existencia de un plazo implícito…".

1.3.2. SEGUNDA PROPOSTA DE REVISION DO PLAN XERAL DO 2003, E INFORME PREVIO A APROBACION INICIAL DE 3 DE FEBREIRO DE 2.012.

Baixo o novo marco legal do ano 2010, e visto o informe previo da Consellería emitido no ano 2.009, o equipo redactor traslada ao Concello unha serie de propostas relativas ao novo documento do PXOM, para que sexan valoradas e se adopte un acordo sobre os criterios a seguir para a redacción do novo documento, atendendo ao informe previo da Consellería, que conlevarían unha significativa redución na capacidade residencial do Plan. O Concello acorda en Comisión Informativa de Urbanismo e Medio Ambiente celebrada o 4 de outubro de 2010, solicitar ao equipo redactor que xustifique os aspectos necesarios para manter a base do documento presentado para Informe previo do 2.009, rexeitando a proposta dos redactores de redución de solo urbanizable delimitado no entorno do núcleo de Carballo e dos núcleos da costa, e a redución das alturas máximas permitidas no solo urbano consolidado.

Esta decisión é trasladada ao equipo redactor, que elabora unha segunda proposta do documento de revisión do Plan Xeral de 2.003, mantendo no fundamental a formulada no documento presentado anteriormente e que foi obxecto de informe previo no ano 2.009, pero incluíndo as modificacións derivadas da cumprimentación do novo marco legal derivado da Lei 2/2010 de modificación da LOUG, ás normativas de ordenación do Territorio de ámbito supramunicipal aprobadas definitivamente como "Directrices de Ordenación do Territorio" e "Plan de Ordenación do Litoral" e aquelas que están en proceso de modificación como o Plan Hidrolóxico Galicia Costa (documento borrador), mais subsanacións de erros e suxestións observadas pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas no informe previo emitido anteriormente.

Visto todo o anteriormente manifestado sobre garantía xurídica e posibles responsabilidades da Administración, e en consideración a que a alteración que supón a Revisión do Plan Xeral respecto ao PXOM vixente, pode derivar en prexuízos para os propietarios de solo na previsión de que a vixencia do plan subsistiría durante un determinado período de tempo, e baseándose na vixencia dos principios de boa fe nas relacións entre a Administración e os particulares, de seguridade xurídica e de equilibrio das prestacións, principios relacionados cos de confianza lexítima, é necesario que as determinacións do Plan teñan en conta esta situación, e en consecuencia, se teña suma prudencia nos cambios de clasificación do solo respecto un planeamento que se revisa.

Por aplicación das determinacións da Lei 2/2010, elabórase un novo Documento de Inicio de Tramitación Medio ambiental, e obtense o Documento de Referencia para a Avaliación Ambiental Estratéxica do PXOM de Carballlo, emitido pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da CMATI o 7 de decembre de 2010, que tivo entrada no Concello o 14 de decembro de 2010 (rexistro de entrada 17304).

En xeneral, seguindo as determinacións e criterios establecidos pola corporación, nesta segunda proposta de revisión do planeamento xeral do Concello de Carballo presentado no concello ó 20 de maio de 2011 (rexistro de entrada 6346), se adapta ao marco legal vixente no momento da súa formulación a clasificación e categorización dos solos delimitados no PXOM de 2003, e polo tanto non "crea" solos "edificables" ex novo . Como se pode apreciar na táboa seguinte, na que se efectúa un análise comparativo da capacidade residencial do Plan de 2.003 e desta segunda proposta, a superficie total do solo de uso residencial diminúe en 4.085.588 m2 e a superficie "edificable" residencial en 879.423,99 m^2 con respecto ao plan de 2003, reducíndose en consecuencia o número máximo de vivendas en 6.354:

CAPACIDADE RESIDENCIAL TOTAL PXOM 2003

TIPO DE SOLO	USO RESIDENCIAL SUP-BRUTA de SOLO	SUPERFICIE EDIFICABLE RESIDENCIAL TOTAL	Nº VIVIENDAS
SOLO URBANO			
SU-C	2.592.457,00	3.043.522,66	20.290
SU-NC	1.344.293,67	694.893,50	5.031
SOLO URBANIZABLE E SOLO RUSTICO APTO PARA URBANIZAR			
SUR-D	99.947,00	34.981,45	175
SRAU	2.553.538,00	557.896,52	3.073
SOLO DE NUCLEO RURAL			
NR	11.937.602,00	1.168.049,88	7.787
TOTAIS	18.527.837,67	**5.499.344,01**	**36.356**

SEGUNDA PROPOSTA DE REVISION:

CAPACIDADE RESIDENCIAL TOTAL REVISION PXOM			
TIPO DE SOLO	**USO RESIDENCIAL SUP-BRUTA de SOLO**	**SUPERFICIE EDIFICABLE RESIDENCIAL TOTAL**	**Nº VIVIENDAS**
SOLO URBANO			
SU-C	2.791.908,00	2.520.581,79	16.804
SU-NC	624.219,79	334.164,11	2.098
SOLO URBANIZABLE			
SUR-D	1.647.978,28	591.938,54	4.075
SOLO DE NUCLEO RURAL			
NR	9.336.372,75	1.190.000,00	7.000
Act. Integrais	41.770,71	4.250,00	25
TOTAIS	14.442.249,53	4.640.934,45	**30.002**

A continuación, mediante os gráficos que se acompañan, ponse de manifesto o modelo de crecemento residencial e industrial-terciario que se propoñía para a Vila de Carballo nese segundo documento, no que queda claramente manifestado a aplicación dos criterios estipulados pola Corporación nos cales se baseou esta proposta:

SEGUNDA PROPOSTA DE REVISION DO PLAN XERAL DE 2.003



Modelo de crecemento residencial da Vila de Carballo (solo urbanizable residencial en color gris)



Modelo de crecemento industrial e terciario da Vila de Carballo (solo urbanizable sombreado en color azul)

Presentado o documento de segunda proposta de Revisión de PXOM de 2.003 (sinalado con fecha de redacción de febreiro de 2.011) no Rexistro Xeral do concello o 20 de maio de 2.011, é obxecto de informe por parte dos servizos técnicos e xurídicos do Concello de Carballo con data de 27 de outubro de 2.011, previo a remisión do documento para informe da Consellería, e en relación ao contido da proposta sobre a capacidade residencial , ponse de manifesto o seguinte:

No Informe previo á aprobación inicial do PXOM de decembro de 2009 se fan as seguintes estimacións:

- Establécese unha poboación no horizonte de aplicación do novo PXOM, duns 35.000 habitantes, o que suporía que se necesitarían unhas 2000 novas vivendas para ese período.

- A capacidade residencial do PXOM é de 33.388 vivendas que suporía que se proxectan 16.700 novas vivendas e que o plan se proxecta para uns 62.000 habitantes.
- Admítese que parte da capacidade residencial dos núcleos rurais non se materializaría pero aínda así 12.000 vivendas corresponden o solo urbano e urbanizable.
- Conclúese con que carece de xustificación a clasificación da meirande parte do solo urbanizable residencial así como gran parte das áreas de expansión dos núcleos rurais.

Nas notas do equipo redactor o informe anterior faise un análise comparativo da capacidade residencial do PXOM de 2003, coa revisión do 2009. As cifras mais destacables son as seguintes:

- No PXOM de 2009, se reduce a capacidade residencial en 2.968 vivendas cunha diminución de 5.873 no solo urbano e con incrementos de 2.656 no solo urbanizable e de 249 vivendas en solo de núcleo rural.
- Alúdese o carácter de "Revisión técnica" do novo plan xeral que contaba naquel momento con tan só 7 anos de vixencia.
- No apartado 3.2. do Documento de Referencia (D.R.) se insiste na formulación do informe previo á aprobación inicial no senso de que a capacidade residencial do solo urbano e do solo de núcleo rural se ve notablemente incrementada polas bolsas de solo urbanizable. Así mesmo se indica a necesidade de facer unha estimación da previsión de vivenda para o horizonte temporal do plan, xustificando a clasificación das "numerosas" bolsas de solo urbanizable, tendo en conta o principio de utilización racional do solo recollida na LOUG.

No novo documento para informe previo a aprobación inicial presentado no concello en maio de 2011, se fan unha serie de consideracións referentes a este tema que se refiren os seguintes aspectos:

- Incídese nos mesmos argumentos xa esgrimidos nas notas o informe da S. Xeral do ano 2009, referentes á revisión técnica, á necesidade de considerar como marco de referencia o PXOM do 2003 e se fai novamente unha análise comparativa entre a capacidade residencial do novo documento e o PXOM de 2003, que supón unha diminución segundo esta xustificación de 6.354 vivendas.
- Doutra banda no apartado da MEMORIA do plan referente á EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN MUNICIPAL se fai unha análise do crecemento vexetativo experimentado entre os anos 1991 e 2009, que supuxo neste período un incremento do 19%. Así mesmo o crecemento medio anual entre os anos 1998 e 2009 supuxo unha ratio duns 318 habitantes/ano.

Non atopamos as proxeccións de poboación e de número de vivendas no horizonte temporal de aplicación do novo PXOM, que se solicitan no D.R.. Facendo unha análise desta cuestión, se poden dar os datos seguintes:

- A poboación actual do concello é duns 31.303 habitantes.
- Considerando como data de entrada en vigor do novo PXOM o ano 2013, se estimaría como horizonte o ano 2029.
- Có dato do ritmo actual de crecemento que se da no PXOM de 318 hab./ano a poboación no ano 2029 sería duns 36.000 habitantes. Que suporía a necesidade de proxectar unhas 19.000 vivendas.
- O PXOM prevé 30.000 vivendas, das que 26.000 corresponden o solo urbano e os núcleos rurais e 4.000 ó solo urbanizable.

Como conclusión compre indicar que pese á redución do número de vivendas entre o documento que estamos a analizar e o presentado no ano 2009 que é dunhas 3.300, pensamos que o informe da Secretaría Xeral de Urbanismo, vai a incidir nos mesmos argumentos que no emitido en decembro de 2009, en especial no referente á xustificación da necesidade de solo urbanizable de uso residencial, que tamén se indica no Documento de Referencia.

Este aspecto deberase ter en conta pola Corporación Municipal, porque de manterse pola Secretaría Xeral de Urbanismo na actualidade o mesmo criterio que no ano 2009, o mantemento da meirande parte das bolsas de solo urbanizable implicaría un obstáculo para a aprobación definitiva do PXOM por parte deste organismo.

Presentado o segundo documento de Revisión do Plan Xeral do 2.003 a informe previo a Aprobación Inicial a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, emítese o Informe con data de 6 de febreiro de 2.012, xunto co informe en materia de Costas, AMBOS INCUIDOS COMO ANEXO A PRESENTE MEMORIA, e que se extracta a continuación nos seus aspectos fundamentais

Respecto a capacidade residencial da proposta (30.002 vivendas) o informe di expresamente:

II.1. CAPACIDADE RESIDENCIAL DO PLAN.

O PXOM non inclúe a diagnose de necesidade de vivendas, requirida no documento de referencia e nos informes técnico e xurídico municipais; tampouco hai referencia ningunha á vivenda baleira. Polo contrario, limítase a constatar a capacidade residencial derivada da ordenación proposta que ascende a 30.002 vivendas; que, descontando as 17.825 actuais, resultan 12.177 novas vivendas (1.015 novas vivendas ao ano).

Malia a redución operada respecto do documento informado en decembro de 2009, estas cifras exceden as necesidades previsibles, xa que:

- A poboación actual do concello é de 31.303 habitantes (INE 2011). De manterse o ritmo de crecemento demográfico da última década, a poboación incrementaríase nuns 4000 habitantes no ano horizonte do plan (formulado para 12 anos) precisaríanse unhas 2100 novas vivendas, para absorber este crecemento poboacional.
- No período 2000-2010, o crecemento edificatorio foi de 346 novas vivendas ao ano.
- É aceptable estimar que nos núcleos rurais, pola particularidade do réxime aplicable nesta clase de solo, parte da máxima capacidade residencial non se materializará. Aínda así, mesmo deixando á parte o solo de núcleo rural, resultan 827 novas vivendas ao ano só en solo urbano e urbanizable.
- Neste concello, conforme aos datos do INE de 2001, un 30% das vivendas están baleiras, proporción que ascende ao 44% na capital municipal. Na súa diagnose non se inclúe ningún estudo desta variable, contravindo a determinación 3.1.4 das DOT.

Respecto a clasificación como solo urbano, di:

Nos núcleos costeiros:

- No núcleo de Razo, segundo os planos do PXOM, non existe na actualidade rede de abastecemento. Tampouco queda acreditado que, na totalidade do ámbito delimitado, a consolidación edificatoria sexa a suficiente (2/3 dos espazos aptos para seren edificados).
- Dado que no núcleo de Pedra do Sal existen redes de servizos só nunha parte do ámbito delimitado, deberá incorporarse un estudo da consolidación existente.

Na capital municipal:

- Polígonos UU-R21 e a parte norte do UU-R20, que carecen de servizos e quedan fóra da delimitación vixente de solo urbano.
- Polígono UU-R38, e terreos ao norte ata a prolongación da rúa Mirtos, sen consolidación nin servizos, en parte fóra da delimitación vixente de solo urbano.
- Polígono UU-R45, que carece de servizos e de consolidación.
- Polígonos UU-R44, UUR51 e instituto Monte Neme, que non están integrados na trama urbana (feito o propio plan sinala na memoria cánto ao instituto).
- Terreos no extremo sueste do núcleo urbano, nas beiras da rúa de Berdillo, ao leste da rúa Olmos, fóra da delimitación vixente de solo urbano, agás os terreos da UU-R13 lindeiros coa rúa de Berdillo.
- Ámbito sen consolidación edificatoria nin servizos urbanísticos no extremo leste do Camiño do Bosque ao norte do sector R15, na súa meirande parte fóra da delimitación vixente de solo urbano.
- Terreos cualificados con ordenanza 1.1 no camiño de 10 m que parte do enlace co polígono industrial de Bértoa, posto que carecen de servizos, consolidación e ademais non están incluídos na delimitación vixente de solo urbano.
- Ámbito do UU-R1 e terreos ao oeste del, fóra da delimitación vixente de solo urbano. Nos incluídos na delimitación vixente ao norte da rúa Xosé Manuel Eirís deberá xustificarse que o grao de consolidación acada o mínimo esixido pola LOUG, pois non existen servizos na totalidade do ámbito.

Coma resultado dos informes emitidos sobre o segundo documento de revisión do Plan Xeral do 2.003, ponse de manifesto A NECESIDADE DE EFECTUAR UNA REDUCION DA CAPACIDADE RESIDENCIAL PREVISTA NO DOCUMENTO, FUNDAMENTALMENTE, POLA ELIMINACION DOS SOLOS URBANIZABLES DELIMITADOS NO PLAN DO 2.003, CO OBXETO DE ADECUAR AS PREVISIOS ÁS NECESIDADES REALES DO TERMINO MUNICIPAL.

1.4. SENTENCIA DO 2 DE NOVEMBRO 2.011, DO TRIBUNAL SUPREMO, DE ANULACION DEL PLAN XERAL DO 2.003

Como xa se manifestou anteriormente, por Sentenza Xudicial de data de 1 de marzo de 2007 da Sección Segunda da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no recurso contencioso-administrativo número 5039 de 2003, interposto pola representación procesal de D. José Jesús Pacoret Regueira contra o acordo do Concello de Carballo, de data de 20 de maio de 2003, polo que se aprobou definitivamente o Plan Xeral de Ordenación Municipal, foi anulada a aprobación do Plan Xeral, e confirmada a suspensión pola Sentencia desestimatoria do Recurso de Casación do Tribunal Supremo, Sala do Contencioso-Administrativo, sección quinta, de 2 de novembro de 2011.

A anulación do Plan Xeral de 2.003, constitúe un hito de vital importancia para a formulación do Plan Xeral, en tanto en canto, NON SE FORMULA UNHA REVISION DO PLAN DO 2.003, SINO UN NOVO PLAN XERAL. Esta afirmación, que pode parecer obvia, ten una gran transcendencia, xa que A CLASIFICACION DO SOLO CONTIDA NO PLAN DO 2.003, FOI ANULADA E CONSECUENTEMENTE, NON PODE SER UTILIZADA COMO ANTECEDENTE DE PLANEAMENTO PARA A FORMULACION DO PRESENTE DOCUMENTO.

Así, as reflexións efectuadas sobre a necesidade ou a conveniencia de manter a clasificación do solo no Plan que se revisaba en determinadas áreas en función da valoración das posibles responsabilidades da administración por modificación do planeamento en vigor, carecen xa de contido.

1.5. DECRETO DE SUSPENSION DE LICENCIAS

A entrada en vigor novamente das antigas Normas Subsidiarias de Planeamento como consecuencia da anulación do Plan Xeral, obrigou o Concello de Carballo a adoptar un acordo de suspensión de licencias en determinados ámbitos do termo Municipal, co fin de impedir que a aplicación de dita normativa, xere situacións irresolubles ou non desexables, e que poidan estar en confrontación cos intereses xerais da poboación.

De acordo coa lexislación en vigor, para manter a suspensión de licencias o Concello conta cun prazo dun ano para aprobar inicialmente un novo planeamento do termo municipal, e dous anos para a aprobación definitiva do mesmo.

1.6. APROBACION INICIAL DO PLAN XERAL

Con data 10 de xaneiro de 2013, en virtude do acordo do Pleno do concello, foi aprobado inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Carballo, ordenándose a apertura da preceptiva información pública mediante anuncio no Diario Oficial de Galicia, do 22 de xaneiro de 2013 e en dous dos xornais de maior circulación na provincia: “La Voz de Galicia” (18-01-20013) e “El Ideal Gallego”(17-01-2013).

No período de información pública, polo prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da publicación no Diario Oficial de Galicia, e en atención ó previsto no artigo 85.2 da Lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, en adiante LOUG, déronselle audiencia aos veciños do concello, municipios limítrofes e aos distintos organismos e administracións públicas, solicitando ás mesmas os informes sectoriais necesarios.

Así mesmo co acordo de aprobación inicial do PXOM procedeuse á suspensión das licencias naqueles ámbitos en que as determinacións do novo planeamento supoñesen modificación da ordenación urbanística vixente polo período máximo de dous anos.

Para dar a coñecer o novo modelo territorial proposto no PXOM para o concello de Carballo, utilizáronse todo tipo de recursos coa finalidade de garantir a difusión do contido, obxectivos e alcance do documento de aprobación inicial.

Os medios utilizados para a difusión do Plan foron moi variados, tales coma:

- Publicación dos anuncios preceptivos (DOGA, Prensa).
- Exposición permanente do PXOM nas instalacións habilitadas polo concello de Carballo, no Forum Carballo, así coma na paxina Web do concello.
- Celebración de reunións informativas do equipo redactor nas comisión urbanísticas, no Forum Carballo, así coma nos distintos centros cívicos das parroquias.

- Atención aos veciños, por parte de membros do equipo redactor, un día por semana dentro do período de información pública.
- Atención aos veciños por parte de persoas do concello, para informar sobre o documento do PXOM.

Ao longo da exposición pública, presentáronse **1.939 alegación**s no rexistro municipal que unha vez analizadas polo equipo redactor resultan uns **2.138 contidos** que inciden sobre **3.022 rexistros** dos cales 2.987 son parcelas con referencia catastral e 35 reclamacións de contido xeral.

O 20 de maio de 2013 preséntase un primeiro informe de alegacións realizado polo equipo redactor para recoller o desenvolvemento do proceso levado a cabo coa exposición pública do PXOM, e clasificar as alegacións presentadas no rexistro municipal polos distintos veciños e organizacións. Este informe define uns criterios iniciais que dan resposta as distintas peticións veciñais dentro do modelo de ordenación territorial desenvolvido polo plan.

Partindo da base de que a meirande parte das alegacións recibidas baséanse no aumento de parcelas edificables de licenza directa, sobre todo no solo de núcleo rural, o informe previo clasificaba os distintos contidos das alegacións por rangos, analizando o incremento da capacidade residencial do PXOM, peza clave para a aprobación definitiva e estimando unha previsión de crecemento na capacidade residencial a valorar por parte da Consellería competente na materia.

Dende o mes de Xullo do 2013, realízanse na casa do Concello as comisións informativas de Urbanismo e Medio Rural CIUMR presididas polo Sr. Alcalde D. Evencio Ferrero Rodríguez para o estudio do PXOM e das alegacións presentadas ao mesmo por parte dos distintos grupos políticos.

As comisións iníciansе o mes de Xullo do 2013, rematando o 20 de Novembro, realizándose un total de 29 sesións repartidas no seguinte calendario:

- XULLO: 3/10/18/23/30
- AGOSTO: 20/28
- SETEMBRO: 3/6/10/12/16/18/23/25
- OUTUBRO: 3/4/9/10/16/17/23/24/30/31
- NOVEMBRO: 7/13/14/20

Nestas comisións, analizouse e resolvéronse individualmente as alegacións de forma consensuada, baseándose no informe previo de alegacións redactado polo equipo redactor no mes de Maio. As determinacións e manifestacións expostas en ditas comisións son recollidas nas actas de cada sesión, actas que incorpóranse ao presente documento, e que serviu de base para a realización da proposta de resolución de alegacións.

O día 5 de decembro de 2013 presentouse por rexistro o documento de “Proposta de Resolución de Alegacións ao PXOM do Concello de Carballo” que forma parte deste documento.

Con posterioridade á aprobación inicial do Plan, foron consultadas as Administracións, organismos e público interesado establecidos no Documento de Referencia. Neste sentido mencionar que non se recibiu resposta de todas as Administracións consultadas.

A continuación inclúese unha táboa resumo coas Administracións, organismos e asociacións consultados. Na Memoria ambiental resóllese un epígrafe específico do proceso de participación pública onde se detalla o mesmo, as datas de emisión dos informes, e o carácter dos mesmos.

ADMINISTRACIÓN
MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE. Subdirección General de Dominio Público Marítimo Terrestre
MINISTERIO DE FOMENTO. Dirección General de Aviación Civil
MINISTERIO DE HACIENDA Y ADMINISTRACIONES PÚBLICAS. Delegación de economía e facenda en Galicia-A Coruña. Sección do Patrimonio do Estado
MINISTERIO DE INDUSTRIA, ENERGÍA Y TURISMO. Secretaria de Estado de Energía. Dirección General de política energética y minas
MINISTERIO DE INDUSTRIA, ENERGÍA Y TURISMO. Dirección General de telecomunicaciones y tecnologías de la información. Subdirección General de redes y operadores de telecomunicaciones
MINISTERIO DE DEFENSA. Delegación de defensa en Galicia

ADMINISTRACIÓN
DELEGACIÓN DEL GOBIERNO EN GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS. Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS. Secretaria Xeral de Ordenación do territorio e urbanismo (en materia de costas)
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS. Dirección Xeral de Mobilidade
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS. Dirección Xeral de Conservación da Natureza
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS. Organismo Autónomo de Augas de Galicia
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS. Organismo Autónomo Instituto de Estudos do Territorio
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS. Axencia Galega de Infraestruturas
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA. Dirección Xeral de Patrimonio Cultural
CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E DO MAR. Portos de Galicia
CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E DO MAR. Departamento Territorial de A Coruña. Servizo de montes e industrias forestais
CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E DO MAR. Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural
DELEGACIÓN TERRITORIAL DA CORUÑA. Xefatura territorial da Consellería de Economía e Industria
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTICIA. Dirección Xeral de emerxencias e interior.
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA (en materia de estradas)
CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS
CONCELLO DE PONTECESO
CONCELLO DE CORISTANCO
CONCELLO DE TORDOIRA
CONCELLO DE CERCEDA
CONCELLO DE LARACHA
CONCELLO DE ARTEIXO
FEDERACIÓN ECOLOXISTA GALEGA
ASOCIACIÓN PARA A DEFENSA ECOLÓXICA DE GALICIA
ASOCIACIÓN GALICIA NON SE VENDE
ASOCIACIÓN ECOLOXISTA VERDEGAIA
ASOCIACIÓN ECOLOXISTA AMIGOS DA TERRA
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DO BARRIO DE SAN CRISTOVO DE CARBALLO
ASOCIACIÓN AMBIENTAL SENDA NOVA
ASOCIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DA COMARCA DE BERGANTIÑOS
GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA COSTA DA MORTE
CÁMARA OFICIAL MINEIRA DE GALICIA
FUNDACIÓN GALICIA SUSTENTABLE

Neste epígrafe cabe salientar que os informes recibidos das distintas administracións están incorporados neste documento, que xa recolle as súas determinacións en distintos epígrafes do documento do PXOM. Algunhas administracións aínda non habían evacuado o seu informe, solicitados no mes de febreiro de 2013 e con solicitudes reiteradas no mes de novembro de 2013, no momento de rdactar o documentoprevio a aprobación provisional e a proposta de memoria ambiental, que foi remitidopolo no obstante xa que estaban amplamente superados todos os prazos legais para a súa emisión (en máis de 14 meses en tódolos casos).

Durante o perido transcurrido entre a remisión da documentación para a obtención da memoria ambiental e a emisión da mesma, recibíronse os informes da Dirección Xedral de Patrimonio Cultural, a Axencia Galega de Infraestructuras e do Organismo Augas de Galicia, estando incorporadas en este documento as suas prescripcións e consideracións.

1.7. A RECUALIFICACIÓN DA COSTA.

A principal característica da costa carballesa é a súa gran riqueza natural e paisaxística.

Os asentamentos poboacionais son maioritariamente de tipo rural, pero contaba de acordo co Plan Xeral do 2.003 con dous núcleos urbanos de escasa entidade, Arnados e Pedra do Sal, sobre os que historicamente creáronse expectativas de desenvolvemento e crecemento, que incluso chegaron a iniciar a súa materialización. Estes asentamentos, cunha estrutura incompleta, contan maioritariamente con vivenda de segunda residencia, exceptuando a zona tradicional o fundacional do núcleo de Arnados (Razo). A carencia de servizo de abastecemento de auga potable, o baixo grado de consolidación edificatoria, a anulación do Plan do 2.003 que clasificaba como urbano parte do solo destes asentamentos, e a aplicación dos criterios e preceptos da Lei 2/2.010, aconsellan clasificar estes asentamentos como Solo de Núcleo Rural Común.

As praias, xunto ao singular complexo natural composto por dunas, lagoa e marismas, acollen durante o verán o desenvolvemento de múltiples actividades de lecer, que atraen a unha poboación numerosa.

En aplicación do aprobado Plan de Ordenación do Litoral, o PXOM delimita "áreas de recualificación" entorno a ambos asentamentos de poboación, Arnados e Pedra do Sal, recollendo os ámbitos que precisan dunha ordenación integral, de cara a:

- A recuperación medioambiental.
- A mellora e remate das estruturas viarias existentes e malla urbana.
- A implantación de infraestruturas, dotacións, accesos e aparcamentos para o uso supramunicipal e estacional dos areais, que orixinan unha demanda superior a da poboación residente nas vivendas de ambos lugares.

1.8. OBXECTIVOS DA FORMULACION DO PLAN XERAL

1.8.1. OBXECTIVOS TÉCNICOS E XURIDICOS DA FORMULACION DO PXOM.

Ó abeiro da LOUG e as súas posteriores modificacións, e constatada a anulación do PXOM do 2.003, faise necesaria unha estratexia que de resposta á problemática existente de ausencia de planeamento.

A falla dun instrumento de planeamento municipal fixo mais urxente si cabe a redacción do mesmo, que dende o punto de vista técnico e xurídico defina tódalas determinacións que debe conter un documento normativo de ordenación municipal, enmarcadas na situación urbanística actual de Concello.

Clasificación e calificación do solo adecuada á LOUG e as súas modificacións

O obxectivo é clasificar e calificar adecuadamente a totalidade do solo do termo municipal de acordo cos preceptos e criterios da LOUG, desenrolando un modelo territorial que teña moi presente a necesidade de limitar os novos crecementos, e apostando decididamente pola colmatación do solo xa transformado o en proceso de transformación. Así mesmo, serán tidas en conta as determinacións dos instrumentos e figuras de planeamento do territorio de ámbito supramunicipal en vigor: Directrices de Ordenación do Territorio, Plan de Ordenación do Litoral, L.A.T. 220 kv Mesón do Vento – Vimianzo (AD 06/04/01), Parque empresarial de Carballo (AD 08/02/07), Parque Arqueolóxico do Megalitismo na Costa da Morte (AD 29/09/11), e Parque Eólico Pedrarrubia (AD 13/10/11).

Resolución da xestión do PXOM

O PXOM é un documento de carácter normativo que debe que ser economicamente sostible co obxecto de permitir materializar o modelo territorial. Neste senso, un dos obxectivos é resolver a súa xestión por medio de ferramentas legais que permitan a obtención das dotacións e infraestruturas necesarias para a capacidade residencial xerada, fixando os sistemas de actuación, os prazos e iniciativas de execución dos ámbitos de desenvolvemento e dos Sistemas Xerais, a cuantía das cargas económicas e a imputación das mesmas, de acordo coa ordenación territorial proposta.

Resolución da ordenación detallada dos solos urbanos e solos de núcleo rural

O PXOM detallará as aliñacións nos solos urbanos e nos núcleos rurais, a así mesmo establecerá todas as determinacións necesarias para a regulación da edificación e do uso do solo e as construcións, que regularán o procedemento da concesión de licencias de edificación e o uso das mesmas.

Resolución e ordenación do territorio de costa

O PXOM definirá os ámbitos de recualificación establecidos no Plan de Ordenación do Litoral, de forma que sexan aplicables os criterios de desenvolvemento sostible necesarios na actualidade e as determinacións do instrumento citado.

1.8.2. OBXECTIVOS URBANÍSTICOS. MODELO TERRITORIAL

Tal como se determina nas DOT, a clasificación e cualificación de Carballo como sistema urbano intermedio das DOT, corrobora os obxectivos do modelo territorial do presente documento:

- Posibilitar o crecemento centralizado do municipio no núcleo urbano da Vila de Carballo, fomentando a colmatación do solo xa transformado o en proceso de transformación, evitando novos crecementos dispersos e apostando decididamente por la transformación y renovación de la edificación no núcleo existente.
- Posibilitar a culminación do proceso de transformación urbanística nos ámbitos nos que o mesmo se iniciase mediante a aprobación dos planeamentos de desenvolvemento e os instrumentos de equidistribución e urbanización.
- Recualificar a costa, fixando como criterio prioritario a recuperación e o coidado medioambiental, a mellora e colmatación dos asentamentos poboacionais existentes e a implantación de infraestruturas para o uso supramunicipal dos areais.
- Conservar e completar os núcleos rurais fixando a súa poboación ao medio rural.

Estes obxectivos urbanísticos, se axustarán a os seguintes criterios:

Capacidade máxima residencial

E un obxectivo prioritario do presente PXOM, a vista das propostas formuladas anteriormente e dos informes recadados para as mesmas, **desenrolar un modelo territorial que conteña o crecemento en planta da vila de Carballo, dado que a simple colmatación de solo xa transformado ou en proceso de transformación, supón unha reserva mais que suficiente para aloxar o crecemento previsible da poboación no termo municipal**. En consecuencia, limítanse as operacións de transformación aos solos sen desenrolar dentro do actual perímetro da Vila de Carballo, que constituirá o solo urbano do termo municipal por contar con todos os servizos urbanísticos, e que será debidamente cualificado en función da realidade física de cada zona ou ámbito, e a aqueles que xa han iniciado o proceso de desenrolo.

Por outra banda, e necesario indicar que a ordenación pormenorizada do solo urbano, que constitúe o proxecto da Vila de Carballo, debe "rematar" o proxecto desenvolvido na mesma hasta a data e en consecuencia, ha de contemplar necesariamente o remate de operacións xa iniciadas de apertura de viario estruturantes que sustituén o modelo baseado en crecemento ao longo das estradas, e a renovación de edificacións existentes de acordo co proceso posto en marcha en moitas partes do núcleo.

O altísimo numero de núcleos rurais existentes no termo municipal, **aconsella que as delimitacións dos mesmos sexan efectuadas cun criterio de consolidación moi elevado**, pois a simple colmatación dos espazos non edificados entre construcións existentes constitúe unha reserva axeitada para o crecemento previsible dos mesmos.

Os criterios antes relacionados, son aplicados estritamente e non obstante, a cuantificación matemática do crecemento residencial e moi elevada. A aposta por reducir mais a capacidade residencial, conlevaría a eliminación de desenvolvementos xa iniciados en solo urbano non consolidado e en solos urbanizables (con planeamento aprobado, equidistribuídos e en prazo de urbanización), o a estipulación dunha ordenación pormenorizada en solo urbano consolidado carente de lóxica a vista das edificacións e construcións existentes.

Sendo plenamente conscientes da obriga de axustar axeitadamente os procesos de transformación do solo, o Plan Xeral non pode nin debe renunciar a desenrolar unha proposta digna e de calidade de proxecto para a Vila de Carballo.

A potencialidade que ten a área de Carballo, como centro protagonista do ámbito costeiro da Costa da Morte, non dependente dunha gran cidade, fai posible que o seu crecemento demográfico sexa considerable en proporción á clara tendencia de descenso que leva sufrindo a maioría do territorio de Galicia (ver información demográfica), feito que xustifica a planificación dun elevado crecemento poboacional.

Perséguese o fortalecemento do asentamento urbano, das actividades económicas e a oferta de dotacións que favorezan a cohesión de todo o territorio que depende do centro urbano.

O planeamento anulado do ano 2003 contemplaba a previsión de 36.356 vivendas, e a presente revisión contempla un horizonte de 29.940 viviendas.

Colmatación do solo incluído no perímetro da Vila de Carballo.

O forte crecemento do parque de vivendas no núcleo urbano de Carballo ata os anos 70 ao longo das redes viarias supramunicipais, e as parcelacións de grandes unidades catastrais na seguinte década, si ben foi realizada sen instrumentos de planeamento axeitado, foi completándose nos seguintes anos ata formalizar un casco urbano consolidado no centro, pero aínda inacabado na zona perimetral.

Este Plan Xeral non amplía a superficie de solo "edificable", apostando pola compacidade e a prevención da urbanización difusa, tal como determinan as Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia.

Respecto á calificación dos solos urbanos consolidados, pretendese tratar as alturas con criterios limitativos e tendendo a súa moderación, concentrando a edificabilidade en altura nas áreas centrais do núcleo, a analizando debidamente a posición, tipoloxía e configuración das edificacións existentes de cara a un axeitado remate e imaxe do conxunto edificado.

Potenciación da actividade industrial e ampliación do polígono industrial de Bértoa

Como xa se indicou en epígrafes anteriores, as DOT resaltan que Carballo, calificado como sistema urbano intermedio, está experimentando un continuado proceso de crecemento e que as intensidades dos intercambios entre A Coruña e Carballo converte a éste en centro receptor dos desenvolvementos vinculados ao crecemento da Rexión urbana Ártabra, interesante oportunidade para o desenvolvemento dos espazos residenciais e de acollida de actividades produtivas no núcleo de Carballo e nos parques empresariais que se están a crear entre a autoestrada e a estrada nacional nos concellos de Laracha, Carballo e Coristanco.

Actualmente, Carballo posúe un forte tecido industrial, no que destacan empresas relacionadas con sectores do plástico, do automobilismo, do metal e da maquinaria agrícola.

Segundo as súas características dentro do marco municipal, diferéncianse dous tipos de industria que se integran na ordenación xeral:

- O polígono industrial de Bértoa, con dúas ampliacións en diferentes fases de desenvolvemento.
- As industrias consolidadas existentes no solo urbano de Carballo e entorno, como poden ser "Conservas Calvo" ou a factoría "Aplihorsa".

Executouse a ampliación do polígono industrial de Bértoa por medio dun proxecto sectorial, o cal forma parte das propostas incluídas no Plan Sectorial de Ordenación Territorial de Áreas Empresariais no Ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cunha superficie de 738.899 m2, dos que aproximadamente 438.000 m2 están tipificados como solo útil. Está en tramitación unha terceira fase de ampliación con dúas bolsas (sectores A e B) de 42,63 e 11,44 hectáreas respectivamente. Un dos obxectivos é por tanto integrar estas herdanzas no Plan Xeral.

O outro obxectivo é atender ás necesidades das industrias consolidadas existentes, e as súas posibilidades de ampliación, mais dar cabida a usos terciarios tan arraigados na zona como pode ser a industria escaparate.

Pretendese potenciar a xa implantada actividade industrial, como motor económico de incidencia supramunicipal, e ademais complementar a mesma coa delimitación de ámbitos de uso terciario (comercial, hoteleiro e Administrativo) e de servizos. As DOT citan especificamente no seu apartado de Carballo e a costa de Bergantiños: "Igualmente favoreceranse as actividades comerciais e terciarias".

Fixación da poboación ao núcleo rural

Pretendese adecuar a ordenación dos núcleos rurais á realidade socioeconómica e territorial, evitando a dispersión, potenciando a colmatación dos núcleos recoñecidos, e favorecendo a fixación da poboación no medio rural para evitar a súa degradación, tanto de costa como de interior (ver Tomo III. Análise de asentamentos poboacionais).

Dotación de sistemas xerais de equipamentos, espazos libres e infraestructuras territoriais de comunicacións

A estrutura urbana da vila de Carballo, desenvolvida sobre o eixo da estrada AC-552, deixa latente as necesidades de completar as infraestruturas viarias, coa apertura de novos viarios estruturantes que cosan a malla urbana de Norte a Sur e de Este a Oeste.

Este obxectivo de mellorar a mobilidade estendese tamén á área litoral, na que se proxecta unha rede viaria que pretende aliviar a conxestión da estrada DP-1902 e reducir o impacto do tráfico nos viarios de caracter local.

Na ordenación proposta intégranse todas as infraestruturas proxectadas de iniciativa pública tanto de carácter municipal como doutras administracións externas.

En canto ás reservas de solo para equipamentos e espazos libres e as ampliacións dos existentes, pretendese a localización das mesmas atendendo á distribución da poboación no territorio:

- Continuidade da xa iniciada actuación municipal sobre os marxes do rego Anllóns e do Rego da Balsa, delimitando un parque lineal de caracter público nas ribeiras do rego, aproveitando os elementos naturais de valor próximos ao solo urbano, A Lagoa, Rego da Balsa e A Cristina. Dito parque conterá con áreas de equipamentos para desenvolver actividades culturais e sociais que revitalicen as tramas nas cales se insiren, dotando o novo parque urbano de polos de atracción.
- Localización dunha reserva de solo para equipamento escolar e espazos libres na zona de Ponte Caldeira preto do instituto Monte Neme, incluido nun polígono de solo urbano non consolidado.
- Reserva de solo para ampliación de cemiterio municipal e para outras dotacións no Sudeste da Vila.
- Ademais da ordenación de dotacións de carácter local que complementen as prestacións dos sistemas xerais na zona centro do núcleo urbano.

Ordenación da área litoral

No territorio de costa, o documento do PXOM persegue a recuperación medioambiental, a mellora e remate das estructuras viarias existentes e a implantación de infraestructuras, dotacións e accesos, para o uso supramunicipal dos areais, coas limitacións determinadas pola normativa sectorial ao respecto, en especial o Plan de Ordenación do Litoral (aprobado definitivamente o 10 de febreiro de 2011 e publicado no DOGA nº37 de 23/02/2011).

Os criterios de partida son os seguintes:

- Sostibilidade ambiental e protección dos espazos naturais e as concas paisaxísticas (ZEC Costa da Morte e río Anllóns, ZEPA, ladeiras dos montes visualmente expostas, fitos paisaxísticos, etc.).
- En consenso coa Demarcación de Costas do Estado, devolver ao borde marítimo o carácter de ben público e preservalo de toda actuación artificializada e desacorde coa súa natureza, entre as que destacan a reubicación do campo de fútbol de Arnados e a eliminación do tráfico rodado dos bordes dos noiros na zona de Arnados (Razo). Esta actuación, queda prevista mediante o desenrolo dun Plan especial en solo rústico, dentro do ámbito de recualificación de Razo, non incluíndoo dentro do cómputo dos índices de sustentabilidade, por carecer a data actual de finanzamento e dotación orzamentaria
- Do mesmo xeito delimítase un plan especial no núcleo de Pedra do Sal co fin de actuar sobre o borde marítimo do núcleo recollendo a senda peonil do litoral en solo rústico e actuando sobre as edificacións e peches existentes. Deberase reformular a fachada marítima do núcleo e o seu entorno natural localizando axeitadamente os novos aproveitamentos e as dotacións necesarias .
- Ordenación integral das zonas de Arnados e Praia de Razo, por medio da delimitación de ámbitos nos que se resolverán unitariamente as dotacións que deben dar servizo á zona litoral (Espazos libres, equipamentos, aparcamentos e accesos á praia, etc.).
- Resolución da problemática actual das infraestruturas territoriais viarias existentes, proxectando una nova rede de sistema viario transversal e lonxitudinal que amplía e complementa a existente, principalmente conectando os núcleos coa Vila de Carballo.
- Continuidade da política da Xunta de Galicia en temas de saneamento, solucionando de forma integral os servizos urbanísticos e as infraestruturas da zona.

- Clasificación dos asentamentos existentes na Costa (Pedra do Sal e Arnados) como Núcleo Rural común, en base ao nivel de consolidación por edificacións, delimitando actuacións integradas que deberán desenrolarse previamente a execución de novas construcións co fin de garantir a xeración de un sistema viario axeitado e a consecución das superficies mínimas de dotacións.
- Posibilidade de implantar o uso terciario-hotelero, sempre como compatible e complementario á vivenda familiar, e dentro do volume regulado para a mesma, evitando a implantación de construcións de volumetría, tipoloxía ou aparencia que poida distorsionar a paisaxe da costa.
- Colmatación dos núcleos rurais existentes, en consenso coas Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia.

Todo isto sen prexuízo da delimitación dos citados ámbitos de recualificación que define o POL, para os que se fixarán as directrices xerais de protección e de ordenación a través dun Plan Especial lindeiro ao núcleo de Arnados e outro no núcleo de Pedra do Sal.

Xestión e ordenación da paisaxe e dos valores medio ambientais e culturais

O concello de Carballo atópase dentro do Territorio de Actuación do Grupo de Acción Local "Bergantiños" declarado "Reserva da Biosfera" pola UNESCO en Novembro de 2002 . Esta declaración supón o máis elevado recoñecemento internacional á conservación das paisaxes, hábitats e especies da cunca alta dun río na Rexión Atlántica Europea.

O documento do PXOM pretende categorizar adecuadamente o territorio rústico de todo o municipio dando a especial protección que preceptúa a LOUG de acordo ao amplo patrimonio natural e cultural do municipio, principalmente a Rede Natura 2000, numerosos paraxes de valor medioambiental e zonas de interese ambiental e paixasístico, e os xacementos arqueolóxicos incluídos no Parque Arqueolóxico do Megalitismo na Costa da Morte.

Estes obxectivos materialízanse mediante a formulación dunha adecuada clasificación do solo rústico en función dos seus valores naturais, e mediante a elaboración dun completo e detallado catálogo de bens arquitectónicos, arqueolóxicos e naturais.

1.9. SINTESE DO ANÁLISE DA INFORMACIÓN URBANÍSTICA

Do análise da información urbanística, que se detallará en posteriores capítulos e nos correspondentes planos de información, pódense extractar as seguintes conclusións, que nos enmarcan nas condicións socioeconómicas e territoriais do municipio:

1.9.1. MARCO TERRITORIAL

- Centralidade territorial, tanto da capital no municipio, como respecto da Comarca de Bergantiños.
- Excelente sistema de comunicacións viarias no eixo Coruña-Costa da Morte pola AC-552 e a autoestrada AG-55, e a estrutura radial de rede viaria que articula a comarca dende o eixo Coruña-Fisterra, con ramificacións a Malpica, Ordes e Santiago.
- Compactidade na ocupación do territorio. A meirande parte da poboación e as actividades económicas se concentra no val do río Anllóns, e se diversifica nun extenso entorno rural.
- Medio físico no que destacan a área litoral, os vales fértiles e as elevacións montañosas.
- Gran riqueza ecolóxica e paisaxística, destacando a ZEC Costa da Morte e o LIC do Rego Anllóns.

1.9.2. MARCO SOCIOECONÓMICO

- Carácter histórico de vila comercial con base económica agrícola e gandeira.
- Aumento constante da poboación, con variación positiva dende o ano 1991.
- Crecente actividade económica no concello. Durante o período 1999-2006, prodúcese un incremento continuado no número de empresas en activo nos sectores secundario e terciario.
- Taxa de paro inferior ao resto da provincia.

- Crecemento da actividade industrial, reflectido nas ampliacións do polígono empresarial de Bértoa: a segunda fase executada e a terceira fase, promovida por XESTUR, en tramitación.
- Crecemento continuado no número de solicitudes de licenza urbanística nos últimos anos, reflexo da actividade urbanística do concello.
- Existencia de fortes Inversións e Axudas programadas dende o propio Concello e dende outras administracións.

2. CONTEXTO DA REDACCIÓN DO PXOM

A través deste capítulo, se indica o contexto onde se desenvolve a Redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Carballo (PXOM), o que permitirá, para a súa aplicación práctica, unha análise máis efectiva do documento, en consideración de tódalas vicisitudes urbanísticas mais importantes que lle afectan, os antecedentes, o planeamento do entorno, ó marco legal aplicable, as resolucións xudiciais ó respecto, e as herdanzas dos planeamentos anteriores do termo municipal.

Ademais, tales determinacións como e lóxico, inflúen dalgún modo na súa redacción, polo que tamén se considera precisa a súa exposición para así acadar un maior entendemento das solucións que se ofrecen para a ordenación do municipio.

2.1. HISTÓRICO DE PLANEAMENTO URBANÍSTICO DO CONCELLO DE CARBALLO

2.1.1. PLANEAMENTO XERAL

1. O primeiro proxecto de planeamento xeral da Vila de Carballo data de 1967, establecéndose nel unha inicial vía perimetral que fixaba o ámbito do casco urbano. Esta delimitación era coincidente coa zona do casco antigo (centro neurálxico do núcleo) e as dous zoas do Ensanche (A Milagrosa e a Gran Vía). Posteriormente produxéronse outra serie de delimitacións do casco urbano de carácter administrativo pero que careceron de efectos a nivel edificatorio.
2. A ordenación proposta por este primeiro proxecto de planeamento que solo abarcaba o casco urbano, se superpoñía de maneira ideal á cidade existente e realmente construída e intentaba reorganizar a propia consolidación edificatoria, o que daba lugar a múltiples situacións de conflito.
3. En 1973 prodúcese un novo intento de Plan Xeral, no que se introduce a ordenación do conxunto do territorio municipal, delimitando o casco urbano de forma bastante estrica, ocupando todo o solo vacante ó interior do perímetro do núcleo urbano, que a propia Memoria do Plan sinalaba como excesivamente amplo.
4. En decembro de 1977 tramítase o expediente das Normas Subsidiarias e Complementarias de Planeamento para a Vila de Carballo, aínda que soamente para o casco urbano, enviándose á Comisión Provincial de Urbanismo para a súa aprobación definitiva, acordando esta con data de 20 de xuño de 1978, aprobada con certos condicionantes, sendo sancionada definitivamente seis meses máis tarde.
5. Con posterioridade foi obxecto de recurso de alzada, ordenando o Ministerio de Obras Públicas e Urbanismo (M.O.P.U), en resolución de 3 de decembro de 1979, retrotraer o expediente ó momento previo da aprobación por haber estimado practicamente a totalidade dos recursos.
6. Tras este proceso encárgase a un Equipo Redactor a realización dos traballos para dar cumprimento ó acordo da Comisión Provincial de Urbanismo, aprobándose definitivamente en xuño de 1980.
7. Despois da aprobación en 1984 das Normas Subsidiarias e Complementarias do resto do termo Municipal, realízase en 1987 unha revisión das Normas para o Casco Urbano de Carballo, sendo denegada pola Comisión Provincial de Urbanismo ó entender que a Revisión debía abarcar todo o municipio.
8. Tendo en conta estes precedentes históricos e ante a necesidade dun documento de ordenación integral formúlase nos anos 90 a necesidade dun documento de ordenación integral do territorio.
9. Realízanse os traballos de redacción por un novo Equipo Redactor, expoñéndose o Avance do mesmo entre febreiro e marzo de 1996. Tras lo Avance e no momento anterior á aprobación definitiva do Plan prodúcese unha cesión do contrato a un novo Equipo Redactor en maio de 1998.
10. Paralelamente, o Plan Xeral de Ordenación Municipal redactado baixo o imperio da Lei 11/1985, de 22 de agosto, de adaptación da do Solo a Galicia (LASGA) ademais do Texto Refundido da Lei Estatal sobre Réxime do Solo e Ordenación Urbana (TRLS) de 9 de abril de 1976 e os seus Regulamentos de desenrolo (Regulamento de Planeamento aprobado por Real Decreto 2159/1978, de 23 de xuño, Regulamento de Xestión Urbanística, aprobado por Real Decreto 3288/1978, de 25 de agosto e Regulamento de Disciplina Urbanística, aprobado por Real Decreto 2187/1978, de 23 de xuño, reformado con ocasión do Texto Refundido da Lei de Réxime de Solo e Ordenación Urbana 1/1992, de 26 de xuño) tivo que ser modificado tras la entrada en vigor en Galicia, da Lei 1/1997, de 24 de marzo de solo de Galicia e novamente rectificado para incorporar as innovacións introducidas tras la Sentencia do Tribunal Constitucional 61/1997, de 20 de marzo e a promulgación, consecutivamente da Lei 6/1998, de 13 de abril , sobre o Réxime do Solo e Valoracións.

11. Unha vez elaborado o documento polo equipo redactor e previamente á aprobación inicial do mesmo, remitiuse o expediente completo á Dirección Xeral de Urbanismo da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda para o seu informe preceptivo.
12. En setembro de 1999 remítese o concello un documento para a aprobación inicial do PXOM de Carballo con data xullo de 1999.
13. Unha vez detectados unha serie de erros formais e algunhas cuestións que deberían ser modificadas, así como a necesidade de incluír algúns convenios, se remite de novo, en febreiro de 2000 un novo documento de aprobación inicial.
14. O documento é revisado pola Corporación Municipal e detéctase un novo erro na inclusión dun convenio.
15. Redáctase así un novo documento de aprobación inicial de data xuño de 2000.
16. Con data 9 de agosto de 2000 se remite ós redactores un escrito da alcaldía instándolles a introducir unha serie de correccións dado que os servizos técnicos e xurídicos detectaron unha serie de erros na documentación aportada.
17. Se redacta un novo documento de aprobación inicial con data outubro de 2000.
18. En marzo de 2001 se celebra un Pleno del Concello no que trátase a aprobación inicial do PXOM. No citado Pleno decídese non aprobar o Plan Xeral antes da inclusión no mesmo dunha serie de convenios, o cal se notifica o Equipo Redactor e en abril de 2001 emítese un informe que se traslada o Concello de Carballo.
19. En maio de 2001 o Pleno do Concello acorda propor a contratación dos traballos técnicos de inclusión no documento do Plan Xeral de Ordenación Municipal xa redactado dos convenios asinados.
20. En xuño de 2001 faise entrega do novo documento de aprobación inicial do PXOM coa inclusión dos convenios formalizados durante a tramitación do Plan.
21. Finalmente en Xullo de 2001 aprobouse polo Pleno do Concello o documento de aprobación inicial.
22. Durante os meses de xullo, agosto e setembro de 2001 expúxose ó público o documento aprobado.
23. En xullo de 2002 se remite documento de contestación ás alegacións por parte do Equipo Redactor cos seus correspondentes anexos de Normativa e Planos.
24. Remitida a documentación completa á Xunta, en data 30 de xaneiro de 2003, a Dirección Xeral de Urbanismo emite informe preceptivo e vinculante, previo á aprobación definitiva na que, ademais de realizar unha serie de puntualizacións a contidos específicos do Plan, recórdase o Concello que a Lei 9/2002, de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia establece que, transcorrido 6 meses dende a súa entrada en vigor (1 de xaneiro de 2003), o planeamento en tramitación deberá adaptarse integramente ó disposto na mesma (seguindo o disposto na Disposición Transitoria Terceira).
25. Á vista do informe e tras unha serie de reunións coa Dirección Xeral de Urbanismo, o Equipo Redactor xunto co Concello optan por continuar, durante o prazo máximo de seis meses, a tramitación do PXOM de Carballo ata a súa aprobación definitiva de acordo ó disposto na Lei 1/1997, sendo neste caso de aplicación ó disposto na Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002.
26. Redactouse un documento refundido para a súa aprobación definitiva de acordo ca lei 1/1997.
27. Posteriormente a Dirección Xeral de Urbanismo emitiu un novo informe no que, a xuízo da mesma, non se habían dado cumprimento aínda a moitas das cuestións formuladas ao documento anterior e sinálanse algunhas cuestións que non se sinalaron en documentos anteriores.
28. A consecuencia deste novo informe, en maio de 2003, redáctase un novo texto refundido para a aprobación definitiva na que se introducen as modificacións solicitadas.
29. Finalmente en maio de 2003, acórdase polo Pleno da Corporación, a aprobación definitiva do Plan Xeral.
30. Con posterioridade, durante o seu período de vixencia, o Plan Xeral foi obxecto de diversas Modificacións Puntais. Tamén, durante a antedita etapa, foron elaborados, como planeamento de desenvolvemento, varios Planes Especiais, Planes de Sectorización, Planes Parciais e diferentes Estudos de Detalle.
31. No ano 2.005, contrátase polo concello os traballos de revisión do Plan Xeral para efectuar a adaptación do mesmo a lei 9/2.002, cuxo desenrolo especificouse con anterioridade e se recolle mais minuciosamente en apartados posteriores.

2.1.2. TERRITORIO DE COSTA

As singulares características do litoral do municipio de Carballo determinaron que numerosas institucións e organismos de índole diversa adoptaran unha serie de medidas e recomendacións en orde á preservación das súas peculiares características e da súa integridade ecolóxica, así:

- A preocupación urbanística da zona costeira de Razo- Baldaio, se manifesta nas Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento da Provincia de A Coruña aprobadas en 1977 e redactadas baixo o imperio do Real Decreto 1346/1976 por el que se aprobou o texto refundido da Lei de Solo e Ordenación Urbana.
- Estas Normas clasifican como Áreas de Protección Específicas a Marisma e a Praia de Baldaio, calificándoas como Áreas Naturais de Reserva, asinándolles o nivel preferente á vez que califica a praia de Baldaio como praia natural sobresaínte. Nestas normas xa se recomenda a redacción de Plans Especiais.
- Nos Plans indicativos de Usos del Litoral, elaborados pola dirección Xeral de Portos e Costas do Ministerio de Obras Públicas e Urbanismo (MOPU), recóllese a previsión de necesidades prioritarias e se lle asignan os usos máis adecuados a cada tramo do litoral español, escolléndolle para o área de Razo-Baldaio, os usos turísticos, recreativos e de conservación da natureza.
- As Normas Subsidiarias e Complementarias Municipais, aprobadas en 1984 prevén novamente a redacción dun Plan Especial para a ordenación da zona costeira de Razo- Baldaio, convocándose un concurso de ideas para a contratación do citado Plan, que é redactado posteriormente de acordo co proxecto seleccionado. As Normas Subsidiarias e Complementarias Municipais inclúen dúas cualificacións: Paraxe natural de Razo-Baldaio dentro do solo non urbanizable, que abarca a liña costeira, os areais e as marismas, e unha zona contigua que se inclúe dentro do solo apto para urbanizar como Zona Residencial de Baixa Densidade, que se pretendía actuara a modo de colchón de protección da zona anterior, e na que se concentrarían, os usos residenciais e as edificacións necesarias para as actividades turísticas, recreativas, marisqueiras ou deportivas propias do sector litoral.

  O Plan Especial redáctase de conformidade coa previsión das Normas Subsidiarias de Planeamento, e de acordo ao disposto no art. 17 do Real Decreto 1346/1976, de 9 de abril, polo que se aprobou o texto refundido da Lei sobre réxime de solo e Ordenación Urbana, por aquel entonces vixente, para a consecución dos obxectivos básicos: por un lado, a preservación e mellora da calidade ambiental, e por outro lado, a promoción socioeconómica do área.
- Se presentaba o Plan Especial como un Plan de Protección, subordinado ás Normas Subsidiarias e Complementarias de Planeamento do termo municipal de Carballo, que non podía clasificar o solo pero que si gozaba da capacidade de establecer medidas de protección e de definir as limitacións dos usos do solo congruentes con esa protección. O obxecto do Plan Especial era en concreto, regular os usos desta zona residencial de baixa densidade, pero desenrolando ademais, dada a dependencia funcional existente, o estudo de sectores incluídos no Paraxe Natural da costa. Así, redactouse o Plan Especial da zona costeira Razo-Baldaio, que igualmente tamén contiña, entre outros documentos, o estudo do saneamento integral da zona.
- O Plan Xeral de Ordenación Municipal de Carballo aprobado en xuño de 2003: despois dun largo período de actualizacións no seu proceso de redacción e tramitación descritos anteriormente, aprobouse definitivamente por acordo plenario municipal o Plan Xeral. Como instrumento de ordenación integral de todo o territorio do termo municipal, o Plan prevé igualmente as disposicións e conxunto de accións a implantar para a planificación do territorio costeiro, identificando dous núcleos urbanos (Razo e Pedra da Sal), a pesar de no contar cos servizos urbanísticos básicos esixidos pola lexislación en vigor, e delimitando sectores de solo urbanizable no seu perímetro así como clasificando bolsas de solo urbanizable no delimitado.
- Durante a vixencia do Plan do 2.003, por parte das administracións, desenroláronse actuacións tendentes a dotación de servizos urbanísticos a os asentamentos do litoral, que permitiron que conten a data de hoxe, con redes de saneamento e instalacións de depuración.

2.2. ANTECEDENTES DA SITUACIÓN URBANÍSTICA MUNICIPAL

2.2.1. TRABALLOS RELACIONADOS COA REVISIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

Estase a tramitar unha proposta de ampliación da rede Natura 2000, a cal afecta a terreos do termo municipal. O Concello considera necesaria a revisión da súa delimitación, cunha precisión mais detallada de escala municipal acorde a súa realidade no momento actual. O Plan incorpora a última proposta de ampliación sometida a exposición pública pola Consellería de medio ambiente, territorio e Infraestruturas, co obxecto de incorporar as súas determinacións no análise ambiental do PXOM.

Así mesmo recentemente aprobouse o Plan Director da Rede Natura 2000 (Decreto 37/204, o 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e apróbase o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia), o cal ten natureza de plan de ordenación dos recursos naturais dos espazos protexidos rede Natura 2000 de Galicia. Constitúe un instrumento de planificación e xestión, que establece un conxunto de obxectivos e medidas de xestión para os espazos naturais que se inclúen no seu ámbito de aplicación, coa finalidade de asegurar un estado de conservación favorable dos tipos de hábitats naturais e das especies de interese comunitario da Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, e das especies de aves ás que se refire o artigo 4 da Directiva 2009/147/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de novembro. Trátase dun instrumento que se estrutura e adáptase á figura de plan de ordenación dos recursos naturais, figura que permite a planificación en rede e que está prevista tanto na Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, como na Lei 42/2007, do 13 de decembro, complementando os obxectivos formulados en ambas as dúas normativas cos obxectivos e directrices para a xestión dos espazos protexidos Red Natura 2000.

En canto a temas de infraestruturas elaborouse un “Estudio Director para a mellora do abastecemento no termo municipal de Carballo”, que ten por obxectivo analizar, diagnosticar e deseñar o abastecemento de auga no municipio, así como un estudio director para a rede de saneamento.

2.2.2. TRABALLOS RELACIONADOS COA ORDENACIÓN DA COSTA

- Concurso de ideas para o desenvolvemento do Plan Especial da Zona Costera de Razo. Proposta formulada por “Anagrama” , con fecha de febreiro de 1985.
- Avance do Plan Especial da Zona Costeira de Razo-Baldaio.
- Plan Especial da zona costera Razo-Baldaio. Información, Memoria de Planeamento, Ordenación, Estudio Económico-financiero e Estudio de Saneamiento Integral.
- Convenio urbanístico no paraxe de Fixón-Os Areos.
- Proposta de convenio en Arnados –Razo e de acordo plenario correspondinte.
- Plan Xeral de Ordenación Urbana de Carballo.

2.2.3. SENTENCIAS XUDICIAIS

O documento do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Carballo (PXOM 2003), foi anulado pola Sentencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 1 de marzo de 2007. O fallo produciuse tralo Recurso presentado polo presidente da Asociación de Veciños de San Cristovo, de Lema (Baldaio). Dita sentencia foi ratificada polo Tribunal Supremo con data de 2 de Novembro de 2.011, quedando en consecuencia anulado definitivamente o referido Plan.

Ademais, o indicado documento tamén foi obxecto de numerosos Recursos Contencioso-Administrativos, que pola incidencia que teñen en relación á clasificación do solo e respecto a outras cuestións determinantes de ordenación, son considerados para a formulación do PXOM. A modo de exemplo, e preciso destacar, entre outros, o Recurso Contencioso-Administrativo interposto ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sentencia 885/07 de 31 de outubro de 2007, na que se acorda “Estimar en parte el recurso contencioso-administrativo interpuesto (...) contra la resolución del Pleno del Ayuntamiento de Carballo, de fecha de 20 de mayo de 2003, por la que se aprueba definitivamente el Plan General de Ordenación Municipal. Anulamos dicha resolución en cuanto es disconforme a derecho la clasificación de la totalidad de la finca de los actores como suelo rústico de protección ordinaria, al deber ser clasificada como suelo urbano consolidado aquella parte de la finca que como suelo urbano ya fue clasificada en las Normas Subsidiarias...”.

A Modificación Puntual nº19 da execución a esta Sentencia, e aprobase definitivamente o 20/11/2009 e se publica no DOG nº11, 19/01/2010, e no BOP nº27 de 10/02/2010. Polo tanto, as determinacións das resolucións xudiciais e o contido das modificacións puntuais das execucións encontran a súa materialización no presente documento.

Recentemente, foron resoltos mediante sentencia, outros recursos contenciosos relativos á calificación de solo e xestión de desenrrolos efectuados durante a vixencia do Plan xa anulado, que son debidamente considerados no presente documento en base á realidad física que presentan os solos.

2.2.4. EXECUCIÓN DO PLANEAMENTO DE DESENVOLVEMENTO DO PXOM 2003. SITUACIÓNS URBANÍSTICAS HERDADAS

Como se fai referencia no capítulo anterior, o documento da Revisión do Plan Xeral de Ordenación ten como obxectivo prioritario mellorar substancialmente ó planeamento anterior, materializado a través dunha correcta clasificación e calificación do solo adecuada á LOUG, a resolución da xestión do PXOM, a resolución da ordenación detallada en solos urbanos e solos de núcleo rural e a resolución e a ordenación do territorio de costa. Non obstante, a formulación dun Plan Xeral non pode ser allea a situacións urbanísticas creadas cos anteriores planeamentos do termo municipal, e que xa se atopan practicamente consolidadas o en proceso de desenrolo, polo que se considera preciso incorporalas no presente documento.

Polo exposto, as unidades de actuación de solo urbano non consolidado e os ámbitos de solo rústico apto para urbanizar ou urbanizable que, no momento da formulación deste PXOM encóntranse en proceso de desenvolvemento, incorpóranse neste documento, coa sua ordenación e as consicións de edificación.

A continuación, respecto ao Solo Urbano non Consolidado, se presenta táboa na que consta a anterior denominación do polígono de acordo co Plan do 2.003, a nova denominación, o Sistema de Actuación, o estado de tramitación do documento que o desenvolve e a data da mesma:

Nº Sector PXOM 2003	NOVA DENOMINACIÓN	SISTEMA	ESTADO DE TRAMITE	Fecha	Proxecto	Edificabilidade PXOM 2003
P.5	UU-R2	Concerto	Aprobacion Definitiva	6-ago-07	Proxecto de Equidistribución	1,4115
			Aprobacion Definitiva	21-nov-11	PROXECTO DE URBANIZACION	
P.11	UU-R14	Compensación	Aprobacion Definitiva	20-nov-08	Proxecto de Compensación (XGL 20-11-2008, BOP 17-12-08)	2,4756
			Aprobacion Definitiva	1-feb-10	Proxecto de urbanización	
P.32	UU-R7	Cooperacion	Aprobacion definitiva	30-ago-10	Proxecto de REPARCELACION	
P.33	UU-R3	Compensacion	Aprobación Definitiva	23-jul-07	Proxecto de Compensación	1,5898
			Aprobacion Definitiva	29-oct-07	Proxecto de Urbanización	
P.34	UU-R4	Cooperacion	Aprobacion Definitiva	22-jul-08	Proxecto de Reparcelación	1,1454
P.49	UU-R10	Cooperacion	Aprobación DEFINITIVA	30-jun-11	Proxecto de Reparcelación -(BOP 26-10-2011)	2,6263

A ordenación do PXOM recolle as determinacións dos polígonos herdados o en tramitación como ordenación pormenorizada (UU-R2, UU-R3, UU-R4, UU-R7, UU-R10, UU-R14) dentro do solo urbano non consolidado cumprindo as determinacións dos distritos.

A continuación, se presenta a mesma información para o Solo Urbanizable Delimitado.

Nº Polígono PXOM 2003	NOVA DENOMINACIÓN	SISTEMA	Proxecto	ESTADO DE TRAMITE	Fecha	PUBLICACIÓN	Edificabilidade PXOM 2003
SRAU1 Residencial 1	S-R3	Compensación	Plan de sectorización	Aprobación definitiva	26-jul-05		0,4000
			Proxecto de compensación	Aprobación definitiva	21-jul-08		
			Proxecto de urbanización	Aprobación definitiva	21-jul-08	BOP Nº229	
SRAU Ind3 (sector A)	S-I1	Pública - XESTUR	Proxecto de Reparcelación	Aprobacion inicial	27-sep-10	BOP Nº200	
			Plan de sectorización	Aprobación provisional	27-oct-07		
SRAU Ind3 (sector B)	S-I2	Pública - XESTUR	Proxecto de Reparcelación	Aprobacion inicial	27-sep-10	BOP Nº200	
			Plan de sectorización	Aprobación provisional	27-oct-07		

Por outra banda, dos anteriormente clasificados ámbitos de SOLO RÚSTICO APTO PARA URBANIZAR, tramitados ao amparo do PXOM 2003, que finalizaron o seu proceso de desenvolvemento, e que hoxe clasifícanse como solo urbano consolidado son: SRAU Industrial 3 (primeira fase de ampliación do Polígono de Bértoa) e SRAU Industrial 4 (pequena zona industrial próxima a Guilfonxe). O presente PXOM incorpora a ordenación pormenorizada e as condicións edificatorias e de desenvolvemento do antigo SRAU 1, hoxe en día denominado S-R3 , dando cumprimento ao artigo 57.2 da LOUG

2.3. INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO.

2.3.1. DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO

O día 10 de febreiro de 2011, o Consello da Xunta aproba definitivamente as Directrices de Ordenación do Territorio, que se publican no DOGA nº36 de 22/02/2011. As DOT constitúen o elemento central do conxunto de instrumentos de ordenación do territorio contemplados na "Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia". Estes instrumentos configuran un sistema de planificación que parte da concepción global do territorio e acada a acción específica de carácter sectorial.

A calificación e cualificación de Carballo como sistema urbano intermedio das DOT, avalan os obxectivos do modelo territorial deste documento. Se transcribe a continuación o contido do referente a Carballo e se sinalan o mais relevante:

"SISTEMA DE ASENTAMENTOS E AS INFRAESTRUCTURAS BÁSICAS

(...)

2.7. O Sistema urbano intermedio

2.7.1. O Papel territorial do sistema urbano intermedio

No territorio de Galicia aparece un interesante conxunto de núcleos de pequeno e mediano tamaño, con poboacións que oscilan entre os 7.000 e os 20.000 habitantes, que enriquecen e achegan variedade ao Sistema urbano da Comunidade. Estas cidades medias do Sistema urbano galego localízanse tanto nas zonas menos centrais da Comunidade, onde a menor influencia das principais cidades permite a estes núcleos asumir unha maior centralizade e protagonismo, como en ámbitos litorais, onde a densidade de poboación deu lugar a complexos continuos urbanos (subsistemas urbanos policéntricos). Trátanse de centros que experimentaron un crecemento demográfico relativo notable, que os diferencia claramente da tónica de declive poboacional que marca a maior parte do territorio galego desde as décadas centrais do século XX.



Neste documento denomínanse estas vilas e cidades "Sistema urbano intermedio". Xunto coas principais vilas e pequenas cidades integradas nas Rexións e Áreas urbanas constitúen o segundo chanzo na xerarquía do sistema urbano, tras as sete cidades principais, de grande importancia para as estratexias de integración e fortalecemento do modelo territorial, facendo posible que todo o territorio participe nas iniciativas de desenvolvemento. Son ámbitos clave para o equilibrio territorial, a cohesión social, e posibilitar un aproveitamento integral das oportunidades de actividade de todo o territorio. Neste sentido poden e deben realizar funcións decisivas na organización do territorio de Galicia:

- *Son determinantes para dinamizar os procesos de desenvolvemento e asegurar a **dispoñibilidade de servizos urbanos de certo nivel nas zonas máis débiles do territorio de Galicia**. Estas cabeceiras constitúen referencias territoriais imprescindibles para previr o despoboamento e a agudización dos desequilibrios territoriais en amplas zonas do interior. A especialización produtiva que singulariza moitos destes centros é un dos aspectos clave para a fortaleza económica da Comunidade.*
- *Polo seu tamaño, a súa distribución territorial, e en moitos casos polas súas dinámicas económicas, proporcionan unha **oferta urbana variada de núcleos dotados dunha forte identidade,** cuxo fortalecemento permite evitar moitos dos riscos asociados a unha excesiva concentración da poboación nun número reducido de grandes centros, cos custos funcionais, ambientais, sociais e económicos que se derivan das situacións de conxestión.*
- *Proporcionan un referente territorial ao redor do cal organizar crecementos residenciais e de espazos de actividade, **reducindo os riscos de proliferación da urbanización difusa,** de aparición de crecementos desestruturados e de falta de áreas de centralidade.*
- *Noutros casos trátase de ámbitos importantes para **consolidar as estratexias de articulación territorial entre as principais Áreas urbanas de Galicia.***

- *Nalgúns casos, pola súa posición dentro de Rexións urbanas consolidadas,* ***ofertan funcións especializadas e complementarias*** *para o conxunto do espazo no que se integran.*
- *Densifican as mallas urbanas das Rexións urbanas da Coruña-Ferrol e Vigo-Pontevedra*

A maiores e mais especificamente determina para as súas cabeceiras

2.7.2. Estratexias para o fortalecemento do Sistema urbano intermedio

Para que o Sistema urbano intermedio poida desenvolver adecuadamente estas funcións no Modelo territorial de Galicia é imprescindible aumentar o seu rango urbano, de forma que se incremente a calidade e variedade dos seus servizos e o atractivo destas poboacións como espazos de residencia e actividade. Para iso, neste documento expóñense catro estratexias fundamentais:

- ***Impulso de iniciativas de cooperación entre concellos,*** *para que a suma de diferentes municipios moi interrelacionados permita aumentar o seu rango urbano e abordar proxectos e solucións que non son posibles desde a óptica local de cada un deles por separado. A estratexia básica pasa por articular os ámbitos de integración entre os diferentes municipios e serrar elementos que faciliten a unificación dos mercados laborais e das áreas de prestación de servizos. Unha iniciativa deste tipo xurdida en 2008, que cómpre apoiar, difundir e fomentar como exemplo que hai que seguir, é a Agrupación voluntaria de municipios de Galicia Central, composta por Lalín, Melide, O Carballiño e Monforte de Lemos, cunha clara vocación estratéxica. Ten como finalidade mobilizar a intelixencia colectiva destes territorios a través da participación dos diferentes actores territoriais, públicos, asociativos e privados, na definición de obxectivos, estratexias e prioridades de intervención, coa vista posta na valorización dos recursos territoriais, tanto mediante o desenvolvemento de sistemas produtivos locais como na creación de produtos turísticos integrados e tamén no campo da sostibilidade ambiental.*
- ***Fortalecemento da base produtiva,*** *que constitúe a referencia fundamental para soster calquera outra iniciativa de mellora urbana e da calidade de vida dos cidadáns. É moi importante apoiar iniciativas que favorezan a implantación de actividade económica e o aumento do nivel formativo e a capacidade de innovación, especialmente en relación coas actividades máis importantes para o desenvolvemento local. Unha maior dimensión e complexidade da base produtiva é, ademais, un factor decisivo para a aparición de infraestruturas, servizos e dinámicas urbanas que son determinantes para fortalecer o rango das cidades e ampliar a calidade e diversidade da oferta urbana.*
- ***Aumento do atractivo urbano.*** *Este é outro dos aspectos relevantes para fortalecer o Sistema urbano intermedio de Galicia. A mellora da imaxe das vilas e a súa contorna, o aumento na calidade e variedade das posibilidades educativas, comerciais, de lecer, etc., son fundamentais para incrementar o atractivo e as oportunidades destes centros urbanos. Espazos singulares que aparecen na maior parte desas vilas pequenas e medias, como centros históricos, portos, áreas industriais ou espazos ferroviarios, etc., proporcionan con frecuencia oportunidades singulares para acometer proxectos de renovación que poden constituír importantes experiencias de dinamización urbana. A consecución de Áreas de rehabilitación integral para estes núcleos tórnase como unha boa estratexia para levar a cabo procesos de recuperación das funcións produtivas, residencias, sociais e estéticas de moitos dos seus sectores interiores que viviron intensos procesos de abandono e deterioración social, económica e ambiental.*
- ***Articulación da malla viaria mediante a consolidación e mellora dos eixos de acceso ao territorio,*** *para configurar vías máis atractivas, con posibilidades de permeabilidade transversal e sobre os que se desenvolvan programas de recuperación paisaxística recualificando uns espazos clave para a estruturación do territorio e a calidade de vida dos seus habitantes, así como desenvolvendo proxectos de mellora e sostibilidade da mobilidade e da cohesión.*

En concreto, para Carballo as DOT determinan:

2.7.3 Referencias Territoriais para a Articulación do Sistema Urbano Intermedio

(...)B. Carballo e a costa de Bergantiños

Esta área, que agrupa unha poboación próxima aos 70.000 habitantes, está experimentado un continuado proceso de crecemento.

A intensidade dos intercambios entre A Coruña e Carballo converte este en centro receptor dos desenvolvementos vinculados ao crecemento da Rexión urbana Ártabra. A autoestrada A Coruña-Carballo, a autovía Carballo-Berdoias e o atractivo da franxa costeira configúranse como os principais eixos de expansión de dinámicas supramunicipais de grande importancia nun dos ámbitos que experimentou un gran dinamismo nos últimos anos. O novo porto exterior da Coruña reforzará a vinculación deste espazo aos procesos de desenvolvemento de actividades produtivas ao redor da Rexión urbana Ártabra. Tamén este espazo conta cun elevado potencial de desenvolvemento endóxeno, o que reforza o potencial económico deste conxunto espacial.

As actuacións territoriais e sectoriais dispoñen dunha interesante oportunidade para o desenvolvemento dos espazos residenciais e de acollida de actividades produtivas no núcleo de Carballo e nos parques empresariais que se están a crear entre a autoestrada e a estrada nacional dos concellos de Laracha, Carballo e Coristanco. Considérase que este proceso de novos asentamentos debe darse tamén ao redor dos núcleos tradicionais xa consolidados de Paiosaco, A Laracha, Carballo e San Roque, situados ao longo da estrada AC-552, con dimensións proporcionais ao tamaño de cada núcleo e tipoloxías acordes coas características destes.

*Nesta estratexia é fundamental d**otar de elementos de centralidade a Carballo** que compensen a proximidade á Rexión urbana. Así as actuacións sectoriais **priorizarán este núcleo na dotación de equipamentos públicos.** Igualmente favoreceranse as actividades comerciais e terciarias.*

Estas dotacións terciarias deben permitir a Carballo articular os desenvolvementos turísticos e de primeira e segunda residencia no litoral da costa de Bergantiños. No ámbito máis occidental Laxe ten entidade para atraer desenvolvementos turísticos e de segunda residencia, consolidando o porto como zona de identidade principal e centro de servizos. No resto do territorio o obxectivo será evitar crecementos dispersos admitíndose tan só os pequenos desenvolvementos acordes co carácter dos núcleos tradicionais e favorecéndose aqueles sinalados como Núcleos de identidade do litoral nestas Directrices e no Plan de ordenación do litoral."

O PXOM recolle as determinacións das DOT do seguinte xeito:

A. En canto ás estratexias de renovación urbana e articulación territorial, o PXOM e coherente coas DOT, tal como se amosa a continuación:

Efectivamente, tal como se describe nos Obxectivos do Plan, o papel do concello de Carballo na comarca do Bergantiños é clave para o desenvolvemento da zona, sendo o centro receptor das dotacións a escala comarcal necesarias. O PXOM formula no seu modelo territorial o establecemento de novos servizos para a poboación que axuden a consolidar a súa identidade e especialización produtiva, evitando a dispersión e a urbanización difusa, ofertando a súa vez funcións especializadas e complementarias para ao conxunto da comarca, priorizando a colmatación do solo urbano existente.

Todo iso acompáñase dunha correcta planificación en relación aos usos residenciais e produtivos así como do seu sistema viario de comunicacións, empregando a autovía e a variante como o gran eixo de conexión da comarca e redeseñando o viario estrutúrante interior da Vila de Carballo pata rematar e conectar tramas.

O PXOM artella o litoral, protexendo o denominado litoral verde conservando o seu patrimonio cultural, natural e a súa biodiversidade, así como recualificar as zonas con impactos negativos. O PXOM vincula as areas do litoral verde cos espazos rurais próximos, mellorando a oferta turística no seu grao adecuado, evitando procesos de deterioro e sobreexplotación.

Así, o PXOM adopta un modelo territorial coherente e conforme con estas Directrices de Ordenación do Territorio, pois efectivamente propón a estruturación e consolidación da tipoloxía de asentamento existente, partindo do aproveitamento dos recursos naturais xa dispoñibles e do valor paisaxístico.

O modelo proposto reformula a tipoloxía de asentamento existente, reconducindo mais que modificando, as inercias existentes. O Plan recoñece tres grandes áreas de asentamento diferenciadas:

- A vila de Carballo como motor e centro neuralxico do termo municipal e do concello
- A segunda, recolle o Carballo Rural vinculado a explotación do medio físico nas terras altas e noval do Río Anllóns: o Sector primario, onde as instalacións agro gandeiras teñen importancia primordial na economía municipal, na paisaxe e no desenvolvemento económico do concello.
- A terceira, o Carballo vencellado a paisaxe de Costa, a súa relación co medio produtivo e co litoral cun sistema de núcleos rurais de identidade do litoral, (Castrillón, o Igresario, Razo da Costa, Rebordelos, Leira...), cuxa localización estratéxica no borde costeiro, lles confire unha singularidade que os fan merecedores dun tratamento específico. O PXOM deberá fortalecer a súa identidade, recuperando e valorando os elementos urbanos e patrimoniais que os singularizan, acollendo novas iniciativas empresariais, artísticas, culturais e turísticas, facendo fincapé nas operacións de renovación dos espazos xa construídos, reutilizando os mesmos e incorporando novos usos como alternativa aos existentes.

B. En canto aos espazos de interese ambiental:

Dentro das áreas estratéxicas de interese das DOT encóntrase a ZEC e ZEPA Costa da Morte e ZEC Rio Anllóns. O PXOM establecerá as correspondentes protección establecendo medidas que contribúan a garantir o mantemento dun estado de conservación favorable dos hábitats e os ecosistemas así coma promover a protección e valoración doutros espazos de alto valor natural.

O Plan tamén coa súa clasificación facilitará a conectividade ecolóxica facilitando corredores ecolóxicos entre as distintas áreas protexidas evitando barreiras e deseñando unha rede de elementos de interese paisaxístico e ambiental.



Tal como indican as DOT, o outro punto de partida e o aproveitamento dos recursos naturais xa dispoñibles do valor paisaxístico así coma outros espazos de interese ambiental, que contribúen decisivamente á calidade e ao atractivo da oferta urbana, protéxense dende o plan.

A resposta do PXOM e recoller a ordenación de todas as áreas paisaxísticas existentes no concello e a interrelación visual co medio edificado, axudando a definir a forma definitiva dos asentamentos e os usos, e incluíndo no sistema xeral de espazos libres zonas de alto valor paisaxístico e medioambiental.

Na vertebración territorial a nivel de comunicación viaria e paisaxística, realizase o proxecto de espazos verdes a escala territorial que vertebran o territorio por medio de conexións peonís e áreas de lecer vinculadas aos marxes dos ríos que pasan pola vila de Carballo, especialmente do río Anllóns, onde o espazo natural e o patrimonio natural configuran a imaxe do Carballo do futuro. Se limita a presión indiscriminada sobre estes espazos e se reconducen para o gozo da poboación, asegurando a súa protección e o seu funcionamento como elementos estratéxicos da oferta territorial.

C. En canto as iniciativas que as DOT propoñen para este tipo de espazos e no modelo de ordenación territorial, o PXOM propón unhas actuacións concretas coherentes no seu conxunto coas directrices:

- **Identificación das zonas con fraxilidade paisaxística** para dotalas de protección e controlar os usos edificatorios nas mesmas:

  Os núcleos próximos á ZEC Costa da Morte, Arnados e Pedra do Sal

  Os núcleos de interese do litoral

- **Creación dun sistema xeral de roteiros verdes e espazos libres** á marxe dos ríos principais do Concello, n avila de Carballo en o núcleo de Arnados. Este sistema xeral de espazos verdes e roteiros formúlanse dentro do PXOM como una estrutura de elementos lineais de gran potencial; polas zonas orixe/destino que interconectan, pola calidade dos espazos transitorios que definen, así como polas propias características intrínsecas que dispoñen. Para elo é necesario manter o equilibrio entre o acondicionamento dos mesmos e a potenciación dun sistema ambiental con importante valor patrimonial, e paisaxístico. O PXOM establece así unhas áreas de lecer vencelladas aos leitos fluviais e aos espazos naturais que forman parte do sistema xeral de espazos libres do PXOM
- **Vertebración do sistema viario territorial:** Por medio de novos viarios, proxectados para a desconxestión da vila de Carballo e para a creación e consolidación da trama urbana iniciada nos anteriores planeamentos.
- **Ordenación da edificación existente e o desenvolvemento proposto**: Unha vez analizado o asentamento poboacional existente no concello e a capacidade de acollida para o uso residencial, o PXOM formula a creación dun sistema territorial de núcleos e a colmatación da Vila de Carballo coma centro neuralxico comarcal e capital da comarca. Coa correspondente creación dos espazos necesarios para a cohesión social, en puntos estratéxicos dentro da trama urbana recollendo e incorporando lugares ou edificacións con memoria histórica que contribúan a fortalecer as dinámicas económicas e socias do concello.

- **A especialización socioeconómica:** Tratase de potenciar o sector terciario, regular o uso industrial existente, desenvolver as actividades turísticas, deportivas e de ocio relacionadas co medio e especializar o solo rústico. Cabe recordar que Carballo é un concello con alto grao de produtividade rústica, tanto agraria coma gandeira.

D. En canto ao sistema cultural: Cabe destacar que o PXOM recolle e protexe os camiños históricos, así como todos os bens culturais de natureza etnográfica , arqueolóxica ou arquitectónica existentes no termo municipal. O Plan reforzará a súa protección e valoración así como a dos outros bens integrantes do catálogo de protección.

Segundo o artigo 2.2.3 das DOT, o planeamento urbanístico das Vilas Cabeceira deberá potenciar dinámicas urbanas proporcionando unha estrutura urbana sólida e prever unha reserva de solo adecuada para atender a demanda de servizos, actividades produtivas e equipamentos de carácter supramunicipal. Así mesmo estas vilas estarán conectadas co sistema de cidades mediante vías de ata capacidade, como e o caso da autovía de Carballo.

Por todo isto queda exposto que o modelo territorial e a ordenación detallada contida no presente PXOM, é coherente e conforme coas determinacións das DOT.

2.3.2. PLAN DE ORDENACIÓN DO LITORAL

O día 10 de febreiro de 2011, o Consello da Xunta aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral (POL), que se publican no DOGA nº37 de 23/02/2011. O POL constitúe un instrumento que ordena a costa de forma integral. Entre as principais consideracións destaca a delimitación dunha serie de corredores ecolóxicos ao longo dos principais canles da zona, e unha normativa de usos a aplicar dentro do seu ámbito. O presente documento incorpora tódalas consideracións que establece este Plan de Ordenación, e especialmente delimita os ámbitos de recualificación que o mesmo estipula dentro do termo municipal: Arnados (Razo) e Pedra do Sal.

2.3.3. L.A.T. 220 KV MESON DO VENTO - VIMIANZO(AD 06/04/01), PARQUE EMPRESARIAL DE CARBALLO (AD 08/02/07), PARQUE ARQUEOLOXICO DO MEGALITISMO NA COSTA DA MORTE (AD 29/09/11), E PARQUE EOLICO PEDRARRUBIA (AD 13/10/11).

O presente documento de Plan Xeral de Ordenación Municipal de Carballo, recolle axeitadamente o contido destas figuras de ordenación e plans sectoriais, mediante a adecuada clasificación do solo dos seus ámbitos de acordo co as súas determinacións, e a inclusión na normativa dos elementos necesarios para posibilitar o seu desenvolvemento.

2.4. MARCO LEGAL

O Marco Legal do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Carballo está constituído fundamentalmente polas seguintes normas, (sen prexuízo de que poidan ser de aplicación outras normas que non figuren expresamente no listado):

Lexislación autonómica:

- Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, e as súas posteriores modificacións.
- Lei 10/1995, de 23 de novembro, de Ordenación do Territorio de Galicia.
- Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenrolo e aplicación da Lei do Solo de Galicia.
- Lei 6/2007, de 11 de maio, de Medidas Urxentes en materia de Ordenación do Territorio e do Litoral de Galicia.
- Decreto 29/2010, de 4 de marzo de 2010, por el que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.

Lexislación estatal:

- Real Decreto Lexislativo 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo.
- R.D. 2159/1978, de 23 de xuño por el que se establece o Regulamento de Planeamento Urbanístico.
- R.D. 3288/1978, de 25 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de Xestión Urbanística para o desenrolo e aplicación da Lei sobre o réxime de solo e ordenación urbana.
- R.D. Lexislativo 1/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei del Catastro Inmobiliario.

Lexislación sectorial autonómica:

- Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia.
- Decreto 308/2003, de 26 de xuño, relación de Estradas de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de Protección Ambiental da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Lei 8/2002, de 18 de decembro de Protección do Ambiente Atmosférico de Galicia.
- Decreto 442/1990, de 13 de setembro, de Avaliación de Impacto Ambiental para Galicia.
- Lei 9/2001, de 21 de agosto, de Conservación da Natureza.
- Decreto 124/2005, de 6 de maio, polo que se regula a figura de Espazo Natural de Interese Local e figura de espazo privado de Interese Natural.
- Lei 8/1995, de 30 de outubro de Patrimonio Cultural de Galicia.
- Decreto 199/1997, de 10 de xullo que regula a Actividade Arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Lei 8/1997, de 20 de agosto, de Accesibilidade e Supresión de Barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, que aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de Accesibilidade e Supresión de Barreiras.
- Decreto 151/2014, de 20 de novembro, de sanidade mortuoria de Galicia
- Lei 10/2008, de 3 de novembro, de residuos de Galicia.
- Decreto 275/2001, de 4 de outubro de Condicións Técnicas específicas de deseño e mantenemento as que se deberán someter as instalacións
- Orde 1 de agosto de 2003 de Explotación Agropecuaria familiar e tradicional para os efectos no indicado na Lei 9/2002.
- Decreto 133/2008, de 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.
- Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais en Galicia.
- Decreto 105/2006, do 22 de xuño, polo que se regulan as medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural e á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais.
- Orden 18 de abril do 2007, pola que se zonifica o territorio con base no risco espacial de incendio forestal
- Lei 9/2010, do 4 de novembro de augas de Galicia
- Lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.
- Decreto 127/2008, do 5 de xuño, polo que se desenvolve o réxime xurídico dos humedais protexidos e se crea o inventario de humidais de Galicia.

Lexislación sectorial estatal:

- R.D. Lexislativo 1/2001, de 20 de xullo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Augas.
- R.D. 606/2003 de 23 de maio (modificación do RD 849/1986, de 11 de abril, Regulamento do dominio público hidráulico, que desenrola Títulos preliminar, I, IV, V, VI e VIII da Lei 29/1985 de augas).
- R.D. 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición.
- Lei 39/2003, de 17 de novembro, do sector ferroviario.
- Real Decreto 2387/2004, de 30 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do Sector Ferroviario.
- Orden FOM/2230/2005, de 6 de xullo, polo que se reduce a línea límite de edificación nos tramos das liñas da rede ferroviaria de interese xeral que discorren por zonas urbanas.
- Lei 34/2007, de 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera.
- Lei 32/2003, de 3 de novembro, Xeral de Telecomunicacións.
- R.D. 1066/2001, de 28 de setembro, que aproba o Regulamento que establece condicións de protección do dominio público Radioeléctrico, restriccións ás emisións radioeléctricas e medidas de protección sanitaria fronte as emisións radioeléctricas.
- R.D. 1955/2000, de 1 de decembro para regular as actividades de Transporte, Distribución, Comercialización, Subministro e Procedementos de Autorización de instalacións de enerxía eléctrica.
- R.D. 3275/1982, de 12 de novembro, que aproba o Regulamento sobre Condicións Técnicas e Garantías de Seguridade en centrais eléctricas e centros de transformación.
- R.D. 223/2008, de 15 de febreiro polo que se aproba o Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias ITC-LAT 01 a 09.
- Lei 43/2003, de 21 de novembro, de Montes.
- Lei 25/1988, de 29 de xullo de Estradas.
- R.D. 1812/1994 que aproba o Regulamento Xeral de Estradas.
- R.D. 1131/1988 que aproba o Regulamento para execución do R.D. Lexislativo 1302/1986, de 22 de xuño de avaliación de impacto ambiental.
- Decreto 22/1974, de Regulamento de Policía Sanitaria Mortuoria.
- R.D. 2816/1982, de 27 de outubro, que aproba o Regulamento Xeral de Policía de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas.
- Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación de determinados planes e programas no medio ambiente.
- Lei 48/1960, de 21 de xullo sobre Navegación Aérea, modificada pola Lei 55/1999, sobre medidas Fiscais, Administrativas e de Orden Social, de 29 de decembro.
- Lei 21/2003, de 7 de xullo, de Seguridade Aérea.
- Artigo 166 da Lei 13/1996, de 30 de decembro, de Medidas Fiscais, Administrativas e de Orden Social.
- Decreto 584/1972, de 24 de febreiro, de Servidumes Aeronáuticas, modificado polo Decreto 2490/1974, de 9 de agosto e polo Real Decreto 1541/2003, de 5 de decembro.
- R.D. 2591/1998, de 4 de decembro, de Ordenación dos Aeroportos de Interese Xeral e a súa zona de servizo.
- R.D. 374/1996, de 23 de febreiro, polo que se modifican as servidumes aeronáuticas do Aeroporto de A Coruña.
- Orden do Ministerio de Fomento de 31 de xullo de 2001, polo que é aprobado o Plan Director do Aeroporto de A Coruña.
- Lei 42/2007 do 13 de novembro, do patrimonio natural e biodiversidade.

- Lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.
- R.D. 1890/2008, de 14 de novembro, pola que se aproba o Regulamento de eficiencia enerxética en instalacións de alumeado público.
- R.D. 556/2011, de 20 de abril, paro o desenvolvemento do inventario Español do Patrimonio Natural e a Biodiversidade..
- R.D. 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se establecen as medidas para a protección de avifauna contra a colisión en liñas eléctricas de alta tensión.
- R.D. 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a lei 32/2003 do 17 de novembro do ruído.

2.5. SITUACIÓN URBANÍSTICA DOS CONCELLOS LIMÍTROFES

O municipio de Carballo, con 187 km², é un dos municipios de maior tamaño da provincia da Coruña, ademais de ser un dos máis poboados. Limita cos seguintes municipios: ó Oeste co municipio de Coristanco, Malpica e Ponteceso, ó Sur co municipio de Tordoia, ó Leste co municipio de Cerceda e Laracha, ao Norte non limita con ningún municipio, sendo o seu límite o Océano Atlántico.

A situación urbanística dos territorios limítrofes é a seguinte:

O municipio de Malpica de Bergantiños, cunha superficie de 61,4 km², posúe Normas Subsidiarias Municipais de Planeamento, con aprobación definitiva de data 23 de febreiro de 1995, modificadas a través de 3 modificacións puntuais, da "Zona da Atalaia", con aprobación definitiva de 17 de xaneiro de 2003, a modificación puntual para Centro de Saúde de data 23 de febreiro de 2005 e finalmente a modificación puntual sobre as condicións xerais para o establecemento de tanatorio e servizos funerarios de 15 de febreiro de 2007. Tamén se realizaron no municipio varios estudos de detalle.

O municipio de Ponteceso, cunha superficie de 91,9 km², posúe un Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado definitivamente o 26 de agosto de 2002. Como planeamento de desenvolvemento conta co:

- Plan Parcial do Parque Empresarial, aprobado definitivamente o 26 de setembro de 1994.
- P.S. SRAU-3, aprobado definitivamente o 24 de novembro de 2008.
- PE de Reforma Interior 12.1, aprobado definitivamente o 10 de abril de 2007.
- PE de Reforma Interior 11.1, aprobado definitivamente o 7 de maio de 2007.

O municipio de Coristanco, cunha superficie de 141,1 km², posúe un Plan Xeral de Ordenación Municipal, a súa aprobación definitiva e do 12 de maio do ano 2000, sufrindo unha modificación puntual con aprobación definitiva de 16 de xaneiro de 2003 e outra modificación puntual número 2 aprobada definitivamente o 26 de marzo de 2010. Conta con P.S. do Solo Urbanizable non delimitado APU-R7, aprobado definitivamente o 25 de abril de 2006. Actualmente está revisando o seu planeamento xeral, cuio PXOM conta cunha aprobación inicial do ano 2012.

O municipio de Tordoia, cunha superficie de 124,5 km², posúe DSU (Delimitación do Solo Urbano), aprobado definitivamente o 25 de outubro de 1977. Na actualidade está en proceso de redacción do PXOM, con aprobación inicial de 16 de xuño de 2006.

O municipio de Cerceda, cunha superficie de 111,3 km², posúe Normas Subsidiarias Municipais de planeamento, aprobadas definitivamente o 26 de xuño de 1996. Ademais dispón de 6 modificacións puntuais das Normas Subsidiarias como aliñación estrada LC-402 NA SILVA, aprobada definitivamente o 28 de xullo de 1998, a M.P. NSMP. da Construción de ramal ferroviario a instancia de Unión Fenosa, aprobada definitivamente o 29 de decembro de 1999, a M.P. das NSMP de corrección de erros na situación do centro de saúde, aprobada definitivamente o 19 de febreiro de 2001, a M.P. NSMP de reaxuste de aliñacións no núcleo da silva de 30 de xullo de 2001, a M.P. NSMP para creación de solo urbanizable non delimitado de 28 de abril de 2005 e a M.P. NSMP para a ampliación do polígono industrial de Acevedo aprobadas o 15 de xuño de 2006. M.P do 13 de Xullo do 2009 e M.P. do 26 de outubro do 2010.

O Planeamento de desenvolvemento co que conta é:

- O Plan Sectorial en el Lugar de Areosa, aprobado definitivamente o 12 de xullo de 2005.
- O Plan Parcial do Castelo, aprobado definitivamente o 23 de xullo de 1981.

- O Plan Parcial SAU-1 CERCEDA, ACEVEDO, aprobado definitivamente o 23 de xullo de 1981.
- M.P. PP SAUI-1 ACEVEDO-CERCEDA, aprobado definitivamente o 18 de setembro de 2003.
- Estudo de Detalle co Ámbito da UE-3, aprobado definitivamente o 12 de xuño de 1996.
- Estudo de Detalle para a ordenación de volumes edificables na Avda. De Galicia, esquina rúa Arrieros, aprobado definitivamente o 29 de novembro de 2007.

O municipio de Laracha cunha superficie de 125,8 km², posúe un Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado definitivamente o 30 de xuño de 2003. Conta cunha Modificación Puntual M.P. PXOM NUM. 1, aprobada definitivamente o 27 de xuño de 2007. M.P nº 2 do 26 de outubro do 2010 e M.P plano NR. P24 segundo sentencia firma do 28 de setembro do 2011. Como planeamento de desenvolvemento:

- O Plan Parcial SAU-Z12 LENDO, texto refundido aprobado definitivamente o 16 de novembro de 2006.
- O Plan Parcial de Ordenación "Cancelo do Medio", aprobado definitivamente o 5 de novembro de 2004.
- O Estudo de Detalle Tramo da UA en UA-3, aprobado definitivamente o 29 de novembro de 2000.
- PP. AR-S3 Buenos Aires, aprobado definitivamente o 25 de xaneiro de 2006.
- PP. AR-S7 Miñoteira Este, aprobado definitivamente o 7 de xullo de 2006.
- E.D. no ámbito da AR-C1, Campo da Insua, aprobado definitivamente o 7 de xullo de 2006.
- E.D. Ámbito dotacional remitido a ordenación especial OE-L2 A Laracha, aprobado definitivamente o 30 de xullo de 2008.
- E.D. Aliñacións en tres parcelas en S.U.S do 24 de novembro do 2010.
- EN. PP Buenos Aires do 26 de Xaneiro do 2012.

2.6. TRAMITACIÓN DO PLAN XERAL: PROCEDEMENTO DE APROBACIÓN

2.6.1. ANTECEDENTES DE TRAMITACIÓN DA PROPOSTA DE PXOM CONTIDA NESTE DOCUMENTO

1. O Concello convoca a concurso os traballos de Consultoría e asistencia para a "Redacción da Revisión Técnica do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) do termo municipal de Carballo". Con data de 7 de xullo de 2005 a Xunta de Goberno Local do Concello de Carballo resolve adxudicar o contrato á empresa FERNÁNDEZ CARBALLADA Y ASOCIADOS, S.L., rubricando o mesmo a estes efectos o día 27 de xullo de 2005.
2. En xaneiro de 2006 o Equipo Redactor entrega ó Concello o "Documento de Información Urbanística e Diagnóstico", que serve de orientación para a futura redacción, posteriormente, en setembro de 2006, entrégase o mesmo documento cunhas pequenas alteracións.
3. Paralelamente ós traballos de redacción do PXOM, comeza a "Redacción dos traballos de Evaluación Ambiental da Revisión Técnica", consonte as disposicións da Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación de determinados plans e programas no medio ambiente.
4. Así, con data de xullo de 2007, é remitida a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (actual Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas) a comunicación de inicio de procedemento de elaboración do PXOM, xunto cun documento inicial no que se recollen de xeito resumido os principais obxectivos e características do Concello e do futuro PXOM.
5. O 30 de novembro de 2007, foi finalmente elaborado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas o Documento de Referencia para a Avaliación Ambiental Estratéxica do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Carballo. A raíz do mesmo, procedeuse á redacción do Informe de Sustentabilidade Ambiental (ISA) onde se estuda con detalle, tanto o medio natural, como as accións e os impactos que sobre o mesmo poidan deducirse das propostas do PXOM, así como a súa incidencia sobre os recursos naturais e as infraestruturas existentes, que se incorpora ao documento do PXOM.
6. Pola súa parte Augas de Galicia, o 3 de setembro de 2007, emite informe coas Observacións para a elaboración do documento de referencia solicitadas pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible.

7. Finalizados os traballos de redacción da revisión técnica do Plan Xeral e mailo correspondente Informe de Sustentabilidade Ambiental, con fecha 02 de Xuño de 2009 o Concello remite o documento á Consellería competente en materia de urbanismo para que emita informe previo á aprobación inicial do documento.

8. Con fecha 21 de Decembro de 2009, a Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, emite informe previo á aprobación inicial do PXOM, acordo ao artigo 85.1. da LOUG.

9. Posteriormente, a entrada en vigor da Lei 2/2010 de 25 de Marzo de modificación da Lei 9/2002, obriga a reiniciar a tramitación do documento do PXOM e a adaptar ó seu contido as novas directrices de ordenación do solo.

10. Así, o concello remite anteproxecto de planeamento á Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental da Secretaria Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, cuxo período de consulta vai do 22 de Outubro de 2010 ao 21 de novembro de 2010.

11. Con fecha 7 de decembro de 2010 a Secretaría Xeral de Avaliación Ambiental emite Resolución pola que se aproba o Documento de Referencia para a Avaliación Ambiental Estratéxica do PXOM de Carballo. A raíz do mesmo, procedeuse á redacción do Informe de Sustentabilidade Ambiental (ISA), que se incorpora ao documento do PXOM.

12. Con data de presentación por Rexistro de 20 de maio de 2.011, o equipo redactor fai entrega da segunda proposta de Revisión do PXOM, xunto co Informe de Sostenibilidade Ambiental do mesmo-

13. Con data de 27 de outubro de 2.011, o documento e obxecto de informe polos servizos técnicos e xurídicos do Concello, e posteriormente, e remitido para informe previo da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio.

14. Con data de 2 de novembro de 2.011, dítase a sentencia do Tribunal Supremo desestimatoria do recurso de casación interposto po lo concello contra a Sentencia de Suspensión do Plan ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no ano 2.007, e en consecuencia anúlase definitivamente o Plan do 2.003, pasando o documento de revisión do Plan Xeral a constituír unha proposta de formulación do Plan Xeral de Ordenación Municipal.

15. Con data de 6 de febreiro de 2.012, e rexistro de entrada no concello de Carballo nº 1.429, e emitido o Informe Previo a Aprobación Inicial analizado anteriormente.

16. O equipo redactor formula a proposta do Plan Xeral de Ordenación Municipal para a súa Aprobación Inicial e presenta o documento en Agosto de 2012.

17. A comisión informativa de Urbanismo do Concello de Carballo do mes de setembro do 2012, en referencia ao documento para aprobación inicial do PXOM do Termo municipal, determinou a necesidade de analizar con anterioridade á aprobación do mesmo por parte dos membros do goberno e a oposición, o documento do PXOM entregado polo equipo redactor con data 16 de agosto do 2012 nas dependencias municipais.

18. Despois de analizar os informes técnicos e as propostas dos grupos, decidiuse introducir as modificacións no documento. Preséntase así un novo documento en parte modificado con data de 10 de decembro de 2012, no que se substitúen, no documento con data de Agosto do 2012, os tomos que sufriron modificacións.

19. Con data 8 de xaneiro de 2013 presentase unha emenda ao ditame da comisión informativa de urbanismo e medio rural celebrada o 3 de xaneiro de 2013, asinada polos grupos municipais do PP, Terra Galega e PSOE. Anteriormente o grupo Terra Galega presentou unha Moción na que se propoñen varias Emendas ao ditame de aprobación do PXOM.

20. Seguindo instrucións da Alcaldía,realízanse modificacións no documento que afectan a aspectos moi concretos do documento, o que se presenta por rexistro en data de 10 de xaneiro de 2013.

21. O Pleno municipal, en sesión extraordinaria que tivo lugar o 10 de xaneiro de 2013, adoptou o seguinte acordo: Primeiro. Aprobar inicialmente o Plan xeral de ordenación municipal (PXOM), redactado polo equipo redactor Fernández Carballada y Asociados, S.L.P., presentado con data do 16 de agosto de 2012, coa última redacción dada no documento presentado con data do 10 de decembro de 2012.

2.6.2. INFORMES RECIBIDOS AO DOCUMENTO PREVIO APROBACIÓN INICIAL

O presente documento de Redacción do PXOM do Concello de Carballo solicitou os informes vinculantes previos ao documento de aprobación inicial . Estes son os seguintes:

INFORMES SECTORIALES				
AMINISTRACIÓN	**ENTREGA SOLICITUD**	**FECHA INFORME**	**RECEPCIÓN DE INFORME**	**CARÁCTER DEL INFORME**
PREVIOS A APROBACIÓN INICIAL				
MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, MEDIO RURAL Y MARINO. Subdirección General de Dominio Público Marítimo-Terrestre		15-07-09	24-07-09	-
		22-11-11	28-11-11	-
MINISTERIO DE FOMENTO. Dirección General de Aviación Civil	14-07-08	17-02-09	23-02-09	-
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS. Organismo Autónomo de Augas de Galicia	28-10-11	30-11-11	05-12-11	Favorable
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS. Secretaria Xeral de Ordenación del Territorio e Urbanismo. En materia de Urbanismo		03-02-12	06-02-12	-
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS. Secretaria Xeral de Ordenación del Territorio e Urbanismo. En materia de Costas		03-02-12	06-02-12	-
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS. Axencia Galega de Infraestruturas		10-12-09	04-01-10	Desfavorable
		30-03-12	09-04-12	Desfavorable
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS. Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe	02-11-11	02-02-12	13-02-12	-
CONCELLO. Servicos técnicos y jurídicos municipales	--------	27-10-11	--------	-

* DR del 7-12-10 (recibido el 14-12-10): le acompañan informes de Aguas de Galicia (20/11/10), de DG del Patrimonio Cultural (19-11-10) y de la SubDG de Calidad Ambiental (residuos).

2.6.2.1. INFORMES DA CONSELLERIA COMPETENTE EN MATERIA DE URBANISMO E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

O reinicio da tramitación da revisión do PXOM, MATERIALIZASE NA PRIMERA PROPOSTA DE REVISION FORMULADA NO ANO 2.009, que é obxecto do informe previo emitido o 21 de decembro de 2009 pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

O informe foi analizado exhaustivamente, e atendendo as súas determinacións, as modificacións introducidas na LOUG po la lei 2/2.010, e a os criterios fixados pola Comisión de Urbanismo e Medio ambiente do concello de Carballo a o equipo redactor, e introducidas as melloras técnicas e documentais necesarias FORMULASE UNHA SEGUNDA PROPOSTA DE REVISION DO PXOM, que é presentada polo equipo redactor no rexistro de concello o 20 de maio de 2.011. Neste documento, en canto ás observacións derivadas do informe anterior sobre o modelo territorial, sinalar que se diminúen as reservas de solo de uso industrial, adáptanse as delimitacións dos núcleos rurais ao novo marco legal aplicando ademais criterios moi restritivos, con respecto ao documento informado previamente, e reordenase a zona litoral baixo as directrices do POL.

O informe previo a Aprobación Inicial deste documento, é formulado pola Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo con data de 6 de febreiro de 2.012, sendo este informe a base para a formulación da presente proposta de PXOM do Termo Municipal de Carballo, acatándose o mesmo para o deseño do modelo de ordenación territorial.

2.6.2.2. INFORMES DOS DISTINTOS DEPARTAMENTOS E ÓRGANOS COMPETENTES DA ADMINISTRACIÓN ESIXIDOS POLA LEXISLACIÓN REGULADORA

1. MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE Y MEDIO RURAL Y MARINO

Con data 6 de febreiro do 2012 a “Subdirección General de Dominio Público Marítimo-Terrestre” do “Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino” emite informe previsto nos artigos 112 a) e 117.1 da Lei 22/88 de Costas, ao documento de revisión técnica remitido polo Concello de Carballo.

Se analiza o informe e se corrixen os criterios regulamentarios nel referidos estimando que seguen en vigor para calquer modelo de planeamento, mentres se manteña o marco legal.

O informe recolle as seguintes modificacións:

- Reflíctese o DPMT e a liña de ribeira do mar cos novos planos recibidos polo organismo competente, modificándose os erros detectados.

- Modifícase a normativa incluíndo as determinacións o informe.
- Redelimitación dos Plans especiais na zona de costa eliminando o DPMT dos mesmos.
- En canto ás referencias á ubicación das redes de saneamento en Pedra do Sal e Razo, dicir que unicamente se plasman no documento por ser anteproxectos do organismo autónomo de Augas de Galicia, non sendo o documento do PXOM o que as cuestiona nin o que lles aporta o marco legal.
- Elimínanse os solos urbanizables na costa.

MINISTERIO DE FOMENTO. Dirección xeral de Aviación civil

Con data 23 de febreiro do 2012 recíbese o informe da dirección xeral de aviación civil, cunha serie de determinacións a cumprir que se incorporan no presente documento:

- Reflectir determinacións na normativa. Condicións de alturas nas edificacións permitidas.
- Incorporación de planos de afección.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS. Organismo Autónomo de Augas de Galicia

Con data 5 de novembro do 2011 recíbese o informe de Augas de Galicia, sendo este favorable cunha serie de determinacións a cumprir :

- Reflectir determinacións na normativa. Condicións dos usos e edificacións permitidas.
- Definir o criterio de clasificación do SREP de Augas e reflectir a liña de policía nos planos.

Elaborada la documentación necesaria, e adoptado o acordo de aprobación incial que subsanaba e incluída as determinacións postas de manifesto no informe previo, e remitido o documento para novo informe con data de 18/02/2013 (nº Rexistro de Saída 809), e reiterada a solicitude do informe con data de 13/11/2013 (Nº Rexistro de Saída 6118).

Con data de de 27 de Agosto de 2.014, recíbese no Concello de Carballo un “Informe do Servizo de Planificación e programación hidrolóxica relativo as zonas inundables delimitadas no concello de Carballo” de cara a súa inclusión ná elaboración do PXOM, incluíndose en dito informe os resultados preliminares da elaboración de mapas de perigrosidade e risco de inundación. Dito informe, non contesta as solicitudes formuladas con anterioridades po lo Concello.

En conversacións e reunións mantidas con responsables do departamento estando xa remitida a documentación necesaria para a obtención da memoria ambiental do PXOM en base a os informes recibidas hasta a data da sua solicitude, se reitera a urxencia do informe con fin de posibilitar a continuación da tramitación de planeamento. Con data de 3 de decembro do 2.014, e rexistro de entrada nº 2014015341, recíbese no Concello o informe emitido o PXOM pola Subdirección Xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico, cuya conclusión e a seguinte:

Conclusión

Vista a documentación aportada, este organismo de conca non pode informar o PXOM de Carballo ata que se recollan na documentación os mapas de riscos (achegados ao concello por este organismo de conca) nos que se delimitan o dominio público hidráulico, a zona de fluxo preferente e as láminas de inundación nas zonas de ARPSI existentes no concello de Carballo e xustificación do cumprimento do artigo 42 do PHGC nas zonas afectadas polas ARPSIs. Do mesmo xeito deberán cumprir as prescricións sinaladas no informe con respecto da normativa e solicitar ou presentar as autorizacións de vertido das depuradoras mencionadas no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción deste informe

Santiago de Compostela, 01 de decembro de 2014

O xefe da Área de Autorizacións e Concesións

Víctor Manuel Gómez Traba

O subdirector xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico

Roberto Arias Sánchez

O presente documento, inclúe os mapas de risco achegados no seu día ó Concello dentro dos planos de información, e ademais inclúese na normativa as precripcións contidas no informe emitido.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS. Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio. Informe en materia de Costas

Con data 3 de febreiro do 2012 recíbese o informe en materia de Costas da secretaria Xeral de Ordenación do Territorio. As determinacións a cumprir incorpóranse no presente documento:

- Correccións no DPMT e liña de Ribeira.
- Incorporar regulamento na materia, na normativa do PXOM en canto a protección do solo rústico coma regulación nos núcleos ou solo urbano.
- Modificacións de erros nos planos.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS Informe Axencia Galega de Infraestruturas

Con data 9 de abril do 2012 recíbese o informe da axencia galega de infraestruturas sendo este desfavorable. As determinacións a cumprir segundo o informe incorpóranse no presente documento:

- Modificación das afeccións en determinadas estradas.
- Incorporación do novo trazado da variante de Carballo.
- Modificación dos solos de núcleo rural sobre as estradas autonómicas e aliñacións.
- Eliminación de solos urbanizables que xeran conflitos de novos acesos á estrada.

Elaborado o documento previo a aprobación provisional y a proposta de memoria ambiental, foi remitido o documento con data de 12 de agosto de 2.014, e completado posterioremente con separatas referidas a temas concretos que daban resposta a dudas y consideracións dos técnicos de este departamento, e con data de 16 de setembro de 2014, emitese INFORME FAVORABLE.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS. Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe

Con data 13 de febreiro do 2012 recíbese o informe da dirección xeral de sostibilidade e paisaxe. As determinacións a cumprir incorpóranse no presente documento:

- Realización de estudos de paisaxe a nivel municipal, zona costeira e do núcleo urbano de Carballo.
- Incorporar no documento as DOT.
- Incorporar o POL e as súas determinacións no documento e na clasificación do solo do termo municipal, protección normativa modelo territorial baseado en criterios de perdurabilidade e sostibilidade.
- Regulación dos núcleos de entidade do litoral coma núcleos protexidos.
- Identificación das praias
- Áreas de recualificación: Obxectivos concretos que deban acadarse para a recualificación dos ámbitos.
- Xustificación dos novos desenvolvementos na costa. Incorporar o decálogo do POL.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACION E ORDENACION UNIVERSITARIA, Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

Aprobado inicialmente o Plan, con data de 13/03/2013 é remitida a documentación xunto a solicitude do informe a mesma. Con data de 28/04/2014 emítese informe desfavorable, co fin de que se incorporen as medidas protectoras e correctoras contidas no mesmo. O día 30/05/2014 foi recibida na Dirección Xeral a documentación remitida polo Concello na que se achegaba a documentación elaborada para dar cumprimento o informe anterior.

Con data de 16/06/2014, é emitido a documentación presentada un INFORME FAVORABLE CONDICIONADO a que se incorporen ao documento definitivo unha serie de aspectos.

O presente documento, incorpora os aspectos contidos no informe.

2.7. AS COMISIÓNS INFORMATIVAS DE URBANISMO DO CONCELLO DE CARBALLO

Dende o inicio dos traballos, no concello de Carballo vense celebrando COMISIÓNS INFORMATIVAS DE URBANISMO E MEDIO AMBIENTE (CIUMR), nas que se convocan a representantes de todos os grupos políticos da Corporación. O obxecto das mesmas é o debate e o consenso dos temas relacionados con PXOM, polo que todas as determinacións referentes ao modelo territorial proposto neste documento foron tratados nestas Comisións.

A comisión informativa de Urbanismo do Concello de Carballo do mes de setembro do 2012, en referencia ao documento para aprobación inicial do PXOM do Termo municipal, determinou a necesidade de analizar con anterioridade á aprobación do mesmo por parte dos membros do goberno e a oposición, o documento do PXOM entregado polo equipo redactor con data 16 de agosto do 2012 nas dependencias municipais.

En ditas reunións, recóllense as distintas propostas ao documento dos grupos políticos, así coma os informes técnicos correspondentes, sendo necesario unha análise dos mesmos por parte do equipo redactor para a súa posterior introdución no documento.

A proposta transmitida polo equipo redactor ao equipo de goberno, despois de analizar os informes técnicos e as propostas dos grupos, é introducir as modificacións no documento necesarias para en conseguir a seguridade xurídica do mesmo e a integridade documental, evitando erros que afecten aos dereitos dos propietarios e a clasificación do solo. Preséntase así un novo documento en parte modificado con data de decembro de 2012, no que se substitúen, no documento con data de Agosto do 2012, os tomos que sufriron modificacións.

Trala Aprobación inicial do PXOM e do período de exposición pública, unha vez recollidas todalas alegacións formalizáronse 29 reunións das comisións dende o mes de Xullo do 2013, rematando o 20 de Novembro co fin de analizar individualizadamente todalas alegacións facéndose de forma consensuada a proposta de resolución das mesmas.

Co contido das actas das comisións procedeuse a elaborar o documento de Aprobación Provisional coa Proposta de Memoria Ambiental para su remisión á CMATI.

2.8. CONTIDO DO DOCUMENTO

O presente documento redáctase ó amparo da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (LOUG) e das modificacións posteriores da mesma, especialmente as introducidas na lei 2/2.010

O art. 61 da LOUG detalla os documentos que debe conter un Plan Xeral de Ordenación Municipal, que a continuación se relacionan:

1. Memoria xustificativa dos fins e obxectivos, así como das determinacións do Plan Xeral
2. Estudo do Medio Rural e Análise do Modelo de asentamento de Poboacional.
3. Informe de sustentabilidade ambiental e memoria ambiental.
4. Planos de Información
5. Planos de Ordenación Urbanística do Territorio
6. Normas urbanísticas
7. Estratexia de actuación e Estudio Económico
8. Catálogo de elementos que se deben protexer ou recuperar.
9. Informe ou memoria de sustentabilidade económica.
10. Aqueles outros que se estimen necesarios para reflectir adecuadamente as súas determinacións.

O Plan Xeral de Ordenación Municipal de Carballo, seguindo as determinacións establecidas pola LOUG, estrutura o seu contido nos seguintes tomos:

- Tomo I: Memoria Xeral e anexos
- Tomo II: Estudo do Medio Rural
- Tomo III: Análise do Asentamento Poboacional
- Tomo IV: Informe de sustentabilidade ambiental (ISA)
- Tomo V: Planos de Información urbanística
- Tomo VI: Planos de Ordenación e Clasificación do territorio
- Tomo VII.a: Planos de Ordenación. Núcleos urbanos
- Tomo VII.b: Planos de Ordenación. Núcleos rurais
- Tomo VIII: Normativa. Fichas de desenvolvemento
- Tomo IX: Estratexia de Actuación e Estudio Económico
- Tomo X: Catálogo de Protección.
- Resume executivo.

3. SÍNTESE DA INFORMACIÓN DEMOGRÁFICA E CONCLUSIÓNS

3.1. EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN MUNICIPAL

3.1.1. ANÁLISE MUNICIPAL

Esta análise demográfica realizouse a partir dos datos do *Instituto Nacional de Estadística* (INE), así como do Instituto Galego de Estatística (IGE), dispoñibles ata o ano 2011, coa fin de empregar unha única fonte no estudo das variables demográficas e para poder dispoñer dun rango de anos maior que os obtidos do Padrón municipal. Ademais os datos de Padrón, os cales se facilitan ao INE para a confección do Nomenclátor, non teñen o carácter de fonte oficial por non ser aprobados nunha data concreta do ano.

A recente actualización do **Nomenclátor do 2013** publicado polo INE, reflicte que o concello de Carballo conta cunha poboación total de **31.366 habitantes**, dos cales 15.363 son homes e 16.003 son mulleres. Pasamos a continuación a analizar a evolución da poboación dende o ano 1910, así coma os incrementos anuais de poboación no período de estudo.

EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN DO CONCELLO DE CARBALLO (1900-2013)

1910	1930	1950	1970	1991	2011	2012	2013
13.513 hab	15.127 hab	20.965 hab	23.508 hab	26.033 hab	31.303 hab	31.358 hab	31.366 hab

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN DO CONCELLO DE CARBALLO (1991-2013)

1991	1996	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005
26.033 hab	27.287 hab	27.980 hab	28.271 hab	28.497 hab	28.527 hab	28.949 hab	29.521 hab	29.689 hab

2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	%variación 1991-2013
29.985 hab	30.091 hab	30.653 hab	30.990 hab	31.149 hab	31.303 hab	31.358 hab	31.366 hab	20,49%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do INE



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do INE

En función dos datos anteriormente reflectidos, dende o ano 1998, pódese dicir que existe un incremento medio anual de **257 hab/ano**.

A partir dos datos existentes e da súa representación gráfica podemos extraer as seguintes conclusións.

3.1.1.1. Conclusións

- Existe un aumento continuado da poboación do concello dende o ano 1991 ata o ano 2013.
- A variación da poboación entre os anos 1991 e 2013 é positiva, cun valor do 20,49%.
- Os incrementos interanuais oscilan entre os 572 habitantes (2003-2004) e os 8 habitantes (2012-2013), sendo estes incrementos positivos durante todo o período 1998-2013.
- Incremento medio anual é de 257 habitantes no período 1998-2013.

3.1.2. ANÁLISE COMARCAL E PROVINCIAL

Analizando os datos do Nomenclátor publicado polo INE para o ano 2007, extraemos que a poboación do Concello de Carballo representa o 43% da comarca de Bergantiños, o que da unha idea da importancia do concello na comarca, debido principalmente ao núcleo urbano de Carballo onde se atopa aproximadamente o 53% da poboación total do concello e á importancia deste concello como cabeceira de comarca. Realizando unha comparación provincial, Carballo representa un 2,66% e a comarca de Bergantiños un 6,17% do total da poboación provincial no ano 2007.

Feira Na Vila de Carballo

Por outra banda, se comparamos a evolución da poboación, durante o período 1991-2011, entre o concello de Carballo, a Comarca de Bergantiños e a provincia de A Coruña, podemos observar un incremento continuado de poboación no concello, mentres que a nivel comarcal e provincial a tendencia é á estabilidade ou incluso a unha lixeira diminución da poboación no caso da comarca de Bergantiños, tal e como se pode observar dos datos extraídos do INE.

EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN DA COMARCA DE BERGANTIÑOS (1991-2011)



	1991	1992	1993	1994	1995	1996	1997*	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011
Comarca	71.643	72.085	73.706	74.495	74.395	71.225	70.907	70.588	70.888	70.819	70.815	70.449	70.406	70.698	70.458	70.213	69.960	70.288	70.374	70.246	70.209
Comarca sen Carballo	45.610	45.667	45.989	45.994	45.712	43.938	43.515	43.091	42.908	42.548	42.318	41.922	41.457	41.177	40.769	40.228	39.869	39.635	39.384	39.097	38.906
Carballo	26.033	26.418	27.717	28.501	28.683	27.287	27.392	27.497	27.980	28.271	28.497	28.527	28.949	29.521	29.689	29.985	30.091	30.653	30.990	31.149	31.303

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do INE

EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN POR CONCELLOS NA COMARCA DE BERGANTIÑOS (1991-2011)

	1991	1995	1999	2003	2007	2011
COMARCA	**71.643 hab**	**74.395 hab**	**70.888 hab**	**70.406 hab**	**69.960 hab**	**70.209 hab**
Cabana de Bergantiños	6.291 hab	6.461 hab	5.785 hab	5.447 hab	5.091 hab	4.865 hab
Carballo	**26.033 hab**	**28.683 hab**	**27.980 hab**	**28.949 hab**	**30.091 hab**	**31.303 hab**
Coristanco	9.334 hab	9.110 hab	8.218 hab	7.860 hab	7.528 hab	7.102 hab
Laxe	3.479 hab	3.566 hab	3.541 hab	3.544 hab	3.453 hab	3.366 hab
Laracha (A)	10.521 hab	10.830 hab	10.669 hab	10.782 hab	10.871 hab	11.337 hab
Malpica de Bergantiños	7.950 hab	7.901 hab	7.325 hab	6.944 hab	6.432 hab	6.102 hab
Ponteceso	8.035 hab	7.844 hab	7.370 hab	6.880 hab	6.494 hab	6.134 hab
COMARCA sin Carballo	**45.610 hab**	**45.712 hab**	**42.908 hab**	**41.457 hab**	**39.869 hab**	**38.906 hab**

Comparando a evolución dos concellos que compoñen a comarca de Bergantiños, finalizamos concluíndo que Carballo é o concello que presenta unha evolución positiva máis importante durante o período de estudo. Tan só A Laracha presenta tamén unha evolución positiva, aínda que menor, mentres que os restantes concellos teñen unha tendencia a perder poboación.

Da análise da evolución da poboación da comarca de Bergantiños e da provincia de A Coruña durante o período de estudio, extraemos as seguintes conclusións:

3.1.2.1. Conclusións

- Concello de Carballo representa o 44,59% da poboación da comarca de Bergantiños e o 2,73% da poboación da provincia (1.147.124 hab. padrón 2011).
- Para o mesmo período de estudio (1991-2011), o concello de Carballo presenta un incremento de poboación moi importante, cun valor do 20,24%, mentres que o resto da comarca obtén un valor negativo do -20 ,00%.
- Concello de Carballo é, dentro da comarca de Bergantiños, xunto coa A Laracha, o concello que gaña poboación durante o período de estudo. Comparando a evolución da poboación, Carballo crece na mesma proporción que na que decrece en conxunto o resto da comarca, é dicir existe un trasbase de poboación con epicentro no Concello de Carballo.
- Crecemento demográfico do concello de Carballo (+9,85%) no período 2001-2011 é superior a toda a provincia (+3,53%) e os concellos da súa comarca (-0,86%).

3.2. DINÁMICA DEMOGRÁFICA

Neste apartado analizaremos os procesos que dalgunha maneira afectan á dinámica demográfica: natalidade, mortalidade, crecemento vexetativo, emigración, inmigración e saldo migratorio.

3.2.1. NATALIDADE E MORTALIDADE

A característica máis importante é que, de igual xeito ao que está a acontecer a nivel de Galicia e España, no concello de Carballo dáse un descenso brusco no número de nacementos. Se analizamos a evolución dos nacementos no concello mediante os datos do INE, podemos concluír que nas últimas décadas deuse un descenso no número de nacementos moi notable, fundamentalmente ata o ano 1990, producíndose a partir dese momento un pequeno repunte. A media nestes últimos anos está achegándose aos 300 nacementos por ano, mentres que no ano 1975 acadábanse os 450 nacementos.

No que respecta ao número de defuncións, este ten unha certa tendencia a aumentar ao igual que no resto de Galicia, aínda que con variacións entre anos. A media de defuncións por ano está en 210, dándose unha variación de 181 defuncións en 1975 a 272 no 2011.

Por outra banda, se comparamos o número de nacementos co de defuncións durante o período de estudo, podemos ver como se da un cambio moi claro na tendencia das curvas de natalidade e mortalidade. Pasouse de ter moitos máis nacementos que defuncións por ano na década dos 70, a darse a situación contraria na década dos 90, co cal o número de efectivos demográficos tende a compensarse. Sen embargo nos últimos 5 anos detectase un saldo vexetativo próximo o cero.

SALDO VEXETATIVO NO CONCELLO DE CARBALLO PARA O PERÍODO 1975-2011



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE

COMARCA DE BERGANTIÑOS, EXCEPTUANDO CARBALLO, NO PERÍODO 1975-2011



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE

SALDO VEXETATIVO NO PERÍODO 1975-2011

		1975	1976	1977	1978	1979	1980	1981
comunidade	Galicia							
	Nacementos	43.850	44.840	43.796	43.751	41.057	39.154	36.300
	Defuncións	25.834	26.015	26.134	25.769	25.564	24.681	25.398
	Saldo vexetativo	18.016	18.825	17.662	17.982	15.493	14.473	10.902
provincia	A Coruña							
	Nacementos	18.232	18.450	18.114	18.100	16.681	15.497	14.976
	Defuncións	9.513	9.486	9.707	9.473	9.407	9.017	9.402
	Saldo vexetativo	8.719	8.964	8.407	8.627	7.274	6.480	5.574
comarca	Bergantiños							
	Nacementos	1.233	1.278	1.180	1.246	1.154	1.101	1.053
	Defuncións	630	622	617	624	624	574	603
	Saldo vexetativo	603	656	563	622	530	527	450
014	Cabana de Bergantiños							
	Nacementos	134	116	95	106	110	110	100
	Defuncións	67	64	56	54	61	43	55
	Saldo vexetativo	67	52	39	52	49	67	45
019	Carballo							
	Nacementos	450	467	453	474	415	443	393
	Defuncións	181	179	175	180	177	173	219
	Saldo vexetativo	269	288	278	294	238	270	174
029	Coristanco							
	Nacementos	141	159	149	151	162	128	149
	Defuncións	74	85	86	82	87	86	80
	Saldo vexetativo	67	74	63	69	75	42	69
041	Laracha, A							
	Nacementos	182	191	166	196	164	141	180
	Defuncións	109	91	114	117	107	101	89
	Saldo vexetativo	73	100	52	79	57	40	91
040	Laxe							
	Nacementos	55	63	54	54	53	39	4
	Defuncións	22	30	31	38	32	22	6
	Saldo vexetativo	33	33	23	16	21	17	-2
043	Malpica							
	Nacementos	135	129	138	126	110	118	111
	Defuncións	79	90	73	72	79	81	79
	Saldo vexetativo	56	39	65	54	31	37	32
068	Ponteceso							
	Nacementos	136	153	125	139	140	122	116
	Defuncións	98	83	82	81	81	68	75
	Saldo vexetativo	38	70	43	58	59	54	41
Veciños	Comarca sen Carballo							
	Nacementos	783	811	727	772	739	658	660
	Defuncións	449	443	442	444	447	401	384
	Saldo vexetativo	334	368	285	328	292	257	276

		1982	1983	1984	1985	1986	1987	1988	1989	1990	1991
comunidade	Galicia										
	Nacementos	34.214	32.049	30.537	28.427	26.178	25.824	24.558	23.592	22.501	21.927
	Defuncións	25.036	25.686	25.233	26.295	26.877	25.480	26.381	26.828	27.979	27.696
	Saldo vexetativo	9.178	6.363	5.304	2.132	-699	344	-1.823	-3.236	-5.478	-5.769
provincia	A Coruña										
	Nacementos	14.157	13.104	12.439	11.377	10.331	10.469	9.854	9.309	9.006	8.654
	Defuncións	9.575	9.530	9.506	9.964	10.228	9.874	10.102	10.187	10.664	10.533
	Saldo vexetativo	4.582	3.574	2.933	1.413	103	595	-248	-878	-1.658	-1.879
comarca	Bergantiños										
	Nacementos	986	989	873	775	769	676	636	653	544	557
	Defuncións	546	642	620	631	670	637	641	693	744	716
	Saldo vexetativo	440	347	253	144	99	39	-5	-40	-200	-159
014	Cabana de Bergantiños										
	Nacementos	104	82	87	62	89	70	50	57	46	48
	Defuncións	63	73	58	51	54	60	58	66	70	64
	Saldo vexetativo	41	9	29	11	35	10	-8	-9	-24	-16
019	Carballo										
	Nacementos	372	339	310	282	265	258	248	253	201	219
	Defuncións	163	205	193	201	213	205	203	231	238	220
	Saldo vexetativo	209	134	117	81	52	53	45	22	-37	-1
029	Coristanco										
	Nacementos	132	127	116	107	95	82	78	70	71	66
	Defuncións	69	64	76	83	94	103	88	83	83	101
	Saldo vexetativo	63	63	40	24	1	-21	-10	-13	-12	-35
041	Laracha, A										
	Nacementos	129	151	110	104	85	93	77	87	79	71
	Defuncións	94	109	108	104	112	92	106	109	118	114
	Saldo vexetativo	35	42	2	0	-27	1	-29	-22	-39	-43
040	Laxe										
	Nacementos	0	53	49	50	53	38	36	38	29	32
	Defuncións	4	36	28	42	36	24	33	26	22	37
	Saldo vexetativo	-4	17	21	8	17	14	3	12	7	-5
043	Malpica										
	Nacementos	111	98	95	83	84	57	72	69	56	64
	Defuncións	80	73	80	64	83	65	83	81	109	87
	Saldo vexetativo	31	25	15	19	1	-8	-11	-12	-53	-23
068	Ponteceso										
	Nacementos	138	139	106	87	98	78	75	79	62	57
	Defuncións	73	82	77	86	78	88	70	97	104	93
	Saldo vexetativo	65	57	29	1	20	-10	5	-18	-42	-36
Veciños	Comarca sen Carballo										
	Nacementos	614	650	563	493	504	418	388	400	343	338
	Defuncións	383	437	427	430	457	432	438	462	506	496
	Saldo vexetativo	231	213	136	63	47	-14	-50	-62	-163	-158

		1992	1993	1994	1995	1996	1997	1998	1999	2000	2001
comunidade	Galicia										
	Nacementos	21.633	21.284	19.683	18.799	18.597	18.683	18.538	18.784	19.418	19.361
	Defuncións	27.016	27.248	27.542	28.464	28.864	28.138	28.085	29.293	28.858	28.300
	Saldo vexetativo	-5.383	-5.964	-7.859	-9.665	-10.267	-9.455	-9.547	-10.509	-9.440	-8.939
provincia	A Coruña										
	Nacementos	8.616	8.522	7.737	7.464	7.385	7.565	7.573	7.583	7.943	7.956
	Defuncións	10.490	10.640	10.702	10.959	11.185	10.693	10.740	11.384	11.028	10.926
	Saldo vexetativo	-1.874	-2.118	-2.965	-3.495	-3.800	-3.128	-3.167	-3.801	-3.085	-2.970
comarca	Bergantiños										
	Nacementos	517	527	455	409	394	415	440	429	448	423
	Defuncións	652	745	727	720	732	706	689	771	729	733
	Saldo vexetativo	-135	-218	-272	-311	-338	-291	-249	-342	-281	-310
014	Cabana de Bergantiños										
	Nacementos	18	40	34	27	31	33	26	24	27	42
	Defuncións	29	79	54	69	63	63	60	70	51	67
	Saldo vexetativo	-11	-39	-20	-42	-32	-30	-34	-46	-24	-25
019	Carballo										
	Nacementos	229	224	183	196	187	165	221	215	240	193
	Defuncións	220	223	223	221	264	220	245	251	262	256
	Saldo vexetativo	9	1	-40	-25	-77	-55	-24	-36	-22	-63
029	Coristanco										
	Nacementos	65	54	41	38	29	45	40	41	41	45
	Defuncións	101	97	94	88	80	88	82	92	82	88
	Saldo vexetativo	-36	-43	-53	-50	-51	-43	-42	-51	-41	-43
041	Laracha, A										
	Nacementos	75	82	71	39	62	58	51	52	58	55
	Defuncións	104	125	141	123	110	119	116	117	121	106
	Saldo vexetativo	-29	-43	-70	-84	-48	-61	-65	-65	-63	-51
040	Laxe										
	Nacementos	25	34	26	23	19	26	23	24	19	20
	Defuncións	33	40	41	37	38	27	25	25	43	39
	Saldo vexetativo	-8	-6	-15	-14	-19	-1	-2	-1	-24	-19
043	Malpica										
	Nacementos	44	49	56	40	34	46	48	42	34	35
	Defuncións	88	91	89	86	92	103	81	108	89	96
	Saldo vexetativo	-44	-42	-33	-46	-58	-57	-33	-66	-55	-61
068	Ponteceso										
	Nacementos	61	44	44	46	32	42	31	31	29	33
	Defuncións	77	90	85	96	85	86	80	108	81	81
	Saldo vexetativo	-16	-46	-41	-50	-53	-44	-49	-77	-52	-48
Veciños	Comarca sen Carballo										
	Nacementos	288	303	272	213	207	250	219	214	208	230
	Defuncións	432	522	504	499	468	486	444	520	467	477
	Saldo vexetativo	-144	-219	-232	-286	-261	-236	-225	-306	-259	-247

		2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011
comunidade	Galicia										
	Nacemen	19.327	20.423	20.621	21.097	21.392	21.752	23.175	22.454	22.047	21.486
	Defunción	28.353	29.805	28.540	29.383	29.389	30.159	29.629	29.899	29.749	29.587
	Saldo	-9.026	-9.382	-7.919	-8.286	-7.997	-8.407	-6.454	-7.445	-7702	-8101
provincia	A Coruña										
	Nacemen	7.866	8.326	8.546	8.816	8.985	9.026	9.825	9.526	9.372	9.227
	Defunción	10.818	11.665	11.292	11.463	11.403	11.862	11.618	11.984	11.708	11.612
	Saldo	-2.952	-3.339	-2.746	-2.647	-2.418	-2.836	-1.793	-2.458	-2336	-2385
comarca	Bergantiños										
	Nacemen	406	493	437	444	528	460	537	504	528	512
	Defunción	717	736	746	702	752	769	800	772	766	811
	Saldo	-311	-243	-309	-258	-224	-309	-263	-268	-238	-299
014	Cabana de										
	Nacemen	21	27	24	16	19	19	15	20	19	27
	Defunción	75	72	66	60	60	58	65	75	55	70
	Saldo	-54	-45	-42	-44	-41	-39	-50	-55	-36	-43
019	Carballo										
	Nacemen	211	261	243	245	281	253	293	264	295	270
	Defunción	261	275	243	228	280	271	298	271	287	272
	Saldo	-50	-14	0	17	1	-18	-5	-7	8	-2
029	Coristanco										
	Nacemen	42	36	42	38	37	26	35	38	39	35
	s	82	77	97	84	76	97	98	84	91	105
	Saldo	-40	-41	-55	-46	-39	-71	-63	-46	-52	-70
041	Laracha, A										
	Nacemen	54	67	45	59	102	82	98	113	91	99
	Defunción	103	118	128	111	129	125	118	148	115	126
	Saldo	-49	-51	-83	-52	-27	-43	-20	-35	-24	-27
040	Laxe										
	Nacemen	18	30	16	20	17	17	29	16	20	29
	Defunción	31	37	38	28	34	40	32	30	37	48
	Saldo	-13	-7	-22	-8	-17	-23	-3	-14	-17	-19
043	Malpica										
	Nacemen	29	34	37	32	33	23	31	31	31	19
	Defunción	82	82	96	93	89	88	99	88	97	104
	Saldo	-53	-48	-59	-61	-56	-65	-68	-57	-66	-85
068	Ponteceso										
	Nacemen	31	38	30	34	39	40	36	22	33	33
	Defunción	83	75	78	98	84	90	90	76	84	86
	Saldo	-52	-37	-48	-64	-45	-50	-54	-54	-51	-53
Veciños	Comarca sen										
	Nacemen	195	232	194	199	247	207	244	240	233	242
	Defunción	456	461	503	474	472	498	502	501	479	539
	Saldo	-261	-229	-309	-275	-225	-291	-258	-261	-246	-297

IGE, INE. Movemento natural da poboación

A suma dos datos municipais pode non coincidir co total provincial debido aos casos nos que non consta o concello.

Fonte: Elaboración propia e a partir dos datos do IGE

3.2.1.1. Conclusións

- O crecemento vexetativo no concello de Carballo durante o período 1990-2011 arroxa un saldo constante próximo a cero.
- No resto da comarca saldo vexetativo é negativo, e mantense máis ou menos constante durante a última década.
- En Carballo con respecto á comarca, aínda que mantendo as defuncións constantes, os nacementos teñen unha lixeira tendencia a alza en paralelo ao crecemento da poboación.
- O incremento de poboación do concello está vinculado a movemento migratorios, polo que configurase como lugar de acollida de poboación foránea que enraíza no concello.
- Concluímos que os incrementos de poboación que se deron nos últimos anos no concello non teñen relación cunha natalidade maior que a mortalidade, senón máis ben, á incorporación de novos habitantes de fóra do concello

3.2.2. MOVEMENTOS MIGRATORIOS

3.2.2.1. Emigración

Durante o período 1990-2011, dáse unha tendencia ao incremento da emigración, aínda que con moitas oscilacións ao longo dos anos.

019	Carballo								
		Emigración interna					Emigración externa		
	Total	subtotal	Á mesma provincia	Á mesma comarca	A outra comarca da mesma provincia	A outra provincia de Galicia	subtotal	A outra CCAA	Ao estranxeiro
1990	315 hab	..	..	..	..	..	..	..	..
1991	184 hab	..	..	..	..	..	..	..	..
1992	245 hab	209 hab	195 hab	76 hab	119 hab	14 hab	36 hab	36 hab	..
1993	320 hab	267 hab	251 hab	85 hab	166 hab	16 hab	53 hab	53 hab	..
1994	367 hab	310 hab	276 hab	85 hab	191 hab	34 hab	57 hab	57 hab	..
1995	389 hab	329 hab	315 hab	92 hab	223 hab	14 hab	60 hab	60 hab	..
1996	297 hab	227 hab	216 hab	73 hab	143 hab	11 hab	70 hab	70 hab	..
1997	348 hab	239 hab	223 hab	71 hab	152 hab	16 hab	109 hab	109 hab	..
1998	450 hab	320 hab	296 hab	65 hab	231 hab	24 hab	130 hab	130 hab	..
1999	495 hab	357 hab	329 hab	136 hab	193 hab	28 hab	138 hab	138 hab	..
2000	505 hab	344 hab	317 hab	103 hab	214 hab	27 hab	161 hab	161 hab	..
2001	454 hab	316 hab	289 hab	82 hab	207 hab	27 hab	138 hab	138 hab	..
2002	547 hab	370 hab	356 hab	107 hab	249 hab	14 hab	177 hab	137 hab	40 hab
2003	595 hab	386 hab	360 hab	135 hab	225 hab	26 hab	209 hab	189 hab	20 hab
2004	713 hab	463 hab	419 hab	144 hab	275 hab	44 hab	250 hab	216 hab	34 hab
2005	679 hab	495 hab	465 hab	141 hab	324 hab	30 hab	184 hab	162 hab	22 hab
2006	751 hab	542 hab	490 hab	164 hab	326 hab	52 hab	209 hab	186 hab	23 hab
2007	732 hab	456 hab	411 hab	130 hab	281 hab	45 hab	276 hab	191 hab	85 hab
2008	714 hab	461 hab	419 hab	152 hab	267 hab	42 hab	253 hab	120 hab	133 hab
2009	797 hab	547 hab	494 hab	185 hab	309 hab	53 hab	250 hab	135 hab	115 hab
2010	802 hab	571 hab	508 hab	236 hab	272 hab	63 hab	231 hab	153 hab	78 hab



*Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE *Na emigración externa, nos anos anteriores ao 2002, non se inclúe a emigración ao estranxeiro. A partir do ano 2006, na emigración ao estranxeiro inclúense as baixas por caducidade.*

3.2.2.2. Inmigración

A inmigración non presenta unha tendencia clara en Carballo, producíndose oscilacións ao longo dos anos. Obsérvase un incremento do valor durante os anos 1992, posiblemente pola posta en marcha dunha gran industria no concello. Así mesmos prodúcese un aumento das migracións o estranxeiro a partir do ano 2006, á mesma velocidade que decelera a emigracións ao resto de España.

019	Carballo								
		Inmigración interna					Inmigración externa		
	Total	subtotal	Da mesma provincia	Da mesma comarca	Doutra comarca da mesma provincia	Doutra provincia de Galicia	subtotal	Doutra CCAA	Do estranxeiro
1990	484 hab	..	..	..	..	..	..	..	..
1991	308 hab	..	..	..	..	..	..	..	..
1992	637 hab	344 hab	329 hab	180 hab	149 hab	15 hab	293 hab	56 hab	237 hab
1993	635 hab	353 hab	337 hab	177 hab	160 hab	16 hab	282 hab	44 hab	238 hab
1994	527 hab	362 hab	332 hab	175 hab	157 hab	30 hab	165 hab	47 hab	118 hab
1995	569 hab	429 hab	410 hab	206 hab	204 hab	19 hab	140 hab	38 hab	102 hab
1996	448 hab	265 hab	241 hab	106 hab	135 hab	24 hab	183 hab	48 hab	135 hab
1997	583 hab	338 hab	314 hab	127 hab	187 hab	24 hab	245 hab	48 hab	197 hab
1998	655 hab	373 hab	355 hab	166 hab	189 hab	18 hab	282 hab	91 hab	191 hab
1999	578 hab	361 hab	337 hab	156 hab	181 hab	24 hab	217 hab	60 hab	157 hab
2000	656 hab	340 hab	321 hab	146 hab	175 hab	19 hab	316 hab	86 hab	230 hab
2001	517 hab	292 hab	270 hab	122 hab	148 hab	22 hab	225 hab	74 hab	151 hab
2002	852 hab	438 hab	403 hab	180 hab	223 hab	35 hab	414 hab	109 hab	305 hab
2003	938 hab	522 hab	486 hab	210 hab	276 hab	36 hab	416 hab	127 hab	289 hab
2004	942 hab	502 hab	469 hab	215 hab	254 hab	33 hab	440 hab	148 hab	292 hab
2005	986 hab	567 hab	526 hab	254 hab	272 hab	41 hab	419 hab	186 hab	233 hab
2006	924 hab	516 hab	484 hab	206 hab	278 hab	32 hab	408 hab	148 hab	260 hab
2007	1.269 hab	611 hab	580 hab	310 hab	270 hab	31 hab	658 hab	217 hab	441 hab
2008	1.055 hab	615 hab	579 hab	239 hab	340 hab	36 hab	440 hab	254 hab	186 hab
2009	936 hab	598 hab	558 hab	249 hab	309 hab	40 hab	338 hab	219 hab	119 hab
2010	959 hab	655 hab	604 hab	277 hab	327 hab	51 hab	304 hab	192 hab	112 hab



*Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE *Na emigración externa, nos anos anteriores ao 2002, non se inclúe a emigración ao estranxeiro. A partir do ano 2006, na emigración ao estranxeiro inclúense as baixas por caducidade.*

Da análise dos datos expostos vemos como ao longo dos anos existe un equilibrio entre a migración externa e interna. A inmigración externa é maior o número de inmigrantes procedentes do estranxeiro que aqueles que proceden doutra comunidade autónoma. En canto a inmigración interna non existe desequilibrios entre os inmigrantes procedentes doutra provincias e os da propia comarca. Non entanto a inmigración doutras provincias de Galicia é insignificante.

3.2.2.3. Saldo migratorio

O cálculo deste parámetro realízase por diferenza entre o número de inmigrantes e o número de emigrantes. A análise desvélanos un gran repunte durante o ano 1992, debido á importancia da inmigración durante ese ano. A partir deste momento danse variacións nos valores, tendendo a descender, mais sempre manténdose dentro de valores positivos. Polo tanto verificase que é maior o número de inmigrantes que o de emigrantes, polo que se trata dun concello de interese para o asentamento de poboación foránea.

EVOLUCIÓN DO SALDO MIGRATORIO NO PERÍODO 1990-2010



	1990	1991	1992	1993	1994	1995	1996	1997	1998	1999	2000	2001
Carballo												
Total	**169**	**124**	**392**	**315**	**160**	**180**	**151**	**235**	**205**	**83**	**151**	**63**
Saldo interno	..	..	135	86	52	100	38	99	53	4	-4	-24
Intraprovincial	..	..	134	86	56	95	25	91	59	8	4	-19
Co resto de Galicia	..	..	1	0	-4	5	13	8	-6	-4	-8	-5
Saldo externo	..	..	257	229	108	80	113	136	152	79	155	87
Co resto de España	..	..	20	-9	-10	-22	-22	-61	-39	-78	-75	-64
Co estranxeiro	..	..	237	238	118	102	135	197	191	157	230	151

	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010
Carballo									
Total	**305**	**343**	**229**	**307**	**173**	**537**	**341**	**139**	**157**
Saldo interno	68	136	39	72	-26	155	154	51	84
Intraprovincial	47	126	50	61	-6	169	160	64	96
Co resto de Galicia	21	10	-11	11	-20	-14	-6	-13	-12
Saldo externo	237	207	190	235	199	382	187	88	73
Co resto de España	-28	-62	-68	24	-38	26	134	84	39
Co estranxeiro	265	269	258	211	237	356	53	4	34

*Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE *Na emigración externa, nos anos anteriores ao 2002, non se inclúe a emigración ao estranxeiro. A partir do ano 2006, na emigración ao estranxeiro inclúense as baixas por caducidade.*

COMPARATIVA SALDO MIGRATORIO NA COMARCA NO PERÍODO 1990-2010



	1990	1991	1992	1993	1994	1995	1996	1997*	1998	1999	2000	2001
COMARCA	**-95 hab**	**90 hab**	**375 hab**	**217 hab**	**-50 hab**	**45 hab**	**127 hab**	**187 hab**	**121 hab**	**143 hab**	**171 hab**	**-34 hab**
Cabana de Bergantiños	-29 hab	-21 hab	-42 hab	-29 hab	-50 hab	-58 hab	-39 hab	-94 hab	-13 hab	-23 hab	-39 hab	-50 hab
Carballo	**169 hab**	**124 hab**	**392 hab**	**315 hab**	**160 hab**	**180 hab**	**151 hab**	**235 hab**	**205 hab**	**83 hab**	**151 hab**	**63 hab**
Coristanco	-51 hab	12 hab	-42 hab	-21 hab	-60 hab	-91 hab	16 hab	6 hab	-28 hab	16 hab	2 hab	-44 hab
Laracha (A)	25 hab	26 hab	165 hab	72 hab	14 hab	55 hab	73 hab	47 hab	58 hab	71 hab	70 hab	60 hab
Laxe	-42 hab	-6 hab	41 hab	-7 hab	7 hab	27 hab	4 hab	12 hab	-4 hab	21 hab	31 hab	8 hab
Malpica de Bergantiños	-109 hab	-14 hab	-57 hab	-56 hab	-58 hab	-50 hab	-63 hab	0 hab	-39 hab	6 hab	-40 hab	-37 hab
Ponteceso	-58 hab	-31 hab	-82 hab	-57 hab	-63 hab	-18 hab	-15 hab	-19 hab	-58 hab	-31 hab	-4 hab	-34 hab
COMARCA sen Carballo e A Laracha	**-289 hab**	**-60 hab**	**-182 hab**	**-170 hab**	**-224 hab**	**-190 hab**	**-97 hab**	**-95 hab**	**-142 hab**	**-11 hab**	**-50 hab**	**-157 hab**

	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010
COMARCA	**118 hab**	**403 hab**	**105 hab**	**101 hab**	**92 hab**	**581 hab**	**354 hab**	**178 hab**	**223 hab**
Cabana de Bergantiños	-73 hab	-15 hab	-40 hab	-60 hab	-60 hab	-7 hab	-4 hab	-28 hab	0 hab
Carballo	**305 hab**	**343 hab**	**229 hab**	**307 hab**	**173 hab**	**537 hab**	**341 hab**	**139 hab**	**157 hab**
Coristanco	-63 hab	-33 hab	-70 hab	-21 hab	-9 hab	-82 hab	-31 hab	-69 hab	-14 hab
Laracha (A)	99 hab	100 hab	78 hab	78 hab	105 hab	252 hab	102 hab	110 hab	151 hab
Laxe	3 hab	39 hab	5 hab	-32 hab	-21 hab	-8 hab	-15 hab	14 hab	-25 hab
Malpica de Bergantiños	-72 hab	3 hab	-47 hab	-136 hab	-78 hab	-50 hab	-14 hab	29 hab	-17 hab
Ponteceso	-81 hab	-34 hab	-50 hab	-35 hab	-18 hab	-61 hab	-25 hab	-17 hab	-29 hab
COMARCA sen Carballo e A Laracha	**-286 hab**	**-40 hab**	**-202 hab**	**-284 hab**	**-186 hab**	**-208 hab**	**-89 hab**	**-71 hab**	**-85 hab**

*Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE *Na emigración externa, nos anos anteriores ao 2002, non se inclúe a emigración ao estranxeiro. A partir do ano 2006, na emigración ao estranxeiro inclúense as baixas por caducidade. * Os datos do ano 1997 é ponderado ao non actualizarse o padrón.*

3.2.2.4. Conclusións

- Os movementos migratorios aumenta a grande velocidade dende os últimos vinte anos. A flexibilidade e mobilidade da poboación é unha tendencia da sociedade actual
- O crecemento do concello de Carballo vai en paralelo co saldo migratorio entre 1990 e 2010, arroxando sempre un saldo positivo.
- A velocidade a que aumenta as inmigracións e superior a das emigracións, polo que pódese prever un incremento progresivo do saldo migratorio positivo.
- Nos últimos 10 anos aumentaron ao dobre as inmigracións, repartíndose case equitativamente entre as da provincia e as de fora dela.
- Dende o 2007 vese un aumento da emigración cara o estranxeiro e unha diminución da inmigración procedente del.
- Na comparativa do saldo migratorio da comarca e dos concellos máis urbanos, compróbase unha certa simetría nos resultados. Conclúese a dinámica urbana da comarca, concentrándose a poboación nas capitais e solos urbanos, sendo o núcleo urbano de Carballo o máis destacado
- A media de nacementos durante o período 1975-2006 está arredor dos 300 nacementos ao ano, mentres que a media de defuncións foi de 210.
- Tanto a emigración como a inmigración víronse incrementadas durante o período 1990-2010, aínda que con oscilacións ao longo dos anos.

3.3. ESTRUTURA DEMOGRÁFICA POR IDADES

Faremos un estudo da estrutura demográfica en función da idade, dividindo a poboación en cinco grupos de idade, tal e como se reflexa na táboa seguinte. Pódese observar como, co paso dos anos o peso da poboación nova sobre o total vai diminuíndo, ao contrario que a poboación anciá que ten maior importancia. Esta é unha tendencia xeralizada debida en gran parte á maior esperanza de vida da sociedade actual e á redución da taxa de natalidade. Non entanto a poboación de Carballo é a menos envellecida da comarca e menos envellecida que a media do país e da provincia.

POBOACIÓN POR GRUPOS DE IDADE (2011)

		Total	0-19	20-39	40-64	65-84	85 e máis
CCAA	Galicia	2.795.422 hab	440.015 hab	764.725 hab	961.205 hab	535.878 hab	93.599 hab
provincia	A Coruña	1.147.124 hab	180.708 hab	317.451 hab	382.586 hab	214.288 hab	33.987 hab
comarca	**Bergantiños**	**70.209 hab**	**10.242 hab**	**18.608 hab**	**24.471 hab**	**14.577 hab**	**2.311 hab**
014	Cabana de Bergantiños	4.865 hab	566 hab	1.119 hab	1.820 hab	1.166 hab	194 hab
019	**Carballo**	**31.303 hab**	**5.361 hab**	**8.973 hab**	**10.657 hab**	**5.534 hab**	**778 hab**
029	Coristanco	7.102 hab	866 hab	1.632 hab	2.517 hab	1.761 hab	326 hab
041	Laracha (A)	11.337 hab	1.606 hab	3.198 hab	3.833 hab	2.297 hab	403 hab
040	Laxe	3.366 hab	443 hab	844 hab	1.224 hab	751 hab	104 hab
043	Malpica de Bergantiños	6.102 hab	667 hab	1.357 hab	2.272 hab	1.564 hab	242 hab
068	Ponteceso	6.134 hab	733 hab	1.485 hab	2.148 hab	1.504 hab	264 hab
	COMARCA sen Carballo	**38.906 hab**	**4.881 hab**	**9.635 hab**	**13.814 hab**	**9.043 hab**	**1.533 hab**

		Total	0-19	20-39	40-64	65-84	85 e máis
CCAA	Galicia	Total	15,74%	27,36%	34,38%	19,17%	3,35%
provincia	A Coruña	2.795.422 hab	15,75%	27,67%	33,35%	18,68%	2,96%
comarca	**Bergantiños**	**1.147.124 hab**	**14,59%**	**26,50%**	**34,85%**	**20,76%**	**3,29%**
014	Cabana de Bergantiños	70.209 hab	11,63%	23,00%	37,41%	23,97%	3,99%
019	**Carballo**	**4.865 hab**	**17,13%**	**28,66%**	**34,04%**	**17,68%**	**2,49%**
029	Coristanco	31.303 hab	12,19%	22,98%	35,44%	24,80%	4,59%
041	Laracha (A)	7.102 hab	14,17%	28,21%	33,81%	20,26%	3,55%
040	Laxe	11.337 hab	13,16%	25,07%	36,36%	22,31%	3,09%
043	Malpica de Bergantiños	3.366 hab	10,93%	22,24%	37,23%	25,63%	3,97%
068	Ponteceso	6.102 hab	11,95%	24,21%	35,02%	24,52%	4,30%
	COMARCA sen Carballo	**6.134 hab**	**12,55%**	**24,76%**	**35,51%**	**23,24%**	**3,94%**

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do INE

Hai que destacar que no ano 2011, o 62.71% da poboación pertence ao intervalo de idade comprendido entre os 20 e os 64 anos, é dicir, en idade laboral. Da análise da estrutura demográfica representada coa pirámide de poboación, podemos sinalar que a proporción de homes e mulleres é similar, mais obsérvase un predominio do sexo feminino canto maior sexa o tramo de idade.

Por outra banda é de subliñar a forma adoptada pola pirámide poboacional do concello de Carballo, onde se pon de manifesto que a maior parte da poboación se atopa no rango de idade comprendido entre os 20 e os 64 anos, e non na zona superior da pirámide onde os efectivos de poboación teñen máis idade, tal e como sucede en moitos dos concellos de Galicia.

PIRÁMIDE DE POBOACIÓN POR GRUPOS DE IDADE (2011)



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do INE

ÍNDICE DE ENVELLECEMENTO DA POBOACIÓN (2011)



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do INE

Para precisar o grado de **envellecemento demográfico** calculamos o seguinte índice, que é o resultado de dividir a poboación de máis de 64 anos entre a poboación nova (a comprendida entre 0 e 20 anos).

.Cando este índice é inferior a 0,40, indícanos que a estrutura demográfica é nova. No caso de Carballo este índice é de **1,18**, trátase dun valor moi inferior a media do resto da comarca e algo menos inferior que a media do país e da provincia.

ÍNDICE DE REEMPRAZO XERACIONAL (2011)

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do INE

3.3.1.1. Conclusión

- No ano 2011, o 62,71% da poboación pertence ao intervalo de idade comprendido entre os 20 e os 64 anos, é dicir, en idade laboral. Dito grupo de idade se incrementa no ano 2011 con respecto ao ano 2000 con porcentaxes do 62.47%
- Segundo a pirámide de poboación o groso dos habitantes de Carballo sitúanse entre os 25 e 50, onde xorden novas familias e as necesidades de traballo.
- Os índices de envellecemento e remprazo xeracional, sitúa a carballo nunha das poboacións estruturalmente máis equilibradas.

3.4. POBOACIÓN ESTACIONAL MÁXIMA

A poboación estacional máxima é unha cifra estimada ponderadamente a partir das evolucións demográficas periódicas (veráns e fins de semana), observadas nos últimos anos. Comprende o total da poboación residente habitual máis a estacional.

As parroquias que máis ven incrementada a súa poboación en momentos puntuais como a época estival, son aquelas máis próximas á costa, xunto co núcleo de Carballo e as próximas a este, e que ademais contan con algún tipo de aloxamento turístico. Así mesmo as parroquias do sur, que perden poboación, tamén manteñen certa poboación estacional, posiblemente vinculadas ao mantemento das propiedades familiares orixinais.

Podemos destacar entidades como Rebordelos, A Pedra do Sal e O Rapadoiro, que acadan valores elevados de poboación estacional debido fundamentalmente aos aloxamentos do tipo campamento de turismo. Mentres que outras entidades como Razo da Costa incrementan a súa poboación tamén, pero debido mais ben ás vivendas de tipo secundario.

3.4.1. CONCLUSIÓN

- A franxa costeira e un polo de atracción de residencia estacional
- As parroquias eminentemente rurais, sur do termo municipal, aínda sufrindo un despoboamento motivado pola capacidade económica do sector primario, non sofren o abandono e mantéñense as estruturas de asentamento tradicionais familiares e o vinculación á aldea.

4. SÍNTESES DA ACTIVIDADE URBANÍSTICA MUNICIPAL

4.1. SOLICITUDE DE LICENZAS URBANÍSTICAS

A continuación pasamos a analizar a distribución do total de solicitudes de licenza de obra maior, diferenciando entre vivendas, actividades e parcelacións, durante os anos 2003 a 2008, sendo os datos do ano 2008 os dispoñibles ata o mes de maio. Estes datos foron extraídos do Xestor de expedientes (PAC) do que dispón o concello de Carballo a espera de actualizar as mesmas nos últimos anos.

DISTRIBUCIÓN DAS SOLICITUDES DE LICENZA URBANÍSTICA (2003-2008*)

	2003	**2004**	**2005**	**2006**	**2007**	**2008 (*)**
Vivendas colectivas	327	215	441	1043	565	658
Vivendas familiares	44	48	51	96	59	58
Subtotal vivendas	**371**	**263**	**492**	**1139**	**624**	**716**
Actividades inocuas	92	88	69	97	89	45
Actividades molestas	91	84	93	94	72	54
Subtotal actividades	**183**	**172**	**162**	**191**	**161**	**99**
Parcelacións	22	18	23	39	27	15
TOTAL	**576**	**453**	**677**	**1369**	**812**	**830**

(*) Datos dispoñibles ata a data de 30/06/2008





No ano 2008 concedéronse 79 licenzas en total, mentres que no ano 2009 este número baixou a 40.

Da análise dos datos extraídos podemos extraer as seguintes conclusións:

- Existe un crecemento continuado no número de solicitudes de licenzas de urbanísticas ao longo dos anos, o cal da unha idea da actividade urbanística existente no concello de Carballo.
- No ano 2006 produciuse un repunte moi importante no número de licenzas, o cal se ve moito máis marcado no tipo de licenzas de vivendas colectivas.
- Da clasificación de solicitudes de licenzas realizada, podemos extraer que a maior importancia corresponde ás vivendas, representando unha porcentaxe moi importante sobre o total de licenzas. Por exemplo no ano 2007, as solicitudes de licenza de vivenda representan o 76,85% do total, sendo a representación das vivendas colectivas do 70% respecto ao total.
- Co comezo da crise o número de licenzas baixou.

4.2. TENDENCIA DO NÚMERO DE VIVENDAS NO CONCELLO DE CARBALLO

Segundo datos extraídos a 1 de xaneiro de cada ano do Xestor de expedientes (PAC) do que dispón o concello de Carballo, vemos como o número de vivendas ten unha tendencia crecente ao longo dos anos, o cal danos unha idea da demanda existente de edificación no concello.

DATA CONSULTA	Nº VIVENDAS
01/01/04	14599
01/01/05	14902
01/01/06	15383
02/01/07	16079
03/01/08	16687
01/01/09	17825
03/01/11	18.399
01/01/13	19.148
01/01/14	19.718

Nº VIVENDAS (2003-2007)



A continuación realizamos o cálculo do número medio de habitantes por vivenda, en base aos datos do número de vivendas descritos anteriormente, e aos datos de poboación do INE durante o período 2003-2013.

ANO	Nº VIVENDAS	Nº HABITANTES	Nº HABITANTES/VIVENDA
2003	14.599	28.527	1,95
2004	14.902	28.949	1,94
2005	15.383	29.541	1,92
2006	16.079	29.985	1,86
2007	16.687	30.091	1,80
2009	17.825	30.990	1,73
2011	18.399	31.303	1,70
2012	19.148	31.358	1,64
2013	19.718	31.366	1,59

Nº de habitantes/vivenda considerado:	1,59

Con estes datos pódese comprobar que o ratio habitantes/vivienda vai disminuindo paulatinamente cos anos, polo que se considera o dato do ano 2013 a efectos de cálculos do presente plan.

5. DESCRIPCIÓN DE INFRAESTRUTURAS, SERVIZOS URBANOS E DOTACIÓNS URBANÍSTICAS NO MUNICIPIO

5.1. INFRAESTRUTURAS TERRITORIAIS

As infraestruturas de comunicacións redúcense practicamente á rede viaria detallada a continuación, debido a que o concello no dispón de infraestrutura ferroviaria.

Ademais conta cun porto pesqueiro, que pertence a PORTOS DE GALICIA, recolléndose neste documento o seu marco legal e as súas afeccións.

5.1.1. REDE DE ESTRADAS EXISTENTE

As estradas actualmente en funcionamento son:

REDE AUTONÓMICA

- Autoestradas/Autovías:

  AG-55 A Coruña - Carballo

- Rede Primaria Básica:

  AC-552 A Coruña (A Grela) – Cee (AC-550)

- Rede Primaria Complementaria:

  AC-400 Sigrás - Muros

  AC-413 Ordes - Carballo

  AC-414 Carballo (Enlace AG-55) - Malpica

  AC-416 Carballo – Carballo (AC-414)

REDE PROVINCIAL

DP-1901 Carballo a Sísamo

DP-1902 Carballo a Razo

DP-1903 Verdillo a Vilardefrancos

DP-1904 Feira de Verdillo a O Moucho

DP-1905 Carballo a Feira de Verdillo

DP-1906 Coruña-Finisterre al Campo

DP-1907 Sofán a A Piña

DP-1908 Acceso á igrexa de Cances

DP-1909 Carballo a Caión

DP-1910 Oca a Cances por Verdes

DP-1911 Muíño de Cereiro a Soutullo

DP-1912 Coristanco a Rus

DP-1913 Ponte Reixidoira a praia

DP-1914 Carballo a Portomouro

A vía mais importante e con maior intensidade de vehículos e a estrada AC-552 A Coruña (A Grela) – Cee (AC-550). Esta vía atravesa o territorio en dirección leste - oeste pasando polo núcleo de Carballo vertebrando o municipio. A estrada AC-552, constituíu a calle principal do citado núcleo urbano.

Como alternativa a esta importante arteria de infraestrutura viaria do territorio, desenvólvese a Autoestrada AG-55 A Coruña – Carballo, de lonxitude 32,6 Km. A súa construción drealizouse en dúas fases, unha primeira en 1993 co tramo A Coruña-Laracha de 20 Km de lonxitude, que se completa en 1997 co novo tramo Laracha-Carballo, de 12,6 Km. de lonxitude. A concesión da mesma inclúe a conservación da totalidade da autoestrada e a súa explotación en réxime de peaxe, deixando libre de peaxe a circunvalación do núcleo urbano de Carballo.

Ademais de esta completa comunicación entre Carballo e a capital da provincia existen outros dous eixes principais que vertebran o TTMM de Noroeste a Suroeste e de Norte a Sur, atravesando sempre o núcleo urbano de Carballo. Así, dende Carballo parte cara Malpica a estrada autonómica AC-414 (AC-416 no seu tramo ata o enlace da autoestrada), de importante densidade o longo da historia o igual que a tamén autonómica AC-413, que enlaza con Ordes. O outro eixo ten carácter provincial e une Carballo con Santiago cara o Sur, a DP-1914, e con Razo cara o Norte, a DP-1902, de intenso tráfico en temporada estival.

O resto da rede viaria queda constituída polas outras estradas provinciais e municipais locais que comunican as entidades de poboación das parroquias.

5.1.1.1. Estado de conservación da rede viaria

Para facer o estudio do estado das estradas establécense tres categorías diferentes: bo, regular e mal estado; facendo só referencia ás características do firme de ditas estradas, e a existencia de baches.

AG-55. É a autoestrada A Coruña-Carballo, de peaxe en todo o seu percorrido agás a parte que actúa como circunvalación do núcleo de Carballo. Ten 3 saídas, unha ó polígono industrial, outra a Carballo norte e outra a Carballo Oeste. De recente construción, e moi bo estado.

AC-552. Estrada que comunica A Coruña con Cee.

Atravesa as parroquias de Bértoa e Carballo, case todo o tempo como travesía. Ten o firme en bo estado.

AC-414. Estrada que comunica Carballo con Malpica.

Estrada moi sinuosa, co firme en bastante bo estado. Parte do núcleo de Carballo e atravesa Sísamo, Goiáns e Cances.

AC-413. Estrada que comunica Carballo ca comarca de Ordes.

Estrada recentemente arranxada, variando o seu trazado, ancho e a sinalización. Polo tanto, actualmente atópase en moi bo estado, ten sobre 10 m de ancho e a sinalización horizontal e vertical é boa. Parte do núcleo de Carballo e atravesa Artes e Sofán.

AC-400. Estrada de Sigrás a Muros pasando polo concello de Carballo. É unha estrada en mal estado para a súa categoría, mala sinalización e con baches nalgúns tramos.

DP-1901, de Carballo a Sísamo. Estrada que parte do núcleo urbano de Carballo.

DP-1902, entre Carballo e Razo. Atravesa as parroquias de Razo, Oza e un pequeno tramo por Bértoa e Sísamo. O seu firme está en bo estado, é unha estrada moi transitada durante o verán que conduce ás praias, e que se soe reparar cada ano antes da época estival. A sinalización vertical e horizontal é adecuada, mais o trazado da estrada non é o adecuado. Faise necesario dota-la de arcéns adecuados á vía, e incluso un carril-bici para o tránsito dos deportistas con comodidade.

DP-1904 que ten o seu trazado pola parroquia de Verdillo, dende A Feira de Verdillo ata O Moucho. É unha estrada que conta con beirarrúas, en estado variable dependendo do tramo. O firme está en bo estado, mais a sinalización horizontal é bastante deficiente ou inexistente.

DP-1906, estrada de Carballo- Finisterre al Campo. O firme está en bo estado.

DP-1907, de Sofán á Piña, ten o seu inicio na intersección ca AC-412, e discorre pola parroquia de Sofán. Ten un trazado moi sinuoso e estreito, o que a fai bastante perigosa.

DP-1909 de Carballo a Caión. Atravesa as parroquias de Bértoa, Vilela, Noicela e Rebordelos. O tramo de Bértoa a Vilela foi arranxado nunha fase anterior, e actualmente estase modificando o trazado e ancho ó seu paso polas parroquias de Noicela e Rebordelos.

DP-1910, estrada que vai dende o concello de Coristanco ata o de Carballo, entrando pola parroquia de Cances.

DP-1912 de Coristanco a Rus. Estrada que ven do concello de Coristanco e chega ata a entidade de Ramil, na parroquia de Rus, cruzándose ca DP-1914. O firme desta estrada está en bo estado mais carece de arcén.

DP-1913, estrada que vai dende a Ponte Regidoira ata a Pedra do Sal e é denominada polos veciños "estrada da costa", pasando polas parroquias de Noicela e Lema. Está en bastante bo estado, e con mala sinalización.

DP-1914. Estrada que comunica Carballo con Santiago.

Firme en bo estado. Sinalización horizontal e vertical en bo estado. Existen grandes rectas que atravesan núcleos de poboación, onde a imprudencia dos condutores causan bastantes accidentes. Parte do núcleo de Carballo e atravesa as parroquias de Ardaña, Rus e Entrecruces.

A rede municipal é moi extensa (1300 km aproximadamente), e está formada na súa maioría polos antigos camiños que co paso dos anos se foron ensanchando e alquitranando.

As estradas municipais caracterízanse por ser estradas con anchos arredor dos 3 m, ter un trazado sinuoso, incluso con pendentes fortes nalgúns puntos, e por ter mala sinalización (soen carecer de sinalización horizontal). A maioría tamén carecen de cunetas para a evacuación das augas.

Entre as estradas municipais destaca a que bordea a costa polo seu interese turístico (4 metros de anchura e en ocasións menos, nalgúns tramos con trazado sinuoso e pendente excesiva). Percorre as parroquias de Razo, Lema e Rebordelos, e vai a carón da Marisma de Baldaio. Esta estrada ten o firme en bo estado mais é moi estreita para a súa importancia, e ten mala sinalización.

5.1.1.2. Funcionalidade da rede viaria

As estradas que soportan un maior uso son a AG-55, usada a diario por un gran número de habitantes do municipio que traballan en A Coruña, así como a AC-552 e a DP-1914, que comunican o núcleo principal con Santiago e co resto da comarca de Bergantiños.

As comunicacións intramunicipais son tamén moi importantes, debido ó gran número de habitantes que viven nas parroquias rurais e traballan en Carballo ou en A Coruña. Ou ben teñen necesidade de servizos que só hai en Carballo (o centro de saúde, por exemplo).

Da observación da distribución das estradas, podemos concluír que o concello de Carballo é un concello ben comunicado, debido á súa fácil comunicación ca cidade de A Coruña e á conexión da autoestrada A Coruña-Carballo ca Autovía do Noroeste (A6), o que permite unha fácil comunicación co resto de España. Así mesmo, despois da recente remodelación da AC-413 (A Coruña-Ordes), xa se suple unha das grandes deficiencias de comunicación ca comarca de Ordes.

5.1.2. REDE DE ESTRADAS PREVISTAS DENDE OUTRAS ADMINISTRACIÓNS

Ademais da ampliación da rede de estradas proxectada no PXOM como ordenación do territorio, tanto dentro dos núcleos urbanos como nas comunicacións co litoral, se recollen neste documento as infraestruturas territoriais da rede de estradas previstas con independencia do PXOM.

As redes proxectadas polo PXOM detállanse no capítulo de criterios de ordenación da presente memoria.

En Proxecto

Variante de carballo

Está previsto realizar un viario de Circunvalación ao núcleo urbano de Carballo, que encontrase aínda en fase de proxecto, e que axudaría a desconxestionar a malla urbana, con gran intensidade de tráfico na actualidade.

Comunicará os puntos da AC-552 situados no enlace do polígono industrial de Bértoa e no enlace coa AG-55 no linde con Coristanco, o seu trazado ten unha lonxitude de 6,4 km.

Con data 12 de setembro de 2007, rexistro de entrada 10966, recibiuse no concello de Carballo o "Estudo informativo e estudo de impacto ambiental da variante de Carballo" (clave: AC/04/158.00) remitido pola Consellería de política territorial, obras públicas e transportes, e aprobado provisionalmente por resolución da Dirección Xeral de Obras Públicas do 8 de agosto de 2007. Dito estudio foi sometido a información pública durante o prazo de 30 días hábiles contados a partir da publicación do anuncio no DOG Nº 181 do 18 de setembro de 2007.

O proxecto foi adxudicado á empresa IDOM. O proxecto está actualmente en fase de validación da xeometría definitiva dende a Consellería competente en materia de infraestruturas, estando pendentes as fases de trazado e proxecto construtivo.

Ademais, o Plan Director de estradas de Galicia, prevé unha variante en Carballo cunha lonxitude de 9,64 km, que inclúe a comunicación ata o enlace da AG-55 na estrada de Malpica.

O PEM (Presuposto de Execución Material) previsto para a obra é de 7.316.675,66 euros e o PEC (Presuposto de Execución por Contrata) é de 10.099.939,09 euros.

Vía de alta capacidade Carballo-Berdoias

Con data xullo de 2005, recibiuse no concello de Carballo "Anteproxecto de vía de alta capacidade Carballo-Fisterra" incluído no Plan Galicia, remitido pola Consellería de política territorial e obras públicas.

A Dirección Xeral de Obras Públicas aprobou definitivamente con data 28 de maio de 2007 o anteproxecto de construción e explotación da "Nova infraestrutura viaria Costa da Morte: vía de alta capacidade Carballo-Berdoias" (clave: AC/06/140.01). A obra foi adxudicada nun primeiro momento á UTE Baio, Ferrovial Agroman s.a. y Taboada Ramos s.l, que posteriormente renunciou á execución desta infraestrutura. O contrato foi rescindido en novembro do 2009.

Ademais, está prevista a duplicación do tramo Carballo-Baio, "conforme ao estudio de tráfico realizado, a intensidade de tráfico prevista para o ano 2018 fai necesaria a duplicación do tramo Carballo-Baio, convertendo a estrada en autovía. Estimouse unha duración das obras de duplicación de dous anos, polo que considerase un inicio das obras no ano 2016".

Executadas e en servizo:

Acondicionamento enlace AG-55 con AC-552 (Avda. de Bertoa): Actualmente encontrase xa executada e en servizo a estrada e rotonda de conexión da saída da AG-55 coa AC-414 na Avenida de Bértoa acordo ao "Proxecto sectorial do parque empresarial de carballo. Conexión exterior viaria", promovido pola no seu día Consellería de Vivenda e Solo.

5.1.3. TRANSPORTE PÚBLICO

O transporte público colectivo redúcese no concello ás liñas regulares de autobuses da empresa "AUTOCARES VÁZQUEZ", a que cubre a meirande parte dos servizos na Costa da Morte e constitúe o principal medio de transporte público da comarca.

Funciona tamén Autobuses Queijeiro entre Cerceda-Carballo-Sísamo, así como o transporte escolar, e Autos Carballo (Aucasa) cara Santiago e polo sur do concello.

5.2. SERVIZOS URBANOS

5.2.1. RESIDUOS SÓLIDOS

5.2.1.1. Recollida de lixo

Está en vigor unha nova ordenanza de limpeza, na que se recollen entre outras, as seguintes características: Aumentáronse os días de recollida do contedor amarelo, ampliouse a recollida nalgúns lugares, mercáronse novos colectores tanto de RSU como de envases amarelos, de vidro e de papel, e sobre todo modificouse a recollida de cartón porta a porta coa campaña "Sácalle o aire".

O Concello de Carballo conta co programa Carballo Limpio, cos seguintes servizos para o mantemento do Medio:

- O programa Carballo Limpo contempla un servizo de recollida de cartón pregado a pé de porta, dentro da campaña "Sácalle o aire".
- O centro urbano de Carballo dispón dun servizo de recollida selectiva de lixo. Existen colectores específicos para cada tipo de refugallos.
- No punto limpo de Carballo poden depositarse en colectores específicos os residuos perigosos do fogar, e aqueles obxectos ou materiais non orgánicos que a cidadanía non sabe onde depositar, e que non son considerados lixo ó poder ser reutilizados para novas funcións. Sitúase no Polígono Industrial de Bértoa.

- Tamén existe o punto limpo móbil, con recollida a domicilio de residuos voluminosos.

En xeral aínda que a recollida non selectiva sexa a máis habitual, a recollida selectiva xa está implantada na meirande parte do medio rural, e nas principais vías dos núcleos rurais xa nos atopamos cos contedores de orgánica e plástico, escaseando algo máis os de papel e vidro.

O concello está acollido ó Plan SOGAMA, de modo que o lixo transportase á planta. A recollida orgánica transportase directamente e a restante pasará antes polo punto limpo.

A periodicidade con que se fai a recollida depende da tipoloxía da recollida e da entidade da que se trate. A recollida non selectiva faise seis veces por semana no núcleo de Carballo e tres veces nas principais vías de saída do núcleo. A continuación, pásase a recoller dúas veces por semana nas principais estradas dos núcleos rurais e unha vez por semana no que resta do medio rural.

Hai algunhas zonas puntuais do concello onde se detectaron zonas de vertidos de escombros, electrodomésticos e outros.

5.2.1.2. Limpeza viaria

Para efectos deste traballo considérase que existe limpeza de rúas cando hai unha plantilla municipal destinada a tal fin. O Centro Especial de Emprego ASPABER-UTE de diminuídos psíquicos gañou o concurso de xestión de limpeza viaria, polo que Carballo é na actualidade un exemplo a nivel europeo neste servizo.

5.2.1.3. Mantemento

A Concellaría de Servizos e Mantemento en colaboración coa de Medio Ambiente, ten realizado os seguintes traballos de mellora do medio: Limpeza e senda peonil pola beira do Anllóns dende o parque ata a cepeira, limpeza e posta en funcionamento de todas as depuradoras do rural, limpeza de todas as cunetas do termo municipal, montaxe dos primeiros WC para cans do termo municipal, realización dun estudo de situación dos sumidoiros e servizos de todo o Concello, limpeza de todas as fontes do termo municipal, eliminación de máis de 200 vertedoiros incontrolados e seguimento do mesmo.

5.2.2. ABASTECEMENTO DE AUGA

5.2.2.1. Rede Existente

O concello de Carballo conta cun importante sistema de abastecemento de auga municipal. O núcleo de Carballo e os próximos a el, aquelas entidades situadas a carón das estradas AC-552 (A Coruña-Cee) e a DP-1904 (Feira de Berdillo-O Moucho), contan cun servizo municipal. A parte mais rural do municipio conta con sistemas veciñais autónomos.

O sistema de abastecemento municipal ten a súa orixe nunha captación de auga no río Anllóns mediante un pequeno azud situado entre as parroquias de Bértoa e Berdillo, no lugar de Costa do Queo. O auga captada no azud condúcese mediante un canal a un pozo de bombeo dende o cal se envía a unha estación de tratamento de auga potable (ETAP) situada o carón do bombeo a unha cota +115. O bombeo está composto por 3 bombas con funcionamento 2+1 que operan segundo o nivel do depósito de auga tratada da ETAP.

A ETAP ten unha capacidade de tratamento de ata 432 m3/h e conta con tratamentos de precloración, coagulación-floculación, decantación, filtración e desinfección final. Dentro da ETAP encontrase un equipo de bombeo para elevar o auga tratada ate o depósito de cabeceira situado en Paraíso, parroquia de Berdillo a unha cota +215m.

O bombeo está composto por 2+1 bombas cunha capacidade de bombeo de 480 m3/h e que funciona co mesmo horario da ETAP xa que o pequeno depósito de auga tratada desta instalación non ten capacidade de regulación. Dende o bombeo da ETAP ate o depósito existe unha canalización principal de ferro fundido de 350mm de diámetro, cunha lonxitude duns 815m.

O depósito de cabeceira, situado a cota +215 en Paraíso, ten unha capacidade de 10.000 m3 (9.800 m3 útiles) cun nivel máximo de auga de 6,4m. Dende o depósito parte unha condución xeral de subministro cara o núcleo de Carballo de ferro fundido de 400mm de diámetro (HF400).

Dende esta condución xeral parte un primeiro ramal en HF150mm que se encarga de distribuír auga a parroquia de Berdillo e parte da de Artes. Chegando o núcleo de Carballo, a condución principal, de HF400, bifúrcase en dous ramais, un deles de HF350mm vai cara o núcleo de Carballo e o outro de HF250 vai cara o polígono industrial e a parroquia de Bértoa.

O ramal que vai cara o núcleo, de HF350, conduce ata o depósito elevado de Carballo, que ten unha capacidade de 1500 m3 e sitúase a unha cota +130m aproximadamente. O nivel mínimo da cota de auga no depósito e de +150m cun nivel máximo da auga no depósito de 7,30m.

Todo o consumo de auga do núcleo de Carballo almacénase normalmente no deposito elevado antes de ser distribuída aínda que tamén pode realizarse o subministro directamente dende o depósito de cabeceira de Paraíso mediante o paso o través dunha válvula redutora de presión.

O polígono industrial de Bértoa conta cun depósito de regulación de 1000 m3, e tamén a fábrica de conservas Calvo dispón de un depósito de regulación propio de 800 m3. Desta maneira conséguese regular a súa demanda evitando interferencias na rede de distribución municipal.

Nas restantes entidades disponse de sistemas de captación, condución e depósitos de auga de titularidade veciñal, aínda que nalgúns lugares deben complementarse con pozos individuais. O sistema máis común é o de gravidade, e a calidade de funcionamento é moi variable dunhas a outras. Hai tamén lugares con auga restrinxida no verán (nalgunhas zonas de Goiáns) e nalgúns casos danse tratamentos de potabilización, mais non é o xeneralizado. Os sistemas mais destacables son os seguintes:

- **Noicela** :Rede veciñal, con auga procedente de mananciais que abastecen os núcleos de Noicela e Rapadoiro.
- **Rebordelos:** Rede veciñal, auga procedente de mananciais que abastecen o núcleo de Imende.
- **Vilela**: Rede veciñal, con auga procedente de mananciais que abastecen o núcleo de Castelo.
- **Razo:** Hai tres redes diferenciadas, a de Razo da Costa, a de Nétoma e a de Arnados. Maioritariamente son augas de manancial que se almacenan en depósitos de reducido volume.
- **Cances:** Capta auga de catro mananciais diferentes na zona de Monte Neme e almacena en pequenos depósitos de distribución.
- **Rus**: Rede veciñal, auga de procedencia conxunta de mananciais e pequenos cursos de auga que abastecen o núcleo de Castelo.
- **Entrecruces**: A rede que abastece esta parroquia é veciñal que capta as augas de mananciais.

Son augas sobre as que non se ten control e onde se podería estudar a posibilidade de empregar os depósitos máis importantes para abastecer sectores do territorio, pensando tamén en instalar sistemas de tratamento de augas.

Demanda actual do sistema municipal de abastecemento

A xestión do sistema de abastecemento municipal realizase a través dunha concesión outorgada a empresa Aquagest. Segundo os datos achegados pola empresa, os consumos rexistrados no ano 2010 distribúense do seguinte xeito:

Abonados totais	12.761	Son abonados de abastecemento, e aproximadamente o 90 % saneamento.
m3 consumidos totais	1.277.220	É o consumo total rexistrado.
m3 non rexistrados	490.197	É o consumo non rexistrado, perdidas na rede, averías, clandestinos, etc.
Consumos municipais	89	Son as instalacións municipais. Edificios do concello, colexios, centros de saúde, rego, hidrantes, etc.
m3 consumo municipal	126.693	Consumo rexistrado dos contadores municipais.
m3/c.municipal	1.424	Consumo medio por contador municipal.

Aboados	12.672	Son os aboados domésticos e industria.
m3 consumo aboado	1.150.527	Consumo rexistrado dos aboados.
m3/c.abonado	91	Consumo medio por contador de aboado.
m3 polígono	44.729	Contador de entrada do polígono industrial.
m3 CALVO	169.422	Contador da fabrica CALVO.
Aboados industria	448	Aboados industria. Tanto a do polígono como a que está fora, sen contar con CALVO.
m3 industria	93.706	Consumo rexistrado de industria.
Aboados domésticos	12.224	Aboados domésticos.
m3 doméstico	1.130.162	Consumo rexistrado doméstico.

Caudal total tratado na ETAP: 1.767.417 m3/ano

Existe polo tanto un 28% do volume de auga tratado na ETAP que non está controlado do cal pódese estimar que un 5% serán consumos municipais e o 25% restante corresponderá a perdas na rede de distribución. Subliñar neste senso que na rede de distribución existe unha importante cantidade de tubarias de fibrocemento (maior do 30%) que deben ser paulatinamente substituídas por tubos de fundición para cumprir coa normativa vixente e para mellorar a eficiencia do sistema.

A poboación asentada nos núcleos que están conectados actualmente o sistema municipal de abastecemento supón un total de 26.287 habitantes, isto é un 84% do total da poboación municipal (31.366 habitantes).

A continuación faise unha actualización dos datos de consumos actuais por parroquias, obtendo os seguintes resultados:

TABLA DE CALCULO CONSUMOS DE AGUA POTABLE
CONSUMOS ACTUALES POR PARROQUIAS

	Parroquia	Superficie (m2)	Usos	Ud. Calculo		Dotación		Cdal. Medio Normal (l/s)	Coef. Punta	Cdal. Punta Normal (l/s)	Consumo medio (m3/dia)	Cdal. Medio Estac. (l/s)	Cdal. Punta Estac. (l/s)	Consumo punta estacional (m3/dia)
01	Aldemunde		Vivienda	43,00	viv	200	l/hab.día	0,2	3	0,51	14,6	0,2	0,71	20,5
02	Ardaña		Vivienda	529,00	viv	200	l/hab.día	2,1	3	6,25	179,9	2,9	8,74	251,8
03	Artes		Vivienda	483,00	viv	200	l/hab.día	1,9	3	5,70	164,2	2,7	7,98	229,9
04	Berdillo		Vivienda	450,00	viv	200	l/hab.día	1,8	3	5,31	153,0	2,5	7,44	214,2
05	Bértoa		Vivienda	856,00	viv	200	l/hab.día	3,4	2,8	9,37	291,0	4,7	13,11	407,5
			Industrial	46,0	Ha	0,02	l/s Ha	1,1	3,4	3,75	95,4	1,1	3,75	95,4
06	Cances		Vivienda	358,00	viv	200	l/hab.día	1,4	3,0	4,23	121,7	2,0	5,92	170,4
07	Carballo		Vivienda	11.776,00	viv	200	l/hab.día	46,3	2,1	95,67	4003,8	64,9	133,93	5605,4
			Industrial	8,0	Ha	0,58	l/s Ha	4,6	3,4	15,64	397,4	4,6	15,64	397,4
08	Entrecruces		Vivienda	676,00	viv	200	l/hab.día	2,7	2,9036	7,72	229,8	3,7	10,81	321,8
09	Goiáns		Vivienda	200,00	viv	200	l/hab.día	0,8	3	2,36	68,0	1,1	3,31	95,2
10	Lema		Vivienda	447,00	viv	200	l/hab.día	1,8	3	5,28	152,0	2,5	7,39	212,8
11	Noicela		Vivienda	390,00	viv	200	l/hab.día	1,5	3	4,60	132,6	2,1	6,45	185,6
12	Oza		Vivienda	319,00	viv	200	l/hab.día	1,3	3	3,77	108,5	1,8	5,27	151,8
13	Razo		Vivienda	387,00	viv	200	l/hab.día	1,5	3	4,57	131,6	2,1	6,40	184,2
14	Rebordelos		Vivienda	174,00	viv	200	l/hab.día	0,7	3	2,05	59,2	1,0	2,88	82,8
15	Rus		Vivienda	981,00	viv	200	l/hab.día	3,9	2,7161	10,49	333,5	5,4	14,68	467,0
16	Sísamo		Vivienda	447,00	viv	200	l/hab.día	1,8	3	5,28	152,0	2,5	7,39	212,8
17	Sofán		Vivienda	1.015,00	viv	200	l/hab.día	4,0	2,7007	10,79	345,1	5,6	15,10	483,1
18	Vilela		Vivienda	187,00	viv	200	l/hab.día	0,7	3	2,21	63,6	1,0	3,09	89,0
			Caudal medio consumo normal (l/s)					**83,30**			**7196,95**	**114,34**		**9878,59**
			Caudal punta total (l/s)							**205,53**			**279,99**	
			Sección de cálculo (m2)					**0,06**		**0,14**		**0,08**	**0,19**	
			Diámetro canalización (m)					**0,266**		**0,418**		**0,312**	**0,488**	

Tomando en valor os datos dos consumos actuais do sistema principal de abastecemento, o sistema de abastecemento municipal ten unha capacidade adecuada para as necesidades actuais.

5.2.2.2. PREVISION DE NECESIDADES DO PXOM, PROPOSTA DE ACTUACIONS.

A. Estimación da demanda futura

O presente PXOM ten establecido unha programación para o desenvolvemento urbanístico do Concello, recollida no documento “Estratexia de actuación e estudio Económico-Financiero”, na cal se establecen 4 cuadrienios que dividen os 16 anos totais de vixencia do PXOM.

Collendo de base esa programación realízase un estudo da demanda futura de auga potable que se recolle nas seguintes táboas:

B. Resumo do incremento máximo da demanda por parroquias

TABLA DE CALCULO CONSUMOS DE AGUA POTABLE RESUMEN POR PARROQUIAS														
	Parroquia	Superficie (m2)	Usos	Ud. Calculo		Dotación		Cdal. Medio Normal (l/s)	Coef. Punta	Cdal. Punta Normal (l/s)	Consumo medio (m3/dia)	Cdal. Medio Estac. (l/s)	Cdal. Punta Estac. (l/s)	Consumo punta estacional (m3/dia)
01	Aldemunde		Vivienda	24	viv	200	l/hab.día	0,1	3	0,28	8,2	0,1	0,40	11,4
02	Ardaña		Vivienda	194	viv	200	l/hab.día	0,8	3	2,29	66,0	1,1	3,21	92,3
03	Artes		Vivienda	227	viv	200	l/hab.día	0,9	3	2,68	77,2	1,3	3,75	108,1
04	Berdillo		Vivienda	225	viv	200	l/hab.día	0,9	3	2,66	76,5	1,2	3,72	107,1
05	Bértoa		Vivienda	354	viv	200	l/hab.día	1,4	3,0	4,18	120,4	2,0	5,85	168,5
		282554	Industrial	28,3	Ha	0,25	l/s Ha	7,1	3,4	24,02	610,3	7,1	24,02	610,3
		40571,6	Terciario	4,1	Ha	0,25	l/s Ha	1,0	3,0	3,04	87,6	1,0	3,04	87,6
06	Cances		Vivienda	147	viv	200	l/hab.día	0,6	3,0	1,74	50,0	0,8	2,43	70,0
07	Carballo		Vivienda	8862	viv	200	l/hab.día	34,9	2,1	73,40	3013,0	48,8	102,76	4218,2
		158820,79	Industrial	15,9	Ha	0,25	l/s Ha	4,0	3,4	13,50	343,1	4,0	13,50	343,1
		141765,32	Terciario	14,2	Ha	0,25	l/s Ha	3,5	2,8	9,77	306,2	3,5	9,77	306,2
08	Entrecruces		Vivienda	155	viv	200	l/hab.día	0,6	3	1,83	52,7	0,9	2,56	73,8
09	Goiáns		Vivienda	114	viv	200	l/hab.día	0,4	3	1,35	38,8	0,6	1,88	54,3
10	Lema		Vivienda	195	viv	200	l/hab.día	0,8	3	2,30	66,3	1,1	3,22	92,8
11	Noicela		Vivienda	165	viv	200	l/hab.día	0,6	3	1,95	56,1	0,9	2,73	78,5
12	Oza		Vivienda	166	viv	200	l/hab.día	0,7	3	1,96	56,4	0,9	2,74	79,0
13	Razo		Vivienda	260	viv	200	l/hab.día	1,0	3	3,07	88,4	1,4	4,30	123,8
		3380,63	Terciario	0,3	Ha	0,25	l/s Ha	0,1	3	0,25	7,3	0,1	0,25	7,3
14	Rebordelos		Vivienda	41	viv	200	l/hab.día	0,2	3	0,48	13,9	0,2	0,68	19,5
15	Rus		Vivienda	383	viv	200	l/hab.día	1,5	3	4,52	130,2	2,1	6,33	182,3
16	Sísamo		Vivienda	154	viv	200	l/hab.día	0,6	3	1,82	52,4	0,8	2,55	73,3
17	Sofán		Vivienda	538	viv	200	l/hab.día	2,1	3	6,35	182,9	3,0	8,89	256,1
18	Vilela		Vivienda	59	viv	200	l/hab.día	0,2	3	0,70	20,1	0,3	0,98	28,1
			Caudal medio consumo normal (l/s)					63,93			5523,89	83,24		7191,63
			Caudal punta total (l/s)							164,13			209,55	
			Sección de cálculo (m2)					0,04		0,11		0,06	0,14	
			Diámetro canalización (m)					0,233		0,373		0,266	0,422	

Cos criterios adoptados o desenrolo completo do PXOM suporía chegar a unha poboación futura de 47.604 habitantes, o que supón un importante incremento global.

No cálculo considerase a mesma dotación futura para a poboación tendo en conta as vivendas en solo rústico, con coñecemento de que existe unha tendencia cara o aforro de auga e unha previsión da mellora na eficiencia dos sistemas de distribución. Para as dotacións industriais estimáronse no orden das recomendadas polas ITOHG, superiores as actuais no polígono de Carballo, un valor medio de consumo de 0,25 l/s Ha.

Tendo en conta a demanda actual e os incrementos previstos divididos por cuadrienios, obtéñense os seguintes consumos medios e punta estacional por parroquia:

				INCREMENTOS DE CONSUMO									
		CONSUMO ACTUAL		CUATRIENIO 1		CUATRIENIO 2		CUATRIENIO 3		CUATRIENIO 4		DEMANDA FUTURA	
	Parroquia	Consumo medio (m3/dia)	Consumo punta estacional (m3/dia)	Consumo medio (m3/dia)	Consumo punta estacional (m3/dia)	Consumo medio (m3/dia)	Consumo punta estacional (m3/dia)	Consumo medio (m3/dia)	Consumo punta estacional (m3/dia)	Consumo medio (m3/dia)	Consumo punta estacional (m3/dia)	Consumo medio (m3/dia)	Consumo punta estacional (m3/dia)
01	Aldemunde	14,6	20,5	1,4	1,9	2,1	2,9	2,4	3,4	2,4	3,4	23,0	32,2
02	Ardaña	179,9	251,8	9,4	13,2	12,2	17,1	13,9	19,5	32,0	44,8	247,4	346,3
03	Artes	164,2	229,9	9,4	13,2	15,7	21,9	13,2	18,5	40,7	57,0	243,2	340,5
04	Berdillo	153,0	214,2	13,2	18,5	15,7	21,9	19,5	27,3	29,9	41,9	231,3	323,8
05	Bértoa	386,4	502,8	560,4	570,8	27,8	39,0	8,0	11,2	61,2	85,7	1043,9	1209,6
06	Cances	121,7	170,4	7,0	9,7	13,6	19,0	8,7	12,2	718,9	1006,5	869,9	1217,8
07	Carballo	4401,3	6002,8	1271,6	1727,1	1262,7	1610,7	484,7	627,2	16,7	23,4	7437,0	9991,2
08	Entrecruces	229,8	321,8	8,4	11,7	16,7	23,4	12,2	17,1	27,1	38,0	294,2	411,9
09	Goiáns	68,0	95,2	2,8	3,9	5,6	7,8	4,2	5,8	34,8	48,7	115,3	161,5
10	Lema	152,0	212,8	22,6	31,7	7,7	10,7	2,8	3,9	28,9	40,4	213,9	299,5
11	Noicela	132,6	185,6	6,6	9,3	13,2	18,5	8,7	12,2	34,5	48,2	195,6	273,8
12	Oza	108,5	151,8	6,3	8,8	10,4	14,6	6,6	9,3	9,4	13,2	141,2	197,6
13	Razo	131,6	184,2	49,1	65,8	34,1	47,7	5,2	7,3	9,0	12,7	229,0	317,7
14	Rebordelos	59,2	82,8	1,4	1,9	1,7	2,4	2,1	2,9	46,6	65,3	111,0	155,4
15	Rus	333,5	467,0	19,1	26,8	37,9	53,1	29,6	41,4	22,6	31,7	442,8	619,9
16	Sísamo	152,0	212,8	5,2	7,3	11,1	15,6	14,6	20,5	85,3	119,4	268,2	375,5
17	Sofán	345,1	483,1	25,4	35,6	41,8	58,5	34,8	48,7	10,4	14,6	457,5	640,5
18	Vilela	63,6	89,0	2,4	3,4	4,9	6,8	2,8	3,9	0,0	0,0	73,7	103,1
	Parciales	7196,9	9878,6	2021,7	2560,5	1534,9	1991,7	674,0	892,3	1210,6	1694,9	12638,1	17018,0
	Totales			9218,6	12439,1	10753,5	14430,8	11427,5	15323,1	12638,1	17018,0		

Para determinar como afectan estes incrementos de consumo os diferentes sistemas de abastecementos actuais e propostos polo Estudio Director, refaise a anterior táboa agrupando os consumos por sistemas. O resultado recóllese na seguinte táboa.

C. Distribución da demanda por sistemas de abastecemento

			INCREMENTOS DE CONSUMO									
	CONSUMO ACTUAL		CUATRIENIO 1		CUATRIENIO 2		CUATRIENIO 3		CUATRIENIO 4		DEMANDA FUTURA	
ZONA DE ABASTECIMIENTO	Consumo medio (m3/dia)	Consumo punta estacional (m3/dia)	Consumo medio (m3/dia)	Consumo punta estacional (m3/dia)	Consumo medio (m3/dia)	Consumo punta estacional (m3/dia)	Consumo medio (m3/dia)	Consumo punta estacional (m3/dia)	Consumo medio (m3/dia)	Consumo punta estacional (m3/dia)	Consumo medio (m3/dia)	Consumo punta estacional (m3/dia)
Sistema principal incluyendo Costa, Cances y Sofán	6152,1	8415,8	1960,4	2474,8	1422,8	1834,8	586,3	769,5	429,1	600,7	10550,7	14095,6
Entrecruces - Rus	563,4	788,7	27,5	38,5	54,6	76,5	41,8	58,5	49,8	69,7	737,0	1031,8
Cances	121,7	170,4	7,0	9,7	13,6	19,0	8,7	12,2	718,9	1006,5	869,9	1217,8
Sofán	345,1	483,1	25,4	35,6	41,8	58,5	34,8	48,7	10,4	14,6	457,5	640,5
Aldemunde	14,6	20,5	1,4	1,9	2,1	2,9	2,4	3,4	2,4	3,4	23,0	32,2

D. Valoración da infraestrutura actual e propostas de actuación na rede de abastecemento

Revisando os datos da demanda futura prevista, observase que o incremento dos consumos localízanse principalmente no núcleo de Carballo e arredores, que se subministran dende o sistema de abastecemento municipal, e tamén na zona norte e de costa para a que se prevé o subministro dende este mesmo sistema, excepto a parroquia de Cances que pode independizarse.

Na zona sur do concello non está previsto un aumento importante da demanda e pola súa situación non se considera viable, técnica e/ou economicamente o subministro dende o sistema principal polo cal se plantexan sistemas de abastecementos complementarios.

Tomando en valor os datos dos consumos actuais do sistema principal de abastecemento pode concluírse que o sistema de abastecemento municipal ten unha capacidade adecuada para as necesidades actuais, pero que a futura demanda esixirá realizar actuacións de mellora na infraestrutura existente.

Na actualidade estase a elaborar o Plan Director de abastecemento do Concello de Carballo, polo que as actuacións a realizar na rede de abastecemento quedarán claramente establecidas neste futuro documento, que na súa redacción xa ten en conta as previsións deste Plan.

Non obstante, da análise efectuada das necesidades reais, do estado actual da rede existente e as directrices facilitadas polo futuro Plan Director, establécense unhas actuacións principais a desenvolver, que se describen a continuación, e que cuio custe económico inclúese neste estudio:

- Completar e cerrar o anel (cinto) da rede de abastecemento do casco urbano
- Levar a rede de abastecemento a costa, a zona Norte.
- Para equilibrio de presións é necesaria a substitución progresiva dos diámetros dos tubos e aumentalos todos a Ø 200 mm. Así mesmo, efectuarase progresivamente unha renovación da rede, eliminando tódolos tubos de fibrocemento, substituíndoos por tubos de fundición de Ø 100 mm, sempre que sexa posible.

Ponse de manifesto que dacordo coas conclusións previas do "Plan Director para a mellora del abastecemento no termo municipal de Carballo", actualmente en redacción, dado que a captación – ETAP do Río Grande é posible ampliala en base ao caudal dispoñible e a autorización en vigor da mesma, no momento que sexa necesario será posible realizar cun mínimo custe a ampliación necesaria para o consumo derivado do novo PXOM, que se sitúa en 792 m³/hora.

E. Programación das actuacións

O presente PXOM contempla únicamente as actuacións a 16 anos vista en catro períodos de 4 anos ou cuadrienios.

A priorización das actuacións faise en función da poboación afectada polas infraestruturas, de xeito que as propostas prioritarias corresponden o sistema de abastecemento principal que completa o sistema actual de abastecemento municipal, executando progresivamente a mellora da rede a medida que se van realziando as distintas actuacións de desenvolvemento.

O detalle das actuacións a realizar e a programación exaustiva das mesmas recóllese no Plan Director redactado pola empresa Giga, S.L..

5.2.3. SANEAMENTO

5.2.3.1. REDE EXISTENTE

O concello de Carballo posúe unha ampla rede de saneamento e un importante número de sistemas de depuración de augas residuais que dan cobertura a maior parte da poboación.

Practicamente toda a zona do núcleo urbano de Carballo e as súas extensións, posúen rede de saneamento. A calidade do servizo é bo, e verte ó río Anllóns, pasando antes pola estación depuradora de augas residuais (EDAR), situada entre a Industria de Conservas Calvo e o acceso á autoestrada AG-55.

A rede de saneamento ten tramos onde é unitaria e outros onde é separativa, reutilizando un gran volume de auga para rego da propia planta de depuración de augas residuais e lavado do filtro de banda na deshidratación dos lodos.

Nos planos de infraestruturas, e en concreto, nos referentes ao saneamento no concello de Carballo, diferéncianse entre os tramos de condución existentes e aqueles que están en proxecto, considerando estes últimos como aqueles que están en fase de tramitación ou incluso de execución como existentes de cara á ordenación do territorio, dado que xa está en execución aínda que non este rematada a obra.

As entidades de A Brea e A Ponte Rosende non forman parte desa condución urbana da que falábamos senón que verten a dúas decantoras situadas, unha na Ponte Rosende e outra nas proximidades do Centro ASPABER.

A continuación faremos unha descrición do estado deste servizo nos núcleos rurais do concello.

Na parroquia de Lema existe rede de saneamento en Castrillón e O Outeiro. Ademais de un servizo ao núcleo de Pedra do Sal. O tipo de depuradora empregada é de decantación con saída ata o mar.

En Baldaio, fíxose unha importante ampliación e reforma da rede de saneamento existente. A EDAR de Baldaio xa está executada e funcionando, o que permite o tratamento da zona este da parroquia de Lema e a conexión das parroquias de Noicela, Rebordelos e Vilela.

Na parroquia de Noicela, existe saneamento en funcionamento na entidades de Imende e nas entidades de poboación que discoren pola estrada DP-1908. Contan cunha depuradora de tipo compacto. A EDAR e colectores de Baldaio permite a conexión dos sistemas desta parroquia.

Na parroquia de Oza instalouse unha depuradora compacta de oxidación total para 250 habitantes equivalentes situada no lugar de Muiño Vello. A rede de saneamento ampliouse para dar servizo os núcles de As Encrucilladas, A Igrexa, Outeiro, O Rodo, Serantes do Medio, As Torres, Vilar do Carballo e Oza da Carretera.

A parroquia de Cances conta coa instalación dunha EDAR situada no lugar da Granxa. Trátase dunha depuradora no que o proceso biolóxico consiste en un sistema de biodiscos de dúas etapas e cun decantador secundario, dimensionada para unha poboación de ata 500 habitantes equivalentes. Conxuntamente coa EDAR ampliouse a rede de sumidoiros para garantir a dos núcleos de Campo de San Pedro, Cances da Vila e Cances Grande.

Na parroquia de Bértoa contan con saneamento aquelas entidades situadas na extensión do núcleo urbano de Carballo seguindo a AC-552 e a DP-1909.

Para os núcleos de Entrerríos, Queo de Abaixo e Proame (A Laracha), instalouse unha depuradora de tipo compacto situada no lugar Monte Insua.

Na parroquia de Berdillo, existe unha ampla rede de sumidoiros que da servizo a practicamente todas as entidades da parroquia.

Nas entidades de A Regueira de Arriba, de Abaixo e Chacín, ten unha depuradora de tipo compacto oxidación total para 250 habitantes equivalentes, situada en A Regueira.

Na parroquia de Artes, cóntase cun sistema de bombeo que envía as augas residuis á EDAR de Artes.

No lugar de A Igrexa unha EDAR para 668 habitantes equivalentes, da servizo conxunto as parroquias de Artes e Sofán conectando os núcleos de O Almacén, As Pallas, Baltar, Cabalos, Choias, A Igrexa, O Xamozo, A Pontenova, Vilar de Francos, Cotote, A Hermida, A Lagarteira e Vioño.

Na parroquia de Ardaña existe unha depuradora con capacidade para 4000 habitantes. A rede de colectores permiten a conexión dos núcleos situados á beira da estrada DP-1914, dende a Ponte Rosende ata Entrecruces. Existe un segundo punto de depuración, este baséase nun sistema de oxidación prolongada, e atópase situada nas proximidades da área recreativa de Barís (Rus), nas entidades de Quintáns e A Igrexa de Ardaña, e a Barís e O Campo en Rus.

Ademais está en proxecto una depuradora localizada no Río Grande que conectara as instalacións da DP-1914 e dará servizo os núcleos de A Cesta e Gontade.

Na parroquia de Aldemunde non existe ningunha rede de saneamento municipal na actualidade.

Na parroquia de Razo existe unha rede de sumidoiros en Arnados e Razo da Costa. Existe unha EDAR en Razo, cunha capacidade de 4000 habitantes.

Na parroquia de Rebordelos o saneamento está conectado coa EDAR de Rebordelos.

Na parroquia de Vilela non existe ningún tipo de instalación de saneamento, a excepción de o núcleo de O Castelo.

Na parroquia de Goiáns hai unha rede de sumidoiros que vai dende o acceso á autoestrada, na AC-414 percorrendo a entidade de Xoane e Xoane da Estrada. Dita rede conectarase ao sistema xeral do núcleo de Carballo.

Na parroquia de Sísamo, tan só se atopa en funcionamento a rede existente dende Ramil ata Os Vilares e A Raíña, así como nas entidades máis urbanas como son Fonte Caldeira, Pedra Furada e O Sisto. Hai un sistema de decantación nas proximidades de A Cepeira.

Na parroquia de Rus existen sumidoiros en varias entidades mais sendo unha parroquia tan extensa, aínda falta moito territorio ó que darlle servizo.

Coa EDAR de Ardaña, anúlanse os sistema de depuración de Barís colocando no seu lugar un bombeo e impulsando cara a rede de colectores desta EDAR.

A parroquia de Sofán sírvase de dúas decantadoras, situadas en Guntián e Cotomil. En Zarrallo existe unha depuradora de tipo compacto que da servizo os núcleos de As Canelas, A Carracha, Sinande e O Zarrallo. No lugar de Paradela instalouse unha pequena depuradora compacta a unha parte das vivendas.

Na parroquia de Artes, no lugar de A Igrexa unha EDAR para 668 habitantes equivalentes, da servizo conxunto as parroquias de Artes e Sofán conectando os núcleos de O Almacén, As Pallas, Baltar, Cabalos, Choias, A Igrexa, O Xamozo, A Pontenova, Vilar de Francos, Cotote, A Hermida, A Lagarteira e Vioño.

Na parroquia de Entrecruces existe rede que discorre desde Casaldares a Taboada e vai tamén a O Piñeiro, conectada coa Edar de Ardaña. O núcleo de Vilela dispón de rede propia.

No resto das entidades empréganse sistemas autónomos (pozos negros) onde se almacenan os efluentes en fosas sépticas e posteriormente procederase ó seu vaciado. Polo tanto ten unha gran importancia seleccionar adecuadamente o lugar de vertido para non orixinar contaminación (son zonas sensibles as do val do Anllóns, así como a marisma de Baldaio e solos areosos da zona).

5.2.3.2. ESTACIÓNS DEPURADORAS DE AUGAS RESIDUAIS (EDAR)

A continuación se describen as estacións depuradoras de augas residuais (EDAR) existentes no concello de Carballo.

EDAR de Carballo

Xa se indicou que no casco urbano de Carballo e o seu entorno, existe unha estación depuradora sita en A Revolta, pertencente á parroquia de Carballo, que da servizo ás parroquias de Carballo, Bértoa e Sísamo. As características desta instalación son as seguintes segundo os datos facilitados pola empresa concesionaria do subministro, Aquagest.

- Poboación equivalente de deseño 35.000 h.e.
- Caudal medio de deseño 10800 m3/dia
- As coordenadas do punto de vertido ao río Anllóns son as seguintes: X= 523627, Y= 4783653
- Os lodos da depuradora serán xestionados por un xestor autorizado.
- A EDAR presenta un estado e funcionamento correcto.

A rede de colectores esténdese a totalidade do núcleo de Carballo e arredores, incluíndo os polígonos industriais de Bértoa, e o sur da parroquia de Sísamo. O emisario xeral discorre polo borde do Río Anllons, e os polígonos industrias de Bértoa conéctanse a un ramal desde colector que discorre polo borde do Rego da Balsa.

EDAR en Razo

A EDAR para Razo trátase dunha depuradora biolóxica de fangos activados mediante o sistema de aireación prolongada, cun reactor circular aireado por soprantes e decantador na parte central. A deshidratación de fangos realizase con centrífuga. O vertido trátase cunha desinfección por U.V. Os principais datos de deseño desta EDAR son:

- Poboación equivalente de deseño 4000 h.e.
- Caudal medio de deseño 804 m3/dia
- Vertido o Rego de Pardiñas
- A posta en marcha deste equipamento é moi recente, e atópase nun perfecto estado de funcionamento.

A rede de colectores executada coa EDAR da servizo aos núcleos de Aranados en Razo (clasificado no PXOM como Núcleo urbano de Razo), Cambrelle, Razo da Costa e Cambre. A rede proxectada conéctase mediante dous bombeos á EDAR, situada na marxe esquerda do rego de Pardiñas. Tanto os bombeos como a EDAR están dimensionados para a totalidade da parroquia, incluíndo o crecemento demográfico admitido no PXOM. A instalación está dimensionada para unha poboación de 4.000 habitantes equivalente.

A EDAR consta dun desbaste fino e desareador, o tratamento biolóxico levase a cabo nun tanque tipo canal de oxidación, realizándose a aireación mediante un aireador superficial tipo rotor de 3000 mm de lonxitude e 1000 mm de diámetro. Para a decantación secundaria adoptouse unha unidade de decantador circular con ponte de rasquetas de fondo e flotantes por succión. Os fangos do decantador secundario son conducidos a unha cámara de bombeo.

EDAR en Ardaña

A EDAR para Ardaña trátase dunha depuradora biolóxica de fangos activados mediante o sistema de aireación prolongada, cun reactor circular

Os colectores proxectados recollen as parroquias de Rus, Ardaña e Entrecruces ; así como parte dunha parroquia pertencente ao concello de Coristanco. A auga bruta chega ata a EDAR situada na zona de Noví, a través de dous colectores de diámetro 315 e 500 mm que desaugarán nun bombeo de auga bruta da EDAR ubicado xa na parcela onde está a EDAR. A saída do efluente realízase por gravidade mediante zanxa drenante ao cauce do río Grande que desauga no río Anllóns. A instalación trátase dunha EDAR cunha capacidade final de 4000 habitantes equivalente pero cunha dotación de equipos capaces de tratar unicamente os 2000 habitantes equivalentes (a obra civil dimensionouse para os parámetros dunha EDAR cunha dotación para 4000 habitantes equivalentes), e unha dotación de 250 l/hab/día, cuns caudais de tratamento primario, secundario e terciario de 500,00 m3/día. Prevese ademais a instalación de 4 estacións de bombeo sumerxibles e 2 tramos de impulsión.

EDAR en Cances

Na parroquia de Cances existe unha EDAR situada no lugar de A Granxa. Trátase dunha depuradora no que o proceso biolóxico consiste en un sistema de biodiscos de dúas etapas e cun decantador secundario lamear. Os biodiscos irán precedidos dun tamiz rotatorio e un deareador-desengraxador aireado. O tratamento de fangos preveuse mediante espesado, estabilizado e posterior transporte a EDAR de Carballo para o seu tratamento. Os principais datos de deseño desta EDAR son:

- Poboación equivalente de deseño 500 h.e.
- Caudal medio de deseño 100 m3/dia
- Vertido o Rego de Cances

A rede de colectores conecta o saneamento existente nos núcleos de Campo de San Pedro, Cances da Vila e Cances Grande, non sendo necesaria a instalación de bombeo na rede.

EDAR en Artes

Na parroquia de Artes está en funcionamento unaha EDAR, situada no lugar de A Igrexa, para dar servizo as parroquias de Artes e parte de Sofán. Tratase dunha depuradora cun reactor biolóxico de aireación prolongada precedido dun tamiz rotatorio e un desareador-desengraxador aireado. O tratamento de fangos está previsto mediante espesado, estabilizado e posterior xestión por unha entidade autorizada. Os principais datos de deseño desta EDAR son:

- Poboación equivalente de deseño 800 h.e.
- Caudal medio de deseño 6,25 m3/h
- Vertido o Rio de Calvelo

A rede de colectores conecta o saneamento existente para dar servizo os núcleos de O Almacén, As Pallas, Baltar, Cabalos, Choias, A Igrexa, O Xamozo, A Pontenova, Vilar de Francos, Cotote, A Hermida, A Lagarteira e Vioño.

EDAR en Baldaio

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible encargou a elaboración do Anteproxecto denominado "Colectores xerais e EDAR de Baldaio", coa clave OH.315.793. Dito anteproxecto foi aprobado polo Pleno do concello de Carballo con data 30/06/2008, cun orzamento base de licitación de 2.800.068,81 €, sendo ademais aprobado no Consello da Xunta de data 02/10/2008.

Os colectores proxectados recollen as parroquias de Noicela, Rebordelos, Lema e Vilela; que conxuntamente compoñen o entorno de Baldaio, recollendo os colectores existentes anulando as fosas sépticas actuais. A auga bruta chega ata a EDAR a través de dous colectores de diámetro 315 mm que desaugarán nun bombeo de auga bruta da EDAR ubicado xa na parcela onde se desarrolla a nova EDAR. A saída do efluente realízase por gravidade ao cauce do río Rapadoiro. A instalación dimensionarase para unha poboación de 2.000 habitantes equivalente, e unha dotación de 250 l/hab/día, cuns caudais de tratamento primario, secundario e terciario de 501,60 m3/día. Prevese ademais a instalación de 10 estacións de bombeo sumerxibles e 5 tramos de impulsión.

A posta en marcha desta EDAR xa se realizou no terceiro trimestre de 2011. En xeral pódese concluír que as depuradoras en execución e en proxecto, solucionan o problema que durante anos existía na zona do litoral carballés, de falta de saneamento controlado.

Depuradora Compacta en Oza

Na parroquia de Oza ven de instalarse recentemente unha depuradora de tipo COMPACTA de oxidación total, situada no lugar de Muíño Vello. Trátase dunha depuradora prefabricada da casa Remosa coas seguintes características principais:

- Depuradora compacta de oxidación total Remosa ROX250
- Poboación equivalente de deseño 250 h.e.
- Caudal medio de deseño 2,08 m3/h
- Vertido o Rego de Oza

A rede de colectores conecta o saneamento existente para dar servizo os núcleos de As Encrucilladas, A Igrexa, Outeiro, O Rodo, Serantes do Medio, As Torres, Vilar do Carballo e Oza da Carretera. Prevéronse dous bombeos para elevar as augas cara a depuradora, ambos situados en Vilar do Carballo.

Depuradora Compacta en Añón

Na parroquia de Berdillo hai unha depuradora compacta das mesmas características que a anterior, situada na zona alta de Berdillo no lugar de Agra de Añón. Trátase dunha depuradora prefabricada da casa Remosa, que conta ademais cun tratamento U.V. previo o vertido. As características principais do equipo son:

- Depuradora compacta de oxidación total Remosa ROX250
- Poboación equivalente de deseño 250 h.e.
- Caudal medio de deseño 2,08 m3/h
- Vertido o Río Anllóns

Conxuntamente coa depuradora existe unha rede de colectores para dar servizo os núcleos de Xandra, Añón, Agra de Añón e Petón.

Sistemas de depuración en núcleos rurais

CD	NOME	LUGAR	PARROQUIA	LUGARES	VIVENDAS	TIPO
1209	OZA	MUÍÑO VELLO	OZA	AS ENCRUCILLDAS, A IGREXA, OUTEIRO, O RODO, SERANTES DO MEDIO, AS TORRES, VILAR DO CARBALLO, OZA DA CARRETERA	179	COMPACTA
1303	NÉTOMA	NÉTOMA	RAZO	NÉTOMA	55	PRU
1301	RAZO	ARNADOS	RAZO, LEMA	ARANADOS, CAMBRELLE, RAZO DA COSTA, CAMBRE	183	EDAR
1007	CASTRILLÓN	O OUTEIRO	LEMA	CASTRILLÓN, O OUTEIRO	39	COMPACTA
1009	PEDRA DO SAL	PEDRA DO SAL	LEMA	PEDRA DO SAL	26	PRU
1109	AS SAIÑAS	AS SAIÑAS	LEMA- NOICELA	IMENDE	59	COMPACTA
0602	CANCES	A GRANXA	CANCES	CAMPO DE SAN PEDRO, CANCES DA VILA, CANCES GRANDE	160	EDAR
1532	RAMIL	RAMIL	RUS	RAMIL, A IGREXA	25	PRU
0707	AS LABRADAS	AS LABRADAS	CARBALLO	AS LABRADAS	9	FOSA SÉPTICA
0308	FEIRA DE BERDILLO	CADAVOSO	ARTES	FEIRA DE BERDILLO, OS PINOS	76	PRU
0408	GANDUMA	CADAVOSO	BERDILLO	A GANDUMA, O PIÑEIRO, VILARNOVO, O ASEÑADO	106	PRU
0402	AS POZAS	AS POZAS	BERDILLO	AS POZAS, AS CASAS NOVAS, A IGREXA, LONGRAS, O MOUCHO, O PREGO	90	PRU
0417	A REGUEIRA	A REGUEIRA	BERDILLO	CHACÍN, A REDONDA, A REGUERA DE ABAIXO, A REGUEIRA DE ARRIBA	44	COMPACTA
1713	ZARRALLO	ZARRALLO	SOFÁN	As Canelas, A Carracha, Sinande, O Zarrallo	78	COMPACTA
1715	COTOMIL	COTOMIL	SOFÁN	BOLÓN, A CASANOVA, O COTOMIL, A PRAZA	51	PRU
0314	ARTES	A IGREXA	ARTES-SOFÁN	O ALMACÉN, AS PALLAS, BALTAR, CABALOS, CHOIAS, A IGREXA, O XAMOZO, A PONTENOVA, VILAR DE FRANCOS, COTOTE, A HERMIDA, A LAGARTEIRA, VIOÑO	138	EDAR
1728	GUNTIÁN	GUNTIÁN	SOFÁN	A GÁNDARA, GUNTIÁN, PARADELA (PARTE), O XEIXAL	61	PRU
1736	PARADELA	PARADELA	SOFÁN	PARADELA (PARTE)	13	COMPACTA
0312	O FORNO	O FORNO	ARTES-SOFÁN	O FORNO, O CAMPO DE ARRIBA, O PERISCAL DE ARRIBA, O PILRO, A TAPIA	56	PRU
0711	PONTE ROSENDE	PONTE ROSENDE	CARBALLO	PONTE ROSENDE, A BREA(PARTE)	70	PRU
0214	PONTE ROSENDE-VIVENTE	VIVENTE	ARDAÑA	VIVENTE	20	PRU
0516	QUEO	MONTE DA INSUA	BÉRTOA	ENTRERRÍOS, QUEO DE ABAIXO, PROAME (A LARACHA)	68	COMPACTA
1606	O ESPIÑO-RAMIL	O ESPIÑO	SISAMO	O ESPIÑO, RAMIL	33	COMPACTA
0604	CABANA-LIÑEIRO	LIÑEIRO	CANCES	LIÑEIRO	22	COMPACTA

Ademais das EDAR e depuradoras compactas relacionadas no apartado anterior, o concello de Carballo conta cun gran número de depuradoras de pequeno tamaño distribuídas polos núcleos rurais. Na seguinte táboa relaciónanse os sistemas de depuración existentes coa súa ubicación, parroquia e os lugares os que da servizo.

Calculo das verteduras actuais por parroquia

Facendo unha análise global de todas as verteduras existentes agrupadas por parroquias, cabe sinalar que de estas verteduras unha parte non está conectada a sistemas de saneamento municipais e verten a sistemas rurais ou individuais, sobre todo nas parroquias do interior onde existe maior dispersión. Os núcleos principais superiores a 50 casas dispoñen de rede de saneamento e sistemas de depuración.

Si facemos a suma da capacidade de tratamento de todas as EDAR, e depuradoras compactas instaladas no concello, obtemos unha capacidade de tratamento de 46668 Hab. Equiv. Isto supón unha capacidade de tratamento un 48,7% superior as actuais necesidades. A práctica totalidade dos núcleos maiores de 50 habitantes están conectados a redes de sumidoiros e a sistemas de tratamento de augas residuais.

Podemos concluír por tanto que Carballo dispón a día de hoxe dunha infraestrutura de depuración suficiente, ben dimensionada e correctamente distribuída.

5.2.3.3. PREVISIÓN DE NECESIDADES DO PXOM. PROPOSTA DE ACTUACIONS

Do mesmo xeito que para o abastecemento, para avaliar o aumento das verteduras de augas fecais no Concello compre facelo seguindo a programación para o desenvolvemento urbanístico do Concello, recollida no documento “Estratexia de actuación e estudio Económico-Financiero”, na cal se establecen 4 cuadrienios que dividen os 16 anos totais de vixencia do PXOM.

Cos criterios adoptados o desenrolo completo do PXOM suporía chegar a unha poboación futura de 47.604 habitantes, o que supón un incremento importante, mais a edificabilidade industrial e terciaria total. A maioría deste incremento atópase nas parroquias de Carballo e Bértoa, que verten na depuradora de Carballo, a maior do municipio cunha capacidade de tratamento de 35.000 habitantes. En segundo lugar estaría a zona de costa das parroquias de Razo e Lema onde puxéronse en marcha recemente as depuradoras de Razo e Baldaio, cunha capacidade de tratamento de 4.000 e 2.000 habitantes equivalentes.

Para a avaliación das capacidades de depuración necesarias fíxose unha cuantificación por parroquias vertentes a cada unha das EDAR existentes. Os caudais de augas fecais correspondentes as verteduras de tipo domestico consideráronse coma un 80% da dotación prevista de abastecemento (200 l/hab día x 0,8 = 160 l/hab día). Para o solo industrial e terciario realizase unha asimilación a verteduras de tipo doméstico considerando tamén un 80% do caudal de abastecemento (0,25 l/s Ha x 0,8 = 0,20 l/s Ha), calculando o número de habitantes equivalentes en relación as dotacións por persoa.

TABLA DE CALCULO CAUDALES DE AGUAS RESIDUALES INCREMENTO DE VERTEDURAS PRIMEIRO CUATRIENIO									
Parroquia		Usos	Ud. Calculo		HAB. EQV,	Dotación		Caudal Medio (l/s)	Caudal diario (m3/dia)
01	Aldemunde	Vivienda	4	viv	7	160	l/hab.día	0,0	1,1
02	Ardaña	Vivienda	27	viv	47	160	l/hab.día	0,1	7,5
03	Artes	Vivienda	27	viv	47	160	l/hab.día	0,1	7,5
04	Berdillo	Vivienda	38	viv	66	160	l/hab.día	0,1	10,6
05	Bértoa	Vivienda	75	viv	131	160	l/hab.día	0,2	20,9
		Industrial	22,6	Ha	2442	0,2	l/s Ha	4,5	390,7
		Terciario	2,1	Ha	230	0,2	l/s Ha	0,4	36,7
06	Cances	Vivienda	20	viv	35	160	l/hab.día	0,1	5,6
07	Carballo	Vivienda	3272	viv	5693	160	l/hab.día	10,5	910,9
		Terciario	6,2	Ha	665	0,2	l/s Ha	1,2	106,4
08	Entrecruces	Vivienda	24	viv	42	160	l/hab.día	0,1	6,7
09	Goiáns	Vivienda	8	viv	14	160	l/hab.día	0,0	2,2
10	Lema	Vivienda	65	viv	113	160	l/hab.día	0,2	18,1
		Terciario	0,3	Ha	32	0,2	l/s Ha	0,1	5,2
11	Noicela	Vivienda	19	viv	33	160	l/hab.día	0,1	5,3
12	Oza	Vivienda	18	viv	31	160	l/hab.día	0,1	5,0
13	Razo	Vivienda	120	viv	209	160	l/hab.día	0,4	33,4
		Terciario	0,3	Ha	37	0,2	l/s Ha	0,1	5,8
14	Rebordelos	Vivienda	4	viv	7	160	l/hab.día	0,0	1,1
15	Rus	Vivienda	55	viv	96	160	l/hab.día	0,2	15,3
16	Sísamo	Vivienda	15	viv	26	160	l/hab.día	0,0	4,2
17	Sofán	Vivienda	73	viv	127	160	l/hab.día	0,2	20,3
18	Vilela	Vivienda	7	viv	12	160	l/hab.día	0,0	1,9
					10141			18,8	1622,5

TABLA DE CALCULO CAUDALES DE AGUAS RESIDUALES INCREMENTO DE VERTEDURAS SEGUNDO CUATRIENIO									
Parroquia		Usos	Ud. Calculo		HAB. EQV,	Dotación		Caudal Medio (l/s)	Caudal diario (m3/dia)
01	Aldemunde	Vivienda	6	viv	10	160	l/hab.día	0,0	1,7
02	Ardaña	Vivienda	35	viv	61	160	l/hab.día	0,1	9,7
03	Artes	Vivienda	45	viv	78	160	l/hab.día	0,1	12,5
04	Berdillo	Vivienda	45	viv	78	160	l/hab.día	0,1	12,5
05	Bértoa	Vivienda	80	viv	139	160	l/hab.día	0,3	22,3
		Industrial	5,6	Ha	610	0,2	l/s Ha	1,1	97,5
06	Cances	Vivienda	39	viv	68	160	l/hab.día	0,1	10,9
07	Carballo	Vivienda	2500	viv	4350	160	l/hab.día	8,1	696,0
		Industrial	13,9	Ha	1503	0,2	l/s Ha	2,8	240,4
		Terciario	4,3	Ha	461	0,2	l/s Ha	0,9	73,7
08	Entrecruces	Vivienda	48	viv	84	160	l/hab.día	0,2	13,4
09	Goiáns	Vivienda	16	viv	28	160	l/hab.día	0,1	4,5
10	Lema	Vivienda	22	viv	38	160	l/hab.día	0,1	6,1
11	Noicela	Vivienda	38	viv	66	160	l/hab.día	0,1	10,6
12	Oza	Vivienda	30	viv	52	160	l/hab.día	0,1	8,4
13	Razo	Vivienda	98	viv	171	160	l/hab.día	0,3	27,3
14	Rebordelos	Vivienda	5	viv	9	160	l/hab.día	0,0	1,4
15	Rus	Vivienda	109	viv	190	160	l/hab.día	0,4	30,3
16	Sísamo	Vivienda	32	viv	56	160	l/hab.día	0,1	8,9
17	Sofán	Vivienda	120	viv	209	160	l/hab.día	0,4	33,4
18	Vilela	Vivienda	14	viv	24	160	l/hab.día	0,0	3,9
					8284			15,3	1325,4

TABLA DE CALCULO CAUDALES DE AGUAS RESIDUALES INCREMENTO DE VERTEDURAS TERCEIRO CUATRIENIO									
Parroquia		Usos	Ud. Calculo		HAB. EQV,	Dotación		Caudal Medio (l/s)	Caudal diario (m3/dia)
01	Aldemunde	Vivienda	7	viv	12	160	l/hab.día	0,0	1,9
02	Ardaña	Vivienda	40	viv	70	160	l/hab.día	0,1	11,1
03	Artes	Vivienda	38	viv	66	160	l/hab.día	0,1	10,6
04	Berdillo	Vivienda	56	viv	97	160	l/hab.día	0,2	15,6
05	Bértoa	Vivienda	23	viv	40	160	l/hab.día	0,1	6,4
06	Cances	Vivienda	25	viv	44	160	l/hab.día	0,1	7,0
07	Carballo	Vivienda	1024	viv	1782	160	l/hab.día	3,3	285,1
		Industrial	2,0	Ha	213	0,2	l/s Ha	0,4	34,0
		Terciario	4,0	Ha	429	0,2	l/s Ha	0,8	68,7
08	Entrecruces	Vivienda	35	viv	61	160	l/hab.día	0,1	9,7
09	Goiáns	Vivienda	12	viv	21	160	l/hab.día	0,0	3,3
10	Lema	Vivienda	8	viv	14	160	l/hab.día	0,0	2,2
11	Noicela	Vivienda	25	viv	44	160	l/hab.día	0,1	7,0
12	Oza	Vivienda	19	viv	33	160	l/hab.día	0,1	5,3
13	Razo	Vivienda	15	viv	26	160	l/hab.día	0,0	4,2
14	Rebordelos	Vivienda	6	viv	10	160	l/hab.día	0,0	1,7
15	Rus	Vivienda	85	viv	148	160	l/hab.día	0,3	23,7
16	Sísamo	Vivienda	42	viv	73	160	l/hab.día	0,1	11,7
17	Sofán	Vivienda	100	viv	174	160	l/hab.día	0,3	27,8
18	Vilela	Vivienda	8	viv	14	160	l/hab.día	0,0	2,2
					3370			6,2	539,2

TABLA DE CALCULO CAUDALES DE AGUAS RESIDUALES INCREMENTO DE VERTEDURAS CUATRIENIO									
Parroquia		Usos	Ud. Calculo		HAB. EQV,	Dotación		Caudal Medio (l/s)	Caudal diario (m3/dia)
01	Aldemunde	Vivienda	7,00	viv	12	160	l/hab.día	0,0	1,9
02	Ardaña	Vivienda	92,00	viv	160	160	l/hab.día	0,3	25,6
03	Artes	Vivienda	117,00	viv	204	160	l/hab.día	0,4	32,6
04	Berdillo	Vivienda	86,00	viv	150	160	l/hab.día	0,3	23,9
05	Bértoa	Vivienda	176,00	viv	306	160	l/hab.día	0,6	49,0
		Terciario	63,0	Ha	6804	0,2	l/s Ha	12,6	1088,6
06	Cances	Vivienda	63,00	viv	110	160	l/hab.día	0,2	17,5
07	Carballo	Vivienda	2.065,84	viv	3595	160	l/hab.día	6,7	575,1
08	Entrecruces	Vivienda	48,00	viv	84	160	l/hab.día	0,2	13,4
09	Goiáns	Vivienda	78,00	viv	136	160	l/hab.día	0,3	21,7
10	Lema	Vivienda	100,00	viv	174	160	l/hab.día	0,3	27,8
11	Noicela	Vivienda	83,00	viv	144	160	l/hab.día	0,3	23,1
12	Oza	Vivienda	99,00	viv	172	160	l/hab.día	0,3	27,6
13	Razo	Vivienda	27,00	viv	47	160	l/hab.día	0,1	7,5
14	Rebordelos	Vivienda	26,00	viv	45	160	l/hab.día	0,1	7,2
15	Rus	Vivienda	134,00	viv	233	160	l/hab.día	0,4	37,3
16	Sísamo	Vivienda	65,00	viv	113	160	l/hab.día	0,2	18,1
17	Sofán	Vivienda	245,00	viv	426	160	l/hab.día	0,8	68,2
18	Vilela	Vivienda	30,00	viv	52	160	l/hab.día	0,1	8,4
					12967			24,0	2074,7

De acordo con estes datos faise unha valoración do estado e capacidade das EDAR que existen no municipio, o longo dos catro cuadrienios de vixencia do plan.

CALCULO DE INCREMENTOS DE VERTEDURAS DE AUGAS RESIDUAIS NAS EDAR EXISTENTES										
	VERTEDURAS ACTUAIS		PRIMEIRO CUATRIENIO		SEGUNDO CUATRIENIO		TERCEIRO CUATRIENIO		CUARTO CUATRIENIO	
SISTEMA	HAB. EQV,	Caudal diario (m3/dia)	HAB. EQV,	Caudal diario (m3/dia)	HAB. EQV,	Caudal diario (m3/dia)	HAB. EQV,	Caudal diario (m3/dia)	HAB. EQV,	Caudal diario (m3/dia)
EDAR CARBALLO	21.374,33	3.419,89	30.560,46	4.889,67	37.068,95	5.931,03	39.605,47	6.336,88	41.912,32	7.029,21
EDAR RAZO	993,54	158,97	1.384,35	221,50	1.574,01	251,84	1.607,07	1.612,36	1.734,07	1.647,72
EDAR BALDAIO	1.306,74	209,08	1.358,94	217,43	1.477,26	236,36	1.552,08	248,33	1.807,08	319,32
EDAR CANCES	278,40	44,50	313,20	50,07	381,06	60,93	424,56	67,89	487,56	85,42
EDAR ARDAÑA	2.322,90	371,66	2.438,61	390,18	2.636,10	421,78	2.810,10	449,62	3.084,10	525,90
EDAR ARTES	240,00	38,40	318,74	46,40	449,24	67,28	558,86	84,82	920,86	185,60

Podemos observar que todas as EDAR están suficientemente dimensionadas para os incrementos previstos no PXOM coa excepción da EDAR de Carballo, polo que se prevé descargar esta depuradora e a construcción dunha nova EDAR no Polígono Industrial de Bértoa.

Programación das actuacións

O crecemento poboacional do municipio esta polarizado no núcleo de Carballo e a prolongación do mesmo na parroquia de Bértoa, onde tamén se atopa o crecemento industrial e terciario. Toda esta área está conectada a EDAR de Carballo que conta cunha capacidade de tratamento superior a demanda actual pero non suficiente para a demanda futura prevista. Outro polo de crecemento poboacional é a Costa, concretamente en Razo. As novas EDAR de Razo e Baldaio xa están solucionando os problemas existentes de verquidos incontrolados e garanten a capacidade suficiente para os incrementos de poboación previstos no PXOM.

Revisando as táboas anteriores onde analizase a programación para as actuacións necesarias de mellora ou ampliación nos sistemas de saneamento e depuración. Esta programación divídese en catro cuadrienios o igual que se fixo coas demais infraestruturas.

Compre sinalar que os crecementos propostos están baseados en previsións e a evolución real pode ser diferente. Por tanto deben ser os xestores da rede de saneamento os que revisen o crecemento real das demandas para acometer as obras no momento oportuno.

A programación resúmese nos seguintes puntos:

Curto prazo. Primeiro cuadrienio

Proponse a construción dunha nova estación depuradora de augas residuais (EDAR) para a zona industrial de Bértoa, co obxecto de descargar a EDAR de Carballo.

Comezo da realización de mellora na rede de saneamento existente, facendo unha rede separativa.

Medio prazo. Segundo cuadrienio

Continuarase ca rede de mellora na rede de saneamento existente, cambiando a unha rede separativa.

Longo prazo. Terceiro cuadrienio

Continuarase ca rede de mellora na rede de saneamento existente, cambiando a unha rede separativa.

Longo prazo. Cuarto cuadrienio

Continuarase ca rede de mellora na rede de saneamento existente, cambiando a unha rede separativa.

5.2.4. REDE ELÉCTRICA

A totalidade do municipio conta con rede eléctrica e alumeado publico nas súas entidades de poboación.

En función dos crecementos previstos, realizouse unha estimación do aumento de demanda de enerxía eléctrica, resumida na seguinte táboa:

TABLA DE CALCULO PREVISIÓN DE POTENCIA SUMINISTRO ELECTRICO

	Parroquia	VIVIENDAS							Coeficiente estimación de potencia (W/m2)				Potencia de cálculo (kW)
		SU-C	SU-NC	SUR-D	NR	Dotacional	Terciario	Industrial	Res	Dot	Terc	Ind	
01	Aldemunde				24				3.750	35	60	35	90,00
02	Ardaña				194				3.750	35	60	35	727,50
03	Artes				227				3.750	35	60	35	851,25
04	Berdillo				225				3.750	35	60	35	843,75
05	Bértoa		120	638	354	9859	40571,6	282554	3.750	35	60	35	16838,75
06	Cances				147				3.750	35	60	35	551,25
07	Carballo	5753	1198	899	184	45738	141765,32	158820,79	3.750	35	60	35	45792,19
08	Entrecruces				155				3.750	35	60	35	581,25
09	Goiáns				114				3.750	35	60	35	427,50
10	Lema			55	195	2598			3.750	35	60	35	1028,43
11	Noicela				165				3.750	35	60	35	618,75
12	Oza				166				3.750	35	60	35	622,50
13	Razo				260		3380,63		3.750	35	60	35	1177,84
14	Rebordelos				41	4940			3.750	35	60	35	326,65
15	Rus				383				3.750	35	60	35	1436,25
16	Sísamo			15	154	1152			3.750	35	60	35	674,07
17	Sofán				538	2974			3.750	35	60	35	2121,59
18	Vilela				59				3.750	35	60	35	221,25
										Previsión total			74930,77

Observase que o incremento de potencia está polarizado en Carballo e Bértoa.

Na actualidade existen dúas subestacións, unha na rúa Compostela e a outra sitúase no Polígono industrial de Bértoa, con capacidade suficiente para as previsións edificatorias do Plan, polo que a única actuación a desenvolver é cerrar o circuíto existente, levando as liñas desde a subestación do polígono ó centro urbano, xa que o aumento da demanda recóllese perfectamente por estas dúas subestacións existentes.

5.2.5. TELECOMUNICACIONS

O sistema de telecomunicacións esta consolidado na totalidade do núcleo urbano de Carballo e na primeira fase do polígono industrial de Bertoa. Tendo proxecto de ampliación en varios polígonos de solo urbano non consolidado, no solo urbanizable delimitado residencial S-R1 (en fase de desenvolvemento), na segunda fase do polígono industrial de Bertoa executada, e no solo urbano industrial de Queo de Arriba.

5.2.6. GAS

A rede de gas do municipio de Carballo parte do deposito de gas do polígono industrial de Bertoa, e abarca o solo urbano de Carballo ata o limite da parroquia do mesmo.

5.2.7. TELEFONÍA MÓVIL

Como xa se indicou, no concello de Carballo cóntase cunha ordenanza municipal para a instalación e funcionamento de instalacións de telefonía móbil e outros servizos e equipos de telecomunicacións e de difusión dentro do termo municipal. Dita ordenanza regulará as condicións técnicas e urbanísticas aplicables á localización, instalación e funcionamento dos elementos e equipos de telecomunicación; telefonía, redes de telecomunicación por cable, radiodifusión sonora e televisión (tanto pública como privada).

Sinalar únicamente que coas instalacións existentes a cobertura é suficiente.

5.3. DIAGNOSE DA COBERTURA DOTACIONAL

Acordo coa configuración de capital da comarca de Bergantiños, o municipio estrutura en torno ó principal núcleo urbano, un sistema territorial de asentamentos poboacionais dependentes e organizados a partir da súa división parroquial. Esta disposición estrutura un sistema viario de carácter radial que articula as relacións entre localidades.

Na parte central do concello o crecemento a través dos eixes viarios nas proximidades ó centro urbano, provocou unha modificación da tipoloxía dos asentamentos rurais tradicionais, dotándoos de estrutura lineal e maiores dimensións, acollendo á meirande parte da poboación do municipio. Pola contra, nos extremos Norte e Sur do territorio, subsiste o sistema de asentamento tradicional, con caracter mais rural e agrupacións mais compactas rodeadas de grandes extensións de solo agrícola. Hai que dicir que na actualidade, o borde litoral ten unha estrutura mixta de organizacións primarias e urbanizacións semiconsolidadas.

Deste xeito, as dotacións no medio urbano e no medio rural están condicionadas por esta configuración radial de relacións territoriais. A meirande concentración de dotacións e concretamente dos equipamentos, situase no núcleo urbano e nos núcleos rurais da parte central do concello, debido á proporción de poboación que absorbe a zona con respecto ó resto do territorio.

O medio rural

As dotacións do medio rural do concello de Carballo, son as propias da morfoloxía tradicional dos asentamentos poboacionais de Galicia, estruturados por parroquias, baseada na igrexa e o cemiterio parroquial, e os usos e espazos anexos como son o adro, e o campo da festa. Dependendo da densidade poboacional contan con escolas unitarias, EEI ou CEIP, locais sociais, pequenas pistas deportivas e campos de fútbol.

En canto a servizos comunitarios tradicionais todos os núcleos contan con lavadoiros e fontes, e algúns con muíños. Existen tamén os espazos de uso comunitario que se centran no solo comunal de titularidade pública agrario e forestal.

O medio rural próximo ó núcleo urbano

Dentro do medio rural é importante sinalar os asentamentos poboacionais próximos ó núcleo urbano, que contan con maior cobertura dotacional e especialmente a parroquia de Bértoa que acolle equipamentos xerais de caracter urbano como as canceiras municipais, o parque de bombeiros, o punto limpo, etc.

O núcleo urbano

O desenrolo expansivo do núcleo urbano fundamentado exclusivamente no aproveitamento edificatorio ó marxe do planeamento urbanístico que resulta ineficaz, provocou en décadas pasadas as conseguintes carencias de equipamentos e dotacións urbanas. Posteriormente o forte crecemento demográfico experimentado pola vila forzou á administración municipal a mellorar os equipamentos, fundamentalmente os de uso escolar e deportivo, a través de cesións directas posto que os ámbitos de solos vacantes a desenrolar por planeamento parcial non se deron materializado. A histórica carencia de espazos libres e o deficiente nivel de urbanización dos existentes, non foi en cambio corrixida nos últimos tempos.

Casa dos Oficios, Vila de Carballo

A expansión edificatoria ocupou de modo disperso e sen consolidar a meirande parte do núcleo, xerando unha malla urbana cun nivel de fragmentación que imposibilita as novas cesións, tendo que desprazar as cesións ata a periferia non construída. En posición central encóntranse as dotacións urbanas derivadas do tradicional papel de cabeceira comarcal, como os Xulgados, o Centro de Saúde, a Delegación de Facenda, etc., e se transforman os usos dotacionais de cara a consolidar as instalacións comerciais e terciarias, tan tradicionais no concello.

5.3.1. POBOACIÓN MUNICIPAL ACTUAL

Acordo os datos do INE de fecha decembro de 2013, o concello de Carballo conta cunha poboación total de 31.303 habitantes. No núcleo urbano de Carballo se atopa aproximadamente o 61% da poboación total do concello.

Código INE	PARROQUIA	Poboación 2013	Nº de Entidades
1	ALDEMUNDE	91	2
2	ARDAÑA	686	15
3	ARTES	626	25
4	BERDILLO	1039	25
5	BERTOA	1581	18
6	CANCES	610	6
7	CARBALLO	19140	13
8	ENTRECRUCES	865	19
9	GOIANS	439	8
10	LEMA	463	16
11	NOICELA	446	19
12	OZA	651	15
13	RAZO	812	9
14	REBORDELOS	218	7
15	RUS	1098	39
16	SISAMO	838	19
17	SOFAN	1555	59
18	VILELA	208	6
Total do Concello		**31366**	**320**

5.3.2. DESCRICIÓN DAS DOTACIÓNS EXISTENTES

O concello de Carballo conta con dotacións distribuídas nos núcleos urbanos e rurais formando un tecido equilibrado á demografía, tal como se indicou. Nos planos de información, se inclúe unha relación de tódolos dotacións de caracter público e privado que conten o concello, e que se relacionan a continuación, clasificadas por usos:

		PÚBLICO		PRIVADO	
		SX	SL	SX	SL
Espazo libre	**EL**	**259.502 m²**	**35.161 m²**		**205 m²**
Tipo de equipamento	**EQ**	**433.471 m²**	**16.941 m²**		**236.033 m²**
Social e asistencial	EQ-A	2.950 m²	358 m²		21.919 m²
Cemiterio	EQ-C	13.881 m²			48.409 m²
Deportivo	EQ-D	232.821 m²	6.191 m²		49.834 m²
Educativo-docente	EQ-E	115.907 m²	1.509 m²		15.308 m²
Cultural	EQ-L	3.658 m²			
Administrativo	EQ-M	2.172 m²			
Aparcamento	EQ-P	1.551 m²			6.277 m²
Relixioso	EQ-R		494 m²		29.157 m²
Sanitario	EQ-S	2.822 m²			126 m²
Terciario-comercial	EQ-T	2.653 m²			20.366 m²
Servizos varios	EQ-V	55.057 m²	8.389 m²		44.636 m²

Dentro dos servizos urbanos e infraestruturas territoriais , non computables aos efectos do artigo 47 da LOUG , en carballo contase coas seguintes superficies:

Tipo de servizos urbanos	**SU**	**61.400 m²**
Fontes e lavadoiros	SU-A	2.088 m²
EDAR	SU-D	26.791 m²
ETAP	SU-T	8.700 m²
Depósito de Auga	SU-P	13.696 m²
Estación de Transformación	SU-E	7.988 m²
Depósito de Gas	SU-G	2.137 m²
Tipo de infraestruturas territoriais	**SU**	**6.509 m²**

5.3.3. DIAGNOSE DA COBERTURA DOTACIONAL EXISTENTE

Para analizar a situación existente en canto a cobertura dotacional do solo edificado, e así diagnosticar a cobertura actual, calcúlanse os metros cadrados edificados totais do municipio, tanto de solo urbano consolidado como dos núcleos rurais. Sendo o aproveitamento lucrativo residencial máximo de **3.829.834,47 m²**.

Unha vez cuantificados os espazos libres e equipamentos existentes, no epígrafe anterior, para diagnosticar se aplican os estándares do art. 47.1 da LOUG que preceptúa como reservas para a implantación de Sistemas Xerais de Equipamentos 5 m2 por cada 100 m2 edificables de uso residencial, e de Espazos Libres 15 m2 por cada 100 m2 edificables de uso residencial.

Dando o seguinte:

CUMPRIMENTO DO ARTIGO 47.1 DA LOUG				
DOTACIÓNS	**ESPECIFICACIÓNS**	**LOUG**	**EXISTENTES**	**BALANCE**
ESPAZOS LIBRES	15 M2 DE SOLO X 100 M2 EDIFICABLES DE USO RESIDENCIAL	574.475,17 m²	259.502 m²	-314.973,17 m²
EQUIPAMENTOS	5M2 DE SOLO X 100 M2 EDIFICABLES DE USO RESIDENCIAL	191.491,72 m²	435.696 m²	244.204,28 m²

5.3.3.1. CONCLUSIÓNS:

EXCESO DE EQUIPAMENTOS: Pódese confirmar a adecuada cobertura do concello en canto a equipamentos, superando o estándar legal pois contase con 11.4 m2 por cada 100 m2 edificables de uso residencial.

DEFICIT DE ESPAZOS LIBRES: Por contra, observase que a cobertura de espazos libres existentes no concello é escasa, cun estándar de 7.5m2 por cada 100 m2 edificables de uso residencial. Este déficit estase actualmente a resolver grazas á iniciativa municipal, de formular a adecuación dos bordes do río Anllóns como parque fluvial lineal ao mesmo tempo que se recupera e potencia ó valor natural do canle do río para o disfrute medioambiental dos habitantes da zona.

Parque do Anllóns

6. ANÁLISE E DIAGNÓSTICO DA VILA DE CARBALLO

6.1. ESTUDO DESCRIPTIVO E IDENTIFICATIVO DA MALLA URBANA ACTUAL

O análise da malla urbana do núcleo de Carballo é requisito imprescindible para a clasificación do solo urbano como acto regrado.

A continuación se describen as diferentes zonas do núcleo, de cara ao recoñecemento e identificación da malla urbana:



1. BERTOA

Este ámbito presenta un caracter urbano pouco organizado, consecuencia da ocupación edificatoria da estrutura agrícola existente de forma lineal ó longo da estrada da Coruña. A consolidación é incompleta e situase nos bordes da estrada, con escasa continuidade na parte posterior. O nivel de urbanización é tamén algo incompleto. As tipoloxías edificatorias son diversas, coexistindo as vivendas familiares, colectivas, naves industriais, etc, sempre co predominio da baixa densidade.

2. PEDRAS BRANCAS – VAZQUEZ DE PARGA

A zona presenta un caracter inacabado, consecuencia das cesións anticipadas dun área de planeamento non desenvolta, e que deron lugar a implantación dos equipamentos que se ubican na zona: novo centro de Saúde e delegación de Facenda. A única consolidación completa se presenta no fronte á Rúa Vázquez de Parga, presentando diversas tipoloxías de vivenda colectiva. A parte Oeste presenta unha topografía en pendente ata o rego Da Balsa, que encontrase actualmente sen ocupación. As tipoloxías edificatorias son diversas, coexistindo as vivendas familiares, colectivas, naves industriais, etc, sempre co predominio da baixa densidade.

3. O CHORIS

A configuración desta zona se caracteriza por unha gran maza central de equipamentos, co IES Alfredo Brañas o CEIP Fogar e unha zona libre e pistas deportivas que ocupan os terreos do antigo campo de fútbol, o Pavillón polideportivo e a piscina municipal. Arredor desta maza se dispón unha malla urbana reticular e ordenada, de dimensións amplas pero algo incompleta en canto a consolidación. As rúas lonxitudinais non ten continuidade nos laterais e toda a urbanización enlaza con camiños rurais preexistentes.

Xurde a necesidade de dar solución á continuidade dos viarios e de definir os bordes norte e Este, por ser os mais irregulares.

4. CENTRO URBANO

Esta zona constitúe a zona máis consolidada do núcleo urbano de Carballo, e está delimitado por dous grandes eixos lonxitudinais que son a Rúa Vázquez de Parga e a Gran Vía. Neste centro urbano se sitúa a Praza do Concello coas edificacións da Casa do Concello e o Mercado municipal. O grado de urbanización é alto e dende o concello estase a peatonalizar e reformar os accesos a este centro dende a Praza de Galicia e a Rúa Martín Herrera. Presenta un alto grao de consolidación edificatoria, con mazas pequenas debido ás habituais reparcelacións forzadas polo máximo aproveitamento, sen unha estrutura definida no seu interior.

Esta gran consolidación obriga unicamente ó PXOM á correcta fixación das volumetrías edificatorias por medio das ordenanzas.

5. GRAN VÍA - VILA DE NEGREIRA

Este sector de solo suxeito anteriormente a planeamento parcial non sufriu desenrolo algún e encontrase vacante de urbanización e edificación, excepto o fronte á Gran Vía que constitúe unha fachada urbana sen remate posterior. A Rúa Vila de Negreira chega dende o Sur e non ten continuidade nesta zona, desembocando a un camiño rural preexistente.

Este documento do PXOM ten que recoller a solución para este solo, dada a súa posición estratéxica con respecto ó centro urbano e o estado vacante da totalidade do ámbito.

6. A LAGOA

Sitúase o Sueste da Praza do Concello, e conta cun viario principal que o atravesa, a Vila de Negreira. A súa morfoloxía reflicte o orixe da trama a partir dun asentamento inicial de caracter rural que sufriu unha evolución recente de substitución das edificacións e apertura de rúas a causa da proximidade ó do centro urbano. Os viarios interiores son de escasa sección e se manteñen edificacións de carácter modesto. Pola contra, as fachadas ás Rúas do Sol e Gran Vía están totalmente consolidadas e cunha tipoloxía mais urbana e de maior altura.

A parte Leste do ámbito está pouco consolidada, chegando a estar totalmente vacante nas proximidades ó río Anllóns.

7. A CRISTINA

A configuración desta zona é o resultado do convenio urbanístico para o emprazamento da Nova Estación de autobuses, e a correspondente cesión nas ribeiras do Anllóns e os convenios derivados da canalización subterránea do tramo da desembocadura do Rego da Balsa. O espazo libre do curso do río está urbanizado con zonas de paseo e estancia e acondicionamento vexetal, cun gran nivel cualitativo e dando solución ós problemas das crecidas invernais. A urbanización inmediata está sen completar nalgunhas partes, e a consolidación edificatoria é escasa incluso no fronte da Rúa Luis Calvo. Neste entorno sitúase tamén o CEIP A Cristina.

8. SAN MARTIÑO

Consolidación edificatoria ata a Rúa Fomento configurando mazas completas e ata a Rúa do Sol como fachada urbana sen rematar na parte posterior cara á ribeira do río Anllóns. O restante solo vacante é escaso e as cesións se materializan no Parque de San Martiño. Conta co problema do impacto negativo que provoca a edificación inacabada cara ó espazo vacante.

9. O BOSQUE – AS LABRADAS

Esta zona se desenvolveu ó longo da estrada de saída ata Ordes, e adentrándose ata o curso do río Anllóns e ata o camiño perimetral de As Labradas por viarios perpendiculares que deron lugar a parcelacións excesivas e a unha edificación irregular e algo dispersa, aínda que as rúas están urbanizadas.

10. REGO DA BALSA- AVENIDA DE RAZO

Esta zona se desenvolveu ó longo da estrada de Razo e presenta a típica configuración de ocupación lineal. No borde Oeste da estrada se abriron viarios perpendiculares sen continuidade, con posteriores parcelacións e consolidación edificatoria. No borde Este se empraza o equipamento escolar IES Isidro Parga Pondal, como resultado da obtención de solo a través dun convenio urbanístico. Conta con moita superficie de solo vacante ata o Rego da Balsa, con topografía mais accidentada na vaguada do rego, e no extremo Sur se remata cun asentamento consolidado de vivendas unifamiliares. Salientar nesta zona a urbanización resultante da xestión do polígono 19 coa conseguinte obtención de zonas verdes.

11. PONTE DA PEDRA

Se inclúen en esta zona os terreos sitos entre a Rúa Muíño e a Avda. Ponte da Pedra ata a estrada de Malpica. A edificación se encontra consolidada nas franxas inmediatas a estas rúas.

O extremo Oeste conta cunha ordenación con mazás semiabertas de alta densidade froito dun Plan Parcial, concentrando as cesións do equipamento escolar CEIP Bergantiños, equipamento que se completou posteriormente co Pavillón polideportivo e a Piscina municipal Bergantiños. Esta dotación polivalente serve de transición co asentamento consolidado de vivendas unifamiliares do lindeiro norte de Rego da Balsa. A outra beira do Rego da Balsa sitúase o equipamento comercial privado Bergantiños, que supuxo a revitalización da outra área residencial consolidada da Rúa Muiño.

12. BAÑOS VELLOS

Zona dos antigos mananciais termais. Conta con viario perimetral e un importante eixo central concluído recentemente, a Rúa Perú. Conta con viarios perpendiculares á Avda. Ponte da Pedra, Rúa Fábrica e Rúa Poniente, con consolidación bastante alta excepto nos ámbitos interiores, que se resolverá dando continuidade a estas rúas iniciadas. A prolongación da Rúa Perú delimita un amplo espazo libre central no que se incorpora o curso de auga preexistente saneado e urbanizado.

13. RUA DA CRISTINA - RUA DAS HORTENSIAS

Configuración de trama irregular de rúas sen continuidade nos seus trazados e baixo nivel de urbanización. Conta con consolidación edificatoria nos bordes con tipoloxía entre medianeiras, deixando bolsas vacantes de tamaño medio no interior. O Sur do ámbito é a zona menos consolidada.

14. AVDA. DAS FLORES – SAN CRISTOVO

Ámbito de forma triangular entre a Avda. Da Fábrica e Avda. Das Flores, rematando nos terreos posteriores á igrexa de San Cristovo. Coincidindo co vértice cara ó casco urbano se presenta un alto grado de consolidación, e por contra, o borde do Oeste é solo baleiro, unicamente consolidado en dotacións por medio da urbanización do Parque de San Cristovo e a Pista polideportiva.

15. A PEDRA FURADA – AVDA. INSTITUTO

Area que constitúe a periferia urbana do borde Oeste, con escasa transformación do solo nas zonas interiores ós viarios, e dicir, de estrutura case agraria, moi parcelada e con pouco grado de consolidación edificatoria. A edificación ten tipoloxía entre medianeiras e encontrase dispersa ó longo dos viarios que contan con todos os servizos urbanos. O equipamento docente do IES Monte Neme está pouco integrado na malla urbana.

16. AVDA. FISTERRA – RIO ANLLÓNS

Franxa de terreo delimitada polo río Anllóns e o borde oeste da Avda. Fisterra. Neste borde se sitúa a consolidación edificatoria coas traseiras cara ó solo vacante de gran potencialidade natural á beira do río. O límite Nordeste está ordenado, en contacto coa nove estación de autobuses.

17. A MILAGROSA- O IGREXARIO

Ten unha subdivisión parcelaria que da lugar a mazas moi estreitas con ocupación masiva que non atende ó ensanche formulado do documento urbanístico inicial. A edificación avanza liberando unicamente os viarios cara o río, no que se sitúa o espazo libre do Parque do San Martiño. O extremo Sur está pouco consolidado pero conta con viarios e urbanización.

A intervención do PXOM se baseará na correcta definición das ordenanzas edificatorias de solo urbano consolidado.

18. OS LOUREIROS

Area que constitúe a periferia urbana do borde Sur, quedando delimitada pola Avda. da Milagrosa, cara á que se presenta unha fachada urbana edificada e solo vacante con vivenda unifamiliar dispersa ó longo das vías na parte posterior. No centro da área situase a antiga Feira do gando, hoxe nova Casa dos Oficios, e o CEIP da Milagrosa. O borde Leste está mais consolidado por vivenda colectiva entre medianeiras.

6.2. ANÁLISE E DIAGNOSE DO TRATAMENTO DA VILA DE CARBALLO NOS ANTERIORES PLANEAMENTOS

O caracter de redacción dun novo planeamento para o termo municipal nos leva a analizar neste epígrafe o tratamento que se deu ao solo urbano da vila nos anteriores planeamentos, sendo estes os causantes da situación urbana actual.

O modelo de crecemento do núcleo de Carballo formulado no PXOM de 2003, hoxe en día anulado, e nas normas subsidiarias en vigor, non se xustifica na actualidade. As dinámicas poboacionais, a recesión, a crise e o novo marco legal en vigor, modifican o ámbito de partida do documento.

Os anteriores planeamentos, baseábanse nos seguintes puntos para realizar a clasificación do solo:

1. En primeiro lugar formulábase un crecemento en torno ó núcleo central da Vila de Carballo caracterizado pola existencia de tódolos servizos urbanísticos que dotan á maior consolidación e concentración edificatoria do núcleo, que configura unha malla urbana consolidada, polo cal a súa clasificación e categorización como Solo Urbano Consolidado é lóxica e evidente. Non é así nos demais solos urbanos existentes nos que non se cumpre a LOUG.
2. En segundo lugar, inclúese tamén na categoría de solo urbano consolidado os desenvolvementos lineais producidos ó longo do viario, que se ben ofrecen unha menor consolidación edificatoria, é certo que contan con todos os servizos urbanísticos e configuran unha malla urbana propia dos núcleos galegos, o que unido á presenza de parcelacións exhaustivas, determina, en certo modo, a inconveniencia de someter estes ámbitos a procesos de execución integral.
3. En terceiro lugar, si que parece de todo punto inxustificado a inclusión de amplas superficies nas zonas perimetrais do casco, na categoría de solo urbano non consolidado no plan do 2003, co agravante de seu intercalamento con áreas de solo rústico apto para urbanizar, dado que claramente tratase de amplas zonas vacantes que necesitan un proceso integral de desenvolvemento.
4. Particularmente, non se comprende a delimitación de determinadas zonas como Solo Rústico Apto para Urbanizar posto que precisamente a súa ubicación e a súa relación e integración na malla urbana, é nula en moitos deles.

5. Ao contrario, existen zonas de urbanizacións existentes, cun exhaustivo nivel de parcelación e de consolidación edificatoria, que imposibilitan calquera outro tipo de intervención, delimitadas como solo urbano non consolidado, ou Solo Rústico Apto para Urbanizar, nas que unicamente son necesarios procesos de reorganización física de fincas u obras accesorias de urbanización para que todas las parcelas alcancen la condición de solar, polo que o PXOM as delimita como solo urbano consolidado.

6. As unidades de actuación de solo urbano non consolidado e os ámbitos de solo rústico apto para urbanizar ou urbanizable que, no momento da redacción do presente PXOM encóntranse en proceso de desenvolvemento, cos seus instrumentos de planeamento aprobados definitivamente , se herdan e incorporan neste documento como solos con ordenación pormenorizada, remitíndose as súas determinacións aos documentos respectivos que os desenvolven, sendo estes os seguintes:

SOLO URBANO NON CONSOLIDADO E SOLOS URBANIZABLE DELIMITADO

NOVA DENOMINACIÓN	SISTEMA	Proxecto	ESTADO DE TRAMITACIÓN	DATA	PUBLICACIÓN	Edificabilidade PXOM 2003
UU-R2	Concerto	Proxecto de Equidistribución	Aprobacion Definitiva	6-ago-07		1,4115
		Proxecto de urbanización	Aprobacion Definitiva	21-nov-11		-
UU-R14	Compensación	Proxecto de Compensación	Aprobacion Definitiva	20-nov-08	XGL 20-11-2008, BOP 17-12-08	2,4756
		Proxecto de urbanización	Aprobacion Definitiva	1-feb-10		-
UU-R7	Cooperacion	Proxecto de Reparcelación	Aprobacion definitiva	30-ago-10	BOP Nº191	-
UU-R3	Compensacion	Proxecto de Compensación	Aprobación Definitiva	23-jul-07		1,5898
		Proxecto de Urbanización	Aprobacion Definitiva	29-oct-07	BOP Nº151	-
UU-R4	Cooperacion	Proxecto de Reparcelación	Aprobación Definitiva	22-jul-08		1,1454
UU-R10	Cooperacion	Proxecto de Reparcelación	Aprobación Definitiva	30-jun-11	BOP 26-10-2011	2,6263

NOVA DENOMINACIÓN	SISTEMA	Proxecto	ESTADO DE TRAMITE	Fecha	PUBLICACIÓN	Edificabilidade PXOM 2003
S-R3	Compensación	Plan de sectorización	Aprobación definitiva	26-jul-05		0,4000
		Proxecto de compensación	Aprobación definitiva	21-jul-08		
		Proxecto de urbanización	Aprobación definitiva	21-jul-08	BOP Nº229	
S-I1	Pública - XESTUR	Proxecto de Reparcelación	Aprobacion inicial	27-sep-10	BOP Nº200	
		Plan de sectorización	Aprobación provisional	27-oct-07		
S-I2	Pública - XESTUR	Proxecto de Reparcelación	Aprobacion inicial	27-sep-10	BOP Nº200	
		Plan de sectorización	Aprobación provisional	27-oct-07		

6.3. ANÁLISE E DIAGNOSE DO TRATAMENTO DO LITORAL NOS ANTERIORES PLANEAMENTOS

Preservar o dominio marítimo de accións que o perturben é, ademais dunha esixencia legal, unha consecuencia lóxica de calquera análise territorial elaborado con carácter previo ao planeamento urbanístico. Dicir xa en primeiro lugar que, a pesar de que a costa de Carballo forma parte da chamada “Costa da Morte” de evidente e recoñecida riqueza natural, se descoñece a existencia de estudio detallado que servira de base para a ordenación de áreas do litoral con anterioridade ao POL.

Acordo cos criterios da Lei de Costas vixente, un Plan Xeral de Ordenación Municipal debe atender á delimitación do Solo Rústico de Especial Protección de Costas, de maneira que se puidesen incorporar espazos que poderían entrar noutras categorías de Solo Rústico de Especial Protección, tales como enclaves naturais, augas, zonas de canles, etc., regularizando a ordenación do mesmo, sempre no senso de garantir melloras na protección, co obxectivo de configurar con tratamento único tódolos espazos de protección do borde do litoral. Esta finalidade debería ser a que impregnara calquera planeamento que trate de ser coherente coas disposicións legais, congruente coa realidade física e que responda a criterios racionais de integración territorial.

Ata a entrada en vigor do anulado Plan Xeral de Ordenación Municipal do 2003, non se aplicou ningunha das determinacións que contiña o Plan Especial da Zona Costeira de Razo-Baldaio, nin tampouco parece que se recolleran como contido propio en dito Plan Xeral as disposicións que para a zona establecía o mesmo.

Por outro lado, en marzo de 2001, antes da tramitación do Plan do 2003, por parte do Concello de Carballo acordarase, cun conxunto de propietarios de Fixón os Areos (Razo da Costa) por un lado, e de Razo (Arnados) por outro, clasificar o conxunto dos seus terreos como solo urbanizable, a cambio dunha serie de cesións de solo ao Concello.

A delicada situación da costa non se reflicte na clasificación e categorización dos anteriores planeamentos que delimitaba extensa áreas de Solo rústico apto para urbanizar en torno aos núcleo urbanos existentes, sen atender a criterios territoriais e medioambientais, e derivando a ordenación a Plans Especiais do litoral.

Os anteriores documentos recoñecían a existencia de núcleos rurais e urbanos na costa así como núcleos de caracter tradicional. Sendo o núcleo de Arnados solo urbano nas NN.SS e no PXOM do 2003

7. OBXECTIVOS DA ORDENACIÓN DO PXOM

7.1. ANTECEDENTES. ACTUACIÓNS PROGRAMADAS DENDE A ADMINISTRACIÓN LOCAL

Descríbense as actuacións que dende a propia administración local estanse a executar ou en proceso de programación no comezo dos traballos de redacción do presente PXOM, acordo á importancia que teñen na ordenación e planificación que se formula:

ZONA COSTEIRA

- Pretendese dar unha solución unitaria ó marco territorial da totalidade da costa dende Razo ata Baldaio, de forma que se dote dun tratamento integral e pormenorizado ó ámbito costeiro actualmente sen ordenación.
- Incorporación da proposta de ampliación da ZEC Costa da Morte, definida na revisión da delimitación da rede Natura 2000 que se está a tramitar.

ACTUACIÓNS A NIVEL VIARIO

- Mellora de travesías urbanas do núcleo de Carballo: Bértoa, Fisterra, Malpica e Sísamo.
- Proposta de circunvalación de Carballo
- Propostas de viario rodado e peonil para completar e mellorar a trama urbana de Carballo.

ACTUACIÓNS URBANIZADORAS

- Ampliación das reservas de solo industrial de forma que se concentren os usos, e se faciliten as conexións e reforzos ós sistemas xerais (esta proposta non chega a materializarse no PXOM).
- Incorporación da ordenación pormenorizada dos ámbitos de desenvolvemento que contan cos documentos urbanísticos aprobados definitivamente
    - Polígonos de Solo Urbano de uso residencial : UU-R2, UU-R3, UU-R4, UUR-7, UUR-10 e UU-R14
    - Áreas residenciais de Solo urbanizable: S-R3
    - Fases 3A e 3B do Polígono Industrial de Bértoa.

ACTUACIÓNS A NIVEL DE DOTACIÓNS E INFRAESTRUTURAS

- Resolución das infraestruturas de abastecemento de auga da zona costeira
- Parque de O Bosque e a súa ampliación á outra marxe do río
- Ampliación do Parque do Anllóns ata a Ponte de Bértoa e ata a Ponte da Milagrosa
- Ampliación do cemiterio Municipal de Carballo, sito na zona de As Labradas
- Mellora das dotacións escolares

ACTUACIÓNS EN MATERIA MEDIOAMBIENTAL

- Análise da variable ambiental do termo municipal.
- Incorporación ao Catálogo de Protección do Plan Xeral, dos elementos e ámbitos de elevado valor natural identificados.
- Incorporación da proposta de ampliación da rede Natura 2000 que se está a tramitar.
- Incorporación das determinacións do novo Plan Director da rede Natura 2000.
- Incorporación das determinacións a nivel ambiental do Plan de Ordenación do Litoral e das Directrices de Ordenación do Territorio.
- Avaliación ambiental estratéxica das determinacións contidas no presente Plan Xeral.
- Incorporación da variable ambiental na ordenación proposta

7.2. OBXECTIVOS XERAIS DE ORDENACIÓN

Os obxectivos principais a acadar co modelo de ordenación territorial proposto polo presente PXOM son os seguintes:

1. A colmatación e o fortalecemento dun modelo territorial centralizado
2. A consolidación e remate da Vila de Carballo
3. A fixación da poboación nos núcleos rurais
4. A mellora das infraestruturas, comunicacións e dotacións públicas
5. A ordenación e protección do litoral
6. A identificación dos valores e cualidades do solo rústico

7.2.1. A COLMATACIÓN E FORTALECEMENTO DO MODELO TERRITORIAL CENTRALIZADO

De acordo coa configuración de capital da comarca de Bergantiños, o municipio de Carballo estrutúrase en torno ao principal núcleo urbano. Un sistema territorial de asentamentos poboacionais dependentes, que se conforma a partir da súa división parroquial. Tanto a dimensión da capital e a súa posición central xeográfica, como a estrutura radial das súas vías, artella as relacións coas localidades próximas doutros concellos, facendo as distancias entre as parroquias mais pequenas.

Nun termo municipal tan xerarquizado respecto da súa capitalidade (vila de Caballo) inevitablemente as interrelacións parroquiais gravitan sobre esta, nun esquema máis ou menos radial, aínda que poden diferenciarse as diversas realidades, tanto entre estes eixes radiais como nas parroquias máis autónomas.

Esquema radial parroquial. Fonte: elaboración propia

A vinculación da Costa coa capital realizase dun xeito puntual, como meros satélites dun entramado consolidado que xera estruturas lineais sobre as cales se asentan as entidades de poboación.

A posición das asentamentos que conforman a costa ven totalmente determina pola súa xeografía. A falla dunha protección natural nunha costa tan batida, impediu o establecemento dun porto cabeceira, e a cadea do litoral separa xeograficamente a chaira costeira dos vales interiores do Anllóns e do río Grande. Os cambios sociais e a percepción da paisaxe, como recurso produtivo ligado ao ocio, levou consigo a interese das parroquias costeiras (Razo, Lema, norte de Noicela e Rebordelos), sufrindo un repentino desenvolvemento, establecendo relación satelitais (non radiais) na estrutura centralizada. No entanto, as parroquias intermedias (Oza, Vilela e o sur de Noicela) ao carecer do valor da paisaxe costeira mantivéronse de forma autónoma e desconectadas da estrutura central.

A estrutura radial da vila de Carballo

O modelo territorial do PXOM basease na centralizade da Vila de Carballo pero potenciando as relacións coa costa e coas grandes infraestruturas de comunicación terrestres que vertebran o municipio. Compre destacar así os eixes existentes de comunicación supramunicipal que caracterizan os asentamentos segundo a súa estrutura:

1. EIXO A CORUÑA- FISTERRA: Dinámicas urbanas. Barrios periféricos da Vila de Carballo que se engloban na Vila
2. EIXO CARBALLO- MALPICA: Aldeas illadas bipolarizadas como asentamentos rurais.
3. EIXO CARBALLO- ORDES: Asentamentos estruturados no esquema radial do concello. Neste eixo configurase nunha estrutura transversal definida polas oportunidades xeográficas dunha topografía abrupta que se recollen como asentamentos rurais.
4. EIXO CARBALLO-SANTIAGO Asentamentos estruturados no esquema radial do concello a modo de conurbación homoxénea a partir dunha serie de asentamentos lineais. Os mais próximos a Vila englóbanse nela.
5. PARROQUIAS COSTEIRAS E DA CADEA LITORAL Asentamentos con relación satelitais (non radiais) na estrutura centralizada. Potenciándose a comunicación coas mesmas No entanto, as parroquias intermedias (Oza, Vilela e o sur de Noicela) mantéñense de forma autónoma e desconectadas da estrutura central como asentamentos rurais.

A capitalidade da Vila. A cidade difusa ou o feito urbano

Como xa se indicou, a capital acolle a mais do 50 % da poboación do territorio municipal. O forte crecemento do parque de vivendas no núcleo urbano de Carballo ata os anos 70 ao longo das redes viarias, e as parcelacións de grandes unidades catastrais na seguinte década, foi completándose nos seguintes anos ata formalizar un casco urbano consolidado no centro, pero inacabado na zona perimetral. O PXOM aposta pola colmatación e potenciación desta vila central como base da estratexia de integración e fortalecemento do modelo territorial, evitando a urbanización difusa e dispersa e afirmando a vila de carballo coma un feito urbano.

A consolidación e a delimitación dun límite na estrutura radial da Vila, é o obxectivo prioritario do modelo de ordenación proposto no presente PXOM. Dita consolidación realízase por medio dos solos de desenvolvemento que acoutaran e finalizaran as tramas urbanas iniciadas nas anteriores décadas, estruturando a Vila a través de novos sistemas xerais de equipamentos, espazos libres e viarios, sendo clave no proceso de ordenamento o río Anllóns.



Esquema radial da Vila de Carballo e a súa área de afección fonte: elaboración propia

7.2.2. A CONSOLIDACIÓN E REMATE DA VILA DE CARBALLO

A vila de Carballo é o motor do Concello e da comarca de Bergantiños. A súa forte centralizade marca a ordenación do territorio municipal e supramunicipal, funcionando a vila como un gran intercambiador de sinerxías socioeconómicas e urbanísticas que conforman unha realidade territorial que oscila entre a cidade difusa e o feito urbano.

O principal obxectivo e o de darlle un remate a cidade por medio dos sistemas xerais estruturantes e a creación de novo tecido que poña límites o xa edificado.

A continuación amósase a consolidación edificatoria de Carballo a escala urbana e os seus bordes difusos , identificando os usos existentes e propostos e os novos sistemas xerais que estruturan a malla urbana conformando o proxecto de cidade presentado no PXOM.



Esquema radial da Vila de Carballo Fonte: elaboración propia

7.2.2.1. O USO RESIDENCIAL NA VILA DE CARBALLO

Tratase de consolidar e completar o solo considerado historicamente como urbano da Vila de Carballo, para o que se persegue a ordenación adecuada do solo urbano consolidado, coa correcta definición das aliñacións e a xustificada distribución de alturas, froito dun exhaustivo estudo que conta con:

- A situación dos edificios consolidados, evitando as situación de fora de ordenación.
- As edificacións con recente licenza
- A busca da lóxica gradación de densidades dende o centro ata a periferia
- A proporción entre as alturas e o ancho das vías as que dan fronte

En canto ao desenvolvemento de áreas urbanas que non están aínda consolidadas, o PXOM delimita as mesmas coma unidades urbanas acordo a LOUG, por ser a clasificación e categorización do solo urbano un acto regrado, xerando un modelo de crecemento adecuado á realidade socio-economica-territorial do municipio.

O documento do PXOM segue apostando polo desenvolvemento central da Vila de Carballo, polo que a delimitación de bolsas de solo urbanizable residencial realízase no perímetro do solo urbano existente, dando continuidade ao mesmo e colmatando areas baleiras polas que non se derramou o tecido urbano, xerando ocos e incluso descontinuidades en vías estruturantes como a Rúa Vila de Noia, Avenida de Bergantiños ou Vila de Negreira, na zona do Bosque e a Lagoa, moi preto da Praza do Concello.



Zonas de desenvolvemento residencial na Vila de Carballo Fonte: elaboración propia

7.2.2.2. A POTENCIACIÓN DO USO INDUSTRIAL NA VILA DE CARBALLO

Un dos obxectivos do PXOM é, precisamente, a potenciación da actividade industrial, que forma parte fundamental da realidade socioeconómica municipal e motor económico de incidencia supramunicipal.

Actualmente diferenciase dous tipos de industria, segundo a súa características dentro do marco municipal, correspondendo un tipo diferente de ordenación.

- O polígono industrial de Bértoa, e as súas ampliacións, proxectados e executados ao amparo de planeamentos con obxectivos concretos de implantación e ordenación.
- Recoñecemento das industrias existentes no solo urbano de Carballo e na contorna, con incidencia económica no municipio, como pode ser “Conservas Calvo” , “Aplihorsa” e “Aislamientos y Embalajes San Juan”.

No Plan Xeral o uso industrial quedará localizado nos polígonos e zonas consolidadas industriais, deixando fora unicamente a coexistencia de pequenas actividades compatibles co uso residencial acordo ó marco legal vixente.

*A chamada “industria escaparate”, uso moi arraigado no casco urbano de Carballo e arredores, quedará englobado neste documento no marco do uso terciario que definiremos mais adiante.

A. Polígono industrial de Bértoa

Analizouse a oferta de solo así como a demanda existente, tanto de novas empresas, como de aquelas que desexan trasladarse ós polígonos industriais dende ubicacións non aptas ou interferentes con outros usos, por imposibilidade de ampliación, etc., e pódese concluír a necesidade de continuar coa ampliación do conxunto do polígono industrial de Bértoa. O PXOM recolle polo tanto os ámbitos de solo en funcionamento e os ámbitos en tramitación.

ÁMBITOS DE SOLO DE USO INDUSTRIAL EN BÉRTOA

ÁMBITO	Estado	CLASIFICACIÓN DE SOLO NO PXOM	DENOMINACIÓN PXOM
Polígono industrial de Bértoa	Existente	Urbano	-
Ampliación polígono industrial de Bértoa	Existente	Urbano	-
Ampliación promovida por XESTUR. Sectores A e B	En tramitación	Urbanizable	S-I1 e S-I2

B. Ordenación e crecemento dos ámbitos industriais existentes

Factoría "Aplihorsa"

Próximo á saída da estrada AG-55 na confluencia coa estrada de Malpica, conta cunha nave principal en funcionamento adicada a aplicacións do formigón.

Delimitase un sector de solo urbanizable, que xa contemplaba o PXOM de 2003 como SRAU, de forma que se ordene a actividade existente e se amplíe a oferta de solo industrial.

Facendo de transición entre o uso industrial e o residencial, proxéctanse dous sectores de uso terciario (S-T1 e S-T2), de forma que por un lado non haxa interferencias entre usos e por outra se complementen os servizos ofertados con actividades económicas de diversa índole que serven tanto ao uso industrial como ao residencial.

Industria Calvo

O emprazamento tradicional da industria de Carballo identificase coa factoría do ano 1940 da empresa Calvo, que hoxe en día continua a súa actividade, ubicada no borde suroeste do núcleo urbano.

Este Plan Xeral posibilita o crecemento desta industria cara ao Oeste, ao lado da parcela da EDAR municipal, coa esixencia de que os terreos sitos entre a factoría e o río, se convertan en dotación pública de Sistema Xeral de Espazos Libres, de forma que se de continuidade ao gran parque que vai envolvendo o paso do río Anllóns polo solo urbano, e serva a súa vez de separación do ámbito co tecido urbanizado.

ÁMBITOS DE SOLO DE USO INDUSTRIAL

AMBITO	Estado	CLASIFICACIÓN DE SOLO NO PXOM	DENOMINACIÓN PXOM
Factoría "Aplihorsa"	Existente	Urbanizable	S-I3
Industria "Calvo"	Existente	Urbano	-
Ampliación industria Calvo	-	Urbanizable	S-I4
San Juan Aislamientos y Embalajes	-Existente	Urbano	-

7.2.2.3. A PREVISIÓN DO USO TERCIARIO NA VILA DE CARBALLO

O PXOM proxecta zonas de uso terciario, fortalecendo a situación de motor socioeconómico da comarca, para complementar ás zonas de uso industrial en cuanto á oferta de servizos, con uso comercial, hoteleiro e Administrativo, recollendo ademais a demanda de uso "industria escaparate", arraigado dende fai anos na zona, dando cabida a concesionarios de automóbiles, talleres, exposicións comerciais, hipermercados, oficinas, hostalería, hoteis, etc..

Localízanse facendo de "colchón" entre o uso residencial e o uso industrial, sendo compatible e complementario con ambos, e dándolles oferta e servizo. Sitúanse nunha posición estratéxica en canto a comunicacións viarias preto dos enlaces da autoestrada e a futura circunvalación, creándose un polo de atracción terciario e comercial para toda a comarca de Bergantiños de fácil acceso dende os concellos limítrofes.

A situación das zonas terciarias son as seguintes:

- Ao Norte do núcleo urbano residencial de Carballo, de transición co polígono industrial Bértoa (S-T1)
- Ao Suroeste, fronte a industrias Calvo, ampliando o polígono comercial delimitado en anteriores planeamentos S-T2 e S-T3



Localización de áreas industriais e de zonas de uso terciario

Este documento de memoria incorpora os seguintes anexos de información: Anexo Demanda de solo industrial e no Anexo Estudo económico industrial da Cámara de Comercio.

7.2.3. A FIXACIÓN DA POBOACIÓN NOS NÚCLEOS RURAIS

O Estatuto de Autonomía de Galicia sinala, no seu artigo 2.2. "A organización territorial terá en conta a distribución da poboación galega e as súas formas tradicionais de convivencia e asentamento." e así este plan recoñece o asentamento rural como un modelo de asentamento e polo tanto conforme a LOUG dótao dun réxime urbanístico propio: Solo de Núcleo Rural.

Calvelo (Sofán)

Co ánimo de recoñecer a heteroxeneidade de estruturas de asentamento rurais preexistentes, o marco lexislativo, que recolle a Lei 2/2010 de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002 do 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, identifica tres tipos de solo de núcleo rural:

- Núcleo Rural Histórico Tradicional (SNR HT)
- Núcleo Rural Común (SNR C)
- Núcleo Rural Complexo (SNR C e SNR HT)

O Núcleo Rural Histórico Tradicional (SNR HT) ven sendo o núcleo rural actual definido na lei 9/2002, onde prima a existencia de estruturas históricas tradicionais en detrimento das outras, preservando aínda mais se cabe a morfoloxía dos mesmos. Este tipo de núcleo é o que se encontra maioritariamente vencellado ao medio físico e a explotación dos recursos rurais.

O Núcleo Rural Común (SNR C) son asentamento tradicionais, na súa xénese vinculados a explotación do medio rústico; que no entanto, por ser de nova creación ou por desaparecer as súas estruturas formais históricas teñen unha morfoloxía non tradicional, tanto polas edificacións como pola súa relación co espazo público que as cohesionan.

O Núcleo Rural Complexo (SNR C e SNR HT) trátase dun núcleo mixto, con Solo De Núcleo Rural Histórico Tradicional e Solo de Núcleo Rural Común. Nel converxen dúas formas distintas de asentamento, caracterizadas pola realidade técnica, xurídica e física do seu nacemento.

Os núcleos rurais delimítanse en congruencia có Estudo do Medio Rural e a Análise do modelo de asentamento poboacional incorporados da documentación do PXOM e seguindo as determinación e os obxectivos indicados na presente memoria, sendo un total de 269 núcleos.

7.2.3.1. CRECEMENTO PROPOSTO NOS NÚCLEOS

Partimos da base de que os núcleos rurais son os asentamentos identificados dentro do entramado territorial, que se caracterizan por:

- A delimitación dos núcleos rurais responde a identificación dunha morfoloxía concreta de asentamento e non tanto a realidade socioeconómica existente.
- O crecemento rural responde a demanda e necesidade real; de tal xeito que se consiga atraer e fixar a poboación ó medio rural e evitar o abandono deste.

En Galicia a explotación do medio rural está baseada en exclusiva a poboación asentada nos núcleos rurais. Así mesmo, a diminución da poboación nas área rurais non significa o abandono das construcións –non así do mantemento dos predios-, nin por suposto a existencia dunha oferta residencial; xa que maioría das construcións mantéñense na unidade familiar por sentimentos de identidade ligados a un territorio. A delimitación de SNR garante que as áreas clasificadas como solos rústicos produtivos non se degraden o poder fixar poboación nova que explote estas terras.

As áreas delimitadas como SNR HT responden a realidade xeográfica, morfolóxica e tipolóxica, recollendo os fitos paisaxístico que definen os ámbito destes asentamentos. Logo a súa delimitación non responde tanto a súa demanda o capacidade de acollida residencial como a conservación da súa realidade formal.

As áreas delimitadas como SNR C fanse en función das previsións de crecemento e demanda fixado polo plan. Así, segundo o modelo de ordenación proposto na estrutura asentamentos tradicionais defínense distintos graos de consolidación vistas súas potencialidade e recursos. Se o modelo socioeconómico exclusivo de explotación minifundista está esgotado; non así, modelos máis complexos onde a mobilidade territorial e diversificación das actividades produtivas revitalizan o modelo de asentamento tradicional galego, dotándoo de contemporaneidade nos estándares de vida. O PXOM deste xeito potencia os núcleos cunha meirande capacidade de asumir un crecemento sostible e socialmente asumible.

Pártese así da premisa de que o solo que se clasifique como núcleo rural non vai a ser ocupado na súa totalidade; pois tampouco o está agora a totalidade das parcelas dispoñibles, pero que non pode diminuírse de acordo á demanda porque iso significaría a clasificación arbitrario de moi poucas parcelas. Unha oferta de solo, na que permita aos habitantes actuais manter a entidade familiares, pero á vez evitando a especulación inmobiliaria e gentrificación, que están moi lonxe da idiosincrasia propia dun núcleo rural. O mantemento dunha poboación que garanta o uso do territorio de acordo coas políticas da Unión Europea onde a súa función vai máis aló da función produtiva, englobando accións positivas a nivel social e ambiental.

Paralelamente, co obxecto de protexer a permanencia física e as características tipolóxicas dos núcleos rurais, ademais da protección xenérica que lle aporta a propia clasificación do solo dende o PXOM, proponse a catalogación ambiental dalgúns núcleos considerados de interese incluíndo os de identidade do litoral contidos no POL. Os valores culturais que se pretenden conservar nestes núcleos, reflíctense na propia morfoloxía do núcleo, o parcelario, os rueiros, as edificacións e os muros tradicionais, etc. Recollida unha ordenanza específica na normativa do PXOM

O Catálogo do PXOM delimita coma núcleos rurais de interese o solo de núcleo rural tradicional de: Cances grande, Cambre, Castrillón, Cambrelle, O Igrexario, Razo da Costa, Leira, Rebordelos e Prearada. A meirande parte deles situados nas parroquias costeiras coma núcleos de identidade do litoral pola súa localización, singularidade e vinculación co mar

7.2.4. A MELLORA DAS INFRAESTRUCTURAS DE COMUNICACIÓNS E DAS DOTACIÓNS PÚBLICAS

Outro dos obxectivos da redacción do PXOM, e mellorar a **rede de infraestrutura viaria**, tanto a nivel urbano da Vila de Carballo como a nivel territorial.

Na vila de Carballo, a estrutura urbana está mais desenvolvida ao Noroeste do eixo da estrada AC-552, o que deixa latente as necesidades de completar as infraestruturas viarias na parte Este da Vila. Preténdense coser a malla existente e trazar circunvalacións urbanas que rematen e cosan viarios iniciados con anteriores planeamentos, dándolle continuidade a trama:

- Rematar viarios incompletos que actualmente contan con tramos descontinuos, como poden ser as Rúas Vila de Noia, Vila de Negreira e Avda. de Bergantiños.
- Desconxestionar os tráficos dos viarios estruturantes con viarios alternativos.
- Recoller as circunvalacións que se proxectan dende plans supramunicipais, integrando na ordenación do PXOM todas as infraestruturas de iniciativa pública tanto de caracter municipal como doutras administracións

No resto do territorio municipal, pretendese tamén mellorar a mobilidade, fundamentalmente na área litoral, na que se proxecta unha rede viaria que pretende aliviar a conxestión da estrada DP-1902 e reducilo impacto de tráfico nos viarios de caracter local.



Trazado da rede viaria estructurante na Vila de Carballo (en laranxa as propostas)

En canto ás reservas de solo para **equipamentos e espazos libres** o PXOM establece as zonas onde desenvolver os mesmos, atendendo á distribución da poboación no territorio e a zonificación de usos existentes no concello. Atendese así aos criterios de ampliación dos sistemas xerais existentes incorporando novos focos de equipamentos en situacións estratéxicas para potenciar os espazos libres e rexenerar tramas urbanas.

O PXOM analiza a posible vertebración transversal do termo por medio de roteiros existentes e os propostos, que conectan as distintas zonas da Vila de Carballo cos novos espazos de lecer de sistemas xeral vinculados aos leitos fluviais e ao patrimonio etnográfico. O PXOM establece a clasificación de solo idónea para este tipo de elementos e os vincula a nivel xestión aos desenvolvementos urbanísticos e a administración municipal.

Os roteiros polo Rego da Balsa e o Río Anllóns formúlanse dentro do PXOM como una estrutura de elementos lineais de gran potencial; polas zonas orixe/destino que interconectan, pola calidade dos espazos transitorios que definen, así como polas propias características intrínsecas que dispoñen. Para elo é necesario manter o equilibrio entre o acondicionamento dos mesmos e a potenciación dun sistema ambiental con importante valor patrimonial, e paisaxístico.

O PXOM establece así unhas áreas de lecer vencelladas aos leitos fluviais e aos espazos naturais que forman parte do sistema xeral de espazos libres do PXOM:

As actuación de dotacións a levar a cabo no PXOM son as seguintes:

1. Continuidade da xa iniciada actuación municipal sobre os marxes do rego Anllóns e do Rego da Balsa, delimitando un parque lineal de caracter público nas ribeiras do rego, aproveitando os elementos naturais de valor próximos ao solo urbano, A Lagoa- Bosque do Anllóns, Rego da Balsa e A Cristina. Conseguindo un corredor verde ata o polígono de Bertoa e ata Industrias Calvo que artelle a nivel peonil a vila de Carballo.
2. Creación de áreas de equipamento culturais e deportivos lindando co parque do rego Anllóns, de forma que se ordene un gran área de dotacións pechando os bordes edificados da Vila de Carballo
3. Localización dunha reserva de solo para equipamentos educativos xerais e espazos libres na zona de Ponte caldeira preto do equipamento educativo Monte Neme.
4. Creación dunha área para equipamento sanitario na parte Sur do Concello completando a bolsa dotacional existente nesta parte do concello.
5. Ampliación do cemiterio municipal.
6. Ordenación de dotacións de caracter local que complementen as prestacións dos sistemas xerais na zona centro do núcleo urbano.



Proposta de Equipamentos e Espazos Libres na Vila de Carballo

Río Anllón

7.2.5. A ORDENACIÓN E PROTECCIÓN DO LITORAL

O PXOM entende e interpreta a zona do litoral como un conxunto a ordenar acordo as necesidades específicas dun área na que cohabitan moitos usos cunha poboación estacional alta, e uns valores medio ambientais de altísima calidade.

O PXOM, cumprindo os determinacións do POL, identifica **as áreas de recualificación de Arnados-Razo e Pedra do Sal,** co fin de determinar, a través de sendos Plans Especiais de protección as directrices xerais de recuperación ambiental e ordenación do ámbito no que conviven diferentes clasificacións de solo, co obxecto da restitución da áreas degradadas, a mellora e remate das estruturas existentes e a implantación de infraestruturas, dotacións e accesos, para o uso supramunicipal dos areais.

Os Plans Especiais determinarán:

- As condicións de protección e ordenación xerais que serán vinculantes para os posteriores documentos de restauración ambiental e de ordenación detallada de cada ámbito, tanto en solo de núcleo rural coma no solo rústico destinado a dotacións e infraestruturas públicas.
- A xestión económica do ámbito
- A coordinación da colaboración entre administracións de caracter estatal, autonómico e local que inciden no ámbito, principalmente para os temas de protección ambiental, resolución de accesos e dotación das praias de caracter supramunicipal.

Dada a importancia da costa é importante reseñar brevemente a situación urbanística do solo edificado sobre o que se delimitan os ámbitos de recualificación:

7.2.5.1. ÁMBITO ARNADOS- RAZO

O asentamento de Arnados delimítase dentro do PXOM como solo de núcleo rural complexo. No seu ámbito, é determinante recoller a totalidade do solo edificado desenvolvido cos anteriores planeamentos para darlle unha solución de continuidade e remate das tramas existentes e protección da paisaxe existente do entorno. Ademais para formular un crecemento moderado acorde coas dimensións do existente, se delimitan dentro do núcleo rural común de Arnados tres actuacións integrais que recollen os baleiros interiores do núcleo, para rematar as tramas existentes e mellorar a accesibilidade na zona.

O PXOM define unha ordenación que posibilita a conservación do aproveitamento nos predios que conten cunha edificación ou uso disconforme coa nova ordenación proposta para o ámbito, sendo necesaria a adecuación á nova ordenación proposta cando exista substitución da edificación existente.

Así mesmo defínese a condición previa a concesión das licencias nas parcelas que conforman o fronte marítimo a redacción dun Estudio da Fachada Marítima para dares cumprimento os informes sectoriais onde se definan as condicións estéticas para esta zona que é a máis delicada da paisaxe marítima.

Vista aérea do núcleo de Arnados

7.2.5.2. PEDRA DO SAL

O PXOM recolle o asentamento de Pedra do Sal e a urbanización "O Pinar" como solo de núcleo rural común. A proximidade das edificación aos areais e ao DPMT, fai necesaria a redacción dun plan especial que regule a posición da edificación e os usos e edificacións permitidos na zona de servidume de Costas, así como o tratamento da fachada marítima, as edificación e peches existentes e futuros e as dotacións e accesos aos areais co fin de procurar a súa mellora debido ao entorno protexido no que se atopan.

Pedra do Sal

7.2.5.3. OBXECTIVOS XERAIS DE PROTECCIÓN

A. Protección e conservación da natureza

Un dos obxectivos do PXOM é outorgar á zona litoral a protección especial adecuada aos seus valores naturais, tal como se indica neste documento, dende o marco legal da LOUG, as DOT e do POL.

Cabe destacar que o documento do PXOM se adapta ás determinacións do Plan de Ordenación do Litoral e recolle a ampliación da Rede Natura e do novo PHGC.

B. Recoñecemento e mellora das areas edificadas. Criterios urbanísticos

A. Delimitación dos núcleos rurais

A Herdanza dos solos urbanos consolidado e non consolidado que establecía o documento do PXOM 2003 para Arnados e Pedra do Sal, se desestima ao estar anulado o mesmo, pero non se pode obviar a realidade xa construída.

A delimitación destes asentamentos coma núcleos rurais complexo e común é a solución para a delimitación e cuantificación das áreas edificadas próximas aos areais, dándolle unha solución a unha situación real con problemas de servizos e infraestruturas.

Delimítanse nas zonas con menor fraxilidade ambiental, e sobre as que ademais existen antecedentes urbanísticos, pequenos desenvolvementos que rematen e/ou melloren o solo antropizado coma actuacións integrais dentro do núcleo, cunha densidade media de 10 vivendas por hectárea que cumprirán o decálogo do POL para a ordenación das área de desenvolvemento no ámbito de afección do POL.

B. Ampliación dos usos

Se completará coa posibilidade de implantar o uso terciario-hoteleiro, sempre con volumetría similar á da vivenda unifamiliar, ademais do uso de equipamento privado para campismo ou similar, dando cabida á unha pequena oferta de uso residencial e turístico, en consenso cas Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia.

Identifícanse os núcleos rurais de identidade do litoral: Castrillón, O Igresario, Razo da Costa, Leira e Rebordelos coma zonas merecedoras de protección, en consenso coas Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia e o POL. Ditos núcleos catalóganse e recóllense dentro do catalogo do PXOM.

C. Rede de estradas e viarios

Co obxecto de solucionar os problemas de tráfico existentes tanto na propia costa como na súa conexión a Carballo, preténdense duplicar tramos de viarios e trazar outros alternativos que estruturen a costa e desconxestionen os existentes evitando a degradación das zonas polas que pasan.

D. Dotacións públicas

A futura reserva para dotacións do litoral en Arnados-Razo e Pedra do Sal, se ordenará detalladamente a través dun Plan especial cos usos propios de espazos libre de recreo, equipamentos deportivos propios da costa, aparcamentos, e accesos á praia. Dentro dun Plan especial de protección e dotacións que determinará as accións de recuperación medioambiental nos ámbitos e a ordenación dos mesmos.

7.2.5.4. OBXECTIVOS PARTICULARES DA DEMARCACIÓN DE COSTAS DO ESTADO

En consenso coa Demarcación de Costas do Estado en Galicia do “Ministerio de Medio Ambiente, y Medio Rural y Marino”, o PXOM dálle prioridade a ordenación do litoral nas seguintes materias:

- Ordenación de accesos a praia de Razo.
- Eliminación do tráfico rodado do borde dos taludes da praia, evitando o proceso de degradación que están a sufrir.
- Ordenación de actividades deportivas e de recreo na praia de Razo, coa reubicación do campo de fútbol (equipamento con código 1014 no PXOM) sito na actualidade no dominio público marítimo terrestre (DPMT), e da edificación que hoxe acolle usos auxiliares da actividade deportiva do surf
- Trazado de senda litoral peonil por todo o borde costeiro.

7.2.6. IDENTIFICACIÓN DOS VALORES E CUALIDADES DO SOLO RÚSTICO

O municipio de Carballo destaca pola gran riqueza natural do seu territorio, que ten como máximo expoñente a súa costa, ZEC “Costa da Morte” (detallada no Informe de Sustentabilidade Ambiental).

O documento pretende en primeiro lugar facer unha identificación e un análise de cada un dos espazos de interese natural, as infraestruturas que vertebran o territorio, as zonas degradadas, os usos inapropiados, os valores e as potencialidades, etc. para así diagnosticar o territorio e outorgarlle a protección preceptiva co fin de regular as actividades que dende o punto de vista urbanístico poden ter lugar nas mesmas.

Non obstante, a ordenación do solo rústico é, na meirande parte das súas categorías, un acto regrado pola LOUG, relacionado co amplo marco legal sectorial que por outra banda o PXOM pretende recoller (espazos naturais, cursos de auga, infraestruturas territoriais, etc.).

Dentro dos espazos naturas da Costa recóllense os delimitados polo POL, a rede Natura, PHGC, os hábitats prioritarios...

7.2.6.1. INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO

Cabe destacar que o documento do PXOM se adapta ás determinacións do Plan de Ordenación do litoral aprobado definitivamente polo Consello da Xunta o 10 de febreiro de 2011. O POL constitúe un instrumento que ordena a costa de forma integral. Entre as principais consideracións destaca a delimitación dunha serie de corredores ecolóxicos ao largo dos principais canles da zona, e unha normativa de usos a aplicar dentro do seu ámbito.

Por outro lado, para ser mais preciso na ordenación do solo, se revisa o "Plan Hidrolóxico Galicia Costa", que aporta directrices como poden ser a atención as zonas inundables dos cursos de auga, así como a ampliación da Rede Natura. Sendo todos estes condicionantes incorporados no presente documento do PXOM.

Costa de Razo

8. CRITERIOS DA ORDENACIÓN E ACTUACIÓNS PROPOSTAS

8.1. CLASIFICACIÓN E CATEGORIZACIÓN DO SOLO

De conformidade co establecido no art. 49 da LOUG, o solo urbano do termo municipal divídese en un distrito correspondente o solo urbano da Vila de Carballo.

Así mesmo, de conformidade co establecido no art. 10 da LOUG o Plan Xeral divide o territorio do termo municipal de CARBALLO nas seguintes clases, categorías e zonificacións.

8.1.1. SOLO URBANO

O PXOM delimita Solo urbano consolidado e solo urbano non consolidado na Vila de Carballo

1. Solo Urbano Consolidado (SU-C)
2. Solo Urbano Non Consolidado (SU-NC), que está delimitado en Unidades Urbanas (UU) de usos globais:

- Residencial (R)
- Terciario (T). que inclúe o uso comercial, hoteleiro e Administrativo e ademais recolle o anteriormente definido como Industria-escaparate.

Solo incluído na trama urbana da Vila de Carballo que quedou no medio de anteriores desenvolvementos e edificacións existentes, pero que non contan con consolidación por malla ou servizos.

8.1.1.1. SOLO URBANO CONSOLIDADO

O solo que o PXOM clasifica como Urbano Consolidado recolle as parcelas que cumpren cos artigos 11 e 12.a) da LOUG. A cuantificación de vivendas existentes na Vila de Carballo segundo as bases actualizadas a disposición do Concello son as seguintes.

- Na totalidade do Municipio existen **19.718 vivendas.**
- Nas parroquias que compoñen a Vila de Carballo (Carballo, Sísamo e Bértoa) estímanse **11.479 vivendas:**

PARROQUIAS	HABITADAS	DESHABITADAS	TOTAL
CARBALLO	7.121 viv	4.059 viv	11.180,00
BERTOA	109 viv	104 viv	213,00
SÍSAMO	39 viv	47 viv	86,00
SUBTOTAL	*7.269 viv*	*4.210 viv*	*11.479 viv*

- Deste número debemos descontar as vivendas existentes no solo urbano non consolidado (24) sendo o número final de vivendas existentes no SUC da Vila de Carballo de **11.455 vivendas**

<u>Ordenación proposta</u>

Establecese a ordenación segundo os usos existentes no SUC, definindo as condiciones de edificación nos quinteiros para os distintos usos e tipoloxías:

POR ORDENACIÓN DO PXOM

TIPOLOXÍA		SUP. NETA	APROVEIT. INDUSTRIAL	APROVEIT. TERCIARIO	APROVEIT. RESIDENCIAL	Nº VIVIENDAS
INDUSTRIA ILLADA		143.313,00 m²	85.987,80 m²			
INDUSTRIA ACAROADA		809.989,00 m²	404.994,50 m²			
TERCIARIO ESCAPARATE		148.725,00 m²		89.235,00 m²		
RESIDENCIAL COLECTIVA	COMERCIAL PLANTA BAIXA	910.240,00 m²		455.120,00 m²		
	RESIDENCIAL EN PLANTA TIPO	-			2.558.750,06 m²	15.992 viv
RESIDENCIAL EN FAMILIAR ILLADA		416.803,61 m²			87.874,97 m²	293 viv
RESIDENCIAL EN FAMILIAR ACAROADA		109.320,77 m²			208.270,94 m²	947 viv
TOTAL		*2.538.391,38 m²*	*490.982,30 m²*	*544.355,00 m²*	*2.854.895,97 m²*	*17.232 viv*

Coa ordenación definida no solo urbano consolidado, establecendo unha regularización de alturas por consolidación de frontes edificados e gradación de alturas nos bordes, a colmatación do solo urbano de Carballo conleva a creación de **5.753 novas vivendas,** tendo en conta unha superficie media de 160 m^2 para Vivenda colectiva, 220 m^2 para acaroada e 300 m^2 para illada. Sendo a capacidade total do solo urbano da Vila de Carballo para uso residencial de **17.232 vivendas.**

A maiores na Vila de Carballo existen dúas zonas singulares que precisan de actuación concretas:

A) As zonas residenciais denominadas **"Grupo Ferreiro"** e as **"Casas dos mestres"**, onde se precisa unha reorganización da volumetría edificatoria por considerarse a existente obsoleta ou non adaptada á forma de vida actual. O obxecto e, reordenar a estrutura urbanística do grupo de vivendas e mellorar as condicións de habitabilidade, accesibilidade e ornato. Se desenvolverán a través de Plan especiais de reforma interior.

8.1.1.2. SOLO URBANO NON CONSOLIDADO

As unidades urbanas pretender consolidar zonas incompletas dentro do solo urbano, que nuns casos formúlanse como herdanzas asumidas pola ordenación do anterior planeamento (UU-R2, UU-R3, UU-R4, UU-R7, UU-R10, e UU-R14), asumindo as determinacións das mesmas como propias, e noutros casos como delimitacións de ámbitos vacantes con ordenación remitida a futuros planeamentos de desenvolvemento, nas que nalgúns casos, o PXOM propón unhas trazas vinculantes de ordenación no contexto do mesmo, de forma que se determine a vinculación coa malla urbana no seu conxunto. Todas as unidades urbanas son de uso residencial e respecto ao documento de aprobación inicial incorpóranse seis novas froito dos informes sectoriais e das alegacións presentadas.. A superficie total clasificada coma solo urbano non consolidado é de **315.482,80 m^2**. Descríbense a continuación as unidades:

				SUPERFICIES EXISTENTES		
AR	POLÍGONO	DISTRITO	USO	SUP. BRUTA	SUP. NETA	SUMA DP
ARUU-R1	**UU-R1**	CARBALLO VILA	R	8.952,78 m²	7.436,40 m²	1.516,38 m²
ARUU-R2	**UU-R2**	CARBALLO VILA	R	34.278,41 m²	34.278,41 m²	0,00 m²
ARUU-R3	**UU-R3**	CARBALLO VILA	R	11.293,00 m²	11.293,00 m²	0,00 m²
ARUU-R4	**UU-R4**	CARBALLO VILA	R	15.600,00 m²	15.600,00 m²	0,00 m²
ARUU-R5	**UU-R5**	CARBALLO VILA	R	27.418,04 m²	23.277,49 m²	4.140,55 m²
ARUU-R6	**UU-R6**	CARBALLO VILA	R	20.908,06 m²	15.466,19 m²	5.441,87 m²
ARUU-R7	**UU-R7**	CARBALLO VILA	R	19.488,46 m²	17.106,26 m²	2.382,20 m²
ARUU-R8	**UU-R8**	CARBALLO VILA	R	7.677,98 m²	7.382,10 m²	295,88 m²
ARUU-R9	**UU-R9**	CARBALLO VILA	R	19.827,91 m²	16.011,86 m²	3.816,05 m²
ARUU-R10	**UU-R10**	CARBALLO VILA	R	5.222,00 m²	5.222,00 m²	0,00 m²
ARUU-R11	**UU-R11**	CARBALLO VILA	R	12.842,72 m²	12.006,50 m²	836,22 m²
ARUU-R12	**UU-R12**	CARBALLO VILA	R	4.803,12 m²	4.320,34 m²	482,78 m²
ARUU-R13	**UU-R13**	CARBALLO VILA	R	26.551,90 m²	26.551,90 m²	0,00 m²
ARUU-R14	**UU-R14**	CARBALLO VILA	R	5.356,00 m²	5.356,00 m²	0,00 m²
ARUU-R15	**UU-R15**	CARBALLO VILA	R	10.170,08 m²	8.037,30 m²	2.132,78 m²
ARUU-R16	**UU-R16**	CARBALLO VILA	R	5.102,26 m²	5.102,26 m²	0,00 m²
ARUU-R17	**UU-R17**	CARBALLO VILA	R	14.097,34 m²	13.519,22 m²	578,12 m²
ARUU-D1	**UU-D1**	CARBALLO VILA	R	41.375,13 m²	38.207,87 m²	3.167,26 m²
ARUU-R18	**UU-R18**	CARBALLO VILA	R	6.740,92 m²	5.593,71 m²	1.147,21 m²
ARUU-R19	**UU-R19**	CARBALLO VILA	R	7.782,18 m²	7.190,81 m²	591,37 m²
ARUU-R20	**UU-R20**	CARBALLO VILA	R	8.027,45 m²	7.930,97 m²	96,48 m²
ARUU-R21	**UU-R21**	CARBALLO VILA	R	1.967,06 m²	1.671,89 m²	295,17 m²

UU-R1

Ámbito e Obxectivos

A Unidade Urbana está situada na parte norte do solo urbano, na zona de Bértoa. Completaranse a trama urbana existente e os servizos urbanísticos, rematando a trama urbana cara o solo rústico.

Criterios de ordenación, xestión e execución

O uso característico é o residencial. A edificabilidade (0.30m²/m²) do polígono destinarase nun 60% a uso residencial acaroado, 40% a uso residencial en tipoloxía familiar illada .

Observacións

Os gastos derivados das conexións e reforzos de sistemas xerais correrán a cargo do polígono, realizándose as conexións nas rúas lindeiras.

O proxecto de reparcelación procurará axustar as parcelas resultantes ás parcelas xa edificadas limítrofes,

UU-R2

Ámbito e Obxectivos

A Unidade Urbana está situada na parte norte do solo urbano, na zona de Pedras Blancas. Completaranse a trama urbana existente e os servizos urbanísticos, rematando a trama urbana cara o solo rústico e ao espazo libre do Rego da Balsa

Criterios de ordenación, xestión e execución

O uso característico é o residencial no 77% e o 23% restante destínase a comercial-terciario. A edificabilidade residencial destinase a vivenda colectiva

Observacións

Continuarase o espazo libre de Rego da Balsa e o sistema xeral viario incluído Vi1e. Reflíctese no PXOM a ordenación pormenorizada do ámbito

Os gastos derivados das conexións e reforzos de sistemas xerais correrán a cargo do polígono. realizándose as conexións nas rúas lindeiras.

UU-R3

Ámbito e Obxectivos

A Unidade Urbana está situada na parte oeste do solo urbano, na zona San Cristovo. Completaranse a trama urbana existente e os servizos urbanísticos, rematando a trama urbana cara o solo rústico.

Criterios de ordenación, xestión e execución

O uso característico é o residencial no 64,29% e o 35,71% restante destínase a comercial- terciario. A edificabilidade residencial destinase a vivenda colectiva.

Observacións

Os gastos derivados das conexións e reforzos de sistemas xerais correrán a cargo do polígono, realizándose as conexións nas rúas lindeiras. Reflíctese no PXOM a ordenación pormenorizada do ámbito.

UU-R4

Ámbito e Obxectivos

A Unidade Urbana está situada na parte oeste do solo urbano, na zona San Cristovo. Completaranse a trama urbana proposta e os servizos urbanísticos, rematando e unindo a trama urbana cara o solo urbano non consolidado da UU-R3

Criterios de ordenación, xestión e execución

O uso característico é o residencial no 65% en vivenda colectiva e o 35% restante destínase a comercial-terciario. O documento de desenvolvemento deberá prever pantallas arboladas con especies de porte para paliar a visión das traseiras dos quinteiros lindeiros. Incorporase a ordenación das dotacións completando o espazo libre plantexado na unidade UU-R3

Observacións

Os gastos derivados das conexións e reforzos de sistemas xerais correrán a cargo do polígono e realizaranse nas ruas lindeiras. Reflíctese no PXOM a ordenación pormenorizada do ámbito.

UU-R5

Ámbito e Obxectivos

A Unidade Urbana está situada na parte oeste do solo urbano, na zona San Cristovo. Completaranse a trama urbana existente e os servizos urbanísticos, rematando a malla interior do núcleo.

Criterios de ordenación, xestión e execución

O uso característico é o residencial cun 80% o 15% restante a comercial- terciario. A edificabilidade (0.80m²/m²) do polígono destinarase no uso residencial nun 30% a uso residencial acaroado, 15% a uso residencial en tipoloxía familiar illada,e un 40% a uso residencial en tipoloxía colectiva . A tipoloxía colectiva desenvolverase como máximo en B+3, dando continuidade aos quitneiros lindeiros de colectiva.

A ordenación conten un sistema xeral viario VI5 para dar continuidade transveral a trama urbana da zona.

Observacións

Os gastos derivados das conexións e reforzos de sistemas xerais correrán a cargo do polígono, realizándose nas rúas lindeiras. O proxecto de reparcelación procurará axustar as parcelas resultantes ás parcelas xa edificadas limítrofes. Os instrumentos de desenvolvementos urbanístico do ámbito deberán contar con informe favorable previo do organismo competente en estradas.

UU-R6

Ámbito e Obxectivos

A Unidade Urbana está situada na parte oeste do solo urbano, na zona de baños vellos. Completaranse a trama urbana existente e os servizos urbanísticos, rematando a trama urbana do núcleo e creando novos accesos e viarios e completando os existente.

Criterios de ordenación, xestión e execución

O uso característico é o residencial cun 80% o 20% restante a comercial- terciario. A edificabilidade (0.80m²/m²) do polígono destinarase na parte residencial nun 64% a uso residencial en tipoloxía colectiva e 16% a uso residencial en vivenda en algún réxime de protección.

Observacións

Os gastos derivados das conexións e reforzos de sistemas xerais correrán a cargo do polígono. O proxecto de reparcelación procurará axustar as parcelas resultantes ás parcelas xa edificadas limítrofes

UU-R7

Ámbito e Obxectivos

A Unidade Urbana está situada na parte oeste do solo urbano, na zona da Cristina. Completaranse a trama urbana existente e os servizos urbanísticos, completando a malla do núcleo.

Criterios de ordenación, xestión e execución

O uso característico é o terciario cun 59,10% e o residencial cun 40,90 % .A edificabilidade (2,02 m²/m²) do polígono destinase na parte residencial a vivenda colectiva.

Observacións

Os gastos derivados das conexións e reforzos de sistemas xerais correrán a cargo do polígono realizándose nas rúas lindeiras. Reflíctese no PXOM a ordenación pormenorizada do ámbito.

UU-R8

Ámbito e Obxectivos

A Unidade Urbana está situada na parte oeste do solo urbano, na zona de A Cristina. Completaranse a trama urbana existente e os servizos urbanísticos, rematando a trama urbana do núcleo e completando os viarios existentes.

Criterios de ordenación, xestión e execución

O uso característico é o residencial cun 80% o 20% restante a comercial- terciario. A edificabilidade (0.80m²/m²) do polígono destinarase na súa parte residencial nun 64% a uso residencial en tipoloxía colectiva e 16% a uso residencial en vivenda en algún réxime de protección.

Observacións

Os gastos derivados das conexións e reforzos de sistemas xerais correrán a cargo do polígono na Avenida das Frores e Rúa Cristina Os custos totais reflíctense no estudo económico do PXOM. O proxecto de reparcelación procurará axustar as parcelas resultantes ás parcelas xa edificadas limítrofes.

UU-R9

Ámbito e Obxectivos

A Unidade Urbana está situada na parte oeste do solo urbano, na zona de A Cristina, preto da estación de autobuses. Completaranse a trama urbana existente e os servizos urbanísticos, rematando a trama urbana do núcleo e completando os viarios existentes

Criterios de ordenación, xestión e execución

O uso característico é o residencial cun 85% o 15% restante a comercial- terciario. A edificabilidade (0.80m²/m²) do polígono destinarase na súa parte residencial nun4 0% a uso residencial en tipoloxía colectiva, 45% a uso residencial en tipoloxía familiar. A tipoloxía acaroada situarase lindeira ao solo urbanizable.

Observacións

Os gastos derivados das conexións e reforzos de sistemas xerais correrán a cargo do polígono. O proxecto de reparcelación procurará axustar as parcelas resultantes ás parcelas xa edificadas limítrofes.

UU-R10

Ámbito e Obxetivos

A Unidade Urbana está situada na parte sur do solo urbano, na zona da estación de autobuses. Completaranse a trama urbana existente e os servizos urbanísticos, completando a malla do núcleo.

Criterios de ordenación, xestión e execución

Recóllense os parámetros de ordenación e edificabilidade contidos nos instrumentos de desenvolvemento tramitados con anterioridade a este PXOM.

Observacións

Os gastos derivados das conexións e reforzos de sistemas xerais correrán a cargo do polígono nas rúas lindeiras. Reflíctese no PXOM a ordenación pormenorizada do ámbito

UU-R11

Ámbito e Obxectivos

A Unidade Urbana está situada na parte este do solo urbano, na zona de A Gran Vía,. Completaranse a trama urbana existente e os servizos urbanísticos, rematando a trama urbana do núcleo cara o parque do Anllóns e completando os viarios existentes

Criterios de ordenación, xestión e execución

O uso característico é o residencial cun 80% o 20% restante a comercial- terciario. A edificabilidade (0.80m²/m²) do polígono destinarase na súa parte residencial nun 64% a uso residencial en tipoloxía colectiva, e 16% a uso residencial en vivenda en algún réxime de protección.

A ordenación conten un sistema xeral viario Vi3b para dar continuidade os solos lindeiros

Observacións

Os gastos derivados das conexións e reforzos de sistemas xerais correrán a cargo do polígono na rúa Grna vía. O proxecto de reparcelación procurará axustar as parcelas resultantes ás parcelas xa edificadas limítrofes

UU-R12

Ámbito e Obxectivos

A Unidade Urbana está situada na parte este do solo urbano, na zona de A Lagoa. Completaranse a trama urbana existente e os servizos urbanísticos, rematando a trama urbana do núcleo e completando os viarios existentes.

Criterios de ordenación, xestión e execución

O uso característico é o residencial cun 80% o 20% restante a comercial- terciario. A densidade é de 45 viv/ha. A edificabilidade (0.80m²/m²) do polígono destinarase, na súa parte residencial, nun 60% a uso residencial en tipoloxía colectiva, e 20% a uso residencial en vivenda en algún réxime de protección.

Observacións

Os gastos derivados das conexións e reforzos de sistemas xerais correrán a cargo do polígono. Os custos totais reflíctense no estudo económico do PXOM. O proxecto de reparcelación procurará axustar as parcelas resultantes ás parcelas xa edificadas limítrofes

UU-R13

Ámbito e Obxectivos

A Unidade Urbana está situada na parte sur do solo urbano, na zona de San Martiño. Completaranse a trama urbana existente e os servizos urbanísticos, rematando a trama urbana do núcleo e completando os viarios existentes dando fachada o parque do Anllóns. A situación dos equipamentos é vinculante.

Criterios de ordenación, xestión e execución

O uso característico é o residencial cun 80% o 20% restante a comercial- terciario. A edificabilidade (0.80m²/m²) do polígono destinarase, na súa parte residencial, nun 64% a uso residencial en tipoloxía colectiva, e 16% a uso residencial en vivenda en algún réxime de protección.

O desenvolvemento do polígono deberá garantir as obras e deseños urbanos necesarios para evitar a inundabilidade da zona, situando, ademais, as dotacións ao marxe do río Anllóns completandose deste xeito o parque fluvial.

Observacións

Os gastos derivados das conexións e reforzos de sistemas xerais correrán a cargo do polígono nos viarios lindeiros. O proxecto de reparcelación procurará axustar as parcelas resultantes ás parcelas xa edificadas limítrofes. Os instrumentos de desenvolvementos urbanístico do ámbito deberán contar con informe favorable previo do organismo competente en augas. .Tamen conta cun sistema xeral de espazo libre incluído á beira do río.

UU-R14

Ámbito e Obxetivos

A Unidade Urbana está situada na parte este do solo urbano, na zona A Lagoa. Completaranse a trama urbana existente e os servizos urbanísticos, completando a malla do núcleo ata o parque do río Anllóns.

Criterios de ordenación, xestión e execución

O uso característico é o residencial no 80% e o 20% restante destínase a comercial- terciario. A edificabilidade (2.41m²/m²) do polígono destinarase, na súa parte residencial, nun 60% a uso residencial en tipoloxía colectiva e 20% a uso residencial en vivenda en algún réxime de protección.

Observacións

Os gastos derivados das conexións e reforzos de sistemas xerais correrán a cargo do polígono nas rúas lindeiras. Reflíctese no PXOM a ordenación pormenorizada do ámbito. O desenvolvemento do polígono deberá garantir as obras e deseños necesarios para evitar a inundabilidade da zona.

UU-R15

Ámbito e Obxectivos

A Unidade Urbana está situada na parte sur do solo urbano, na zona de San Martiño. Completaranse a trama urbana existente e os servizos urbanísticos, rematando a malla urbana do núcleo cara o solo rústico.

Criterios de ordenación, xestión e execución

O uso característico é o residencial cun 85% o 15% restante a comercial- terciario. A edificabilidade (0.80m²/m²) do polígono destinarase, na súa parte residencial, nun 40% a uso residencial en tipoloxía colectiva, un 30% a uso residencial en tipoloxía acaroada e 15% a uso residencial en vivenda en algún réxime de protección. A tipoloxía acaroada situarase lindeira ao solo rústico.

Observacións

Os gastos derivados das conexións e reforzos de sistemas xerais correrán a cargo do polígono nas rúas lindeiras. O proxecto de reparcelación procurará axustar as parcelas resultantes ás parcelas xa edificadas limítrofes. Os instrumentos de desenvolvementos urbanístico do ámbito deberán contar con informe favorable previo do organismo competente en estradas.

UU-R16

Ámbito e Obxectivos

A Unidade Urbana está situada na horta do Casino Completaranse a trama urbana existente e os servizos urbanísticos, rematando as traseiras existentes e xerando un espazo público de calidade.

Criterios de ordenación, xestión e execución

O uso característico é o residencial cun 80% e o 20% restante a uso terciario. A edificabilidade (1m²/m²) do polígono destinarase para uso residencial nun 64% en vivenda colectiva e o 16% restante a en vivenda en algún réxime de protección.

Observacións

Os gastos derivados das conexións e reforzos de sistemas xerais correrán a cargo do polígono nas rúas lindeiras. O proxecto de reparcelación procurará axustar as parcelas resultantes ás parcelas xa edificadas limítrofes.Os instrumentos de desenvolvementos.

UU-R17

Ámbito e Obxectivos

A Unidade Urbana está situada a carón do futuro parque fluvial de A Cristina rematando as traseiras existentes da Avenida de Fisterra cara o espazo verde xerando un espazo público de calidade.

Criterios de ordenación, xestión e execución

O uso característico é o residencial cun 80% e o 20% restante a uso terciario. A edificabilidade (1m²/m²) do polígono destinarase para uso residencial nun 64% en vivenda colectiva e o 16% restante en vivenda en algún réxime de protección. O ámbito contén un sistema xeral viario para dar continuidade á rúa Rodríguez Castelao e un SX-EL que completa o parque de A Cristina, debendo ter en conta no seu deseño as obras necesarias para resolver os problemas de inundabilidade das zonas verdes afectadas.

UU-R18

Ámbito e Obxectivos

A Unidade Urbana está situada na rúa fotógrafo Xosé Vidal rematando a trama urbana existente xerando un espazo público de calidade cara o solo rústico.

Criterios de ordenación, xestión e execución

O uso característico é o residencial nun 100%. A edificabilidade (0,5m²/m²) do polígono destinarase para uso residencial en vivenda acaroada.

Observacións

Os gastos derivados das conexións e reforzos de sistemas xerais correrán a cargo do polígono nas rúas lindeiras. O proxecto de reparcelación procurará axustar as parcelas resultantes ás parcelas xa edificadas limítrofes.

UU-R19

Ámbito e Obxectivos

A Unidade Urbana está situada lindando co núcleo de A Cristina rematando a trama urbana existente e a rúa Mimosas e completando o sistema de espazos libres de A Cristina

Criterios de ordenación, xestión e execución

O uso característico é o residencial nun 100%. A edificabilidade (0,3m²/m²) do polígono destinarase para uso residencial en vivenda acaroada nun 80% e vivenda illada nun 20%.

Observacións

Os gastos derivados das conexións e reforzos de sistemas xerais correrán a cargo do polígono nas rúas lindeiras. O proxecto de reparcelación procurará axustar as parcelas resultantes ás parcelas xa edificadas limítrofes. Os instrumentos de desenvolvemento deberán obter informe favorable do organismo competente en materia de augas.

UU-R20

Ámbito e Obxectivos

A Unidade Urbana está situada lindando co parque fluvial de A Cristina rematando a trama urbana existente e dándolle continuidade a rúa Moreiras sobre o río completando o sistema viario e o sistema de espazos libres de A Cristina

Criterios de ordenación, xestión e execución

O uso característico é o residencial cun 80% e o 20% restante a uso terciario. A edificabilidade (1m²/m²) do polígono destinarase para uso residencial nun 64% en vivenda colectiva e o 16% restante en vivenda en algun réxime de protección.O ámbito conten un sistema xeral adscrito de espazos libres lindeiro ao parque da Cristina que debera garantir as obras e deseños necesarios para evitar a inundabilidade da zona.

Observacións

Os gastos derivados das conexións e reforzos de sistemas xerais correrán a cargo do polígono nas rúas lindeiras. O proxecto de reparcelación procurará axustar as parcelas resultantes ás parcelas xa edificadas limítrofes.Os instrumentos de desenvolvemento deberán obter informe favorable do organismo competente en materia de augas.

UU-R21

Ámbito e Obxectivos

A Unidade Urbana está situada lindando UU-R14 rematando a trama urbana existente, rematando traseiras e dándolle continuidade o sistema viario do ámbito lindeiro.

Criterios de ordenación, xestión e execución

O uso característico é o residencial cun 80% e o 15% restante a uso terciario. A edificabilidade (2m²/m²) do polígono destinarase para uso residencial nun 69% en vivenda colectiva e o 16% restante en vivenda en algun réxime de protección.

Observacións

Os gastos derivados das conexións e reforzos de sistemas xerais correrán a cargo do polígono nas rúas lindeiras. O proxecto de reparcelación procurará axustar as parcelas resultantes ás parcelas xa edificadas limítrofes.

UU-D1

Ámbito e Obxectivos

A Unidade Urbana está situada na parte sur do solo urbano, na zona de Avenida do Instituto. Completaranse a trama urbana existente e os servizos urbanísticos, rematando a malla do núcleo cunha bolsa de equipamentos xerais.

Criterios de ordenación, xestión e execución

O uso característico é o residencial nun 100% A edificabilidade (0.30m²/m²) do polígono destinarase na súa totalidade a tipoloxía de unifamiliar acaroada. A ordenación preverá unha parcela de 15,000 m2 para un equipamento de sistema xeral educativo. As cesións locais realizaranse próximas a dita parcela.

Observacións

Contempla una cesión para uso dotacional, delimitase co fin de completar unha área dotacional de equipamento educativo na zona da avenida do instituto, próximo o IES Monte Neme, permitindo ademais mellorar o acceso ao mesmo e rematando a trama urbana na periferia urbana do borde Oeste da Vila de Carballo, con escasa transformación do solo nas zonas interiores.

Os gastos derivados das conexións e reforzos de sistemas xerais correrán a cargo do polígono nas rúas lindeiras. O proxecto de reparcelación procurará axustar as parcelas resultantes ás parcelas xa edificadas limítrofes

8.1.2. SOLO URBANIZABLE

1.- Solo Urbanizable Delimitado (SUR-D), que está delimitado en Sectores (S) de usos globais:

- **Industrial** (I), con dous obxectivos:

A) Ampliación Polígono industrial de Bértoa.

B) Ordenación e crecemento dos ámbitos industriais existentes (Factoría "Calvo" e, "Aplihorsa").

- **Residencia**l (R)

- **Terciario** (T), que inclúe o uso comercial, hoteleiro e Administrativo e ademais recolle a Industria-escaparate, distribuída en dúas zoas como complemento e transición dos solos industriais.

2.- Solo Urbanizable Delimitado conforme á disposición transitoria 13ª da lei 2/2010 (SUR-T), delimitado en sectores (S) de uso global:

- **Residencia**l (R), que inclúe os asentamentos xurdidos á marxe do planeamento urbanístico antes da entrada en vigor da Lei 9/2002

3.- O presente documento no clasifica solo urbanizable non delimitado.

En xeral o solo urbanizable situase no entorno da vila de Carballo. Delimitase co obxectivo de dar continuidade ao solo urbano existente, completando as areas baleiras polas que non consolidou o tecido urbano, xerando ocos e incluso descontinuidades en vías estruturantes como a Rúa Vila de Noia, Avenida de Bergantiños ou Vila de Negreira, na zona do Bosque e a Lagoa, moi preto da Praza do Concello.

Respecto ao solo de uso industrial xa se comentou os antecedentes e herdanzas do mesmo, e que as bolsas previstas para uso terciario pretender cubrir necesidades existentes en zonas estratéxicas situadas entre o uso industrial e o residencial.

8.1.2.1. SOLO URBANIZABLE DELIMITADO

O solo que o PXOM clasifica como Urbanizable delimitado sitúase lindeiro o núcleo urbano de carballo para colmatar e pechar a malla urbana existentes e completar os sistemas viarios estruturantes da vila. Nalgúns casos recollese as delimitacións de sectores como herdanzas asumidas pola ordenación do anterior planeamento, asumindo as determinacións das mesmas como propias, sendo o caso dos sectores industriais 1 e 2 e o residencial R3.

A continuación amósanse os sectores contidos no PXOM segundo o uso que desenvolven:

			SUPERFICIES EXISTENTES		
AR	POLÍGONO/SECTOR	USO	SUP. BRUTA	SUP. NETA	SUMA DP
ARS-I1	**S-I1**	I	443.226,00 m²	443.226,00 m²	0,00 m²
ARS-I2	**S-I2**	I	110.781,00 m²	110.781,00 m²	0,00 m²
ARS-I3	**S-I3**	I	243.939,23 m²	231.894,80 m²	12.044,43 m²
ARS-I4	**S-I4**	I	33.536,51 m²	32.806,52 m²	729,99 m²
ARS-T1	**S-T1**	T	34.474,72 m²	32.200,15 m²	2.274,57 m²
ARS-T2	**S-T2**	T	53.938,19 m²	53.021,78 m²	916,41 m²
ARS-T3	**S-T3**	T	50.034,55 m²	46.804,13 m²	3.230,42 m²
ARS-R3	**S-R3**	R	297.069,00 m²	296.530,00 m²	539,00 m²
ARS-R4	**S-R4**	R	24.120,69 m²	21.320,05 m²	2.800,64 m²
ARS-R5	**S-R5**	R	17.480,55 m²	14.884,79 m²	2.595,76 m²
ARS-R6	**S-R6**	R	140.428,79 m²	117.937,28 m²	22.491,51 m²
ARS-R7	**S-R7**	R	41.854,64 m²	39.806,73 m²	2.047,91 m²
ARS-R8	**S-R8**	R	41.605,78 m²	39.304,07 m²	2.301,71 m²
ARS-R9	**S-R9**	R	17.467,69 m²	15.104,15 m²	2.363,54 m²
ARS-R10	**S-R10**	R	23.863,83 m²	21.359,88 m²	2.503,95 m²
ARS-R11	**S-R11**	R	19.763,76 m²	18.875,47 m²	888,29 m²

A. Uso industrial

S-I1

Ámbito e Obxectivos

O sector sitúase na parte norte do solo urbano, na zona de Bértoa, recollendo as ampliacións do polígono industrial de Bértoa, que se encontran incluídas no Plan Sectorial de Ordenación Territorial de Áreas Empresariais no Ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, declarado de incidencia supramunicipal o 22 de xaneiro de 2004 para os efectos previstos na Lei 10/1995 e no Decreto 80/2000, e aprobado definitivamente con data 28 de maio de 2014 polo "Consello da Xunta de Galicia".

Criterios de ordenación, xestión e execución

O uso característico é o industrial. As cesións de espazos libres de sistema local situaranse na franxa de afección da autovía e o sistema xeral de espazos libres e locais restantes, situaranse a carón do Rego da Balsa para formalizar o parque fluvial.

Observacións

O sector S-I1 localizase entre a autoestrada AG-55 e o Rego da Balsa. O desenvolvemento deste sector do Polígono Industrial estase a facer mediante un convenio co IGVS, por medio de XESTUR Coruña. Os instrumentos de desenvolvementos urbanístico do ámbito deberán contar con informe favorable previo da consellería competente en materia de augas e estradas de titularidade autonómica. Os documentos de desenvolvemento do ámbito deberán dar cumprimento as determinacións legais en materia de Augas e o PHGC.

Os gastos derivados das conexións e reforzos de sistemas xerais correrán a cargo do sector.

S-I2

Ámbito e Obxectivos

O sector sitúase na parte norte do solo urbano, na zona de Bértoa, recollendo as ampliacións do polígono industrial de Bértoa, que se encontran incluídas no Plan Sectorial de Ordenación Territorial de Áreas Empresariais no Ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, declarado de incidencia supramunicipal o 22 de xaneiro de 2004 para os efectos previstos na Lei 10/1995 e no Decreto 80/2000, e aprobado definitivamente con data 28 de maio de 2014 polo "Consello da Xunta de Galicia".

Criterios de ordenación, xestión e execución

O uso característico é o industrial. As cesións de espazos libres de sistema xeral e parte dos locais situaranse na franxa de afección da estrada para continuar coa fachada verde iniciada polo parque empresarial lindeiro.

Observacións

O sector S-I2 localizase entre o actual polígono de Bértoa, e o acceso dende a autoestrada. O desenvolvemento deste sector do Polígono Industrial iniciouse mediante un convenio co IGVS, por medio de XESTUR Coruña.

Os gastos derivados das conexións e reforzos de sistemas xerais correrán a cargo do sector. Reflíctese no PXOM a ordenación pormenorizada do ámbito Os instrumentos de desenvolvementos urbanístico do ámbito deberán contar con informe favorable previo da consellería competente en materia de estradas.

S-I3

Ámbito e Obxectivos

O obxectivo desta área é a delimitación dun polígono industrial que recolla a factoría existente de APLIHORSA, e que permita a súa correcta integración no contexto urbano e ordenación do entorno.

Criterios de ordenación, xestión e execución

O uso característico é o industrial cun 100% e unha edificabilidade de 0.60m²/m². A ordenación debe prever a conexión coa AC-416 na rotonda existente e coa estrada provincial mediante un enlace.

Observacións

O sector localizase lindeiro a autoestrada e próximo o seu enlace, sendo necesario facer unha boa conexión co mesmo.

Os gastos derivados das conexións e reforzos de sistemas xerais correrán a cargo do sector. Os custos totais reflíctense no estudo económico do PXOM. O proxecto de reparcelación procurará axustar as parcelas resultantes ás parcelas xa edificadas limítrofes

S-I4

Ámbito e Obxectivos

O obxectivo da delimitación desta área e posibilitar a ampliación cara ao oeste da histórica industria conserveira Calvo, fundada en 1940 na vila de Carballo, permitindo que a factoría existente en solo urbano satisfaga as súas necesidades de crecemento cunha correcta funcionalidade e integración no contexto urbano en canto a accesos e reservas de dotacións urbanísticas, tendo en conta a incidencia medioambiental pola presenza do Rego Anllóns.

Criterios de ordenación, xestión e execución

O uso característico é o industrial cun 100% e unha edificabilidade de 0.60m²/m². Proxectase o acceso polo borde Norte do sector, acondicionando e ampliando o viario existente. Impútaselle ao sector un sistema xeral adscrito de espazos libres para completar o parque fluvial do río Anllóns.

Observacións

O sector localizase lindeiro ao río Anllóns e o sistema xeral de espazos verde Os documentos de desenvolvemento do ámbito deberán dar cumprimento as determinacións legais en materia de Augas e o PHGC. Os gastos derivados das conexións e reforzos de sistemas xerais correrán a cargo do sector. Os custos totais reflíctense no estudo económico do PXOM. O proxecto de reparcelación procurará axustar as parcelas resultantes ás parcelas xa edificadas limítrofes.

B. Uso terciario

S-T1

Ámbito e Obxectivos

Delimitase para formalizar o remate dun área consolidada por edificacións de uso industria escaparate, existente no solo urbano consolidado de Bértoa, na confluencia entre a AC-552 e a saída da autoestrada AG-55, consolidando os terreos baleiros existentes entre estas edificacións e unha zona de solo urbano residencial de baixa densidade de recente desenvolvemento.

Criterios de ordenación, xestión e execución

O uso característico é o comercial-terciario cun 100% e unha edificabilidade de 0.60m²/m². Proxectase o acceso polo borde Norte do sector, acondicionando o viario existente. A reserva de solo para dotacións urbanísticas locais se localizará entre o uso residencial e as actividades terciarias, de xeito que se xere un área de transición entre usos, se integren na estrutura urbanística e sexan funcionais de cara a satisfacer as necesidades da poboación. A conexión poderase facer a través do viario exterior do parque empresarial de Carballo (rúa Isaac Benítez), enlace contemplado no proxecto técnico deste, ou tamén dando continuidade a rúa Ricardo Portela. As conexión as redes realizaranse no cruce do vial de acceso ao polígono de Bértoa.

Observacións

Os gastos derivados das conexións e reforzos de sistemas xerais correrán a cargo do sector. Os custos totais reflíctense no estudo económico do PXOM. O proxecto de reparcelación procurará axustar as parcelas resultantes ás parcelas xa edificadas limítrofes

S-T2

Ámbito e Obxectivos

Seguindo o obxectivo de implantar o uso terciario en puntos estratéxicos para a vila de Carballo, pretendese conseguir neste caso un tecido terciario en torno a Avenida de Finisterre, ó Sur do núcleo. Delimítase este sector co obxecto de recoller a iniciativa de uso comercial que xurdiu para completar a estrutura iniciada polas edificacións de uso industria escaparate dispersas ó longo da Avda Finisterre na saída ata Coristanco.

Criterios de ordenación, xestión e execución

O uso característico é o comercial-terciario cun 100% e unha edificabilidade de 0.60m²/m². O sector deberá conter un viario estruturante que naza na Avenida de Vilagarcía e vertebre a ordenación comunicando este sistema viario coa Avenida de Finisterre a través do sector S-T3.

As conexións as redes existentes realizáranse na Avenida de Finisterre e Avenida da Milagrosa para abastecemento e fecais, e para pluviais ao colector existente.

Observacións

Os gastos derivados das conexións e reforzos de sistemas xerais correrán a cargo do sector. Os custos totais reflíctense no estudo económico do PXOM. O proxecto de reparcelación procurará axustar as parcelas resultantes ás parcelas xa edificadas limítrofes. Os instrumentos de desenvolvemento urbanístico do ámbito deberán contar con informe favorable previo da consellería competente en materia de estradas de titularidade autonómica.

S-T3

Ámbito e Obxectivos

As dificultades orográficas, polo incremento das pendentes, os usos implantados no borde da Avda. Finisterre e a dispersa implantación de vivendas familiares apoiadas en viario de caracter rural, que nestes anos non chegou a desenvolverse urbanísticamente, aconsella unha ordenación funcional de uso terciario que quedará estruturada por un gran eixo viario que de continuidade ao sector S-T2

Este sector xurde polo tanto coa vocación de dar continuidade ao tecido terciario que xerará o sector S-T2 do mesmo uso, de forma que se complete a malla urbana con funcionalidade e integridade urbanística no seu conxunto.

Criterios de ordenación, xestión e execución

O uso característico é o comercial-terciario cun 100% e unha edificabilidade de 0.60m²/m². O sector deberá conter un viario estruturante que naza na Avenida de Finisterre e vertebre a ordenación comunicando a mesma coa Avenida da Milagrosa a través do S-T2

As conexións ás redes exteriores realizaranse para abastecemento e fecais na Avenida Finisterre, e para pluviais ao ponte de acceso a Industrias Calvo.

Observacións

Os gastos derivados das conexións e reforzos de sistemas xerais correrán a cargo do sector. Os custos totais reflíctense no estudo económico do PXOM. O proxecto de reparcelación procurará axustar as parcelas resultantes ás parcelas xa edificadas limítrofes. Os instrumentos de desenvolvemento urbanístico do ámbito deberán contar con informe favorable previo da consellería competente en materia de augas e estradas de titularidade autonómica.

C. Uso residencial

S-R3

Ámbito e Obxectivos

O sector sitúase ao Norte da vila de Carballo e ten localizadas as súas cesións en contacto coa zona verde do polígono industrial de Bértoa, facendo a transición entre os diferentes usos.

Criterios de ordenación, xestión e execución

O uso característico é o residencial cun 88,76% o 11,24% restante a comercial- terciario. A densidade é de 15 viv/ha. A edificabilidade (0.30m²/m²) do polígono na súa parte residencial destinarase nun 71,01% a uso residencial en tipoloxía familiar, e o restante a uso residencial en vivenda en algún réxime de protección. Incorporase o documento de desenvolvemento do sector, no Tomo XI do presente PXOM, para dar cumprimento ao artigo 57.2 da LOUG. En relación coas conexións as redes existentes deberase cerrar a malla de abastecemento e conectarse na Avenida de Bertoa e polígono industrial. Á rede de pluviais deberá conectarse no rego da Balsa e fecais na Avenida dos Abetos. Ao sector impútaselle tamén a actuación urbanizadora AU-01 de 1.652 m2 para conectar o sistema xeral viario do sector coa rúa Cobre e Isaac Álbeniz.

Observacións

Os gastos derivados das conexións e reforzos de sistemas xerais correrán a cargo do sector. Reflíctese no PXOM a ordenación pormenorizada do ámbito. O proxecto de reparcelación procurará axustar as parcelas resultantes ás parcelas xa edificadas limítrofes

Obterase, con carga ao ámbito, o solo do tramo de conexión coa rotonda do polígono de Bértoa SX-VI 1a, conforme as rasantes grafadas nos planos de ordenación. Na execución do sistema xeral viario debe garantirse a conexión coas estradas lindeiras.

S-R4

Ámbito e Obxectivos

O sector sitúase ao Norte da vila de Carballo e terá localizadas as súas cesións en contacto coa zona próxima ao polígono industrial de Bértoa, facendo a transición entre os diferentes usos.

Criterios de ordenación, xestión e execución

O uso característico é o residencial nun 100%. A edificabilidade (0.30m²/m²) do sector destinarase nun 60% a uso residencial en tipoloxía familiar acaroada, un 37% a uso residencial en tipoloxía familiar illada e o restante 3% a uso residencial en vivenda en algún réxime de protección en vivenda familiar ou colectiva en B+1.

A conexión ás redes existentes realizarase na Avenida de Bértoa

Observacións

Os gastos derivados das conexións e reforzos de sistemas xerais correrán a cargo do sector. O proxecto de reparcelación procurará axustar as parcelas resultantes ás parcelas xa edificadas limítrofes.

S-R5

Ámbito e Obxectivos

O sector sitúase ao Norte da vila de Carballo preto do rego da Balsa

Criterios de ordenación, xestión e execución

O uso característico é o residencial cun 80% o 20% restante a comercial- terciario. A edificabilidade (0.70m²/m²) do sector destinarase para uso residencial nun 57% en tipoloxía colectiva, o 20% a familiar acaroada e o 3% restante a uso residencial en vivenda en algún réxime de protección. O sector conta cun sistema xeral viario que da continuidade ata o polígono de Bértoa, así como dar continuidade cos desenvolvemento lindeiros á Avenida do Ambulatorio. A altura das edificacións será de B+2.

A conexión das redes realizaránse para abastecemento na rúa Ramón e Cajal e para fecais e pluviais a través do SUNC-UU-R2

Observacións

Os gastos derivados das conexións e reforzos de sistemas xerais correrán a cargo do sector. O proxecto de reparcelación procurará axustar as parcelas resultantes ás parcelas xa edificadas limítrofes.

S-R6

Ámbito e Obxectivos

O sector sitúase ao Norte da vila de Carballo preto do rego da Balsa . Area anexa polo Oeste ao complexo de equipamentos composto polo colexio público Bergantiños, a piscina e o polideportivo, e polo Este ao equipamento comercial privado "Halley".Pretendese completar esta área vacante rodeada de solo urbano, por medio da ampliación dos equipamentos docentes e deportivos e dos espazos libres de sistemas xerais, e da disposición do uso residencial segundo as tipoloxías existentes na zona.

Criterios de ordenación, xestión e execución

A ordenación proposta debera resolver os encontros coa trama urbana lindeira mellorando o sistema viario intermedio e empregando a vivienda en altura como remate, da trama existente.O uso característico é o residencial cun 85% o 15% restante a comercial- terciario. A edificabilidade (0.50m²/m²) do sector destinarase nun 50% a uso residencial en tipoloxía colectiva de B+3, un 20% a uso residencial en tipoloxía familiar acaroada un 12% a familiar illada e o 3% restante a uso residencial en vivenda en algún réxime de protección. O sector conta cun sistema xeral de espazos libres que da continuidade ao espazo libre e corredor no rego da Balsa ata o polígono de Bértoa.

Tamén conta cun sistema xeral viario que artella transversalmente o núcleo de Carballo.

As conexións coas redes realizaranse pechando as mallas de abastecemento na Avenida de Malpica e as conexións de pluviais e fecais nos puntos existentes.

Observacións

Os documentos de desenvolvemento do ámbito deberán dar cumprimento as determinacións legais en materia de Augas e o PHGC .Os gastos derivados das conexións e reforzos de sistemas xerais correrán a cargo do sector. O proxecto de reparcelación procurará axustar as parcelas resultantes ás parcelas xa edificadas limítrofes.

S-R7

Ámbito e Obxectivos

Ámbito situado o Nordeste do quinteiro de equipamento escolar e deportivo no que se sitúan o "Instituto Alfredo Brañas" e o "Colexio público escola Fogar", nun espazo vacante que remata polo Norte con camiños rurais. O sistema reticular de viarios existente ó redor do equipamento precisa dunha continuidade e da creación de eixes de desenvolvemento urbano rematando a Rúa Vila de Negreira.

Criterios de ordenación, xestión e execución

O uso característico é o residencial cun 85% o 15% restante a comercial- terciario. A edificabilidade (0.50m²/m²) do sector destinarase no uso residencial nun 30% en tipoloxía colectiva, un 40% a uso residencial en tipoloxía familiar acaroada. o 12 % a familiar illada e o 3% restante a uso residencial en vivenda en algún réxime de protección. Co obxecto de rematar as mazás de vivenda colectiva existentes no entorno do equipamento, se implantará o uso residencial en mazá pechada no Sur e o uso residencial extensivo de vivenda familiar no resto, procurando que as cesión locais xeren unha transición entre elas. O tramo de Sistema xeral viario para rematar a Rúa Vila de Negreira se proxecta como interior ao sector (ARSR7 SX-VI2b) e como límite do sector na parte Este delimitase un sistema xeral de espazo libre SX-EL11.

As conexións das redes realizaranse para o abastecemento na rúa Vila de Noia e para pluviais no Río Anllóns por Ferradal, as fecais están no ámbito.

Observacións

Os gastos derivados das conexións e reforzos de sistemas xerais correrán a cargo do sector. O proxecto de reparcelación procurará axustar as parcelas resultantes ás parcelas xa edificadas limítrofes.

S-R8

Ámbito e Obxectivos

Este sector delimitase co obxecto de crear malla urbana nun área vacante e irregular situada nun borde inmediato ao centro urbano. Considerase un sector significativo debido á centralizade da súa localización, a variada tipoloxía edificatoria circundante, e a trama viaria estrutúrante iniciada polo concello coa Vila de Negreira, a Avenida de Bergantiños. Este sector considerase imprescindible para colmatar un área baleira que xera importantes descontinuidades no tecido urbano e nas vías estruturantes lindeiras.

Criterios de ordenación, xestión e execución

O uso característico é o residencial cun 80% o 20% restante a comercial- terciario. A edificabilidade (0.70m²/m²) do sector destinarase no uso residencial nun 77% en tipoloxía colectiva en B+4 e B+3, e o 3% restante a uso residencial en vivenda en algún réxime de protección.conta cun SX voario interior ao sector (ARSR8 SX-VI3a). A ordenación proposta debera resolver os encontros coa trama urbana lindeira mellorando o sistema viario intermedio, continuando as rúas xa existentes, e situar as cesións de espazos libres lindeiros ao xacemento XA-015, e establecendo cautelas arqueolóxicas no seu desenvolvemento e posterior urbanización do sector para garantir a súa integridade.

As conexiones das redes se realizarán para o abastecemento de auga cerrando a malla e conectando en Villa de Negreira, as pluviais e Fecais a Gran Vía.

Observacións

Os gastos derivados das conexións e reforzos de sistemas xerais correrán a cargo do sector. Impútaselle ao sector unha carga económica proporcional á edificabilidade prevista, destinada á obtención dos sistemas xerais de dotacións e infraestruturas esixidos pola LOUG para o novo horizonte de poboación. Os custos totais reflíctense no estudo económico do PXOM. O proxecto de reparcelación procurará axustar as parcelas resultantes ás parcelas xa edificadas limítrofes, Os instrumentos de desenvolvemento urbanístico do ámbito deberán contar con informe favorable previo da consellería competente en materia de patrimonio.

Obterase, con carga ao ámbito, os solos dos tramos de conexión coas estradas en solo urbano lindeiras SX-VI3a e SX-VI4 , conforme as rasantes grafadas nos planos de ordenación. Na execución do sistema xeral viario debe garantirse a conexión cos ámbitos lindeiros

S-R9

Ámbito e Obxectivos

Este sector delimitase co obxecto de crear malla urbana nun área vacante e irregular situada nun borde periférico da Vila. Na zona da Avenida do Instituto.

Criterios de ordenación, xestión e execución

O uso característico é o residencial cun 100% o. A edificabilidade (0.30m²/m²) do sector en uso residencial destinarase nun 70% a uso residencial en tipoloxía familiar acaroada, un 27% a uso residencial en tipoloxía familiar illada e o 3% restante a uso residencial en vivenda en algún réxime de protección en tipoloxía colectiva ou familiar de B+1.A ordenación proposta debera resolver os encontros coa trama urbana lindeira mellorando o sistema viario intermedio. As conexións das redes realizaranse na Avenida Flores.

Observacións

Os gastos derivados das conexións e reforzos de sistemas xerais correrán a cargo do sector. O proxecto de reparcelación procurará axustar as parcelas resultantes ás parcelas xa edificadas limítrofes.

S-R10

Ámbito e Obxectivos

Este sector delimitase co obxecto de crear malla urbana nun área vacante e irregular situada nun borde periférico da Vila. Na zona da Avenida do Instituto, próxima á estación de autobuses.O ámbito deberá resolver o sistema viario intermedio para dar saída o tráfico xerado polo equipamento escolar existente e previsto.

Criterios de ordenación, xestión e execución.

O uso característico é o residencial cun 100% o. A edificabilidade (0.30m²/m²) do sector en uso residencial destinarase nun 70% a uso residencial en tipoloxía familiar acaroada, un 30% en tipoloxía familiar illada e o 3% restante a uso residencial en vivenda en algún réxime de protección en tipoloxía colectiva ou familiar de B+1. A ordenación proposta debera resolver os encontros coa trama urbana lindeira mellorando o sistema viario intermedio mantendo a proposta de trazado do PXOM.

As conexións existentes realizaranse no cruce da avenida Cristina coa Rúa Moreiras ou no ámbito .

Observacións

Os gastos derivados das conexións e reforzos de sistemas xerais correrán a cargo do sector. O proxecto de reparcelación procurará axustar as parcelas resultantes ás parcelas xa edificadas limítrofes

S-R11

Ámbito e Obxectivos

O sector sitúase ao Norte da vila de Carballo preto do rego da Balsa completando a trama urbana da zona.

Criterios de ordenación, xestión e execución

O uso característico é o residencial no 100%.. A edificabilidade (0.50m²/m²) do sector destinarase nun 60% en tipoloxía familiar acaroada, o 20% a familiar acaroada, o 37% a familiar illada e o 3% restante a uso residencial en vivenda en algún réxime de protección en colectiva de B+1 ou en vivienda familiar. O sector conta cun sistema xeral viario que da continuidade ata o polígono de Bértoa, así como cos desenvolvementos lindeiros. A altura das edificacións será de B+1

A conexión das redes realizaránse nas rúas lindeiras.

Observacións

Os gastos derivados das conexións e reforzos de sistemas xerais correrán a cargo do sector. O proxecto de reparcelación procurará axustar as parcelas resultantes ás parcelas xa edificadas limítrofes.

8.1.2.2. SOLO URBANIZABLE DELIMITADO DE DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Delimítanse de acordo a disposición transitorio decimo terceira da LOUG para os asentamentos xurdidos ao marxe do planeamento.

AR	POLÍGONO/SECTOR		USO	SUPERFICIES EXISTENTES		
				SUP. BRUTA	SUP. NETA	SUMA DP
ARS-R1	**S-R1**	**Avda. Instituto**	R	36.281,19 m²	30.613,77 m²	5.667,42 m²
ARS-R2	**S-R2**	**Sísamo**	R	36.994,68 m²	31.314,71 m²	5.679,97 m²
ARS-R12	**S-R12**	**Arnados**	R	49.428,26 m²	46.593,15 m²	2.835,11 m²

S-R1

Ámbito e Obxectivos

Este sector delimitase co obxecto de recoller as vivendas xurdidas en solo rústico próximas o IES Monte Neme e solucionar o sistema viario da zona.

Criterios de ordenación, xestión e execución

O uso característico é o residencial nun 100% cunha densidade edificatoria de de 6,61 viv/ha. A edificabilidade (0.20m²/m²) do sector destinarase o 100% a uso residencial en tipoloxía familiar illada. A ordenación proposta debera resolver os encontros coa trama urbana lindeira mellorando o sistema viario intermedio e situando a cesión de equipamento próximos ao IES Monte Neme para ampliar a parcela do mesmo.O sector debera realizar as conexións das redes ás existentes na rúa Nacente.

Observacións

Os gastos derivados das conexións e reforzos de sistemas xerais correrán a cargo do polígono. O proxecto de reparcelación procurará axustar as parcelas resultantes ás parcelas xa edificadas limítrofes. A disposición transitoria décimo terceira da LOUG, no seu apartado “c”, especifica que o Plan poderá reducir ou eliminar xustificadamente as reservas de solo para dotacións e vivendas suxeitas a algún réxime de protección pública establecidas por esta lei. Entendemos que este tipo de solo, é de difícil xestión e o Plan tenta eliminar as posibles barreiras para a súa execución completendo a súa ordenación detallada coas cesións de equipamentos e espazos libres, eliminado a vivienda de protección.

S-R2

Ámbito e Obxectivos

Este sector delimitase co obxecto de recoller as vivendas xurdidas en solo rústico próximas a autoestrada en Sísamo.

Criterios de ordenación, xestión e execución

O uso característico é o residencial cun 100% cunha densidade de 7,39 viv/ha. A edificabilidade (0.20m²/m²) do sector destinarase nun 100% de uso residencial en tipoloxía familiar illada.

A ordenación proposta debera resolver a urbanización da zona. Así mesmo deberase cerrar a malla do abastecemento polo norte.

Observacións

Os gastos derivados das conexións e reforzos de sistemas xerais correrán a cargo do polígono. O proxecto de reparcelación procurará axustar as parcelas resultantes ás parcelas xa edificadas limítrofes. Os instrumentos de desenvolvementos urbanístico do ámbito deberán contar con informe favorable previo da consellería competente en materia de estradas de titularidade autonómica.

S-R12

Ámbito e Obxectivos

Este sector delimitase co obxecto de recoller as vivendas xurdidas en solo rústico próximas ao núcleo de Arnados.

Criterios de ordenación, xestión e execución

O uso característico é o residencial. A densidade é de 16viv/ha. A edificabilidade (0.25m²/m²) do sector destinarase nun 100% a uso residencial en tipoloxía familiar illada. A ordenación proposta debera resolver a urbanización da zona resolvendo as servidumes de paso ás edificacións residenciais e situando as cesións de espazos libres nunha zona lindeira ao solo rústico. A conexión as redes existentes realizarase nos puntos mais cercanos.

Observacións

Os gastos derivados das conexións e reforzos de sistemas xerais correrán a cargo do polígono. O proxecto de reparcelación procurará axustar as parcelas resultantes ás parcelas xa edificadas limítrofes. Os instrumentos de desenvolvementos urbanístico do ámbito deberán contar con informe favorable previo da consellería competente en materia de medioambiente e conservación da natureza. A disposición transitoria décimo terceira da LOUG, no seu apartado "c" especifica que o Plan poderá reducir ou eliminar xustificadamente as reservas de solo para vivendas suxeitas a algún réxime de protección pública establecidas por esta lei. . O Plan tenta eliminar as posibles barreiras para a súa execución, entendendo que é inviable economicamente para o seu desenvolvemento destinar parte da edificación futura a vivendas de protección ,ao ser desenvolvementos en vivenda familiar nun entorno moi sensible, pretendendo que se remate a súa urbanización, e as cesións para dotacións.

8.1.3. SOLO DE NÚCLEO RURAL

Se identifican e delimitan 269 de núcleos rurais, que se relacionan por orden parroquial no Tomo 3 de Asentamento poboacional, coa súas correspondentes fichas descritivas e gráficas.

- Núcleo Rural Histórico Tradicional (SNR-HT)
- Núcleo Rural Común (SNR-C)
- Núcleo Rural Complexo (SNR-C e SNR-HT)

8.1.3.1. CRITERIOS DE ORDENACIÓN

Para consideración e delimitación do solo de núcleo rural -ademais das prescricións do artigo 13 da LOUG, o PXOM e as excepcións explicadas na Análise do modelo de asentamento poboacional- atendese ás seguintes determinacións:

1. Existencia dun asentamento tradicional, que na súa xénese estea ligada á explotación do medio físico inmediato
2. Agrupación de vivendas cunha densidade superior a 2.5 viv/Ha, suficiente para establecer relacións de vida comunitaria.
3. Agrupación de un mínimo de 4 vivendas. Como excepción, delimítanse asentamentos de 3 vivendas, sempre que conten con características morfolóxicas Histórico Tradicionais e claramente sexan un casal (cunha densidade superior a 4viv/Ha).
4. A estrutura parcelaria é preexistente e vinculada a explotación do medio.
5. Recoñecible cunha entidade propia na práctica administrativa e social, mediante os nomenclátor oficiais ou a constatación de feito da súa existencia histórica como núcleo.
6. Conforme o artigo 13 da LOUG aténdese a que estiveran recollidos en planeamentos anteriores ou na súa área de influencia como núcleos rurais.
7. Atendese a criterios de consolidación, a hora de delimitar os núcleos rurais sobre un asentamento, e recollese o perímetro edificado. Polo que priorízase a consolidación entre edificacións existentes, descartando da delimitación as áreas perimetrais baleiras.
8. En xeral, a redacción do PXOM reduce a superficie dos núcleos rurais do plan que se revisa, adecuándoos a un horizonte de poboación máis realista.

8.1.3.2. CRITERIOS DE CONSOLIDACIÓN

O planeamento establece uns graos de consolidación, uns límites, en función do tipo de núcleo, a capacidade e demanda de crecemento, de acordo co artigo 13º.3 da LOUG. Esta consolidación establece unha proporción entre os predios edificados, non só os de tipoloxía residencial, e os predios baleiros que serven como soporte para a edificación de acordo coa ordenación proposta. Estes predios edificables virán definidos en función dos criterios mínimos definidos na normativa do PXOM (fronte de aliñación, superficie mínima, ...).

O plan tamén define os criterios de complexidade urbanística nos actos de segregación –limitando o número de segregación e de parcelas resultado durante a vixencia do PXOM e segundo o núcleo. Así, dependendo destes criterios establecidos na normativa e nas fichas do modelo de asentamento poboacional, tamén se consideran baleiras os predios resultantes de posibles segregacións parcelarias, non vinculadas a actuacións integrais e plans especiais de ordenación de núcleo rural.

Considéranse predios consolidados a efectos a consolidación do núcleo, aquelas parcelas onde as edificacións principal, pola súa dimensión edificabilidade e ocupación, non permiten ser reedificadas sen a substitución destas. Polo tanto tódolos procesos de substitución de edificación ou trocos de usos sobre edificacións existentes considéranse predios edificados e , polo tanto, consolidados.

Así mesmo, os predios consolidados con edificacións ou usos parcialmente fora ordenación considéranse consolidados; xa que a conservación da actividade ou da edificación depende das licenzas concedidas noutrora, e calquera proceso de adecuación ás ordenacións propostas, non aumentaría a consolidación do núcleo.

Tamén as parcelas de usos comunitarios (dotacións) tanto sexan edificatorios como non (igrexa parroquial, campo da festa...) que a ordenación do plan mantén, ao ser compatíbeis coa ordenación proposta, considerase un uso consolidado xa que os criterios normativos de edificabilidade e ocupación para eses predios, xa foron acadados, ademais de formar parte indisoluble da idiosincrasia do asentamento poboacional e da vida comunitaria rural.

Non entanto, as parcelas baleiras que non cumpran os criterios de parcela mínima edificable –ben por falta de acceso a vía publica, fronte mínimo, superficie mínima ou a imposibilidade de edificar unha vivenda que cumpra cos criterios mínimos de habitabilidade- non se consideran a efectos da consolidación.

8.1.3.3. INDICADORES E ACTUACIÓNS INTEGRAIS

A normativa de ordenación establecida para os núcleos rurais delimitados polo PXOM determina uns indicadores de complexidade urbanística -de acordo cos artigos 13º, 56º, 62º e 72º da LOUG- a partir dos que darán lugar á redacción dun plan especial de ordenación do núcleo rural. O indicador é fixado no plan en función das segregacións máximas e parcelas resultado de ditas segregación, durante a vixencia deste. Así, en no concello de Carballo o límite do indicador establecese en un só (1) proceso de segregación cun número máximo de parcelas resultado de dúas (2). Así protéxese e ordénase o modelo de crecemento individual e familiar previsto no PXOM, reconducindo os procesos de promoción inmobiliaria cun instrumento axeitado que garanta a integración social do núcleo rural

Non entanto, dende o plan fíxanse previamente ámbitos para a realizacións de actuacións integrais (AI);ben pola complexidade urbanística do ámbito que garanta a execución dos aproveitamentos a tódolos propietarios ou ben pola situación singular do quinteiro que ordene nun proxecto conxunto os volumes edificados. Así, dende o plan propóñense catro (4) actuacións integrais:

COD NR	NR	USO	SUP. BRUTA	SUP. NETA	SUMA DP
05009	ARNADOS	R	91.121,86 m²	84.515,86 m²	6.606,00 m²
13007	ARNADOS	R	37.003,45 m²	34.688,99 m²	2.314,46 m²
13007	ARNADOS	R	28.657,53 m²	25.929,54 m²	2.727,99 m²
13007	AS LABRADAS	R	8.790,00 m²	6.811,00 m²	1.979,00 m²

AI-01

Ámbito e Obxectivos

A actuación integral está situada no núcleo de Arnados, zona afectada polo POL e con gran sensibilidade medioambiental e paisaxística.

Criterios de Ordenación, Xestión e Execución

O uso característico é o residencial cunha densidade de 10 viv/ha. A edificabilidade (0.20m²/m²) do polígono destinarase nun 80% a uso residencial familiar e o 20% restante a comercial terciario para a implantación do uso hoteleiro. A actuación resolvera un novo sistema viario de modo que artelle o núcleo e mellore o sistema intermedio. Igual que a localización dos equipamentos, creando espazos de cohesión social na zona de servidume de costas.

Para a ordenación do ámbito deberá terse en conta a paisaxe circundante e o decálogo do POL para os novos desenvolvementos.

Observacións

Os gastos derivados das conexións e reforzos de sistemas xerais correrán a cargo do polígono. O proxecto de reparcelación procurará axustar as parcelas resultantes ás parcelas xa edificadas limítrofes

AI-02

Ámbito e Obxectivos

A actuación integral está situada no núcleo de Arnados, zona afectada polo POL e con gran sensibilidade medioambiental e paisaxística.

Criterios de Ordenación, Xestión e Execución

O uso característico é o residencial cunha densidade de 10 viv/ha. A edificabilidade (0.20m²/m²) do polígono destinarase nun 100% a uso residencial familiar A actuación resolvera un novo sistema viario de modo que artelle o núcleo e mellore o sistema intermedio. Igual que a localización dos equipamentos, creando espazos de cohesión social nas zonas mais idóneas .

Para a ordenación do ámbito deberá terse en conta a paisaxe circundante e o decálogo do POL para os novos desenvolvementos.

Observacións

Os gastos derivados das conexións e reforzos de sistemas xerais correrán a cargo do polígono. O proxecto de reparcelación procurará axustar as parcelas resultantes ás parcelas xa edificadas limítrofes

AI-03

Ámbito e Obxectivos

A actuación integral está situada no núcleo de Arnados, zona afectada polo POL e con gran sensibilidade medioambiental e paisaxística.

Criterios de Ordenación, Xestión e Execución

O uso característico é o residencial cunha densidade de 10 viv/ha. A edificabilidade (0.20m²/m²) do polígono destinarase nun 100% a uso residencial familiar A actuación resolvera un novo sistema viario de modo que artelle o núcleo e mellore o sistema intermedio. Igual que a localización dos equipamentos, creando espazos de cohesión social nas zonas mais idóneas .

Para a ordenación do ámbito deberá terse en conta a paisaxe circundante e o decálogo do POL para os novos desenvolvementos.

Observacións

Os gastos derivados das conexións e reforzos de sistemas xerais correrán a cargo do polígono. O proxecto de reparcelación procurará axustar as parcelas resultantes ás parcelas xa edificadas limítrofes

AI-04

Ámbito e Obxectivos

A actuación integral está situada no núcleo de As labradas a carón do cemiterio municipal.

Criterios de Ordenación, Xestión e Execución

O uso característico é o residencial cunha densidade de 5 viv/ha. A edificabilidade (0.15m²/m²) do polígono destinarase nun 100% a uso residencial familiar. A actuación resolvera a localización dos equipamentos próximos ao viario de acceso do cemiterio para crear zonas de aparcamento e unha colchón de zona verde para diferenciar os usos.

Observacións

Os gastos derivados das conexións e reforzos de sistemas xerais correrán a cargo do polígono. O proxecto de reparcelación procurará axustar as parcelas resultantes ás parcelas xa edificadas limítrofes

8.1.3.4. CRITERIOS DE PROTECCIÓN

Paralelamente, co obxecto de protexer a permanencia física e as características tipolóxicas dos núcleos rurais, ademais da protección xenérica que lle aporta a propia clasificación do solo dende o PXOM, proponse a catalogación ambiental dalgúns núcleos considerados de interese.

Os núcleos catalogados co seu código no listado xeral son:

COD CATÁLOGO	NÚCLEO	PARROQUIA
NP-0601	CANCES GRANDE	Cances (San Martiño)
NP-1001	CAMBRE	Lema (San Cristovo)
NP-1002	CASTRILLÓN	Lema (San Cristovo)
NP-1003	CAMBRELLE	Lema (San Cristovo)
NP-1004	O IGRESARIO	Lema (San Cristovo)
NP-1301	RAZO DA COSTA	Razo (San Martiño)
NP1401	LEIRA	Rebordelos (San Salvador)
NP1402	REBORDELOS	Rebordelos (San Salvador)
NP1701	PREARADA	Sofán (San Salvador)

Esta catalogación é froito da reflexión, que se realiza trala análise do asentamento poboacional, onde se explica que a tipoloxía tradicional no municipio está altamente alterada e modificada, até o punto de que as novas tipoloxías de edificación e relación co espazo público e a paisaxe destrúen os valores patrimoniais do preexistente.

Os valores culturais que se pretenden conservar nestes núcleos, reflíctense na propia morfoloxía do núcleo, o parcelario, os rueiros, as edificacións e os muros tradicionais, etc.

No núcleo rural de Arnados defínese a condición previa a concesión das licencias nas parcelas que conforman o fronte marítimo a redacción dun Estudio da Fachada Marítima para dares cumprimento os informes sectoriais e os criterios de protección da paisaxe onde se definan as condicións estéticas para esta zona, que poderá realizarse por tramos homoxéneos. Dito Estudio tramitarase conforme os Estudios de Detalle definidos na lexislación urbanística.

8.1.4. SOLO RÚSTICO

A clasificación do solo rústico é regrada; polo que unicamente descríbense a continuación as determinacións específicas establecidas polo PXOM:

- Co obxecto de reflectir a realidade da especial protección da ribeira dos canles de auga, e sen eximir en ningún caso o cumprimento das prescricións da zona de policía definida pola lexislación de augas, tómase o criterio de clasificar como Solo Rústico de Especial Protección das Augas (SR PR), os terreos situados nas marxes dos principais canles da rede hidrográfica, concretamente nas bandas que quedan delimitadas entre a zona da marxe do rego ata a liña de policía reducindo no encontro co solo urbano e de núcleo rural, agrupacións tradicionais que materialicen a formación histórica do núcleo. Clasifícanse tamén neste tipo de solo, os humedais existentes e os corredores que recolle o POL.

- Por outra banda cabe destacar que o ámbito das antigas minas localizadas na zona da Brea, ao sueste do núcleo urbano de Carballo, con “charcas” de auga formadas nas minas en desuso, clasifícase como Solo Rústico de Protección Ordinaria (SR PO).

- Clasifícanse como solo de especial protección de espazos naturais os elementos que aparecen dentro da rede galega de espazos protexidos os espazos naturais de PHGC e os espazos naturais identificados no PXOM tales coma: O carballo de Vilar de Francos, A fervenza de entrecruces, a Fervenza de Rus en Ramil, o Prado do Marques en Artes, a ribeira da Pena en Aldemunde , a desembocadura do Río Porto no Río Grande,, as ampliacións da rede natura, o Bosque do Añon e río Allóns no tramo Ceide ata Coristanco, así como os canles ata a zona de servidume de determinados ríos con interese paisaxístico e medioambiental.

- Clasifícanse como solo rústico de especial protección paisaxística os espazos de interese e os lindeiros contidos no POL.

- Clasifícase como solo rústico de especial protección patrimonial as áreas de protección integral dos xacementos arqueolóxicos

- As masas arbóreas e montes veciñais en man común , recóllense dentro do SREP forestal.

- As clases agrolóxicas de elevada potencialidade e terreos aptos para cultivos recóllense dentro do SREP agropecuario.

- Ata a liña de afección das estradas e redes de subministro de enerxía coma SREP de infraestruturas.

- En moitas áreas do territorio coexisten diferentes valores PXOM, polo que o equipo redactor opta polo criterio de superpoñer as todas as categorías de protección que o solo mereza, intentando que o grafismo reflicte estes valores por medio da mestura de sombreados sólidos e de tramas.

As categorías de protección que presenta o PXOM e as súas superficies clasificadas son:

A. Solo Rústico de Protección Ordinaria (SR-PO): 479.913 m^2

B. Solo Rústico Especialmente Protexido (SR-EP). 164.842.216 m^2

Dentro da categoría de SR-EP o Plan Xeral distingue os seguintes subtipos, que en moitos casos superpóñense, sendo as súas superficies brutas as seguintes:

- Solo Rústico de Protección Agropecuaria (SR-PA). 53.405.678 m^2

- Solo Rústico de Protección Forestal (SR-PF). 70.683.893 m^2
- Solo Rústico de Protección de Infraestruturas (SR-PI). 5.916.857 m^2
- Solo Rústico de Protección das Augas (SR-PR). 35.198.820 m^2
- Solo Rústico de Protección de Interese Patrimonial, Artístico ou Histórico (SR-PP). 383.313 m^2
- Solo Rústico de Protección de Espazos Naturais (SR-PN) . 12.390.199 m^2
- Solo Rústico de Protección Paisaxística (SR-PX) 18.109.935 m^2
- Solo Rústico de Protección de Costas (SR-PC) . 2.892.564 m^2

8.2. SUPERFICIES TOTAIS DE TIPOS DE SOLO

Resumen de superficies de solo bruta por clasificacións acordo a LOUG:

TIPO DE SOLO	SUPERFICIE
SOLO URBANO CONSOLIDADO	3.921.991 m^2
SOLO URBANO NON CONSOLIDADO	315.483 m^2
SOLO URBANIZABLE DELIMITADO	1.716.289 m^2
SOLO DE NÚCLEO RURAL	11.276.019 m^2
SOLO RÚSTICO	165.322.129 m^2

8.3. ACTUACIÓNS PROPOSTAS A ESCALA TERRITORIAL

8.3.1. INFRAESTRUTURAS DE COMUNICACIÓNS. REDE DE ESTRADAS E VIARIOS

8.3.1.1. PROXECTOS DE ADMINISTRACIÓNS EXTERNAS

Incorpóranse as grandes infraestruturas territoriais formuladas dende o Goberno Autonómico:

- Variante de Carballo, promovido pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e que conecta os puntos da AC 552, situados no enlace do polígono industrial de Bértoa e no enlace coa AG-55 no linde con Coristanco.
- Vía de alta capacidade Carballo Berdoias, incluído no Plan Galicia e o Plan MOVE, e promovido pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

8.3.1.2. PROXECTOS DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

O PXOM formula outras vías estruturantes por todo o territorio municipal que completan os trazados das estradas existentes.

No solo urbano de Carballo, co obxecto de completar os trazados das vías urbanas que o concello abriu cara a mellorar as comunicacións entre zonas e a canalización do tráfico, e que vertebran os solos urbanizables:

Sistemas xerais viarios propostos no PXOM: 372.586 m²

ÁREA DE XESTIÓN	GRAO	CLASE		DENOMINACIÓN	TITULARIDA DE	SIST. OBTENCIÓN	CLASE DE SOLO	SUP. BRUTA	SUP. NETA
ARS-R3	SX	VI	1a	SX-VI1a	Pb	INT	SUR-D	17.225 m²	17.225 m²
C	SX	VI	1b	SX-VI1b	PB	OB	SR-PA	3.223 m²	3.223 m²
ARS-R11	SX	VI	1c	SX-VI1c	PB	INT	SUR-D	4.910 m²	4.910 m²
ARS-R5	SX	VI	1d	SX-VI1d	Pb	INT	SUR-D	3.604 m²	3.604 m²
ARUU-R2	SX	VI	1e	SX-VI1e	Pb	INT	SU-NC	5.235 m²	5.235 m²
C	SX	VI	2a	SX-VI2a	PB	OB	SR-POA	10.653 m²	10.653 m²
ARS-R7	SX	VI	2b	SX-VI2b	Pb	INT	SUR-D	5.771 m²	5.771 m²
ARS-R8	SX	VI	3a	SX-VI3a	Pb	INT	SUR-D	2.478 m²	2.478 m²
ARS-R6	SX	VI	4	SX-VI4	Pb	INT	SUR-D	11.470 m²	11.470 m²
ARUU-R5	SX	VI	5	SX-VI5	Pb	INT	SU-NC	2.107 m²	1.520 m²
ARUU-R17	SX	VI	6a	SX-VI6a	Pb	INT	SUR-D	2.552 m²	2.552 m²
C	SX	VI	6b	SX-VI6b	Pb	OB	SP-PR	8.533 m²	7.951 m²
C	SX	VI	7	SX-VI7	PB	OB	SR-PA/ SR-PF/SR-PR	19.800 m²	9.900 m²
C	SX	VI	8	SX-VI8	PB	OB	SR-PA/ SR-PF/SR-PR	68.220 m²	38.190 m²
C	SX	VI	9	SX-VI9	PB	OB	SR-PA/ SR-PF/SR-PR	52.860 m²	37.770 m²
C	SX	VI	10	SX-VI10	PB	OB	SR-PA/ SR-PF/SR-PR	71.280 m²	56.100 m²
C	SX	VI	11	SX-VI11	PB	OB	SR-PA/ SR-PF/SR-PR	8.100 m²	4.050 m²
C	SX	VI	12	SX-VI12	PB	OB	SR-PA/ SR-PF/SR-PR	60.000 m²	37.800 m²
C	SX	VI	13	SX-VI13	PB	OB	SR-PA/ SR-PF/SR-PR	2.460 m²	2.460 m²
C	SX	VI	14	SX-VI14	PB	OB	SR-PA/ SR-PF/SR-PR	5.700 m²	5.700 m²
C	SX	VI	15	SX-VI15	PB	OB	SR-PA/ SR-PR	4.191 m²	4.191 m²
ARUU-R11	SX	VI	3b	SX-VI3b	PB	INT	SU-NC	2.214 m²	2.214 m²

A maiores realizanse unha actuacións de urbanización para a mellora do sistema viario existente que son as seguintes de 6.878 m².

ÁREA DE XESTIÓN	GRAO	CLASE		DENOMINACIÓN	TITULARIDA DE	SIST. OBTENCIÓN	CLASE DE SOLO	SUP. BRUTA	SUP. NETA
ARS-R3	SX	VI/	AU01	SX-VI/AU01	Pb	ADS	SU-C	1.652 m²	0 m²
C	SX	VI/	AU02	SX-VI/AU02	PB	OB	SU-C	387 m²	387 m²
C	SX	VI/	AU03	SX-VI/AU03	PB	OB	SU-C	405 m²	405 m²
C	SX	VI/	AU04	SX-VI/AU04	PB	OB	SU-C	414 m²	414 m²
C	SX	VI/	AU05	SX-VI/AU05	PB	OB	SU-C	59 m²	59 m²
C	SX	VI/	AU06	SX-VI/AU06	PB	OB	SU-C	1.395 m²	1.395 m²
ARS-R8	SX	VI/	AU07	SX-VI/AU07	PB	OB	SU-C	397 m²	397 m²
ARS-R8	SX	VI/	AU08	SX-VI/AU08	PB	OB	SU-C	398 m²	398 m²
C	SX	VI/	AU09	SX-VI/AU09	PB	OB	SU-C	537 m²	537 m²
C	SX	VI/	AU10	SX-VI/AU10	PB	OB	SNRC	178 m²	178 m²
C	SX	VI/	AU11	SX-VI/AU11	PB	OB	SNRC	285 m²	285 m²
C	SX	VI/	AU12	SX-VI/AU12	PB	OB	SNRC	444 m²	444 m²
C	SX	VI/	AU13	SX-VI/AU13	PB	OB	SNRC	327 m²	327 m²

8.3.2. ESPAZOS LIBRES E EQUIPAMENTOS

O PXOM, continuando cos parques xa executados polo concello, proxecta a reserva de grandes espazos libres seguindo os leitos fluviais, valéndose do valor ambiental dos mesmos e a súa localización. No referente a equipamentos, atendese os carencias que presenta o territorio segundo tipo de dotación.

No solo urbano de Carballo e entorno se formula o seguinte:

- Reserva de zonas verdes no leito do rego Anllóns (dende A Revolta, pasando por A Cristina ata as zonas de O Bosque e A Lagoa).
- Reserva de zonas verdes e corredor no leito do rego da Balsa (dende a Avda. Ponte da Pedra ata a zona de Bértoa, no seu encontro coa ampliación do polígono industrial).
- Áreas de equipamento no espazo libre do parque fluvial, coma puntos neurálxicos.
- Ampliación do cemiterio municipal
- Novo centro docente na zona Oeste próxima ao IES Monte Neme, con conexión viaria (conexión Avenida das Flores co IES Monte Neme e coa Avda. de Fisterra, en continuidade coa Avda. da Milagrosa) conectando áreas de uso residencial.
- Reserva de areas de equipamentos distribuídas polo casco urbano para aparcamentos e centro de saúde

Sistemas xerais de equipamentos propostos no PXOM : 41.914 m²

Nun concello cunha forte capitalidade e centralizade na Vila de Carballo, o esforzo centrouse no desenvolvemento dos equipamentos en detrimento dos espazos libres no centro da Vila. Actualmente é núcleo urbano onde se desenvolven tódalas actividades de caracter xeral que dan cabida nun concello capital da comarca.

O PXOM o que fai é ampliar as dotacións existentes reforzando por medio de pequenas cesións locais a superficie localizada no núcleo urbano.

A maiores ter en conta os equipamentos de caracter xeral localizados preto do parque urbano do Anllóns como puntos neurálxicos dentro da trama urbana que revitalizaran e potenciaran os distintos usos dotacionais. dentro do continuo edificado creando paisaxe urbana e rematando os solos cara os espazos libres . Este é o SX-EQ3. Destacar tamén o SX-EQ0 como unha gran bolsa para uso educativo, pola demanda real deste tipo de equipamento dentro do Concello.

O PXOM reflicte unha serie de equipamentos que axudaran a revitalizar as tramas e potencias as bolsas dotacionais proxectadas no concello.

ÁREA DE XESTIÓN	GRAO	CLASE		DENOMINACIÓN	TITULARIDA DE	SIST. OBTENCIÓN	CLASE DE SOLO	SUP. BRUTA	SUP. NETA
ARS-R3	SX	EQ	1	SX-EQ1	Pb	INT	SUR-D	4.448 m²	4.448 m²
C	SX	EQ	2	SX-EQ2	Pb	OB	SR-PR	786 m²	786 m²
C	SX	EQ	3	SX-EQ3	Pb	OB	SR-PR / SR-PA / SR-PI	13.994 m²	13.994 m²
C	SX	EQ	4	SX-EQ4	Pb	OB	SR-PA / SR-PF	4.245 m²	4.245 m²
C	SX	EQ	5	SX-EQ5	Pb	OB	SR-PC / SR-PN	3.441 m²	3.441 m²
ARUU-D1	SX	EQ	0	SX-EQ0	PB	INT	SU-NC	15.000 m²	15.000 m²

Sistemas locais de equipamentos propostos no PXOM con ordenación : 25.347 m²

AR	POL	TIPO	DENOMINACIÓN	AR CLASE DE SOLO	SIST. OBTENCIÓN	SUP PROYECTADA
ARS-R3	S-R3	EQ	SL-EQ1	SUR-D	INT	9.073,00 m²
ARS-R5	S-R5	EQ	SL-EQ2	SUR-D	INT	2.974,00 m²
C	C	EQ	SL-EQ3	SR-PA	OB	3.116,00 m²
C	C	EQ	SL-EQ4	SNR-HT	OB	866,00 m²
C	C	EQ	SL-EQ5	SR-PA	OB	1.152,00 m²
C	C	EQ	SL-EQ6	SR-PA	OB	2.598,00 m²
C	C	EQ	SL-EQ7	SR-PR	OB	1.499,00 m²
C	C	EQ	SL-EQ8	SR-PR	OB	332,00 m²
C	C	EQ	SL-EQ9	SNR-HT	OB	2.780,00 m²
ARUU-R4	UU-R4	EQ	SL-EQ10	SU-NC	INT	957,00 m²

Sistemas xerais de espazos libres propostos no PXOM: 825.211 m²

Os Espazos Verdes Urbanos

O PXOM establece a necesidade de crear novos espazos libres de cohesión nos asentamentos residenciais por un dobre motivo: A creación dunha serie de espazos vinculados ao estudo da paisaxe que axudan a fraccionar o continuo edificado que existe, e polo outro lado se analiza o emprazamento dos existentes para tentar unha posible ampliación dos mesmos potenciando as canles fluviais próximas a vila de Carballo

A continuación faise a relación das superficies brutas dos espazos vinculados aos núcleos rurais e ao solo urbano

SX-EL5, EL6, EL11 e EL12: Espazos libres de sistema xeral vinculados aos barrios periféricos da Vila de Carballo para a creación de bolsas dotacionales que rexenere na trama urbana.

Os Sistemas Verdes Fluviais

O PXOM fai unha aposta clara polas sendas verdes que estruturan o termo municipal. A creación destes corredores verdes ao longo dos ríos principais do municipio (Anllóns, Rego da Balsa, Rio Grande) a modo de paseos fluviais con áreas de lecer asociadas que permiten a creación dunha conexión peonil entre as distintas entidades poboacionais e a capital do Concello, é prioritario dentro do documento en redacción.

A continuación noméanse os espazos libres que presentan estas características.

- **SX-EL3** vinculado ao ARS-R3 na zona residencial como colchón entre os distintos usos.
- **SX-EL7** vinculado ao ARUU-R13 e o corredor fluvial que comunica o centro da Vila co Polígono de Bértoa.
- **SX-EL8, EL9** e **EL10** vinculados ao Río Anllóns dentro de tres solos urbanos non cosolidados, na zona urbana próxima ao centro da Vila.

O Parque Urbano do Río Anllóns

Por último destacar a creación dun gran parque urbano ao carón do Río Anllóns que inclúe dúas zonas diferenciadas:

a) A zona de A Lagoa e o bosque do Añón

b) A zona de A Cristina ata a depuradora.

Coa creación de dito parque urbano, complétase o espazo libre existente e o paseo fluvial a carón do río, para disfrute do municipio e da área metropolitana. Estes espazos libres correspóndense co **SX-EL1** e o **SX-EL2**.

Dito Parque desenvolverase a través de dous Plans especiais de infraestruturas e dotacións que regularán os usos a establecer nas distintas áreas delimitadas e a ordenación dos mesmos así como as sendas peonís, os accesos rodados e aparcadoiros.

Bosque do Añón

A continuación amósase unha táboa resumo das superficies brutas do Sistema Xeral de espazos libres propostos polo PXOM e o seu sistema de obtención.

ÁREA DE XESTIÓN	GRAO	CLASE		DENOMINACIÓN	TITULARIDA DE	SIST. OBTENCIÓN	CLASE DE SOLO	SUP. BRUTA	SUP. NETA
C	SX	EL	1	SX-EL1	Pb	OB	SR-PR / SR-PA / SR-PN	486.026 m²	470.706 m²
C	SX	EL	2	SX-EL2	Pb	OB	SR-PR / SR-PN / SR-PA / SR-PI	166.484 m²	163.274 m²
ARS-I1	SX	EL	0	SX-EL0	Pb	INT	SUR-D	11.396 m²	11.396 m²
ARS-I1	SX	EL	00	SX-EL00	Pb	INT	SUR-D	43.595 m²	43.595 m²
ARS-I2	SX	EL	000	SX-EL000	Pb	INT	SUR-D	12.603 m²	12.603 m²
ARS-R3	SX	EL	3	SX-EL3	Pb	INT	SUR-D	13.344 m²	13.344 m²
C	SX	EL	4	SX-EL4	Pb	OB	SR-PR	20.216 m²	16.464 m²
C	SX	EL	5	SX-EL5	Pb	OB	SR-PR / SR-PA	19.912 m²	19.036 m²
ARS-R6	SX	EL	6	SX-EL6	Pb	INT	SUR-D	18.813 m²	18.813 m²
ARUU-R13	SX	EL	7	SX-EL7	Pb	INT	SU-NC	6.236 m²	6.236 m²
ARUU-R17	SX	EL	8	SX-EL8	Pb	INT	SU-NC	4.689 m²	4.559 m²
ARUU-R19	SX	EL	9	SX-EL9	Pb	ADS	SR-PR	1300,00	1.178 m²
ARUU-R20	SX	EL	10	SX-EL10	Pb	ADS	SR-PR	9318,00	9318,00
ARS-R7	SX	EL	11	SX-EL11	Pb	INT	SUR-D	6.686 m²	6.686 m²
ARS-I4	SX	EL	12	SX-EL12	Pb	ADS	SR-PR / SR-PN / SR-PA / SR-PI	4.593 m²	4.593 m²

Sistemas locais de espazos libres contidos no PXOM: 5.377

O plan tamén prevé espazos libres de sistemas locais que se espallan ao longo do territorio dando servizo aos distintos asentamentos.Amósanse so os que teñen ordenación no PXOM.

AR	POL	TIPO	DENOMINACIÓN	AR CLASE DE SOLO	SIST. OBTENCIÓN	SUP PROYECTADA
ARS-R3	S-R3	EL	SL-EL1	SUR-D	INT	2.054,00 m²
ARS-R3	S-R3	EL	SL-EL2	SUR-D	INT	3.104,00 m²
ARS-R3	S-R3	EL	SL-EL3	SUR-D	INT	4.080,00 m²
ARS-R3	S-R3	EL	SL-EL4	SUR-D	INT	21.300,00 m²
ARUU-R2	UU-R2	EL	SL-EL5	SU-NC	INT	12.605,00 m²
ARUU-R3	UU-R3	EL	SL-EL6	SU-NC	INT	1.689,00 m²
ARUU-R4	UU-R4	EL	SL-EL7	SU-NC	INT	1.743,00 m²
ARUU-R7	UU-R7	EL	SL-EL8	SU-NC	INT	3.492,00 m²
ARUU-R10	UU-R10	EL	SL-EL9	SU-NC	INT	1.979,00 m²
ARUU-R14	UU-R14	EL	SL-EL10	SU-NC	INT	71,00 m²
C	C	EL	SL-EL11	SU-C	OB	260,00 m²

As magnitudes reais, en superficie bruta, das dotacións que prevé o PXOM nas distintas clases de solo son as seguintes:

S.X	PROPOSTOS	EXISTENTES	PREVISTOS NO PXOM
EQUIPAMENTOS	41.914 m²	435.696 m²	477.610m²
ESPAZOS LIBRES	825.211 m²	259.502 m²	1.061.513m²

8.3.3. INFRAESTRUCTURAS DE SERVIZOS

As previsións das infraestruturas de servizos detállanse no capitulo 6 da presente memoria.

Sistemas xerais de servizos urbanos contidos no PXOM: 10.803 m²

ÁREA DE XESTIÓN	GRAO	CLASE		DENOMINACIÓN	TITULARIDADE	SIST. OBTENCIÓN	CLASE DE SOLO	SUP. BRUTA	SUP. NETA
C	SX	SU	1	SX-SU1	Pb	OB	SR-PR / SR-PF	10.803 m²	10.553 m²

Sistemas locais de servizos urbanos contidos no PXOM: 1.292 m²

AR	POL	TIPO	DENOMINACIÓN	AR CLASE DE SOLO	SIST. OBTENCIÓN	SUP PROXECTADA
ARS-R3	ARS-R3	SU	SL-SU1	SUR-D	INT	604,00 m²
ARS-R3	ARS-R3	SU	SL-SU2	SUR-D	INT	688,00 m²

8.4. ACTUACIÓNS PROPOSTAS NO LITORAL

A zona do litoral ordenase acordo ao marco legal vixente e acordo os criterios de sostenibilidade ambiental que determina o POL e toda a normativa vixente ao respecto.

No capítulo 7 da presente memoria xa se describiron os obxectivos perseguidos na costa, polo que neste capítulo unicamente se definen as actuacións concretas que propón o PXOM para as dotacións e infraestruturas públicas, comezando pola descrición dos criterios da demarcación de Costas do Estado:

8.4.1. AMBITOS DE RECUALIFICACIÓN DO LITORAL

O PXOM define as ámbitos de Recualificación nas áreas costeiras de caracter residencial

Se delimitan os AMBITOS DE RECUALIFICACIÓN entorno as áreas edificadas. Estes ámbitos son o marco no que se desenvolverá os Plans Especiais que determinará as directrices xerais de ordenación do ámbito no que conviven diferentes clasificacións de solo, co obxecto da recuperación medioambiental, a mellora e remate das estruturas urbanas existentes e a implantación de infraestruturas, dotacións e accesos, para o uso supramunicipal dos areais.

O Plans Especiais para Razo-Arnados e Pedra do Sal determinaran:

- As condicións de protección e ordenación xerais que serán vinculantes para os posteriores documentos de restauración ambiental e de planeamento detallado de cada ámbito, tanto en solo urbano non consolidado,como en solo urbanizable e solo rústico destinado a dotacións e infraestructuras públicas.
- A xestión económica do ámbito
- A coordinación da colaboración entre administracións de caracter estatal, autonómico e local que inciden no ámbito, principalmente para os temas de protección ambiental, resolución de accesos e dotación das praias de caracter supramunicipal.

8.4.2. ACTUACIONS DERIVADAS DOS CRITERIOS DA DEMARCACIÓN DE COSTAS DO ESTADO

En consenso coa Demarcación de Costas do Estado en Galicia do Ministerio de Agricultura, alimentación y Medio Ambiente, o PXOM dálle prioridade a ordenación do litoral cos seguintes criterios:

- Delimitación de dous Sistemas Xerais de dotacións “Os Areos” e “Praia de Razo”, (equipamentos e espazos libres) que se ordenará de forma integral a través de Plans Especiais de Dotacións do Litoral. Estas áreas se ordenarán de forma integral cubrindo as necesidades específicas de usos da praia, recreo, deportivos, aparcamento e accesos, etc., en consonancia coa conservación da natureza.
- Os equipamentos permitidos e relacionados co disfrute das praias, localizaranse na banda delimitada polas liñas de 100 a 200 m desde o litoral, deixando a banda de 100 m até o deslinde vacante de edificacións de caracter permanente.
- Recondución do tráfico rodado en Razo, que na actualidade discorre por unha vía paralela ao borde do areal. Pretendese eliminar a presión nos noiros que se están a desmoroar provocando a regresión da costa de Razo. Para isto, o PXOM delimita un sistema viario estrutúrante paralelo á liña de costa que soportará todo o tráfico da zona, deixando unicamente acceso restrinxido no borde costeiro.
- Previsión da senda litoral peonil, proxectada dende a Demarcación de costas do estado.
- Dar cabida a usos residenciais e turísticos que sexan propios do litoral, como as residencias, prazas hoteleiras, campismo, etc., deixando unha proporción dos aproveitamentos permitidos en costa para estes usos.

8.4.3. REDE DE ESTRADAS E VIARIOS PROXECTADAS NO PXOM

1. Co obxecto de solucionar os problemas de tráfico existentes tanto na propia costa como na súa conexión a Carballo, proxéctanse:

- “By Pass” da vía de borde do litoral dende o núcleo de Sambade ata “Arnados”
- Duplicidade da conexión Carballo-Razo (DP-1902) dende paso inferior autovía polo núcleo de Vilar de Uz.
- Conexión transversal dende DP-1909 ata AC-414 estrada de Malpica.
- Reforzo da conexión existente dende o cadaval, no linde do termo municipal de Laracha, ata a estrada DP 1909 Carballo Caión, conectada no núcleo rural de O Castelo.
- Variante da anterior ata o noroeste, conectando no núcleo rural de Os Areos.
- Reforzo da estrada que conecta a DP-1909 coa DP-1913 en Pedra do Sal, que permite a continuidade do viario de borde do litoral.

2. Outras infraestruturas territoriais de costa. Rede viaria peonil

- Proxecto de carril bici proposto polo Concello
- Senda litoral peonil, proposta pola Administración de Costas do Estado.
- Sistema xeral viario vertebrador para a mellora dos núcleos SX-VI7/14

8.4.4. DOTACIÓNS PÚBLICAS PROXECTADAS NO PXOM

AMBITO LOCAL: Reservas de zonas verdes nas actuacións integrais do núcleo de Arnados

AMBITO SUPRAMUNICIPAL: Na zona de Arnados e Pedra do Sal, dentro da área de recualificación se reservan sendos ámbitos para o desenvolvemento de dotacións públicas propias do litoral de ámbito supramunicipal, que se ordenarán detalladamente a través de Plans Especiais, cos usos propios de espazos libre de recreo, equipamentos deportivos propios da costa, aparcamentos, e accesos aos areais.

8.4.5. COORDINACIÓN INTERADMINISTRATIVA

Para levar a cabo as actuacións de dotacións públicas e infraestruturas, mais as que sexan precisas nas áreas de recualificación, que se consideran de ámbito supramunicipal dado o caracter da costa carballesa, preténdese chegar á coordinación e colaboración da Administración local con administracións externas. Esta coordinación interadministrativa será prioritaria nos seguintes temas:

- Accesos: Concello, Deputación, e Xunta de Galicia
- Ordenación e restauración ambiental: Xunta de Galicia, Medio Ambiente e Costas, e Costas do Estado

8.5. PLANS ESPECIAIS DE PROTECCIÓN E DESENVOLVEMENTO DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS

O PXOM delimita varios plans especiais de protección que se desenvolven en distintos tipos de solo segundo a protección que se lle pretende dar.

A.-PLANS ESPECIAIS DE PROTECCIÓN

O PXOM delimita os sistemas xerais de espazos libres en solo rústico non adscritos aos desenvolvementos que se executarán por medio da figura do plan especial de infraestruturas e dotacións.

Delimítanse así os seguintes plans especiais que se detallan nas fichas contidas no Tomo VIII b

- **Plan Especial de Protección e dotacións de Razo-Arnados.** Ten por obxecto dar cumprimento aos obxectivos establecidos no POL para este área de recualificación, preservar o medio ambiente do litoral costeiro, os espazos naturais, e a paisaxe existente na costa de Razo, para a recuperación e protección das zonas degradadas e os areais, os accesos aos mesmos e a mellora das dotacións e infraestruturas. O obxecto desta delimitación e ordenar de forma integral as áreas susceptibles de acoller dotacións na costa, cos usos propios de espazos libres, actividades deportivas, accesos ás praias, aparcodoiros, etc, dentro dun ámbito sensible a nivel medioambiental e paisaxístico. As dotacións se localizarán na banda delimitada polas liñas de 100 a 200 metros desde o litoral, deixando a banda de 100 metros ata o deslinde público marítimo-terrestre vacante de edificacións de carácter permanente. Eliminaráse o tráfico rodado do vial paralelo ao borde do areal, deixando únicamente o acceso restrinxido no borde costeiro, solucionando as circulacións peonís e rodadas. O Plan tamén indicará as accións de recuperación medioambiental e paisaxistica necesarias para as áreas degradadas. O equipamento deportivo existente, deberá reubicarse fora do dominio público marítimo-terrestre e da servidume de protección. O PE estudará os peches e o espazo público que conforman a fachada marítima do núcleo de Arnados. Este Plan especial desenvolverase mediante convenio entre as administracións competentes na materia, e definirá a xestión económica do ámbito. As ferramentas de desenvolvemento urbanístico do ámbito deberán incorporar os criterios e normas establecidas no POL, e contar co informe favorable das Administracións competentes en materias de medio ambiente, conservación da natureza e costas.

3. Unha pequena zona do núcleo da Cesta (Ardaña) está afectada por unha zona de fluxo preferente identificada no Plan hidrolóxico Galicia-Costa.

4. Na Igrexa (Berdillo) se delimita unha grande área vacante no medio do edificado, que na propia ficha do núcleo suxire como área de actuación integral.

3. SOLO URBANIZABLE.

a) Clasificación do solo urbanizable.

Respecto ao IPAI 2009, foron corrixidas as cuestións relativas á eliminación dos sectores R28, R24, I6, I5, I1; á redelimitación dos R15, R17A, R17B e R26; e á xustificación dos sectores R7A e R22.

Nas restantes cuestións relativas á clasificación de solo urbanizable, cómpre ratificarse no contido do informe anterior, debendo engadir as seguintes consideracións:

1. Cómpre clarexar a clasificación dos sectores R29 e R30. Nos planos de clasificación do solo a 1/5000 (follas D02 e C02) mantense esta clasificación; non obstante, no de clasificación a 1/20.000 aparece como solo rústico; non figuran no plano de ordenación do núcleo de Pedra do Sal a escala 1/2000; e non figura ficha dos ámbitos. O informe técnico e xurídico municipal di que foron eliminados.

2. Conforme á determinación excluínte 4.8.15 das DOT, a delimitación do solo rústico de especial protección de augas polo planeamento urbanístico nunha área inferior á zona de policía de augas deberá xustificarse empregando estudos e análises de asolagamento, determinados polo organismo de cunca correspondente. A este respecto cómpre xustificar a redución nos sectores R9A, R9B, R16, R10, I4, R7C, R18. Atenderase ao sinalado no plan hidrolóxico Galicia- Costa en elaboración, no que os ámbitos do R15, R17A e R17B están parte en zona de fluxo preferente, cuestión posta de manifesto así mesmo polo documento de referencia para a AAE.

3. Respecto dos sectores R26, R27 e, no seu caso, R29 e R30, debe atenderse especialmente ao informe de adecuación ao Plan de ordenación do litoral (POL).

b) Determinacións no solo urbanizable.

Á vista da información urbanística achegada e das xustificacións contidas no expediente, no referente a determinacións en solo urbanizable cómpre ratificarse no contido do informe previo á aprobación inicial emitido en 2009, coas seguintes matizacións:

1. Con respecto á tipoloxía prevista nos sectores costeiros, debe aclararse, no seu caso, a tipoloxía prevista de vivenda familiar, que no solo urbano de Razo se limita a 7m de altura máxima pero en Carballo chega a 9m.

2. Con respecto ao sector que se acolle á Disposición Transitoria 13ª, ademais do incumprimento do límite de sostibilidade, o plan non xustifica a eliminación das reservas dotacionais e de vivenda protexida (alínea c) da disposición). Debe xustificarse que o asentamento existía antes da entrada en vigor da LOUG e que a ocupación do sector é máis do 50% dos espazos aptos para ela (é preciso establecer, se non unha ordenación detallada, unha estrutura parcelaria resultante).

3. Na ficha do sector R7A, deben establecerse medidas de protección para os terreos afectados por un xacemento arqueolóxico, cualificándose como espazos libres sen prexuízo dunha posible intervención arqueolóxica para protexer os restos.

4. SOLO RÚSTICO.

a) Clasificación do solo rústico.

- Deben clasificarse como solo rústico de protección de espazos naturais todos os terreos comprendidos na delimitación do espazo natural das Normas Subsidiarias e Complementarias de Planeamento Provincial, nº2 Baldaio, de acordo co establecido co artigo 32.2.f) da LOUG, incluíndo os terreos do PE-1 "Os Areos" e o SUD-R26, agás que se xustifique o reaxuste de conformidade co artigo 28 das citadas normas.

- De conformidade co plano SV-02 (servidume de estradas), as estradas da Deputación Provincial CP-1902, CP-1904, CP-1905, CP-1909, CP-1912, CP-1913 e CP-1914 están asimiladas á Rede Primaria Complementaria, e polo tanto, a súa liña límite de edificación se sitúa a 9,5 m desde a aresta exterior da explanación. De conformidade co artigo 32.2.c) da LOUG, estes terreos deben clasificarse como solo rústico de protección de infraestruturas. (Nos planos a escala 1/5000 a franxa de solo rústico de protección de infraestruturas ten menos dimensión, sen prexuízo do plano SV-02).

Cuestións xurdidas con posterioridade ao IPAI de 2009:

- De conformidade co plano MR-10 do PXOM (valores ambientais e paisaxísticos) a Pena Sabras e o Monte de Santa Lucía constitúen espazos de interese paisaxístico, polo que, de conformidade co artigo 32.2.g), debera clasificarse como solo rústico de protección paisaxística.

- O plan xeral debe os proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal aprobados definitivamente: Parque Arqueolóxico do Megalitismo na Costa da Morte (AD 29/09/11) e Parque Eólico Pedrarrubia (AD 13/10/11).

- A delimitación do solo rústico de especial protección de augas nunha área inferior á zona de policía de augas deberá xustificarse conforme á determinación 4.8.15 DOT.

- Actualmente está en tramitación unha proposta de ampliación da Rede Natura, que afecta aos LIC Costa da Morte e Río Anllóns.

b) Determinacións en solo rústico.

As observacións sinaladas no IPAI de 2009 foron corrixidas, coas seguintes excepcións:

1. Da ficha nos plans especiais de dotacións PE-1 e PE-2 dedúcese a posibilidade de construcións permanentes destinadas a equipamentos na franxa dos 100m a 200m, o que constitúe un uso prohibido, mesmo mediante un plan especial de dotacións, tanto en solo rústico de protección de costas como de espazos naturais. O novo réxime emanado da lei 2/2010 permite unicamente o 33.2. j).

2. Sen prexuízo de optar por un réxime máis restritivo, os usos permitidos e autorizables en solo rústico deben adaptarse ao réxime establecido na LOUG. En concreto cánto aos usos permitidos solo rústico de protección paisaxística; ao réxime de autorización do uso regulado no artigo 33.2.g) da LOUG, polo que deben corrixirse os artigos 100, 102 e 103 da normativa; e a excepción regulada no artigo 44.2 da LOUG.

3. A liña de ribeira de mar debe incluírse na lenda dos planos de clasificación do solo.

II.4. NORMATIVA.

Á vista da información urbanística achegada e das xustificacións contidas no expediente, cómpre ratificarse no contido do anterior informe de 2009, xa que só na ordenanza 3 se incorporou unha regulación das cubertas máis alá da libre formalización das mesmas.

II.5. OUTRAS CUESTIÓNS.

1. Dado que o plan só inclúe as actuacións a acometer por outras administracións que están comprometidas mediante algún tipo de documentación existente, débese achegar dita documentación, para garantir o cumprimento do artigo 60.3 da LOUG.

2. A memoria xustificativa de coherencia coas DOT, esixible conforme á súa determinación excluínte 1.4, xustifica a súa coherencia coa memoria deste instrumento pero non coas súas determinacións, que teñen carácter normativo.

3. O informe de sustentabilidade económica debe cuantificar os custos de mantemento pola posta en marcha e a prestación dos servizos públicos necesarios para atender o crecemento urbano previsto no instrumento de ordenación (artigo 3 do Real Decreto 1492/2011, do 24 de outubro, polo que se aproba el Regulamento de valoracións da Lei de Solo).

4. Nas áreas de recualificación estarase ás consideracións que ao respecto realice o informe de adecuación ao Plan de ordenación do litoral (POL).

II.6. CUESTIÓNS DE ÍNDOLE DOCUMENTAL.

As cuestións de índole documental sinaladas no IPAI 2009 considéranse corrixidas, agás:

1. Os topónimos Queo da Estrada, Oza Vella de Abaixo, Oza Vella de Arriba e Vilariño da Estrada non figuran no nomenclátor correspondente ás entidades de poboación da provincia da Coruña, aprobado polo Decreto 189/2003, nin no INE. Sen prexuízo da xustificación achegada respecto Queo da Estrada e da existencia de asentamentos polinucleares, debe respectarse a toponimia oficial.

2. Recoméndase cambiar o grafismo do solo rústico de protección de infraestruturas, xa que o empregado non é claramente lexible.

Dos cambios operados no documento detectáronse as seguintes cuestións documentais:

- Na zona SO da AC-552, ao sur do R17B e do espazo libre A Cristina, establécese a ordenanza 1 grao 1 pero gráfase o sombreado da ordenanza 3.

- As referencias ás normas do habitat galego na normativa deben substituírse pola normativa de habitabilidade vixente.

- A delimitación das áreas de recualificación do POL, que obriga ao desenvolvemento dun plan especial, debe reflectirse nos planos de clasificación do solo do termo municipal, dado o seu carácter normativo.

- Cómpre aclarar o primeiro parágrafo do artigo 344 da normativa.

Este informe emítese de conformidade co artigo 85.1, da Lei 9/2002 do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2012

A SECRETARIA XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO

María Encarnación Rivas Díaz

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaría Xeral de
Ordenación do Territorio e Urbanismo

Edificio administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela

galicia

ASUNTO: **INFORME EN MATERIA DE COSTAS PREVIO Á APROBACIÓN INICIAL DO PXOM DE CARBALLO (Art. 117.1 LC)**

PROMOTOR: **CONCELLO DE CARBALLO**

O concello de Carballo remite documento do asunto para o seu informe previo á aprobación inicial, de conformidade co artigo 117.1 da Lei 22/1988, de Costas.

Corresponde á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo a competencia para emitir o informe, de conformidade co disposto no artigo 10.1. m) do Decreto 44/2012, do 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da CMATI, en relación co artigo 24.2 b) do Decreto 158/2005, do 2 de xuño, polo que se regulan as competencias autonómicas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo – terrestre.

Logo de examinar o PXOM, remitido en soporte dixital e datado no mes de febreiro de 2011 e, unha vez vista a proposta de informe da subdirección xeral de Urbanismo, emítese o seguinte informe:

ANTECEDENTES.

En xuño de 2009, o Concello xa solicitara este mesmo informe, que foi emitido por esta Secretaría Xeral, en data 21/09/09, integrado no informe relativo ao artigo 85.1 da LOUG. Tendo en conta que o presente documento introduce modificacións, procede emitir de novo informe de costas previo á súa aprobación inicial.

INFORME.

A. DESLINDE DO DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO TERRESTRE.

A.1. O termo municipal de Carballo foi obxecto de deslinde do dominio público marítimo terrestre, aprobado definitivamente polas seguintes ordes ministeriais:
- O.M. do 7 de setembro de 2004 (Desde o límite co termo municipal de Laracha ata as praias e marismas de Razo-Baldaio).
- O.M. do 16 de xullo de 2009 (Desde Punta de Razo ata o límite co termo municipal de Malpica)

A.2. Sobre á súa correcta representación nos planos do PXOM, consta informe do 22/11/11 da Dirección General de Sostibilidad de la Costa y del Mar (Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino), no que se sinalan unha serie de deficiencias que deben ser corrixidas.

B. RÉXIME URBANÍSTICO DO SOLO (TÍTULO III)

B.1. O capítulo II, refírese ao réxime de solo urbano, no entanto remítese a regulación do solo urbano consolidado ao Título IX ("Condicións particulares da edificación en solo urbano. Ordenanzas zonais").

B.2. Propóñense ámbitos de solo urbanizable dentro da zona de influencia, polo que resulta preciso indicar no capítulo IV, que a súa ordenación estará suxeita, en todo caso, á lexislación de costas.

B.3. No artigo 106, referido ao solo rústico de protección de costas, indícase que o réxime xurídico é o establecido pola lexislación de costas. Cómpre aclarar si se está estendendo ata os 200 m. o réxime máis restritivo imposto pola lexislación costeira para a zona de servidume de protección. A normativa de costas desprega a súa eficacia no DPMT e nas súas zonas de servidume de protección (con carácter xeral de 100 m.) e tránsito, influencia e acceso ó mar.

B.4. Tendo en conta que existen, ou se propoñen, sistemas xerais e dotacións públicas na zona de servidume de protección, o capítulo VI deste Título III, relativo aos Sistemas Xerais, deberá indicar que nestes casos estarase ao disposto no título II da Lei de Costas e correlativos do seu Regulamento, mentres que para as obras a realizar nas edificacións preexistentes, estarase ao disposto na Disposición Transitoria 4ª da Lei de Costas.

C. CONDICIÓNS DE PROTECCIÓN DOS VALORES NATURAIS, CULTURAIS E DO MEDIO AMBIENTE (TÍT. IV)

O capítulo IV relativo á "Protección das costas", contén un erro no seu artigo 162 ao describir a zona de servidume de protección situada a 200 m ou a 20 m. Cando a servidume de protección recae sobre unha zona de 100 m. medida terra dentro dende o límite interior da ribeira do mar.

D. CONDICIÓNS PARTICULARES DA EDIFICACIÓN EN SOLO URBANO. ORDENANZAS ZONAIS (TÍTULO IX)

Tendo en conta que existen ámbitos de solo urbano en servidume de protección, débese de incluír un apartado no que se indique que o réxime xurídico do solo urbano terá as maiores limitacións impostas pola normativa de costas nos ámbitos nos que esta opera, particularmente na ordenanza zonal 2 (art. 334) relativa á zona residencial extensiva e vivenda unifamiliar en Razo e Pedra do Sal.

E. REGULACIÓN DO SOLO RÚSTICO (TÍTULO XII)

E.1. En xeral este título e, en particular o artigo 382, relativo ao solo rústico de protección de costas, complementan a regulación do Título III. Polo tanto, cara a evitar esta fragmentación de regulación en dous títulos, parece apropiado refundir os dous títulos nun único.

E.2. O artigo 382, relativo ao solo rústico de costas (art. 382), indica que non se autorizará ningún uso que signifique instalación permanente e, pecha o artigo remitíndose á lexislación costeira. Subliñar que a lexislación costeira permite en determinados casos instalacións permanentes.

F. INCIDENCIA DO PLANEAMENTO SOBRE AS SITUACIÓNS EXISTENTES (TÍTULO II – capítulo IV)

Nas situacións de fóra de ordenación, deberá incluíse a salvidade de que nas obras ou instalacións que ocupen a servidume de protección, estarase ao disposto na DT 4ª da Lei de Costas.

G. PLANOS.

G.1. Obsérvanse erros na representación da liña que dista 200 m do límite interior da ribeira do mar, o que supón unha incorrecta clasificación do solo rústico de protección de costas, en relación coa definición contida no artigo 32.2.e) da LOUG, nomeadamente en dous puntos do PE2 Praia de Razo, no perímetro SO e no contacto co rego de Pardiñas, gráfanse diferentes clases de solo rústico de especial protección que deben ser combinadas coa de solo rústico de protección de costas.
E no ámbito do PE1 Os Areos e outras pequenas áreas nas inmediacións dos núcleos de Razo da Costa, Sambade e Pedra do Sal, nas que se categoriza o solo rústico de especial protección de costas máis aló dos 200 m dende o límite interior da ribeira do mar

G.2. Así como aparece grafada a liña equidistante a 500 m. do límite interior da ribeira do mar no plano D-02, é preciso continuar a súa grafía nos planos C-02 e B-02.

G.3. Nos planos das fichas dos anexos de normativa relativos aos SUNC UU-R53 e UU-R54 (Anexo 1), aos solos urbanizables delimitados (Anexo 2), aos ámbitos de solo remitidos a PE1 Os Areos e PE2 Praia de Razo (Anexo 4) e dos ámbitos de recualificación do POL (Anexo 7), é preciso que se grafen as liñas de DPMT e servidume de protección, así como as liñas equidistantes a 200 m. e 500 m. dende o límite interior da ribeira do mar, cara á comprobación do cumprimento da lexislación costeira.

G.4. Nos solos urbanizables S-R26, S-R27, S-R29 e S-R30 emprazados nos primeiros 500 m. dende o límite interior da ribeira do mar, haberase de aportar xustificación do cumprimento das disposicións recollidas no artigo 30 da Lei de Costas e 58 do seu regulamento para a zona de influencia (límite de edificabilidade e non formación de pantallas arquitectónicas).
Débese incorporar a referencia a estes preceptos nas observacións das fichas correspondentes.

G.5. Esta mesma consideración é válida para os solos urbanos non consolidados SUNC UU-R53 e UU-R54, emprazados nos primeiros 500 m. do límite interior da ribeira do mar, tendo en conta que, pola súa clasificación á entrada en vigor da Lei de Costas, lles son de aplicación as disposicións da zona de influencia, de conformidade co disposto na DT 7ª.1 do Regulamento de Costas.

G.6. Detéctase falla de coherencia do plano UD-RA, de clasificación do solo urbanizable do litoral, no que non se grafan os solos S-R29 e S-R30, en relación co plano D-02 de clasificación do solo e de sistemas xerais, nos que si que aparecen estes ámbitos. Tampouco se incorporan no anexo 2 da normativa as fichas correspondentes a eles.

G.7. Delimítanse núcleos rurais incidindo nos primeiros 200 m dende o límite interior da ribeira do mar, que modifican o perímetro co que figuraban no planeamento vixente (Razo da Costa e O Igrexario) así como outro de nova creación por non figurar en planeamento previo (Sambade). A este respecto, débese acreditar o cumprimento do artigo 13, en relación co 32.2.e da LOUG

G.8. A zona portuaria de Razo, aparece grafada no plano B-02, como solo rústico de protección de espazos naturais, cando polas súas condicións parece acadar as condicións do solo urbano.
Doutra banda, non consta no plan acreditación da correspondencia do límite do SX portuario coa zona de servizo do porto. Neste sentido, recabarase o informe do Ente Público Portos de Galicia.

H. REDE DE SANEAMENTO.

Cánto ao saneamento dos núcleos de Razo e Pedra do Sal, consta no informe do Estado incumprimento do artigo 44.6 da Lei de Costas, polo que deberá ser replanteada a rede.
En todo caso, no plano i-22 (Núcleo urbano de Razo e Pedra do Sal. Saneamento) débense relacionar os elementos e conducións da rede proxectada co DPMT e as súas zonas de servidume, en orde a avaliar o cumprimento do disposto no artigo 44.6 da Lei 22/1988, de Costas e 95 do seu Regulamento.

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2012
A SECRETARIA XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO

XUNTA DE GALICIA · CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS · SECRETARÍA XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO

Mª Encarnación Rivas Díaz

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
AUGAS DE GALICIA
Subdirección Xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico

augasdegalicia

Praza de Camilo Díaz Baliño, 7-9
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 544 141. Fax 981 541 943
augasdegalicia@xunta.es
http://augasdegalicia.xunta.es

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
AUGAS DE GALICIA
Subdirección Xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico

CONCELLO DE CARBALLO
N.º Rexistro: 15673
DATA: - 5 DEC. 2011
ENTRADA

17338 01.12.2011 12:20

Concello de Carballo
Praza do Concello s/n
15100 CARBALLO

ASUNTO: REMISIÓN DE INFORME

Remitimos o informe emitido pola Área de Autorizacións e Concesións desta Subdirección Xeral de Dominio Público Hidráulico relativo ao "Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Carballo"

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2011
O subdirector xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico

XUNTA DE GALICIA * SUBDIRECCIÓN XERAL DE XESTIÓN DO DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO * AUGAS DE GALICIA

Juan Carlos Argüello Fernández

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
AUGAS DE GALICIA

augasdegalicia

Praza de Camilo Díaz Baliño, 7-9
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 544141 Fax: 981 541943

Informe sobre o Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Carballo (A Coruña)

Con data 28 de outubro de 2011 o Concello de Carballo remitiu en formato dixital o documento indicado no encabezamento, solicitando a emisión do informe da administración hidráulica previo á aprobación inicial. Logo de examinada a documentación, cómpre facer as seguintes consideracións:

O río Anllóns é o máis destacable do concello, pois o atravesa de este a oeste, cun percorrido que en moitos tramos é paralelo á costa, da que apenas se separa uns 8 km. Entre o seu nacemento no concello de Cerceda e a desembocadura no concello de Ponteceso, efectúa un percorrido de 54,4 km, dos que 16,80 discorren polo concello de Carballo. Ó longo do seu percorrido polo concello, o Anllóns recibe pola dereita os regos Maior, de Queo de Abaixo, de Queo, de Bértoa, de Ramil, de Piñeiro e de Liñeiro. Pola esquerda recibe as augas do río Rosende. Ten un relevo suavemente ondulado en todo o seu percorrido, salvo augas abaixo de Carballo, en Sísamo, onde bordea o monte Bas. O río leva o seu caudal máximo nos meses de xaneiro e febreiro, mentres que os mínimos danse en agosto e setembro.

O río Rosende é o segundo en importancia tras o Anllóns, e nel desembocan o río Grande e o rego Carracedo.

- O concello de Carballo conta cun importante sistema de abastecemento de auga municipal. O núcleo de Carballo e os próximos a el contan cun servizo municipal. A parte máis rural do municipio conta con sistemas veciñais autónomos.

O sistema de abastecemento municipal ten a súa orixe nunha captación de auga no río Anllóns mediante unha pequena represa situada entre as parroquias de Bértoa e Berdillo, no lugar de Costa do Queo. A auga captada condúcese mediante unha canle a un pozo de bombeo dende o que se envía a unha estación de tratamento de auga potable (ETAP) situada a carón do bombeo.

A ETAP ten unha capacidade de tratamento de ata 432 m^3/h e conta con tratamentos de precloración, coagulación-floculación, decantación, filtración e desinfección final. O depósito de cabeceira, situado en Paraíso, ten unha capacidade de 10.000 m^3 (9.800 m^3 útiles).

O ramal que vai cara ó núcleo conduce ata o depósito elevado de Carballo, que ten unha capacidade de 1.500 m^3, aínda que tamén pode realizarse o subministro directamente dende o depósito de cabeceira de Paraíso mediante o paso o través dunha válvula redutora de presión.

O polígono industrial de Bértoa conta cun depósito de regulación de 1000 m^3, e tamén a fábrica de conservas Calvo dispón dun depósito de regulación propio de 800 m^3. Desta maneira conséguese regular a súa demanda evitando interferencias na rede de distribución municipal.

Na rede de distribución existe unha importante cantidade de conducións de fibrocemento (maior do 30%) que deben ser paulatinamente substituídas para cumprir coa normativa vixente e para mellorar a eficiencia do sistema.

A poboación asentada nos núcleos que están conectados actualmente o sistema municipal de abastecemento supón un 89% do total da poboación municipal. Nas restantes entidades de poboación disponse de sistemas de captación, condución e depósitos de auga de titularidade veciñal, aínda que nalgúns lugares deben complementarse con pozos individuais. Os sistemas máis destacables son os de Noicela, Rebordelos, Vilela, Razo, Cances, Rus e Entrecruces.

XUNTA DE GALICIA
SUBDIRECCIÓN XERAL DE RÉXIME DO DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO
AUGAS DE GALICIA

Xúntase como anexo unha relación das concesións atopadas nas bases de datos das que son titulares o Concello ou comunidades de usuarios. Para tódalas que non figuran nesta relación, sexan os usuarios comunidades ou particulares, lémbrase a obriga de solicitar e obter a regulamentaria concesión administrativa. Aplícase o mesmo para os usos privativos por disposición legal (os chamados "pozos").

O sistema de abastecemento municipal ten unha capacidade adecuada para as necesidades actuais, pero encóntrase cerca do límite da súa capacidade, polo que un incremento da demanda esixirá realizar actuacións de mellora na infraestrutura existente. A capacidade do sistema será suficiente para o curto prazo, correspondendo ó primeiro cuadrienio de vixencia do PGOM as posibles novas actuacións.

As propostas do Estudio Director prevén que o abastecemento de municipio de Carballo quede configurado cos seguintes sistemas: un abastecemento principal, que constará de 2 subsistemas interconectados, e uns abastecementos complementarios para núcleos de diversas parroquias.

- O concello de Carballo posúe unha ampla rede de saneamento e un importante número de sistemas de depuración de augas residuais que dan cobertura á maior parte da poboación. Practicamente toda a zona do núcleo urbano de Carballo e as súas extensións posúen rede de saneamento.

Consultadas as bases de datos deste organismo, das diversas estacións depuradoras de augas residuais (EDAR) no ámbito do concello figuran con autorización de vertido ou en trámite as de Carballo, Cances, Artes, Oza, Añón, Razo, A Regueira, Zarrallo, O Espiño-Ramil, As Pozas e Queo. Lémbrase para tódalas restantes a abriga de solicitar e obter a regulamentaria autorización de vertido.

Podemos observar que tódalas EDAR están suficientemente dimensionadas para os incrementos previstos no PXOM coa excepción da EDAR de Carballo, que deberá ser ampliada a partir do segundo cuadrienio ata unha capacidade duns 55.000 habitantes equivalentes.

A rede de saneamento ten tramos onde é unitaria e outros onde é separativa. De acordo coas Directrices de ordenación do territorio, calquera novo desenvolvemento residencial, industrial ou terciario preverá obrigatoriamente as dúas redes separadas e a aplicación de técnicas de drenaxe urbana sostible.

- En diversas partes da documentación do Plan recóllese a definición do "Solo Rústico de Protección de Augas", facendo referencia o disposto na LOUG.

Primeira consideración a ter en conta: é evidente que cando a LOUG (Lei 9/2002) define o solo rústico de protección de augas non se pode estender a solo que non sexa rústico. Isto non implica que os restantes tipos de solo queden fóra da regulación e servidumes establecidas na lexislación hidráulica. Esta lexislación sectorial establece as zonas de servidume e as zonas de policía para tódolos leitos públicos e en toda a súa lonxitude. Non hai distinción nin diferenza entre os tramos que discorran por solo rústico ou por outro tipo de solo (urbano, núcleo rural....)

Co obxecto de reflectir a realidade da especial protección da ribeira dos canles de auga, e sen eximir en ningún caso o cumprimento das prescricións da zona de policía definida pola lexislación de augas, establécese no Plan o criterio de clasificar como Solo Rústico de Especial Protección das Augas (SR-PR) os terreos situados nas marxes das principais canles da rede hidrográfica, concretamente nas bandas que quedan delimitadas entre a zona da marxe (?) do rego e a definida polas curvas de nivel directoras que definan a altitude de 5 metros (10/15 metros dependendo da topografía) sobre o nivel das canles de auga, e sempre recollendo o bosque de ribeira, agás no caso das agrupacións tradicionais que materialicen a formación histórica do núcleo.

Este criterio resulta demasiado confuso e, polo tanto, inadmisible. En solo rústico deberase recoller no texto (ademais de nos planos) a clasificación dos ríos e as zonas de protección para cada unha

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
AUGAS DE GALICIA

augasdegalicia

Praza de Camilo Díaz Baliño, 7-9
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 544141 Fax: 981 541943

das categorías que se establezan. No resto dos solos podería valer o criterio da altitude, pero establecendo unha anchura mínima da banda de protección.

Con independencia da zona de protección deberíase definir unha liña de edificación, que non teñen porqué ser coincidentes. Estas concrecións deberanse reflectir en calquera caso nos instrumentos de desenvolvemento do Plan Xeral, que terán que ser informados por este organismo autónomo. Aconséllase que na normativa urbanística se definan as limitacións físicas concretas en cada tipo de solo de xeito similar ó seguinte:

Prohíbese a realización de calquera obra (incluíndo peches de parcelas) na zona de servidume a que se refiren os artigos 6 da Lei de augas e do RDPH (5 metros dende o límite ó que cheguen as augas nas máximas enchentes ordinarias). Esta prescrición afectará a todo tipo de solo.

A localización dos espazos libres situarase na zona de policía e facilitarase o acceso á zona de servidume.

Establécese unha banda de 20 metros (por exemplo) de anchura en cada marxe dos ríos, reflectida nos correspondentes planos, na que se prohibe calquera tipo de construción. Para solo urbano non consolidado e solo urbanizable.

As construcións que pola súa singularidade precisen establecerse nestas zonas restrinxidas necesitarán a autorización previa da administración hidráulica.

Convén lembrar que o informe favorable deste planeamento por Augas de Galicia implicará a non obrigatoriedade de autorización previa deste organismo unicamente para as **construcións en zona de policía de leitos**, segundo o establecido no artigo 78 do RDPH, sempre que se recollan as prescricións indicadas nos parágrafos precedentes. Calquera outro tipo de autorización ou concesión das contempladas na lexislación hidráulica tramitarase de acordo co establecido no citado Regulamento.

En consecuencia, e de acordo co exposto, infórmase favorablemente o "Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Carballo", condicionando este informe á comprobación de que as observacións feitas quedan recollidas na documentación definitiva.

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2011
O xefe da Área de Autorizacións e Concesións

Juan José Loio Buján

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
AUGAS DE GALICIA

augasdegalicia

Praza de Camilo Díaz Baliño, 7-9
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 544141 Fax: 981 541943

Concesións administrativas encontradas con titularidade do Concello ou de comunidades de usuarios, ata o nivel de detalle do que se dispón.

DH.A15.11745
Comunidade: Lourido — Parroquia: San Martiño de Razo — Lugar: Pardiñas
Uso: doméstico — Q= 0.48 l/s
Mananciais:
(1) UTM (X): 525020 UTM(Y): 4791490
Estado: Resolto

DH.A15.16523
Comunidade: Entrecruces — Parroquia: Entrecruces — Lugar: San Ginés
Uso: doméstico — Q= 0.42 l/s
Mananciais:
(1) UTM (X): 524950 UTM(Y): 4776060
(2) UTM (X): 524970 UTM(Y): 4776060
(3) UTM (X): 525000 UTM(Y): 4776100
Estado: Resolto

DH.A15.18850
Comunidade: Baldaio — Parroquia: Santa María de Noicela — Lugar: O Rapadoiro
Uso: doméstico — Q= 0.16 l/s
Manancial: Monte da Capela
UTM (X): 531666 UTM(Y): 4794172
Rego do Rapadoiro
UTM (X): 531666 UTM(Y): 4794172
Estado: Resolto

DH.A15.19833
Comunidade: Medeiros — Parroquia: Santa María de Rus — Lugar: Monte Medeiro - Outeiro
Uso: doméstico — Q= 0.03 l/s
Mananciais:
(1) UTM (X): 527.449 UTM(Y): 477073
Estado: Resolto

DH.A15.20723
Comunidade: Fontes do Braño do Canedo — Parroquia: Santa María de Bértoa — Lugar: Requeixo
Uso: doméstico — Q= 0.24 l/s
Mananciais:
(1) UTM (X): 527166 UTM(Y): 4789200
(2) UTM (X): 527192 UTM(Y): 4789250
Estado: Resolto

DH.A15.21025
Comunidade: Centeás — Parroquia: San Cristovo Lema — Lugar: Centeás
Uso: doméstico — Q= 0.18 l/s
Manancial: Monte de Cachelán
(1) UTM (X): 526555 UTM(Y): 4791330
Estado: Resolto

DH.A15.21158
Comunidade: Alveiro e Pedreira — Parroquia: San Salvador de Sofán — Lugar: Alveiro
Uso: doméstico
Mananciais: Fonte Fernández
(1) UTM (X): 531851 UTM(Y): 4778773
Estado: Resolto

DH.A15.23347
Comunidade: Herdeiros de Daniel Rostro Parroquia: Lugar: Regueira de Abaixo
Uso: doméstico
Mananciais:
(1) UTM (X): 527960 UTM(Y): 4792135
Estado: Resolto

DH.A15.23827
Comunidade: Vilar de Cidre Parroquia: Razo Lugar: Vilar de Cidre
Uso: doméstico
Mananciais:
(1) UTM (X): 523412 UTM(Y): 4790171
Estado: Resolto

DH.A15.24962
Comunidade: Mosteiro Parroquia: Razo Lugar: Cambre
Uso: doméstico Q= 0.020 l/s
Mananciais:
(1) UTM (X): 524805 UTM(Y): 4791651
Estado: Resolto

DH.A15.25157
Comunidade: Sumide Parroquia: Santa María de Rus Lugar: Sumide
Uso: doméstico
Mananciais:
(1) UTM (X): 526956 UTM(Y): 4777169
Estado: Tramitación

DH.A15.26583
Comunidade: Lugar de Riba de Razo da Costa Parroquia: San Martiño de Razo Lugar: Razo da Costa
Uso: doméstico Q= 0.18 l/s
Mananciais:
(1) UTM (X): 522398 UTM(Y): 4792059
Estado: Resolto

DH.A15.28810
Comunidade: Campo San Pedro e Cances de Vila Parroquia: Lugar: Cances da Vila e Vilanova
Uso: doméstico
Mananciais:
(1) UTM (X): 575850 UTM(Y): 4835900
Estado: Tramitación

DH.A15.28830
Comunidade: Bas Parroquia: Lugar: Bas
Uso: doméstico Q= 0.18 l/s
Mananciais:
(1) UTM (X): 521513 UTM(Y): 4785413
Estado: Tramitación

DH.A15.30164
Titular: Concello de Carballo Lugar : A Costa Vella
Uso: doméstico
Estado: Tramitación

DH.A15.11954
Comunidade: Vilariño Parroquia: San Martiño de Cances Lugar : Vilariño
Uso: doméstico Q= 0.27 l/s
Mananciais:
(1) UTM (X): 521020 UTM(Y): 4790030
Estado: Resolto

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
AUGAS DE GALICIA

augasdegalicia

Praza de Camilo Díaz Baliño, 7-9
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 544141 Fax: 981 541943

DH.A15.12611
Comunidade: Velidos — Parroquias: límite Rebordelos, Vilela e Lema — Lugar: Os Velidos
Uso: doméstico — Q= 0.066 l/s
Mananciais:
(1) UTM (X): 528315 — UTM(Y): 4792720
Estado: Resolto

DH.A15.13953
Comunidade: Monte de Piquite — Parroquia: Razo — Lugar: Monte de Piquite
Uso: doméstico — Q= 0.20 l/s
Mananciais:
(1) UTM (X): 522700 — UTM(Y): 4793260
(2) UTM (X): 522650 — UTM(Y): 4793465
Estado: Resolto

DH.A15.9967
Comunidade; Lourido de Arrriba e Piados — Parroquia: Razo — Lugar: Arnadas
Uso: doméstico — Q= 0.20 l/s
Mananciais:
(1) UTM (X): 525200 — UTM(Y): 4792000
Estado: Resolto

DH.A15.11955
Comunidade: Chamusqueira — Parroquia: Lema — Lugar : Chamusqueira
Uso: doméstico — Q= 0.38 l/s
Mananciais:
(1) UTM (X): 526090 — UTM(Y): 4790020
Estado: Resolto

1488 - C
Titular: Concello de Carballo — Lugar: Bosque Añón de Don Sancho
Uso: **abastecemento de Carballo** — Q= 23 l/s
Captación : Augas superciais río Anllóns
Estado: Resolto

E-74-445
Comunidade de regantes Herbedeira – Ardaña — Parroquia: Herbedeira — Lugar: Herbedeira
Uso: rega
Corrente: río Herbedeira
Estado: Resolto

OTM
Secret

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tel.: 981 544 564

CONCELLO DE CARBALLO
Nº Rexistro 3697
DATA: - 9 ABR. 2012
ENTRADA

REXISTRO XERAL da Xunta de Galicia - Pc
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS
PÚBLICAS E XUSTIZA - SANTIAGO DE COMPOSTELA
03 ABR. 2012
NUMERO 10991
SAÍDA

CONCELLO DE CARBALLO
A/A. Sr. Alcalde-Presidente
Colón, s/n
15100 Carballo
A Coruña

Jmg/Pvp

Áchegase informe da Axencia Galega de Infraestruturas relativo ao "PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE CARBALLO (AC)".

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2012

O ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS

XUNTA DE GALICIA · AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS · CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

José Manuel Guerra Janeiro

galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tel.: 981 544 564

INFORME DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS AO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE CARBALLO(AC)

O presente informe emítese ó amparo do indicado nos artigos 85 e 86 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e as súas posteriores modificacións, así como no artigo 15 e concordantes da Lei 4/1994, de 14 de setembro, de Estradas de Galicia, e demais lexislación relacionada, sendo os datos básicos do documento presentado os seguintes:

Documento: PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE CARBALLO
Promotor: CONCELLO DE CARBALLO
Redactor: Carballada y Asociados, S.L.

Estradas autonómicas afectadas

Código	Denominación	Categoría	Lonxitude afectada (km)
AG-55	A Coruña-Carballo	Vía de Alta Capacidade Autonómica	9,290
AC-552	A Coruña (A Grela)-Cee(AC-550)	Rede Primaria Básica	7,840
AC-400	Sigrás (N-550)-Muros	Rede Primaria Complementaria	3,63
AC-413	Ordes-Carballo	Rede Primaria Complementaria	9,760
AC-414	Carballo (Enlace AG-55)-Malpica	Rede Primaria Complementaria	5,940
AC-416	Carballo-Carballo (AC-414)	Rede Primaria Complementaria	1,350
CG-14	Carballo-Baio	Vía de Alta Capacidade Autonómica	En exec.
	Variante de Carballo	Vía de Alta Capacidade Autonómica	En proxecto

Á vista da documentación do Plan Xeral de Ordenación Municipal presentada, así como dos datos referentes ás estradas afectadas, emítese o seguinte informe:

Con data de 10 de decembro de 2009 foi emitido informe, indicando unha serie de modificacións que deberían ser introducidas no documento remitido. Vista a nova documentación presentada, pódese constatar o seguinte:

0.- ANTECENDENTES: No Plan Move a estrada provincial EP-1914 aparece recollida como susceptible de ser transferida á Xunta de Galicia. Tendo en conta isto, para esta estrada deberán rexer os mesmos criterios que para o resto das estradas de titularidade autonómica e que se plasman no presente informe.

1.- SOLO RÚSTICO

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tel.: 981 544 564

Con respecto ó anterior informe non se teñen levado a cabo as modificacións indicadas, motivo polo cal procede reiterarse no xa indicado.

2.- SOLO DE NÚCLEO RURAL.

Nos planos de ordenación aportados non se indican as aliñacións en núcleo rural, algo que no anterior documento si se indicaba..

3. SOLO URBANO.

AC-413: segue clasificándose como solo urbano consolidado un ámbito que no anterior PXOM estaba clasificado como solo apto para urbanizar, xerando novos accesos directos á estrada non contemplados con anterioridade.

4.- SOLO URBANIZABLE.

- Variante de Carballo: segue a existir un conflicto entre o solo rústico de protección de infraestructuras vinculado á variante de Carballo e o solo urbanizable SUR-D S-I2 e SUR-D S-T3.

Visto o que antecede procede informar o documento presentado **desfavorablemente**, debendo subsanarse as deficiencias detectadas e remitir novamente o expediente a esta Axencia Galega de Infraestruturas para a emisión de novo informe.

SANTIAGO DE COMPOSTELA, a 30 de marzo de 2012

O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos

José Manuel Guerra Janeiro

O Xefe de Servizo de Planificación e Programación

Carlos Lefler Gullón

V°B°
O Xefe da Área de Planificación e Programación

Héctor Presas Veiga

Conforme
A Directora da Axencia Galega de Infraestruturas

Ethel Vázquez Mourelle

XUNTA DE GALICIA · CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS · AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS

galicia

OTH
Secretaría

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, Y MEDIO RURAL Y MARINO
SECRETARIA DE ESTADO DE CAMBIO CLIMÁTICO
DIRECCIÓN GENERAL DE SOSTENIBILIDAD DE LA COSTA Y DEL MAR
Subdirección General de Dominio Público Marítimo-Terrestre

Plaza de San Juan de la Cruz, s/n 28071 Madrid
Fax 91 597 59 07
Teléfono 91 - 597 60 00

FECHA:

DESTINATARIO

AYUNTAMIENTO DE CARBALLO
15100 CARBALLO (A CORUÑA)

SU/REF:

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, Y MEDIO RURAL Y MARINO
DIRECCIÓN GENERAL DE SOSTENIBILIDAD DE LA COSTA Y DEL MAR
SUBDIRECCIÓN GENERAL DE DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO TERRESTRE
23 NOV 2011
SALIDA Nº 69776

NUESTRA/REF: PLA01/09/15/0005
PLA02/01

CONCELLO DE CARBALLO
N.º Rexistro: 15083
DATA: 28 NOV. 2011
ENTRADA

ASUNTO

REVISIÓN DEL PLAN GENERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE **CARBALLO** (A CORUÑA)

Con fecha 22 de noviembre de 2011, esta Dirección General ha emitido el siguiente informe:

"El Ayuntamiento de Carballo remite a esta Dirección General, a través de la Demarcación de Costas en Galicia, el expediente arriba referenciado, a fin de que sobre el mismo se emita el informe previsto en los artículos 112 a) y 117.1 de la Ley 22/88 de Costas.

La documentación, suscrita en febrero de 2011 por el Arquitecto Álvaro Fernández Carballada, se presenta sin diligenciar, haciendo constar que se trata de un documento previo a la aprobación inicial; y se compone de Memoria y Anexos, Normativa y Fichas de Desarrollo, Estudio del Medio Rural, Análisis del Asentamiento Poblacional, Estrategia de Actuación y Estudio Económico, Catálogo de Protección, Informe de Sostenibilidad Ambiental, y Planos.

Según se indica en la Memoria, el objeto de la Revisión es adaptar las determinaciones del Plan General de Ordenación Municipal (aprobado definitivamente en fecha 20-05-2003) a las exigencias de la Ley 9/2002, de 30 de diciembre, de Ordenación Urbanística y Protección del Medio Rural de Galicia.

En fecha 15-07-2009, este Centro Directivo emitió informe sobre la Revisión del Plan General de Ordenación Municipal, con una serie de observaciones a tener en cuenta en la documentación.

El análisis y estudio de la documentación remitida y los datos obrantes en este Departamento, permiten hacer las siguientes consideraciones desde el punto de vista del borde litoral:

1. El municipio de Carballo cuenta con los siguientes deslindes:

- DL-115-LC (O.M. 07-09-2004), desde el límite con A Laracha hasta las playas y marismas de Razo-Baldaio.
- DES01/08/15/0002 (16-07-2009), desde Punta de Razo hasta el límite con Malpica de Bergantiños.

En los Planos de "Clasificación de Suelo y Sistemas Generales" (1/5.000), se representa la ribera del mar, la línea de deslinde del dominio público marítimo-terrestre y aquella otra que delimita la zona sobre la que recae la servidumbre de protección, y la zona de influencia. En el señalamiento de estas líneas se observan las mismas deficiencias que ya se indicaban en el informe anterior de 15-07-2009:

- En el Plano B-02 no se dibuja la ribera del mar en la zona de Punta de Razo, y existe un error en la representación de la línea de deslinde en un tramo de la Playa de Razo, viéndose afectada también la servidumbre de protección.
- En el Plano D-01 no se representa la ribera del mar en una zona entre Punta de Fonte y Punta Mortaza.

En el resto de los Planos también se representan las líneas de ribera del mar, el deslinde del dominio público marítimo-terrestre y su servidumbre de protección, con los mismos errores mencionados.

Si bien estas deficiencias tienen escasa incidencia sobre el planeamiento, a fin de evitar errores y falsas interpretaciones, deberán subsanarse con arreglo a los datos que, previa petición, facilitará la Demarcación de Costas en Galicia. Todo ello con independencia de considerar que, ante cualquier desajuste en la representación de las citadas líneas, prevalecerán los datos de los planos de deslinde sobre los reflejados en el planeamiento.

2. Los terrenos de dominio público marítimo-terrestre se clasifican como suelo rústico de protección de espacios naturales (SR-PN). A este respecto, en el artículo 152 de la Normativa, para los espacios delimitados con esta categoría se señala, entre otras, como norma de aplicación complementaria la Ley de Costas. En cualquier caso deberá tenerse en cuenta que para la utilización del dominio público marítimo-terrestre se estará a lo dispuesto en el Título III de la Ley de Costas.

3. En el apartado 9.2.4.2 de la Memoria se recogen los objetivos que el Plan General incorpora en consenso con la Demarcación de Costas en Galicia, señalando lo siguiente:

   - La ordenación de accesos en la playa de Razo.
   - La eliminación del tráfico rodado en el borde de los taludes de la playa.
   - La ordenación de las actividades deportivas y de recreo en la playa de Razo, con la reubicación del campo de fútbol, actualmente en dominio público marítimo-terrestre, y de la edificación que acoge los usos auxiliares para surf.
   - El trazado de la senda litoral por el borde costero.

Asimismo, en el apartado 10.4.2 de la Memoria se recogen las actuaciones derivadas de los criterios de la Demarcación de Costas en Galicia, especificando que:

- La delimitación de los sistemas generales de dotaciones en Os Areos y Playa de Razo (equipamientos y espacios libres) se ordenará de forma integral a través de dos Planes Especiales de Dotaciones del Litoral.
- La reconducción del tráfico rodado en Razo, que en la actualidad discurre por una vía paralela al arenal.
- La previsión de una senda litoral peatonal, proyectada por la Demarcación de Costas.

4. En el Capítulo IV del Título IV de la Normativa, se recoge el régimen urbanístico del suelo rústico de protección de costas (SR-PC), que abarca una franja de 200 metros o 20 metros, según los casos, medidos tierra adentro desde el límite interior de la ribera del mar, y se señala que este suelo estará regulado por lo dispuesto en la Ley de Costas y su Reglamento.

   A este respecto cabe señalar lo ya indicado en el informe del 15-07-2009, en el que se señalaba que deberá tenerse en cuenta que los primeros 100 metros desde la ribera del mar estarán sometidos a las limitaciones establecidas en la Ley de Costas para la servidumbre de protección y de tránsito, y así deberá indicarse expresamente tanto en la documentación gráfica como en la escrita.

   En cualquier caso, tanto en la documentación gráfica como en la escrita, debería recogerse para una mayor claridad, y a fin de evitar errores y falsas interpretaciones, las limitaciones siguientes:

   - La utilización del dominio público marítimo-terrestre se regulará según lo especificado en el Título III de la Ley de Costas.
   - Los usos en la zona de servidumbre de protección se ajustarán a lo dispuesto en los artículos 24 y 25 de la Ley de Costas, debiendo contar los usos permitidos en esta zona, con la autorización del órgano competente de la Comunidad Autónoma, de conformidad con lo determinado en los artículos 48.1 y 49 del Real Decreto 1112/92 por el que se modifica parcialmente el Reglamento de la Ley de Costas.
   - Se deberá garantizar el respeto de las servidumbres de tránsito y acceso al mar establecidas en los artículos 27 y 28 de la Ley de Costas, respectivamente y el cumplimiento de las condiciones señaladas en el artículo 30 para la zona de influencia.
   - Las obras e instalaciones existentes a la entrada en vigor de la Ley de Costas, situadas en zona de dominio público o de servidumbre, se regularán por lo especificado en la Disposición Transitoria Cuarta de la Ley de Costas.
   - Las instalaciones de la red de saneamiento deberán cumplir las condiciones señaladas en el artículo 44.6 de la Ley de Costas y concordantes de su Reglamento.

   Estas determinaciones deberán ser tenidas en cuenta para cualquier tipo de suelo independientemente de su clasificación y calificación urbanística, y así deberá hacerse constar expresamente.

5. En el Plano RA (1/2.500), en la zona de Razo, se localizan dos Planes Especiales (PE1 y PE2) cuyos ámbitos incluyen terrenos de dominio público marítimo-terrestre, por lo que deberá replantearse la delimitación de ambos, de tal manera que los terrenos de dominio público queden excluidos de los citados Planes.

   Los terrenos del PE-2 que actualmente albergan un campo de futbol en dominio público marítimo-terrestre, deberán excluirse del Plan Especial por su condición demanial, y el campo de futbol, tal como se indica en el apartado 9.2.4.2 de la Memoria, se ubicará fuera del citado dominio público, dado que es perfectamente factible la ubicación de dicho equipamiento fuera del mismo.

6. Con respecto a los colectores de saneamiento que discurren por dominio público marítimo-terrestre en la zona de Pedra Do Sal, y la red de saneamiento que ocupa los primeros 20 metros de la zona de servidumbre de protección en la zona de Razo, se señala en el apartado 3.1 B de la Memoria que "únicamente se plasman en el documento por ser anteproyectos del organismo autónomo de Aguas de Galicia, no siendo el documento del Plan General el que las cuestiona ni quien les aporta el marco legal". En todo caso, tal como se indicó en el informe del 15-07-2009, en ambos casos se incumple lo que dispone el artículo 44.6 de la Ley de Costas, por lo que deberán replantearse para ajustarse a lo que dispone el mencionado artículo.

7. Existen cuatro sectores de suelo urbanizable delimitado (S-R26 y S-R27 en la zona de Razo, y S-R29 y S-R30 en la zona de Pedra Do Sal), que se encuentran afectados por la zona de influencia de 500 metros, por lo tanto para estos suelos, tal como se solicitaba en el informe anterior del 15-07-2009, se tendrá que justificar el cumplimiento de lo dispuesto en el artículo 30 de la Ley de Costas y 58 de su Reglamento, de tal manera que, para los suelos urbanizables delimitados afectados por la zona de influencia, la densidad de edificación (m^2/m^2) no supere la media del suelo urbanizable delimitado del término municipal.

En consecuencia, una vez sean tenidas en cuenta las consideraciones anteriores, se remitirá nuevamente a esta Dirección General, a través de la Demarcación de Costas en Galicia, el expediente corregido, completo, diligenciado y previo a su aprobación definitiva, para la emisión del informe que disponen los artículos 112 a) y 117.2 de la Ley de Costas."

Lo que se traslada para su conocimiento y efectos.

EL JEFE DEL AREA DE
PLANEAMIENTO

José María de Miguel Carpintero

- ORM
- Milagros
- Secretario

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaría Xeral de
Ordenación do Territorio e Urbanismo

Edif. Admtvo. San Caetano,
Bloque 3
15781 Santiago de Compostela

galicia

Ref. NI 16 do 07/02/2012
CARBALLO(A CORUÑA)
PXOM
PTU-AC-09/029
Remisión inf. Sostibilidade e Paisaxe
Páx. 1 de 1

REXISTRO XERAL da Xunta de Galicia - P3
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA - SANTIAGO DE COMPOSTELA
09 FEB. 2012
NÚMERO 4960 SAÍDA

Sr. Alcalde do Concello de Carballo
(A Coruña)

Xunto co presente escrito achego copia do informe da Dirección xeral de Sostibilidade e Paisaxe relativo ao **Plan Xeral de Ordenación Municipal** dese concello.

CONCELLO DE CARBALLO
N.º Rexistro: 1670
DATA: 13 FEB. 2012
ENTRADA

Santiago de Compostela, 08 de febreiro de 2012

O subdirector xeral de Urbanismo

Eduardo Sobrino Rodríguez

INFORME SOBRE O PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE CARBALLO

Por medio dun escrito con data de entrada nesta Dirección Xeral do 02/11/2011, a Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo remite o documento do Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) do concello de Carballo en soporte dixital, solicitando a emisión de informe en relación co seu axuste coas directrices de ordenación do territorio e os demais instrumentos previstos na Lei 10/1995 de ordenación do territorio de Galicia, nomeadamente co Plan de ordenación do litoral (POL) aprobado mediante o Decreto 20/2011 do 10 de febreiro.

1 ANTECEDENTES

Actualmente está vixente o Plan xeral de ordenación municipal do concello de Carballo, aprobado definitivamente o 20/05/2003, afectado pola sentenza non firme do Tribunal superior de Xustiza de Galicia do 01/03/2007.

O 07/12/2011 a Secretaría Xeral de calidade e Avaliación Ambiental emitiu o documento de referencia do PXOM, conforme ao previsto no artigo 9 da Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.

2 CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

2.1 Marco competencial

De conformidade co artigo 16.1 do Decreto 316/2009, do 4 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe exerce as competencias e funcións en materia de paisaxe e de ordenación do territorio.

2.2 Marco legal e normativo

Ademais de cumprir a lexislación urbanística vixente e de dar cumprimento á normativa sectorial que incide na ordenación urbanística, o PXOM debe guiarse por unha serie de principios e criterios que definen as Directrices de Ordenación do Territorio, o Plan de Ordenación do Litoral e a Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia. A continuación, e antes de analizar polo miúdo o contido do PXOM de Carballo, exprésanse os aspectos máis destacados das anteditas referencias legais e normativas.

2.2.1 A Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia

A Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, no artigo 2 expresa que un dos seus principios é o de defender e preservar a paisaxe, favorecendo unha relación harmónica e respectuosa entre a xente e o seu contorno, e promovendo un uso racional e ordenado do territorio, que teña en conta os valores naturais e culturais das paisaxes. Pola súa parte, o artigo 5 imponlles aos poderes públicos a obriga de integrar a consideración da paisaxe nas políticas de ordenamento territorial e urbanístico, e nas súas políticas ambientais, do patrimonio cultural, agrícolas, forestais, sociais, turísticas, industriais e económicas, así como en calquera outra política sectorial que poida producir un impacto directo ou indirecto sobre a paisaxe.

Ademais destas esixencias de carácter xeral, a obrigada consideración da paisaxe por parte dos PXOM está recollida en diversos preceptos da LOUG. Así mesmo, as DOT e o POL tamén conteñen determinacións específicas sobre a paisaxe. De todas estas referencias, e mentres non se teñan

desenvolvido os instrumentos específicos deseñados pola Lei 7/2008 (catálogos da paisaxe, directrices da paisaxe e plans de acción en paisaxes protexidas), pódense sinalar as seguintes conclusións:

- Dado que unha das súas determinacións é identificar as cuncas de interese paisaxístico (artigo 53.1 g) da LOUG), o PXOM debe conter unha análise da paisaxe, para o cal considerase preciso delimitar as unidades de paisaxe presentes no seu ámbito territorial, pois esta delimitación facilita a diagnose da calidade e da fraxilidade paisaxísticas (artigos 73 a 75 da normativa do POL e artigo 61.2 da LOUG), e por tanto permite identificar as unidades ou cuncas que polo seu valor merecen unha especial protección.

  O PXOM inclúe no informe de sustentabilidade ambiental unha análise da paisaxe na que se divide o termo municipal en 3 ámbitos paisaxísticos (zona costeira, val do río Anllóns e perillanura de Ordes), con 6 subzonas (Lagoa de Baldaio, chaira costeira, cadea litoral, val do Anllóns, noiro de transición e perillanura de Ordes). Non obstante, bótase en falta unha análise da paisaxe global do concello (tal e como se expón na directriz 8.5 das DOT), que abranga tanto o medio natural como o transformado, no entendemento da paisaxe como o percibido pola poboación, o que abrangue tanto as áreas de maior excelencia abordadas no estudo como as que teñen sufrido maior deterioro.

  Para acadar o anterior obxectivo recoméndase unha metodoloxía baseada na división da totalidade do termo municipal en unidades de paisaxe homoxéneas sobre as que determinar a súa calidade visual a través da análise de diversos compoñentes (fisografía, usos do solo, vexetación,...) e o establecemento dos principais puntos de observación en función do número de observadores potenciais, co que se estará en condicións de relacionar o grao de visibilidade de todo o termo municipal coa calidade de cada unidade de paisaxe.

- O PXOM identifica, en consonancia cos artigos 53.1 f) e 75 da LOUG, outros elementos de valor ou interese paisaxístico, denominándoas como paraxes de valor ambiental. Ademais, debe elaborarse un estudo da paisaxe urbana, cuxo contido orientarase polo disposto no punto 8.6 das determinacións das DOT, prestando especial atención ás tipoloxías edificatorias, ás medianeiras vistas e aos peches, aos materiais das fachadas e dos pavimentos dos espazos públicos, ás zonas verdes e arboredos, ao mobiliario urbano, ao alumeado público, aos tendidos aéreos e ao tráfico e aparcadoiros de vehículos.

  Todas estas análises e consideracións deben guiarse polas referencias que expresan o punto 3.3 da memoria das DOT e os artigos 73 a 78 da normativa do POL.

- As determinacións do PXOM (desde a clasificación do solo ata as ordenanzas de uso e edificación) deben ser consecuentes coa análise paisaxística efectuada. Particularmente, para as cuncas ou elementos de interese paisaxístico, deben establecerse normas que garantan a protección dos valores da paisaxe (punto 8.1 das determinacións das DOT e artigo 59 da LOUG).

  En definitiva, trátase de que, mais alá da protección dos fitos paisaxísticos detectados e o establecemento de medidas de protección dos mesmos, a análise da paisaxe sexa utilizada polo PXOM como ferramenta de cara a decidir a localización idónea dos usos a implantar no territorio, de xeito que se minimice a necesidade de medidas correctoras posteriores.

2.2.2 As Directrices de Ordenación do Territorio, O Plan de Ordenación do Litoral e outros instrumentos de ordenación do territorio

- **Directrices de ordenación do territorio (DOT)**

As DOT, conforme ao disposto no artigo 6 da Lei 10/1995, establecen o conxunto de criterios e normas que regulan o asentamento de actividades no territorio, construíndo por tanto un marco xeral de referencia ao que deben acomodarse, entre outros, os instrumentos de planificación urbanística.

De acordo coa determinación 1.2 s), é un obxectivo prioritario das DOT "estruturar o litoral como un ámbito de excelencia territorial, que integre zonas naturais, centros urbanos e núcleos tradicionais, reorientando os procesos de urbanización difusa cara a un sistema máis compacto, de maior complexidade (diversidade de usos) e atractivo, caracterizado pola súa calidade e pola diversidade de posibilidades de vida e traballo."

Conforme á determinación 1.4 das DOT, os instrumentos de planeamento urbanístico "deberán xustificar a súa coherencia e conformidade coas determinacións e criterios establecidos polas directrices de ordenación do territorio, incorporando unha valoración da correspondencia dos seus contidos con respecto ao disposto nas DOT." Asemade, segundo a directriz 10.1.18, incluirán unha análise de compatibilidade estratéxica (ACE) para garantir a coherencia da planificación sucesiva e a consideración da prevención e minimización dos posibles efectos que puideren xerar.

Respecto ao encadre territorial de Carballo nas DOT, figura entre as vilas e pequenas cidades que conforman as cabeceiras do sistema urbano intermedio. Por conseguinte, segundo a determinación excluínte 2.2.3, o planeamento urbanístico deberá potenciar as dinámicas urbanas proporcionando unha estrutura urbana sólida e prever unha reservas de solo axeitada para atender a demanda de servizos, actividades produtivas e equipamentos de carácter supramunicipal que non poidan atopar acomodo nos niveis urbanos e rurais de menor rango.

2.2.3 Plan de Ordenación do Litoral (POL)

O Concello de Carballo atópase dentro do ámbito territorial do POL, que ten a natureza dun plan territorial integrado dos que regula a Lei 10/1995, cuxo artigo 14 establece que estes terán a forza vinculante que sexa congruente coa súa funcionalidade, e para tal efecto expresarán o alcance co que deberán operar.

Segundo se establece no Título IV, capítulo 1, o POL establece un marco de referencia para a ordenación urbanística ("a ordenación urbanística da zona litoral") mediante un conxunto de "criterios, principios e normas xerais" baseada en criterios de perdurabilidade e sostibilidade. Así mesmo inclúe a normativa de conservación, protección e valorización das zonas costeiras.Para a consecución destes obxectivos cómpre o establecemento dun novo Modelo territorial que:

- Identifique e caracterice as distintas áreas e elementos dentro do ámbito de xestión.
- Estableza as relacións entre eles.
- Determine os criterios, principios e normas xerais para cada un destes elementos.
- Concrete o réxime de usos dos ámbitos con valores recoñecidos.

De acordo co punto 2 da Disposición transitoria primeira da normativa do POL, os plans xerais que non acadasen a aprobación provisional no momento da entrada en vigor do POL, como é o caso do de Carballo, deben adaptar o seu contido ao plan de ordenación do litoral, introducindo as modificacións que fosen pertinentes en todas e cada unha das áreas definidas nel.

De conformidade co artigo 45.2 da LOUG, os plans urbanísticos están vinculados xerarquicamente ás determinacións das directrices de ordenación do territorio e ós demais instrumentos establecidos pola Lei 10/1995, e deberán redactarse en coherencia con todos eles.

A ordenación urbanística determina os seus ámbitos de desenvolvemento e crecemento conforme aos parámetros establecidos na lexislación vixente en atención a uns obxectivos propios. Coa aprobación do POL estes obxectivos deben estar en sintonía cos fixados polo POL desde unha escala territorial.

As súas determinacións concrétanse no establecemento dun conxunto de criterios xerais, principios xerais (uns comúns e outros específicos para cada área ou elemento do modelo), normas

xerais e específicas de aplicación nas distintas categorías que constitúen o marco de ordenación a partir do cal regular os usos e actividades localizados no litoral, e normas complementarias.

Sen prexuízo das demais determinacións que expresa o POL, no título seguinte fanse as consideracións que deberán integrarse no PXOM.

2.2.4 Outros instrumentos de ordenación do territorio no concello de Carballo

Ao abeiro da Lei 10/1995 de ordenación do territorio de Galicia, aprobáronse os seguintes instrumentos de ordenación do territorio:

- Proxecto sectorial da liña de alta tensión 20kv Mesón-Vimianzo, aprobado definitivamente polo Consello da Xunta de Galicia o 06/04/2001 (DOG 24/04/2001). O PXOM inclúe axeitadamente estes terreos como solo rústico de especial protección de infraestruturas.
- Proxecto sectorial do parque empresarial de Carballo, aprobado definitivamente o 08/02/2007 (DOG 16/02/2007).
- Proxecto sectorial do Parque arqueolóxico do megalitismo na Costa da Morte, aprobado definitivamente o 29/09/2011 (DOG 26/10/2011).
- Proxecto sectorial do parque eólico de Pedrarrubia, aprobado definitivamente o 13/10/2011.

3 Contido documental do PXOM

A memoria do PXOM recolle consideracións sobre o encaixe do PXOM co contido das DOT e o POL. e xustifica a adaptación dos seus contidos a ambos instrumentos de ordenación territorial aprobados definitivamente así como que efectivamente o modelo de ordenación que establece o responde ao contido destes.

En todo caso o documento remitido para informe carece da seguinte documentación necesaria para a xustificación ou comprobación da adaptación do PXOM aos instrumentos de ordenación do territorio:

- Delimitación e regulación dos núcleos de identidade litoral de Leira, Rebordelos, O Igrexario, Castrillón e Razo da Costa, en virtude do disposto no artigo 69.1 do POL.. Nestes ámbitos é onde o PXOM debe establecer determinacións específicas de acordo co disposto nos artigos 17.1, 42 e 69.2 e as fichas das correspondentes unidades de paisaxe do POL.
- Identificación e cualificación das praias do concello (Leira, Arnelas, Pedra do Sal e Baldaio)segundo se establece nos artigos 79 a 91 do POL.

Estas cuestións deberán incorporarse ao documento a súa aprobación definitiva.

4 Análise de coherencia do PXOM co POL

4.1 Elementos do modelo

4.1.1 Consideracións nas áreas continuas do POL

As áreas de protección intermareal e costeira

As áreas de protección intermareal e costeira responden á presenza dos valores de maior interese do ámbito do POL, e polo tanto nestas áreas non están permitidos os desenvolvementos urbanísticos, sendo o réxime de usos máis restritivo.

O Plan Xeral recolle estas áreas, na súa práctica totalidade, dentro do solo rústico de especial protección de espazos naturais, de costas, augas e paisaxística o que, en principio, é compatible cos criterios e obxectivos do POL.

Porén, dentro da protección costeira, o PXOM inclúe a delimitación, como solo urbano consolidado, do núcleo de Pedra do Sal. Independentemente da procedencia desta clasificación urbanística, este ámbito ten a consideración no POL de ámbito de recualificación por tratarse dun asentamento desconforme co seu modelo territorial, coas implicacións que se verán no punto deste informe dedicado á estratexia a seguir nestes ámbitos.

O PXOM prevé o desenvolvemento de dous plans especiais de dotacións (PE1 e PE2) na contorna da praia de Razo, co obxecto de *ordenar de forma integral as áreas de sistemas xerais de dotación de costa, cos usos propios de espazos libres, actividades deportivas, accesos de praias, etc.* Os terreos incluídos nestes plans especiais están parcial (PE1) ou totalmente(PE2) incluídos na área de protección costeira do POL. A este respecto, lémbrase que, en todo caso, os usos propostos deben ser compatibles co réxime dos mesmos que, para a protección costeira, establécense no POL.

No caso das áreas de protección costeira é necesario, así mesmo, que se de cumprimento ás determinacións en relación ao tratamento das praias e a súa contorna contidas no Capítulo II do Título V do POL.

Área de mellora ambiental e paisaxística

Na área de mellora ambiental e paisaxística o POL propugna o mantemento e mellora das áreas libres de edificacións, se ben de modo excepcional permítense novos desenvolvementos urbanísticos, sempre que teñan por finalidade completar a trama urbana de asentamentos existentes (de carácter fundacional, periférico, funcional ou agregado urbano) ou, no seu caso, dar resposta a unha necesidade xustificada de crecemento de asentamentos de carácter fundacional.

O PXOM do Concello de Carballo propón varios desenvolvementos urbanísticos na mesma, tanto de solo urbano non consolidado (UU-R53 e UU-R54), como de solo urbanizable delimitado de uso residencial (SR-26 e SR-27), todos eles na contorna da Praia de Razo, cuxa viabilidade en relación co POL estudiarase mais adiante atendendo aos seus principios e criterios. Debe sinalarse que estes ámbitos, xunto co solo urbano consolidado de Razo, está incluído nunha área de recualificación detectada no POL polo que fanse as mesmas consideracións expostas no parágrafo anterior.

Asemade, delimítanse dentro da área de mellora ambiental as áreas de solo de núcleo rural tradicional e común dos núcleos de Razo da Costa, Cambrelle, As Areas, O Outeiro, Castrillón, O Igrexario, Agramaior, Centeas, Regueira de Arriba e de Abaixo, Sambade. O Salto, As Infantas, Rebordelos, O Campo, A Casanova, Casadelas, Imende, Vilar de Peres, Costenla, A Algara, O Rapadoiro e Leira.

En relación co anterior, lémbrase que debe minimizarase a ocupación da área de mellora ambiental e paisaxística con estas delimitacións, restrinxíndoas dentro do posible ás áreas xa consolidadas pola edificación e favorecendo así a a permeabilidade visual entre a costa e os eixos de comunicación que discorren entre os citados núcleos.

Area de ordenación

Malia que o POL considera esta área como idónea para iso, o PXOM non prevé desenvolvementos urbanísticos nela, xa que na súa maioría están vinculados á vila de Carballo, fóra do ámbito do POL.

4.1.2 Consideracións nas áreas descontinuas

Corredores

Os corredores ecolóxicos e funcionais que identifica o POL deben quedar preservados da súa transformación urbanística, se ben o planeamento urbanístico pode precisar a súa delimitación, de acordo cos principios, criterios e obxectivos do POL, en coordinación cos órganos competentes (en materia de augas e conservación da natureza) e contando co informe favorable do órgano ambiental (Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental).

O PXOM de Carballo integra os corredores delimitados polo POL e quedan incluídos, na súa práctica totalidade, en diferentes categorías de solo rústico de especial protección , o que se entende axeitado. Unicamente cabe sinalar neste punto a afección do solo urbanizable S-R27, en Razo, ao corredor conformado polo Rego de Pardiñas, sobre o que se tratará no apartado deste informe referente á viabilidade dos desenvolvementos urbanísticos.

Espazos de Interese

O POL inclúe nesta categoría os espazos clasificados de interese paisaxístico, de interese xeomorfolóxico e os de interese de taxóns. No concello de Carballo detectáronse no POL o espazo de interese paisaxístico do Monte de Cambre, onde tamén se sitúa un punto de observación, e o espazo de interese de taxón da Lagoa de Baldaio. No primeiro caso, o PXOM clasifica os terreos incluídos neste espazo como solo rústico de especial protección forestal e paisaxístico; no segundo, como solo rústico de protección de espazos naturais, o que se considera axeitado.

Ademais, aínda que sen a regulación específica dos anteriores, recóllense na cartografía do POL de usos e elementos para a a valoración varios espazos de protección de ladeira na contorna do ámbito litoral do concello. Todos eles clasificáronse no PXOM coa dobre protección de solo rústico de protección forestal e paisaxística, o que resulta compatible cos valores que o Pol atribúe a estes ámbitos.

Rede de Espazos Naturais de Galicia

A práctica totalidade do bordo litoral do concello, incluída a Lagoa de Baldaio, forma do LIC e ZEPA da Costa da Morte. Neste ámbito, o PXOM establece o réxime propio do solo rústico de especial protección dos espazos naturais, o que resulta compatible co réxime establecido polo POL

4.1.3 Consideracións nos asentamentos

En atención ás súas características e de conformidade co modelo de ordenación que proxecta, o POL tipifica os asentamentos existentes no seu ámbito territorial: de carácter fundacional (entre os que se atopan os núcleos de identidade litoral), periféricos, funcionais, agregado urbano e novas agrupacións (nas que se inclúen os ámbitos de agregado urbano), e establece para cada un dos tipos unhas condicións e criterios específicos en función da área continua e descontinua no que se atope.

Os ámbitos correspondentes ao solo de núcleo rural tradicional e común do PXOM abranguen edificacións que, cun alto grao de coincidencia, están consideradas no POL como asentamentos fundacionais ou de desenvolvemento periférico. En xeral as delimitacións do solo de núcleo rural tradicional é coincidente cos asentamentos fundacionais detectados no POL e recolle a morfoloxía dos núcleos orixinarios, agás nalgún caso como o do núcleo de Rebordelos e Sambade, onde se ten incoporado á delimitación do núcleo tradicional edificacións que no POL figuran como asentamento funcional, desvirtuándose a morfoloxía do núcleo inicial.

Núcleos de identidade do litoral

No concello de Carballo, os núcleos de Leira, Rebordelos, O Igrexario, Castrillón e Razo da Costa inclúense no POL como núcleos de identidade litoral (NIL), pola súa localización, singularidade e vinculación co mar. Para estes núcleos o POL establèce unha serie de determinacións específicas e,

de acordo co artigo 69.1 da súa normativa, o PXOM debe delimitar o seu ámbito, atendendo á súa historia, estrutura morfolóxica e relación funcional e visual co mar. A súa ordenación por parte do PXOM debe establecerse de acordo coa que dispoñen os artigos 17.1, 42 e 69.2 e as fichas das correspondentes unidades de paisaxe do POL, así como coas determinacións orientativas 6.4, 6.5, 6.6 e 6.7 das DOT.

Areas de recualificación

Tal e como se indica no artigo 17.6 da normativa do POL, as áreas de recualificación son aquelas desvinculadas dos núcleos fundacionais e desconformes co modelo territorial do POL.

Nas fichas das unidades de paisaxe que concorren no concello de Carballo detectouse a existencia de dúas áreas de recualificación: as asociadas aos desenvolvementos dispersos de Pedra do Sal (unidade de paisaxe de Baldaio) e á agrupación de vivendas unifamiliares de carácter espontáneo na contorna da Praia de Razo (dentro da unidade de paisaxe do mesmo nome).

O PXOM leva a cabo a delimitación destras áreas nos planos de ordenación AR-RA e AR-PS. Asemade, incorpora no anexo VII da normativa unhas fichas relativas a estes ámbitos indicando que o plan especial será o que determine as condicións de protección e ordenación, vinculantes para os posteriores documentos de restauración ambiental e de planeamento que se redacten. Non obstante, nestas fichas bótase en falta a indicación dos obxectivos concretos que deben da acadarse para a recualificación dos ámbitos delimitados, mais alá da referencia xenérica , igual para ambas as dúas áreas, sobre a recuperación medioambiental, a mellora e remate das estruturas urbanas existentes e a implantación de infraestruturas, dotacións e accesos aos areais.

Polo tanto, é preciso que o PXOM leve a cabo un diagnóstico detallado de cada área e especifique os obxectivos concretos para elas, o que servirá de guía para o plan especial e permitirá verificar se a delimitación proposta, as ordenanzas e os parámetros dos desenvolvementos propostos son congruentes cos ditos obxectivos.

Finalmente, lémbrase que o POL establece a necesidade da elaboración dun estudo de impacto e integración paisaxística para as áreas de recualificación co obxecto de garantir os obxectivos sinalados para elas no citado artigo 71.

4.2 Criterios xerais

No título II da normativa do POL formúlanse os criterios xerais que todo ordenamento urbanístico deberá ter en conta e integrar no modelo proposto. Isto leva consigo, con carácter previo á formulación das determinacións concretas, o recoñecemento dos valores naturais, paisaxísticos, culturais existentes a preservar e potenciar. En consecuencia, o PXOM deberá xustificar a integración dos criterios xerais contidos no Título II da normativa do POL, no que se refire ós diferentes aspectos o medidas que teñan en conta para a consecución dos obxectivos marcados en relación ao patrimonio natural (art.20), patrimonio cultural (art. 21), sociedade e economía (art.22), mobilidade (art. 23), enerxía (art. 24), cambio climático (art. 25), atmosfera (art.26), ciclo hídrico (art.27), ciclos de materiais (art. 28), turismo (art. 30), recursos xeolóxicos (art. 31). En particular terase en conta para a formulación dos ámbitos de crecemento e nova ocupación de solo as cuestións de conformidade co establecido nos artigos 29 e 32 da normativa do POL.

4.3 Normas xerais

Usos. Solo Rústico

Co fin de posibilitar a aplicación correcta da regulación dos usos do POL, o PXOM debe incorporar na normativa a regulación do POL nas súas diferentes áreas. Suxírese que se recolla nos planos de clasificación do solo as delimitacións das áreas do POL, co obxecto poder identificar simultaneamente a regulación de usos correspondente a cada instrumento.

Desenvolvementos urbanísticos

Os desenvolvementos urbanísticos deberán xustificarse en función da necesidade de crecemento municipal (determinacións 3.1.2 e 3.1.4 das DOT) e preservar os espazos de menor impacto ambiental e visual. Neste sentido lémbrase á necesidade de motivar as previsións e demandas previstas no PXOM ao mesmo tempo de adecuar a programación á consolidación dos espazos intersticiais con carácter previo a ao ocupación de novos solos.

Solo Urbano non consolidado

O PXOM unicamente prevé, no ámbito do POL, os dous sectores de solo urbano non consolidado, o UU-R53 e o UU-R54, na contorna da Praia de Razo, dentro do ámbito que se fixo mención anteriormente no apartado dedicado ás áreas de recualificación.

UU-R53 (RAZO)


UU-R53
S-R26
UU-R54


S-RM
UU-R54

UU-R54 (RAZO)


UU-R53
S-R26
SU-NC
SU-NC
UU-R54


UU-R53
S-RM





Como se ten indicado, as actuacións dentro das áreas de recualificación deben de limitarse a dar coherencia ao existente, evitando propiciar crecementos a partir deles (artigo 71.3 da normativa do POL). Ditas actuacións serán determinadas polo instrumento axeitado segundo a lexislación urbanística.

Aínda que nas fichas contidas no PXOM destes sectores indícase que o seu desenvolvemento queda condicionado ás determinacións do plan especial do ámbito de recualficación de Razo, o certo é que as propias fichas conteñen determinacións concretas (uso característico de vivenda unifamiliar ata un máximo de 57 unidades na R-53 e 104 na R-54 e implantación dun cámping) que poden deixar sen contido ao plan a redactar posteriormente.

Por conseguinte, entendéndose posible o completamento da trama urbana, aínda que feble, que de xeito espontáneo foi aparecendo en Razo, o PXOM debe remitir identificar os obxectivos concretos derivados da análise do ámbito que deberán plasmarse, para as distintas clases de solo que se delimitan, nas determinacións urbanísticas destes.

Neste ámbito, derivado da súa situación lindante coa rede de espazos naturais, na fronte costeira, na confluencia de tres corredores ecolóxicos e ao bordo da lagoa de Baldaio, resulta preciso obxectivar as actuacións necesarias para acadar os obxectivos marcados no ISA en coherencia co POL; en particular cómpre analizar a ferramenta mais axeitada para a dotación dunha fachada marítima de calidade, para a consecución de espazo público vertebrador de todo o ámbito, permeable cara a costa e contenedor dos equipamentos que se precisen. Así mesmo, como elemento de rexeneración ambiental, o PXOM debe avaliar a viabilidade da integración e continuidade dos corredores ecolóxicos identificados na trama urbana a completar, dado que aínda existen en estado natural os cauces na meirande parte do seu recorrido ata a desembocadura.

Asemade, lémbrase a necesidade, derivada do disposto na normativa do POL, de elaborar un estudo de impacto e integración paisaxística para o desenvolvemento da área de recualificación.

En todo caso, na ficha do desenvolvemento debe indicarse a necesidade de observar as normas xerais que para todos os desenvolvementos urbanísticos se especifican no artigo 61 da normativa do POL.

Solo Urbanizable

No ámbito do POL o PXOM contempla dous sectores de solo urbanizable delimitado, tamén na contorna de Razo: o S-R26 e o S-R27, dentro da área de mellora ambiental e paisaxística do POL.

S-R26 (RAZO)









S-R27 (RAZO)





Tendo en conta que en ambos os dous casos se está a propoñer o establecemento de crecementos sobre terreos baleiros, as delimitacións propostas polo PXOM non poden considerarse compatibles co disposto no artigo 71 do POL, respecto a que as actuacións nas áreas de recualificación han de limitarse a dar coherencia, estrutura e integrar ambiental, funcional e paisaxisticamente o existente.

Por outra parte, na área de mellora ambiental e paisaxística onde se sitúan ambos sectores o POL, no seu artigo 61, só contempla a posibilidade de novos desenvolvementos urbanísticos co obxecto de completar trama urbana existente ou para propiciar un crecemento desde un asentamento fundacional, aspectos que non se da nestes casos.

Por conseguinte ambos sectores considéranse incompatible cos principio e criterios do POL.

4.4 Normas complementarias

Praias e a súa contorna.

O POL identifica todas as praias do litoral de Galicia e as tipifica, en función da súa xénese, contorno, accesibilidade e intensidade de uso, en catro categorías : urbanas, periurbanas, rurais e naturais. Para cada un destes tipos establécense unhas normas que complementan ás restantes determinacións do POL. No concello de Carballo identificáronse as praias da Leira, Arnelas e Baldaio, coa consideración de praias rurais, e as do Razo e Pedra do Sal, como praias periurbanas.

O PXOM debe prestar especial atención á ordenación do contorno das anteriores praias, atendendo ás cuestións que expresan os artigos 82 a 91 da normativa do POL. Particularmente, de acordo co artigo 90, o PXOM debe realizar un estudo do cal deducir as necesidades de aparcamento e, en consecuencia, formular as oportunas solucións, acordes cos criterios que expresa o citado artigo. As necesidades referentes ás praias de Razo, Baldaio e Pedra do Sal deben ser tidas en conta na fixación dos obxectivos correspondentes á áreas de recualificación delimitadas.

Sendas

O POL (de acordo coa determinación 6.12 das DOT) propón a denominada Senda dos Faros, á que se refiren a disposición adicional segunda da normativa e o capítulo 3 do título IV "Modelo de

xestión"da memoria. Suxírese que o PXOM faga unha proposta para o treito da Senda dos Faros que atravesa o concello de Carballo, incorporando o seu trazado con carácter orientativo ata que se aprobe o plan ou plans especiais que desenvolvan esta senda, co obxecto de que o futuro desta non se vexa comprometido.

5 Conclusións

Do anteriormente exposto cabe extraer as seguintes conclusións:

- Debe completarse o estudo da paisaxe segundo o exposto no apartado 2.2.1.
- Debe incorporarse a delimitación e regulación dos núcleos de identidade litoral de Razo da Costa, Igrexario, Rebordelos, Castrillón e Leira en virtude do disposto no artigo 69.1 da normativa do POL, establecendo unha estratexia para a súa conservación, potenciación e, en xeral, a aplicación dos principios que se sinalan no artigo 42 da mesma normativa para estes núcleos. Suxírese a elaboración dunha ficha para cada núcleo.
- É preciso incluír a elaboración dun diagnóstico e fixación de obxectivos concretos para as áreas de recualificación de Razo e Pedra do Sal, segundo o indicado no punto 4.1.3.
- Incorporarase a regulación de usos do POL dentro do solo rústico delimitado polo PXOM.
- Os desenvolvementos de solo urbanizable delimitado SR-26 e SR-27 considéranse incompatibles co modelo territorial do POL, polas razóns expostas no punto 4.4.
- Incorporarase a identificación e cualificación das praias, segundo se establece no apartado 4.5.

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2012

A xefa do Servizo de Ordenación Territorial

Encarnación Nieto Zas

A subdirectora xeral de Paisaxe e Territorio

María Dolores Méndez Torres

Visto e conforme.
O director xeral de Sostibilidade e Paisaxe

Manuel Borobio Sanchiz

concello de CARBALLO

ANEXO 2
RESUMO DOS INFORMES RECIBIDOS Ó DOCUMENTO APROBADO INICIALMENTE

RESUMO DOS INFORMES RECIBIDOS Ó DOCUMENTO APROBADO INICIALMENTE

A continuación faise un resumo dos informes recibidos despois da aprobación inicial do PXOM.

A solicitude de informes fíxose dende o concello coincidente coa exposición pública do documento de aprobación inicial do PXOM en febreiro de 2013 e moitas das solicitudes de informe reiteráronse no mes de novembro de 2013 ante a falta de moitos deles. Cabe salientar de forma xenérica que existen informes emitidos que sobre pasaron, algúns de forma desproporcionada, os prazos legais para a súa emisión.

INFORMES SECTORIALES PARA LA APROBACIÓN DE UN PLAN GENERAL EN GALICIA

AMINISTRACIÓN	PRECEPTIVO / VINCULANTE	PLAZO MÁX LEGAL	ENVÍO 1ª SOLICITUD	REITERACIÓN SOLICITUD	RECEPCIÓN DE INFORME	DATA DO INFORME
DOCUMENTO PARA INFORME PREVIO Á APROBACIÓN INICIAL						
MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, MEDIO RURAL Y MARINO. Dirección General de Costas		1 mes	28-10-2011		28-11-2011	22-11-2011
MINISTERIO DE FOMENTO. Dirección General de Aviación Civil	Vinculante	6 meses	23-8-2012		13-12-2012	5-12-2012
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS. Organismo Autónomo de Augas de Galicia	Preceptivo	2 meses	28-10-2011		5-12-2011	29-11-2011
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS. Secretaria Xeral de Ordenación del Territorio e Urbanismo (en materia de costas)		2 meses	28-10-2011		6-2-2012	3-2-2012
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS. Secretaria Xeral de Ordenación del Territorio e Urbanismo (en materia de		2 meses	28-10-2011		6-2-2012	3-2-2012
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS. Axencia Galega de Infraestruturas	Vinculante	1 mes	28-10-2011		09/04/2012 e	10-12-09 e 30-3-2012
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS. Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe			28-10-2011		13-2-2012	2-2-2012
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA. Servizo de estradas	Vinculante	1 meses	28-10-2011		-	-
CONCELLO. Servizos técnicos e xurídicos municipais						27-10-2011
PREVIOS A APROBACIÓN INICIAL						
CONCELLO. Servizos técnicos						21-12-2012
CONCELLO. Servizos xurídicos						21-12-2012
CONCELLO. Intervención						27-12-2012
CONCELLO. Secretario						20-12-2012
* DR do 7-12-10 (recibido o 14-12-10): Ile acompañan informe de Augas de Galicia, da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental sobre a xestión de residuos, Dirección Xeral do Patrimonio Cultural. Consellería de Cultura e Turismo, e da Cámara Oficial Mineira de Galicia.						
DESPUÉS DE LA APROBACIÓN INICIAL (10-1-2013)						
ADMINISTRACIÓN DEL ESTADO						
MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE. Subdirección General de Dominio Público Marítimo Terrestre	Preceptivo	2 mes	18-2-2013		13-5-2013	6-5-2013
MINISTERIO DE FOMENTO. Dirección General de Aviación Civil	Vinculante	2 meses	18-2-2013		22-4-2013	16-4-2013
MINISTERIO DE HACIENDA Y ADMINISTRACIONES PÚBLICAS. Delegación de economía e facenda en Galicia-A Coruña. Sección do Patrimonio do Estado			18-2-2013		21-3-2013	19-3-2013
MINISTERIO DE INDUSTRIA, ENERGÍA Y TURISMO. Secretaría de Estado de Energía. Dirección General de política energética y minas	Preceptivo	1 mes	18-2-2013		21-3-2013	19-3-2013
MINISTERIO DE INDUSTRIA, ENERGÍA Y TURISMO. Dirección General de telecomunicaciones y tecnologías de la información. Subdirección General de redes y operadores de telecomunicaciones	Preceptivo	1 mes	18-2-2013		27-3-2013	20-3-2013
MINISTERIO DE DEFENSA. Delegación de defensa en Galicia			18-2-2013	13-11-2013	11-12-1013	9-12-2013
DELEGACIÓN DEL GOBIERNO EN GALICIA	Preceptivo	1 mes	18-2-2013			
COMUNIDAD AUTÓNOMA						
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS. Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental			18-2-2013		29-4-2013	25-4-2013
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS. Secretaria Xeral de Ordenación do territorio e urbanismo (en materia de costas)	Vinculante (en ámbitos POL)	2 meses (en ámbitos POL)	18-2-2013		29-4-2013	23-4-2013
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS. Dirección Xeral de Mobilidade			18-2-2013	13-11-2013		
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS. Dirección Xeral de Conservación da Naturaleza			18-2-2013	13-11-2013	26-12-2013	12-12-2013
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS. Organismo Autónomo de Augas de Galicia			18-2-2013	13-11-2013	3-12-2014	1-12-2014
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS. Organismo Autónomo Instituto de Estudos do Territorio			18-2-2013		16-12-2013	9-12-2013
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS. Axencia Galega de Infraestruturas	Vinculante	1 mes	18-2-2013		10-7-2013 23-9-2014	4-7-2013 16-9-2014
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA. Dirección Xeral de Patrimonio Cultural	Vinculante	1 mes	18-2-2013	13-11-2013	17-6-2014	16-6-2014
CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E DO MAR. Portos de Galicia			18-2-2013		26-5-2014	20-5-2014
CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E DO MAR. Departamento Territorial de A Coruña. Servizo de montes e industrias forestais			18-2-2013		5-4-2013	18-3-2013
CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E DO MAR. Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural			18-2-2013			13-3-2013
DELEGACIÓN TERRITORIAL DA CORUÑA. Xefatura territorial da Consellería de Economía e Industria	Preceptivo	1 mes	18-2-2013	13-11-2013	27-12-2013	17-12-2013
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTICIA. Dirección Xeral de emerxencias e interior.	Preceptivo	1 mes	18-2-2013	13-11-2013		
ADMINISTRACIÓN LOCAL						
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA (en materia de carreteras)		1 mes			18-10-2013	14-8-2013
CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS	Preceptivo	1 mes				
CONCELLO DE PONTECESO	Preceptivo	1 mes				
CONCELLO DE CORISTANCO	Preceptivo	1 mes				
CONCELLO DE TORDOIRA	Preceptivo	1 mes				
CONCELLO DE CERCEDA	Preceptivo	1 mes				
CONCELLO DE LARACHA	Preceptivo	1 mes				
CONCELLO DE ARTEIXO	Preceptivo	1 mes				
PÚBLICO INTERESADO						
FEDERACIÓN ECOLOXISTA GALEGA	Preceptivo	1 mes				
ASOCIACIÓN PARA A DEFENSA ECOLÓXICA DE GALICIA	Preceptivo	1 mes				
ASOCIACIÓN GALICIA NON SE VENDE	Preceptivo	1 mes				
ASOCIACIÓN ECOLOXISTA VERDEGAIA	Preceptivo	1 mes				
ASOCIACIÓN ECOLOXISTA AMIGOS DA TERRA	Preceptivo	1 mes				
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DO BARRIO DE SAN CRISTOVO DE CARBALLO	Preceptivo	1 mes				
ASOCIACIÓN AMBIENTAL SENDA NOVA	Preceptivo	1 mes				
ASOCIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DA COMARCA DE BERGANTIÑOS	Preceptivo	1 mes				
GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA COSTA DA MORTE	Preceptivo	1 mes				
CÁMARA OFICIAL MINEIRA DE GALICIA	Preceptivo	1 mes				
FUNDACIÓN GALICIA SUSTENTABLE	Preceptivo	1 mes				

Temos que remitirnos neste punto a sentencia STS 7922/2011 do Tribunal Supremo de 24 de Novembro de 2011 en relación a anulación do PXOM de Boiro pola falta do informe de Patrimonio Cultural de Galicia, que en su fundamento de dereito número CUARTO, punto cuarto di:

4º) La sentencia recurrida anuló el acuerdo por el que se aprobaba el Plan General basándose en la ausencia del citado Informe, sin tener en cuenta que el mismo había sido solicitado, infringiendo con ello lo dispuesto en el artículo 83 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Pública y del Procedimiento Administrativo Común, en el que se establece que *"si el informe debiera ser emitido por una Administración Pública distinta de la que tramita el procedimiento en orden a expresar el punto de vista correspondiente a sus competencias respectivas, y transcurriera el plazo sin que aquél se hubiera evacuado, se podrán proseguir las actuaciones.* ***El informe emitido fuera de plazo podrá no ser tenido en cuenta al adoptar la correspondiente resolución****".*
A citada sentencia conclúe: ***"… Sin que se pueda declarar la nulidad del acuerdo impugnado por ausencia del Informe de la Consejería de Cultura…"***

Aínda que algún dos informes recibidos coincidiron coa redacción xa moi avanzada do PXOM e nalgún caso incluso co documento xa practicamente rematado, o equipo redactor fixo un esforzo para incluír as determinacións dos informes no presente documento.

1. ADMINISTRACIÓN DO ESTADO

MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE
SECRETARÍA DE ESTADO DE MEDIO AMBIENTE
DIRECCIÓN GENERAL DE SOSTENIBILIDAD DE LA COSTA Y DEL MAR
SUBDIRECCIÓN GENERAL DE DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO TERRESTRE

Carácter do informe: **FAVORABLE**

Modificacións solicitadas:

1. Plan especial PE2: excluír do seu ámbito os terreos de dominio público; reubicar o equipamento deportivo fora do dominio público e da súa servidume de protección; establecer a necesidade de que o instrumento de planeamento que o desenvolve se remita á Demarcación de Costas de Galicia, para a emisión do informe que dispoñen os artigos 112.a) e 117 da Lei de Costas.

2. Sector de solo urbanizable industrial en Razo (atópase totalmente afectado pola zona de influencia de 500 metros): a densidade de edificación do sector (m2/m2) deberá ser inferior á media do solo urbanizable delimitado do municipio, calquera que sexa a súa cualificación urbanística, en cumprimento do disposto no artigo 30 da Lei de Costas e 58 do seu Regulamento.

Modificacións realizadas no documento:

1. En primeiro lugar establecer que o Plan Especial previsto na zona de Razo, o PE2, excluíuse do seu ámbito todos os terreos pertencentes ao DPMT.

2. No caso do citado sector de uso industrial en Razo, aclarar que non hai ningún desenvolvemento de uso industrial previsto na zona costeira. O único sector de solo urbanizable dentro da zona de influencia está en Arnados, o S-R12, un sector de solo urbanizable delimitado en base á Disposición Transitoria 13ª, de uso residencial; polo que este aspecto do informe debe tratarse dun erro na interpretación do plano.

MINISTERIO DE FOMENTO
SECRETARÍA DE ESTADO DE INFRAESTRUCTURAS, TRANSPORTE Y VIVIENDA
SECRETARÍA GENERAL DE TRANSPORTE
DIRECCIÓN GENERAL DE AVIACIÓN CIVIL

Carácter do informe: **FAVORABLE**

Modificacións solicitadas:

Solicita a inclusión na Normativa de que as construcións ou instalacións previstas (incluídos tódolos seus elementos como antenas, pararraios, chemineas, equipos de aire acondicionado, caixas de ascensores, carteis, remates decorativos, etc.), modificacións do terreo ou obxecto fixo (postes, antenas, carteis, aeroxeneradores, incluídas palas, etc.) no poderán superar os 100 metros de altura sobre o terreo. En caso de que as construcións ou instalacións previstas, incluídos tódolos seus elementos (como antenas, pararraios, chemineas, equipos de aire acondicionado, caixas de ascensores, carteis, remates decorativos, etc.), incluídos os guindastres de construción e similares, superasen os 100 metros de altura sobre o terreo, requirirase informe vinculante da Dirección General de Aviación Civil.

Modificacións realizadas no documento:

Introdúcese no artigo "Afeccións do Sistema Aeroportuario", o parágrafo seguinte:

B. OUTRAS LIMITACIÓNS XENÉRICAS.

Independentemente das limitacións establecidas polo aeroporto de Santiago, a execución de calquera construción ou estructura (postes, antenas, muíños de vento e palas destes, ...) e a instalación dos medios precisos para a súa construción, que supere unha altura de 100 m sobre a rasante do terreo, requirirá resolución favorable da Dirección Xeral de Aviación Civil, conforme os artigos 29 e 30 do Decreto sobre Servidumes Aeronáuticas, ou os que regulamentariamente os substitúan.

MINISTERIO DE HACIENDA Y ADMINISTRACIONES PÚBLICAS
DELEGACIÓN DE ECONOMÍA Y HACIENDA EN GALICIA-A CORUÑA
SECRETARÍA GENERAL. SECCIÓN DEL PATRIMONIO DEL ESTADO

Carácter do informe: **FAVORABLE**

Modificacións solicitadas:

Casa cuartel da Garda Civil: sito na C/ Gran Vía nº 91, con referencia catastral 5551221NH2855S0001RI. Recoñecerlle un aproveitamento lucrativo (edificabilidade e uso) igual ó do seu entorno.

Modificacións realizadas no documento:

O plan inclúe a Casa Cuartel da Garda Civil como sistema xeral de equipamento público, polo que resúltalle de aplicación a "Ordenanza zonal 8. Equipamentos" definida na Normativa no Plan, norma que define a edificabilidade (2 m^2/m^2) e uso (equipamentos) permitidos na parcela.

Esta parcela, ao igual que o resto dos sistema xerais, non ten aproveitamento lucrativo.

MINISTERIO DE INDUSTRIA, ENERGÍA Y TURISMO
SECRETARIA DE ESTADO DE ENERGÍA
DIRECCIÓN GENERAL DE POLÍTICA ENERGÉTICA Y MINAS

Carácter do informe: **NON SE INDICA**. Consiste nun resumo da normativa sectorial vixente.

Modificacións solicitadas:

1. Introducir no marco legal a seguinte normativa:

- Lei 54/1997, de 27 de novembro, do sector eléctrico
- Lei 34/1998, de 7 de outubro, do sector de hidrocarburos
- Lei 13/2003, de 23 de maio, reguladora de concesión de obras públicas
- Real Decreto 2819/1998, de 23 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte e distribución de enerxía eléctrica
- Real Decreto 1955/2000, de 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica
- Real Decreto 222/2008, de 15 de febreiro, polo que se establece o réxime retributivo da actividade de distribución de enerxía eléctrica
- Real Decreto 325/2008, de 29 de febreiro, polo que se establece a retribución da actividade de transporte de enerxía eléctrica para instalacións postas en servizo a partir do 1 de xaneiro de 2008.

Modificacións realizadas no documento:

Inclúese na Normativa un novo apartado dedicado á regulación do sector de hidrocarburos, no que se recolle, entre outras, a lexislación de aplicación.

Así mesmo, procédese a actualizar a lexislación citada no informe, coa excepción do Real Decreto 2819/1998, de 23 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte e distribución de enerxía eléctrica, e o Real Decreto 325/2008, de 29 de febreiro, polo que se establece a retribución da actividade de transporte de enerxía eléctrica para instalacións postas en servizo a partir do 1 de xaneiro de 2008, por estar derrogadas. Non obstante mencionar que calquera nova norma que se aprobe, que modifique ou substitúa ás citadas, estea ou non incorporada na documentación do Plan, resultará de aplicación no termo municipal, como non podería ser doutro xeito.

MINISTERIO DE INDUSTRIA, ENERGÍA Y TURISMO
SECRETARIA DE ESTADO DE TELECOMUNICACIONES Y PARA LA SOCIEDAD DE LA INFORMACIÓN
DIRECCIÓN GENERAL DE TELECOMUNICACIONES Y TECNOLOGÍAS DE LA INFORMACIÓN
SUBDIRECCIÓN GENERAL DE REDES Y OPERADORES DE TELECOMUNICACIONES

Carácter do informe: **NON SE INDICA**. Dí que "non está aliñado coa lexislación vixente".

Modificacións solicitadas:

Modificar a Normativa nos seguintes puntos:

1. Introducir no marco legal a seguinte normativa: Real Decreto-Lei 1/1998, de 27 de febreiro, sobre infraestructuras comúns nos edificios para o acceso ós servizos de telecomunicación, Lei 32/2003, de 3 de novembro, Xeral de Telecomunicacións, Real Decreto 346/2011, de 11 de marzo, polo que se aproba o Regulamento regulador das infraestructuras comúns de telecomunicacións para o acceso ós servizos de telecomunicación no interior das edificacións, Orde ITC/1644/2011, de 10 de xuño, pola que se desenvolve o Regulamento regulador das infraestructuras comúns de telecomunicacións para o acceso ós servizos de telecomunicación no interior das edificacións, aprobado polo Real Decreto 346/2011, de 11 de marzo, Orde ITC/3538/2008, de 28 de novembro, pola que se aproba o modelo de comunicación á Comisión do Mercado das Telecomunicacións da normativa que afecte ó dereito de ocupación do dominio público e privado para a instalación de redes públicas de comunicacións electrónicas.

2. Recomenda non limitar a instalación de antenas no casco urbano, e simplemente facer referencia á lexislación ó respecto: Recomendación 1999/519/CE do Consello, de 12 de xullo, relativa á exposición do público en xeral a campos electromagnéticos, Real Decreto 1066/2001, de 28 de setembro, polo que se aproba o Regulamento que establece condicións de protección do dominio público radioeléctrico, restricións ás emisións radioeléctricas e medidas de protección sanitaria fronte a emisións radioeléctricas, Real Decreto 424/2005, de 15 de abril, polo que se aproba o Regulamento sobre as condicións para a prestación de servizos de comunicacións electrónicas, o servizo universal e a protección dos usuarios.

3. Impacto visual: facer referencia ás medidas incluídas no Código de Boas Prácticas para a instalación de Infraestructuras de Telefonía Móbil, subscrito pola Federación Española de Municipios e Provincias e a Asociación de Empresas de electrónica, tecnoloxías da información e telecomunicacións de España (AETIC, actualmente AMETIC).

Modificacións realizadas no documento:

Incorpórase na Normativa do Plan a lexislación citada.

MINISTERIO DE DEFENSA
SUBDELEGACIÓN DE DEFENSA DE LA CORUÑA. ÁREA DE PATRIMONIO

Carácter do informe: **NON SE INDICA**.

Modificacións solicitadas:

Ningunha.

2. ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
SECRETARIA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL

Carácter do informe: **NON SE INDICA**.

Modificacións solicitadas:

Estructura:

- Apartado dedicado á determinación do ámbito de influencia, debería ser o primeiro apartado do ISA.

Planos:

- Incluír os seguintes planos do Estudo do Medio Rural: Usos do solo, Mapa de riscos, Aptitude agrolóxica do solo.
- Modificar os planos 02.1, 02.2, 02.3 e 3: as tramas que representan as diferentes categorías de solo son demasiado similares, a escala demasiado grande e hai demasiada información no plano.
- Plano "01. Condicionantes ambientais", agrupa nunha mesma categoría varios espazos naturais que deben ter unha representación individualizada. Ademais hai que incluír unha análise supramunicipal de conectividade.

Contido:

1. Zonificación acústica:

- Indicar para as áreas F e G os índices de ruído (art. 233 da Normativa).
- O plano SV-06 (está a escala 1/20.000) facelo a escala 1/5.000 (art. 5.4 do RD 1367/2007).
- Identificar e analizar as zonas de conflicto existentes entre áreas lindantes.

2. Determinación do ámbito de influencia do planeamento:

- Considerar que Carballo é a cabeceira da área "Carballo e a costa de Bergantiños" (DOT).
- Analizar as relacións municipais e supramunicipais segundo o sistema de asentamentos das DOT.
La Comisión Sectorial para el Despliegue de Infraestructuras de Radiocomunicación, en la sesión constitutiva del día 15 de julio de 2004, acordó la creación de un grupo de trabajo cuya misión es analizar los procedimientos existentes (trámites, requisitos, plazos, etc.) y diseñar un procedimiento de referencia para el despliegue de infraestructuras de radiocomunicaciones que, respetando las competencias de cada Administración Pública, facilite y agilice la tramitación administrativa necesaria para llevar a cabo dicho despliegue[3].

Una vez que el citado Grupo de Trabajo ha analizado el conjunto de procedimientos y trámites que las distintas Administraciones Públicas vienen aplicando en el despliegue de infraestructuras de red de radiocomunicación y ha extraído las oportunas conclusiones sobre el mismo, y en línea con el objetivo de que el procedimiento de instalación de las infraestructuras de red de radiocomunicaciones sea lo más ágil y rápido posible, de aprobar un régimen jurídico uniforme en esta materia y generar seguridad y certidumbre jurídica en las Administraciones Públicas, operadores de telecomunicaciones y ciudadanía en general, la Comisión Sectorial para el Despliegue de Infraestructuras de Radiocomunicación aprueba el siguiente procedimiento administrativo de referencia:

- Paso 1:

  Aprobación del proyecto técnico de telecomunicaciones, conjuntamente con el estudio de niveles de exposición radioeléctrica y proyecto de instalación de señalización.

---

[3] El procedimiento será de aplicación en todo aquello que no se oponga a lo dispuesto en la Ley 12/2012, de 26 de diciembre, de medidas urgentes de liberalización del comercio y de determinados servicios, que establece en su Disposición Adicional Tercera que las disposiciones contenidas en el Título I de dicha Ley 12/2012 se aplicarán a las estaciones o instalaciones radioeléctricas utilizadas para la prestación de servicios de comunicaciones electrónicas disponibles para el público, a excepción de las siguientes:

- aquéllas en las que concurran las circunstancias referidas en el artículo 2.2 de dicha Ley, es decir, que tengan impacto en el patrimonio histórico-artístico o en el uso privativo y ocupación de los bienes de dominio público.
- cuando ocupen una superficie superior a 300 metros cuadrados, computándose a tal efecto toda la superficie incluida dentro del vallado de la estación o instalación.
- tratándose de instalaciones de nueva construcción, cuando tengan impacto en espacios naturales protegidos.

De acuerdo con lo expuesto, a este tipo de estaciones o instalaciones no se les podrá exigir la obtención de licencia previa de instalaciones, de funcionamiento o de actividad, ni otras de clases similares o análogas que sujeten a previa autorización el ejercicio de la actividad comercial a desarrollar o la posibilidad misma de la apertura del establecimiento correspondiente. Las licencias previas que no puedan ser exigidas, serán sustituidas por declaraciones responsables, o bien por comunicaciones previas.

C/ CAPITÁN HAYA, 41.
28071 MADRID

FAX:91 346 26 43

FIRMADO por : JOSE ANGEL GARCIA CABRERA, SUBDIRECTOR / SUBDIRECTORA GENERAL de S.G. DE REDES Y OPERADORES DE TELECOMUNICACIONES (MINETUR). A fecha : 13/03/2013 10:02:19
Este documento se ha almacenado en el Archivo de Constancias Electrónicas (ARCE) del MINETUR, accesible desde www.minetur.gob.es/arce, con Código de Consulta y Verificación 1557280-59859374WEOIGL5YN90W
El documento consta de un total de 12 folios. Folio 12 de 12.

Administración: Estado

Plazo para resolver: 1 mes

- Paso 1 bis (puede ser simultáneo al anterior):

  Otorgamiento de una licencia urbanística única que incluya la licencia de obras, instalación y actividad.[4]

  Administración: Ayuntamiento

  Plazo para resolver: 3 meses

- Paso 2:

  Una vez que se ha concedido la licencia urbanística única y se han realizado las obras e instalados lo equipos oportunos, debe obtenerse la inspección favorable de las instalaciones conforme con el proyecto técnico de telecomunicaciones.

  Administración: Estado

  Plazo para resolver: 3 meses

- Paso 3:

  Una vez que el operador aporte al Ayuntamiento el acta de inspección favorable del paso anterior, debe obtenerse la licencia de funcionamiento.[5]

  Administración: Ayuntamiento

  Plazo para resolver: 15 días

DURACIÓN TOTAL: 6,5 meses

[4] Ver nota a pie de página anterior.
[5] Ver nota a pie de página anterior.

C/ CAPITÁN HAYA, 41.
28071 MADRID

FAX:91 346 26 43

OTM
Secret.

MINISTERIO
DE DEFENSA

SUBDELEGACIÓN DE DEFENSA
EN A CORUÑA
AREA DE PATRIMONIO
09 DIC. 2013
Nº DD-4K1520-S 9479
SALIDA

SUBSECRETARIA DE DEFENSA
SECRETARIA GENERAL TÉCNICA

SUBDELEGACIÓN DE DEFENSA DE LA CORUÑA
AREA DE PATRIMONIO

O F I C I O

S/REF.:

N/REF.: PAT/ 02/13 PXOM

FECHA: A Coruña 09 de diciembre de 2013

ASUNTO: RTDO. INFORME PXOM DE CARBALLO

DESTINATARIO: CONCELLO DE CARBALLO
PRAZA DO CONCELLO S/N
15100 – CARBALLO
A CORUÑA

CONCELLO DE CARBALLO
N.º Rexistro: 17203
DATA: 11 DEC. 2013
ENTRADA

En contestación a su escrito de fecha 13/11/2013 relativo a la aprobación inicial del Plan General de Ordenación Municipal de ese municipio, esta Área de Patrimonio de la DD en Galicia - Ministerio de Defensa, le informa que en dicho ámbito de actuación no se tiene constancia por ésta Área de la existencia de bienes afectados ó desafectados a la Defensa y susceptibles de informe en virtud de la disposición adicional 2ª del R.D.L.2/2008 del 20 de junio por4 el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley del Suelo, quedando a su entera disposición.

EL JEFE DE PATRIMONIO

Luis Seselle Balcells

CORREO ELECTRÓNICO
invied.acoruna@oc.mde.es

C/Avda. Alférez Provisional nº 15
15003. La Coruña
Tfno.s 981.126636./.37./.38
Fax. 981126639
RCTM. 8866836
Móvil 650029700

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
http://www.cmati.xunta.es

galicia

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Data 26/04/2013 10:39:47
SAÍDA 5306 / RX 266834

Sr. Alcalde do Concello de Carballo
Colon, s/n
15100 Carballo (A Coruña)

ASUNTO: avaliación ambiental estratéxica. Informe sobre a calidade do ISA

CONCELLO DE CARBALLO
N.º Rexistro: 6199
DATA: 29 ABR. 2013
ENTRADA

Nome do plan: Plan xeral de ordenación municipal
Órgano promotor: Concello de Carballo
Código: 1142/2010

Achégolle o informe sobre a calidade do ISA (informe de sustentabilidade ambiental) relativo ao Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Carballo (A Coruña).

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2013

Carlos Calzadilla Bouzón
Subdirector xeral de Avaliación Ambiental

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

San Lázaro s/n
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 957 672 Fax.: 981 541 048
http://www.cmati.xunta.es

galicia

INFORME SOBRE A CALIDADE DO INFORME DE SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL (ISA)

Nome do plan: Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Carballo
Órgano promotor: Concello de Carballo
Código: 1142/2010

1. ANTECEDENTES

- Con data de 07.12.2010 a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental como órgano ambiental, emite o Documento de referencia (DR) do Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) do Concello de Carballo (en diante Plan) dentro do procedemento de avaliación ambiental estratéxica. Neste documento, de acordo ao recollido no artigo 8 da Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente, establécese a amplitude, o nivel de detalle e o grao de especificación que debe conter o Informe de sustentabilidade ambiental (ISA) que debe elaborar o órgano promotor do Plan, incluíndo os criterios ambientais estratéxicos, os indicadores dos obxectivos ambientais e os principios de sustentabilidade aplicables. Así mesmo, establece as modalidades de información e consulta e identifica ás Administracións públicas afectadas e ao público interesado, entre as que se atopa a Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental en canto á calidade do ISA.
- Aprobado inicialmente o PXOM por acordo do Pleno do Concello de 10.01.2103, o Plan (incluído o ISA) sométese ao proceso de información pública e consultas por un prazo de dous meses tras a publicación do correspondente anuncio no DOG núm.15 de 22.01.2013.
- Con data de 20.02.2013 recíbese na Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental a documentación do Plan remitida polo Concello de Carballo solicitando a emisión do informe de calidade do ISA.
- Á vista da documentación recibida emítese o presente informe co obxecto de avaliar o grao de adecuación da estrutura e contido do ISA ao establecido no DR.

2. CONSIDERACIÓNS

A documentación presentada está composta por: memoria, estudo do medio rural, análise do modelo de asentamento poboacional, informe de sustentabilidade ambiental, planos de información urbanística, planos de ordenación, normativa, fichas de desenvolvemento, estratexia de actuación, estudo económico, catálogo de protección e ordenación detallada.

A data de elaboración do ISA é de decembro de 2012 e o equipo redactor deste documento está formado, entre outros, por cinco arquitectos e dous enxeñeiros agrónomos.

O ISA inclúe como anexos o Documento de referencia elaborado por este órgano ambiental e o Estudo da paisaxe.

A cartografía que acompaña ao ISA consta de cinco planos: 01 Condicionantes ambientais, 02.1 Análise de alternativas. Alternativa 0, 02.2 Análise de alternativas. Alternativa 1, 02.3 Análise de alternativas. Alternativa 2 e 03 Análise da alternativa proposta.

Avaliada a estrutura, contido e nivel de detalle do ISA presentado, e de acordo coas determinacións do apartado 6 do DR, é necesario facer as seguintes observacións que se indican a continuación, respecto da súa estrutura e contido.

2.1. Estrutura

A estrutura do documento segue a orde lóxica do proceso de Avaliación ambiental estratéxica (AAE), axustándose formalmente ao establecido no epígrafe 6 do DR; se ben o apartado correspondente á determinación do ámbito de influencia do planeamento se desenvolve no punto 5.3, dentro do apartado correspondente a identificación e caracterización de efectos sobre o medio, cando debería constituír o primeiro apartado do ISA.

San Lázaro s/n
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 957 672 Fax.: 981 541 048
http://www.cmati.xunta.es

O documento conta a maiores co apartado "1 Antecedentes", no que se expoñen unhas consideracións acerca do histórico do planeamento no Concello de Carballo, ás necesidades de elaborar un Plan xeral de ordenación municipal e á tramitación do planeamento en elaboración.

2.2. Contido

Tendo en conta que o ISA deberá conter a información especificada no anexo I da Lei 9/2006, do 28 de abril, reflectida no DR, así como aquela que se considere razoablemente necesaria para asegurar a calidade do documento; considérase que o seu contido non se axusta, nalgúns apartados, ao requirido debendo adaptarse ás observacións que se recollan no presente informe.

No tocante á **cartografía** bótanse en falta varios planos que, a pesar de estar incluídos no Estudo de Medio Rural, deberían formar parte do ISA para que este poda constituírse como un documento individualizado do Plan. Entre os planos que debería incorporar o ISA estarían: o de usos do solo, o mapa de riscos (preceptivo polo artigo 15.2. do Real Decreto Lexislativo 2/2008, do 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Solo) ou o plano relativo á aptitude agronómica do solo.

En varios dos planos que acompañan ao ISA (02.1, 02.2, 02.3 e 3) a similitude das tramas empregadas para a representación das distintas categorías de solo urbano, urbanizable e de núcleo rural, xunto coa escala e o elevado contido de información, dificultan a súa interpretación polo que se deberán corrixir os citados planos.

O plano de **condicionantes ambientais** -01-, engloba baixo a mesma representación (outros espazos de interese natural) varios espazos de deberían gozar dunha representación individualizada, como sería o caso dos espazos de interese e os corredores identificados polo POL, a zona de policía dos cursos fluviais ou os humidais. Asemade, bótase un falta unha análise específica, de carácter supramunicipal, acerca da conectividade dos ecosistemas e biótopos, que integre os valores produtivos e a compoñente paisaxística, co fin de evitar o fraccionamento do solo rústico. Polo tanto deberá incorporarse a antedita análise segundo o disposto na determinación 7.2.3 das Directrices de Ordenación do Territorio (DOT).

O plano de **zonificación acústica** (SV-06), incluído dentro do tomo IV (Planos de ordenación e clasificación do territorio), identifica, a unha escala 1:20.000, as áreas acústicas A, B, C, D, E, F e G. As áreas F e G non teñen establecidos, nin no plano nin na normativa, os índices de ruído, os cales deberán ser indicados. Por outra banda, deberá valorarse a posibilidade de establecer como zona G os espazos delimitados ao longo do río Anllóns, en especial o do Plan especial PE3 "río Anllóns" zonificados como área A. Lémbrase que, de acordo ao establecido no artigo 5.4 do Real Decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, a "*área acústica estará definida graficamente polos límites xeográficos marcados nun plano da zona a escala mínima 1/5.000 ou ben por coordenadas xeográficas ou UTM de todos os vértices e realizarase nun formato xeocodificado de intercambio válido*".

A zonificación acústica debe completarse coa identificación e análise de todas as zonas de conflito xeradas entre áreas lindeiras, de uso predominante diferente, e con obxectivos de calidade acústica que difiran en máis de 5 dB(A). A este respecto prestarase especial atención ao:

- Solo urbanizable industrial delimitado S-I3, contigüo ao núcleo rural de O Sixto e a un equipamento educativo preexistente.
- Solo urbanizable terciario S-T2, contiguo ao núcleo de Carballo.
- Solo urbanizable S-R3 (con ordenación detallada) lindante co polígono industrial existente de Bértoa e ca proposta de solo urbanizable terciario S-T1.

Deberase diagnosticar a situación acústica destas áreas e valorar o impacto sonoro sobre elas, a fin de garantir o cumprimento dos obxectivos de calidade acústica para estas áreas e os aplicables o espazo interior habitable de edificacións do Anexo II do Real Decreto 1367/2007, do 19 de outubro. Para estas zonas de conflito deberase realizar un estudo acústico pormenorizado.

San Lázaro s/n
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 957 672 Fax.: 981 541 048
http://www.cmati.xunta.es

A continuación realízase unha análise mais en detalle do contido do ISA, incluíndo as observacións respecto ao nivel de detalle dalgúns apartados en coherencia coas determinacións sinaladas no DR.

En relación á determinación do ámbito de influencia do planeamento

Como xa se comentou, o desenvolvemento deste punto realizase no apartado 5.3 do ISA. Define una ámbito municipal para todas as variables, agás para a economía, para a que amplía o ámbito aos Concellos limítrofes.

Carballo e unha vila cabeceira da area "Carballo e a costa de Bergantiños", a cal forma parte do Sistema urbano intermedio definido polas DOT. Á vista disto, deberá considerarse esta realidade territorial á hora establecer o ámbito do Plan. Analizaranse os vínculos e relacións que se establecen a nivel municipal e supramunicipal, segundo o sistema de asentamentos definido nas DOT. A través desta análise definirase o ámbito de influencia para cada unhas das variables de sustentabilidade, que en moitos casos superará o ámbito territorial do Concello. Como podería ser o caso de variables como natureza (rede hidrográfica, fauna e flora), paisaxe, atmosfera ou o patrimonio.

En relación á análise obxectiva do ámbito do Plan e da súa contorna

O contido deste epígrafe desenvólvese no apartado 2 do ISA. Nel lévase a cabo unha análise socioeconómica e unha caracterización ambiental do Concello; unha análise da normativa e daqueles plans, programas e estratexias relacionados co Plan. Sobre os aspectos abordados neste punto realízanse as consideracións que se expoñen a continuación.

- **Análise obxectiva da situación actual**

Constitúe o apartado 2, contén unha descrición do Concello de Carballo en canto ao medio físico, o medio biótico, o, medio social, o sector económico, as infraestruturas, instalacións e servizos urbanísticos existentes e as zonas de importancia ambiental.

No tocante ao **medio biótico**, o ISA realiza unha breve descrición da flora e fauna do Concello, presentando –apartado 2.2.3- un catálogo das especies protexidas con presenza no ámbito recollidas por fontes oficiais (SITEB, Consellería do Medio Rural), facendo indicación da categoría de protección establecida para cada unha delas, considerando tanto a normativa europea (Directiva Aves 2009/147/CE, de 30 de novembro e Directiva Hábitats 92/43/CEE, de 21 de maio), a estatal (Real Decreto 139/2011, do 4 de febreiro) como a autonómica (Decreto 88/2007, do 19 de abril).

O estudo do **medio social** presenta unha caracterización do ámbito en canto á demografía, modelo de asentamento poboacional e patrimonio cultural. Considérase axeitado a forma de presentar a información deste apartado, os datos están suficientemente actualizados e a análise realizada axústase á realidade do Concello.

O documento aborda de xeito efectivo a análise da **economía** de Carballo, analizando a evolución e situación actual dos sectores de actividade con representación no Concello.

As infraestruturas municipais (rede viaria, rede eléctrica, rede de abastecemento, rede de saneamento), telecomunicacións, xestión de residuos, equipamentos existentes e as actuacións previstas son descritas no apartado 2.5 do ISA, mentres que a súa representación cartográfica se recolle nos planos de información do Plan, cuestión que deberá ser incorporada á cartografía do ISA.

No tocante ás zonas de importancia ambiental –apartado 2.6-, o ISA identifica axeitadamente os **espazos naturais** incluídos na Rede Natura 2000 (ZEPA-ZEPVN Costa Morte (norte), LIC-ZEPVN Costa da Morte e LIC-ZEPVN Río Anllóns). A súa representación cartográfica reflíctese no ISA no plano 01 -Condicionantes ambientais- e no plano MR-10a do Estudo do Medio Rural.

O documento ten en conta a anterior proposta de ampliación da Rede Natura do ano 2008 na que se contemplaba a creación do LIC Lagoa de Alcaián e a ampliación dos LIC Río Anllóns e Costa da Morte. Sobre este aspecto cabe comentar que a proposta de 2008 foi modificada no ano 2011, aumentando a superficie do LIC Costa de Morte e non considerando a creación dun novo LIC para a Lagoa de Alcaián, que pasaría a formar parte do LIC Río Anllóns.

San Lázaro s/n
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 957 672 Fax.: 981 541 048
http://www.cmati.xunta.es

O apartado 2.6.2 contén un listado cos **hábitats** de interese comunitario presentes no Concello con indicación dos que son prioritarios. A delimitación destes hábitats recóllese no plano 01 do ISA e mais en detalle no plano MR-10b do Estudo do Medio Rural, emprega a Cartografía de Hábitats da Rede Natura 2000 de Galicia. Lémbrase que a existencia de hábitats de interese comunitario non se circunscribe exclusivamente aos espazos da Rede Natura. Para completar a súa identificación pode facerse uso do "Atlas de los hábitats naturales y seminaturales de España", que recolle a presenza de diversos hábitats non citados, entres eles un de carácter prioritario (4040* Queirogais secos atlánticos costeiros de *Erika vagans*).

No tocante aos **riscos**, son analizados tanto os naturais (incendios, asolagamento e erosión) como os tecnolóxicos (industriais e transporte). Os mapas que os recollen inclúense dentro do Estudo do Medio Rural e dos Planos de ordenación e clasificación do territorio. Este mapa deberá ser parte integrante do ISA, de acordo co artigo 15.2. do Real Decreto Lexislativo 2/2008, do 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo. Por outra banda, deberá contemplarse tamén, tanto no estudo como na cartografía, os riscos xeolóxicos, así como as principais fontes de contaminación luminosa e electromagnética.

En canto ás zonas con risco de incendio indícase que serán aquelas que sufriron algún incendio dende o ano 2004, sendo representadas no plano MR-12 do Estudio do Medio Rural. Deberá aportarse información detallada das superficies queimadas e, de acordo ao artigo 32.2.b) da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG), o período analizado será o comprendido entre os cinco anos anteriores a aprobación desta lei e todos os posteriores ata a actualidade.

Segundo datos da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, o Concello de Carballo conta cunha instalación - Repsol Gas RD – afectada polo Real Decreto 1254/1999, de 16 de xullo, polo que se aproban medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos que interveñan substancias perigosas.

Para realizar o estudo de riscos recoméndase empregar metodoloxías propias para a valoración de riscos na ordenación do territorio, como pode ser a proposta por Gustavo Aguirre Murúa (2005) no seu artigo "*La valoración de los riesgos en la ordenación del territorio: metodología práctica*", publicado no boletín da A.G.E., nº 40 (páx. 393-405), ou outras publicacións realizadas polo Instituto Geológico y Minero de España (IGME).

O **estudo da paisaxe** -desenvolvido no apartado 2.6.4.10 do ISA e no anexo II "Estudo da paisaxe"- divide o Concello en tres grandes ámbitos paisaxísticos (zona costeira, val central do río Anllóns e planillanura de Ordes) nos que identifica unha serie de cuncas visuais, integrando as unidades de paisaxe recollidas no POL. Verbo do estudo realizado realízanse as seguintes consideracións:

- O estudo presentado limítase ao ámbito costeiro, considerando de xeito moi marxinal o resto do territorio.
- Asegúrase que as catro cuncas visuais do ámbito do val central do río Anllóns non presentan interese paisaxístico. Esta afirmación deberá argumentarse en base a análise da súa calidade e da fraxilidade paisaxística, a cal non foi realizada.
- Non foi considerada nin analizada a integración da unidade de paisaxe "A Curviña" recollida polo POL dentro do Sector Costa de Caión (Comarca Arco Bergantiñán).
- Deberá incluírse un estudo de intervisibilidade que permita identificar aquelas zonas máis visibles desde os puntos estratéxicos do territorio (estradas, núcleos urbanos, areas recreativas...), prestando especial atención a visibilidade dos desenvolvementos propostos.
- No tocante á cartografía, esta limítase ás das cuncas do ámbito costeiro, deixando sen representación as correspondentes aos outros dos ámbitos paisaxísticos descritos.
- A análise de fraxilidade paisaxística realizado limítase a un plano das áreas de Razo e Baldaio, nas que se identifican as áreas de fraxilidade alta, media-alta, media-baixa e baixa. Non se detalla a metodoloxía seguida para a antedita análise nin se valora a calidade visual. Deberá indicarse a metodoloxía de referencia empregada e realizarse a valoración para todas as unidades que se definan.

San Lázaro s/n
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 957 672 Fax.: 981 541 048
http://www.cmati.xunta.es

- **Plans e programas con interacción co Plan**

O ISA identifica e analiza a compatibilidade do PXOM cunha serie de plans, programas e proxectos con afección no ámbito do Concello, entre os que destacan o POL e as DOT.

Por contra, bótase en falta a análise do planeamento dos Concellos limítrofes, así como diversos instrumentos de planificación territorial en interacción co Plan que non foron considerados polo ISA.

Co fin de garantir a coherencia da proposta cos instrumentos de planificación concorrente deberán identificarse, ademais dos xa considerados, todos aqueles instrumentos relacionados co Plan, debendo quedar xustificada a súa compatibilidade cos obxectivos, determinacións e criterios derivados destes. Sen prexuízo doutra normativa de aplicación que poida incidir no Plan, o ISA deberá considerar os seguintes:

- Instrumentos aprobados
  - Estratexia Galega da Paisaxe.
  - Plan de xestión de residuos industriais e solos contaminados de Galicia.
  - Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2010-2020.
  - Plan eólico de Galicia, que delimita tres áreas de desenvolvemento eólico con afección ao Concello do Carballo (Monte Neme, Alto do Lendo e Baldaio).

- Instrumentos en elaboración
  - Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia, que contempla dúas áreas industriais en funcionamento -P.I. de Bértoa e a súa ampliación (fase I)- e dúas actuacións para a súa ampliación –Ampliación fase II Sector A e Sector B- e
  - Plan director de mobilidade alternativa.

- Proxectos con incidencia ambiental que afectan ao Concello de Carballo:
  - Liña de alta tensión de 63,3 km e 220 kV. Mesón do Vento – Vimianzo.
  - Liña de alta tensión a 66 kV. dende a Subestación do Parque Eólico Monte Neme ata a subestación de Cabana de Bergantiños.
  - Liña de alta tensión de evacuación a 132 kV. do Parque Eólico Pedrarrubia.
  - Granxa con capacidade para 3.160 porcos de cebo en Vilar de Cidre (Conta con Autorización ambiental integrada).
  - Granxa con capacidade para 4.285 porcos de cebo en Monte das Pozas – Noicela (Conta con Autorización ambiental integrada).
  - Instalacións de conservas de peixe e mariscos en Carballo (Conta con Autorización ambiental integrada).
  - Modificado parcial do Proxecto de distribución de Gas Natural no eixo Bergantiños. Revisión 1.
  - Gasoduto de Transporte Secundario Costa da Morte.
  - Aproveitamento Hidroeléctrico do río Carral (Anllóns) denominado "A Ramiscosa".
  - Parque Eólico de Pedrarrubia.
  - Parque Eólico de Monte Neme.
  - Parque Eólico Monteagudo.

Tanto para os instrumentos de planificación territorial como para o planeamento dos Concellos limítrofes deberá quedar xustificada a súa compatibilidade cos obxectivos, determinacións e criterios derivados destes.

En relación á definición de obxectivos

O ISA comeza establecendo unha serie de obxectivos municipais que se corresponden con aquelas actuacións programadas ou en execución por parte da administración local en canto ao sistema viario, infraestruturas de servizos, equipamentos e urbanismo.

Propón uns obxectivos de tipo urbanístico, os cales pretenden acadarse co desenvolvemento do novo PXOM. Os obxectivos descritos están en concordancia coas determinacións establecidas polas DOT, se ben, son de carácter moi xeral.

Bótase en falta a definición dunha serie de obxectivos específicos, relacionados coas variables de sustentabilidade, que se centren nos problemas e potencialidades concretas do ámbito do PXOM, así como dunha serie de obxectivos normativos derivados de programas e normativas ambientais no marco internacional e comunitario, estatal e autonómico.

Cunha definición clara e concisa do conxunto de obxectivos facilitarase o desenvolvemento do Plan, a proposta das actuacións; ademais da elaboración da análise de coherencia.

En relación á análise das alternativas

O documento analiza (apartado 4) tres alternativas de planeamento: a alternativa "0" ou de non desenvolvemento do Plan xeral, así como as alternativas un –inicial- e dous –proposta-.

Segundo o ISA, o mantemento da alternativa "0" suporía o mantemento da problemática urbanística que deriva do actual planeamento.

A alternativa "inicial", consistente na adaptación do PXOM en vigor á lexislación vixente, principalmente, na clasificación dos solos rústicos.

A alternativa "proposta", ademais de supoñer a adaptación á lexislación vixente, incorpora restricións ao desenvolvemento do solo edificable, especialmente residencial, do Plan xeral respecto da "alternativa 1 (inicial)".

Inclúese unha **valoración das tres alternativas** en base ao cumprimento dos obxectivos e á integración dos criterios de sustentabilidade establecidos no DR. A valoración presentada considérase axeitada, se ben, bótase en falta unha valoración cuantitativa que permita comparar sinteticamente as tres alternativas.

Deberán presentarse cadros que permitan a comparación das distintas alternativas. Estes cadros conterán información relativa ás categorías de solo contempladas polo Plan, facendo indicación da superficie ocupada por cada categoría en cada alternativa, así como a porcentaxe que representan respecto da situación actual.

No apartado 4.4 xustifícase a elección da alternativa finalmente elixida, que se corresponde coa alternativa dous (proposta).

Conclúese que análise de alternativas realizado polo ISA axústase ao esixido no DR, se ben a descrición das alternativas adoece dun nivel de detalle suficiente que fai preciso a consulta dos planos correspondentes para a súa análise.

En relación á identificación e caracterización dos efectos sobre o medio

No apartado 5 o ISA analiza as posibles afeccións que, sobre as variables de sustentabilidade, terán as acción do Plan.

Para a caracterización dos efectos analiza o signo (positivo e negativo), a persistencia (temporal, permanente), a acumulación (simple, acumulativo ou sinérxico), a intensidade (alta, media ou baixa), a reversibilidade, o momento (curto, medio e longo prazo) e o ámbito de incidencia (local, comarcal ou extenso). Os efectos de signo negativo serán ademais caracterizados como compatibles, moderados, severos ou críticos.

A identificación dos efectos realizase en base a un plano –03. Análise da alternativa proposta- que integra os condicionantes ambientais presentes no Concello xunto coa planificación proposta. Os

San Lázaro s/n
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 957 672 Fax.: 981 541 048
http://www.cmati.xunta.es

efectos identificados para cada variable son presentados nunha táboa resume coa súa caracterización e valoración.

Se ben a metodoloxía deste apartado considérase axeitada, os efectos identificados son pouco concretos. Bótase en falta unha identificación e caracterización dos efectos que se derivarán dos desenvolvementos propostos. Deberán identificarse os efectos xerados por cada un dos novos desenvolvementos sobre cada unha das variables de sustentabilidade establecidas no DR, prestándose espacial atención ao:

- Solo urbanizable delimitado de uso industrial S-I1, con posible afección ao rego da Balsa. As principais variables sobre as que poderían producirse efectos serían: atmosfera, mobilidade, ocupación do territorio, natureza e ciclo hídrico.
- Solo urbanizable delimitado de uso industrial S-I3, con posible afección ao núcleo rural O Sixto e a un equipamento educativo preexistente. As principais variables sobre as que poderían producirse efectos serían: atmosfera, mobilidade e ocupación do territorio.
- Solo urbanizable delimitado de uso residencial S-R3, con posible afección polo polígono industrial de Bértoa e o solo urbanizable de uso terciario S-T1. As principais variables sobre as que poderían producirse efectos serían: atmosfera, mobilidade e ocupación do territorio.
- Solo urbanizable delimitado de uso terciario S-T2, con posible afección ao núcleo Carballo. As principais variables sobre as que poderían producirse efectos serían: atmosfera, mobilidade e ocupación do territorio.
- Solo urbanizable delimitado de uso terciario S-T3. As principais variables sobre as que poderían producirse efectos serían: mobilidade e ocupación do territorio.
- Actuacións integrais no núcleo rural de Arnados AI-03, AI-04 e AI-05. As principais variables sobre as que poderían producirse efectos serían: ocupación do territorio, paisaxe e natureza.
- Plan especial de protección PE1 Pedra do Sal. As principais variables sobre as que poderían producirse efectos serían: paisaxe e natureza.
- Plan especial de protección PE2 Razo-Arnados As principais variables sobre as que poderían producirse efectos serían: paisaxe e natureza.

Para cada un dos efectos que se identifiquen haberá que establecer a súa medida correspondente, incorporándoa, a xeito de criterio ou determinación, á ficha urbanística correspondente e a normativa do Plan, tendo en conta, segundo proceda, as determinacións e criterios establecidos polo POL.

<u>En relación ao deseño de medidas</u>

No apartado 6 establécense unha serie de medidas preventivas e correctoras. As medidas preventivas aparecen agrupadas segundo a fase de desenvolvemento do Plan para as que foron definidas.

As medidas definidas son de carácter xenérico e non se relacionan cas variables de sustentabilidade -tan só para a fase de control de proxectos establece medidas preventivas concretas para o consumo de auga, saneamento, ruído e paisaxe, vexetación e contaminación luminosa-. No tocante ás medidas correctoras, establece tres únicas medidas de carácter xeral que non se relacionan cos efectos negativos identificados. Así pois, o deseño de medidas non se considera axeitado

Considerando que, no punto precedente, o ISA identificou efectos tanto positivos como negativos, e tal e como se indicou no DR, deberán establecerse medidas destinadas a evitar ou reducir os efectos negativos do Plan xunto con aquelas encamiñadas á potenciación dos efectos positivos. Así mesmo, deberá existir unha relación efecto-medida, é dicir, cada efecto identificado deberá levar asociada cando menos unha medida. A maneira mais axeitada de presentar a información é cunha ficha ou cadro para cada medida que, ademais de conter información sobre as súas características, faga mención ao efecto sobre o que actúa, o seu obxectivo, unha estimación da súa eficacia, tipo de medida (compensatoria, correctora, preventiva ou potenciadora) e, de ser posible, un orzamento.

Como xa se comentou no punto anterior, incorporarase á normativa do Plan as medidas propostas, sinalando aquelas que deberán aparecer nos plans e proxectos que posteriormente se vaian a

San Lázaro s/n
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 957 672 Fax.: 981 541 048
http://www.cmati.xunta.es

desenvolver. Incluiranse as medidas de carácter ambiental reguladas na normativa sectorial vixente e aquelas medidas necesarias que recollan requisitos e/ou especificacións concretas que garantan a integración dos criterios de sustentabilidade.

En relación ao plan de seguimento

O plan de seguimento, descrito no apartado 7, analiza a evolución de todas as variables enumeradas no DR (paisaxe, natureza, patrimonio, sociedade, economía, medio urbano, medio rural, medio industrial, mobilidade, enerxía, atmosfera, ciclo hídrico, ciclo de materiais, solo, edificacións e riscos naturais e tecnolóxicos).

O sistema de indicadores correspóndese co proposto no DR, incluíndo para moitos dos indicadores valores de referencia así como a súa frecuencia de actualización.

Non se considera a participación do órgano ambiental para a revisión e elaboración dos informes de seguimento nin establece unha periodicidade para a emisión do informes de seguimento, aspecto que deberá ser modificado incluíndo a remisión destes informes ao órgano ambiental cada catro anos-segundo o establecido na estratexia de actuación- ,se ben, a toma de datos deberá realizarse anualmente.

En relación ao informe sobre a viabilidade económica

O ISA presenta, no apartado 8, unha estimación de custos e ingresos que se derivarán do desenvolvemento do PXOM, a través dos cales se prevé durante a vixencia do Plan un superávit de 493.111,12 € nos orzamentos municipais.

No tocante á valoración económica das medidas propostas correctoras e preventivas, así como do plan de seguimento, o ISA afirma que non carrexarán incrementos sobre o orzamento xa estimado para o PXOM.

O informe de viabilidade económica realizado non se axusta ao requirido no DR. Deberá avaliarse a viabilidade económica de todas as alternativas (tanto a elixida como as rexeitadas), así como analizar o custo do seguimento e das medidas, tanto das preventivas e correctoras, como das novas medidas potenciadoras que se definan, segundo o indicado no epígrafe k) do anexo I da Lei 9/2006, do 28 de abril.

En relación á análise de coherencia

No apartado 9, o ISA analiza a coherencia interna e externa do Plan. A análise da coherencia externa realizase a través da Análise da compatibilidade estratéxica (ACE) proposta nas DOT, avalíase o grao de compatibilidade do Plan coas DOT e o POL.

Para a análise da coherencia interna analiza a coherencia entres os elementos estratéxicos (diagnose de partida) e os obxectivos do planeamento, así como entre a alternativa seleccionada e os obxectivos do planeamento.

A metodoloxía empregada para análise coherencia interna e externa considérase axeitada. No entanto, a coherencia interna deberá revisarse unha vez sexan consideradas as observacións realizadas nos puntos anteriores deste informe.

En relación ao resumo non técnico

O grao de síntese e a linguaxe empregada para elaborar o resumo non técnico –apartado 10- considérase axeitado pero deberá completarse para todos os apartados que compoñen o ISA. A este respecto bótase en falta o resumo dos apartados relativos á identificación de efectos, deseño de medidas, análise de coherencia e viabilidade económica.

San Lázaro s/n
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 957 672 Fax.: 981 541 048
http://www.cmati.xunta.es

3. CONCLUSIÓNS

Sen prexuízo da análise en detalle que se levará a cabo na preceptiva Memoria ambiental (MA) por parte do órgano ambiental, considérase que **o ISA do PXOM do Concello de Carballo non se axusta, nalgúns apartados, ao establecido no DR emitido, polo que deberá adecuarse e completarse coas observacións realizadas neste informe, as cales se xustificarán e integrarán dentro do ISA realizado para aprobación inicial ou mediante a realización dun anexo a este.**

Finalmente cómpre salientar, que en virtude do disposto no artigo 13 da Lei 9/2006, do 28 de abril, a proposta de PXOM que finalmente se aprobe con carácter definitivo deberá ter en conta, ademais das consideracións realizadas no presente informe, as alegacións e informes recibidos durante o período de participación e consultas do Plan aprobado inicialmente e as determinacións da MA que emita este órgano ambiental.

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2013

Miguel Ángel Veiga Campo
Xefe do Servizo de Avaliación Ambiental

074

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaria Xeral de
Ordenación do Territorio e Urbanismo

Edificio administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela

galicia

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO XERAL
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Data 26/04/2013 09:53:33
SAÍDA 41339 / RX 266365

Concello de Carballo
Praza do Concello s/n
15100 Carballo
A Coruña

CONCELLO DE CARBALLO
N.º Rexistro: 6200-
DATA: 29 ABR. 2013
ENTRADA

EXPTE. nº:
OL-AC-09/151

Asunto: Informe en materia de costas do PXOM de Carballo. (Art. 117 LC)

Achégolle informe sobre o asunto, que foi emitido en materia de costas pola secretaria xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo o 23 de abril de 2013.

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2013
A xefa do Servizo de Autorizacións e Informes Sectoriais

Susana Fandiño Gantes García

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaria Xeral de
Ordenación do Territorio e Urbanismo

Edificio administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela

galicia

CONCELLO DE CARBALLO
N.º Rexistro: 6200
DATA: 29 ABR. 2013
ENTRADA

ASUNTO: **INFORME EN MATERIA DE COSTAS DO PXOM DE CARBALLO (Art. 117 LC).**

PROMOTOR: **CONCELLO DE CARBALLO.**

O concello de Carballo remite documento do asunto solicitando o seu informe previo á aprobación definitiva, de conformidade co artigo 117.2 da Lei 22/1988, de Costas.

Corresponde á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo a competencia para emitir o informe, de conformidade co disposto no artigo 10.1 m) do Decreto 44/2012, do 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, en relación co artigo 24.2.b) do Decreto 158/2005, do 2 de xuño, polo que se regulan as competencias autonómicas na zona de servidume de protección do DPMT.

O artigo 117.2 recolle a obriga de acadar o informe sectorial logo de concluída a tramitación do plan e inmediatamente antes da súa aprobación definitiva. Tendo en conta que esta fase da tramitación aínda non se acadou, o dito informe deberá ser solicitado no momento indicado, logo da aprobación provisional. No entanto, adiántase a valoración das modificacións introducidas no documento, con posterioridade ao informe emitido por esta Secretaría Xeral en data 03/02/2012 ao abeiro do artigo 117.1 da Lei de Costas.

Logo de examinar o exemplar do PXOM, remitido en soporte dixital, datado no mes de decembro de 2012 con aprobación inicial en data 10/01/2013 e, unha vez vista a proposta de informe da subdirección xeral de Ordenación do Territorio, fanse as seguintes consideracións:

A. DESLINDE DO DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO TERRESTRE

A.1. O termo municipal de Carballo foi obxecto de deslinde do dominio público marítimo terrestre, aprobado definitivamente polas seguintes ordes ministeriais:

- OM do 07/09/2004 (Desde o límite co termo municipal de Laracha ata as praias e marismas de Razo-Baldaio).
- OM do 16/07/2009 (Desde Punta de Razo ata o límite co termo municipal de Malpica).

A.2. Sobre a súa correcta representación nos planos do PXOM, estarase ao informe que, en virtude do disposto no artigo 117.2 da Lei de Costas, debe emitir a Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y del Mar (Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente) a este exemplar.

B. NORMATIVA URBANÍSTICA

B.1. RÉXIME URBANÍSTICO DO SOLO (TÍTULO III)

B.1.1. Existen terreos afectados pola normativa sectorial de costas clasificados como solo de núcleo rural, solo urbanizable e solo rústico de costas. Cómpre introducir na regulación do seu réxime

xurídico a cautela de estar ás maiores limitacións impostas pola normativa costeira, ou a remisión ao título no que se aprecia esta limitación (Título IV, capítulo III).

B.1.2. No Capítulo V (Réxime do solo rústico) e nomeadamente no artigo 110, referido ao solo rústico de protección de costas, introdúcese a corrección interesada no informe anterior desta Secretaría Xeral (03/02/2012) mais compre precisar que nas zonas onde se aplica a lei de costas tamén serán de aplicación, no seu caso, as maiores limitacións do artigo 38 da LOUG.

B.1.3. No Capítulo VI (Sistemas Xerais) deberá indicarse que se estará ao disposto no título II da Lei de Costas e correlativos do seu Regulamento, tal e como se interesaba no informe anterior desta Secretaría Xeral (03/02/2012) tendo en conta que existen, ou se propoñen, sistemas xerais e dotacións públicas na zona de servidume de protección.
Na clasificación dos sistemas xerais non se recolle, dentro do sistema xeral de infraestruturas territoriais, o sistema xeral portuario, correspondente á superficie portuaria de Razo de Portos de Galicia.

B.2. CONDICIÓNS DE PROTECCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL NATURAL, DO MEDIO AMBIENTE E DAS INFRAESTRUTURAS TERRITORIAIS (TÍTULO IV)

B.2.1. O Capítulo III (A Protección das costas) contén certas imprecisións:

- O artigo 200 vai referido ao ámbito e non á definición.
- Remite a unha servidume de protección de 200 m. (artigo 201).
- Non procede distinguir limitacións da normativa de costas en función da clasificación dos terreos como solo rústico, urbano ou de núcleo rural, senón en función da anchura da zona de servidume de protección establecida nos deslindes vixentes. (Sección 2ª).
- Cómpre precisar que a protección da costa levase a cabo mediante a aplicación combinada da normativa de costas, POL e LOUG.

Tocante á normativa sectorial de costas, procede incluíla nunha única Sección 1ª "Réxime derivado da normativa sectorial de costas" co seguinte contido:

- O deslinde do DPMT no termo municipal é o que resulta dos planos de deslinde aprobados polas OO.MM. referidas no apartado A.1 deste informe.
- Nos terreos abranguidos no DPMT, estarase en todo caso ao disposto no Título III da Lei de Costas e do seu Regulamento e nas oportunas disposicións transitorias, correspondendo á Administración do Estado o outorgamento dos títulos que habiliten para a súa ocupación ou utilización, de acordo coa dita normativa.
- Nos terreos abranguidos na zona de servidume de tránsito (6 m desde o límite interior da ribeira do mar) estarase en todo caso ao disposto no Título II da Lei de Costas e do seu Regulamento e nas oportunas disposicións transitorias. Nomeadamente, cómpre remitir ao artigo 27 da Lei de Costas.

- Nos terreos abranguidos na zona de servidume de protección (cuxa extensión ven determinada nos planos dos deslindes oficiais) estarase en todo caso ao disposto no Título II da Lei de Costas e do seu Regulamento e nas oportunas disposicións transitorias. Nomeadamente, cómpre remitir aos artigos 24 a 26 da Lei de Costas, así como as DT 3ª e 4ª da Lei de Costas e 9ª e do 13ª do seu Regulamento.
- Nos terreos abranguidos na zona de influencia (500 m desde o límite interior da ribeira do mar) estarase ao disposto no artigo 30 da Lei de costas e 58 do seu Regulamento.

B.3. REGULACIÓN DO SOLO RÚSTICO (TÍTULO X)

No artigo 423.5, prohíbese no solo rústico de protección de costas todo uso que signifique instalación permanente, con excepcións de usos derivados da aplicación de certas lexislacións sectoriais nas que non se inclúe a de costas. Neste sentido, debe terse en conta que a lexislación costeira permite en determinados casos instalacións permanentes, polo que así redactado o artigo, derivaría en que o PXOM resulta máis restritivo que a lexislación costeira.

C. PLANOS

C.1. Ao oeste do ámbito do PE2 "Razo-Arnados", e fronte ao núcleo rural común de Pedra do Sal, clasifícanse como solo rústico de protección de costas terreos que se atopan máis aló dos 200 m do límite interior da ribeira do mar, o que non resulta acorde coa definición contida no artigo 32.2.e) da LOUG para a dita categoría.

C.2. Deben grafarse as oportunas liñas do deslinde de DPMT e servidume de protección nos planos das fichas relativas aos seguintes ámbitos: AI-03 "Arnados", PE-1 "A Pedra do Sal", PE-2 "Razo-Arnados", e SX-EQ 11.

C.3. O sector de solo urbanizable delimitado residencial S-R11 localízase integramente na zona de influencia de costas (primeiros 500 m. dende o límite interior da ribeira do mar), polo que haberá de xustificarse o cumprimento do disposto sobre o particular no artigo 30 da Lei de Costas e 58 do seu Regulamento (límite de edificabilidade e non formación de pantallas arquitectónicas).
Así mesmo, débese incorporar a referencia a estes preceptos nas observacións da ficha correspondente.

C.4. Os núcleos rurais localizados nos primeiros 200 m dende a ribeira do mar, que inclúan parcelas vacantes cara ao mar (tales como Razo da Costa, Arnados, O Igrexario, Sambade e Pedra do Sal), acreditarán o cumprimento do artigo 13, en relación co 32.2.e da LOUG.

C.5. Non consta no plan acreditación da correspondencia do límite do Sistema Xeral Portuario coa zona de servizo terrestre do porto. Neste sentido, cómpre recadar o informe do Ente Público Portos de Galicia, cara a verificar a súa correcta delimitación.

D. REDE DE SANEAMENTO

Tocante á rede de saneamento nos núcleos de Razo e Pedra do Sal, representada no plano de información I-06 a escala 1:30.000, deberá axustarse ao disposto no artigo 44.6 da Lei 22/1988, de Costas e 95 do seu Regulamento.

Unha vez corrixido o documento, deberá ser remitido a esta Secretaría Xeral inmediatamente antes da súa aprobación definitiva, para o seu informe conforme o artigo 117.2 da Lei de Costas.

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2013
A SECRETARIA XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO

XUNTA DE GALICIA - CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS - SECRETARÍA XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO

Mª Encarnación Rivas Díaz

OT H
Secretario

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Dirección Xeral de Conservación da Natureza

galicia

JT
N/REF: PU/CO/003/13
S/REF:

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Data 20/12/2013 12:21:44
SAÍDA 14907 / RX 813497

Achégolle o informe emitido por esta Dirección Xeral relativo ao proxecto "PXOM DE CARBALLO", de acordo coa súa solicitude.

CONCELLO DE CARBALLO
N.º Rexistro: 17882
DATA: 26 DEC. 2013
ENTRADA

Santiago de Compostela, 12 de decembro de 2013
A directora xeral de Conservación da Natureza

Verónica Tellado Barcia

CONCELLO DE CARBALLO
PRAZA DO CONCELLO, S/N
15100 – CARBALLO (A CORUÑA)

DE ISIS A COMPOSTELA
1214 · 2014

JT/

ASUNTO	INFORME SOBRE O PXOM DE CARBALLO NO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA	**CLAVE**	PU-CO-003-13
PROXECTO	PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE CARBALLO		
ESPAZO NATURAL	LIC "Costa da Morte" e LIC "Río Anllóns" ZEPA "Costa da Morte Norte"		
CONCA FLUVIAL	Anllóns, Rapadoiro, Oza e Bustelo (Tambre)		
CONCELLO	Carballo	**PROVINCIA**	A Coruña
ORGANISMO SOLICITANTE	Concello de Carballo	**Ref.:**	
PROMOTOR	Concello de Carballo	**Ref.:**	

Antecedentes

O presente informe emítese a solicitude do Concello de Carballo no marco do procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica.

A documentación presentada consta de:

- Documento de Aprobación Inicial do PXOM de Carballo. (exemplar en soporte dixital). Xaneiro, 2013.

Para a elaboración deste informe tivéronse en conta as consideracións formuladas polo Servizo de Conservación da Natureza de A Coruña.

Resumo de actuacións

O termo municipal de Carballo atópase na rexión noroeste da provincia de A Coruña. Limita ao norte co océano Atlántico, ao sur co concello de Tordoia, ao oeste con Coristanco, Ponteceso e Malpica de Bergantiños, e ao leste con Arteixo, Laracha e Cerceda.

Cunha superficie de 187 km^2, Carballo é un dos municipios de maior tamaño da provincia da Coruña, ademais dun dos máis poboados. Os seus 31.303 habitantes agrúpanse en 314 entidades de poboación e 18 parroquias.

O 60% dos habitantes do Concello concéntranse no seu núcleo urbano, a carón do río Anllóns.

Carballo é a capital da comarca de Bergantiños, e constitúe o seu centro natural. Sitúase ao norte de Galicia, entre a Fisterra atlántica e o golfo Ártabro. Así, queda o municipio enclavado entre dúas importantes cidades da Comunidade Autónoma: A Coruña e Santiago de Compostela.

A comarca de Bergantiños está formada na súa meirande parte, por unha ampla depresión bastante plana, que se corresponde co fértil val do río Anllóns, a altitude da cal oscila sobre os 100-200 metros. É aquí onde se concentra boa parte da poboación ademais das principais actividades económicas e infraestruturas existentes. A comarca ábrese ao océano Atlántico nun extenso tramo da denominada Costa da Morte, no que se intercalan amplos areais con zonas de agrestes acantilados. Cara ao sur ábrese a ría de Corme - Laxe, onde desemboca o río Anllóns formando un amplo estuario.

As infraestruturas de comunicacións redúcense practicamente á rede viaria detallada a continuación, o concello no dispón de infraestrutura ferroviaria. Ademais conta cun porto pesqueiro.

Rede autonómica

Autoestradas/Autovías: - AG-55 A Coruña - Carballo

Rede Primaria Básica: - AC-552 A Coruña (A Grela) – Cee (AC-550)

Rede Primaria Complementaria:
- AC-400 Sigrás - Muros
- AC-413 Ordes - Carballo
- AC-414 Carballo (Enlace AG-55) - Malpica
- AC-416 Carballo – Carballo (AC-414)

Rede provincial

- CP-1901 Carballo a Sísamo
- CP-1902 Carballo a Razo
- CP-1903 Verdillo a Vilardefrancos

- CP-1904 Feira de Verdillo a O Moucho
- CP-1905 Carballo a Feira de Verdillo
- CP-1906 Coruña - Finisterre al Campo
- CP-1907 Sofán a A Piña
- CP-1908 Acceso á igrexa de Cances
- CP-1909 Carballo a Caión
- CP-1910 Oca a Cances por Verdes
- CP-1911 Muíño de Cereiro a Soutullo
- CP-1912 Coristanco a Rus
- CP-1913 Ponte Reixidoira a praia
- CP-1914 Carballo a Portomouro

O Nomenclátor do 2011 publicado polo INE, reflicte que o concello de Carballo conta cunha poboación total de 31.303 habitantes, dos cales 15.276 son homes e 16.861 son mulleres.

A partir da información do IGE, extráense os datos para a elaboración dos seguintes gráficos e cadro, con evolución da poboación no concello de Carballo durante o período 1900-2011:

EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN DO CONCELLO DE CARBALLO (1900-2011)

1910	1930	1950	1970	1991	2011
13513 hab	16127 hab	20965 hab	23603 hab	28033 hab	31303 hab

Gráfico de dinámica poboacional nos anos 1900 – 2011:



Gráfico de dinámica poboacional nos anos 1991 – 2011:



A partir destes datos extráense as seguintes conclusións:

- Existe un aumento continuado da poboación do concello dende o ano 1991 ata o ano 2011.
- A variación da poboación entre os anos 1991 e 2011 é positiva, cun valor do 20,24%.
- Os incrementos interanuais oscilan entre os 592 habitantes (2003-2004) e os 30 habitantes (2001- 2002), sendo estes incrementos positivos durante todo o período 1998-2011.
- Incremento medio anual é de 293 habitantes no período 1998-2011.

O incremento de poboación do concello está vinculado a movementos migratorios, polo que se configura como lugar de acollida de poboación foránea que enraíza no concello.

Segundo as DOT (Directrices de Ordenación do Territorio) o concello de Carballo cualifícase como "sistema urbano intermedio".

O POL (Plan de Ordenación do Litoral) que constitúe un instrumento que ordena a costa de forma integral, destaca a delimitación dunha serie de corredores ecolóxicos ao largo das principais canles da zona, e unha normativa de usos a aplicar dentro do

seu ámbito, ademais delimita os ámbitos de recualificación que o mesmo estipula dentro do termo municipal: Arnados (Razo) e Pedra do Sal.

O Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM 2003) que dispoñía o concello de Carballo foi anulado pola Sentencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 1 de marzo de 2007. O fallo produciuse tralo Recurso presentado polo presidente da Asociación de Veciños de San Cristovo, de Lema (Baldaio). Dita sentencia foi ratificada polo Tribunal Supremo con data de 2 de Novembro de 2.011, quedando en consecuencia anulado definitivamente o referido Plan.

A entrada en vigor novamente das antigas Normas Subsidiarias de Planeamento como consecuencia da anulación do Plan Xeral, obrigou o Concello de Carballo a adoptar un acordo de suspensión de licencias en determinados ámbitos do termo Municipal, co fin de impedir que a aplicación de dita normativa, xere situacións irresolubles ou non desexables, e que poidan estar en confrontación cos intereses xerais da poboación.

De acordo coa lexislación en vigor, para manter a suspensión de licencias o Concello conta cun prazo dun ano para aprobar inicialmente un novo planeamento do termo municipal, e dous anos para a aprobación definitiva do mesmo.

Ademais, o PXOM tamén foi obxecto de numerosos Recursos Contencioso - Administrativos, que pola incidencia que teñen en relación á clasificación do solo e respecto a outras cuestións determinantes de ordenación, son considerados para a formulación do actual PXOM. A modo de exemplo, e preciso destacar, entre outros, o Recurso Contencioso - Administrativo interposto ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sentencia 885/07 de 31 de outubro de 2007, na que se acorda "*Estimar en parte el recurso contencioso administrativo interpuesto (...) contra la resolución del Pleno del Ayuntamiento de Carballo, de fecha de 20 de mayo de 2003, por la que se aprueba definitivamente el Plan General de Ordenación Municipal. Anulamos dicha resolución en cuanto es disconforme a derecho la clasificación de la totalidad de la finca de los actores como suelo rústico de protección ordinaria, al deber ser clasificada como suelo urbano consolidado aquella parte de la finca que como suelo urbano ya fue clasificada en las Normas Subsidiarias...*". A Modificación Puntual nº19 da

execución a esta Sentencia, e aprobase definitivamente o 20/11/2009 e se publica no DOG nº11, 19/01/2010, e no BOP nº27 de 10/02/2010. Polo tanto, as determinacións das resolucións xudiciais e o contido das modificacións puntuais das execucións encontran a súa materialización no presente documento.

Respecto á recualificación da costa, é importante sinalar o seguinte:

- *Os asentamentos poboacionais son maioritariamente de tipo rural, pero contaba de acordo co Plan Xeral do 2.003 con dous núcleos urbanos de escasa entidade, Arnados e Pedra do Sal, sobre os que historicamente creáronse expectativas de desenvolvemento e crecemento, que incluso chegaron a iniciar a súa materialización. Estes asentamentos, cunha estrutura incompleta, contan maioritariamente con vivenda de segunda residencia, exceptuando a zona tradicional o fundacional do núcleo de Arnados (Razo) A carencia de servizo de abastecemento de auga potable, o baixo grado de consolidación edificatoria, a anulación do Plan do 2.003 que clasificaba como urbano parte do solo de estes asentamentos, e a aplicación dos criterios e preceptos da Lei 2/2.010, aconsellan clasificar estes asentamentos como Solo de Núcleo Rural Común.*
- *As praias, xunto ao singular complexo natural composto por dunas, lagoa e marismas, acollen durante o verán o desenvolvemento de múltiples actividades de lecer, que atraen a unha poboación numerosa.*
- *En aplicación do recen aprobado Plan de Ordenación do Litoral, o PXOM delimita "áreas de recualificación" entorno a ambos asentamentos de poboación, Arnados e Pedra do Sal, recollendo os ámbitos que precisan dunha ordenación integral, de cara a:*
    - *A recuperación medioambiental.*
    - *A mellora e remate das estruturas viarias existentes e malla urbana.*
    - *A implantación de infraestruturas, dotacións, accesos e aparcamentos para o uso supramunicipal e estacional dos areais, que orixinan unha demanda superior á da poboación residente nas vivendas de ambos lugares.*

A continuación inclúense os obxectivos tidos en conta na formulación do Plan Xeral:

Obxectivos técnicos e xurídicos

- *Clasificación e cualificación do solo adecuada á LOUGA e ás súas modificacións.*
- *Resolución da xestión do PXOM.*
- *Resolución da ordenación detallada dos solos urbanos e solos de núcleo rural.*
- *Resolución e ordenación do territorio da costa.*

Obxectivos urbanísticos

- *Posibilitar o crecemento centralizado do municipio no núcleo urbano da Vila de Carballo, fomentando unha maior ocupación do solo xa transformado ou en proceso de transformación, evitando novos crecementos dispersos e apostando decididamente pola transformación e renovación da edificación no núcleo existente.*
- *Posibilitar a culminación do proceso de transformación urbanística nos ámbitos nos que o mesmo se iniciase mediante a aprobación dos planeamentos de desenvolvemento e os instrumentos de equidistribución e urbanización.*
- *Recualificar a costa, fixando como criterio prioritario a recuperación e o coidado medioambiental, a mellora e colmatación dos asentamentos poboacionais existentes e a implantación de infraestruturas para o uso supramunicipal dos areais.*
- *Conservar e completar os núcleos rurais fixando a súa poboación ao medio rural.*

Os criterios e obxectivos propostos na redacción do PXOM para a consolidación dos distintos tipos de solo son os seguintes:

- Solo urbano:
    - Solo incluído na trama urbana da Vila de Carballo que quedou no medio de anteriores desenvolvementos e edificacións existentes, pero que non contan con consolidación por malla ou servizos.

- Na ordenación do solo urbano consolidado establécese unha regularización de alturas e frontes, ademais dun incremento da ocupación mediante a creación de 4.536 novas vivendas.
- Na ordenación do solo urbano consolidado, atópanse as zonas residenciais denominadas "Grupo Ferreiro" e as "Casas dos mestres", precisan da reordenación da estrutura urbanística, mellorar as condicións de habitabilidade, accesibilidade e ornamentación.
- Na ordenación do solo urbano non consolidado: consolidaranse zonas incompletas dentro do solo urbano que nuns casos formúlanse como herdanzas asumidas pola ordenación do anterior planeamento, asumindo as determinacións das mesmas como propias, e noutros casos como delimitacións de ámbitos vacantes con ordenación remitida a futuros planeamentos de desenvolvemento.

- Solo urbanizable:
  - En xeral o solo urbanizable situase no entorno da vila de Carballo. Delimitase co obxectivo de dar continuidade ao solo urbano existente, completando as areas baleiras polas que non consolidou o tecido urbano, xerando ocos e incluso descontinuidades en vías estruturantes como a Rúa Vila de Noia, Avenida de Bergantiños ou Vila de Negreira, na zona do Bosque e a Lagoa, moi preto da Praza do Concello.
  - Respecto ao solo de uso industrial xa se comentou os antecedentes e herdanzas do mesmo, e que as bolsas previstas para uso terciario pretenden cubrir necesidades existentes en zonas estratéxicas situadas entre o uso industrial e o residencial.

- Solo de núcleo rural (criterios de consolidación):
  - Existencia dun asentamento tradicional, que na súa xénese estea ligado á explotación do medio físico inmediato.

- Agrupación de vivendas cunha densidade superior a 2.5 viv/Ha, suficiente para establecer relacións de vida comunitaria.
- Agrupación de un mínimo de 4 vivendas. Como excepción, delimítanse asentamentos de 3 vivendas, sempre que conten con características morfolóxicas Histórico Tradicionais e claramente sexan un casal (cunha densidade superior a 4viv/Ha).
- A estrutura parcelaria é preexistente e vinculada a explotación do medio.
- Recoñecible cunha entidade propia na práctica administrativa e social, mediante os nomenclátor oficiais ou a constatación de feito da súa existencia histórica como núcleo.
- Conforme o artigo 13 da LOUG aténdese os que estiveran recollidos en planeamentos anteriores ou na súa área de influencia como núcleos rurais.
- Aténdese a criterios de consolidación, a hora de delimitar os núcleos rurais sobre un asentamento, e recóllese o perímetro edificado. Polo que se dará preferencia á consolidación entre edificacións existentes, descartando da delimitación as áreas perimetrais baleiras.
- En xeral, a redacción do PXOM reduce a superficie dos núcleos rurais do plan que se revisa, adecuándoos a un horizonte de poboación máis realista.

- <u>Solo rústico:</u>
  - Co obxecto de reflectir a realidade da especial protección da ribeira das canles de auga, e sen eximir en ningún caso o cumprimento das prescricións da zona de policía definida pola lexislación de augas, tómase o criterio de clasificar como Solo Rústico de Especial Protección das Augas (SR PA), os terreos situados nas marxes das principais canles da rede hidrográfica, concretamente nas bandas que quedan delimitadas entre a zona da marxe do rego ata a liña de policía reducíndose no encontro co solo urbano e de núcleo rural, agrupacións tradicionais que materialicen a formación histórica do

núcleo. Clasifícanse tamén neste tipo de solo, os humidais existentes e os corredores que recolle o POL.

- Por outra banda cabe destacar que o ámbito das antigas minas localizadas na zona da Brea, ao sueste do núcleo urbano de Carballo, con "charcas" de auga formadas nas minas en desuso, clasifícase como Solo Rústico de Protección Ordinaria (SR PO).
- Clasifícase como solo de especial protección de espazos naturais os elementos que aparecen dentro da rede galega de espazos protexidos, os espazos naturais de PHGC e os espazos naturais identificados no PXOM tales coma: O carballo de Vilar de Francos, A fervenza de entrecruces, a Fervenza de Rus en Ramil, o Prado do Marques en Artes, a ribeira da Pena en Aldemunde , a desembocadura do Río Porto no Río Grande, as ampliacións da rede natura, o Bosque do Añon e o río Allóns no tramo Ceide ata Coristanco, así como as canles ata a zona de servidume de determinados ríos con interese paisaxístico e medioambiental.
- Clasifícase como solo rústico de especial protección paisaxística os espazos de interese e os lindeiros contidos no POL.
- Clasifícase como solo rústico de especial protección patrimonial as áreas de protección integral dos xacementos arqueolóxicos.
- As masas arbóreas e montes veciñais en man común , recóllense dentro do SREP forestal.
- As clases agrolóxicas, concentracións parcelarias e terreos aptos para cultivos recóllense dentro do SREP forestal.
- Ata a liña de afección das estradas e redes de subministro de enerxía coma SREP de infraestruturas.
- En moitas áreas do territorio coexisten diferentes valores do PXOM, polo que o equipo redactor opta polo criterio de superpoñer todas as categorías de protección que o solo mereza, intentando que o grafismo reflicte estes valores por medio da mestura de sombreados sólidos e de tramas.

De acordo coa definición dos distintos tipos de solo establecida na lexislación vixente, e os criterios de clasificación utilizados na redacción do Plan, desprendese a seguinte cuantificación por tipos de solo:

TIPO DE SOLO	SUPERFICIE
SOLO URBANO CONSOLIDADO	2.645.204,15 m²
SOLO URBANO NON CONSOLIDADO	267.593,10 m²
SOLO URBANIZABLE DELIMITADO	1.647.369,01 m²
SOLO DE NÚCLEO RURAL	6.764.464,59 m²
SOLO RÚSTICO	167.211.220,3 m²

As actuacións previstas polo Plan no marco das infraestruturas viarias, de equipamentos, espazos libres e dotacións previstas no litoral son as seguintes:

Respecto ao sistema de comunicación viaria:

Incorpóranse as grandes infraestruturas territoriais formuladas dende o Goberno Autonómico:

- Variante de Carballo, promovido pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e que conecta os puntos da AC 552, situados no enlace do polígono industrial de Bértoa e no enlace coa AG-55 no linde con Coristanco.
- Continuación da anterior, ata o enlace da AG 55 coa Avenida de Malpica.
- Vía de alta capacidade Carballo Berdoias, incluído no Plan Galicia e no Plan MOVE, e promovido pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

O PXOM formula outras vías estruturantes por todo o territorio municipal que completan os trazados das estradas existentes.

No solo urbano de Carballo, deséñanse unha serie de vías co obxecto de completar os trazados das vías urbanas, a canalización do tráfico, e vertebración dos solos urbanizables:

Espazos libres e equipamentos:

O PXOM, continuando cos parques xa executados polo concello, proxecta a reserva de grandes espazos libres seguindo os leitos fluviais, valéndose do valor ambiental dos mesmos e a súa localización. No referente a equipamentos, aténdese as carencias que presenta o territorio segundo tipo de dotación.

No solo urbano de Carballo e entorno formúlase o seguinte:

- Reserva de zonas verdes no leito do rego Anllóns (dende A Revolta, pasando por A Cristina ata as zonas de O Bosque e A Lagoa).
- Reserva de zonas verdes e corredor no leito do rego da Balsa (dende a Avda. Ponte da Pedra ata a zona de Bértoa, no seu encontro coa ampliación do polígono industrial).
- Áreas de equipamento no espazo libre do parque fluvial, coma puntos neurálxicos.
- Ampliación do cemiterio municipal.
- Novo centro docente na zona Oeste próxima ao IES Monte Neme, con conexión viaria (conexión Avenida das Flores co IES Monte Neme e coa Avda. de Fisterra, en continuidade coa Avda. da Milagrosa) conectando áreas de uso residencial.
- Reserva de áreas de equipamentos distribuídas polo casco urbano para aparcamentos e centro de saúde.

Respecto ás actuacións previstas no litoral:

- Delimitación de dous Sistemas Xerais de dotacións "Os Areos" e "Praia de Razo", (equipamentos e espazos libres) que se ordenará de forma integral a través de Plans Especiais de Dotacións do Litoral. Estas áreas se ordenarán de forma integral cubrindo as necesidades específicas de usos da praia, recreo, deportivos, aparcamento e accesos, etc., en consonancia coa conservación da natureza.
- Os equipamentos permitidos e relacionados co disfrute das praias, localizaranse na banda delimitada polas liñas de 100 a 200 m desde o litoral, deixando a banda de 100 m até o deslinde vacante de edificacións de carácter permanente.
- Recondución do tráfico rodado en Razo, que na actualidade discorre por unha vía paralela ao borde do areal. Pretendese eliminar a presión nos noiros que se están a desprender provocando a regresión da costa de Razo. Para isto, o PXOM delimita un sistema viario estruturante paralelo á liña de costa que

soportará todo o tráfico da zona, deixando unicamente acceso restrinxido no borde costeiro.

- Previsión da senda litoral peonil, proxectada dende a Demarcación de costas do estado.
- Dar cabida a usos residenciais e turísticos que sexan propios do litoral, como as residencias, prazas hoteleiras, campismo, etc., deixando unha proporción dos aproveitamentos permitidos en costa para estes usos.

Análise do proxecto

No concello de Carballo localízanse os seguintes espazos naturais protexidos, catalogados como Rede Natura 2000:

- LIC (Lugar de Importancia Comunitaria) "Costa da Morte" con código (ES1110005). Este espazo no ámbito do concello está vinculado á totalidade da liña de costa do municipio e se corresponde co perímetro norte do concello.
- LIC (Lugar de Importancia Comunitaria) "Río Anllóns" con código (ES1110015). Este espazo no ámbito do concello está vinculado á ocupación do río Anllóns e os seus afluentes, que se emprazan na zona centro do municipio e no perímetro oeste do mesmo.
- ZEPA (Zona de Especial Protección para as Aves) "Costa da Morte Norte" con código (ES0000176). Este espazo corresponde con case a totalidade da liña de costa do municipio, salvo o extremo leste da mesma.

Estes espazos protexidos desígnanse de acordo á Directiva 92/43/CEE do Consello, de 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres (Directiva de Hábitats) e ademais a ZEPA desígnanse e acordo coa Directiva 79/409/CEE do Consello, de 2 de abril de 1979, relativa á conservación das aves silvestres (Directiva de Aves), actualmente substituída pola Directiva 2009/147/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, de 30 de novembro de 2009, relativa á conservación das aves silvestres.

Ademais do anterior, este espazo ostenta outras figuras de protección como:

- Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais declaradas mediante o Decreto 72/2004, de 2 de abril, da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (na actualidade, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas).

O PXOM parece cualificar todo o ámbito dos anteditos espazos naturais como Solo Rústico de Protección de Espazos Naturais, aínda que se aprecian determinados ámbitos integrados nos referidos espazos naturais, que non foron incluídos dentro desa categoría.

Ademais, apreciase que tamén se adscriben a outras categorías de solos rústicos (Costas e Augas, alomenos) e que amplíase o seu ámbito respecto dos límites oficiais dos anteditos espazos, impedindo a documentación aportada (en formato incompatible cos sistemas SIX) e a falta de reflexo dos límites oficiais dos anteditos espazos, a súa comprobación efectiva.

Pese a que a proposta anterior non se estima incorrecta, considérase que o plan debería reflectir os límites dos anteditos espazos naturais de xeito individualizado, posto que dentro dos seus límites oficiais lle son de aplicación restricións especificas, que non teñen porque ser equiparables as resultantes da proposta do plan, de ampliar o ámbito dos Solos Rústico de Protección de Espazos Naturais do xeito antedito.

Engadir que o desenvolvemento das ordenanzas do plan debe recoller ditas diferenzas, dado que estas son planeadas polo PXOM, posto que sobre ditos ámbitos de solos rústicos de protección de espazos naturais, solápase outras tipoloxías de solos rústicos, caso dos asociados as augas, costas, espazos forestais, agrícolas...; etc.;

Ademais, respecto dos espazos naturais protexidos, procedeuse a revisar a proposta de ampliación da Rede Natura 2000 en Galicia (DOG nº 1, do 2 de xaneiro de 2012 – Ampliado prazo de participación pública mediante Anuncio do 2 de febreiro de 2012, DOG nº33, do 16 de febreiro de 2012), actualmente en tramitación. Apreciase que a súa consideración supón:

- A ampliación do LIC "Costa da Morte" ó longo da plataforma continental asociada á costa de Carballo e unha ampliación terra dentro na parroquia de Rebordelos.
- A Ampliación do LIC "Río Anllóns", mediante a inclusión no espazo protexido do río Grande e da lagoa de Brañas Rubias, que se emprazan nas parroquias de Ardaña, Rus e Entrecruces.

Pese a que a proposta de solos rústicos de protección de espazos naturais do plan excede dos límites oficiais dos anteditos espazos naturais, tal e como indicouse, este desenvolvemento tampouco se axusta os límites da referida proposta de ampliación.

Respecto dos hábitats naturais do Anexo I da Directiva 92/43/CEE presentes no ámbito dos anteditos espazos naturais, compre sinalar, segundo a información do Atlas dos hábitats naturais e seminaturais de España (2005) do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, que existen representacións dos seguintes hábitats:

COD. UE.	PRIORITARIO (SI/NO)	DENOMINACIÓN
1150	SI	Lagoas costeiras
1210	NO	Vexetación anual sobre detritos mariños acumulados
1230	NO	Acantilados con vexetación das costas atlánticas e bálticas
1310	NO	Vexetación anual pioneira con *Salicornia* e outras especies de zonas lamacentas uo areosas
1330	NO	Pastos salinos atlánticos (*Glauco- Puccinellietalia maritimae*)
1420	NO	Matos halófilos mediterráneos e termoatlánticos (*Sarcocornetea fructicosae*)
2110	NO	Dunas móbiles embrionarias
2120	NO	Dunas móbiles de litoral con *Ammophila arenaria* (dunas blancas)
2130	SI	Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea (dunas grises)
2230	NO	Dunas con céspede del *Malcomietalia*
3150	NO	Lagos eutróficos naturais con vexetación *Magnopotamion* o *Hydrocharition*
3260	NO	Ríos, de pisos de chaira a montano con vexetación de *Ranunculion fluitantis* e de *Callitricho-Batrachion*
4020	SI	Uceiras húmidas atlánticas de zona tépeda de Erica ciliaris e Erica tetralix
4030	NO	Uceiras secas europeas.
4040	SI	Uceiras secas atlánticas costeiras de *Erica vagans*
6420	NO	Prados húmidos mediterráneos de herbas altas del *Molinion-Holoschoenion*
7220	SI	Mananciais petrificantes con formación de tuf (Cratoneurion)
7230	NO	Turbeiras baixas alcalinas
91E0	SI	Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno-Padion, Alnion incanae, Salicion albae*)
9230	NO	Carballeiras galaico-portuguesas con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica*

Por outra parte, revisado o Inventario de Humidais de Galicia (IHG) obsérvase que no ámbito do Plan Xeral inclúense nove humidais denominados:

- "Carballo 1": emprazado no extremo nordeste da parroquia de Sísamo.
- "Carballo 2": situado ó suroeste de Carballo 1, no extremo nordeste da parroquia de Sísamo.
- "Casadelas": emprazado na metade sur de Rebordelos.
- "Gándara de Cances": emprazado no extremo sur de Oza e de Cances.
- "Laguna de Baldaio": emprazado no extremo noroeste da parroquia de Lema, entre a Laguna, Marisma e Trasdunas de Baldaio.
- "Marisma de Baldaio": emprazado na zona norte da parroquia de Lema e no extremo oeste de Rebordelos.
- "Rego da Barcia": emprazado no extremo noroeste da parroquia de Lema e una pequena porción no extremo leste de Razo.
- "Rego da Gándara": emprazado na zona centro da parroquia de Cances.
- "Trasdunas de Baldaio": emprazado na zona noroeste da parroquia de Lema.

Os asociados aos espazos naturais protexidos intégranse nas áreas de interese ambiental definidas polo PXOM (solos rústicos de protección de espazos naturais) e algúns dos outros, como e o caso da Gándara de Cances parecen integrarse dentro dos solos rústicos de protección de augas. Sen embargo, o formato en que se aporta a documentación por parte do concello (incompatible con sistemas SIX) fai imposible comprobar adecuadamente este aspecto da proposta de ordenación.

En todo caso, novamente compre sinalar que o desenvolvemento das ordenanzas de estes tipos de solos rústicos deberían recoller as particularidades propias dos humidais incluídos en eles, cara á preservación dos mesmos.

En atención ao punto 3 do artigo 45 da Lei 42/2007, de 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade relativo ás medidas necesarias para evitar o deterioro ou a contaminación dos hábitats situados fóra da rede Natura 2000, comprobouse, segundo a información do Atlas dos hábitats naturais e seminaturais de España (2005) do

Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, que no concello de Carballo existen representacións dos seguintes hábitats:

COD. UE.	PRIORITARIO (SI/NO)	DENOMINACIÓN
1150	SI	Lagoas costeiras
1210	NO	Vexetación anual sobre detritos mariños acumulados
1230	NO	Acantilados con vexetación das costas atlánticas e bálticas
1310	NO	Vexetación anual pioneira con *Salicornia* e outras especies de zonas lamacentas uo areosas
1330	NO	Pastos salinos atlánticos (*Glauco- Puccinellietalia maritimae*)
1420	NO	Matos halófilos mediterráneos e termoatlánticos (*Sarcocornetea fructicosae*)
2110	NO	Dunas móbiles embrionarias
2120	NO	Dunas móbiles de litoral con *Ammophila arenaria* (dunas blancas)
2130	SI	Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea (dunas grises)
2230	NO	Dunas con céspede del *Malcomietalia*
3110	NO	Augas oligotróficas con un contido de minerais moi baixo das chairas areosas (*Littorelletalia uniflorae*)
3150	NO	Lagos eutróficos naturais con vexetación *Magnopotamion* o *Hydrocharition*
3260	NO	Ríos, de pisos de chaira a montano con vexetación de *Ranunculion fluitantis* e de *Callitricho-Batrachion*
4020	SI	Uceiras húmidas atlánticas de zona tépeda de Erica ciliaris e Erica tetralix
4030	NO	Uceiras secas europeas.
4040	SI	Uceiras secas atlánticas costeiras de *Erica vagans*
4090	NO	Uceiras oromediterráneas endémicas con toxo
6420	NO	Prados húmidos mediterráneos de herbas altas del *Molinion-Holoschoenion*
7220	SI	Mananciais petrificantes con formación de tuf (Cratoneurion)
7230	NO	Turbeiras baixas alcalinas
91E0	SI	Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno-Padion, Alnion incanae, Salicion albae*)
9230	NO	Carballeiras galaico-portuguesas con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica*

Algúns deles intégranse nas áreas de interese ambiental definidas polo PXOM, pero debido ao formato en que se aporta a documentación por parte do concello (incompatible con sistemas SIX) foi imposible comprobar adecuadamente este aspecto da proposta de ordenación. Respecto disto, estímase conveniente se proceda a dita comprobación co obxecto de que, cando menos, os hábitats de carácter prioritario queden integrados, ben no marco dos Solos Rústicos de Protección de Espazos Naturais; ben noutra categoría que prevea as ordenanzas axeitadas cara a evitar o seu deterioro en acordo ao sinalado pola antedita Lei 42/2007.

No tocante ás augas superficiais, destacar que, salvo unha pequena franxa costeira que pertence a cuncas de menor tamaño, a zona centro do concello pertence á conca do río Anllóns, que á súa vez inclúe a cunca do Rosende na mais meridional; por outra banda hai unha pequena porción no extremo sobre as parroquias de Rus e Aldemunde, que pertence á cunca do Maxarín que pertence á bacía superior do río Tambre. Ademais, polo concello discorren os seguintes ríos de maior importancia: río Anllóns, río Grande, río Calvelo, río Bardoso, rego de Oza, rego de Pardiñas, etc.

Estes espazos cualifícanse no PXOM como Solo Rústico de Protección de Augas.

Con relación ao Decreto 67/2007, de 22 de marzo, polo que se regula o Catálogo Galego de Árbores Senlleiras (actualizado pola Orden de 3 de outubro de 2011), comprobouse a presenza no Concello de Carballo dunha Árbore Senlleira denominada "Carballo de Pazo de Vilardefrancos", elemento pertencente á especie (*Quercus robur*) e emprazado na parroquia de Artes, na metade sur do concello; aspecto que parece non haber sido tido en conta polo Plan.

No que se refire á flora de interese inventariada, sinalar que segundo a información proporcionada polo Sistema de Información Territorial da Biodiversidade (SITEB), as cuadrículas de 10x10 onde se engloba o Concello de Carballo son o ámbito das seguintes especies que se encontran incluídas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (Decreto 88/2007 do 19 de abril polo que se regula o Catálogo Galego de Especies Ameazadas - modificado polo Decreto 167/2011, de 4 de agosto), coa categoría que se especifica:

(E) En Perigo de Extinción *(V) Vulnerable*

FLORA	CGEA
Centaurea ultreiae	E
Dryopteris guanchica	V
Euphorbia uliginosa	E
Limonium dodartii	E
Limonium humile	V
Linaria aguillonensis	E
Linaria polygalifolia subsp. aguillonensis	E
Lycopodiella inundata	E
Narcissus asturiensis	V
Omphalodes littoralis subsp. gallaecica	E

Rumex rupestris	E
Spiranthes aestivalis	V
Woodwardia radicans	V

A este respecto, información máis detallada, como a proporcionada polo Atlas da Flora Vascular Ameazada de España (cuadrículas 1x1), inclúe tamén as seguintes especies das citadas anteriormente: *Centaurea ultreiae*, *Euphorbia uliginosa*, *Limonium dodartii, Linaria polygalifolia subsp. Aguillonensis, Omphalodes littoralis subsp. Gallaecica, Spiranthes aestivalis.*

En canto á fauna, sinalar que segundo a información proporcionada polo Sistema de Información Territorial da Biodiversidade, as cuadrículas de 10x10 correspondentes ao concello de Carballo, son o ámbito das seguintes especies que se encontran incluídas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (Decreto 88/2007 do 19 de abril polo que se regula o Catálogo Galego de Especies Ameazadas - modificado polo Decreto 167/2011, de 4 de agosto); coa categoría que se especifica:

(E) En Perigo de Extinción (V) Vulnerable (1) Poboacións nidificantes
(3) Poboacións do Cantábrico e do Arco Ártabro

INVERTEBRADOS	
Echinus esculentus	V
Elona quimperiana	E
Geomalacus maculosus	V
PEIXES	
Alosa alosa	V
Gasterosteus gymnurus	V
Petromyzon marinus	V(3)
ANFIBIOS	
Chioglossa lusitanica	V
Hyla arborea	V
Rana iberica	V
Rana temporaria	V
AVES	
Anas crecca	E(1)
Botaurus stellaris	E
Burhinus oedicnemus	E
Charadrius alexandrinus	V
Circus cyaneus	V
Circus pygargus	V
Emberiza schoeniclus	E
Gallinago gallinago	E(1)
Haematopus ostralegus	V(1)

Hydrobates pelagicus	V
Milvus milvus	E
Numenius arquata	E(1)
Phalacrocorax aristotelis	V
Puffinus mauretanicus	E
Rissa tridactyla	V
Scolopax rusticola	V(1)
Uria aalge	E(1)
Vanellus vanellus	E(1)
MAMÍFEROS	
Galemys pyrenaicus	V
Myotis myotis	V
Phocoena phocoena	V
Rhinolophus euryale	V
Rhinolophus ferrumequinum	V
Rhinolophus hipposideros	V
Tursiops truncatus	V

No ámbito de estudio inclúese a superficie denominada como "Costa da Morte (Norte)" e catalogada como IBA de Galicia. Este espazo ocupa toda a franxa norte do municipio, introducíndose na zona centro - leste ata as parroquias de Vilela e Noicela.

Ademais, comentar que o ámbito do Concello de Carballo non está afectado polo Plan de Recuperación do Sapoconcho Europeo (*Emys orbicularis*) en Galicia; aprobado mediante Decreto 70/2013, do 25 de abril (DOG nº 90, do 13/05/13); aínda que si o está polo Plan de Recuperación da subespecie lusitánica da escribenta das cañaveiras (*Emberiza schoeniclus* L. subsp. *lusitanica* Steinbacher) en Galicia, aprobado mediante Decreto 75/2013, de 10 de maio (DOG Nº 102, de 30/05/2013), coas seguintes zonificacións, que se mostran na cartografía adxunta a este informe:

ESPECIE	CATEGORÍA	ZONIFICACIÓN
Emberiza schoeniclus lusitanica	En Perigo	Área de Presenza
Emberiza schoeniclus lusitanica	En Perigo	Área Prioritaria
Emberiza schoeniclus lusitanica	En Perigo	Área Potencial

Ademais e segundo as propostas técnicas de zonificación dos plans de conservación/recuperación de especies ameazadas que se están elaborando nesta Dirección Xeral, comprobouse que o ámbito do Concello de Carballo está afectado polas seguintes zonificacións:

ESPECIE	CATEGORÍA	ZONIFICACIÓN
Centaurea ultreiae	En Perigo	Área Prioritaria
Centaurea ultreiae	En Perigo	Área Potencial
Omphalodes littoralis gallaecica	En Perigo	Área Potencial
Omphalodes littoralis gallaecica	En Perigo	Área de Presenza
Omphalodes littoralis gallaecica	En Perigo	Área Prioritaria
Linaria aquillonensis	En Perigo	Área de Presenza
Euphorbia uliginosa	En Perigo	Área Prioritaria
Rumex rupestris	En Perigo	Área de Presenza
Hyla arborea	Vulnerable	Área Prioritaria
Rana temporaria	Vulnerable	Área de Presenza
Tetrax tetrax	En Perigo	Área de Presenza
Burhinus oedicnemus	En Perigo	Área Prioritaria
Burhinus oedicnemus	En Perigo	Área de Presenza
Charadriux alexandrinus	Vulnerable	Área Prioritaria
Charadriux alexandrinus	Vulnerable	Área de Presenza
Morcegos cavernícolas	Vulnerable	Área de Presenza

Engadir que case na totalidade do perímetro do Concello de Carballo, na superficie de ocupación do espazo protexido ZEPA "Costa da Morte Norte", será de aplicación, ao respecto das medidas para a protección da avifauna contra a colisión e a electrocución en liñas eléctricas de alta tensión; o establecido pola resolución do 28 de novembro de 2011, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, pola que se delimitan as áreas prioritarias de reprodución, de alimentación, de dispersión e de concentración local de aves incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas, e se dispón a publicación das zonas de protección existentes na Comunidade Autónoma de Galicia en que serán de aplicación medidas para a protección da avifauna contra a colisión e a electrocución en liñas eléctricas de alta tensión. Trátase dun aspecto que non foi contemplado polo Plan.

Conclusións

Atendendo á súa consulta, en base á información dispoñible nestas dependencias e á información achegada, a Dirección Xeral de Conservación da Natureza, no marco das súas competencias, considera que deben integrarse no PXOM as seguintes cuestións:

1. Respecto do Formato da Documentación Avaliada:

   Tendo en conta o establecido polo punto 7.C do Documento de Referencia, estímase que o PXOM, incluíndo o desenvolvemento acorde ás consideracións que constan no presente informe, debe aportarse a esta Dirección Xeral en formato compatible con sistemas SIX, cara a poder verificar con certeza e fiabilidade o axuste da proposta aos aspectos competencia desta Dirección Xeral.

2. Respecto os Espazos Naturais Protexidos:

   O PXOM deberá reflectir os límites dos anteditos espazos naturais de xeito individualizado dentro do ámbito dos Solos Rústicos de Protección de Espazos Naturais, aportando cartografía e formato SIX destes aspectos, así como da restante ordenación proposta.

   Ditos límites deben axustarse, estritamente, a delimitación oficial.

   O desenvolvemento das ordenanzas do plan destes ámbitos deberá recoller as determinacións que, no que respecta aos ámbitos do Concello integrados na Rede Natura 2000, se deriven da aprobación do Plan Director da Rede Natura (actualmente nas últimas fases de tramitación do proxecto de Decreto que aproba o Plan Director da rede Natura 2000 de Galicia – DOG nº 136, martes 17 de xullo de 2012).

   Así mesmo, ditas ordenanzas deberán recoller as particularidades destes espazos, respecto dos outros ámbitos do concello que o plan propón engadir a esta categoría de solos rústicos.

   Ademais e dentro destes últimos, posto que o PXOM propón o solapamento dos solos rústicos de protección de espazos naturais con outras tipoloxías de solos rústicos, caso dos asociados as augas, costas, espazos forestais, agrícolas...; etc.; o desenvolvemento das ordenanzas debe recoller ditas diferenzas, de xeito que se

compatibilice a protección dos valores naturais que motivaron a proposta de clasificación co desenvolvemento dos outros usos.

3. Respecto da Ampliación da Rede Natura 2000:

Debe modificarse e integrarse, ben no Plan, ben no seu desenvolvemento e sempre no caso de que a proposta se aprobe nos termos actuais; a proposta de ampliación da Rede Natura 2000 en Galicia (DOG nº 1, do 2 de xaneiro de 2012 – Ampliado prazo de participación pública mediante Anuncio do 2 de febreiro de 2012, DOG nº33, do 16 de febreiro de 2012); ao prever a ampliación do LIC "Costa da Morte" e do LIC "Río Anllóns".

Nestes ámbitos, deben axustarse as ordenanzas aplicables ao caso, segundo proceda, as resultantes do proceso de ampliación, incluíndo as determinacións que, no seu caso, se deriven da aprobación do Plan Director da Rede Natura 2000 (actualmente nas últimas fases de tramitación do proxecto de Decreto que aproba o Plan Director da rede Natura 2000 de Galicia – DOG nº 136, martes 17 de xullo de 2012).

Tamén neste caso e si tal e como parece dita ampliación xa aparece considerada polo Plan no ámbito dos Solos Rústicos de Protección de Espazos Naturais, aportarase cartografía e formato SIX cara a comprobación deste aspecto.

Ademais, no caso de que a proposta de ampliación da Rede Natura 2000 en Galicia se aprobe en termos diferentes aos actuais, o PXOM deberá axustar a súa delimitación á proposta que finalmente se aprobe.

4. Respecto as árbores senlleiras existentes no ámbito do Plan:

O PXOM deberá recoller a súa existencia e integrar ditas figuras dentro dalgunha das categorías de Solos Rústicos de Protección que prevea as ordenanzas axeitadas cara a evitar o seu deterioro en acordo ao sinalado polo antedito Decreto 67/2007.

5. Respecto dos Humidais:

Na liña do sinalado no punto nº 1 destas conclusións, debe aportarse a documentación relativa a ordenación destes espazos en formato SIX cara a poder comprobar coa certeza necesaria o axeitado da proposta de ordenación para estes ámbitos.

En todo caso, os asociados aos espazos naturais protexidos integraranse nas áreas de interese ambiental definidas polo PXOM (solos rústicos de protección de espazos naturais) e os restantes ben na categoría anterior ben noutras categorías de solos rústicos de protección; aínda que en calquera caso, o desenvolvemento das ordenanzas de estes tipos de solos rústicos deberían recoller as particularidades propias dos humidais incluídos en eles, cara a preservación dos mesmos.

6. Respecto dos Hábitats situados Fora da Rede Natura:

Tendo en conta as especificacións do Documento de Referencia, o Plan procederá a identificar os tipos de hábitats naturais e especies animais e vexetais de interese comunitario presentes no concello e procederá a comprobar que, cando menos, os hábitats de carácter prioritario queden incluídos dentro dalgunha clasificación de solo que evite o seu deterioro, integrando nesas categorías de solos rústicos o desenvolvemento das ordenanzas axeitadas e específicas, cara a evitar o seu deterioro, en acordo ao sinalado pola antedita Lei 42/2007.

A documentación a xerar neste marco incorporará cartografía coa totalidade dos hábitats existentes e a ordenación proposta e aportarase tamén en formato SIX.

7. Respecto da Avaliación das Afeccións sobre os Hábitats de Interese Comunitario:

Avaliaranse axeitadamente as posibles afeccións sobre estes hábitats, tanto respecto os situados dentro da Rede Natura como fora de ela, expoñéndose a modo de exemplo as afeccións ás que poderían dar lugar algunhas das actuacións propostas polo PXOM, cara a súa consideración no desenvolvemento de estas en concreto e xa, con carácter xeral, para a avaliación que se estima debe realizarse neste marco.

Así, as actuacións planeadas como espazo libre e zona verde coa aportación de infraestruturas e dotacións nas ribeiras dos ríos Anllóns e rego da Balsa, co fin de conseguir un "parque urbano" e tendo en conta os criterios de deseño (proxección de sendas, accesos rodados, paseo fluvial ou aparcadoiros), é previsible a afección a hábitats de interese comunitario do Anexo I da Directiva 92/43/CEE (3260, 6430, 91E0*), incluíndo hábitats de carácter prioritario por ocupación, desnaturalización, fragmentación, alteración dos seus compoñentes...; cuestións incompatibles co mantemento do seu estados de conservación favorable e/ou restauración.

Tamén no caso da zona costeira na que preténdese dar unha solución unitaria ao marco territorial da totalidade da costa dende Razo a Baldaio e planea, entre outras, a realización de plans especiais cunha delimitación cuxo obxecto é "a ordenación do borde litoral para acoller áreas de dotacións, accesos e servizos, así como ordenar a edificación e as dotacións (...)"; o cal tendo en conta que os espazos naturais protexidos ligados a costa de Carballo xa están sometidos a unha forte presión, leva a considerar que neste senso cabe contemplar propostas de restauración de determinadas zonas degradadas e ubicar estes usos fora dos espazos naturais protexidos; posto que a proposta de solos nos que se pode urbanizar, construir ou equipar pode supor a ocupación e consecuente desaparición de superficies con presenza de especies catalogadas e hábitats de interese comunitario, así como a afección aos espazos naturais protexidos; todo elo tendo en conta que as alteracións se derivarían non so das propias instalacións, sino tamén das infraestruturas asociadas a eles, como por exemplo ocorre nos seguintes casos:

- Equipamento SX-EQ11; sitúase no LIC nunha zona con presenza de hábitats de interese comunitario asociados ao ámbito costeiro.
- A ampliación do polígono de Bertoa; prodúcese nun ámbito con presenza de hábitats de interese comunitario asociados, entre outros, ao ámbito fluvial.

8. En relación coas Especies Protexidas do Concello de Ponteceso:

Na relación de información que, a este respecto consta no ISA, ademais de que dito documento limítase a aportar un listado de especies sen realizar unha análise efectiva dos efectos que a ordenación do territorio tería sobre elas; non inclúe algunhas das especies integradas no CGEA e antes sinaladas, como e o caso de *Tetrax tetrax*.

Engadir, respecto da antedita avaliación de efectos da ordenación sobre as mesmas, que no caso do desenvolvemento de Actividades Terciarias na vila de Carballo e Razo e segundo o ISA, ditos desenvolvementos "provocarán a desaparición da vexetación existente nesas superficies, o que leva asociada a fauna que nidifica ou campa na mesma" e, tendo en conta que non se identifican as especies nin os hábitats afectados pola actuación, non e posible concluir que o efecto é compatible como indica o ISA; polo que podería supor un incumprimento do establecido na Lei 42/2007 e/ou no Decreto 88/2007.

Polo tanto, cos datos aportados polo promotor, non se pode afirmar que a clasificación e a ordenación proposta garanta o mantemento nun estado de conservación favorable dos valores ambientais protexidos, segundo o establecido entre outras, na Lei 42/2007, Lei 9/2001 e Decreto 88/2007.
O mesmo ocorre ca consideración das antigas Minas da Brea, pois pese a que integran charcas de auga formadas nas minas en desuso e posiblemente acollan poboacións de especies de anfibios integradas no CGEA, cualifícanse como Solo Rústico de Protección Ordinaria, o que tampouco garante a conservación das anteditas especies que, por outra parte, non son consideradas especificamente neste caso polo PXOM.

Tamén no caso dos impactos sobre Ecosistemas Fluviais e Especies Asociadas podería afirmarse que os impactos sobre este ámbitos asociados aos potenciais incrementos de poboación e novas actividades, que suporían maior necesidade de abastecemento, saneamento...; etc; non resultarán significativos, posto que a documentación avaliada tampouco inclúe un estudo axeitado de hábitats e especies afectadas por posibles variacións nas necesidades de captación ou xeración de efluentes.

Por outra banda e dada a importante presenza de áreas de interese para a flora e fauna no ámbito do concello e tendo en conta que algunhas delas quedan fora da actual delimitación da rede galega de espazos naturais protexidos, estímase que debería desenvolverse polo plan unha proposta de Solo Rústico de Protección de Espazos Naturais que abranguera os ámbitos recollidos polas propostas técnicas de zonificación dos plans de conservación/recuperación de especies ameazadas que se están elaborando nesta Dirección Xeral, segundo se han indicado nas táboas anteriores e se mostran na cartografía adxunta a este informe.

Asemade, as ordenanzas de aplicación neste tipo de solos considerarán, en cada caso e para os ámbitos asociados as especies citadas, as determinacións axeitadas cara a garantir a conservación desas especies.

Tamén cabe destacar que o plan debe recoller, de xeito específico e individualizado os ámbitos das áreas prioritarias, potenciais e de presenza definidas polo Decreto 75/2013, de 10 de maio, relativo ao Plan de Recuperación da subespecie lusitánica da escribenta das cañaveiras (*Emberiza schoeniclus* L. subsp. *lusitanica* Steinbacher) en Galicia; polo que estímase que a proposta de ordenación nestes ámbitos debe recoller as determinacións de dito plan e as ordenanzas de desenvolvemento de ditas zonas deben responder de forma axeitada aos requisitos axeitados a conservación da especie.

Ademais lembrar a existencia para a súa consideración e conservación, das outras especies sinaladas nas táboas anteriores; protexidas en base ao Decreto 88/2007

do 19 de abril polo que se regula o catálogo galego de especies ameazadas - modificado polo Decreto 167/2011, de 4 de agosto.

9. Respecto ao Desenvolvemento de Liñas Eléctricas:

   En relación co establecido pola antedita resolución de 28 de novembro de 2011, o Plan establecerá, para o ámbito indicado, as ordenanzas correspondentes cara a consideración de dita normativa no caso de desenvolvemento de liñas non soterradas.

10. Respecto da Normativa:

    O PXOM integrará, entre a normativa sectorial de referencia, a totalidade da correspondente á conservación da natureza, polo que debera revisarse e actualizarse este aspecto do mesmo; integrando nas ordenanzas de desenvolvemento todas aquelas cuestións que se deriven desta revisión e actualización.

    As ordenanzas que desenvolvan os usos e aproveitamentos permitidos nos Solos Rústicos de Protección de Espazos Naturais, deberán establecer cales son os usos mais axeitados en cada caso e zona, para garantir a conservación dos valores naturais obxecto de protección en cada ámbito.

Á parte das consideracións anteriores, esta Dirección Xeral informará, e de ser o caso autorizará, todas aquelas actuacións que desenvolvan ao presente PXOM e que poidan afectar, de forma directa ou indirecta, aos seguintes valores naturais:

- Espazos naturais protexidos (Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza / Decreto 72/2004, do 2 de abril, polo que se declaran determinados Espazos como Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais).

- Especies incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas (Decreto 88/2007 do 19 de abril polo que se regula o catálogo galego de especies ameazadas -modificado polo Decreto 167/2011, de 4 de agosto).

- Cursos fluviais (Lei 5/2006 do 30 de xuño, para a protección, a conservación e mellora dos ríos galegos, Lei 7/1992, do 24 de xullo, de pesca fluvial e Decreto 130/1997, do 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais).

- Hábitats naturais de interese comunitario recollidos no Inventario Nacional de Hábitats e localizados fora da rede Natura 2000 (punto 3 do artigo 45 da Lei 42/2007, de 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade).

- Humidais en base ao Decreto 127/2008, do 5 de xuño, polo que se desenvolve o réxime xurídico dos humidais protexidos e se crea o Inventario de humidais de Galicia.

O presente informe emítese sobre a documentación aportada e sen prexuízo doutras comunicacións, autorizacións e/ou informes precisos, debendo cumprir o establecido nas Directrices de Ordenación do Territorio (D.O.T.), no Plan de Ordenación do Litoral (P.O.L.) e no resto da lexislación que lle sexa de aplicación.
Calquera modificación deste proxecto que teña algunha afección sobre o medio natural, requirirá o seu informe correspondente.

Santiago de Compostela, 12 de decembro de 2013

O Xefe do Servizo de Análise de Proxectos, Plans e Programas

Javier Turrillo Montiel

Visto e Prace
O Subdirector Xeral de Espazos Naturais e Biodiversidade

Rogelio Fernández Díaz



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Dirección Xeral de Conservación da Natureza

ESCALA: 1:70.000

AMBITOS CON PRESENZA DE FAUNA PROTEXIDA NO CONCELLO DE CARBALLO

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE CARBALLO

LENDA:
- Límites do Concello de Carballo
- Tetrax tetrax. A. Presenza
- Rana temporaria. A Presenza
- Charadrius alexandrinus. A. Presenza
- Hyla arborea. A. Prioritaria
- Charadrius alexandrinus. A. Prioritaria
- Mórcegos Cavernícolas. A. Presenza



XUNTA DE GALICIA

ESCALA: 1:70.000

AMBITOS CON PRESENZA DE FAUNA PROTEXIDA NO CONCELLO DE CARBALLO

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE CARBALLO

LENDA:

- Límites do Concello de Carballo
- Burhinus oedicnemus. A. Prioritaria
- Burhinus oedicnemus. A. Presenza


524016
526016
528016
530016
4794878
4792878
4790878
4788878
Praia de Baldaio
Os Xuncal
O Xuncal
Monte da Morteira
As Salinas
Monte Cordo
Monte da Mina
Monte Abierto
Monte Deiro
Monte Dauro
Monte de Brasilio
Monte de Ozo Vella
Monte Viturelas
Monte das Cadrias
Monte de Rumes
Monte Vao
Monte de Oldán
Monte de Cumbre
Monte de Cumbre
Monte Mil
Monte da Viuda
Monte da Pena
Monte da Roca
Monte de Oldán



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Dirección Xeral de Conservación da Natureza

ESCALA: 1:70.000

ESPACIOS NATURAIS PROTEXIDOS NO CONCELLO DE CARBALLO

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE CARBALLO

LENDA:

- Proposta de Ampliación da Rede Natura 2000
- Límites do Concello de Carballo
- LIC e ZEPVN "Costa da Morte"
- LIC e ZEPVN "Río Anllóns"
- ZEPA e ZEPVN "Costa da Morte Norte"



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Dirección Xeral de Conservación da Natureza

ESCALA: 1:70.000

ÁMBITO DE APLICACIÓN DO PLAN DE RECUPERACIÓN DE Emberiza schoeniclus subsp. lusitanica NO CONCELLO DE CARBALLO

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE CARBALLO

LENDA:

Límites do Concello de Carballo

ÁREAS P.C.:

PRIORITARIA

PRESENZA

POTENCIAL



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Dirección Xeral de Ordenación do Territorio

ESCALA: 1:70.000

ÁMBITO DE APLICACIÓN DA RESOLUCIÓN DO 28/11/2011 NO CONCELLO DE CARBALLO

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE CARBALLO

LENDA:

Límite Concello de Monforte de Lemos

Ámbito de Aplicación da Resolución do 28/11/2011



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Dirección Xeral de Conservación da Natureza

ESCALA: 1:70.000

AMBITOS CON PRESENZA DE FLORA PROTEXIDA NO CONCELLO DE CARBALLO

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE CARBALLO

LENDA:
- Límites do Concello de Carballo
- Flora Ameazada de Galicia (1x1 Km)
- Centaurea ultreiae. Área Potencial
- Centaurea ultreiae. Área Prioritaria
- Euphorbia uliginosa. Área Prioritaria

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Instituto de Estudos do Territorio

Edificio Administrativo San Lázaro s/n
15781 Santiago de Compostela

iet galicia

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Data 12/12/2013 13:15:27
SAÍDA 14347 / REX 792581

Concello de Carballo
Praza do Concello, s/n
15100- Carballo
A Coruña

INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO
REXISTRO INTERNO
12 DEC. 2013
ENTRADA Nº —
SAÍDA Nº 961

Asunto: Remisión de informe

Xunto informe emitido polo director do Instituto de Estudos do Territorio relativo á consulta feita segundo o artigo 85.2 da LOUG relativa ao PXOM, promovida polo concello de Carballo.

CONCELLO DE CARBALLO
Nº Rexistro: 17473-
DATA: 16 DEC. 2013
ENTRADA

Santiago de Compostela, 12 de decembro de 2013

O xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe

XUNTA DE GALICIA · INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO · CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

José Luís Álvarez Vicente

DE ASÍS A COMPOSTELA
800
1214 · 2014

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Instituto de Estudos do Territorio

Edificio Administrativo San Lázaro s/n
15781 Santiago de Compostela

CONTESTACIÓN A CONSULTA NO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA

Expediente: P-13-078
Plan ou programa: Plan xeral de ordenación municipal
Concello: Carballo (A Coruña)
Promotor: Concello de Carballo

O Concello de Carballo somete a consulta do Instituto de Estudos do Territorio o Plan xeral de ordenación municipal (en adiante PXOM), logo de ser aprobado inicialmente o 10/01/2013, de conformidade co disposto no artigo 85.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (en adiante LOUG), no marco do procedemento de avaliación ambiental estratéxica que se desenvolve de conformidade coa Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.

O PXOM incorpora o Informe de sustentabilidade ambiental (ISA), e a consulta prodúcese en cumprimento do sinalado polo órgano ambiental (Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental) no documento de referencia emitido con data do 07/12/2010, en coherencia co disposto nos artigos 9 e 10 da Lei 9/2006.

Con data do 02/02/2012 a Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe emitira un informe sobre este PXOM, daquela respecto das competencias en materia de ordenación do territorio e paisaxe. Nese informe adiantábanse criterios e medidas para a consideración da paisaxe no plan.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

En virtude do punto dous da disposición adicional segunda do *Decreto 244/2011, do 29 de decembro, polo que se aproban os estatutos do organismo autónomo Instituto de Estudos do Territorio*, e do artigo 13 do *Decreto 44/2012, do 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas*, o Instituto de Estudos do Territorio asume as competencias en materia de paisaxe, que se encadran no marco da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia. Esta Lei, no seu artigo 2, expresa que un dos seus principios é o de defender e preservar a paisaxe, favorecendo unha relación harmónica e respectuosa entre a xente e o seu contorno, e promovendo un uso racional e ordenado do territorio, que teña en conta os valores naturais e culturais das paisaxes. Pola súa parte, no artigo 5 imponlles aos poderes públicos a obriga de integrar "*a consideración da paisaxe nas políticas de ordenamento territorial e urbanístico, e nas súas políticas ambientais, do patrimonio cultural, agrícolas, forestais, sociais, turísticas, industriais e económicas, así como en calquera outra política sectorial que poida producir un impacto directo ou indirecto sobre a paisaxe.*"

O mecanismo fundamental que articula a Lei de protección da paisaxe para acadar os seus obxectivos son os catálogos e directrices da paisaxe, que lle corresponde formular á Comunidade Autónoma, pero que nesta data non están aínda aprobados, coa excepción da comarca paisaxística de Deza. Non obstante, tendo presente o disposto nos artigos 5 e 6 da lei, debe destacarse a determinación 8.5 das Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia (DOT, aprobadas polo Decreto 19/2011, do 10 de febreiro), que sinala que en ausencia de catálogos e directrices de paisaxe, o planeamento urbanístico debe considerar a perspectiva global e integral da paisaxe, e seguir os criterios que

DE ASÍS A COMPOSTELA
800
1214 · 2014

expresa a memoria das propias DOT. Ademais deste mandato expreso, a consideración da paisaxe no planeamento urbanístico debe aterse a outras disposicións legais e normativas, entre as que cabe salientar a LOUG e o Plan de Ordenación do Litoral de Galicia (POL, aprobado polo Decreto 20/2011, do 10 de febreiro), pero sen esquecer outras, como as relativas ao patrimonio cultural ou á conservación da natureza.

Por outra parte, polo que atinxe ao contido do ISA, tal como sinala o artigo 84.6 da LOUG, debe terse presente o disposto no artigo 8 da Lei 9/2006, e na súa virtude o anexo I desa mesma lei.

ANÁLISE DO CONTIDO DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

1. Documentación do PXOM:

Sen prexuízo de diversas referencias aos valores ou condicionantes paisaxísticos presentes en varios apartados da memoria xeral, do estudo do medio rural e do ISA, a paisaxe é tratada fundamentalmente no estudo específico incluído no anexo II ao ISA, "Estudo da paisaxe", no cal identifícanse os espazos de maior interese paisaxístico, e delimítanse tres grandes "ámbitos paisaxísticos":

- A zona costeira, á que se lle recoñecen os maiores valores paisaxísticos. Identifícanse tres elementos conformadores (a Lagoa de Baldaio, a chaira costeira e a cordilleira costeira) e catro unidades (Leira, Baldaio, Razo e Santa Mariña).
- O val central do río Anllóns, no que se identifican catro unidades visuais: o val do Anllóns no seu límite con Coristanco, o val do Anllóns ao seu paso polo núcleo urbano de Carballo, o val do río Rosende, e o val do río Grande. Ningunha delas merece, a xuízo do PXOM, interese paisaxístico.
- A penechaira de Ordes, na que non se identifica ningunha cunca visual e tampouco se sinalan especiais valores da paisaxe.

O conxunto desagrégase en seis unidades (Lagoa de Baldaio, chaira costeira, cadea litoral, val do Anllóns e tributarios, talud de transición e penechaira de Ordes), para as cales se fai unha descrición paisaxística xeral.

O estudo contén unha análise máis detallada da paisaxe costeira, na que se atopan as cuncas visuais que o PXOM considera de interese (Leira, Baldaio e chaira costeira, Razo e Santa Mariña), as cales coinciden coas unidades de paisaxe delimitadas polo POL neste tramo de litoral. Nos planos do estudo da paisaxe, para esta zona costeira identifícanse as áreas de maior visibilidade e fitos paisaxísticos, se sinalan os problemas ambientais existentes (derivados de movementos de terras, edificacións, viario e equipamentos), se detallan subconcas visuais (Leira, Baldaio, Baldaio-Vilela, Razo-Cambre, Razo), e se cartografía a fraxilidade ambiental das áreas de Baldaio e Razo.

Este estudo da paisaxe pode considerarse suficiente para os efectos de delimitar unidades ou cuncas paisaxísticas e identificar áreas de especial interese ou valor paisaxístico na zona costeira. Porén, debería completarse co seguinte:

- Os ámbitos do val central do río Anllóns e a penechaira de Ordes (que ocupan a maior parte do municipio) deberían analizarse cando menos co mesmo nivel de atención e precisión que a zona costeira, pois poden existir elementos que si dispoñan de interese ou valor paisaxístico que os faga merecedores dun tratamento urbanístico singular. Cabe citar, nese sentido, zonas que se sinalan noutros documentos do propio PXOM, como A Peniqueira, Couto do Castro, Monte Calvelo, a contorna visual da Fervenza de Rus e da Fervenza de San Paio, ou o núcleo rural de

Castrillón. Do mesmo modo deberían analizarse, para a ditas áreas do municipio, os lugares de alta exposición visual, itinerarios paisaxísticos ou miradoiros.

- O estudo tamén debería analizar os elementos que compoñen as paisaxes (xeomorfoloxía, topografía, hidrografía, usos ou coberturas do solo, rede viaria, asentamentos), e en consecuencia identificar os **tipos de paisaxe** presentes no municipio (p.ex. paisaxe urbana, paisaxe industrial, mosaico agrario, de repoboación forestal produtiva, de monte baixo ou matogueira, etc.), que se corresponderán coas áreas que presentan unha estrutura e combinación peculiar e diferenciada dos anteditos elementos. Esta identificación de tipos permitirá establecer determinacións normativas específicas en coherencia co carácter singular de cada un deles.

- Deberían identificarse, non só exclusivamente na unidade costeira, os elementos ou **áreas que presentan unha degradación paisaxística salientable** (ben sexa polo seu estado xeral ou pola presenza de impactos paisaxísticos de carácter puntual), que os faga merecer unha atención especial orientada á súa posible recuperación ou mellora. Cítanse, a modo de exemplo, canteiras e outros ocos resultantes de escavacións ou movementos de terras, tramas ou bordos urbanos desestruturados, paredes medianeiras de forte impacto visual, instalacións ou edificacións singulares abandonadas ou deterioradas, etc.

- En particular, de acordo co que establece a determinación 8.6 das DOT, o PGOM debe conter un **estudo sobre a paisaxe urbana**, que se debe referir a aspectos como as tipoloxías edificatorias, os medianís vistos, os peches de parcelas, os materiais das fachadas e pavimentos dos espazos públicos, as zonas verdes e arboredas, o mobiliario urbano, a iluminación pública, os tendidos aéreos e o tráfico e aparcadoiros de vehículos. Este estudo adopta o carácter dun subapartado do estudo xeral da paisaxe, de tal modo que respecto á paisaxe urbana deben analizarse todas as cuestións citadas nos parágrafos anteriores (tipos no sentido de tramas ou texturas urbanas, cuncas visuais, elementos de especial valor, áreas degradadas e impactos visuais). O contido do apartado 6.1 da memoria xeral do PXOM cubre unha parte desas cuestións, pero debería completarse en canto ás consideracións anteditas, que serán útiles para que a ordenación dea un cumprimento adecuado ás normas de calidade urbana que define a LOUG (nomeadamente as que expresan os artigos 46.1, 48, 54 d) e e), 64 g), e 104 en relación co 53.2).

Por outro lado, a análise dos efectos do PXOM sobre a paisaxe que se recolle no apartado 5.2.1 do ISA está incompleto, pois refírese exclusivamente ás unidades de paisaxe que delimita o POL na zona litoral, pero tampouco aborda a cuestión no resto do municipio. Deben analizarse os efectos das previsións do PXOM desde unha tripla perspectiva: posibles efectos negativos sobre ás áreas ou elementos de singular valor ou interese paisaxístico, efectos positivos nas áreas de paisaxe degradada, e cualificación dos efectos sobre o carácter singular de cada tipo de paisaxe (congruencia das determinacións do plan cos elementos estruturantes de cada tipo).

2. A ordenación establecida polo PXOM e a súa incidencia na paisaxe:

En xeral no PXOM de Carballo apréciase que a paisaxe foi tida en conta na análise do territorio e na adopción das decisión de ordenación urbanística, pero esa consideración non pode cualificarse como

DE ASÍS A COMPOSTELA
800
1214 · 2014

completa, dado que presenta moi diferentes niveis de atención entre a zona costeira (que é unha superficie minoritaria) e o resto do municipio.

As tres grandes unidades territoriais que identifica o PXOM (a costa, os vales centrais e a penechaira do sur) teñen carácteres ben diferenciados, pero os evidentes valores paisaxísticos da costa (postos de relevo no POL) non poden ocultar que no resto do territorio existen tamén áreas que merecen unha atención especial, para preservar a súa fisionomía característica e evitar ou minimizar posibles impactos visuais e paisaxísticos. Por iso o PXOM debería completar o estudo da paisaxe de acordo co que se sinalou no apartado anterior.

Cómpre valorar positivamente dous criterios ou principios xerais de ordenación que presenta o PXOM: atención ao deseño en Carballo para acadar un bo "proxecto", e contención nos núcleos rurais. Como tamén deben considerarse acertadas determinacións tales como, por exemplo, a identificación de áreas de interese paisaxístico, a catalogación de áreas de interese natural e núcleos rurais singulares ou a preocupación pola integración de novas edificacións coas preexistentes.

Na vila de Carballo, un dos principais problemas paisaxísticos, como ocorre en moitas outras vilas, é a presenza de entramados inacabados, con paredes medianeiras á vista, rúas sen continuidade e espazos intersticiais baleiros ou só parcialmente edificados. Por iso, un dos obxectivos do plan debería ser o remate das tramas urbanas existentes, co que se consegue unha maior calidade dos espazos públicos e tamén unha mellor integración paisaxística da vila na súa contorna territorial. Para tal fin deberían adoptarse criterios como os que se suxiren a continuación:

- En xeral apréciase que existen moitos solares sen edificar no interior da vila. Debería ser prioritaria a intervención nestes solares fronte a calquera outro tipo de desenvolvemento (especialmente as actuacións previstas en posicións periféricas do tramado urbano).
- Para que a estratexia de completar as tramas urbanas sexa eficaz, as actuacións urbanísticas de remate e acabado interior deberían ser prioritarias, no tempo, fronte ás que supoñen un crecemento ou expansión. En caso contrario, poderían chegar a desenvolverse os citados crecementos sen que se resolvesen os problemas de paisaxe e calidade urbana preexistentes.
- Considérase máis acertada a forma de resolver o bordo urbano que se formula por exemplo nos sectores S-R6, S-R7 e S-R8 (nos que se proxecta un límite nidio entre a trama urbana e o medio exterior) que o que se produce noutros lugares, como nos S-R4, S-R9, UU-R3, UU-R14 ou UU-R15 e as súas contornas (onde quedarán rúas sen continuidade e fachadas traseiras abertas cara ao solo rústico), ou especialmente nos sectores S-T2 e S-T3 (que provocan unha transición brusca entre a trama urbana e o medio rural próximo).

En calquera caso hai que subliñar que en algúns puntos a ordenación establecida tampouco favorece a continuidade que pode contribuír á calidade da paisaxe urbana, como ocorre por exemplo co baleiro que deixa o plan entre os sectores S-R3 e S-R4, que no caso de executarse estes, se convertería nun novo oco inconcluso da trama urbana.

O PXOM debería establecer, para os ámbitos remitidos a plans de desenvolvemento, as condicións básicas de integración paisaxística da nova ordenación coa súa contorna (urbana ou rural), sen prexuízo de que ademais se prevea que os ditos plans conteñan un estudo de paisaxe, o cal se recomenda.

En Arnados debería estudarse en detalle a ordenación da fachada costeira do núcleo, pois constitúe un dos problemas de índole paisaxístico presentes no municipio (tal como recoñece o POL ao cualificar este asentamento como área de recualificación). Os aspectos que debería abordar ese estudo son, entre outros, a composición do alzado conxunto de toda a fronte litoral (alturas, criterios de composición, cromatismo, etc.), as condicións dos peches das parcelas, ou as condicións de

tratamento e urbanización do espazo público (especialmente entre as edificacións e a praia). O PXOM prevé o plan especial de protección PE-2, pero a franxa edificada de Arnados máis próxima á costa queda fóra do seu ámbito, e tamén fóra do ámbito dos outros plans especiais previstos neste núcleo. Por todo iso, e tendo presente que esta zona está sinalada no POL como área de recualificación, debería abordarse unha estratexia de forma global, de tal modo que esta área (como fai o PXOM en Pedra do Sal) sexa obxecto dun único plan especial, o cal teña como un dos seus obxectivos principais a mellora e a integración paisaxística, tanto no que se refire á relación do núcleo coa praia como á calidade do espazo público interior. Este plan especial, como tamén o de Pedra do Sal, deben guiarse polos criterios que recolle o artigo 71 do POL, entre os cales está a necesidade de incorporar un estudo de impacto e integración paisaxística.

En relación co antedito, hai que sinalar que as tres actuacións urbanísticas remitidas a plans especiais de ordenación de núcleo rural previstas en Arnados (en especial a AI-3) poden agravar o impacto paisaxístico existente, polo que os criterios de intervención deben ser os de mellora, primando sobre os de implantación de novos aproveitamentos.

Un aspecto que destaca en Carballo, como en outras zonas de Galicia, son os tramos de estrada nos que se foron implantando edificacións nas beiras ata conformar uns asentamentos lineais de gran dimensión (como ocorre por exemplo na AC-552 ao nordés de Carballo, na estrada que une A Feira de Berdillo, Vilarnovo e O Moucho, ou na AC-413 na zona de Bolón). Trátase de espazos que desde o punto de vista da estrada (normalmente a situación dáse en vías cunha considerable intensidade de tráfico), ofrecen unha imaxe inharmónica, con mestura de usos e tipoloxías e ausencia de patróns definidores de espazo público, ausencia que tamén repercute na percepción interior do asentamento. Por tanto estas zonas constitúen áreas de paisaxe degradada, susceptibles de medidas de mellora que poderían estudarse no PXOM, sen prexuízo da clasificación do solo e o seu réxime xurídico. Aspectos como a definición de percorridos peonís seguros, condicións especiais para os peches das parcelas e os pavimentos, a implantación de elementos vexetais e mobiliario urbano, poden mellorar o escenario cotiá destas áreas, ademais de contribuír á seguridade vial.

O PXOM inclúe na categoría de solo rústico de especial protección paisaxística cinco ámbitos ou recintos, correspondentes ás elevacións con exposición visual que o POL sinala como espazos de protección de ladeira (Monte Neme, Monte Aberto, Monte de Cambre, Monte Má e Monte de Castro), pero non inclúe nesa clasificación a ningunha outra área do municipio, cando, como se sinalou, o propio plan recoñece a existencia de valores paisaxísticos noutras zonas, ademais das que se poidan determinar por medio do estudo que se recomenda completar.

Nas zonas cualificadas con ordenanzas nas que está previsto o adosamento de edificacións (fundamentalmente as ordenanzas 1 e 2), recoméndase axustar a definición de aliñacións e fondos edificables ás características das edificacións existentes, cando estas teñan, en virtude da súa idade e estado de conservación, unha vocación de permanencia prolongada (superior ao tempo estimado de vixencia do propio plan), de tal modo que se prevea a maior continuidade posible das fachadas (principais, laterais e traseiras), ademais da articulación harmoniosa das alturas de cornixa que xa se procura correctamente na normativa. Esta cautela evitaría que a execución de novas edificacións axustadas ao marco volumétrico do PXOM supuxera a aparición de encontros inharmónicos, e en definitiva contribuiría á boa integración paisaxística daquelas.

DE ASÍS A COMPOSTELA
800
1214 . 2014

A ordenación dos núcleos rurais responde en gran medida ás determinacións directas da LOUG, pero ademais concrétanse certas limitacións (materiais, condicións compositivas etc.) que se valoran positivamente.

Polo que atinxe ao solo rústico o PXOM recolle as determinacións da LOUG, tanto en canto a usos como condicións de edificación e construción. Ademais establece determinacións de ordenación e protección máis precisas, en concordancia co artigo 59 da LOUG, en canto a peches de parcelas ou especies vexetais, o cal debe valorarse positivamente. Porén, as devanditas medidas poderían completarse se tamén se establecesen condicións de integración paisaxística dos usos e construcións, en canto a aspectos como os seguintes:

- Pautas de situación ou emprazamento das construcións, tanto en relación coa topografía como coa rede de accesos.
- Pautas tipolóxicas, formais ou dimensionais acordes coas características das construcións características do medio rural do municipio.
- Solucións construtivas e materiais obrigatorios ou máis recomendables segundo a tipoloxía da construción.
- En relación coa regulación dos peches hai que sinalar que en varias categorías (entre elas a de protección paisaxística) prevese de forma xeral a posibilidade dun muro de fábrica de 0,50 metros, cando na norma xeral os muros só se permiten para o caso de parcelas edificadas. Debería emendarse esta aparente contradición, co fin de asegurar a positiva cautela do plan fronte a posibles impactos paisaxísticos.
- Os acertados criterios sobre a elección de especies vexetais para as plantacións ou repoboacións que se recollen nas categorías de protección de augas, de espazos naturais e de protección paisaxística, poderían ampliarse ás restantes categorías de solo rústico, porque dese modo se contribuiría na mellora xeral da paisaxe rural.

CONCLUSIÓNS

O PXOM de Carballo ten en consideración a paisaxe na toma de decisións sobre a planificación, se ben se aprecia que o fai dun modo distinto na zona litoral e no resto do municipio, o cal debería solventarse.

A ordenación urbanística que establece este PXOM responde, en boa parte das determinacións, á antedita consideración da paisaxe, se ben o contido do plan podería mellorarse se se seguen as recomendacións que se expresaron neste informe.

Santiago de Compostela, 9 de decembro de 2013

O xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe

Jose Luis Álvarez Vicente

Visto e conforme, o director do Instituto de Estudos do Territorio

XUNTA DE GALICIA · CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS · INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO

Manuel Borobio Sanchiz

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Telf.: 981 544 564
Fax.: 981 544 543
Correo-e: cmati.infraestruturas@xunta.es

SR. ALCALDE-PRESIDENTE

Praza do Concello, s/n

15102 CARBALLO (AC)

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO XERAL
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Data 08/07/2013 11:45:43
SAÍDA 67702 / RX 435792

CONCELLO DE CARBALLO
N.º Rexistro: 9286
DATA: 10 XULL. 2013
ENTRADA

Jmgj/Bvfc

Achégase informe da Axencia Galega de Infraestruturas relativo ó ***"PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE CARBALLO (AC)". (661)***

Santiago de Compostela, 08 de xullo de 2013

O ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS

José Manuel Guerra Janeiro

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

axencia galega de infraestruturas axi

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Telf.: 981 544 564
Fax.: 981 544 543
Correo-e: cmati.infraestruturas@xunta.es

INFORME DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS Ó PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE CARBALLO (AC)

O presente informe emítese ó amparo do indicado nos artigos 85 e 86 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, así como no artigo 15 da Lei 4/1994, de 14 de setembro, de Estradas de Galicia, e demais lexislación relacionada, sendo os datos básicos do documento presentado os seguintes:

Documento: PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE CARBALLO
Promotor: CONCELLO DE CARBALLO
Redactor: Carballada y Asociados, S.L.

Estradas autonómicas afectadas

Código	Denominación	Categoría	Lonxitude afectada (km)
AG-55	A Coruña-Carballo	Vía de Alta Capacidade Autonómica	9,290
AC-552	A Coruña (A Grela)-Cee(AC-550)	Rede Primaria Básica	7,840
AC-400	Sigrás (N-550)-Muros	Rede Primaria Complementaria	3,63
AC-413	Ordes-Carballo	Rede Primaria Complementaria	9,760
AC-414	Carballo (Enlace AG-55)-Malpica	Rede Primaria Complementaria	5,940
AC-416	Carballo-Carballo (AC-414)	Rede Primaria Complementaria	1,350
CG-14	Carballo-Baio	Vía de Alta Capacidade Autonómica	En exec.
	Variante de Carballo	Vía de Alta Capacidade Autonómica	En proxecto

Con datas 10 de decembro de 2009 e 30 marzo de 2012 foron emitidos informes, indicando unha serie de modificacións que deberían ser introducidas no documento remitido. Vista a nova documentación presentada, pódese constatar o seguinte:

1.- DOCUMENTACIÓN

Na lenda, así como en características das estradas de titularidade autonómica, do plano de información, aparece a estrada AC-416, se ben esta non se reflicte no plano. Corrixirase o devandito erro.

Na lenda, tanto nos planos de ordenación dos núcleos coma nos do termo municipal, cítase a liña de servidume como liña límite do solo rústico de protección de infraestruturas. Tendo en

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Telf.: 981 544 564
Fax.: 981 544 543
Correo-e: cmati.infraestruturas@xunta.es

conta a lexislación vixente a devandita liña recibe o nome de liña límite de edificación, corrixirase este erro, eliminando dito termo.

2.- SOLO RÚSTICO

Fora do solo urbano deberá clasificarse como solo rústico de protección de infraestructuras o trazado da Variante de Carballo no enlace da AG-55 coa AC-414, canto menos na súa zona de afección, extremo este que se vulnera no enlace do solo urbanizable delimitado SUR-D-I3 coa AG-55 e no tramo da estrada AC-414 entre o solo urbano e o referido enlace.

No acceso á zona urbana dende o núcleo dos Vilares, no extremo sudoeste, a delimitación de solo urbano invade a zona de afección da AG-55. Eliminarase e clasificarase como solo rústico de protección de infraestruturas dando continuidade á liña límite de edificación e tendo como antecedente a súa actual clasificación de rústico.

No anterior informe reiterábase a necesidade da clasificación de solo rústico de protección de infraestruturas vinculado ás estradas autonómicas desde a aresta exterior da explanación, feito este que non se modificou. Este resulta especialmente relevante nos trazados das vías de alta capacidade ou dos novos trazados das estradas AC-413 e AC-414 nos que a superficie de movementos de terras é considerable nalgún tramo.

Respecto á CG-1.4 cumpre reiterarse no escrito anterior, no sentido de que a liña límite de edificación deberá tomarse dende a aresta exterior da explanación, que ven debuxada nos planos da traza da estrada.

3.- SOLO DE NÚCLEO RURAL

Nos planos de ordenación aportados se indican as aliñacións en núcleo rural, así como a liña de afección. Polo contrario non se aporta a liña límite de edificación que deberá fixarse como liña de recuado obrigatorio nos núcleos rurais, nas zonas non consolidadas pola edificación.

No núcleo de Outón obsérvase un estreitamento entre aliñacións, o que non está xustificado e é incompatible coa lexislación vixente segundo a categoría da estrada.

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Telf.: 981 544 564
Fax.: 981 544 543
Correo-e: cmati.infraestruturas@xunta.es

4.- SOLO URBANIZABLE.

Variante de Carballo: segue a existir un conflicto entre o solo rústico de protección de infraestructuras vinculado á variante de Carballo e o solo urbanizable SUR-D S-I2, debendo prevalecer a clasificación do solo rústico.

Visto o que antecede procede informar o documento presentado **desfavorablemente**, debendo subsanarse as deficiencias detectadas e remitir novamente o expediente a esta Axencia Galega de Infraestruturas para a emisión de novo informe.

SANTIAGO DE COMPOSTELA, a 4 de xullo de 2013

O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos

José Manuel Guerra Janeiro

VºBº
O Xefe da Área de Planificación e Programación

Héctor Presas Veiga

O Xefe de Servizo de Planificación e Programación

Carlos Lefler Gullón

Conforme
A Directora da Axencia Galega de Infraestruturas

Ethel Vázquez Mourelle

– OTM
– Milagros

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Telf.: 981 544 564Fax.: 981 544 543
Correo-e: cmati.infraestruturas@xunta.es

axencia galega de infraestruturas axi

galicia

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO XERAL
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Data 06/03/2014 11:09:12
SAÍDA 21477 / RX 145139

SR. ALCALDE-PRESIDENTE

Praza do Concello, s/n

15102 CARBALLO (AC)

Ass/Bvfc

CONCELLO DE CARBALLO
N.º Rexistro: 2736
DATA: 11 MAR 2014
ENTRADA

Achégase informe da Axencia Galega de Infraestruturas relativo ó ***"PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE CARBALLO (AC)".*** Xúntase Normativa Reguladora (661)

Santiago de Compostela, 05 de marzo 2014

A Xefa de Sección de Planificación e Programación,

Agueda Silva Seoane

DE ASIS A COMPOSTELA

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Telf.: 981 544 564
Fax.: 981 544 543
Correo-e: cmati.infraestruturas@xunta.es

axencia galega de infraestruturas axi

galicia

INFORME DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS Ó PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE CARBALLO

Documento: PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE CARBALLO
Promotor: CONCELLO DE CARBALLO
Redactor: Carballada y Asociados, S.L.

Estradas autonómicas afectadas:

Código	Denominación	Categoría	Lonxitude afectada (km)
AG-55	A Coruña-Carballo	Vía de Alta Capacidade Autonómica	9,290
AC-552	A Coruña (A Grela)-Cee(AC-550)	Rede Primaria Básica	7,840
AC-400	Sigrás (N-550)-Muros	Rede Primaria Complementaria	3,63
AC-413	Ordes-Carballo	Rede Primaria Complementaria	9,760
AC-414	Carballo (Enlace AG-55)-Malpica	Rede Primaria Complementaria	5,940
AC-416	Carballo-Carballo (AC-414)	Rede Primaria Complementaria	1,350
AG-1.4	Carballo-Baio	Vía de Alta Capacidade Autonómica	En exec.
	Variante de Carballo	Vía de Alta Capacidade Autonómica	En proxecto

Con data 4 de xullo de 2013 foi emitido informe ó Plan Xeral de Ordenación municipal, indicando unha serie de modificacións que deberían ser introducidas no documento de tramitación.

Con data 07 de febreiro de 2014 ten entrada neste departamento autonómico un novo documento.

O novo documento aportado é un "Anexo xustificativo do PXOM de Carballo" en formato impreso, onde unicamente se aporta planos do termo municipal a escala 1/10.000 e unha relación dos núcleos nos que se procede a modificar as aliñacións, pero non se aporta o plano correspondente modificado.

Asemade inclúese un escrito no que se indica cómo foron integradas as determinacións do anterior informe no PXOM.

DE ASÍS A COMPOSTELA · 1214 · 2014 · 800 ANIVERSARIO

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Telf.: 981 544 564
Fax.: 981 544 543
Correo-e: cmati.infraestruturas@xunta.es

axencia galega de infraestruturas axi

galicia

Para poder avalialo, deberá presentarse un documento completo en formato dixital e/ou impreso, ás escalas axeitadas, tendo en conta ademais que se segundo se indica no escrito o novo PXOM xa foi adaptado á Lei 8/2013 de estradas de Galicia.

Por último, e tendo en conta a aplicación da nova lei de estrada, lei 8/2013, para adaptar a normativa do PXOM ós preceptos da nova Lei 8/2013, deberanse incluír nela as prescricións recollidos no modelo de normativa referida á Rede Autonómica de Estradas de Galicia que se xunta como anexo a este informe.

Visto o que antedece procede informar o documento presentado **desfavorablemente.**

SANTIAGO DE COMPOSTELA, a 3 de marzo de 2014

O Xefe de Servizo de Planificación e Programación

Carlos Lefler Gullón

VºBº
O Xefe da Área de Planificación e Programación

Héctor Presas Veiga

Conforme
A Directora da Axencia Galega de Infraestruturas

Ethel Vázquez Mourelle

DE ASIS A COMPOSTELA 1214 · 2014

Nº 661

NORMATIVA REGULADORAS EN RELACIÓN Á REDE AUTONÓMICA DE ESTRADAS DE GALICIA

1 ORDENACIÓN DE SISTEMAS 3
1.1 CLASIFICACIÓN DAS ESTRADAS 3
1.2 CONDICIÓNS DA REDE DE ESTRADAS AUTONÓMICAS E LOCAIS 3
1.2.1 ZONA DE DOMINIO PÚBLICO 3
1.2.2 ZONAS DE PROTECCIÓN DA ESTRADA E LIÑA LÍMITE DE EDIFICACIÓN 4
1.2.2.1 ZONA DE SERVIDUME 4
1.2.2.2 ZONA DE AFECCIÓN 5
1.2.2.3 LIÑA LÍMITE DE EDIFICACIÓN 5
2 ORDENANZAS REGULADORAS DO SOLO URBANO 6
2.1 CONDICIÓNS DE PARCELACIÓN 6
2.2 CONDICIÓNS DE POSICIÓN 6
2.2.1 POSICICIÓN DA EDIFICACIÓN 6
2.2.2 POSICIÓN DO PECHE 6
2.3 CONDICIÓNS DE ACCESO 6
3 ORDENANZAS REGULADORAS DO SOLO DE NÚCLEO RURAL 7
3.1 CONDICIÓNS DE PARCELACIÓN 7
3.2 CONDICIÓNS DE POSICIÓN 7
3.2.1 POSICICIÓN DA EDIFICACIÓN 7
3.2.2 POSICIÓN DO PECHE 7
3.3 CONDICIÓNS DE ACCESO 8
4 ORDENANZAS REGULADORAS DO SOLO URBANIZABLE 9
4.1 CONDICIÓNS DE PARCELACIÓN 9
4.2 CONDICIÓNS DE POSICIÓN 9
4.2.1 POSICICIÓN DA EDIFICACIÓN 9
4.2.2 POSICIÓN DO PECHE 9
4.3 CONDICIÓNS DE ACCESO 9
5 ORDENANZAS REGULADORAS DO SOLO RÚSTICO 10
5.1 CONDICIÓNS DE PARCELACIÓN 10
5.2 CONDICIÓNS DE POSICIÓN 10
5.2.1 POSICICIÓN DA EDIFICACIÓN 10
5.2.2 POSICIÓN DO PECHE 10
5.3 CONDICIÓNS DE ACCESO 10

1 ORDENACIÓN DE SISTEMAS

1.1 CLASIFICACIÓN DAS ESTRADAS

As estradas autonómicas e locais clasifícanse,en atención ás súas características técnicas, segundo se dispón no artigo 4 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia. En atención ás súas características funcionais, as estradas autonómicas clasificaranse segundo estableza a normativa de desenvolvemento da antedita lei.

1.2 CONDICIÓNS DA REDE DE ESTRADAS AUTONÓMICAS E LOCAIS

1.2.1 ZONA DE DOMINIO PÚBLICO

1. A zona de dominio público está integrada polos terreos ocupados por todos os elementos do dominio público viario adquiridos por título lexítimo pola administración titular.

2. A zona de dominio público adxacente é a parte da zona de dominio público formada polos terreos adxacentes ás estradas e aos seus elementos funcionais, adquiridos por título lexítimo pola administración titular pero non ocupados directamente pola explanación das estradas ou pola dos seus elementos funcionais. Para estes efectos a distancia entre a aresta exterior da explanación correspondente ás calzadas e elementos funcionais previstos e o límite exterior da zona de dominio público adxacente, medida horizontal e ortogonalmente desde a primeira, non poderá ser superior a:

a) 15 metros no caso de autovías, autoestradas e vías para automóbiles.

b) 10 metros no caso de estradas convencionais e elementos funcionais.

3. Na zona de dominio público só serán autorizables aqueles usos, obras, instalacións ou actividades indicados como tales no artigo 43 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia.

4. A execución de obras, instalacións ou a realización de calquera outra actividade na zona de dominio público da estrada está suxeita ao deber de obter a correspondente autorización, previamente ó outorgamento da licenza municipal, no seu caso, salvo que expresamente sexa permitida pola Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia ou polo seu regulamento.

5. A competencia para autorizar a execución de obras, instalacións ou a realización de calquera outra actividade na zona de dominio público da estrada correspóndelle á administración titular da estrada.

No caso de obras, instalacións ou actividades, non executadas pola administración titular da estrada, na parte da zona de dominio público dos treitos urbanos distinta das calzadas e das súas beiravías, as anteditas autorizacións serán outorgadas polos concellos, logo do informe vinculante da administración titular da estrada. Ese informe será tamén preciso no caso de obras que vaia realizar o propio concello.

6. As limitacións á propiedade e á titularidade doutros dereitos establecidos para a zona de dominio público serán efectivas tamén para os terreos afectados por actuacións previstas, logo de aprobados definitivamente os anteproxectos, proxectos de trazado ou proxectos de construción correspondentes.

1.2.2 ZONAS DE PROTECCIÓN DA ESTRADA E LIÑA LÍMITE DE EDIFICACIÓN

1. Para a protección do dominio público viario e a debida prestación do servizo público viario, ademais da zona de dominio público, establécense as zonas de protección da estrada denominadas de servidume e de afección, así como o trazado da liña límite de edificación.

2. Para os efectos do réxime xurídico de protección do dominio público viario, os ramais de enlace e as vías de xiro de intersección terán a consideración de estradas convencionais.

3. Cando pola proximidade das calzadas, enlaces e outros supostos, as zonas de dominio público, de servidume ou de afección se superpoñan entre elas, prevalecerá en todo caso o réxime establecido para a zona de dominio público sobre a de servidume e o desta sobre a de afección, calquera que sexa a estrada ou elemento funcional determinante.

4. Non se establecen nin zonas de protección da estrada nin liña límite de edificación nos seguintes casos:

a) Nos terreos clasificados como urbanos.

b) Nos terreos clasificados como de núcleo rural, cando a administración titular da estrada teña informado favorablemente sobre a súa delimitación e a súa ordenación urbanística.

5. A execución de obras, instalacións ou a realización de calquera outra actividade nas zonas de protección da estrada está suxeita ao deber de obter a correspondente autorización, previamente ó outorgamento da licenza municipal, no seu caso, salvo que expresamente sexa permitida pola Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia ou polo seu regulamento.

6. A competencia para autorizar a execución de obras, instalacións ou a realización de calquera outra actividade nas zonas de protección da estrada correspóndelle á administración titular da estrada.

7. As limitacións á propiedade e á titularidade doutros dereitos establecidos para as zonas de protección e pola liña límite de edificación serán efectivas tamén para os terreos afectados por actuacións previstas, logo de aprobados definitivamente os anteproxectos, proxectos de trazado ou proxectos de construción correspondentes.

1.2.2.1 ZONA DE SERVIDUME

1. A zona de servidume está formada por dúas franxas de terreo, unha a cada beira da estrada, delimitadas interiormente polas liñas exteriores da zona de dominio público e exteriormente por dúas liñas paralelas aos devanditos límites e medidas horizontal e ortogonalmente desde eles, a unha distancia de:

a) 10 metros no caso de autoestradas, autovías e vías para automóbiles.

b) 2 metros no caso de estradas convencionais e elementos funcionais.

2. Na zona de servidume só serán autorizables aqueles usos, obras, instalacións ou actividades indicados como tales no artigo 44 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia.

3. No caso de existiren túneles, pontes, viadutos, estruturas ou obras similares, os terreos comprendidos entre a proxección ortogonal das liñas exteriores de delimitación das obras sobre o terreo que non formen parte da zona de dominio público formarán parte da zona de servidume.

1.2.2.2 ZONA DE AFECCIÓN

1. A zona de afección está formada por dúas franxas de terreo, unha a cada beira da estrada, delimitadas interiormente polas liñas exteriores da zona de servidume e exteriormente por dúas liñas paralelas ás arestas exteriores da explanación e medidas horizontal e ortogonalmente desde elas, a unha distancia de:

a) 100 metros no caso de autoestradas, autovías e vías para automóbiles.

b) 30 metros no caso de estradas convencionais e elementos funcionais.

2. Na zona de afección só serán autorizables aqueles usos, obras, instalacións ou actividades indicados como tales no artigo 45 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia.

3. No caso de existiren túneles, pontes, viadutos, estruturas ou obras similares, as liñas exteriores de delimitación das obras asumirán a función das arestas exteriores da explanación para os efectos da determinación da zona de afección.

1.2.2.3 LIÑA LÍMITE DE EDIFICACIÓN

1. A liña límite de edificación está situada a ambas as dúas beiras da estrada cun trazado que discorre paralelo ás liñas exteriores de delimitación das calzadas a unha distancia, medida horizontal e ortogonalmente a aquelas, de:

a) 50 metros no caso de autoestradas, autovías e vías para automóbiles.

b) 15 metros no caso de estradas convencionais e elementos funcionais.

2. No suposto de que as distancias establecidas no punto anterior queden incluídas dentro da zona de dominio público ou da zona de servidume, a liña límite de edificación establecerase na liña límite exterior da zona de servidume.

3. A administración titular da rede de estradas poderá excepcionalmente tramitar un expediente de redución das distancias sinaladas neste artigo, fóra dos treitos urbanos, sempre que quede garantida a ordenación das marxes da estrada, o adecuado control dos seus accesos e a seguridade viaria, cando nunha estrada, ou en treitos concretos dela, as características do lugar fagan extraordinariamente dificultoso respectar as distancias sinaladas.

Serán trámites preceptivos na tramitación do expediente a emisión dun informe vinculante por parte da consellaría competente en materia de estradas e a dun informe do concello polo que discorra a estrada ou treito. A resolución do expediente publicarase no Diario Oficial de Galicia.

4. Entre a estrada e a liña límite de edificación só serán autorizables aqueles usos, obras, instalacións ou actividades compatibles co indicado no artigo 46 e na disposición adicional primeira da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia.

2 ORDENANZAS REGULADORAS DO SOLO URBANO

2.1 CONDICIÓNS DE PARCELACIÓN

Nas parcelas lindeiras con estradas de titularidade autonómica só se permitirán parcelacións cando todas as parcelas resultantes teñan resolto o seu acceso a través:

a) Doutros viais públicos que non sexan de titularidade autonómica

b) Dun acceso único a través da estrada autonómica, autorizado pola súa administración titular, cando a finca orixinal non conte con posibilidade de acceso alternativo a través doutros viais públicos. En todo caso, poderán ser independentes a entrada e a saída á estrada.

2.2 CONDICIÓNS DE POSICIÓN

2.2.1 POSICICIÓN DA EDIFICACIÓN

As edificacións e outras construcións nas marxes das estradas autonómicas non se situarán máis próximas a estas que a aliñación de edificación sinalada nos planos de ordenación.

Non se admitirán voos sobre as aliñacións de edificación que dan fronte ás estradas autonómicas.

2.2.2 POSICIÓN DO PECHE

Os peches de parcelas nas marxes das con estradas de titularidade autonómica, calquera que sexa a súa tipoloxía, poderán situarse nas aliñacións oficiais exteriores.

2.3 CONDICIÓNS DE ACCESO

Será requisito para o establecemento de accesos ás estradas autonómicas a obtención previa da autorización do órgano competente da administración titular da estrada.

O outorgamento da antedita autorización de acceso será requisito previo para a obtención da correspondente licenza municipal para realizar calquera tipo de edificación na parcela, agás no caso de que se dispoña dun acceso alternativo que non se realice a través da estrada autonómica.

3 ORDENANZAS REGULADORAS DO SOLO DE NÚCLEO RURAL

3.1 CONDICIÓNS DE PARCELACIÓN

1. Nas parcelas lindeiras con estradas de titularidade autonómica só se permitirán parcelacións cando todas as parcelas resultantes teñan resolto o seu acceso a través doutros viais públicos que non sexan de titularidade autonómica.

En consecuencia, non se permitirán parcelacións no caso das parcelas que conten con acceso a través dalgunha estrada de titularidade autonómica.

2. Será requisito, para a realización de parcelacións nas zonas de servidume e afección das estradas autonómicas, a obtención previa da autorización do órgano competente da administración titular da estrada, agás que este teña recoñecidos como treito urbano, ós efectos da lexislación sectorial en materia de estradas, os terreos nos que se pretenda realizar aquela.

3.2 CONDICIÓNS DE POSICIÓN

3.2.1 POSICICIÓN DA EDIFICACIÓN

1. As edificacións e outras construcións nas marxes das estradas autonómicas non se situarán máis próximas a estas que a aliñación de edificación sinalada nos planos de ordenación.

Non se admitirán voos sobre as aliñacións de edificación que dan fronte ás estradas autonómicas.

2. Será requisito para o outorgamento da correspondente licenza municipal para a execución de todo tipo de edificacións e outras construcións nas zonas de servidume e afección das estradas autonómicas, a obtención previa da autorización do órgano competente da administración titular da estrada, agás que este teña recoñecidos como treito urbano, ós efectos da lexislación sectorial en materia de estradas, os terreos nos que se pretendan realizar aquelas.

3.2.2 POSICIÓN DO PECHE

1. A posición dos peches de parcelas nas marxes das estradas de titularidade autonómica, segundo a súa tipoloxía, rexerase polas seguintes condicións:

a) Os peches completamente diáfanos, sobre piquetes sen cimentación de obra de fábrica, por circunstancias de aproveitamento agrícola ou gandeiro debidamente acreditadas, poderán situarse no borde da parcela.

b) Os peches diáfanos, con cimentación de obra de fábrica que non sobresaia máis de cincuenta centímetros (50 cm) en ningún punto da rasante do terreo, non poderán situarse entre a estrada e a liña máis alonxada dela que resulte de comparar a situación da aliñación oficial exterior coa dunha liña paralela ó borde da parcela a unha distancia de dous metros (2 m) medida horizontal e ortogonalmente dende aquela.

c) O resto de peches non diáfanos ou de obra de fábrica, non poderán situarse máis próximos á estrada que a aliñación de edificación.

2. Será requisito para o outorgamento da correspondente licenza municipal para a execución de peches nas zonas de servidume e afección das estradas autonómicas, a obtención previa da autorización do órgano competente da administración titular da estrada, agás que este teña recoñecidos como treito urbano, ós efectos da lexislación sectorial en materia de estradas, os terreos nos que se pretenda realizar aquela.

3.3 CONDICIÓNS DE ACCESO

Será requisito para o establecemento de accesos ás estradas autonómicas a obtención previa da autorización do órgano competente da administración titular da estrada.

O outorgamento da antedita autorización de acceso será requisito previo para a obtención da correspondente licenza municipal para realizar calquera tipo de edificación na parcela, agás no caso de que se dispoña dun acceso alternativo que non se realice a través da estrada autonómica.

4 ORDENANZAS REGULADORAS DO SOLO URBANIZABLE

4.1 CONDICIÓNS DE PARCELACIÓN

1. Nas parcelas lindeiras con estradas de titularidade autonómica só se permitirán parcelacións cando todas as parcelas resultantes resolvan o seu acceso a través doutros viais públicos que non sexan de titularidade autonómica.

En consecuencia, non se permitirán parcelacións no caso das parcelas que conten con acceso a través dalgunha estrada de titularidade autonómica.

2. Será requisito para a realización de parcelacións nas zonas de servidume e afección das estradas de titularidade autonómica a obtención previa da autorización do órgano competente da administración titular da estrada.

4.2 CONDICIÓNS DE POSICIÓN

4.2.1 POSICICIÓN DA EDIFICACIÓN

1. Entre as estradas de titularidade autonómica e a liña límite de edificación, segundo a establece a lexislación sectorial en materia de estradas autonómicas, prohíbese calquera tipo de construción de nova planta, por encima ou por debaixo da rasante do terreo.

Non se admitirán voos sobre as liñas límites de edificación que dan fronte ás estradas autonómicas.

2. Será requisito para o outorgamento da correspondente licenza municipal para a execución de todo tipo edificacións e outras construcións nas zonas de servidume e afección das estradas autonómicas a obtención previa da autorización do órgano competente da administración titular da estrada.

4.2.2 POSICIÓN DO PECHE

1. A posición dos peches de parcelas nas marxes das estradas de titularidade autonómica rexerase pola lexislación e normativa sectorial aplicable en materia de estradas.

2. Será requisito para o outorgamento da correspondente licenza municipal para a execución de peches nas zonas de servidume e afección das estradas de titularidade autonómica a obtención previa da autorización do órgano competente da administración titular da estrada.

4.3 CONDICIÓNS DE ACCESO

Será requisito para o establecemento de accesos ás estradas autonómicas a obtención previa da autorización do órgano competente da administración titular da estrada.

O outorgamento da antedita autorización de acceso será requisito previo para a obtención da correspondente licenza municipal para realizar calquera tipo de edificación na parcela, agás no caso de que se dispoña dun acceso alternativo que non se realice a través da estrada autonómica.

5 ORDENANZAS REGULADORAS DO SOLO RÚSTICO

5.1 CONDICIÓNS DE PARCELACIÓN

1. Nas parcelas lindeiras con estradas de titularidade autonómica só se permitirán parcelacións cando todas as parcelas resultantes resolvan o seu acceso a través doutros viais públicos que non sexan de titularidade autonómica.

En consecuencia, non se permitirán parcelacións no caso das parcelas que conten con acceso a través dalgunha estrada de titularidade autonómica.

2. Será requisito para a realización de parcelacións nas zonas de servidume e afección das estradas de titularidade autonómica a obtención previa da autorización do órgano competente da administración titular da estrada.

5.2 CONDICIÓNS DE POSICIÓN

5.2.1 POSICICIÓN DA EDIFICACIÓN

1. Entre as estradas de titularidade autonómica e a liña límite de edificación, segundo a establece a lexislación sectorial en materia de estradas autonómicas, prohíbese calquera tipo de construción de nova planta, por encima ou por debaixo da rasante do terreo.

Non se admitirán voos sobre as liñas límites de edificación que dan fronte ás estradas autonómicas.

2. Será requisito para o outorgamento da correspondente licenza municipal para a execución de todo tipo edificacións e outras construcións nas zonas de servidume e afección das estradas autonómicas a obtención previa da autorización do órgano competente da administración titular da estrada.

5.2.2 POSICIÓN DO PECHE

1. A posición dos peches de parcelas nas marxes das estradas de titularidade autonómica rexerase pola lexislación e normativa sectorial aplicable en materia de estradas.

2. Será requisito para o outorgamento da correspondente licenza municipal para a execución de peches nas zonas de servidume e afección das estradas de titularidade autonómica a obtención previa da autorización do órgano competente da administración titular da estrada.

5.3 CONDICIÓNS DE ACCESO

Será requisito para o establecemento de accesos ás estradas autonómicas a obtención previa da autorización do órgano competente da administración titular da estrada.

O outorgamento da antedita autorización de acceso será requisito previo para a obtención da correspondente licenza municipal para realizar calquera tipo de edificación na parcela, agás no caso de que se dispoña dun acceso alternativo que non se realice a través da estrada autonómica.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Cultura
Dirección Xeral do Patrimonio Cultural

Edificio Administrativo San Caetano. Bloque 3 -2º
15781-SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 54 00

galicia

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO XERAL
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Data 16/05/2014 14:04:14
SAÍDA 47288 / RX 399449

Exp.: 2013/635
Asunto: Plan xeral de ordenación municipal do concello de Carballo.

En virtude do establecido no artigo 85.3 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural e no artigo 32 da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia, xúntolle o informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do día 28 de abril de 2014, relativo ao Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Carballo.

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2014
O subdirector xeral de Protección do Patrimonio Cultural

Juan Antonio Naveira Seoane

CONCELLO DE CARBALLO
Libro Xeral de Entrada
2014005841
20-05-2014 10:24
07617416057710253754
Oficio
OTM OFICINA TECNICA

Sr. Alcalde do Concello de Carballo
Praza do Concello s/n
15100 Carballo (A Coruña)

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Cultura
Dirección Xeral do Patrimonio Cultural

Edificio Administrativo San Caetano. Bloqu
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 545 400
Fax: 981 544 830

CONCELLO DE CARBALLO
Libro Xeral de Entrada
2014005841
20-05-2014 10:24
07614410431457152077
Informe
OTM
OFICINA TECNICA

INFORME DA DIRECCIÓN XERAL DO PATRIMONIO CULTURAL RELATIVO AO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE CARBALLO (A CORUÑA).

Ámbito: Termo municipal de Carballo, provincia da Coruña
Autor: *Fernández Carballada e Asociados S.L.P.* Álvaro Fernández Carballada (Arquitecto).
Promotor: Concello de Carballo
Expediente: 2013/635

ANTECEDENTES

Con data de 18 de febreiro de 2013, tivo entrada no Rexistro Portelo Único do Concello de Carballo, un oficio dirixido á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, solicitando informe sectorial sobre o *PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE CARBALLO*, ao que se xunta unha copia en formato dixital do documento aprobado inicialmente no Pleno Municipal, en sesión extraordinaria do 10 de xaneiro de 2013.

Con data de 25 de febreiro de 2013, o Servizo de Planeamento e Inventario, require do concello a remisión dunha copia completa do documento en papel, debidamente dilixenciada, ou en soporte dixital coa correspondente sinatura.

Con data de 13 de marzo de 2013, achégase *copia do documento do PXOM en soporte dixital (DVD) dilixenciado, xunto con 3 planos en papel: ISA-03, ISA-02.3 e ISA-02.2 (que polo tamaño non collen no DVD) tamén dilixenciados, aos efectos de poder emitir o informe correspondente.* Documentación remitida o día 20 de marzo, ao Servizo de Patrimonio Cultural da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria na Coruña.

Con data de 26 de decembro de 2013, o Servizo de Patrimonio Cultural, remite os informes elaborados polos SS.TT. de arqueoloxía e arquitectura da Xefatura Territorial da Coruña, en relación co asunto de referencia.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

- Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español.
- Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia.
- Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.
- Lei 3/1996, do 10 de maio, de protección dos camiños de Santiago.
- Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.
- Lei 5/2006, do 30 de xuño, para a protección, conservación e mellora dos ríos galegos.
- Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.
- Decreto do 22 de abril de 1949 sobre os castelos españois.
- Decreto 571/1963, do 14 de marzo, sobre protección dos escudos, emblemas, pedras heráldicas, rolos de xustiza, cruces de termo e pezas similares de interese histórico-artístico.
- Decreto 449/1973, do 22 de febreiro, polo que se colocan baixo a protección do Estado os "hórreos" ou "cabazos" antigos existentes en Galicia e Asturias.
- Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal.
- Decreto 232/2008, do 2 de outubro, sobre o Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia.
- Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as directrices de ordenación do territorio.
- Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral de Galicia.

Edificio Administrativo San Caetano. Bloque 3 - 2º
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 545 400
Fax: 981 544 830

- Lei 5/2006, do 30 de xuño, para a protección conservación e mellora dos ríos galegos, que declara de interese xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a conservación dos bens de patrimonio cultural vinculados a eles.

INFORME

O presente informe emítese en virtude do establecido polo artigo 85.3 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural, que establece a obriga para a administración municipal de solicitar ás administracións públicas competentes os informes sectoriais que resulten necesarios e polo artigo 32 da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia, que establece que a Consellería de Cultura deberá ser informada dos plans, programas e proxectos que pola súa incidencia sobre o territorio poidan implicar risco de destrución ou deterioración do patrimonio cultural de Galicia, así como a obriga para a Consellería de Cultura de establecer aquelas medidas protectoras e correctoras que considere necesarias para a protección do patrimonio cultural de Galicia.

Asemade emítese vistos os informes de arqueoloxía e arquitectura de datas 11 e 22 de decembro de 2013, do Departamento Territorial da Consellería de Cultura na Coruña, en relación co documento de referencia, que constan no expediente.

Descrición do expediente

O **Plan Xeral de Ordenación Municipal de Carballo**, consta dos seguintes documentos:

Tomo I	Memoria xeral
Tomo II	Estudo medio rural
Tomo III	Análise do asentamento poboacional
Tomo IV	ISA (Informe de sustentabilidade ambiental)
Tomo V	Planos de Información urbanística
Tomo VI	Planos de Ordenación.
Tomo VII	Planos de Ordenación. Núcleos urbanos
	Planos de Ordenación. Núcleos rurais
Tomo VIII	Normativa
	Fichas de desenvolvemento
Tomo IX	Estudio de Actuación e Estudio Económico
Tomo X	Catálogo de protección
Tomo XI	Ordenacións detalladas

O **Tomo X** divídese en 5 ficheiros:

X.**a** protección arqueolóxica;

X.**c** protección arquitectónica, conxunto de hórreos;

X.**d** protección dos asentamentos, rutas culturais, protección natural, e

X.**b.1** (protección dos asentamentos) e X.**b.2** (rutas culturais e protección natural) que repiten en dous ficheiros o contido do ficheiro Tomo X.**d,** que figura no CD aportado coa documentación que tivo entrada o 21.02.2013.

Dende o punto de vista da protección do patrimonio, dado o erro de contido dos ficheiros dos tomos X.**b.1** e X.**b.2**, analízase o contido do ficheiro do catálogo arquitectónico sen dilixenciar.

O artigo 32 da Lei 8/1995 establece a competencia da Consellería de Cultura para establecer sobre calquera figura relativa ao planeamento urbanístico, todas aquelas medidas protectoras e correctoras que considere necesarias para a protección do patrimonio cultural de Galicia.

En virtude da dita competencia emítese o seguinte informe sobre a incidencia que a ordenación proposta polo presente PXOM poda ter sobre a conservación do patrimonio cultural existente no

seu ámbito de aplicación, independentemente de que este patrimonio se atope sometido ou non a algún dos réximes de protección cultural establecidos na propia Lei 8/1995.

A incidencia sobre a conservación dos elementos patrimoniais poderá producirse pola súa inclusión ou non no Catalogo de Elementos a Conservar regulado no artigo 75 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, polo nivel de protección e tipo de obras permitidas que dito catálogo lles estableza e pola incidencia que a ordenación proposta poda ter na conservación das condicións ambientais ou culturais do seu contorno inmediato.

Incidencia da actuación sobre o patrimonio cultural de Galicia

O presente informe estruturase en dous apartados:

A.-Respecto do patrimonio arquitectónico e etnográfico.

B.- Respecto do patrimonio arqueolóxico.

A.- RESPECTO DO PATRIMONIO ARQUITECTÓNICO E ETNOGRÁFICO

Este apartado divídese á súa vez en tres partes independentes e complementarias entre si, que reflicten os tres niveis de incidencia sinalados anteriormente, segundo os seguintes subapartados:

I. DOS BENS A PROTEXER E O CATÁLOGO
- I.1 Bens de interese cultural
- I.2 Outros bens obxecto de protección
- I.3 O Catálogo
  - I.3.1. A estrutura da información
  - I.3.2. Elementos incluídos
  - I.3.3. Erros particulares

II. DA NORMATIVA DE PROTECCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL
- II.1. Determinacións específicas de protección (Titulo IV da Normativa)
- II.2. Outras determinacións

III. DA ORDENACIÓN
- III.1 Solo urbano
- III.2 Solo de núcleo rural
- III.3 Solo urbanizable
- III.3 Solo rústico

I. DOS BENS A PROTEXER

En primeiro lugar compróbase a existencia de elementos que deberán incluírse no Catalogo do PXOM por estaren sometidos na actualidade a algún réxime de protección cultural, independentemente daqueles outros que o propio Concello ou o equipo redactor, consideren de interese cultural suficiente para seren tamén incluídos no sinalado catálogo.

Seguidamente analízase a proposta de catálogo formulada (estrutura, elementos incluídos e contidos das fichas), e os erros que se detecten en cada unha das fichas que nel se recollen.

I.1. Bens de Interese Cultural (BIC)

No termo municipal de Carballo existen elementos afectados polo Decreto 571/1963, de 14 de marzo, sobre **protección dos escudos**, emblemas, pedras heráldicas, rolos de xustiza, **cruces de termo** e pezas similares de interese histórico-artístico, e o Decreto 449/1973, de 22 de febreiro, polo que se colocan baixo a protección do estado os "**hórreos**" ou "cabazos" antigos existentes en Galicia e Asturias.

A estes inmobles correspóndelles a categoría de Ben de Interese Cultural por aplicación da Disposición Adicional 1ª da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia, en relación coa mesma disposición da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español. A condición de BIC destes bens queda reflectida nas correspondentes fichas do catálogo.

Nas fichas relaciónanse algúns escudos ou pedras de armas: escudo e reloxo do Pazo de Gontade (AC-0201), escudo no pazo de Vilardefrancos (AC-303), escudo no Pazo de Louride (AC-1501), escudo na Casa Grande de Casal de Perros (AC-1502), e casa con escudo na Pereira (AC-1102). No apartado de observacións das fichas dos inmobles, indícase que *o escudo conta coa categoría de Ben de Interese Cultural.*

Ademais identifícanse no referido catálogo, 22 hórreos aos que se lle atribúe a categoría de BIC e 18 cruces, cruceiros ou petos de ánimas; cada un deles coa súa correspondente ficha.

O tomo X.**c**, inclúe unhas fichas por parroquias, nas que se localizan e se establécese unha protección xenérica para os hórreos. Inclúe un plano con un código de identificación correlativo en vermello composto de 5 números (170064). No apartado da categoría distingue entre BIC e inventariados, atribuíndolle un nivel de protección integral aos primeiros e estrutural aos demais. Nas observacións indícase que : *Son BIC os hórreos con máis de 100 anos de antigüidade (Decreto 449/1973, do 22 de febreiro) e os que teñan ficha individualizada no catálogo.*

I.2. Outros bens obxecto de protección

No listado de elementos incluídos na proposta de catálogo do documento do PXOM aprobado inicialmente, **non se incluíron algúns dos elementos** do Inventario Xeral de Patrimonio Cultural, **relacionados na lista remitida por esta Consellería de Cultura** ao Concello de Carballo. Ditos inmobles, que deberán ser conservados por formar parte do patrimonio etnográfico e cultural de interese xeral, son os seguintes:

- Muíño de Cheda. Berdillo — UTE X.529221 Y.4787367
- Casa na Carballeira de San Campio. Caces — UTE X.521190 Y.4788387
- Casa de pardiñas en Cambrelle. Razo — UTE X.524517 Y.4792685
- Pozo na Praza. Sofán — UTE X.529448 Y.4783043

No Tomo I, Memoria Xeral, figura como anexo 4, un apartado no que se relacionan **elementos que foron excluídos do catálogo**, por considerar que non posúen valores culturais merecentes da súa recuperación ou dunha especial protección. Estes figuraban en anteriores catálogos de planeamento e no inventario da Dirección Xeral do Patrimonio cultural. Estámonos a referir aos seguintes:

- Casa reitoral de San Xurxo de Artes (Artes),
- Fonte da Praza do Concello, Carballo (Carballo)
- Fonte da Praza de Vigo, Carballo (Carballo).

No catálogo, **non se localizan ou identifican numerosos elementos** dos incluídos no referido Inventario Xeral de Patrimonio Cultural, e **que figuraban no catálogo do PXOM anterior**.

Xúntase como **Anexo I** ao presente informe, a relación destes inmobles para a súa revisión. Incorporaranse os que proceda dos mencionados, coa súa correspondente ficha, xustificando a exclusión dos restantes.

Tamén se considera necesario valorar a posible inclusión dalgún inmoble do núcleo urbano de Carballo. Xúntase como **Anexo II** unha relación de fotografías dos mesmos.

Faise referencia ao *Camiño de Santiago* en varios capítulos do documento: dentro da Memoria, no apartado 5.2.3, no Título IV, sección 3ª da normativa, etc. Débese eliminar esta referencia, xa que se trata dun ***camiño histórico***, o camiño real Fisterra - A Coruña.

I.3. O Catálogo

I.3.1. A estrutura da información

O catálogo inclúe un índice dos elementos que nel se conteñen, ordenados por parroquias con clave de identificación, denominación e lugar. As fichas conteñen os seguintes campos de datos: de Clasificación (clase de elemento, tipoloxía, clave de identificación), de identificación (denominación, localización, adscrición, coordenadas UTM, descrición), titularidade e uso, clase de solo e ordenanza de aplicación, e réxime de protección (categoría de protección, nivel de protección, estado de conservación, observacións, identificación das partes do elemento a protexer singularmente, melloras necesarias, réxime de obras prohibidas e permitidas). No apartado de información gráfica, ademais da imaxe do elemento inclúense, plano de situación coa delimitación de contorno de protección, denominado *área de influencia* e de emprazamento, e recóllese a referencia ao plano do PXOM no que se sitúa.

A estrutura e contido de información das fichas é o esixido pola consellería, debendo corrixirse os seguintes aspectos:

- Modificarase a denominación da "*área de influencia*", que debe pasar a denominarse "***contorno de protección***".
- A ficha debe incluír, cando menos, unha **fotografía que sexa representativa** tanto do ben, como da súa relación co contorno inmediato. Se o ben precisase mais pola súa importancia, tamaño ou pola presenza nel de elementos que merezan a súa descrición individual, deberán incorporarse as fotografías que sexan necesarias. Algunhas das fichas do catálogo carecen de fotografía, ou nalgúns casos, estas son de escasa calidade (CP-911, CP-1001, AC-1801, AC-703...), noutros resultan claramente escasas, especialmente cando se trata de conxuntos: como conxuntos de casas (CP-312, CP-714, CP-715, CP-802, CP-803...) ou parcelas con varias edificacións (casas grandes, reitorais). Deberase revisar o catálogo en relación co indicado (Por exemplo: CP-207, CP-209, CP-305, CP-302, CP-313, CP-402, AC-501, CP-517, CP-320, CP-621, CP-623, CP-62, CP-625, ER-610, AC-802, CP-517, CP-921, CP-922, ER-901, CP-1011, CP-1119, CP-1217,CP-1218, CP-1219, CP-1220, ER-1203, CP-1308, CP-1310,CP-1311,CP-1406, CP-1409, CP-1520, CP-1521, CP1522, CP-1721, CP-1722, CP-1723,...).
- En moitas das fichas **faltan** por cubrir **campos de datos**. Algunhas fichas carecen de descricións das edificacións ou elementos protexidos (CP-714, CP-715, AC-801,...) noutras non figura o nivel de protección (AC-305, CP-402, CP-1721, CP-1722, CP-1723...), ou outros campos como a ordenanza de aplicación, estado de conservación, elementos a protexer, etc....
- Débese ampliar o contido da **descrición das características construtivas**, nas fichas dos elementos de maior protección cultural.
- As fichas do Catálogo dos hórreos deberán ser completadas, cando menos coa descrición do nivel de protección, características tipolóxicas e fotografías significativas. Incorporarán en todo caso, un contorno de protección.

I.3.2. Elementos incluídos

No Catálogo do PXOM proposto, aínda que non se inclúen todos os bens da relación remitida ao concello pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, incorpóranse outros que previamente non estaban recoñecidos.

Engádese ao inventario o Camiño Real A Coruña-Fisterra / Vía Romana XX, identificado na planimetría e coa súa ficha correspondente.

I.3.3. Erros particulares

A relación de erros particulares detectados que se sinalan a continuación, non é exhaustiva, debendo servir de referencia para que o equipo redactor, ademais de emendar os que a continuación se sinalan, revise detalladamente o contido completo do catálogo:

- Tendo en conta que a lóxica estrutural e construtiva é unha das características tipolóxicas dos elementos de carácter etnográfico recollidos no catálogo proposto, deberá establecerse para todos eles, cando menos o nivel de protección estrutural. Este poderá ser integral nos casos de especial calidade ou singularidade, ou por razón da súa categoría de Ben de Interese Cultural (fichas CP-0208, CP-0214, CP-0215, CP-0305, ER-402, CP-0503, CP-0504, ER-502, CP-901, CP-903, CP-904, CP-905, CP-912, CP-920, CP-1102, CP-1103, CP-1105, CP- 1107, CP-1108, CP-1109, CP-1104, CP-1211, CP-1807....). Revisarase en xeral o nivel de protección para os muíños (polo seu tamaño ou por si posúen ou non vivenda, poden ter distintos niveis de protección).
- Nas ficha das vivendas na praza de Galicia e das vivendas Grupo San Xoán, deberá incorporarse unha descrición das características tipolóxicas orixinais dos inmobles (volumes, composición de fachadas, materiais). Estas servirán de referencia no momento de proxectarse intervencións sobre algún dos inmobles, e permitirán detectar intervencións anteriores descontextualizadas.
- Nas fichas dos pazos de Gontade (AC-0201), Vilardefrancos (AC-303), e Louride (AC-1501), así como nas fichas da Casa Grande de Casal de Perros (AC-1502), e da casa con escudo na Pereira (AC-1102); deberá de sinalarse, no apartado da ficha que corresponda (ou en ficha independente), que aos escudos se lles atribúe a categoría de Ben de Interese Cultural, en virtude do Decreto 571/1963, por aplicación da Disposición Adicional 1ª da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia, en relación coa mesma disposición da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español. Ampliarase a súa descrición, incluíndo polo menos, unha fotografía. O seu réxime de protección, ademais do que dispoña o planeamento será o establecido na LPCG para este tipo de bens. O nivel de protección será o integral.

II. DA NORMATIVA DE PROTECCIÓN

O PXOM proposto recolle no título IV da Normativa, denominado Condicións de protección do patrimonio cultural, natural, do medio ambiente e das infraestruturas territoriais, o conxunto de normas de protección para os elementos incluídos no seu Catálogo e os seus contornos.

II.1. Determinacións específicas da protección

Na Sección 2ª do Título IV, denominada *Protección do patrimonio de carácter arquitectónico*, regúlanse as determinacións referidas á protección dos elementos etnográficos e arquitectónicos.

Sobre o contido desta regulación, no referente aos elementos arquitectónicos ou etnográficos catalogados, compre sinalar o seguinte:

- No Art. 149, *Intervención en inmobles catalogados e no seu contorno de protección*, **disporase** que para calquera intervención no **contorno de protección dos bens** do catálogo, haberá que solicitar **autorización da consellería** competente en materia de patrimonio cultural, **nos seguintes supostos**:

- Todas as obras de nova edificación, construción ou instalación incluíndo as de carácter provisional.
- Todas as obras (de conservación, restauración, consolidación, rehabilitación, reestruturación ou ampliación) ou calquera outra intervención en edificios existentes, que se manifesten ao exterior (espazo público ou privado).
- As intervencións sobre a estrutura parcelaria existente (agregacións ou segregacións), os elementos construtivos configuradores da paisaxe ou do espazo urbano (peches, noiros,...) ou a topografía existente (movementos de terras).
- Os proxectos de urbanización.
- Os instrumentos de planeamento.
- Aquelas actividades ou usos suxeitos a licenza municipal con incidencia sobre os bens protexidos.
- As repoboacións forestais e as talas que pola superficie afectada teñan incidencia territorial.

- No artigo 150, deberá incluírse que as determinacións que conteñen as fichas do catálogo teñen carácter normativo e que constitúen, xunto co apartado de protección do patrimonio cultural, o marco normativo específico de protección do patrimonio cultural establecido polo plan.
- Os niveis de protección establecidos, integral, estrutural e ambiental, correspóndense cos sinalados pola Dirección Xeral.
- Na definición dada para a protección integral no artigo 150, deberá incluírse, que todos os elementos con declaración de ben de interese cultural estarán sometidos a este réxime de protección.

  Aos hórreos atribuiráselles a protección que lles corresponda, en función da súa categoría e/ou valores.
- O artigo 152, que recolle as obras permitidas nos diferentes niveis de protección, no apartado referido á protección ambiental, deberase completar co seguinte texto: A adicción de plantas só se permitirá no caso de que o dispoña a ordenanza de aplicación e na ficha se estableza de xeito expreso que se permite.
- A Sección 3ª refírese á *Protección do Camiño de Santiago e Camiños Históricos.* Dado que o camiño de Santiago non discorre polo municipio, deberá corrixirse o título, debendo ser a *Protección do Camiño Histórico.*

  O PXOM establece un réxime específico de protección para este camiño baseado na Lei 3/1996, de 10 de maio, de Protección dos Camiños de Santiago; concretando unhas zonas laterais de protección (franxa de 3 m.) e unha zona de protección do contorno (franxa de 30 m.)

  Esta Lei ten por obxecto a delimitación e regulación da conservación, uso e diferentes niveis de protección dos tramos dos camiños de Santiago, polo que non procede a súa aplicación ao camiño inventariado, o Camiño Real A Coruña-Fisterra / Vía Romana XX.

  Como ben integrante do patrimonio etnográfico, corresponderíalle un contorno de protección de 50 metros, en virtude do establecido no Decreto 232/2008, do 2 de outubro, sobre o Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia.

  Así mesmo, o referido decreto dispón que, en base a un estudo pormenorizado do contorno dos bens, a delimitación será individualizada, podendo tomarse como punto de partida as distancias establecidas para a delimitación xenérica, que deberá seguir as pegadas físicas existentes no territorio próximo (límites de parcelas, camiños, muros, cómaros, etc...). Neste seno, recoméndase delimitar o propio camiño como ben inventariado e sinalar como contorno de protección as parcelas situadas á súa

Edificio Administrativo San Caetano. Bloque 3 - 2º
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 545 400
Fax: 981 544 830

beira. No caso de que este atravesara núcleos, que no seu conxunto puidesen considerarse de interese etnográfico, ampliarase dito contorno.

As medidas de protección irán encamiñadas a preservar todos os elementos de carácter tradicional asociados a dito *Camiño Real*. A protección debe estenderse á ordenación mediante o establecemento dunha escala adecuada para as edificacións que se formulen. Esta será proporcionada á largura do camiño e harmoniosa coa das edificacións tradicionais que se conserven; debendo manterse o carácter histórico do camiño.

II.2. Outras determinacións

No artigo 11 indícase que *para detallar a ordenación en áreas limitadas ou precisar a regulación de materias específicas, o propio Plan Xeral ou algunha das figuras de planeamento referidas no artigo anterior* (Plan Parciais, de Sectorización ou Especiais), *poden ser complementadas mediante as seguintes figuras*: Estudos de Detalle, Ordenanzas Especiais e **Normas Especiais de Protección**.

Estas últimas, para *cando o cumprimento dos obxectivos xerais do Plan Xeral en materia de conservación e mellora do medio ambiente, dos valores naturais e patrimonio cultural, e especial dos edificios ou conxuntos urbanos, non requira a redacción de Plans Especiais, poderán ditarse Normas Especiais de Protección, dirixidas a desenvolver ou completar a regulación particularizada dos usos e clases de obras admisibles. Estas Normas incorporarán, no seu caso, os elementos ou bens afectos aos Catálogos de protección e mellora.*

Deberá de sinalarse expresamente na normativa, que deberán contar co informe previo desta Consellería de Cultura.

III. NO REFERENTE Á ORDENACIÓN

A ordenación debe ser coherente coa protección dos elementos patrimoniais de interese e non poñer en perigo os valores que encerra, nin menoscabar a apreciación dos bens dentro do seu contorno. Establecerá as medidas protectoras e correctoras necesarias e deberá ser axeitada á conservación dos seus valores culturais.

A tal fin, nos planos de ordenación pormenorizada de solo urbano e de núcleo rural, inclúese a identificación de todos os elementos do Catálogo do PXOM, situados en ditos ámbitos e delimítanse os seus contornos de protección; se ben deberá axustarse a grafía da **clave de identificación** nos planos, especialmente no solo urbano, ao ser un tanto confusa.

De seguido analízase polo miúdo a incidencia que a ordenación proposta polo PXOM poida ter sobre os elementos protexidos ou nos seus contornos de protección, referidas a ámbitos concretos:

III.1. Solo Urbano

1. Dada a escasa ou nula descrición dalgúns dos elementos protexidos que se atopan dentro do solo urbano (exemplo: CP-714, CP-715...), non é posible avaliar a incidencia que a norma zonal de aplicación terá sobre a edificación protexida. Compre completar o Catálogo (ver **Anexo II**) revisar o contido das fichas neste senso, incluír a ordenanza de aplicación e facer as observacións que sexan pertinentes para manter unha axeitada protección.
2. Deberase establecer que, nos solos afectados por contornos de protección de elementos protexidos, as liñas de ordenación propostas polo PXOM deberán contemplar os seguintes criterios xerais:
   - As edificabilidades propostas serán semellantes ás xa existentes no ámbito territorial no que se emprazan o elemento protexido, evitando deste xeito a aparición de tipoloxías edificatorias alleas a este.

- Os espazos libres emprazaranse na parte do ámbito delimitado máis próxima aos elementos protexidos.

3. Deberá sinalarse expresamente, en normativa e fichas, que os instrumentos de desenvolvemento urbanístico, contarán co informe previo desta Consellería de Cultura.

III.2. Solo Urbanizable

1. Deberá sinalarse expresamente, en normativa e ficha, que os instrumentos de desenvolvemento urbanístico deste ámbito deberán contar co informe previo desta Consellería de Cultura, concretamente na ficha correspondente a UU-R13.

III.3 Solo de Núcleo Rural

1. Dentro da regulación establecida no Título IX para as áreas de actuación integral en núcleos de solo rural, incorpóranse determinacións en relación cos ámbitos afectados por contornos de protección de elementos protexidos.
2. Na área a desenvolver mediante Plan Especial, AI-01 "A Praza" detectáronse elementos protexidos.
3. Deberá sinalarse expresamente, en normativa e ficha, que os instrumentos de desenvolvemento urbanístico destes ámbitos deberán contar co informe previo desta Consellería de Cultura.

III.3 Solo Rústico.

A regulación establecida no artigo 420 para as intervencións dentro dos contornos de elementos catalogados emprazados nesta categoría e a regulación establecida para os contornos de protección, no Título IV, Art. 157, semellan suficientes para unha axeitada protección dos elementos incluídos nestes categoría de solo.

Ademais, nas fichas de desenvolvemento, detectáronse elementos protexidos nos ámbitos de actuación ou próximos aos terreos, para obter e desenvolver os sistemas SX-EQ3, SX-VI9; se ben, enténdese que non suporán impedimento para o seu desenvolvemento. Asemade, outros elementos, CP-0703, CP-704, ER-704, poden resultar afectados polo desenvolvemento urbanístico, á vista dos planos que figuran no catálogo. Deberanse completar as fichas destes elementos, indicando todas as clases de solo, advertíndose que calquera actuación nestes ámbitos quedará supeditada á autorización do órgano competente da Consellería de Cultura.

B.- RESPECTO DO PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO

Este apartado estrutúrase do seguinte xeito:

I. O PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO NO DOCUMENTO DO PXOM
   a. O Catálogo no PXOM
      a.1. Bens de interese cultural
      a.2. O Catálogo
   b. Normativa urbanística
   c. Planos de Ordenación

I. O PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO NO DOCUMENTO DO PXOM

a. O Catálogo no PXOM

O documento presentado incorpora os traballos de prospección e delimitación dos xacementos arqueolóxicos realizados pola empresa de arqueoloxía ArcheoAtlántica (arqueólogos Carlos Vilches Martín e Ángel Marcelo Rodríguez Castro).

a.1. Bens de interese cultural

No termo municipal de Carballo, non se teñen localizados bens como covas, abrigos e lugares que conteñan manifestacións de arte rupestre, que poidan ser considerados BIC en virtude da disposición Adicional 1ª da Lei 8/1995, do Patrimonio Cultural de Galicia e do Art 40.2 da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español.

Si teñen a categoría de BIC, por aplicación do Decreto do 22 de abril de 1949, sobre protección dos castelos españois (BOE nº 125 de 5 de maio de 1949), os seguintes elementos arquitectónicos: AC-1603 PAZO / TORRE MEDIEVAL DE SOUTO, AC-0802 PAZO/ TORRE MEDIEVAL CASA GRANDE DE PAZOS, AC-0303 PAZO / TORRE MEDIEVAL PAZO DE VILAR DE FRANCOS. Nas fichas destes bens incorporaranse as cautelas arqueolóxicas que corresponda.

a.2. O catálogo

O catálogo inclúe un listado de elementos arqueolóxicos catalogados, no que coinciden o número de ficha co do inventario da Consellería de Cultura e do traballo de revisión do catálogo presentado pola empresa AcheoAtlántica, ata o elemento denominado XA-041.

Nas fichas das mámoas dos Vilares II e III, estas aparecen como destruídas, pero colócanlle unha fotografía que parece actual.

Na ficha XA-029, deberase comprobar a súa situación porque se non se encontra desprazada, hai outro túmulo a uns 100 metros ao NE.

Contan cun listado de elementos arquitectónicos catalogados con protección arqueolóxica, pero sen ficha arqueolóxica Nestes casos, dito elemento tamén debe aparecer no catálogo de protección arqueolóxica, ao igual que o grafado da área de protección nos planos de ordenación.

Aos números dados aos xacementos, fáltalle ou sóbralle un 0, segundo sexa na ficha ou no plano.

Os elementos contan cunha ficha individualizada na que se incorporan os datos mínimos sobre o ben, cun plano de ordenación coas áreas de protección, que nalgúns casos non recollen as grafías da protección integral arqueolóxica.

b. Normativa urbanística

No documento de referencia, a normativa de protección do patrimonio arqueolóxico recóllese nos seguintes apartados:

Tomo VIII.a: NORMATIVA

Título III Réxime urbanístico do solo.

Título IV. Condicións de Protección do Patrimonio Cultural, Natural, do Medio Ambiente e das Infraestruturas Territoriais.

Capítulo I. Sección 1ª. Protección do Patrimonio de carácter arqueolóxico.

Nos artigos 139.C e o 140 desta Sección 1ª, establécense dous tipos de protección coas delimitacións que lles corresponden,así como os usos permitidos:

A-1. Protección Integral en bens arqueolóxicos e

A-2. Protección Cautelar en bens arqueolóxicos,

Nas determinacións dos usos permitidos na Protección integral A-1, indícase o seguinte: *"Tan só se permiten usos compatibles coa conservación do ben, agás as obras mínimas necesarias para o mantemento das actividades existentes ou das infraestruturas. Para tal fin, será preceptiva unha intervención previa que determine os restos arqueolóxicos".* A este punto deberá engadirse que as obras se autorizarán en función dos resultados da intervención arqueolóxica, e mentres non supoñan un novo dano ou afección sobre o

xacemento. E sempre entendéndoos como traballos de mantemento e non como obras novos ou de ampliación do existente.

En relación aos usos do subsolo será necesario engadir que estes poderán autorizarse unicamente no caso de que se constate, a través dunha actuación arqueolóxica debidamente autorizada, a inexistencia de restos arqueolóxicos, ou ben si se puidese autorizar a súa escavación; tendo en conta que primará, en todo caso, a conservación física do patrimonio arqueolóxico, polo que se potenciarán as solucións técnicas de cimentación que afecten o menos posible ós restos arqueolóxicos.

c. Planos de Ordenación

O xacementos veñen grafados nos planos 1:5000, coas correspondentes áreas de protección, pero as delimitacións propostas deberanse corrixir en moitos dos xacementos, tanto nas áreas de protección integral, coma nas de respecto. O máis grave é que algunhas área de protección integral son escasas e deixan fora parte das estruturas dos xacementos. Exemplos: Castro de Queixeiro XA-013, ampliar ao oeste; Castro de Constenla XA-001, a protección integral debe recoller o foxo; Castro de Santa Irena/Castrillón XA-002 a protección integral ten que recoller a zona de prado e o solo rústico de protección de patrimonio non pode superpoñerse coa de espazos libres; ao Castro de Couselo fáltalle a área de protección integral.Castro de Queixeiro XA-013, ampliar ao oeste;

No xacemento de os Castriños dos Vilares XA-043 segundo os datos da ficha do Inventario da D.X. de Patrimonio Cultural, o xacemento situaríase uns 150 metros ao Sur do lugar de Cambre, e non onde o sitúa a ficha e plano do catálogo.

No Castro de Queo de arriba, XA-012, o plano da ficha do inventario de xacementos da Dirección Xeral, arrastra un erro ao atoparse cambiadas as situacións dos lugares de Queo de Arriba e de Leboreo no plano usado para situar o xacemento, estando a súa situación ao sur da actual e limitando polo oeste coa estrada CP-1908, e no lugar de Queo de arriba e non en Leboreo.

Deberá aclararse porque nos planos de ordenación se grafía unha estrada en previsión a carón da protección integral do Castro de Nión XA-006, cando no plano recollido na ficha do catálogo non aparece. Se hai previsión dunha estrada esta deberá afastarse da área de protección integral.

En termos xerais non se superpoñerán aqueles solos de protección que sexan incompatibles coa conservación dos bens arqueolóxicos.

Medidas protectoras e correctoras

Considérase necesario polo exposto establecer as seguintes medidas protectoras e correctoras:

a) Dende o punto de vista arquitectónico

Deberán realizarse as correccións que se deriven do disposto no apartado A do presente informe: *Respecto do patrimonio arquitectónico e etnográfico.*

b) Dende o punto de vista arqueolóxico

Deberán realizarse as correccións que se deriven do disposto no apartado B do presente informe: *Respecto do patrimonio arqueolóxico,* principalmente nos seguintes puntos:

- Deberanse revisar as delimitacións de protección integral da maioría dos xacementos, e en consecuencia as de respecto;
- Corrixir a situación dos xacementos XA-043 e o XA-012;
- Incorporar ás fichas do catálogo, as cautelas arqueolóxicas, nos elementos que proceda. Completar os datos que falten nas fichas (nº de plano) e facer coincidir a numeración dos xacementos en fichas e planos. As fichas deberán incorporar un plano

Edificio Administrativo San Caetano. Bloque 3 - 2º
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 545 400
Fax: 981 544 830

de ordenación coa estrutura xeral e orgánica do territorio que inclúa as mesmas grafías e delimitacións dos xacementos en ditos planos.

- As grafías propostas para os ámbitos de protección non deben ser coincidentes con outras. Mellorarase a representación gráfica e revisaranse os planos de ordenación e grafaranse as áreas de protección integral dos xacementos (coloréanse coa clasificación de solo rústico de protección de patrimonio, pero non coa de área de protección integral que se lle ten asinada na lenda).

Conclusión

En consecuencia e por todo o antedito a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, dentro do ámbito das súas competencias emite, respecto ao documento *Plan Xeral de Ordenación Municipal de Carballo,* aprobado inicialmente no pleno do concello o 10 de xaneiro de 2013, **informe desfavorable, debendo incorporar as medidas protectoras e correctoras expostas no presente informe**.

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2014
A directora xeral de Patrimonio Cultural

Mª Carmen Martínez Ínsua

Edificio Administrativo San Caetano. Bloque 3 - 2º
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 545 400
Fax: 981 544 830

ANEXO I: Elementos incluídos na listaxe remitida ao concello con anterioridade á redacción do presente documento, que figuraban como elementos con fichas no PXOM.

Hórreos en Quintáns. Ardaña
Conxunto de edificacións de arquitectura popular en Noví. Ardaña
Vivendas e hórreo en Quintáns. Ardaña
Hórreo nas Pallas. Artes
Hórreo en Liñeiro. Cances
Conxunto de 6 cruces en Cances Grande. Cances
Cemiterio vello en Cernide. Carballo
Hórreos en Cernide. Carballo
Hórreo no Outeiro. Carballo
Hórreo no Monte. Carballo
Hórreo na rúa Pontenova. Carballo c.u.
Hórreos en Loureiro. Carballo c.u.
Cruceiro na Praza da Liberdade. Carballo c.u.
Fonte das Casas dos Maestros. Carballo c.u.
Fonte no colexio rúa Vázquez Parga. Carballo c.u.
Fonte da Praza do Concello. Carballo c.u.
Hórreos en Goiáns de Arriba. Goiáns
Hórreo entre Porto Carreiro e O Piñeiro. Goiáns
Hórreos en Vilanova. Goiáns
Hórreo en Constela. Goiáns
Conxunto de edificacións de arquitectura popular en Bas. Goiáns
Conxunto de vivendas en Constela. Goiáns
Edificacións xunto á capela de Xeoane.Goiáns
Hórreo da casa reitoral de Lema
Conxunto de edificacións de arquitectura popular en Cambre. Lema
Conxunto de edificacións de arquitectura popular en Castrillón. Lema
Conxunto de edificacións de arquitectura popular no Grixario. Lema
Hórreo en Casadelas. Noicela
Hórreo en Algara. Noicela
Conxunto de edificacións de arquitectura popular en Xernade. Noicela
Conxunto de edificacións de arquitectura popular en Noicela, Algara. Noicela
Hórreos na Braña. Oza
Hórreo en Rodo. Oza
Hórreos en Vilar de Uz. Oza
Conxunto de edificacións de arquitectura popular nas Torres. Oza
Conxunto de edificacións de arquitectura popular en Rodo. Oza
Conxunto de edificacións de arquitectura popular na Braña, Serantes. Oza
Conxunto de edificacións de arquitectura popular en Cabanas, Vilar de Uz. Oza
Hórreos de Vilar de Cidre. Razo
Conxunto de edificacións de arquitectura popular en Pardiñas. Razo
Hórreo en Rebordelos
Conxunto de edificacións de arquitectura popular en Rebordelos
Conxunto de edificacións de arquitectura popular en Leira. Rebordelos
Hórreo na Baralla. Rus
Hórreo en Calvelo de Arriba. Sofán
Finca da reitoral de Rus
Conxunto de edificacións de arquitectura popular en Alboris. Rus
Conxunto de edificacións de arquitectura popular en Outón. Rus
Vivenda no Picho. Sísamo
Conxunto de edificacións de arquitectura popular no Picho. Sísamo
Cruceiro de Santo Adrián. A Piña. Sofán
Fonte-lavadorio da Ramiscosa. Sofán
Conxunto de edificacións de arquitectura popular en Prearada. Sofán
Conxunto de edificacións de arquitectura popular en San Miguel. Vilela

ANEXO II: Núcleo urbano de Carballo

CONTORNO DA IGREXA PARROQUIAL E PRAZA DE GALICIA

Nº 1-3-5 da rúa Martín Herrera (edificios de B+1 que pasan a B+4). Constitúen a fronte da igrexa parroquial. No nº 1 naceu Alfredo Brañas (valor histórico).

Nº 2 da rúa Martín Herrera. Edificación privada de valor ambiental que segundo a ordenación do PXOM pasa a formar parte da parcela de equipamento constituída pola igrexa e o demais edificacións parroquiais.

Nº 22-5-6 da Praza de Galicia (exemplo do que foron as edificacións que conformaban a praza)

Nº 16-17-18 da Praza de Galicia (conxunto de edificacións protorracionalistas)

Nº 16 da Rúa Victoria, nº 10 da da rúa Cenicero e nº 4 da rúa da Saúde (conxunto de edificios protorracionalista que conformaban a rúa da Saúde)

Nº 14-18-18-20 da Rúa da Saúde (conxunto de valor ambiental)

Nº 17-26 da rúa Ponte (edificios illados – Conserveira Calvo)

Nº do 24 ao 32 da rúa Poniente

ESTRADA CORUÑA-FISTERRA

Nº 18-20-22 da rúa Fomento (conxunto de edificacións protorracionalistas).

Nº 1 Camiño Novo (edificio singular en esquina).

Nº 10 Camiño Novo (exemplo de edificio de grandes dimensións de arquitectura culta).

Casino no Camiño Novo (valor simbólico)

Nº 6-8 da Rúa Vázquez de Parga (conxunto de edificacións cunha arquitectura culta).

Nº 16-18-20 da Rúa Vázquez de Parga (conxunto de edificacións)

Varios edificios na esquina da rúa Vázquez de Parga e Concepción Arenal (conxunto de edificacións no que se mesturan arquitecturas cultas e protorracionalistas).



Varias das vivendas do cruce das rúas Vázquez de Parga e Muíño (conxunto de edificacións no que se mesturan arquitecturas de estrada e protorracionalistas).

CONTORNO DA PRAZA DO CONCELLO

Nº 6-16-18 da rúa Desiderio Varela

Nº 3-7-11 da rúa Coruña (exemplos de edificios protorracionalistas que configuraban esta rúa)

Conxunto de edificacións da marxe sur da rúa Álvarez de Sotomayor

Varias vivendas da rúa do Hórreo (conxunto de edificios protorracionalistas)

Nº 46 da Gran Vía (restos de edificación singular: casa grande).

Nº 5-6-7-8-9 da Rúa Cervantes (conxunto de edificacións de arquitectura culta e protorracionalista).

Nº 7 a 11 da rúa Colón (conxunto de edificacións de arquitectura protorracionalista).

Casa do Concello

Xardín-feira (espazo público - alameda con elementos naturais e construcións con valor simbólico configurado de xeito unitario).

Varias das edificacións do cruce das rúas Valle Inclán e Doutor Fleming (conxunto de edificacións protorracionalistas que conforman as esquinas e lle dan unidade a este espazo)

Nº 16-18-20 da rúa Valle Inclán (conxunto de edificacións protorracionalistas).

Nº 4-6 da rúa Valle Inclán

RÚA DO SOL

Varias vivendas na esquina das rúas do sol e Gran Vía (conxunto de edificacións no que se mestura a arquitectura protorracionalista e a arquitectura de estrada).

Nº 13-15-19-21 da rúa do Sol

Nº 32-34-36-38 da rúa do Sol (conxunto de edificacións protorracionalistas)

Nº 39 a 51 da rúa do Sol (conxunto de edificacións protorracionalistas)

MILAGROSA



Nº 11-13 da rúa Compostela

Nº 1-3-5 da rúa Compostela (conxunto de edificacións tradicionais que conforman o encontro de camiños)

Nº 65-67-69-71 da rúa Verdillo (conxunto de edificacións protorracionalistas).

A LAGOA

Varios edificios no cruce das rúas da Lagoa, Gran Vía e San José (conxunto de edificacións protorracionalistas).

Nº 8 da Rúa dos Carpinteiros

Nº 10 da rúa da Lagoa

Nº 13-15-17 da rúa da Lagoa (conxunto de edificacións tradicionais, testemuña do asentamento rural orixinal).

Nº 1-3-5 da rúa Túnel

NORTE DA VILA

Grupo Ferreiro na avenida da Ponte da Pedra (grupo unitario de vivendas sociais)

Grupo de vivendas da rúa Alfredo Brañas (grupo unitario de vivendas sociais)

Grupo de vivendas que configuran sendas esquinas á rúa Vazquez de Parga (nº 188 a 194 e nº 138 a 142)

Varias das vivendas da rúa Montevideo (conxunto de vivendas protorracionalistas).

GRAN VÍA

Nº 108-110-112 da Gran Vía (conxunto de vivendas protorracionalistas).

Nº 86-88-90-94-96 da Gran Vía (conxunto de vivendas protorracionalistas).

Nº 64-66 da Gran Vía

Nº 54-56-58 da Gran Vía (conxunto de vivendas protorracionalistas).

Nº 39-41-43-45 da Gran Vía (conxunto de vivendas protorracionalistas).

ELEMENTOS SINGULARES

Ponte de Santa Isabel

Edificios testemuña da liña de trolebuses Coruña-Carballo

Depósitos de abastecemento de auga á vila (elementos simbólicos).

Fonte da Cristina

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR

SERVIZOS CENTRAIS
Praza de Europa 5 A – 6º
Teléfono: 902 400 870 – Fax: 981 545 324
www.portosdegalicia.com
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Portos de Galicia

galicia

CONCELLO DE CARBALLO

Libro Xeral de Entrada
2014006068
26-05-2014 12:35
07617417067533546700
Oficio
OTM OFICINA TECNICA

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR
Portos de Galicia

Salida: 2014015163 Data: 22-05-2014 11:26
Tipo: Comunicado

OFICIO

Ref.: JIV/ACR

Asunto: plan xeral

Xunto lle remito o informe emitido pola xefa da área de explotación e planificación portuaria de Portos de Galicia ao respecto do anexo xustificativo enviado por ese Concello o 05/02/2014 (rexistro de saída 550) como resposta as nosas observacións ao plan xeral de ordenación municipal de Carballo na súa fase de aprobación inicial.

Santiago de Compostela, 22 MAI. 2014

O director

José Ignacio Villar García

Portos de Galicia
DIRECTOR
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

ALCALDE DO CONCELLO DE CARBALLO

DE ASÍS A COMPOSTELA
1214 · 2014

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR

SERVIZOS CENTRAIS
Praza de Europa 5 A – 6º
Teléfono: 902 400 870 – Fax: 981 545 324
www.portosdegalicia.com
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Portos de Galicia

galicia

CONCELLO DE CARBALLO
Libro Xeral de Entrada
2014006068
26-05-2014 12:35
07614407631707071660
Informe
OTM
OFICINA TECNICA

INFORME DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

SOLICITANTE: Concello de Carballo

ANTECEDENTES

O Concello de Carballo remítelle ao ente público o 06/02/2014 (núm. de rexistro de entrada 1774 do 11/02/2014) un Anexo xustificativo en resposta ao informe emitido por esta xefatura de área o 26/04/2013 relativo ao Plan xeral de ordenación municipal (en adiante PXOM) do concello de Carballo.

O citado anexo está elaborado polo equipo redactor do PXOM en xaneiro de 2014 e contén os apartados seguintes: antecedentes, os cambios a realizar no documento do PXOM requiridos no noso informe e as modificacións a introducir no documento do PXOM para atender os ditos cambios. Tamén inclúe un anexo gráfico cos planos modificados.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

O artigo 85.3 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, establece a necesidade do informe preceptivo sectorial dentro das competencias desta entidade pública empresarial.

O artigo 56 do Texto Refundido da Lei de Portos do Estado e da Mariña Mercante (Real decreto lexislativo 2/2011, de 5 de setembro), lei especial e de carácter sectorial que é de aplicación *prima facie* sobre o dominio público portuario adscrito á Comunidade Autónoma de Galicia en defecto de lexislación autonómica propia, establece que os plans xerais de ordenación urbanística deberán cualificar a zona de servizo dos portos como sistema xeral portuario.

O artigo 4 do Regulamento de desenvolvemento da Lei 5/1994, de 29 de novembro, de creación do ente público Portos de Galicia dispón que Portos de Galicia exercerá, verbo dos portos de competencia da Comunidade Autónoma, as funcións que o artigo 18 da Lei de Portos do Estado e da Mariña Mercante (actual artigo 56 do citado Texto refundido) atribúe ás autoridades portuarias.

INFORME

Despois de analizar a documentación referida, observamos que as suxestións recollidas no noso informe do 26/04/2013 foron atendidas completamente e o Concello indica no seu escrito de remisión que as ditas determinacións serán incorporadas no documento do PXOM para a súa aprobación inicial.

Por este motivo, informo de xeito favorable o Plan xeral de ordenación municipal do concello de Carballo.

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2014

A xefa da área de explotación e planificación portuaria

XUNTA DE GALICIA
Portos de Galicia
ÁREA DE EXPLOTACIÓN E PLANIFICACIÓN
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

Ana Isabel Calzadilla Bouzón

DIRECTOR DE PORTOS DE GALICIA

DE ASÍS A COMPOSTELA
1214 · 2014
800

-07M

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
http://mediorural.xunta.es

galicia

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO XERAL
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Data 01/04/2013 13:40:06
SAÍDA 31950 / RX 203737

Achégase informe do servizo de Montes da Coruña, sobre o Plan Xeral de Ordenación Municipal dese concello.

Santiago de Compostela, 19 de marzo de 2013

CONCELLO DE CARBALLO
N.º Rexistro: 5207
DATA: - 5 ABR. 2013
ENTRADA

O secretario xeral do Medio Rural e do Mar

XUNTA DE GALICIA * CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR * SECRETARÍA XERAL DO MEDIO RURAL E DO MAR

Tomás Fernández-Couto Juanas

Concello de Carballo.
Praza do concello s/n
15100 Carballo
A Coruña

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERIA DO MEDIO RURAL E DO MAR
Departamento Territorial de A Coruña
Servizo de Montes e Industrias Forestais

Edificio Admini. de Servizos Múltiples
Praza de Luis Seoane, s/n
15008-A Coruña

José Manuel González García, Xefe da Sección Técnica III do Servizo de Montes do Departamento Territorial da Consellería de Medio Rural e do Mar de A Coruña

EXPON

Que estando expostos os Documentos de Inicio e de Referencia do asunto: *"Plan Xeral de Ordeación Municipal de Carballo (A Coruña). " co código 1142/2010*

INFORMA

I.-DESCRICION DA ACTIVIDADE SOLICITADA

A actuación que se pretende está promovida polo Concello de *Carballo*.

II.- ESTADO ACTUAL DOS MONTES

As superficies dos montes xestionados pola Administración figuran no citado Plan Xeral de Ordeación Municipal coas seguíntes calificacións :

1.- Monte *"Carballeiras e Vilar"*

Solo Rústico de Proteción Forestal afectada na súa meirande parte como Solo Rústico de Proteción Paisaxística, e cunha franxa de Solo Rústico de Proteción de infraestructuras na zona do "Carballeiras".

2.- Monte *"Neme"*

Solo Rústico de Proteción Forestal afectada na súa meirande parte como Solo Rústico de Proteción Paisaxística e cunha franxa de Solo Rústico de Proteción de Infraestructuras.

3- Monte *"Ramil"*

Solo Rústico de Proteción Forestal atravesado por una franxa de Solo Rústico de Proteción das Augas e máis una pequeña zona de Proteción de Espazos Naturais.

4.-Monte *"Bustelo,Berbia e Cargadoiro"*

Solo Rústico de Proteción Forestal afectado na súa meirande parte como Solo Rústico de Proteción das Augas e cunha zona incluida en Proteción de Espazos Naturais.

II.1. Estado legal

Monte "Carballeiras e Vilar" : *(M.V.M.C da Comunidad de Razo)*

Monte "Neme" : *(M.V.M.C da Comunidade* de San Martiño de Cances)

Monte *"Ramil"* : *(M.V.M.C da Comunidade de Ramil)*

Monte "Bustelo,Berbia e Cargadoiro" : *(Titularidade do Concello de Carballo)*

II.2. Estado fisico ou natural

O termo municipal de Carballo atópase no noroeste da Comunidade Autónoma, na rexión noroeste da provincia de A Coruña. Limita ó norte co océano Atlántico, ó sur co concello de Tordoia, ó oeste con Coristanco, Ponteceso e Malpica de Bergantiños, e ó leste con Arteixo, Laracha e Cerceda. Unha altitude media que vai de 200 -300 mtrs. Cunha superficie de 187

km2. Carballo é un dos municipios de maior tamaño da provincia da Coruña, ademais dun dos máis poboados.

II.3. Estado forestal

As especies forestais dominantes nos montes anteditos son as seguíntes : *Pinus Pinaster e Pinus radiata (= insignis) .*

A fración de cabida cuberta media das superficies consideradas productivas considerase dun 85 %, existen abundantes pistas forestais e 4 puntos dauga.

Non observase a presenza de especies pouco frecuentes ou endémicas.

III.PROPOSTA DO INFORME

En base a os dous apartados anteriores, *considerase necesaria a protección ou mantenemento das masas forestais existentes*. Carecen de infraestructuras forestais.

No apartado Marco Legal do Proxecto Sectorial serán de aplicación a

- Lei 7/2012, de 28 de Xuño de Montes de Galicia. e a

- Lei 3/2007 de 9 de Abril de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia, especificándose que o Proxecto Sectorial está afectado pola Disposición Transitora Primeira.

Consultada a base de datos dos incendios forestais rexistrados durante o período 2007 ata o actualidade, non constan datos dos mesmos dentro do perímetro, nin na colindancia.

En A Coruña, a 18 de Marzo do 2013

Asdo.: José Manuel González García

XUNTA DE GALICIA · CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR · XEFATURA TERRITORIAL DELEGACIÓN TERRITORIAL DA CORUÑA

SERVIZO DE MONTES

*XEFA DO SERVIZO DE MONTES DE A CORUÑA.

XUNTA DE GALICIA
DELEGACIÓN TERRITORIAL
DA CORUÑA
Xefatura Territorial da Consellería do
Medio Rural e do Mar

Edificio administrativo Monelos
Vicente Ferrer, 2
15071 A Coruña

galicia

INFORME

SOLICITANTE: alcalde do Concello de Carballo

FEITOS

O día 15 de febreiro de 2013 o Concello de Carballo solicita o informe da Consellería do Medio Rural e do Mar en referencia ao Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello que foi aprobado inicialmente polo Pleno Municipal en sesión extraordinaria realizada o día 10 de xaneiro de 2013.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

O establecido no artigo 85 e seguintes da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (DOG núm. 252, do 31 de decembro de 2002), que foi modificada pola Lei 2/2010, do 25 de marzo , de medidas urxentes de modificación da devandita lei (DOG núm. 61 , do 31 de marzo de 2010).

De acordo con todo o indicado INFORMO:

De que non se xulga oportuno efectuar alegación ningunha ao Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Carballo por parte do Servizo de Infraestruturas Agrarias da Xefatura Territorial do Medio Rural e do Mar da Coruña.

A Coruña , 13 de marzo de 2013

O Xefe do Servizo de Infraestruturas Agrarias

XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR DELEGACIÓN TERRITORIAL DA CORUÑA

Manuel Rodríguez Vázquez

SERVIZO DE INFRAESTRUTURAS AGRARIAS

OTH (Despido) Secret.

XUNTA DE GALICIA
DELEGACIÓN TERRITORIAL
DA CORUÑA
Xefatura Territorial da Consellería de
Economía e Industria

Edificio Administrativo Monelos
Rúa Vicente Ferrer, 2, 1º e 2º andar
15071 A CORUÑA

galicia

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DA CORUÑA
A CORUÑA
Data 23/12/2013 10:33:24
SAÍDA 139781 / RX 815912

Concello de Carballo
Praza do Concello,s/n
15100 Carballo (A Coruña)

ASUNTO: Informe sobre PXOM en relación aos usos e aproveitamentos mineiros

En resposta co seu escrito de data 13 de novembro de 2013 (seu nº rexistro saída 6113), achegáselle informe do PXOM (con aprobación inicial do 10/01/2013) en relación aos usos e aproveitamentos mineiros.

A Coruña , 20 de decembro de 2013

O xefe do Servizo de Enerxía e Minas
P.S.
O xefe do Servizo de Administración Industrial

Isidoro Martínez Arca

CONCELLO DE CARBALLO
N.º Rexistro: 17945
DATA: 27 DEC. 2013
ENTRADA

XUNTA DE GALICIA
DELEGACIÓN TERRITORIAL
DA CORUÑA
Xefatura Territorial da Consellería de
Economía e Industria

Edificio Administrativo Monelos
Rúa Vicente Ferrer, 2, 1º e 2º andar
15071 A CORUÑA

galicia

INFORME SOBRE PLAN DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

SOLICITANTE: Concello de Carballo
ASUNTO: petición de información sobre o plan xeral de ordenación municipal de Carballo

FEITOS:

1 O 18/02/2013 o concello de Carballo remitiu á Consellería de Economía e Industria unha consulta nominal sobre o proxecto de Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) que se tramita nese concello.
2 O 14/11/2013 o concello de Carballo solicitou a esta xefatura territorial que informara do contido do documento en relación aos usos e aproveitamentos industriais e mineiros.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1 O artigo 122 da Lei 21/1973, do 22 de xullo, de minas, engadido pola disposición adicional primeira da Lei 12/2007, do 2 de xullo, pola que se modifica a Lei 34/1998, do 7 de outubro, do Sector de Hidrocarburos, co fin de adaptala ao disposto na Directiva 2003/55/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2003, sobre normas comúns para o mercado interior do gas natural (BOE núm. 158, do 3 de xullo), establece que:
Cualquier prohibición contenida en los instrumentos de ordenación sobre actividades incluídas en la Ley de minas deberá ser motivada y no podrá ser de carácter genérico.

2 O artigo 12 do Decreto 402/1996, do 31 de outubro polo que se aproba o regulamento de aproveitamento de augas mineiro medicinais, termais e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 226, do 19 de novembro), establece que:
1. O perímetro de protección para a conservación do acuífero, definido por coordenadas xeográficas referidas ó meridiano de Greenwich, constituirase por tres zonas, que limitarán as actividades que se pretenden levar a cabo nelas: zona de restricciónsmáximas (ZMA), zona de restricciónsmedias (ZME) e zona de restricciónsmínimas (ZMI). As tres zonas estableceranse en función do que se denomina tempo de tránsito, que se define como o tempo que transcorre entre a entrada dunha substancia no sendo do acuífero e a súa extracción pola captación.
As actividades que se van desenvolver en cada zona suxeitaranse ás limitacións de prohibición (P) ou condicionadas (C) sinaladas no anexo I deste regulamento.
2. Para o exercicio do dereito de aproveitamento, o titular del acreditará a plena dispoñibilidade dos terreos comprendidos na Zona de Restricciónsmáximas para o fin que se pretende.
3. Para outras actividades non incluídas no anexo I deste regulamento ou ben actividades condicionadas, a súa licencia e instalación contará co informe vinculante da consellería competente en materia de industria, logo do asesoramento do Instituto Tecnolóxico Xeomineiro de España.

3 Nos rexistros desta xefatura territorial, consta a existencia, no concello de referencia, dos dereitos mineiros vixentes ou en trámite que se relacionan a continuación:

NOME	NÚM.	SECCIÓN	TIPO*	TITULAR	SITUACIÓN ADTVA
Olveiro	0026	A	AE	Construcciones López Cao, SL	outorgado
Virgen de la Estrella	0006	B	AE	Baños Viejos de Carballo, SA	outorgado
Teresa de Jesús	1429	C	CE	Leitosa, SAU	outorgado
La Reconquista	1547	C	CE	Leitosa, SAU	outorgado
Ampliación a Reconquista	1551	C	CE	Leitosa, SAU	outorgado
Galaica	1557	C	CE	Leitosa, SAU	outorgado
Brión	1588	C	CE	Leitosa, SAU	outorgado
Netoma	1600	C	CE	Leitosa, SAU	outorgado
Jivide y demasía	1607	C	CE	Puente Lendo, SL	outorgado
Vilariño	1616	C	CE	Leitosa, SAU	outorgado
Ampliación a Netoma	1617	C	CE	Leitosa, SAU	outorgado
Ampliación a Jivide y demasías	1660	C	CE	Puente Lendo, SL	outorgado
Samar	1765	C	CE	Leitosa, SAU.	outorgado
Rima	1769	C	CE	Leitosa, SAU.	outorgado
Emérita y demasía	4308	C	CE	Puente Lendo, SL	outorgado
Petisina y demasía	4308	C	CE	Puente Lendo, SL	outorgado
Pedichona y demasía	4544	C	CE	Puente Lendo, SL	outorgado
Virgen de la Estrella y demasía	5615	C	CE	Puente Lendo, SL	outorgado
Coto Jivide y demasía	5615	C	CE		outorgado
Monte Mina	6993	C	PI	Mineira de Corcoesto, SL	solicitado
Julia 1	7131	C	PI	Mineira de Corcoesto, SL	solicitado

Tipo: AE: Autorización de explotación, AA: Autorización de aproveitamento, PI: Permiso de investigación, CE: Concesión de explotación

Situación: coordenadas UTM e xeográficas en fichas que se xuntan a este informe

Destes dereitos, actualmente están en explotación efectiva a explotación da sección A) Olveiro, o aproveitamento de augas mineiro-medicinais Virgen de la Estrella e a explotación do Monte Neme, que agrupa ás concesións La Reconquista, Galaica e Rima.

Ademais destas concesións de explotación, existen dous solicitudes de permiso de investigación, que aínda non teñen definidas actuacións territoriais concretas.

4 Da análise da documentación remitida polo Concello de Carballo, observo as seguintes referencias á actividade mineira:

No Tomo IV, denominado Informe de sustentabilidade ambiental, no apartado 2 Análise obxectivo da contorna, o punto 2.1.1 xeoloxía, refírese á existencia de varios dereitos mineiros concedidos para diversas sustancias, cunha especial mención á existencia do manancial de augas mineromedicinais coñecido como Balneario de Carballo, na zona dos Baños Vellos.

No punto 2.4.2 Sectores de actividade, no subsector mineiro contémplase a existencia de 19 dereitos mineiros con autorización vixente, indicando que a zona onde se concentran as explotacións mineiras de maior entidade é a correspondente ao monte Neme (na zona costeira), e no monte de Santa Lucía.

No Tomo VIII, Normativa, título V, Condicións particulares dos usos, Capítulo X, Usos extractivos, artigo 293 Actividades extractivas indica que a súa regulación establécese na regulación dos usos en solo rústico, do titulo II desa normativa e pola Lei 3/2008 do 23 de maio da minería de Galicia. Engade que no territorio do Camiño histórico e nos ámbitos que estean afectados pola protección de bens do patrimonio cultural, as explotacións extractivas deberán obter previa a licenza municipal, a autorización da Consellería de Cultura, podendo ser denegada se supón o menoscabo da apreciación do ben dentro do seu entorno.

Nos planos de clasificación pode verse que, no que respecta as explotación en activo, os terreos afectados pola explotación Olveiro están propostos como solo rústico de protección ordinaria e os do grupo de Monte Neme están propostos como solo rústicos de protección forestal. No caso do aproveitamento de augas Virgen de la Estrella, atópase en solo urbano, e o perímetro de protección está afectado por varias categorías de solo.

Con fundamento no anterior, INFORMO

1 No ámbito territorial do concello solicitante hai varios dereitos mineiros vixentes das seccións A), B) e C).

2 No que respecta ao aproveitamento de augas mineiro medicinais Virgen de la Estrella, a proposta de planeamento cualifica o terreo como urbano. O planeamento debería contemplar as limitacións de actividade previstas para os perímetros de protección no Decreto 402/1996.

3 Os terreos afectados pola autorización de explotación de recursos da sección A) Olveiro están propostos como rústicos de protección ordinaria, polo que o concello pode outorgar licenza de actividade.

4 Os terreos afectados polas concesións de explotación do grupo mineiro do Monte Neme están propostos como rústicos de protección forestal, polo que a actividade mineira é un uso autorizable.

3 O proxecto de plan non inclúe limitacións xenéricas ás actividades incluídas no ámbito de aplicación da Lei de Minas, mais aló das establecidas pola Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia para os solos de especial protección.

A Coruña, 17 de decembro de 2013
O enxeñeiro de minas

XUNTA DE GALICIA · CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA · DELEGACIÓN TERRITORIAL

Juan José Iglesias Suárez

OTM (Dgredo)

Deputación
DA CORUÑA

ÁREA DE ACCIÓN TERRITORIAL
SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA URBANÍSTICA
Avda. Alférez Provisional s/n
15002 A Coruña

OFICIO

CONCELLO DE CARBALLO
N.º Rexistro: 13704-
DATA: 18 OUT. 2013
ENTRADA

s/ref.: 810/13 (núm. rex. saída munpal.)
n/ref.: SATU / 13CRBpxAPIofc
Asunto: remisión de acordo adoptado sobre informe sectorial

En resposta á súa solicitude, envíolle a certificación do acordo que adoptou a Xunta de Goberno desta Deputación na sesión ordinaria do 14.08.2013, relativo ao informe sectorial que se emite por esta Administración sobre o plan xeral municipal en tramitación.

A Coruña, 10 de outubro de 2013

O presidente

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA * PRESIDENCIA *

Diego Calvo Pouso

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA
REXISTRO XERAL
16 OUT 2013
SAÍDA n.º 35665

ALCALDE DO CONCELLO DE CARBALLO

Deputación DA CORUÑA

DONA Mª AMPARO C. TABOADA GIL, SECRETARIA ACCIDENTAL DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

CERTIFICA: Que na sesión ordinaria da Xunta de Goberno celebrada o día catorce de agosto de dous mil trece, aprobouse o seguinte:

"7.- APROBACIÓN DO INFORME SOBRE O PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE CARBALLO

ANTECEDENTES

O 21.02.2013 entrou no Rexistro Xeral desta administración a solicitude de informe sobre o proxecto referido, que foi dilixenciada directamente ao Servizo de Vías e Obras sen intervención previa deste Servizo.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1 O informe que se solicita está previsto no art. 86 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, no art. 15.4 da Lei 4/1994 de estradas de Galicia e no art. 189 da Lei 33/2003, do 3 de novembro de patrimonio das administracións públicas.

2 O Servizo de Vías e Obras (informe do 26.03.2013), no que atinxe aos respectivos intereses sectoriais desta Deputación, considera que non existe inconveniente ningún para a aprobación desde instrumento, salvando determinadas observacións que procede incorporar literalmente no informe en cuestión.

O presidente da Deputación da Coruña é competente para resolver sobre este informe, segundo dispón o art. 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, estando esta atribución delegada na Xunta de Goberno por Resolución do 26 de xullo de 2011.

De acordo con todo o indicado, o Servizo de Asistencia Técnica a Municipios (SATM) propón que se adopte o seguinte ACORDO:

1 Emitir un informe sectorial favorable ao "Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Carballo", con referencia exclusiva aos intereses patrimoniais ou de competencia viaria de carácter provincial, sen facer pronunciamento ningún sobre a súa oportunidade ou axuste á legalidade e condicionado a que se integren as seguintes observacións que efectúa o Servizo de Vías e Obras:

Esta Deputación ten catalogadas e clasificadas as estradas seguintes da súa dependencia, que discorren polo termo municipal de Carballo:

Deputación
DA CORUÑA

- *Dentro da Rede primaria provincial, asimilada á Rede primaria complementaria definida no artigo 10.3 da Lei 4/1994, de estradas de Galicia:*

DP 1902 de Carballo a Razo
DP 1904 de Feira de Verdillo a Moucho
DP 1905 Carballo a Feira de Verdillo
DP 1909 Carballo a Caión
DP 1912 Coristanco a Rus
DP 1913 A Picota a Noicela
DP 1914 Carballo a Portomouro
DP 1915 Acceso á Lagoa de Baldaio
DP 1916 Noicela á praia de Baldaio

- *Dentro da Rede secundaria provincial:*

DP 1901 Carballo a Sísamo
DP 1903 Verdiño a Vilardefrancos
DP 1906 Estr. A Coruña-Fisterra ao campo de feira de Carballo
DP 1907 Sofán á Piña
DP 1908 Acceso á Igrexa de Cances
DP 1910 Oca a Cances por Verdes
DP 1911 Muíño de Cereiro a Soutullo

Non se aprecia inconveniente, no que respecta na rede provincial de estradas, salvo o incluído nos apartados seguintes:

1. Canto ás vías de titularidade desta Deputación, no que respecta a zonas sen establecemento de aliñacións, haberá de incluírse a seguinte condición: "Os peches haberán de situarse fóra da zona de servidume da estrada, a unha distancia mínima de 8 m do eixo desta, e executaranse de tal forma que a franxa de terreo comprendida neses 8 m poida explanarse a cota da estrada sen que o peche que se ha executar se vexa afectado. A tipoloxía, dimensións e materiais do peche haberán de axustarse ao indicado na normativa do presente plan ou, na súa falta, ao indicado na lexislación correspondente". De existir aliñacións haberá de condicionar a construción de peches ou calquera outro elemento á posterior explanación do terreo entre aliñacións a cota do viario sen que eses se vexan afectados.

2. O ancho mínimo entre aliñacións nas vías provinciais será de 16 m. Este ancho poderá reducirse, en casos suficientemente xustificados (liñas de edificación consolidadas, existencia de edificacións con valor patrimonial), sempre e cando se trate de zonas puntuais, e se conserve un ancho mínimo de 10 m, excepcionalmente de 8 m, mantendo un trazado que garanta as suficientes condicións de visibilidade e seguridade.

3. O solo rústico de protección de infraestruturas asociado ás estradas provinciais haberá de abarcar, como mínimo, a franxa de terreo comprendida entre as

liñas límite de edificación definidas segundo o artigo 35 da Lei 4/1994 de estradas de Galicia.

4. Haberá de incluírse, no presente plan, a seguinte determinación de carácter xeral, no que respecta ás estradas provinciais:

"Todas as estradas poderán ser obxecto de mantemento, perfeccionamento ou modificación nas súas condicións de trazado, seccións e rasantes, en toda unha área de protección que se corresponderá con parte da área de afección (definida segundo art. 29 da Lei 4/1994, de estradas de Galicia) que resulte delimitada para cada ordenanza das distintas clases e categorías de solo, polas seguintes zonas ou aliñacións mínimas obrigatorias:

- *Solo rústico: área comprendida entre as zonas de afección, incluídas estas (de acordo ao estipulado no art. 33 da Lei 4/1994).*
- *Solo urbanizable: área comprendida entre as zonas de afección, incluídas estas (de acordo ao estipulado no art. 33 da Lei 4/1994); agás que se delimite un ámbito menor entre aliñacións sinaladas mediante ordenación pormenorizada de todo o sector, respectando, como mínimo, a superficie comprendida entre ambas as liñas de edificación (segundo o disposto no art. 35 da Lei 4/1994).*
- *Solo de núcleo rural: área comprendida entre as aliñacións definidas nos planos de ordenación e aquela área fóra destas aliñacións necesaria para a realización de movementos de terra para a execución das obras de urbanización entre aliñacións.*
- *Solo urbano non consolidado: área comprendida entre as liñas de edificación (segundo o disposto no art. 35 da Lei 4/1994), excepto en tramos limitados mediante a ordenación pormenorizada no que se sinale outras aliñacións, respectándose a sección mínima de 16 m (establecida para o viario principal polo art. 48.2 da Lei galega 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia).*
- *Solo urbano consolidado: área comprendida entre as aliñacións sinaladas nos planos de ordenación, respectando a sección mínima de 16 m (establecida para o viario principal polo art. 48.2 da Lei galega 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia)."*

Por mantemento, perfeccionamento ou modificación de estradas -con incidencia para os efectos de expropiación ou imposición de servidumes en relación cos terreos ou demais elementos que resultasen afectados- entenderase todo tipo de obras e instalacións necesarias ou convenientes para a prestación do servizo nas mellores condicións de funcionalidade e seguridade viaria; como, por exemplo, as seguintes:

- consolidación, acondicionamento, ensanche, complementación, rectificación de trazado, desdobramento, etc. (incluíndo execución de movemento de terras, explanacións, afirmados básicos, muros de contención, noiros, bermas, túneles, viadutos, cambios de sentido, carrís de incorporación ou freado, carrís para bicicletas, contas, glorietas e outros illotes á marxe dos espazos de circulación, medianas e

Deputación
DA CORUÑA

outros elementos de separación ou protección, beiravías, beirarrúas, sendas e pasarelas peonís, pavimentación e outros tratamentos superficiais, pintado, resaltes ou lombas e outros elementos reguladores, pasos de peóns, etc; configuración distinta das intersección ao mesmo ou distinto nivel e dos accesos desde os dominios públicos ou privados; etc.)

- colocación de paneis informativos, semáforos e outra sinalización, instalación aérea ou subterránea de redes de servizos e doutras infraestruturas (iluminación pública, antenas de comunicación, instrumentos de medición ou control de tráfico, etc), disposición de barreiras de protección acústica, dotación de morróns, marquesiñas e outro mobiliario, plantación de especies arbóreas e de xardinería, emprazamento de esculturas e outros elementos artísticos, etc.
- dotación de paradas de transporte público, aparcadoiros, estacións de servizo, áreas de descanso e outros equipamentos relacionados co servizo viario, etc.

2. Darlle conta do presente acordo ao alcalde de Carballo."

E para que conste e sen prexuízo dos termos da aprobación da acta, segundo o disposto no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Corporacións locais, expido a presente por orde e co visto e prace do Presidente da Deputación da Coruña, sendo tres de setembro de dous mil trece.

Vº e Pr.

O presidente

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA * PRESIDENCIA *

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA * SECRETARÍA XERAL *

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Cultura
Dirección Xeral do Patrimonio Cultural

Edificio Administrativo San Caetano. Bloque 3 -2º
15781-SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 54 00

galicia

INFORME DA DIRECCIÓN XERAL DO PATRIMONIO CULTURAL RELATIVO Á TRAMITACIÓN DO DOCUMENTO DE PLANEMANETO URBANÍSTICO

DOCUMENTO INFORME-CONTESTACIÓN DO EQUIPO REDACTOR DO PXOM DE CARBALLO E ANEXO XUSTIFICATIVO DA INTERPRETACIÓN DE DTERMINADOS ASPECTOS

Interesada: Concello de Carballo.
Redactores: Álvaro Fernández Caraballada. Director do equipo redactor
Concello: Carballo

Expediente núm.: 2014.635.SPI.P

ANTECEDENTES

1. O Anterior PXOM de Carballo está anulado por unha sentenza xudicial dende o ano 2003, e a normativa vixente son unhas normas dos anos 80 de escasa precisión e alcance
2. O día 13.03.2013 o Concello de Carballo entregou á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural o PXOM en soporte dixital (DVD) dilixenciado, xunto con 3 planos en papel: ISA-03, ISA-02.3 e ISA-02.2 tamén dilixenciados, para que emitira o informe sectorial correspondente.
3. O día 28.04.2014 a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural emite o seu informe, que conclúe: *"En consecuencia e por todo o antedito a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, dentro do ámbito das súas competencias emite, respecto ao documento Plan Xeral de Ordenación Municipal de Carballo, aprobado inicialmente no pleno do concello o 10 de xaneiro de 2013,* ***informe desfavorable, debendo incorporar as medidas protectoras e correctoras expostas no presente informe.****"*
4. O día 30.05.2014 recíbese no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia en Santiago de Compostela (82295/RX 553409) a documentación, remitida polo Concello de Carballo, na que se achega un Anexo Xustificativo elaborado polo equipo redactor do PXOM, e no que se comunica que: *"cuxas determinacións será incorporadas no documento do PXOM para a súa aprobación provisional"*, e solicitan o informe da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural (DXPC).

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1. É de aplicación para o informe deste documento o disposto nas seguintes disposicións normativas:

   - Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. LRXAP PAC
   - Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia. LPCG
   - Lei 3/1996, do 10 de maio, de protección dos camiños de Santiago. LPCS
   - Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español. LPHE
   - Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia. DARX
   - Decreto do 22 de abril de 1949 sobre os castelos españois. DCAS
   - Decreto 571/1963, do 14 de marzo, sobre protección dos escudos, emblemas, pedras heráldicas, rolos de xustiza, cruces de termo e pezas similares de interese histórico-artístico. DESC
   - Decreto 449/1973, do 22 de febreiro, polo que se colocan baixo a protección do Estado os "hórreos" ou "cabazos" antigos existentes en Galicia e Asturias DHOR
   - Decreto 232/2008, do 2 de outubro, sobre o Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia. DINV.

2. Son ademais de aplicación os contidos das diferentes normas relativas en especial ao réxime do solo e á ordenación urbana, no que estas disposicións regulan en relación coa protección e a conservación do patrimonio cultural, e en concreto:

   - Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia. LOT
   - Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. LOUGA
   - Lei 5/2006, do 30 de xuño, para a protección, conservación e mellora dos ríos galegos. LRIO
   - Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia. LPAI
   - Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as directrices de ordenación do territorio. DOT
   - Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral de Galicia. POL

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

1. O sentido desfavorable do informe da DXPC do 28.04.2014 fundamentábase principalmente en tres aspectos relevantes:
   a. A necesidade de incorporar ou xustificar a ausencia do catálogo en tramitación dunha serie de elementos que polas súas características puideran ter a consideración de seren protexidos polo seu valor cultural.
   b. A necesidade de incorporar na normativa algunha serie de criterios e precisións, especialmente en materia de procedemento e réxime de autorizacións da DXPC.
   c. A necesidade de revisar ou corrixir algunha serie de erros na identificación ou descrición dalgunhas fichas, tanto do patrimonio arquitectónico como do arqueolóxico, especialmente o que fai referencia aos Castros de Queixeiro, Constenla, Santa Irene-Castrillón, Castro de Couselo, Castriños dos Vilares e Queo de Arriba, así como algunha determinación da ordenación que pode afectar ao Castro de Nión.

2. O informe e Anexo xustificativo do equipo redactor, ademais de incluír unha serie de interpretacións e criterios para a incorporación das determinación do informe da DXPC, fai fincapé na delicada situación derivada da anulación do Plan anterior do 2003, a vixencia dunhas normas obsoletas e os máis de 13 meses transcorridos entre a entrega da documentación completa e o informe da propia DXPC.

3. En canto ao contido técnico do informe, enumeramos de seguido as conclusións e xustificacións achegadas no documento:
   a. Bens de Interese cultural: Recóllese unha proposta para o artigo 110 na que se fai referencia ás protección xenéricas dos BIC derivadas do réxime das disposicións adicionais da LPHE e da LPCG, e un artigo 111 na que se define un réxime concreto para os BIC, o que se estima axeitado, se ben deberá incorporarse ao texto da aprobación provisional.
   b. Outros bens obxecto de protección: dos catro bens do listado remitido pola DXPC, dous estaban mal localizados e se aclara a localización, outro está incluído con outra denominación e outro se propón incorporar, polo que se estima completada esta consideración. Tamén se achega unha listaxe completa na que no apartado de observacións se indican as circunstancias particulares de cada un dos elementos. Este estudo pormenorizado identifica algúns bens dos que fora requirida información co seu correspondente código do catálogo ou que xa estaban incluídos con outras denominacións ou en conxuntos de bens. Tamén propón introducir no catálogo novas fichas. Esta proposta se estima axeitada, xa que fai a análise solicitada sobre os bens definidos no informe e nos anexos I e II do informe da DXPC. O documento xa fixo a proposta de identificación dos novos elementos e as súas fichas correspondentes, que serán incorporadas ao catálogo.

- *En relación coa introdución de elementos no catálogo, o documento definitivo incluirá os seguintes bens no catálogo: Cruz no conxunto de cruces en Cances Grande; Cemeterio vello de Cernide; Fonte da casa dos Maestros; Fonte no colexio da rúa Vázquez Parga; Fonte na praza do Concello; Conxunto de edifciación populares en Xernade, Conxunto de edificacións populares en Noicel, Algara; Vivenda no Picho; fonte lavadoiro en Ramiscosa; e pozo na Praza Sofán*
- *Modificaranse as fichas sinaladas para incorporar elementos nos seguintes conxuntos de bens: conxunto de edificacións populares en Noví; vivendas e hórreo en Quintáns, conxunto de vivendas e hórreo en Constenla; conxunto de edificacións populares en Bas; construcións populares no Picho.*

c. O catálogo: proponse a variación da estrutura da ficha e a denominación da área de influencia por contorno de protección. Xustifican a calidade das fotografías na dificultade ou imposibilidade de acceder a propiedades privadas neste proceso. Estímase xustificado este aspecto. Porén, non pode estimarse o argumento de que o equipo redactor incorporará as descricións e erros que dende a DXPC se lle trasladen. É unha obriga do catálogo, e da descrición dos bens inventariados, conter a información mínima sobre a identificación, descrición e valoración dos elementos afectados pola protección (artigo 11.2.a DINV), cando se trate de elementos individuais. Polo tanto, se ben se estima que esta consideración non debe supoñer unha consideración desfavorable do catálogo no seu conxunto, o documento de aprobación provisional, deberán contemplar nas súas fichas as seguintes correccións:

- *Todas as fichas disporán cando menos dunha fotografía identificativa, que permita diferenciar as condicións xerais do ben.*
- *Todas as fichas individuais deberán conter unha descrición literal, que nos casos nos que a protección sexa do maior nivel deberá conter datos sobre as súas características construtivas, e os campos referidos ao nivel de protección e estado de conservación.*
- *Os elementos pertencentes ao catálogo disporán dun axeitado nivel de protección en especial a consideración de protección integral para os bens que teñan a consideración de Ben de Interese Cultural. Revisaranse ademais as protección dos muíños e dos elementos de carácter etnográfico, que polo xeral deberan ser estruturais.*
- *Para as edificacións da praza de Galicia e das vivendas Grupo San Xoán, deberá incorporarse unha descrición das características tipolóxicas orixinais dos inmobles (volumes, composición de fachadas, materiais). Estas servirán de referencia no momento de proxectarse intervencións sobre algún dos inmobles, e permitirán detectar intervencións anteriores descontextualizadas.*
- *Nas fichas dos pazos de Gontade (AC-0201), Vilardefrancos (AC-303), e Louride (AC-1501), así como nas fichas da Casa Grande de Casal de Perros (AC-1502), e da casa con escudo na Pereira (AC-1102) incluirase cando menos unha fotografía de detalle do escudo e unha mínima descrición. Este elemento en concreto disporá de protección integral.*

d. Determinacións específicas de protección: Inclúese unha proposta alternativa de redacción que introduce os aspectos xerais establecidos no informe da DXPC, tanto en relación coa protección do patrimonio de carácter arquitectónico, especialmente o réxime de protección dos bens e os seus contornos, o sentido do carácter normativo das disposicións das fichas do catálogo, as obras autorizables en cada tipo de protección e os contornos de protección para determinados bens xenéricos, en especial os hórreos. Tamén se corrixe a sección destinada á protección dos camiños históricos.

- *A proposta de cambios e correccións na normativa se estima axeitada, polo que deberá incorporarse ao texto de aprobación definitiva nesas condicións.*

e. No referido á ordenación, se introduce na normativa as condicións de tramitación que esixen que os procedementos sexan informados pola DXPC así como a consideración de protección ambiental das vivendas de carácter tradicional que non sexan recollidas no catálogo, polo que se estiman condicións suficientes neste eido. Non se teñen referido na documentación do anexo ás determinacións referidas ás necesarias autorización do órgano competente en materia de protección do patrimonio cultural, que deberán ser recollidas nas súas fichas de desenvolvemento, xa que todas as figuras de desenvolvemento urbanístico deben ser informadas:

   - Deberán incorporar todas as fichas de solos urbanos ou urbanizables, ou de núcleo rural, que as súas ferramentas de desenvolvemento precisan do informe favorable do organismo competente en materia de protección do patrimonio cultural.
   - No caso de solos afectados por bens do patrimonio cultural, deberán incorporarse nos seus criterios de deseño as seguintes orientacións ou criterios:
     - As edificabilidades propostas serán semellantes ás xa existentes no ámbito territorial no que se emprazan o elemento protexido, evitando deste xeito a aparición de tipoloxías edificatorias alleas a este.
     - Os espazos libres emprazaranse na parte do ámbito delimitado máis próxima aos elementos protexidos.

f. No eido do patrimonio arqueolóxico, se introduciu unha normativa de protección que é acorde cos criterios sinalados no informe. Por outra banda, non se avanza nada en relación coas correccións necesarias sobre a delimitación de varios xacementos.

   - *A proposta de cambios e correccións na normativa de protección arqueolóxica se estima axeitada, polo que deberá incorporarse ao texto de aprobación definitiva nesas condicións.*
   - *Deberán incorporarse as seguintes revisións en canto á delimitación dos seguintes bens de natureza arqueolóxica: Castro de Queixeiro XA-013, ampliar ao oeste; Castro de Constenla XA-001, a protección integral debe recoller o foxo; Castro de Santa Irena/Castrillón XA-002 a protección integral ten que recoller a zona de prado e o solo rústico de protección de patrimonio non pode superpoñerse coa de espazos libres; ao Castro de Couselo fáltalle a área de protección integral; Castro de Queixeiro XA-013, ampliar ao oeste; Castriños dos Vilares XA-043 comprobar a localización, xa que semella desprazada 150m; Castro de Queo de arriba, XA-012, corrixir as situacións dos lugares de Queo de Arriba e de Leboreo no plano usado para situar o xacemento, estando a súa situación ao sur da actual e limitando polo oeste coa estrada CP-1908, e no lugar de Queo de arriba e non en Leboreo.*
   - *Deberá aclararse porque nos planos de ordenación se grafía unha estrada en previsión a carón da protección integral do Castro de Nión XA-006, cando no plano recollido na ficha do catálogo non aparece. Se hai previsión dunha estrada esta deberá afastarse da área de protección integral.*
   - *Incorporar ás fichas do catálogo, as cautelas arqueolóxicas, nos elementos que proceda. Completar os datos que falten nas fichas (nº de plano) e facer coincidir a numeración dos xacementos en fichas e planos. As fichas deberán incorporar un plano de ordenación coa estrutura xeral e orgánica do territorio que inclúa as mesmas grafías e delimitacións dos xacementos en ditos planos.*
   - *Comprobarase que a representación gráfica dos xacementos, áreas de protección integral dos xacementos e áreas de contorno, son claramente distinguibles.*

Edificio Administrativo San Caetano. Bloque 3 -2º
15781-SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 54 00

CONCLUSIÓNS E PROPOSTA

Á vista do informe da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural do 28.04.2014 relativo ao documento de aprobación inicial do 10.01.2013 do PXOM de Carballo, e á vista do documento *Anexo Xustificativo do 27.05.2014*, emito un **informe favorable condicionado** á que se incorporen ao documento definitivo para aprobación provisional os seguintes aspectos, sinalados polo miúdo no apartado 3 destas consideracións técnicas, e que son:

1. *Incorporarase no texto normativo as referencias propostas dun réxime concreto dos bens de interese cultural, segundo o definido no Anexo Xustificativo.*
2. *Incluiranse os seguintes bens no catálogo: Cruz no conxunto de cruces en Cances Grande; Cemeterio vello de Cernide; Fonte da casa dos Maestros; Fonte no colexio da rúa Vázquez Parga; Fonte na praza do Concello; Conxunto de edifciación populares en Xernade, Conxunto de edificacións populares en Noicel, Algara; Vivenda no Picho; fonte lavadoiro en Ramiscosa; e pozo na Praza Sofán*
3. *Modificaranse as fichas sinaladas para incorporar elementos nos seguintes conxuntos de bens: conxunto de edificacións populares en Noví; vivendas e hórreo en Quintáns, conxunto de vivendas e hórreo en Constenla; conxunto de edificacións populares en Bas; construcións populares no Picho.*
4. *Todas as fichas do catálogo disporán cando menos dunha fotografía identificativa, que permita diferenciar as condicións xerais do ben.*
5. *Todas as fichas de elementos individuais deberán conter unha descrición literal, que nos casos nos que a protección sexa do maior nivel deberá conter datos sobre as súas características construtivas, e os campos referidos ao nivel de protección e estado de conservación.*
6. *Os elementos pertencentes ao catálogo disporán dun axeitado nivel de protección en especial a consideración de protección integral para os bens que teñan a consideración de Ben de Interese Cultural. Revisaranse ademais as protección dos muíños e dos elementos de carácter etnográfico, que polo xeral deberan ser estruturais.*
7. *Para as edificacións da praza de Galicia e das vivendas Grupo San Xoán, deberá incorporarse unha descrición das características tipolóxicas orixinais dos inmobles (volumes, composición de fachadas, materiais) e a definición de elementos descontextualizadas.*
8. *Nas fichas dos pazos de Gontade (AC-0201), Vilardefrancos (AC-303), e Louride (AC-1501), así como nas fichas da Casa Grande de Casal de Perros (AC-1502), e da casa con escudo na Pereira (AC-1102) incluirase cando menos unha fotografía de detalle do escudo e unha mínima descrición. Este elemento en concreto disporá de protección integral.*
9. *Incorporarase ao texto normativo o réxime de protección descrito referido á patrimonio arquitectónico, arqueolóxico e aos camiños históricos.*
10. *Incorporarase a todas as fichas de definición de desenvolvemento dos solos urbanos, urbanizables, ou de núcleo rural, que as súas ferramentas de desenvolvemento precisan do informe favorable do organismo competente en materia de protección do patrimonio cultural.*
11. *No caso de solos afectados por bens do patrimonio cultural, deberán incorporarse nos seus criterios de deseño ou nas súas fichas de desenvolvemento as seguintes orientacións ou criterios: as edificabilidades propostas serán semellantes ás xa existentes no ámbito territorial no que se emprazan o elemento protexido, evitando deste xeito a aparición de tipoloxías edificatorias alleas a este; e os espazos libres emprazaranse na parte do ámbito delimitado máis próxima aos elementos protexidos.*
12. *Realizaranse as seguintes revisións en canto á delimitación dos seguintes bens de natureza arqueolóxica: Castro de Queixeiro XA-013, ampliar ao oeste; Castro de Constenla XA-001, a protección integral debe recoller o foxo; Castro de Santa Irena/Castrillón XA-002 a protección integral ten que recoller a zona de prado e o solo rústico de protección de patrimonio non pode superpoñerse coa de espazos libres; ao Castro de Couselo fáltalle a área de protección integral; Castro de Queixeiro XA-013, ampliar ao oeste; Castriños dos Vilares XA-043 comprobar a localización, xa que semella desprazada 150m; Castro de Queo de arriba, XA-012, corrixir as situacións dos lugares de Queo de Arriba e de Leboreo no plano usado para situar o xacemento, estando a súa situación ao sur da actual e limitando polo oeste coa estrada CP-1908, e no lugar de Queo de arriba e non en Leboreo.*

13. *Revisarase a previsión dunha estrada a carón da protección integral do Castro de Nión XA-006, que no seu caso deberá afastarse da súa área de protección integral.*
14. *Corrixir as fichas arqueolóxicas de xeito que coincida a numeración dos xacementos en fichas e planos, que conteñan un plano de ordenación coa estrutura xeral e orgánica do territorio e coas mesmas grafías e delimitacións dos xacementos en ditos planos.*
15. *Comprobarase a representación gráfica dos xacementos, áreas de protección integral dos xacementos e áreas de contorno, para que sexan claramente distinguibles.*

Santiago de Compostela, 16 de xuño de 2014
A directora xeral do Patrimonio Cultural

María del Carmen Martínez Ínsua

OTM

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Telf.: 981 544 564Fax.: 981 544 543
Correo-e: cmati.infraestruturas@xunta.es

axencia galega de infraestruturas axi galicia

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO XERAL
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Data 19/09/2014 11:05:08
SAÍDA 85750 / RX 829819

SR. ALCALDE-PRESIDENTE

Concello de Carballo

Praza do Concello, s/n

15100 Carballo

Ass/Cgp

Achégase informe da Axencia Galega de Infraestruturas relativo ao ***"PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL SOBRE A REDE AUTONÓMICA DE ESTRADAS DE GALICIA do Concello de Carballo"*** (661)

Santiago de Compostela, 19 de setembro 2014

A Xefa de Sección de Planificación e Programación,

Águeda Silva Seoane

CONCELLO DE CARBALLO
Libro Xeral de Entrada
2014011698
23-09-2014 09:57
07614410330600236544
Informe
OTM OFICINA TECNICA

DE ASIS A COMPOSTELA

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 544 564
Fax.: 981 544 543
Correo-e:
cmati.infraestruturas@xunta.es

INFORME

Concello: Carballo

Expediente: Informe sectorial con respecto á afección do Plan Xeral de Ordenación Municipal sobre a Rede Autonómica de Estradas de Galicia.

ANTECEDENTES

O Concello de Carballo remitiu, o 12 de agosto de 2014, o documento para aprobación provisional do Plan Xeral de Ordenación Municipal á Axencia Galega de Infraestruturas para o seu informe sectorial con respecto á afección á Rede de Estradas Autonómicas de Galicia, segundo o requirido no artigo 85.3 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e no artigo 23.2 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia.

Simultaneamente, este informe poderá servir de base para, no caso de que o proxecto de Plan Xeral de Ordenación Municipal chegue a entrar en vigor, o recoñecemento como treitos urbanos, ó abeiro do artigo 7 da antedita Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia, de todos ou algúns dos terreos clasificados como solo de núcleo rural que se sitúen nas marxes da Rede Autonómica de Estradas de Galicia ó seu paso por ese concello.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia.

Regulamento Xeral de Estradas, aprobado por Real Decreto 1812/1994, do 2 de setembro.

ESTRADAS AFECTADAS

As estrada autonómicas que discorren polo termo municipal ó que se refire este informe son as que se amosan na seguinte táboa:

Con data 28/10/2011 o concello de Carballo remitiu en formato dixital o documento indicado no encabezamento, solicitando a emisión de informe da administración hidráulica previo á aprobación inicial. Augas de Galicia emitiu informe favorable o 29/11/2011 condicionado a que se recolleran as prescricións feitas na documentación definitiva.

Con data 10/01/2013 o pleno do concello de Carballo aproba inicialmente o Plan Xeral de Ordenación de Carballo.Con data 18/02/2013 o Concello envía a documentación á Administración Hidráulica co gallo de solicitar informe. A documentación ten entrada en Augas de Galicia o 21 de febreiro de 2013.

Con data 14/11/2013 ten entrada en Augas de Galicia a reiteración do informe.

Lexislación aplicable

- Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Augas.
- Regulamento do Dominio Público Hidráulico, aprobado por Real decreto 849/1986, do 11 de abril.
- Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia.
- Real decreto 1332/2012, do 14 de setembro, polo que se aproba o Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica de Galicia Costa (PHGC).
- Directiva 2007/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2007, relativa á avaliación e xestión dos riscos de inundación.

DE ASÍS A COMPOSTELA
800 1214 · 2014 ·

- Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas.

Análise da documentación

Analizada a documentación aportada co documento "Plan Xeral de Ordenación do concello de Carballo", consistente en: Memoria xeral, Estudio de medio rural, Análise de asentamento poboacional, Informe de Sostenibilidade Ambiental, Planos de información e ordenación, Normativa, Fichas de desenvolvemento, Estudio de Actuación e Estudio Económico, Catálogo de protección e Ordenación detallada.

Á vista da documentación consultada, procédese a informar os seguintes aspectos que se detallan a continuación e sen prexuízo das demais competencias que ten atribuídas este organismo de conca, sen entrar a valorar outras consideracións técnicas, urbanísticas ou ambientais que non son obxecto do presente informe, nin ámbito da área que emite o informe:

- **Análise do PXOM en relación co Plan Hidrolóxico de Galicia – Costa**

De acordo co artigo 39 da lei 9/2010, de Augas de Galicia neste apartado avaliarase fundamentalmente o PXOM desde o punto de vista do Plan Hidrolóxico Galicia – Costa.

O PXOM debe respectar todo o contido do Plan Hidrolóxico Galicia - Costa aprobado por Real Decreto 1332/2012 do 14 de setembro, quedando suxeito ao seu cumprimento en toda a súa extensión. Independentemente do anterior e dende este punto de visto cabe informar o seguinte:

Rede fluvial

O concello de Carballo atópase dentro do sistema de explotación Nº10 Río Anllóns e costa da Coruña ata o límite con Arteixo e unha parte moi pequena está dentro do sistema de explotación Nº6 Río Tambre e ría de Muros. Unha vez comprobada a rede fluvial recollida na documentación, obsérvase que están recollidos e identificados todos os ríos codificados polo PHGC, isto é, aqueles ríos que contan cunha conca de aportación maior de 1 km2. Cabe sinalar que esta rede constitúe a rede mínima que debe ser considerada, destacando, en todo caso, que en calquera curso fluvial que discorra polo concello, codificado ou non, é de aplicación a lexislación de augas, debéndose respectar as súas zonas de servidume e policía, así como as limitacións de usos recollidas na lexislación.

Zonas protexidas

Na documentación do PXOM recóllense as áreas obxecto de protección da rede Natura 2000: Costa da Morte como Lugar de Importancia Comunitaria (LIC) (ES014LICSES1110005) e como Zona de Especial Protección para Aves (ZEPA9 (ES014ZEPAES0000176) e o río Anllóns como LIC (ES014LICSES1110015).

No Concello de Carballo, ademais das zonas protexidas mencionadas na documentación atópanse as seguintes incluídas no Rexistro de Zonas Protexidas do Plan Hidrolóxico Galicia-Costa, aprobado por RD1332/2012:

Praza de Camilo Díaz Baliño, 7/9
15781 Santiago de Compostela
Telf: 981 545 382
Fax: 981 544 988

-Captacións de abastecemento humano, estas zonas son se reflicten de forma expresa na documentación do PXOM, polo que deberán aparecer recollidas na documentación definitiva.

-Zonas de baño: Praia de Razo (id: ES014ZBAN32); Praia Ría de Baldaio (id:ES014ZBZBAN34);Praia Pedra do Sal (id:ES014ZBAN35) e Praia de Baldaio (id: ES014ZBAN33).

-Zonas de produción de moluscos: Baldaio (id: ES014PEAEGAL06/02) e Costa da Morte (id:ES014PEAEGAL06/01)

-Augas mineiro termais, no concello está protexido o balneario de Carballo (id:ES014PAMT15021) baixo a figura de Augas Mineiro Termais Perímetro e como Augas Mineiro Termais Alumbramento "Virxe da Estrella" (id: 15020).

-Zonas de Especial Protección do Valores Naturais: Río Anllóns e Río Rosende (id: es014enpr110065)

Estas zonas deben recollidas na documentación do PXOM e deberase atender ás limitacións de usos establecidas para cada unha destas zonas no PHGC, de cara a preservar o bo estado das masas de auga e do medio hídrico.

A información relativa as zonas protexidas pódese consultar na páxina web de Augas de Galicia, http://visorgis.cmati.xunta.es/dhgc/,

En todo caso, deberase ter en conta a presenza de humedais ou outras zonas húmidas no desenvolvemento da actuación, adoitando as medidas precisas para a súa preservación e no seu caso, contar coas autorizacións correspondentes.

Zonas inundables

Son zonas inundables, segundo o artigo 42 do PHGC e o 14 do RDPH, as delimitadas polos niveis que alcanzan as augas en avenidas de periodo de retorno de cincocentos anos, atendendo a estudos xeomorfolóxicos, hidrolóxicos e hidráulicos, así como de series de avenidas históricas e documentos ou evidencias históricas destas. A cualificación como zonas inundables non alterará a cualificación xurídica e a titularidade demanial dos terreos.

A zona de fluxo preferente, segundo o definido no artigo 42 do PHGC e o artigo 9 do RDPH, é aquela zona constituída pola unión da zona ou zonas onde se concentra preferentemente o fluxo durante as avenidas, ou vía de intenso desaugadoiro, e da zona onde, para a avenida de 100 anos de periodo de retorno, se poidan producir graves danos sobre as persoas e os bens, quedando delimitado o seu límite exterior mediante a envolvente de ambas as dúas zonas.

Para as zonas inundables e as zonas de fluxo preferente deberanse de respectar e recoller expresamente as prescricións recollidas nos artigos 42 e 43 do Plan Hidrolóxico Galicia – Costa (PHGC). Dentro destas prescricións destácase, para a zona de fluxo preferente unha serie de limitacións establecidas no artigo 42 do PHGC, deste xeito, só se poderán autorizar nesta zona actividades non vulnerables fronte a avenidas e que non supoñan unha redución significativa da capacidade de desaugadoiro e con carácter xeral non se autorizará a construción de edificacións destinadas a vivendas, non se permitirán actividades de acampada nin as instalacións industriais nin edificacións nas que habitualmente haxa presenza de persoas. Estas prescricións deberán ser recollidas na documentación.

O artigo 11 do Real decreto Lexislativo 1/2001, establece que os organismos de conca darán traslado ás Administracións competentes en materia de ordenación do territorio e urbanismos dos datos e estudos dispoñibles sobre avenidas, co obxecto de que se teñan en conta na

DE ASÍS A COMPOSTELA
800
1214 · 2014

planificación do solo, e en particular, nas autorizacións de usos que se acorden en zonas inundables.

Na páxina web de Augas de Galicia, http://visorgis.cmati.xunta.es/dhgc/, pódese consultar e descargar as ARPSIS, as manchas de inundación asociadas a distintos períodos de retorno e as zonas de fluxo preferente. Os mapas de risco atópanse na actualidade en fase de consulta pública.

Augas de Galicia, delimitou no concello de Carballo as seguintes áreas con risco potencial significativo de inundación: rego de Oza (id: ES014-CO-10-03-05), rego de Abaixo (id: ES014-CO-10-01-04), rego da Balsa (id: ES014-CO-10-01-04), río Anllóns (id: ES014-CO-10-01-04) e río Grande (id: ES014-CO-10-01-03).

Deberanse incluír na documentación definitiva os planos de riscos de inundacións nos que se delimiten o dominio público hidráulico, a zona de fluxo preferente e as distintas láminas de inundación. Do mesmo xeito, deberase aportar documentación na que se xustifique o cumprimento do artigo 42 nas zonas afectadas polas ARPSIs mencionadas.

Cabe sinalar que os desenvolvementos urbanísticos derivados do PXOM, que non se atopen en zonas estudadas por este organismo ao estar fóra dunha ARPSI ou o estar na actualidade realizando os estudios, deberán incluír no documento que os desenvolva, os estudos hidrolóxicos e hidráulicos correspondentes nos que se delimiten a zona de dominio público hidráulico e a zona de fluxo preferente, así como a delimitación das zonas inundables, correspondentes as láminas de inundación para os periodos de retorno de 100 e 500 anos, de cara a avaliación da viabilidade da ordenación proposta.

Autorizacións recollidas na lexislación hidráulica

En primeiro lugar, sinalar que calquera actuación a realizar en dominio público hidráulico requerirá autorización administrativa do organismo de conca de conformidade co previsto no artigo 126 do RDPH. En todo caso, no DPH adoptaranse as medidas precisas para corrixir situacións que afecten a súa protección.

Na zona de servidume e policía en tódolos leitos públicos e en toda a súa lonxitude, con **independencia da clasificación do solo** e con independencia de que estean ou non grafados nos planos de ordenación, segundo o establecido no artigo 7.3, 9.4 e 78 do RDPH, calquera actuación precisará autorización administrativa do organismo de conca independente doutra que teña que ser outorgada por outro organismo da administración.

Do mesmo xeito recórdase que a zona de policía poderá modificarse segundo o establecido no artigo 9.2 do RDPH, cando concorra algunha das causas sinaladas no artigo 6.2 do TRLA, podendo ampliarse a zona de policía , se fosa necesario, para incluír a zona ou zonas onde se concentra preferentemente o fluxo, co obxecto específico de protexer o réxime de correntes en avenidas e reducir o risco de produción de danos en persoas e bens. Nestas zona ou vías de de fluxo preferente solo se poderán autorizar polo organismo de conca aquelas actividades non vulnerables fronte as avenidas e que non supoñan unha redución significativa da capacidade de desaugue de dita vía.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
AUGAS DE GALICIA
Servizos Centrais

Praza de Camilo Díaz Baliño, 7/9
15781 Santiago de Compostela
Telf: 981 545 382
Fax: 981 544 988

augasdegalicia
galicia

Liña de edificación

No artigo 196 da Normativa faise referencia a liña límite de edificación nos solos de desenvolvemento e indica que será o instrumento de planeamento o que definirá as distancias mínimas ao dominio público hidráulico das construcións, actividades e usos que sexan posibles na zona de protección, con limitacións ou restricións concretas en tódolos leitos, coa definición literal e gráfica que sexa necesaria. Estas concrecións deberanse reflectir nos instrumentos de desenvolvemento que deberán ser informados polo organismo de conca. Tamén fai referencia ao artigo 32.2d da LOUG (Lei 9/2002) e transcríbese o seguinte: "As correntes de auga de escasa entidade que discorran dentro do ámbito dun solo de desenvolvemento quedarán debidamente integradas o sistema de espazos libres públicos, estando a franxa de cinco metros dende a ribeira (servidume) libre de calquera construción".

Con respecto o transcrito do artigo 32.2d da LOUG (Lei 9/2002) indicar que neste artigo non se establece unha liña de edificación de 5 m polo que esta consideración deberá ser retirada da Normativa do PXOM.

Protección de mananciais

No artigo 199 da Normativa faise referencia a protección de mananciais en solo rústico e de núcleo rural delimitando unha franxa de protección 30 m de cara a preservalos de actividades susceptibles de producir contaminacións sobre eles. Deste xeito, nestas zonas prohíbese as instalacións relacionadas con augas residuais, produtos químicos, residuos sólidos, silos e produtos de compostaxe, aplicacións de fertilizantes e a ocupación gandeira.

En todo caso esta franxa de protección proposta poderá verse incrementada de cara a preservación do dominio público hidráulico e que deberá ser obxecto de estudio en cada caso particular.

- **Análise do PXOM en relación aos Plans de Abastecemento e Saneamento**

De acordo co artigo 39 da lei 9/2010 de Augas de Galicia neste apartado avaliaranse fundamentalmente o PXOM respecto dos Plans de Abastecemento e Saneamento tendo en conta as prescricións que a continuación se indican.

De acordo co artigo 27 da lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia e segundo o artigo 25.2.l) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local é responsabilidade das entidades locais o subministro de auga e alcantarillado, así como o tratamento de augas residuais.

No Plan Xeral deben quedar recollidas de xeito xeral as actuacións que en materia de abastecemento e saneamento que se consideren necesarias para garantir o servizo no municipio, tendo en conta o crecemento urbanístico previsto.

O plan de Abastecemento de Galicia (Plan Auga), marca con carácter xeral as liñas de actuación a seguir en materia de abastecemento de auga para os distintos concellos de Galicia, sen prexuízo dos resultados que se poidan producir nunha análise a menos escala como é o caso dos PXOM ou do planeamento que desenvolve cada sector do concello. No caso de separarse da solución proposta polo Plan para un mesmo obxectivo deberase xustificar apoiado nos estudos específicos.

DE ASÍS A COMPOSTELA
1214 · 2014

Non obstante, cabe destacar que o Plan de Abastecemento só se refire ao abastecemento á poboación, sen entrar a valorar as necesidades para outros usos como por exemplo o industrial ou agro – gandeiro e nos seus obxectivos está garantir as necesidades actuais e futuras de abastecemento de auga potable a tódolos núcleos de poboación superior a 50 habitantes de Galicia, polo que son estas as actuacións que están estudadas no plan.

No caso do Plan de Saneamento, o novo plan atópase en fase de borrador.

Na definición das características e dos elementos dos sistemas, recoméndase o seguimento das Instrucións Técnicas para Obras Hidráulicas de Galicia (ITHOGH), que se poden consultar na páxina web de Augas de Galicia.

Aclarar en todo caso, que este informe se emite desde o punto de vista técnico en entrar a valorar cuestións de índole económico ou financiero nin aspectos relativos á financiación das obras propostas no PXOM.

Abastecemento

Segundo a documentación aportada o concello de Carballo conta cun sistema de abastecemento de auga municipal, que abastece o núcleo de Carballo e os próximos a el e na parte rural do municipio conta con redes veciñais. Revisadas as bases de datos das que dispón este organismo, salvo ou omisión, constátase que o concello de Carballo conta cunha concesión inscrita no Libro de Rexistro de Augas de Galicia con clave E-1488, modificada coa tramitación do expediente concesional A15.30164.

Na documentación indícase que o sistema de abastecemento municipal ten a súa orixe nunha captación de auga no río Anllóns mediante unha pequena represa situada entre as parroquias de Bértoa e Berdillo, no lugar de Costa do Queo. A auga captada condúcese mediante unha canle a un pozo de bombeo dende o que se envía a unha estación de tratamento de auga potable (ETAP) situada a carón do bombeo.

A ETAP ten unha capacidade de tratamento de ata 432 m3/h e conta con tratamentos de precloración, coagulación - floculación, decantación, filtración e desinfección final. O depósito de cabeceira, situado en Paraíso, ten unha capacidade de 10.000 m3 (9.800 m3 útiles).

O ramal que vai cara ó núcleo conduce ata o depósito elevado de Carballo, que ten unha capacidade de 1.500 m3, aínda que tamén pode realizarse o subministro directamente dende o depósito de cabeceira de Paraíso mediante o paso o través dunha válvula redutora de presión.

O polígono industrial de Bértoa conta cun depósito de regulación de 1000 m3, e tamén a fábrica de conservas Calvo dispón dun depósito de regulación propio de 800 m3. Desta maneira conséguese regular a súa demanda evitando interferencias na rede de distribución municipal.

A poboación asentada nos núcleos que están conectados actualmente o sistema municipal de abastecemento supón un 89% do total da poboación municipal. Nas restantes entidades de poboación disponse de sistemas de captación, condución e depósitos de auga de titularidade veciñal, aínda que nalgúns lugares deben complementarse con pozos individuais. Os sistemas máis destacables son os de Noicela, Rebordelos, Vilela, Razo, Cances, Rus e Entrecruces. No informe previo á aprobación inicial do PXOM, achegábase un anexo coas concesións inscritas no Libro de Rexistro de Augas de Galicia. De cara a conseguir a regularización de tódolos aproveitamentos, non se poderán outorgar novas licencias de construción que baseen o seu abastecemento mediante redes veciñais que non figuren no correspondente listado ou novas captacións sen concesión administrativa ou sen recoñecemento do uso privativo por disposición

Praza de Camilo Díaz Baliño, 7/9
15781 Santiago de Compostela
Telf: 981 545 382
Fax: 981 544 988

legal posto que non se pode garantir o abastecemento. Este aspecto deberá ser recollido na Normativa do Plan Xeral.

Segundo a documentación aportada o sistema de abastecemento municipal ten unha capacidade adecuada para as necesidades actuais, pero encóntrase cerca do límite da súa capacidade, polo que un incremento da demanda esixirá realizar actuacións de mellora na infraestrutura existente. A capacidade do sistema será suficiente para o curto prazo, correspondendo ó primeiro cuadrienio de vixencia do PXOM as posibles novas actuacións.

As propostas do Estudio Director prevén que o abastecemento de municipio de Carballo quede configurado cos seguintes sistemas: un abastecemento principal, que constará de 2 subsistemas interconectados que foron tramitados baixo o expediente de clave A15.30164, no que ademais de captar do río Anllóns proponse unha nova captación no río Bardoso, e uns abastecementos complementarios para núcleos de diversas parroquias.

Saneamento

Segundo a documentación aportada o concello de Carballo posúe unha ampla rede de saneamento, practicamente toda a zona do núcleo urbano de Carballo e as súas extensións posúen rede de saneamento.

A rede do núcleo de Carballo verte ao río Anllóns, previo paso pola EDAR de Carballo. Existen diversas EDAR nos núcleos rurais para tratar as súas augas residuais. Deste xeito a EDAR de Baldaio recolle as augas residuais de Castrillón e Noicela, tamén contan con depuradora as parroquias de Oza, Cances, Bértoa, Artes, en Berdillo contase coas depuradoras de Añón e Regueira, Ardaña e Razo. Na parroquia de Lema contan cunha depuradora de decantación con saída ao mar,na parroquia de Rebordelos unha parte da poboación conta cunha rede de saneamento que verte o río Rapadoiro e no caso da parroquia de Sísamo tamén existe unha rede de sanemento dende Ramil ata os Vilares e contan cunha sistema de decantación.

Non existe rede de saneamento municipal na actualidade nos lugares de Aldemunde, Entrecruces, Vilela, e en parte de Rus, Sísamo e Rebordelos. Coa posta en funcionamento da EDAR de Ardaña a nova rede de colectores chega a Entrecruces baixa e no resto dos casos os particulares contan con fosas sépticas. No caso de que as fosas sépticas non sexan estancas deberán contar con autorización de vertido de Augas de Galicia. De cara a conseguir unha adecuada preservación do media hídrico, non se poderán outorgar novas licencias de construción que baseen o seu saneamento mediante redes que verten a cauces sen autorización de Augas de Galicia, aspecto que deberá ser recollido na Normativa do Plan Xeral

Consultadas as bases de datos deste organismo, das diversas estacións depuradoras de augas residuais (EDAR) no ámbito do concello e salvo erro ou omisión, figuran con autorización de vertido ou en trámite as seguintes:

CLAVE	DESCRICIÓN	ESTADO
DH.V15.30717	EDAR DE RAZO. Vertido ao rego de Pardiñas	Autorizado
DH.V15.42152	EDAR DE BALDAIO. VERTIDO AO RIO DO RAPADOIRO.	En trámite
DH.V15.30730	EDAR DE ARDAÑA .VERTIDO AO RIO GRANDE	Autorizado

Lémbrase para tódalas restantes, a obriga de solicitar no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte deste informe da regulamentaria autorización de vertido, posto que calquera vertido require autorización de Augas de Galicia, ou no seu caso aportar a devandita autorización.

DE ASÍS A COMPOSTELA
1214 . 2014

A rede de saneamento do concello ten tramos onde é unitaria e outros onde é separativa. De acordo coas Directrices de ordenación do territorio, calquera novo desenvolvemento residencial, industrial ou terciario preverá obrigatoriamente as dúas redes separadas e a aplicación de técnicas de drenaxe urbana sostible.

Aplicación do artigo 57.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

Seguindo o artigo 57.2 da LOUG (Lei 9/2002) os plans xerais poderán ordenar detalladamente aqueles sectores de desenvolvemento urbanístico preferente, de xeito que se poidan executar sen planeamento de desenvolvemento. Este artigo aplícase para o desenvolvemento do Plan Parcial Sector S-R3 do PXOM de Carballo.

O obxecto do plan parcial consiste na transformación dos terreos incluídos no ámbito para proceder a súa urbanización e edificación de vivendas.

Na documentación aportada reflíctese que o abastecemento e saneamento realizarase mediante conexión coas redes municipais existentes. Deberase contar con informes da empresa xestora dos servizos municipais indicando que a capacidade das redes dos servizos é suficiente para albergar os novos caudais xerados de acordo co establecido no artigo 64.h da Lei 9/2002, do 30 de decembro de Ordenación e Protección do Medio Rural de Galicia, quedando condicionado o sentido deste informe ao cumprimento deste artigo. No caso de que os sistemas de abastecemento e saneamento non teñan capacidade suficiente deberase aportar unha solución que deberá ser validada por Augas de Galicia.

No caso de precisar un aumento de caudal no caso do abastecemento ou variar as condicións de vertido no caso do saneamento deberanse solicitar as preceptivas modificacións tanto na concesión de augas como na autorización de vertido ante este organismo de conca.

No caso de que no sector discorra un cauce, codificado ou non, é de aplicación a lexislación de augas, debéndose respectar as zonas de servidume e policía, así como as limitacións de usos recollidas na lexislación. Recórdase a necesidade de solicitar autorización do organismo de conca para calquera actuación a desenvolver en DPH ou nas zonas de servidume e policía. Deste xeito, seguirase en sentido estrito o recollido no artigo 78 e 9.4 do RDPH e calquera actuación precisará de autorización administrativa do organismo de conca independente doutra que teña que ser outorgada por outro organismo da administración.

Outras consideracións

No artigo 109 reflíctese no último apartado o seguinte "Calquera tipo de actuación, xa sexa de carácter temporal ou permanente, na zona de Dominio Público Hidráulico, precisa autorización de Augas de Galicia, Consellería de Medio Ambiente". Deberase aclarar neste punto que segundo a lexislación sectorial de augas, calquera actuación que se leve a cabo en zona de dominio público hidráulico, zona de servidume ou zona de policía requerirá a correspondente autorización de Augas de Galicia, posto que a redacción empregada pode conducir a erros na súa interpretación.

Deberase actualizar a lexislación de augas, posto que na documentación faise referancia ao novo Plan Hidrolóxico Galicia - Costa en redacción e este foi aprobado por Real Decreto 1132/2012 do 14 de setembro.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
AUGAS DE GALICIA
Servizos Centrais

Praza de Camilo Díaz Baliño, 7/9
15781 Santiago de Compostela
Telf: 981 545 382
Fax: 981 544 988

Destacar que calquera instrumento de planeamento derivado deste Plan Xeral de Ordenación deberá ser tamén informado por este organismo de conca y calquera actuación en Dominio Público Hidráulico, zona de servidume e policía requirirá autorización seguindo a lexislación sectorial de augas.

Conclusión

Vista a documentación aportada, este organismo de conca non pode informar o PXOM de Carballo ata que se recollan na documentación os mapas de riscos (achegados ao concello por este organismo de conca) nos que se delimitan o dominio público hidráulico, a zona de fluxo preferente e as láminas de inundación nas zonas de ARPSI existentes no concello de Carballo e xustificación do cumprimento do artigo 42 do PHGC nas zonas afectadas polas ARPSIs. Do mesmo xeito deberán cumprir as prescricións sinaladas no informe con respecto da normativa e solicitar ou presentar as autorizacións de vertido das depuradoras mencionadas no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción deste informe

Santiago de Compostela, 01 de decembro de 2014

O xefe da Área de Autorizacións e Concesións

Víctor Manuel Gómez Traba

O subdirector xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico

Roberto Arias Sánchez

DE ASÍS A COMPOSTELA
1214 · 2014

concello de CARBALLO

ANEXO 3
INFORME DE ALEGACIÓNS AO PXOM DE CARBALLO

INDICE

1. CONSIDERACIÓNS PREVIAS 1

2. DESENVOLVEMENTO DO PROCESO 3

2.1. EXPOSICIÓN AO PÚBLICO DAS ALEGACIÓNS 3

2.2. FASES DE RESOLUCIÓN 3

3. FASE 1ª: CLASIFICACIÓN PREVIA DAS ALEGACIÓNS 5

3.1. CLASIFICACIÓN DAS ALEGACIÓNS 5

3.2. CLASIFICACIÓN POR TIPOS 6

3.3. CUANTIFICACIÓN DOS TIPOS 7

4. FASE 2ª:ANÁLISE DOS TIPOS 9

4.1. ANÁLISE DOS TIPOS MAIORITARIOS 9

4.2. DELIMITACIÓN DE NOVOS ASENTAMENTOS 13

4.3. OS NOVOS DESENVOLVEMENTOS 14

4.4. MODIFICACIÓN DAS ALIÑACIÓNS, DOTACIÓNS E SISTEMAS XERAIS PREVISTOS 14

4.5. MODIFICACIÓNS NA ORDENANZA 15

4.6. EN RELACIÓN AO PATRIMONIO CLASIFICADO 16

4.7. XESTIÓN DO PXOM 16

4.8. CRITERIOS DE CLASIFICACIÓN DO SOLO RÚSTICO E MODIFICACIÓN DE CARTOGRAFÍA 17

4.9. ANÁLISE DOS TIPOS SEGUNDO A SÚA LOCALIZACIÓN DENTRO DO TERMO MUNICIPAL 17

4.9.1. SANTAMARÍA MADALENA DE ALDEMUNDE 18

4.9.2. SANTA MARÍA DE ARDAÑA 18

4.9.3. SAN XURXO DE ARTES 19

4.9.4. SAN LORENZO DE BERDILLO 19

4.9.5. SANTA MARÍA DE BÉRTOA 19

4.9.6. SAN MARTIÑO DE CANCES 19

4.9.7. SAN XOÁN DE CARBALLO 20

4.9.8. SAN XENS DE ENTRECRUCES 20

4.9.9. SANTO ESTEVO DE GOIÁNS 20

4.9.10. SAN CRISTOVO DE LEMA 21

4.9.11. SANTA MARÍA DE NOICELA 21

4.9.12. SAN BREIXO DE OZA 21

4.9.13. SAN MARTIÑO DE RAZO 21

4.9.14. SAN SALVADOR DE REBORDELOS 22

4.9.15. SANTA MARÍA DE RUS 22

4.9.16. SANTIAGO DE SÍSAMO 22

4.9.17. SAN SALVADOR DE SOFÁN 23

4.9.18. SAN MIGUEL DE VILELA 23

4.9.19. OUTROS A IDENTIFICAR OU XENÉRICAS 23

5. FASE 3: DEFINICIÓN DE CRITERIOS 24

5.1. CRITERIOS XERAIS DE RESOLUCIÓN 24

5.1.1. SÍNTESE DO PROCESO DE PARTICIPACIÓN PÚBLICA 24

5.1.2. CRITERIOS COMPATIBLES CO MODELO PROPOSTO PARA A ESTIMACIÓN DAS ALEGACIÓNS 25

5.1.3. CRITERIOS A ESTUDAR DE FORMA INDIVIDUALIZADA PARA A ESTIMACIÓN DAS ALEGACIÓNS 25

5.1.4. CRITERIOS PARA A DESESTIMACIÓN DAS ALEGACIÓNS 26

5.2. CRITERIOS DE ESTIMACIÓN DAS ALEGACIÓNS CON INCIDENCIA SOBRE A CAPACIDADE RESIDENCIAL DO PXOM 26

5.2.1. SOLICITUDES DE INCLUSIÓN EN SOLO DE NÚCLEO RURAL 26

5.2.2. SOLICITUDES DE INCLUSIÓN EN SOLO URBANO 27

5.2.3. DELIMITACIÓN DE NOVOS ASENTAMENTOS 28

5.2.4. OS NOVOS DESENVOLVEMENTOS 29

6. FASE 4ª PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS 30

6.1. INFORME PREVIO DE ALEGACIÓNS 30

6.2. AS COMISIÓNS INFORMATIVAS 30

6.3. PROPOSTA DE RESOLUCIÓN 30

1. CONSIDERACIÓNS PREVIAS

O Planeamento vixente na actualidade no Municipio de Carballo son: as Normas subsidiarias e Complementarias do Planeamento da Vila de Carballo aprobadas definitivamente o 16 de xuño de 1978, as Normas Subsidiarias de Planeamento Corrixidas da Vila de Carballo con aprobación definitiva de 20 de xuño de 1980 e as Normas Subsidiarias de Planeamento do Termo Municipal, con exclusión dos ámbitos da vila de Carballo, polígono industrial de Bértoa e paraxes costeiros con aprobación definitiva de 12 de abril de 1984.

É importante considerar como antecedente de planeamento, e para entender a realidade edificatoria existente que presenta na actualidade o termo municipal, que o Concello de Carballo ordenouse mediante o Plan Xeral de Ordenación Municipal (en diante PXOM de 2003) aprobado definitivamente o 20 de maio de 2003, publicado no Diario Oficial de Galicia o 14 de xullo de 2003, e en vigor dende ó 15 de xullo do mesmo ano ata finais do 2011.

Dito Plan Xeral foi anulado por Sentenza Xudicial con data de 1 de marzo de 2007 pola Sección Segunda da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no recurso contencioso-administrativo número 5039 de 2003, interposto pola representación procesal de D. José Jesús Pacoret Regueira contra o acordo de aprobación definitiva do PXOM realizada polo Concello. Confírmase a suspensión pola Sentencia desestimatoria do Recurso de Casación do Tribunal Supremo, Sala do Contencioso-Administrativo, sección quinta, o 2 de novembro de 2011.

No momento da entrada en vigor da Lei 9/2002, de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (en diante LOUG), o documento do PXOM de 2003, agora anulado, encontrábase en tramitación, e en virtude da Disposición Transitoria Terceira, o Concello de Carballo optou pola tramitación de acordo co disposto na Lei 1/1997, de Solo de Galicia, sendo de aplicación ó disposto na Disposición Transitoria Primeira da LOUG.

A aplicación deste documento do ano 2003 xerou dificultades de interpretación debido a súas indeterminacións en materias como a clasificación de solo do litoral ou a ordenación detallada dos núcleos rurais e urbano, que propiciaron a necesidade de elaborar instrumentos e figuras urbanísticas (modificacións puntuais, planes especiais e estudos de detalle) dende o Concello que facilitaran a definición dos criterios e a aplicación do documento. Ao mesmo tempo este planeamento do 2003 desenvolveu unha importante actividade urbanística, tanto en número de licencias concedidas como en culminación de procesos de urbanización, de ámbitos de solo industriais e residenciais, obras de infraestruturas e demais actividades de iniciativa pública e privada, que foron consolidando o modelo territorial formulado polo planeamento anulado, e que pese a súa suspensión, constitúe a base do modelo territorial analizado e desenvolvido no documento aprobado inicialmente.

O **primeiro documento de revisión do PXOM,** redactado co criterio de adaptar a lexislación en vigor as determinacións do Plan Xeral de 2.003, foi obxecto de Informe Previo á Aprobación Inicial, o 21 de decembro de 2009 pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, que entre outros aspectos, e como parte mais importante do mesmo, pon de manifesto a necesidade de efectuar unha drástica redución da capacidade residencial do Plan proposto, que basicamente respectaba as determinacións do planeamento que revisaba.

Baixo o novo marco legal do ano 2010, e visto o informe previo da Consellería emitido no ano 2.009, o equipo redactor traslada ao Concello unha serie de propostas relativas ao novo documento do PXOM, para que sexan valoradas e se adopte un acordo sobre os criterios a seguir para a redacción do mesmo. Estas propostas deberán atender ao informe previo da Consellería, que conleva unha significativa redución na capacidade residencial do Plan. O Concello acorda en Comisión Informativa de Urbanismo e Medio Ambiente celebrada o 4 de outubro de 2010, solicitar ao equipo redactor que xustifique os aspectos necesarios para manter a base do documento presentado para Informe previo do 2.009, rexeitando a proposta dos redactores de redución de solo urbanizable delimitado no entorno do núcleo de Carballo e dos núcleos da costa, e a redución das alturas máximas permitidas no solo urbano consolidado.

Este **segundo documento de Revisión de PXOM** (sinalado con fecha de redacción de febreiro de 2.011) e obxecto dun novo informe previo a Aprobación Inicial pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, emitindo o mesmo con data de 6 de febreiro de 2.012, que incide novamente na redución da capacidade residencial.

Coma resultado dos informes emitidos sobre o segundo documento de revisión do Plan Xeral do 2.003, ponse de manifesto A NECESIDADE DE EFECTUAR UNA REDUCION DA CAPACIDADE RESIDENCIAL PREVISTA, FUNDAMENTALMENTE, POLA ELIMINACION DOS SOLOS URBANIZABLES DELIMITADOS NO PLAN DO 2.003, CO OBXETO DE ADECUAR AS PREVISIOS ÁS NECESIDADES REALES DO TERMINO MUNICIPAL.

A anulación do Plan Xeral de 2.003, constitúe un fito de vital importancia para a formulación do Plan Xeral, en tanto en canto, NON SE FORMULA UNHA REVISION DO PLAN DO 2.003, SINO UN NOVO PLAN XERAL. Esta afirmación, que pode parecer obvia, ten una gran transcendencia, xa que A CLASIFICACION DO SOLO CONTIDA NO PLAN DO 2.003, FOI ANULADA E CONSECUENTEMENTE, NON PODE SER UTILIZADA COMO ANTECEDENTE DE PLANEAMENTO PARA A FORMULACION DO PRESENTE DOCUMENTO.

A entrada en vigor novamente das antigas Normas Subsidiarias de Planeamento como consecuencia da anulación do Plan Xeral, obrigou o Concello de Carballo a adoptar un acordo de suspensión de licencias en determinados ámbitos do termo Municipal, co fin de impedir que a aplicación de dita normativa, xere situacións irresolubles ou non desexables, e que poidan estar en confrontación cos intereses xerais da poboación.

De acordo coa lexislación en vigor, para manter a suspensión de licencias o Concello conta cun prazo dun ano para aprobar inicialmente un novo planeamento do termo municipal, e dous anos para a aprobación definitiva do mesmo.

Trala anulación do PXOM do 2003, as reflexións efectuadas sobre a necesidade ou a conveniencia de manter a clasificación do solo no Plan que se revisaba en determinadas áreas en función da valoración das posibles responsabilidades da administración por modificación do planeamento en vigor, carecen xa de contido.

Co informe da Consellería e a nova situación urbanística do concello, redáctase un **novo documento de Planeamento Xeral** para o Concello de Carballo, aprobándose inicialmente o mesmo o 10 de xaneiro de 2013, en virtude do acordo do Pleno do concello, e exposto ao publico tal e como indica a lexislación en vigor.

Fotografías da Praza de Galicia no ano 1973

O 20 de maio de 2013 presentase un primeiro informe de alegacións para recoller o desenvolvemento do proceso levado a cabo coa exposición pública do PXOM, e clasificar as alegacións presentadas no rexistro municipal polos distintos veciños e organizacións, podendo definir criterios que dean resposta as distintas peticións dentro do modelo de ordenación territorial desenvolvido polo plan.

Sobre dito informe realizáronse dende o mes de xullo do 2013, na Casa do Concello de Carballo, distintas COMISIÓNS INFORMATIVAS DE URBANISMO E MEDIO RURAL (CIUMR) presididas polo Sr. Alcalde D. Evencio Ferrero Rodríguez. A parte do equipo redactor e dos técnicos municipais, asisten as comisións os seguintes membros:

- Dª Milagros Lantes Seara (BNG)
- D. Luís María Lamas Álvarez (BNG)
- D. Marcos José Trigo Facal (BNG)
- D. Alberto Sueiro Pastoriza (PP)
- D. Juan Carlos Castro Pombo (PP)
- D. Manuel Andrade Cristóbal (TEGA)
- D. José Antonio Viña Patiño (PSdG-PSOE)

Nestas comisións, analízanse e resólvense individualmente as alegacións de forma consensuada. As determinación e manifestacións expostas nas mesmas son recollidas nas actas de cada sesión, actas que incorpóranse ao presente documento no Anexo 2, e que serven de base para o documento de resolución de alegacións.

2. DESENVOLVEMENTO DO PROCESO

2.1. EXPOSICIÓN AO PÚBLICO DAS ALEGACIÓNS

Con data 10 de xaneiro de 2013, en virtude do acordo do Pleno do concello, foi aprobado inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Carballo, ordenándose a apertura da preceptiva información pública mediante anuncio no Diario Oficial de Galicia, do 22 de xaneiro de 2013 e en dous dos xornais de maior circulación na provincia: "La Voz de Galicia" (18-01-20013) e "El Ideal Gallego"(17-01-2013).

No período de información pública, polo prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da publicación no Diario Oficial de Galicia, e en atención ó previsto no artigo 85.2 da Lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, en adiante LOUG, déronselle audiencia aos veciños do concello, municipios limítrofes e aos distintos organismos e administracións públicas, solicitando ás mesmas os informes sectoriais necesarios.

Para dar a coñecer o novo modelo territorial proposto no PXOM para o concello de Carballo, utilizáronse todo tipo de recursos coa finalidade de garantir a difusión do contido, obxectivos e alcance do documento de aprobación inicial.

Os medios utilizados para a difusión do Plan foron moi variados, tales coma:

- Publicación dos anuncios preceptivos (DOGA, Prensa).
- Exposición permanente do PXOM nas instalacións habilitadas polo concello de Carballo, no Forum Carballo, así coma na paxina Web do concello.
- Celebración de reunións informativas do equipo redactor nas comisión urbanísticas, no Forum Carballo, así coma nos distintos centros cívicos das parroquias.
- Atención aos veciños, por parte de membros do equipo redactor, un día por semana dentro do período de información pública.
- Atención aos veciños por parte de persoas do concello, para informar sobre o documento do PXOM.

Ao longo da exposición pública, presentáronse **1.939 alegación**s no rexistro municipal que unha vez analizadas polo equipo redactor resultan uns **2.138 contidos** que inciden sobre **3.022 rexistros** dos cales 2.987 son parcelas con referencia catastral e 35 reclamacións de contido xeral.

Na fase de exposición ao público do planeamento xeral e unha vez rematada a mesma, realízase unha base de datos en ACCES compatible con sistemas SIX co fin de xestionar as alegacións nas súas distintas fases de resolución. Dita base de datos conten a estrutura necesaria para a posterior incorporación dos datos necesarios e complementarios a desenvolver en tódalas fases.

2.2. FASES DE RESOLUCIÓN

Unha vez recollidas as alegacións, iníciase o proceso de resolución das mesmas. Este proceso componse de 5 fases que a continuación se nomean:

- FASE 1ª CLASIFICACIÓN PREVIA
- FASE 2ª ANÁLISE DE TIPOS
- FASE 3ª DEFINICIÓN DE CRITERIOS
- FASE 4ª PROPOSTA DE RESOLUCIÓN
- FASE 5ª NOTIFICACIÓN

O presente informe desenvolve as catro primeiras fases, sendo a última (a de notificación) a realizar na fase de aprobación definitiva do PXOM.

A fase de Clasificación previa analiza e tipifica as peticións segundo os criterios estipulados polo equipo redactor, diferenciando as mesmas segundo a clase de solo no cal se insire no documento de aprobación inicial e a clasificación solicitada.

Na fase de análise de tipos, se cuantifica e analiza as alegacións segundo os tipos seleccionados, sacando as primeiras conclusións sobre as demandas veciñais.

Na fase de definición de criterios e resolución se amosan os criterios do equipo redactor para a aceptación das alegacións e a posterior resolución adoptada polo concello. Acompañase o presente informe de dous Anexos, o primeiro deles conten a listaxe das alegacións e a resolución das mesmas indicando o número de rexistro, e o Anexo 2 coas actas das comisións CIUMR realizadas na casa do concello.

A continuación desenvólvense no presente informe as anteditas fases.



Mercado de abastos e Concello

3. FASE 1ª: CLASIFICACIÓN PREVIA DAS ALEGACIÓNS

Despois da presentación no Concello de Carballo do Plan Xeral de Ordenación Municipal e a exposición pública do mesmo, foron presentadas por rexistro,1.939 alegacións ao documento por parte dos veciños e asociacións interesadas no mesmo. Sen embargo, dicir o respecto, que se presentaron dentro da mesma alegación varios contidos concretamente 2.138, dos cales afectan a 2.987 parcelas e 35 reclamacións de carácter xeral. O presente apartado analiza e tipifica as alegacións segundo os criterios estipulados polo equipo redactor, diferenciando as mesmas segundo a clase de solo no cal se insire no documento de aprobación inicial e a clasificación solicitada.

Tendo en conta o seu volume, e atendendo ás consideracións das alegacións, o equipo redactor acordou facer unha preclasificación das mesmas. O proceso descríbese a continuación.

3.1. CLASIFICACIÓN DAS ALEGACIÓNS

Unha vez recollidas tódalas alegacións, rematada a fase de exposición pública, é necesario clasificar as mesmas dentro duns parámetros recoñecibles e identificables para facilitar a súa resolución.

A cada alegante a base de datos en ACCES asócialle unha ou varias alegacións segundo o solicitado.

Estas alegacións analízanse e procésanse segundo o seu contidos, dentro destes contidos o programa asigna rexistros, sendo estes as parcelas afectadas ou reclamacións de carácter xeral, tal e como se amosa no seguinte gráfico:



Esquema organizativo

Á base de datos inicial asóciaselle o plano catastral do termo municipal en GV-SIG para poder asignarlle ás parcelas unha serie de atributos que facilite a realización de filtros sobre as mesmas.

As alegacións localízanse no plano catastral do termo municipal, para elo faise unha clasificación segundo o seu contido. Esta clasificación depende de dous parámetros:

- A clasificación* de solo que a parcela conta no documento de aprobación inicial
- A clasificación solicitada

**Reflíctese a clasificación da alegación no documento de aprobación inicial segundo o tipo de solo no cal se insire. Si a alegación non afecta a clasificación de solo identificase coma -----.*

A continuación amósase a táboa creada na base de datos de clasificación das alegacións, onde se identifican os contidos xerais.

Táboa de Acces

05_Clasificación do solo : Tabla

Tipoloxía Clasificación	Clasificación
---	---
SU-C	Solo urbano consolidado
SU-NC	Solo urbano non consolidado
NR-HT	Núcleo rural histórico-tradicional
NR-C	Núcleo rural común
AI	Actuacións integrais
SUR-T	Solo urbanizable - Disposición transitoria
SUR-D	Solo urbanizable delimitado
SUR-ND	Solo urbanizable non delimitado
SR-PO	Solo rústico de protección ordinaria
SR-PA	Solo rústico de protección agropecuaria
SR-PF	Solo rústico de protección forestal
SR-PR	Solo rústico de protección de augas
SR-PP	Solo rústico de protección patrimonial
SR-PN	Solo rústico de protección de espacios naturais
SR-PI	Solo rústico de protección de infraestructuras
SR-PC	Solo rústico de protección de costas
SR-PX	Solo rústico de protección paisaxística

3.2. CLASIFICACIÓN POR TIPOS

A maiores analizase o contido de cada alegación, extractando a solicitude, e tipificase dentro dunha serie de grupos (15) incluíndo as solicitudes mais demandadas, como o cambio de clasificación, modificacións de aliñacións ou modificación de ordenanzas.

06_Tipoloxía de Solicitudes : Tabla

Tipoloxía da Solicitude	Descrición da Solicitude
CLA-P	A parcela está incluida parcialmente na clasificación. Se solicita a súa inclusión total
CLA-T	Cambio de clasificación
NORM	Modificación de cuestións xerais da normativa
ALIÑ	Modificación das aliñacións
SX-DOT	Modificación de trazados vinculantes e de Sistemas Xerais ou dotacións
ORD	Modificación da ordenanza
ASENT	Delimitación de novo asentamento
CART	Modificación da cartografía
TIT	Condicións derivadas da titularidade dos bens
XEST	Modificación das condicións de xestión
CAT-I	Inclusión de elementos no catálogo
CAT-E	Exclusión de elementos do catálogo
CAT-C	Modificación na delimitación dos contornos de protección dos bens incluidos no catálogo
CAT-N	Modificación da normativa que afecta os bens catalogados
O	Outras

Explícanse a continuación os quince tipos definidos polo equipo redactor para clasificar os contidos das alegacións.

1. **CLA-P**: Cambio de clasificación Parcial, a parcela sobre a cal se alega esta parcialmente incluída nunha clasificación, solicítase a súa inclusión total.
2. **CLA-T:** Cambio de clasificación total: A parcela sobre a cal se alega solicita o cambio de clasificación da mesma.
3. **NORM:** Modificación de cuestións xerais de normativa. Os alegantes solicitan modificacións de caracter xeral na normativa do PXOM
4. **ALIÑ**: Solicítase a modificación das aliñacións tanto en solo de núcleo rural como solo urbano.

5. **SX-DOT**: Solicítase a modificación dos trazados vinculantes reflectidos nos planos de ordenación do PXOM e Tanto de sistemas xerais (Viarios, infraestruturas...) coma de dotacións (Espazos libres, equipamentos...)
6. **ORD:** Modificación de ordenanza. Neste tipo solicítanse cambios na ordenanza de aplicación nas parcelas, tales coma fondo edificatorio, alturas, parcela mínima, cambio de ordenanza en si...
7. **ASENT:** Solicítase a delimitación dun novo asentamento.
8. **CART:** Solicitase modificación na cartografía, coma identificación de vivendas novas, vivendas tradicionais, camiños...
9. **TIT:** Condicións derivadas da titularidade dos bens. Solicítase a incorporación de camiños públicos ou privados, modificar a titularidades de equipamentos...
10. **XEST:** Solicítase a modificación no cambio de xestión dos ámbitos de desenvolvemento, implicando a revisión do estudio económico e financeiro do PXOM.
11. **CAT-I**: Solicítase a inclusión de bens no catalogo de protección do PXOM
12. **CAT-E:** Solicítase a exclusión de bens no catalogo de protección do PXOM
13. **CAT-C:** Solicítase a modificación da delimitación dos contornos de protección dos bens incluídos no catalogo de protección do PXOM.
14. **CAT-N:** Solicítase a modificación da normativa e a protección en si dos bens incluídos no catalogo de protección do PXOM.
15. **O:** As alegacións que non se engloban nos tipos anteriores clasifícase neste tipo coma outras.

3.3. CUANTIFICACIÓN DOS TIPOS

Unha vez clasificadas todas as alegacións por tipos, a continuación faise unha cuantificación dos mesmos por contidos e por rexistros , así como a porcentaxe que representa no conxunto total:

A.1.Táboa resume de contidos por tipos

Solicitude	Nº	%
A parcela está incluída parcialmente na clasificación. Se solicita a súa inclusión total	289	13,52%
Cambio de clasificación	1.267	59,25%
Condicións derivadas da titularidade dos bens	1	0,05%
Delimitación de novo asentamento	59	2,76%
Exclusión de elementos do catálogo	7	0,33%
Inclusión de elementos no catálogo	4	0,19%
Modificación da cartografía	56	2,62%
Modificación da ordenanza	228	10,66%
Modificación das aliñacións	112	5,24%
Modificación das condicións de xestión	18	0,84%
Modificación de cuestións xerais da normativa	22	1,03%
Modificación de trazados vinculantes e de Sistemas Xerais ou dotacións	44	2,06%
Modificación na delimitación dos contornos de protección dos bens incluídos no catálogo	9	0,42%
Outras	22	1,03%
Subliñase os tipos mais solicitados** ***TOTAL	***2.138***	***100,00%***

Do cadro resumen destacar que a maior porcentaxe de alegacións presentadas corresponde ás parcelas que solicitan o cambio de clasificación (1.267), seguida das de inclusión da totalidade da parcela (289) e modificación de condicións edificatorias contidas nas ordenanzas (228).

Si facemos a mesma conta coas parcelas afectadas obtemos valores similares. Amósase a táboa por rexistros asociados aos contidos (parcelas e xerais) e tipos de contido das alegación.

A.2. Táboa de parcelas e rexistros afectados por tipos

Solicitude	**Nº**	**%**
A parcela está incluída parcialmente na clasificación. Se solicita a súa inclusión total	326	10,79%
Cambio de clasificación	1.798	59,49%
Condicións derivadas da titularidade dos bens	1	0,03%
Delimitación de novo asentamento	145	4,80%
Exclusión de elementos do catálogo	9	0,30%
Inclusión de elementos no catálogo	6	0,20%
Modificación da cartografía	63	2,08%
Modificación da ordenanza	371	12,28%
Modificación das aliñacións	138	4,57%
Modificación das condicións de xestión	35	1,16%
Modificación de cuestións xerais da normativa	23	0,76%
Modificación de trazados vinculantes e de Sistemas Xerais ou dotacións	75	2,48%
Modificación na delimitación dos contornos de protección dos bens incluídos no catálogo	9	0,30%
Outras	23	0,76%
Subliñase os tipos mais solicitados* ***TOTAL	***3.022***	***100,00%***

As anteditas táboas amosan que a maior porcentaxe de alegacións presentadas corresponde ás parcelas que solicitan o cambio de clasificación (1.798), seguida das de ampliación da parcela (326) dentro de algún tipo de solo edificable e das de modificación de ordenanzas (371) , sobre todo o referido as condicións edificatorias de fondo e altura.

Si facemos unha análise polo miúdo dos tipos maioritarios obtemos os resultados clave que inciden directamente no modelo de ordenación do termo municipal exposto no documento de aprobación inicial. Todo cambio suporá un aumento da capacidade residencial do municipio, sendo clave os criterios de resolución das alegacións para conseguir un PXOM consensuado polos organismos e polos veciños.

A continuación empeza a Fase 2ª de análise dos tipos.

4. FASE 2ª:ANÁLISE DOS TIPOS

No presente apartado analízanse e cuantifícanse por tipos as alegacións presentadas.

4.1. ANÁLISE DOS TIPOS MAIORITARIOS

Si analizamos os tipos con maior porcentaxe de solicitude obtemos que o cambio de clasificación e a incorporación da totalidade da parcela nos solos de núcleo rural (tradicional ou común), seguido do solo urbano, é o mais demandado.

Os núcleos rurais de Carballo mobilizan a unha porcentaxe importante da poboación, onde os dereitos vesen mais agraviados en comparación cos planeamentos anteriores. A modificación da LOUG, diferenciando entre núcleos rurais e comúns, sentou a base por medio da consolidación e da capacidade de acollida para a delimitación dos mesmos dun xeito mais racional. A poboación alegou masivamente nestes casos, sendo as parcelas lindeiras ás delimitacións expostas as mais solicitadas para a súa inclusión dentro dos solos edificables.

Cuantifícanse así as alegación que solicitan a ampliación de parcela e as alegacións de cambio de clasificación total. A continuación amosamos as táboas por contidos de alegación presentadas e por parcelas afectadas, sendo os datos similares.

A. Inclusión da totalidade da parcela

Dentro do solos edificables que delimita o PXOM, compre analizar os contidos segundo a clase de solo solicitada, neste caso as mais demandadas son as ampliacións de parcela en solo de núcleo rural tradicional, seguidas das solicitudes para núcleo tradicional común. As peticións en solo urbano son menores aínda que as menos solicitadas son as de solos urbanizables.

Amósanse as táboas por contidos e parcelas, sendo os datos xerais similares.

A.1.Táboa resume de contidos

Clasificación solicitada para o conxunto da parcela	***Nº***	***Porcentaxe***
Núcleo rural común	117	40,48%
Núcleo rural histórico-tradicional	136	47,06%
Solo urbanizable - Disposición transitoria	1	0,35%
Solo urbanizable delimitado	2	0,69%
Solo urbano consolidado	33	11,42%
	289	

A.2.Táboa de parcelas e rexistros afectados

Clasificación solicitada para o conxunto da parcela	***Nº***	***Porcentaxe***
Núcleo rural común	140	42,94%
Núcleo rural histórico-tradicional	143	43,87%
Solo urbanizable - Disposición transitoria	1	0,31%
Solo urbanizable delimitado	2	0,61%
Solo urbano consolidado	40	12,27%
	326	

Que a solicitude maior sexa a de ampliación de parcela en solo de núcleo tradicional, implica a necesidade de recoller a vivenda e a unidade agraria na súa totalidade dentro da parcela delimitada no núcleo.

A morfoloxía dos núcleos tradicionais en Carballo depende da súa situación dentro do termo municipal. As parroquias que mais demandan a incorporación da totalidade da parcela solen ser as que presentan unha morfoloxía vencellada aos eixos viarios, onde se delimitan os núcleos por fondo.

B. Cambio de clasificación total

Tal e como se indicou nos anteditos apartados, o solo de núcleo rural e o mais demandado dentro das solicitudes de cambio de clasificación.

O PXOM do ano 2003, hoxe suspendido, sentou un precedente ao delimitar núcleos excesivos que hoxe en día non cumpren coas condicións impostas pola lexislación actual. A delimitación dos núcleos por tipo (tradicional ou común), consolidación e capacidade de acollida, segundo a LOUG , invalidan as anteriores delimitacións feitas ao abeiro doutro marco lexislativo.

As parcelas lindeiras ás delimitacións propostas, son as mais solicitadas para a súa inclusión dentro dos solos edificables. Na maior parte dos casos, estas parcelas localízanse en solos de especial protección agropecuaria ou forestal vencelladas ao eixo viario existente.

Unha vez analizados os porcentaxes reflíctese que o mais solicitado polos alegantes correspóndese aos cambios de clasificación de solo rústico de especial protección a solo de núcleo rural común e tradicional, seguidas das peticións a solo urbano consolidado.

Amósanse as táboas por contidos e parcelas, sendo os datos xerais similares.

Fonte Propia, Núcleos de Carballo

B.1. Táboa por resume de contidos

Analízase e cuantifícanse o total dos contidos de cambio de clasificación de solo dentro do marco xeral das alegacións presentadas.

O maior número de contidos, desglosados nas alegacións, demandan a incorporación das parcelas a solos de licenza directa desestimando a incorporación a solos de desenvolvemento.

A solicitude de cambio de clasificación dos solos rústicos de especial protección tamén é un porcentaxe ridículo dentro do contexto do marco municipal.

Da táboa xeral deglósanse as seguintes solicitudes por tipo de solo demandado:

- A actuación integral e xeral 2
- **A Núcleo rural común** **756**
- A Núcleo rural histórico tradicional 321
- A solo rústico de protección 10
- A solo urbanizable 36
- A solo urbano consolidado 127
- A solo urbano non consolidado 15

A continuación amósase a táboa completa coa clasificación inicial e a clasificación solicitada:

CLASIFICACIÓN NA A.I.	CLASIFICACIÓN SOLICITADA	Nº	%
-----	-----	1	0,08%
Actuacións integrais	Núcleo rural común	30	2,36%
Actuacións integrais	Solo urbano consolidado	4	0,32%
Núcleo rural común	Núcleo rural común	1	0,08%
Núcleo rural común	Núcleo rural histórico-tradicional	14	1,10%
Núcleo rural común	Solo rústico de protección de espacios naturais	1	0,08%
Núcleo rural común	Solo urbano consolidado	1	0,08%
Núcleo rural histórico-tradicional	Solo rústico de protección agropecuaria	1	0,08%
Núcleo rural histórico-tradicional	Solo rústico de protección forestal	1	0,08%
Solo rústico de protección agropecuaria	Núcleo rural común	517	40,79%
Solo rústico de protección agropecuaria	Núcleo rural histórico-tradicional	214	16,88%
Solo rústico de protección agropecuaria	Solo rústico de protección de infraestructuras	1	0,08%
Solo rústico de protección agropecuaria	Solo urbanizable - Disposición transitoria	6	0,47%
Solo rústico de protección agropecuaria	Solo urbanizable delimitado	9	0,71%
Solo rústico de protección agropecuaria	Solo urbanizable non delimitado	1	0,08%
Solo rústico de protección agropecuaria	Solo urbano consolidado	40	3,16%
Solo rústico de protección agropecuaria	Solo urbano non consolidado	2	0,16%
Solo rústico de protección de augas	Núcleo rural común	78	6,16%
Solo rústico de protección de augas	Núcleo rural histórico-tradicional	49	3,87%
Solo rústico de protección de augas	Solo rústico de protección agropecuaria	1	0,08%
Solo rústico de protección de augas	Solo rústico de protección ordinaria	1	0,08%
Solo rústico de protección de augas	Solo urbanizable delimitado	7	0,55%
Solo rústico de protección de augas	Solo urbano consolidado	14	1,10%
Solo rústico de protección de augas	Solo urbano non consolidado	3	0,24%
Solo rústico de protección de costas	Actuacións integrais	1	0,08%
Solo rústico de protección de costas	Núcleo rural común	16	1,26%
Solo rústico de protección de costas	Núcleo rural histórico-tradicional	2	0,16%
Solo rústico de protección de costas	Solo urbanizable delimitado	1	0,08%
Solo rústico de protección de espacios naturais	Núcleo rural común	31	2,45%
Solo rústico de protección de espacios naturais	Núcleo rural histórico-tradicional	20	1,58%
Solo rústico de protección de espacios naturais	Solo urbanizable - Disposición transitoria	6	0,47%
Solo rústico de protección de espacios naturais	Solo urbanizable non delimitado	1	0,08%
Solo rústico de protección de espacios naturais	Solo urbano consolidado	2	0,16%
Solo rústico de protección de espacios naturais	Solo urbano non consolidado	1	0,08%
Solo rústico de protección de infraestructuras	Núcleo rural común	1	0,08%
Solo rústico de protección forestal	Núcleo rural común	81	6,39%
Solo rústico de protección forestal	Núcleo rural histórico-tradicional	21	1,66%
Solo rústico de protección forestal	Solo rústico de protección ordinaria	1	0,08%
Solo rústico de protección forestal	Solo urbanizable delimitado	4	0,32%
Solo rústico de protección forestal	Solo urbano consolidado	5	0,39%
Solo rústico de protección ordinaria	Núcleo rural histórico-tradicional	1	0,08%
Solo rústico de protección ordinaria	Solo rústico de protección patrimonial	1	0,08%
Solo rústico de protección ordinaria	Solo urbanizable delimitado	1	0,08%
Solo urbanizable - Disposición transitoria	Núcleo rural común	1	0,08%
Solo urbanizable - Disposición transitoria	Solo rústico de protección de espacios naturais	1	0,08%
Solo urbanizable - Disposición transitoria	Solo urbano consolidado	23	1,82%
Solo urbanizable delimitado	Solo rústico de protección agropecuaria	1	0,08%
Solo urbanizable delimitado	Solo urbano consolidado	10	0,79%
Solo urbanizable delimitado	Solo urbano non consolidado	5	0,39%
Solo urbano consolidado	Solo urbano non consolidado	4	0,32%
Solo urbano non consolidado	Solo urbano consolidado	28	2,21%
TOTAL		***1.267***	***100,00%***

B.2. Táboa de parcelas e rexistros afectados

CLASIFICACIÓN NA A.I.	CLASIFICACIÓN SOLICITADA	Nº	%
-----	-----	1	0,06%
Actuacións integrais	Núcleo rural común	40	2,22%
Actuacións integrais	Solo urbano consolidado	4	0,22%
Núcleo rural común	Núcleo rural común	1	0,06%
Núcleo rural común	Núcleo rural histórico-tradicional	21	1,17%
Núcleo rural común	Solo rústico de protección de espacios naturais	1	0,06%
Núcleo rural común	Solo urbano consolidado	1	0,06%
Núcleo rural histórico-tradicional	Solo rústico de protección agropecuaria	1	0,06%
Núcleo rural histórico-tradicional	Solo rústico de protección forestal	1	0,06%
Solo rústico de protección agropecuaria	Núcleo rural común	744	41,33%
Solo rústico de protección agropecuaria	Núcleo rural histórico-tradicional	267	14,85%
Solo rústico de protección agropecuaria	Solo rústico de protección de infraestructuras	1	0,06%
Solo rústico de protección agropecuaria	Solo urbanizable - Disposición transitoria	8	0,44%
Solo rústico de protección agropecuaria	Solo urbanizable delimitado	23	1,27%
Solo rústico de protección agropecuaria	Solo urbanizable non delimitado	10	0,56%
Solo rústico de protección agropecuaria	Solo urbano consolidado	62	3,45%
Solo rústico de protección agropecuaria	Solo urbano non consolidado	3	0,17%
Solo rústico de protección de augas	Núcleo rural común	96	5,34%
Solo rústico de protección de augas	Núcleo rural histórico-tradicional	60	3,34%
Solo rústico de protección de augas	Solo rústico de protección agropecuaria	1	0,06%
Solo rústico de protección de augas	Solo rústico de protección ordinaria	4	0,22%
Solo rústico de protección de augas	Solo urbanizable delimitado	7	0,39%
Solo rústico de protección de augas	Solo urbano consolidado	22	1,22%
Solo rústico de protección de augas	Solo urbano non consolidado	12	0,67%
Solo rústico de protección de costas	Actuacións integrais	13	0,72%
Solo rústico de protección de costas	Núcleo rural común	23	1,28%
Solo rústico de protección de costas	Núcleo rural histórico-tradicional	2	0,11%
Solo rústico de protección de costas	Solo urbanizable delimitado	2	0,11%
Solo rústico de protección de espacios naturais	Núcleo rural común	64	3,56%
Solo rústico de protección de espacios naturais	Núcleo rural histórico-tradicional	22	1,22%
Solo rústico de protección de espacios naturais	Solo urbanizable - Disposición transitoria	26	1,45%
Solo rústico de protección de espacios naturais	Solo urbanizable non delimitado	1	0,06%
Solo rústico de protección de espacios naturais	Solo urbano consolidado	2	0,11%
Solo rústico de protección de espacios naturais	Solo urbano non consolidado	1	0,06%
Solo rústico de protección de infraestructuras	Núcleo rural común	1	0,06%
Solo rústico de protección forestal	Núcleo rural común	108	6,00%
Solo rústico de protección forestal	Núcleo rural histórico-tradicional	23	1,28%
Solo rústico de protección forestal	Solo rústico de protección ordinaria	1	0,06%
Solo rústico de protección forestal	Solo urbanizable delimitado	5	0,28%
Solo rústico de protección forestal	Solo urbano consolidado	7	0,39%
Solo rústico de protección ordinaria	Núcleo rural histórico-tradicional	1	0,06%
Solo rústico de protección ordinaria	Solo rústico de protección patrimonial	1	0,06%
Solo rústico de protección ordinaria	Solo urbanizable delimitado	1	0,06%
Solo urbanizable - Disposición transitoria	Núcleo rural común	1	0,06%
Solo urbanizable - Disposición transitoria	Solo rústico de protección de espacios naturais	1	0,06%
Solo urbanizable - Disposición transitoria	Solo urbano consolidado	25	1,39%
Solo urbanizable delimitado	Solo rústico de protección agropecuaria	1	0,06%
Solo urbanizable delimitado	Solo urbano consolidado	19	1,06%
Solo urbanizable delimitado	Solo urbano non consolidado	6	0,33%
Solo urbano consolidado	Solo urbano non consolidado	5	0,28%
Solo urbano non consolidado	Solo urbano consolidado	45	2,49%
TOTAL		***1.798***	***100,00%***

Da táboa deglósanse os seguintes solicitudes xerais por parcela e rexistro segundo o tipo de solo solicitado, sendo os datos similares aos de contidos:

- A actuación integral e xeral 14
- **A Núcleo rural común 1.078**
- A Núcleo rural histórico tradicional 396
- A solo rústico de protección 13
- A solo urbanizable 83
- A solo urbano consolidado 187
- A solo urbano non consolidado 27

4.2. DELIMITACIÓN DE NOVOS ASENTAMENTOS

A exposición do documento ao público propiciou, por parte dos veciños de Carballo, a identificación de novos asentamentos, xa existentes, non recollidos no documento do PXOM. Das 59 contidos incluídos das alegacións presentadas en referencia a delimitación de novos asentamentos, solicítanse a formación de 19 novos núcleos que afectan en torno a 145 parcelas. Así numerosas alegacións encamíñanse a solicitar a delimitación dun asentamento existente; ben por medio da clasificación dun solo de núcleo rural, común ou tradicional, ou por medio dun solo urbanizable de disposición transitoria.

Os núcleos demandados polos veciños son os seguintes, inclúese na táboa o número de edificacións existentes e si o asentamento esta incluído no nomenclátor do Termo municipal:

PARROQUIA	NOMENCLATOR	DENOMINACIÓN	EDIFICACIÓNS EXISTENTES
VILELA	INCLUIDO	AS TRAVESAS	14
VILELA	INCLUIDO	O SALTO	19
NOICELA	INCLUIDO	FEIXE	15
BÉRTOA	NON INCLUIDO	OS CANEDOS	19
BÉRTOA	INCLUIDO	ENTRERRÍOS	27
BERDILLO	NON INCLUIDO	OUTRO LUGAR	9
BERDILLO	INCLUIDO	REGUEIRA ABAIXO	8
SÍSAMO	INCLUIDO	A CEPEIRA	2
SÍSAMO	INCLUIDO	LAMAS	6
SOFÁN	INCLUIDO	SETE	6
CARBALLO	NON INCLUIDO	MUIÑO DO QUINTO	7
CARBALLO	NON INCLUIDO	OS ABETOS	23
CARBALLO	INCLUIDO	VELLA MORTA	31
ARTES	INCLUIDO	VILANOVA 2	5
ARTES	INCLUIDO	A ALTIBOA	3
RUS	NON INCLUIDO	QUINTÁNS ESTRADA	13
RUS	INCLUIDO	BETRÍS	4
RUS	NON INCLUIDO	CASALDARES	35
OZA	INCLUIDO	AS AVEAS	6
		TOTAIS	***252***

A aceptación da existencia de ditos asentamentos implicaría a ampliación da capacidade residencial. A continuación amósase a táboa resumo de ditas peticións:

CLASIFICACIÓN A.I.	CLASIFICACIÓN SOLICITADA	Nº DE PARCELAS
SOLO RÚSTICO	NÚCLEO RURAL COMÚN	106
SOLO RÚSTICO	NÚCLEO RURAL Hº/TRADICIONAL	38
--------	-------	1
	Nº TOTAL DE PARCELAS	***145***

4.3. OS NOVOS DESENVOLVEMENTOS

O PXOM analiza os crecementos en torno ao núcleo urbano de Carballo, para establecer o modelo de asentamento e a clasificación do solo no termo municipal e potenciar os lugares mais idóneos para os posibles desenvolvementos residenciais de nova creación así coma os industriais e os terciarios.

Neste apartado cuantifícanse as solicitudes que engloban a petición de incorporación nalgún dos tipos de solos que permitan posteriores desenvolvementos.

Reflíctese na seguinte táboa as peticións dos veciños que solicitan a inclusión das súas parcelas en áreas de desenvolvemento segundo a clase de solo. As peticións son mínimas non influíndo en exceso no modelo de ordenación territorial polo que é necesario analizalas individualmente dentro do contexto xeral do PXOM.

CLASIFICACIÓN A.I.	CLASIFICACIÓN SOLICITADA	Nº DE PARCELAS
SOLO URBANIZABLE DELIMITADO	SOLO URBANO NON CONSOLIDADO	6
SOLO URBANO CONSOLIDADO	SOLO URBANO NON CONSOLIDADO	6
SOLO RÚSTICO	SOLO URBANO NON CONSOLIDADO	16
SOLO RÚSTICO	ÁCTUACIÓNS INTEGRAIS	13
SOLO RÚSTICO	SOLO URBANIZABLE DT	34
SOLO RÚSTICO	SOLO URBANIZABLE DELIMITADO	39
SOLO RÚSTICO	SOLO URBANIZABLE NON DELIMITADO	11
	Nº TOTAL DE PARCELAS	***125***

4.4. MODIFICACIÓN DAS ALIÑACIÓNS, DOTACIÓNS E SISTEMAS XERAIS PREVISTOS

A dispersión edificatoria presente no termo municipal, provoca a existencia dunha malla edificada difusa, na que resulta difícil a planificación e organización dunha estrutura territorial de sistemas xerais e locais que dean servizo as entidades de poboación urbana e rural.

Para elo o PXOM basease na estrutura concéntrica do municipio en torno á Vila de Carballo, tendo ao núcleo urbano como capital do concello e receptor de sistemas xerais que artellan o termo municipal con axuda dos núcleos da costa.

O PXOM realiza un estudo da paisaxe edificada e natural dende a escala Territorial ata a Urbana identificando os lugares con fraxilidade paisaxística e as actuacións previstas e necesarias a nivel infraestruturas, sistema viarios, aliñacións e dotacións.

Neste apartado englóbanse todas as alegacións referentes ao temario anteriormente nomeado, solicitando variación de trazados e posición dos sistemas e dotacións, problemas de titularidade, camiños veciñais, modificación de aliñacións.

A continuación amósase as alegación presentadas neste apartado por tipos:

TIPO	ÁMBITO	Nº PARCELAS
MODIFICACIÓN DAS ALIÑACIÓNS (138)	SOLO URBANO DE CARBALLO	64
	NÚCLEOS RURAIS	42
	OUTROS/---XENÉRICAS	32
	SUBTOTAL	***138***
MODIFICACIÓN DE TRAZADOS VINCULANTES (75)	SOLO URBANO DE CARBALLO	17
	NÚCLEOS RURAIS	11
	--- XENÉRICAS	24
	SOLO RÚSTICO	22
	SOLO URBANIZABLE DELIMITADO	1
	SUBTOTAL	***75***
CONDICIÓNS DERIVADAS DA TITULARIDADE DOS BENS	NÚCLEOS RURAIS	1
	SUBTOTAL	***1***
	Nº TOTAL	***214***

Unha vez revisadas se estiman os criterios de resolución segundo os contidos solicitados, analizando as aliñacións reflectidas no documento de Aprobación inicial e a modificación dos trazados vinculantes.

4.5. MODIFICACIÓNS NA ORDENANZA

Neste apartado englóbanse os conceptos que inciden sobre as condicións de edificación nunha parcela tales coma: volumetría permitida mediante a designación de fondos e alturas, así como os relacionados coa ocupación e parcela mínima.

A continuación amosase na seguinte as alegacións presentadas:

TIPO	ÁMBITO	Nº PARCELAS
MODIFICACIÓN DA ORDENANZA	SOLO URBANO	358
	SOLO NÚCLEO RURAL COMÚN	9
	SOLO URBANIZABLE NON DEL.	1
	---	3
	Nº TOTAL	***371***

Si analizamos dentro das alegacións presentadas as parcelas afectadas (371), podemos desglosar o tipo principal nas seguintes clases:

- Referentes á Altura: Solicítanse o aumento de alturas ou manter as alturas existentes/concedidas por licenza municipal ou convenio firmado, sendo estas **95 peticións**

- Referentes a Fondo edificable: Solicítanse aumento de fondo ou manter os fondos existentes ou as concedidos por licenza municipal ou convenio firmado, sendo estas **57 peticións**
- Referentes a Parcela mínima: Solicítanse aumento da parcela mínima ou diminución da mesma, sendo estas **4 peticións**
- Outras: Solicítase o cambio das condicións edificatorias das ordenanzas, cambio da tipoloxía ou temas mais específicos (outras), sendo estas **86 peticións**
- Mixtas: Solicítanse nunha mesma alegación varias das clases anteditas (Altura e fondo, altura e parcela mínima...), sendo estas **129 peticións**

Basicamente os alegantes piden que se manteña o fondo e altura existente nas súas edificacións xa realizadas para evitar o fora de ordenación ou asimilar a súa situación urbanística a do planeamento do ano 2003.

4.6. EN RELACIÓN AO PATRIMONIO CLASIFICADO

En relación ao patrimonio incluído no catalogo de elementos a protexer do PXOM realízanse 24 peticións, que se desglosan a continuación.

TIPO	Nº PARCELAS
EXCLUSIÓN DE ELEMENTOS DO CATÁLOGO	9
INCLUSIÓN DE ELEMENTOS NO CATÁLOGO	6
MODIFICACIÓN NA DELIMITACIÓN DOS CONTORNOS DE PROTECCIÓN	9
Nº TOTAL	***24***

4.7. XESTIÓN DO PXOM

A estratexia de xestión do PXOM articúlase con dous sistemas de actuación diferenciados:

- Un a base do reparto dos aproveitamentos tipo en áreas de reparto cun valor urbanístico de orixe uniforme.
- Outro con actuacións directas en solo urbano consolidado para remate e conexión aos servizos urbanísticos existentes e ampliación de viarios e dotacións.

Neste apartado englóbanse as alegacións aos criterios de delimitación das áreas de reparto xeograficamente descontinuas, o valor do aproveitamento tipo fixado nos desenvolvementos, as cargas dos sistemas xerais imputados aos desenvolvementos, e os sistemas de actuación elixidos

A continuación amosase na seguinte as alegacións presentadas:

TIPO	ÁMBITO	Nº PARCELAS
MODIFICACIÓN DAS CONDICIÓNS DE XESTIÓN	SOLO URBANO	15
	ACTUACIÓNS INTEGRAIS	2
	SOLO URBANIZABLE DT E SUD	16
	---	2
Nº TOTAL		***35***

4.8. CRITERIOS DE CLASIFICACIÓN DO SOLO RÚSTICO E MODIFICACIÓN DE CARTOGRAFÍA

Son 8 as parcelas que solicitan o cambio de calificación de solo rústico por outra das definidas no PXOM. Dentro das mesmas temos que diferenciar as parcelas afectadas dentro de ámbitos regulados por leis sectoriais (espazos naturais, augas, PHGC, catálogos arqueolóxicos , infraestruturas), dos solos rústicos nos que o plan ten potestade de ordenación. Destacar o SREP paisaxística e de espazos naturais, definido polo PXOM na zona de costa, afectada polo LIC e polo POL nas que os alegantes solicitan a súa eliminación.

CLASIFICACIÓN NA AI	CLASIFICACIÓN SOLICITADA	Nº
SREP ordinaria	SREP patrimonial	1
SREP augas	SREP ordinaria	4
SREP augas	SREP agropecuaria	1
SREP agropecuaria	SREP de infraestruturas	1
SREP forestal	SREP ordinaria	1

En relación á modificación de cartografía, neste apartado pídese a modificación do grafismo de camiños, novas edificacións que non se encontran reflectidas, tipoloxías edificatorias, parcelario...

Preséntanse 63 peticións que se desglosan por tipos de solo:

TIPO	ÁMBITO	Nº PARCELAS
MODIFICACIÓN DE CARTOGRAFÍA	SOLO URBANO	5
	NÚCLEO RURAL	25
	SOLO RÚSTICO	8
	---	25
	Nº TOTAL	***63***

O PXOM non é o documento que deba recoller esas imprecisións, de tódolos xeitos coa incorporación dunha nova cartografía actualizarase de acordo a mesma

4.9. ANÁLISE DOS TIPOS SEGUNDO A SÚA LOCALIZACIÓN DENTRO DO TERMO MUNICIPAL

Dos datos aportados nas alegacións presentadas pódemos analizar a maiores cales parroquias son as que mais demandan modificacións no PXOM .

As parroquia que presentan maior número de alegacións coinciden coas parroquias que teñen maior tensión urbanística, liderando o ranking a parroquia de Carballo seguindo da parroquia de Bértoa, Razo e Sofán.

Ademais existen alegacións xenéricas sen parcelas asociadas que non se poden identificar cunha parroquia en concreto, sendo as identificadas polo símbolo (----).

Amósanse os datos por parroquias na seguinte táboa, reflectindo o número de rexistros cuantificados:

PARROQUIA	Nº	%
-----	19	0,63%
Aldemunde	7	0,23%
Ardaña	109	3,61%
Artes	121	4,00%
Berdillo	95	3,15%
Bértoa	337	11,15%
Cances	67	2,22%
Carballo	848	28,06%
Entrecruces	66	2,18%
Goiáns	43	1,42%
Lema	176	5,82%
Noicela	121	4,00%
Oza	82	2,71%
Razo	264	8,74%
Rebordelos	44	1,46%
Rus	176	5,82%
Sísamo	146	4,83%
Sofán	240	7,95%
Vilela	61	2,02%
Total	**3.022**	

Ademais si unimos a categoría das alegacións có ámbito municipal obtemos os seguintes resultados:

4.9.1. SANTAMARÍA MADALENA DE ALDEMUNDE

Esta parroquia é a que menor número de alegacións presenta. Na parroquia de Aldemunde as solicitudes concéntranse no cambio de clasificación de solo rústico a solo de núcleo rural.

4.9.2. SANTA MARÍA DE ARDAÑA

Na parroquia de Ardaña as solicitudes concéntranse no cambio de clasificación de solo rústico a solo de núcleo rural, delimitación de novos asentamentos e inclusión total de parcelas.

Ardaña	***109***	
A parcela está incluida parcialmente na clasificación. Se solicita a súa inclusión total	10	9,17%
Cambio de clasificación	81	74,32%
Delimitación de novo asentamento	12	11,01%
Modificación da cartografía	3	2,75%
Modificación das aliñacións	2	1,83%
Outras	1	0,92%

4.9.3. SAN XURXO DE ARTES

Na parroquia de Artes as solicitudes concéntranse no cambio de clasificación de solo rústico a solo de núcleo rural, delimitación de novos asentamentos, inclusión total de parcelas e cambios nas aliñacións.

Artes	***121***	
A parcela está incluida parcialmente na clasificación. Se solicita a súa inclusión total	11	9,09%
Cambio de clasificación	102	84,30%
Delimitación de novo asentamento	5	4,13%
Modificación das aliñacións	3	2,48%

4.9.4. SAN LORENZO DE BERDILLO

Na parroquia de Berdillo as solicitudes concéntranse no cambio de clasificación de solo rústico a solo de núcleo rural, inclusión total de parcelas e delimitación de novos asentamentos.

Berdillo	***95***	
A parcela está incluida parcialmente na clasificación. Se solicita a súa inclusión total	16	16,84%
Cambio de clasificación	73	76,85%
Delimitación de novo asentamento	3	3,16%
Modificación das aliñacións	1	1,05%
Modificación na delimitación dos contornos de protección dos bens incluidos no catálogo	1	1,05%
Outras	1	1,05%

4.9.5. SANTA MARÍA DE BÉRTOA

A proximidade da parroquia de Bértoa á Vila de Carballo faina receptora de maior número de alegacións ao existir unha maior tensión urbanística en relación a outras zonas do concello. Na parroquia de Bértoa as solicitudes concéntranse no cambio de clasificación do solo de núcleo rural ou solo urbano consolidado.

Bértoa	***337***	
A parcela está incluida parcialmente na clasificación. Se solicita a súa inclusión total	46	13,65%
Cambio de clasificación	232	68,83%
Delimitación de novo asentamento	28	8,31%
Exclusión de elementos do catálogo	2	0,59%
Inclusión de elementos no catálogo	1	0,30%
Modificación da cartografía	6	1,78%
Modificación da ordenanza	13	3,86%
Modificación das aliñacións	4	1,19%
Modificación de trazados vinculantes e de Sistemas Xerais ou dotacións	3	0,89%
Modificación na delimitación dos contornos de protección dos bens incluidos no catálogo	1	0,30%
Outras	1	0,30%

4.9.6. SAN MARTIÑO DE CANCES

Na parroquia de Cances as solicitudes concéntranse no cambio de clasificación de solo rústico a solo de núcleo rural, Modificacións nas aliñacións e inclusión total de parcelas.

Cances	***67***	
A parcela está incluida parcialmente na clasificación. Se solicita a súa inclusión total	8	11,94%
Cambio de clasificación	46	68,66%
Modificación das aliñacións	8	11,94%
Modificación de cuestións xerais da normativa	1	1,49%
Modificación de trazados vinculantes e de Sistemas Xerais ou dotacións	2	2,99%
Modificación na delimitación dos contornos de protección dos bens incluidos no catálogo	1	1,49%
Outras	1	1,49%

4.9.7. SAN XOÁN DE CARBALLO

San Xoán de Carballo e a parroquia con maior número de alegacións presentadas por encontrarse o solo urbano do concello e os desenvolvementos previstos no PXOM.

Na parroquia de Carballo as solicitudes concéntranse na súa grande maioría no cambio de ordenanza, solicitando a variación das alturas e fondos edificatorios nos distintos cuarteirón que conforman a trama urbana, seguido dos cambios de clasificación de solo, onde encontramos distintas variables: de solo rústico a solo urbano e sobre todo de solos incluídos nalgunha bolsa de desenvolvemento, non consolidado e urbanizable, a solo urbano consolidado.

Cabe mencionar nun segundo apartado, as alegacións que inclúen cambios na ordenación prevista no solo urbano, tales coma modificacións de aliñacións ou modificacións de trazados vinculantes.

Carballo	***848***	
A parcela está incluida parcialmente na clasificación. Se solicita a súa inclusión total	51	6,01%
Cambio de clasificación	225	26,53%
Delimitación de novo asentamento	24	2,83%
Exclusión de elementos do catálogo	5	0,59%
Inclusión de elementos no catálogo	1	0,12%
Modificación da cartografía	16	1,89%
Modificación da ordenanza	355	41,87%
Modificación das aliñacións	75	8,84%
Modificación das condicións de xestión	32	3,77%
Modificación de cuestións xerais da normativa	18	2,12%
Modificación de trazados vinculantes e de Sistemas Xerais ou dotacións	36	4,25%
Modificación na delimitación dos contornos de protección dos bens incluidos no catálogo	1	0,12%
Outras	9	1,06%

4.9.8. SAN XENS DE ENTRECRUCES

Na parroquia de Entrecruces as solicitudes concéntranse no cambio de clasificación de solo rústico a solo de núcleo rural, inclusión total de parcelas e delimitación de novos asentamentos.

Entrecruces	***66***	
A parcela está incluida parcialmente na clasificación. Se solicita a súa inclusión total	13	19,70%
Cambio de clasificación	44	66,66%
Delimitación de novo asentamento	8	12,12%
Modificación de trazados vinculantes e de Sistemas Xerais ou dotacións	1	1,52%

4.9.9. SANTO ESTEVO DE GOIÁNS

Santo Estevo de Goiáns e unha das parroquias que presenta menor número de alegacións. Na parroquia de Goiáns destacar que o maior número de alegacións corresponde a incorporación de parcelas en núcleos rurais.

Goiáns	***43***	
A parcela está incluida parcialmente na clasificación. Se solicita a súa inclusión total	1	2,33%
Cambio de clasificación	40	93,02%
Modificación de trazados vinculantes e de Sistemas Xerais ou dotacións	1	2,33%
Modificación na delimitación dos contornos de protección dos bens incluidos no catálogo	1	2,33%

4.9.10. SAN CRISTOVO DE LEMA

Na parroquia de Lema destacar que o maior número de alegacións corresponde a incorporación de parcelas en núcleos rurais, seguidas de inclusión total de parcelas e modificación de cuestións de ordenación.

Lema	***176***	
A parcela está incluida parcialmente na clasificación. Se solicita a súa inclusión total	27	15,34%
Cambio de clasificación	120	68,17%
Exclusión de elementos do catálogo	2	1,14%
Inclusión de elementos no catálogo	1	0,57%
Modificación da cartografía	10	5,68%
Modificación da ordenanza	2	1,14%
Modificación das aliñacións	7	3,98%
Modificación de trazados vinculantes e de Sistemas Xerais ou dotacións	7	3,98%

4.9.11. SANTA MARÍA DE NOICELA

Na parroquia de Noicela destacar que o maior número de alegacións corresponde a incorporación de parcelas en núcleos rurais, seguidas de inclusión total de parcelas e modificación de cuestións de ordenación.

Noicela	***121***	
A parcela está incluida parcialmente na clasificación. Se solicita a súa inclusión total	12	9,92%
Cambio de clasificación	92	76,03%
Delimitación de novo asentamento	12	9,92%
Modificación da cartografía	2	1,65%
Modificación das aliñacións	2	1,65%
Modificación na delimitación dos contornos de protección dos bens incluidos no catálogo	1	0,83%

4.9.12. SAN BREIXO DE OZA

Na parroquia de Oza destacar que o maior número de alegacións corresponde a incorporación de parcelas en núcleos rurais, seguidas de inclusión total de parcelas.

Oza	***82***	
A parcela está incluida parcialmente na clasificación. Se solicita a súa inclusión total	13	15,85%
Cambio de clasificación	54	65,86%
Delimitación de novo asentamento	1	1,22%
Modificación da cartografía	1	1,22%
Modificación de trazados vinculantes e de Sistemas Xerais ou dotacións	13	15,85%

4.9.13. SAN MARTIÑO DE RAZO

San Martiño de Razo é unha das parroquias con maior número de alegación presentadas, debido a súa situación xeográfica, preto da costa, e a tensión urbanística inherente aos desenvolvementos urbanísticos de segunda residencia existentes.

Na parroquia de Razo as solicitudes concéntranse no cambio de clasificación de solo rústico a solo de núcleo rural, ou pedir a clasificación para o núcleo similar o existente no PXOM do 2003, solo urbano, seguidas da Modificacións nas aliñacións e a inclusión total de parcelas.

Razo	***264***	
A parcela está incluída parcialmente na clasificación. Se solicita a súa inclusión total	16	6,06%
Cambio de clasificación	201	76,13%
Condicións derivadas da titularidade dos bens	1	0,38%
Delimitación de novo asentamento	2	0,76%
Modificación da cartografía	7	2,64%
Modificación da ordenanza	1	0,38%
Modificación das aliñacións	27	10,23%
Modificación das condicións de xestión	2	0,76%
Modificación de trazados vinculantes e de Sistemas Xerais ou dotacións	1	0,38%
Modificación na delimitación dos contornos de protección dos bens incluídos no catálogo	2	0,76%
Outras	4	1,52%

4.9.14. SAN SALVADOR DE REBORDELOS

Na parroquia de Rebordelos destacar que o maior número de alegacións corresponde a incorporación de parcelas en núcleos rurais, seguidas de inclusión total de parcelas.

Rebordelos	***44***	
A parcela está incluída parcialmente na clasificación. Se solicita a súa inclusión total	2	4,55%
Cambio de clasificación	41	93,18%
Delimitación de novo asentamento	1	2,27%

4.9.15. SANTA MARÍA DE RUS

Na parroquia de Rus destacar que o maior número de alegacións corresponde a incorporación de parcelas en núcleos rurais, seguidas de inclusión total de parcelas e delimitación de novos asentamentos.

Rus	***176***	
A parcela está incluída parcialmente na clasificación. Se solicita a súa inclusión total	27	15,35%
Cambio de clasificación	124	70,46%
Delimitación de novo asentamento	15	8,52%
Modificación da cartografía	3	1,70%
Modificación das aliñacións	3	1,70%
Modificación de trazados vinculantes e de Sistemas Xerais ou dotacións	3	1,70%
Outras	1	0,57%

4.9.16. SANTIAGO DE SÍSAMO

Na parroquia de Sísamo destacar que o maior número de alegacións corresponde a incorporación de parcelas en núcleos rurais, seguidas de inclusión total de parcelas e delimitación de novos asentamentos.

Sísamo	***146***	
A parcela está incluída parcialmente na clasificación. Se solicita a súa inclusión total	23	15,76%
Cambio de clasificación	99	67,82%
Delimitación de novo asentamento	10	6,85%
Modificación da cartografía	3	2,05%
Modificación das aliñacións	3	2,05%
Modificación de trazados vinculantes e de Sistemas Xerais ou dotacións	7	4,79%
Outras	1	0,68%

4.9.17. SAN SALVADOR DE SOFÁN

San Salvador de Sofán amosase como unha das parroquias con maior número de alegacións presentadas debido a extensión da mesma e a situación dos seus núcleos a carón das estradas. Na parroquia de Sísamo destacar que o maior número de alegacións corresponde a incorporación de parcelas en núcleos rurais, seguidas de inclusión total de parcelas e delimitación de novos asentamentos.

Sofán	***240***	
A parcela está incluída parcialmente na clasificación. Se solicita a súa inclusión total	41	17,08%
Cambio de clasificación	190	79,16%
Delimitación de novo asentamento	4	1,67%
Modificación da cartografía	3	1,25%
Modificación das aliñacións	1	0,42%
Outras	1	0,42%

4.9.18. SAN MIGUEL DE VILELA

Na parroquia de Vilela destacar que o maior número de alegacións corresponde a incorporación de parcelas en núcleos rurais, seguidas delimitación de novos asentamentos e inclusión total de parcelas.

Vilela	***61***	
A parcela está incluída parcialmente na clasificación. Se solicita a súa inclusión total	8	13,11%
Cambio de clasificación	22	36,07%
Delimitación de novo asentamento	20	32,79%
Inclusión de elementos no catálogo	3	4,92%
Modificación da cartografía	6	9,84%
Modificación das aliñacións	1	1,64%
Modificación de trazados vinculantes e de Sistemas Xerais ou dotacións	1	1,64%

4.9.19. OUTROS A IDENTIFICAR OU XENÉRICAS

A primeira ringleira da táboa de clasificación por localización das alegacións dentro do termo municipal, conten rexistros de carácter xeral que non teñen localización xeográfica nos documentos gráficos do PXOM nin referencia catastral asociada. Destacan aquí as alegacións que non teñen asignada parroquia que están relacionadas con temas de carácter xeral: conceptos urbanísticos, temas de normativa, erros ou incoherencia.0s na cartografía e casos individuais.

Outras	***19***	
A parcela está incluída parcialmente na clasificación. Se solicita a súa inclusión total	8	42,11%
Cambio de clasificación	2	10,53%
Delimitación de novo asentamento	1	5,26%
Inclusión de elementos no catálogo	1	5,26%
Modificación da cartografía	4	21,05%
Modificación das aliñacións	3	15,79%

5. FASE 3: DEFINICIÓN DE CRITERIOS

Os criterios xerais para a proposta de resolución das alegacións foron definidos no informe previo do 20 de maio do 2013. Estes criterios analizaban as mesmas segundo a súa incidencia dentro do modelo de ordenación territorial, por medio de:

- A capacidade residencial do PXOM
- A ordenación proposta

Unha vez definidos os criterios xerais polo equipo redactor e aceptados polos membros das CIUMR, analízanse nas comisións informativas todas as alegacións dun xeito individual , consensuando a resolución das mesmas.

A continuación recóllense os criterios xerais de resolución, contidos no informe previo así coma os criterios que se definiron para cuantificar as alegacións de tipo maioritario que incidían sobre a capacidade residencial do PXOM

5.1. CRITERIOS XERAIS DE RESOLUCIÓN

5.1.1. SÍNTESE DO PROCESO DE PARTICIPACIÓN PÚBLICA

As alegacións presentadas ao PXOM polos veciños e asociacións, en xeral, non formulan alternativas ao modelo proposto polo equipo redactor para o termo municipal, que entendemos como un modelo social, e por descontado, axustable.

Estas deberían ser referidas á intervención activa dos cidadáns na organización e uso do espazo, e a participación destes na toma de decisións de carácter comunitario, pero a meirande parte delas son formuladas dende o ben individual observándose que a maioría delas son sobre parcelas que solicitan a licenza directa.

Nos procesos de planificación urbana, é recomendable recorrer un camiño paralelo entre os poderes públicos e a sociedade, apostando por procesos simultáneos e non secuenciais con capacidade de influencia mutua no seu desenvolvemento. No caso de Carballo, a participación veciñal reflicte, nas súas solicitudes, a necesidade de ocupar o territorio, de maneira individualizada, demandando un maior crecemento residencial e transformación do solo.

Da análise detallada das solicitudes individuais, desbótanse de xeito xeral as propostas que inciden en:

- A desregularización do crecemento sen medidas de control e ordenación mais alá das propias do réxime da propiedade (libre albedrío para edificar).
- A mellora da calidade de vida coa creación de dotacións e infraestruturas non debe estar vinculada ao desenvolvemento urbanístico (polo tanto ao crecemento), se non que debe correr a cargo dos presupostos xerais municipais.
- Retomar as delimitacións do PXOM do 2003 suspendido e aumentar as áreas susceptibles de transformación.

Non entanto, as alegacións subliñan erros, imprecisións do documento e inquedanzas, que as entendemos como un dialogo entre os poderes públicos (administracións) coa capacidade legal de planificar o territorio e a sociedade civil coa responsabilidade moral de participar. As alegacións presentadas denotan o clamor da concienciación por parte dos veciños, e mostra do interese social na planificación territorial, o cal debe ser escoitado e ben interpretado polas administracións competentes nun san exercicio de democracia participativa. Non obstante, é preciso sinalar que a tramitación do Plan Xeral de Ordenación Municipal atópase sometido a un estrito proceso de aprobación, contemplado fundamentalmente no art. 85 da LOUG.

En cumprimento do referido artigo, as administracións públicas competentes deben emitir os informes sectoriais que resulten necesarios e, especialmente, a persoa titular da consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio, emite o derradeiro informe ao PXOM, precisamente este informe é o que ten a potestade para realizar a aprobación definitiva do Planeamento municipal.

O esforzo feito polo equipo redactor e polo concello no período de alegacións ao documento, realizando charlas e presentacións nas distintas parroquias así como atendendo aos veciños durante a exposición pública, denota a concienciación cidadá en canto a presentación de alegacións comedidas en canto ao número e ao contido das

mesmas. Entendemos que despois do análise das alegacións presentadas, á exposición pública ante os veciños validou e referendou o modelo de ordenación territorial presentado no documento de aprobación inicial.

O equipo redactor do PXOM ten a responsabilidade de sintetizar nun modelo de ordenación coherente, sostible, ecuánime, legal e tecnicamente realizable, as distintas inquedanzas da sociedade civil e das administracións actuantes, dotándoo dunha xustiza espacial. De tódolos xeitos podemos diferenciar as alegación presentadas segundo a súa potencialidade de viabilidade dentro do modelo de ordenación proposto no documento entre alegacións compatibles e incompatibles co modelo proposto e alegacións que deben ser estudadas de forma individual.

5.1.2. CRITERIOS COMPATIBLES CO MODELO PROPOSTO PARA A ESTIMACIÓN DAS ALEGACIÓNS

A prioridade do equipo redactor é, despois de sufrir o PXOM un proceso de exposición ao público, o documento resultante debe manter a estrutura xeral e orgánica do territorio imposta polo modelo de ordenación territorial definido no documento de aprobación inicial, e integrarase sobre o mesmo as solicitudes coherentes co modelo.

No modelo de ordenación, desenvolto na estrutura xeral e orgánica, débese manter inherentes os seguintes criterios, aceptando as alegacións que sexan compatibles cos mesmos:

- Diferenciar entre os distintos desenvolvemento territoriais, ordenando as tendencias de crecemento existentes segundo a localización dentro do Concello: Carballo-Terras Altas, Carballo- Centro e Vila, Carballo-Sur vencellado á costa (ver dinámica poboacional das parroquias), potenciando o modelo de capitalidade da Vila de Carballo coma receptor de usos e poboación.
- O carácter rururbano, de parte do municipio próxima a Vila e as estradas de conexión coas principais cidades (A Coruña, Ordes, Malpica..), como un valor positivo a desenvolver (Baixa densidade, mestura de usos rústicos, a paisaxe edificada)
- Os valores naturais e paisaxístico:Un crecemento ordenado e limitado en intensidade onde conviva cos valores naturais e paisaxísticos do concello, sobre todo na Costa.
- A fixación da poboación residente e fomentar o crecemento residencial, xunto cas dotacións urbanísticas básicas: transformación dos núcleos rurais de costa, vinculación dos dotacións e infraestruturas aos desenvolvementos...
- Dotar dun pequeno sistema de dotacións aos núcleos rurais cabeceiras, espallados dentro do territorio, onde se implanten os usos non residenciais e os equipamentos de índole municipal.
- O recoñecemento da complexidade urbanística sobrevida nos núcleos rurais da Costa: Arnados e Pedra do Sal; a perda irremisible da estrutura socioeconómica rural cara unha estrutura urbana vencellada ás vivendas de segunda residencia e ao turismo, coa necesidade implícita de reformular a súa estrutura física e dotar aos mesmos de espazos de cohesión social. (actuacións integrais)
- A sustentabilidade económica da proposta, cunha estratexia de xestión que ligue os aproveitamentos urbanísticos ás respostas e desequilibrios dotacionais que xera. (aproveitamento tipo e os SX adscritos)

5.1.3. CRITERIOS A ESTUDAR DE FORMA INDIVIDUALIZADA PARA A ESTIMACIÓN DAS ALEGACIÓNS

Nesta marco fraguado, intégranse as solicitudes que non menoscaban o modelo de ordenación territorial convido pero que é necesario analizar individualmente cada petición.

De forma xeral estudarase a integración de:

- As novas delimitacións dentro do marco legal, de asentamentos non recollidos no PXOM en ningunha clasificación de solo. (se seguen o modelo de asentamento identificado no PXOM)
- O axuste dos usos rústicos reais, a potencialidade do solo e a súa categoría de solo rústico. (cambios de categoría xustificables)
- A revisión da consolidación, e polo tanto a capacidade residencial dos núcleos, en función da incorporación das parcelas lindeiras sobre viarios estruturantes seguindo crecemento demográfico esperado da parroquia.

- A revisión das solicitudes de inclusión en solo urbano se cumpren o establecido na LOUG.
- O estudio do fondo edificatorio e alturas da edificación nos quinteiros de solo urbano da Vila de Carballo, cuantificando o fora de ordenación por altura.
- A corrección dos erros puntuais e de interpretación cartográfica.

5.1.4. CRITERIOS PARA A DESESTIMACIÓN DAS ALEGACIÓNS

No entanto, son de difícil integración técnica na proposta de ordenación territorial contida no documento de aprobación inicial as suxestións que:

- Están fora da legalidade. (LOUG)
- Están fora do ámbito competencial do PXOM. (lexislación sectorial)
- Propoñen obviar requisitos do planeamento establecidos pola lexislación. (indicadores de complexidade urbanística SNR, sostenibilidade, horizontes poboacionais excesivos...)
- Non se adaptan o modelo existente e non propoñen un modelo alternativo.
- Non sendo excepcionais, a súa aplicación masiva suporía un modelo de ordenación non sustentable.
- Fomentan o desequilibrio territorial (novos desenvolvementos non articulados pola estrutura xeral e orgánica).

5.2. CRITERIOS DE ESTIMACIÓN DAS ALEGACIÓNS CON INCIDENCIA SOBRE A CAPACIDADE RESIDENCIAL DO PXOM

A maioría de alegacións presentadas solicitan a incorporación de novas parcelas ao desenvolvemento urbanístico do termo municipal por licenza directa, denotando nun primeiro análise un aumento no horizonte poboacional previsto no PXOM, sobre todo coa incorporación das parcelas lindeiras aos núcleos rurais.

Este posible incremento sería un tema delicado a tratar coa administración autonómica, polo que a cuantificación da incidencia das solicitudes presentadas sobre a capacidade do PXOM é vital como punto de partida para designar os criterios de aceptación das mesmas.

Para cuantificar o aumento de poboación previsible, o equipo redactor analizou as parcelas afectadas segundo a súa solicitude dentro dunha clasificación que lle permita edificar e polo tanto aumentar a capacidade residencial do PXOM. Deste xeito unha vez supervisadas as peticións cidadáns clasifícanse asignándolle rangos para poder valorar o posterior incremento no número de vivendas.

Sobre este preanálise, desenvólvense as comisións informativas estudando cada caso dun xeito individual, mirando os antecedentes administrativos, os criterios xerais de resolución propostos e os casos persoais, dando lugar á posterior proposta de resolución.

5.2.1. SOLICITUDES DE INCLUSIÓN EN SOLO DE NÚCLEO RURAL

Das alegacións presentadas, tendo en conta os rexistros con parcela, 1.798 das peticións son de cambio de clasificación de solo. Destas, 1.474 son para incorporar as mesmas en solo de núcleo rural incrementándose proporcionalmente o número de vivendas.

Para analizar as peticións de nova inclusión fíxose unha clasificación por rangos das parcelas segundo a súa localización dentro do núcleo solicitado sendo estes os seguintes:

- **Rango 1:** Solicitudes dentro do modelo de asentamento e criterios iniciais propostos no documento, sendo parcelas lindeiras a solo de núcleo rural situadas sobre viarios estruturantes. Cor verde escuro
- **Rango 2:** Solicitudes dentro do modelo de asentamento proposto pero cunha interpretación subxectiva dos criterios iniciais, sendo parcelas lindeiras a solo de núcleo rural situadas sobre viarios non estruturantes. Cor verde claro
- **Rango 3:** Solicitudes que están sen dúbida fora dos criterios de delimitación iniciais e implicarían un cambio dos mesmos, sendo parcelas sen fronte a vía pública ou incluídas nas actuacións integrais. Cor laranxa



Fonte Propia: Plano de análise das alegacións

No debuxo aprécianse os rangos asociados a cada parcela, así como as delimitacións do núcleos contidas no documento de A.I, as NNSS e o PXOM do 2003, decidindo despois segundo os criterios estipulados a súa estimación ou desestimación.

Os rangos cuantificados sobre as parcelas amosan os seguintes datos, entendemos que a aceptación do rango 1 e admisible dentro do modelo de ordenación territorial do concello de Carballo (M.O.T) Con estes rangos cuantificáronse inicialmente os seguintes datos:

- Rango 1, 503 parcelas
- Rango 2, 309 parcelas
- Rango 3, 110 parcelas
- Rango 4, 552 parcelas

5.2.2. SOLICITUDES DE INCLUSIÓN EN SOLO URBANO

O PXOM clasifica un único solo urbano, A vila de Carballo, recollendo as parcelas que *a priori* cumpren cos artigos 11 e 12.a) da LOUGA.

Aínda así existen parcelas, contidas en anteriores desenvolvementos que o PXOM en redacción desestimou, que poden cumprir na actualidade as condicións de solo urbano.

Das alegacións presentadas, 184 son peticións de cambio da clasificación de solo para incorporar as mesmas en solo urbano consolidado. Estas peticións afectan a parcelas situadas en solo rústico lindeiras ao solo urbano con distintas ordenanzas de aplicación, incrementándose o número de vivendas nesta clase de solo.

Analizase inicialmente as parcelas afectadas segundo a súa localización na trama e existencia de servizos, diferenciando as mesmas por rangos.

- **Rango 1**: Solicitudes dentro do modelo de asentamento e criterios iniciais propostos no documento, sendo parcelas lindeiras a solo urbano consolidado situadas sobre viarios estruturantes e con todos ou algúns dos servizos urbanísticos.Cor verde escuro
- **Rango 2**: Solicitudes dentro do modelo de asentamento proposto pero cunha interpretación subxectiva dos criterios iniciais, sendo parcelas lindeiras a solo urbano consolidado situadas sobre viarios non estruturantes e/ou sen servizos urbanísticos. Cor verde claro
- **Rango 3**: Solicitudes que están sen dúbida fora dos criterios de delimitación iniciais e implicarían un cambio dos mesmos. Parcelas non lindeiras. Cor laranxa
- **Rango 4:** Parcelas incluídas en áreas de desenvolvemento (SUNC, AI, SUD) que solicitan a súa inclusión en solo urbano.Cor vermello

A continuación, unha vez coñecidos os criterios establecidos por rangos, califícanse as parcelas e cuantifícanse por medio do programa GV-SIG asignando atributos as mesmas, sendo a súa saída gráfica a seguinte:

Fonte Propia: Plano de análise das alegacións

Con estes rangos cuantificáronse inicialmente os seguintes datos:

- Rango 1, 36 parcelas
- Rango 2, 28 parcelas
- Rango 3, 34 parcelas
- Rango 4, 86 parcelas

5.2.3. DELIMITACIÓN DE NOVOS ASENTAMENTOS

A memoria de Asentamento Poboacional do PXOM identifica as estruturas dos asentamentos existentes no termo municipal diferenciando entre os asentamentos da costa, os asentamentos de complexidade urbanística do centro e os asentamentos con maior valor agrario do sur e oeste.

Conforme a análise do modelo de asentamento poboacional característico do concello de Carballo, pódense establecer uns parámetros mínimos comúns para a definición de asentamento tradicional. Asemade:

- **Singularizado**, identificable e diferenciado administrativamente
O Sr. Andrade Cristóbal, voceiro do grupo municipal de TEGA, manifesta que a parcela da alegación 3982 debería de estar en rango 1.

Dona Beatriz Aneiros, en representación do equipo redactor, explícalle que parte desa parcela xa está no núcleo e o que solicita o interesado é a ampliación da área afectada por esa clasificación.

Regueira de Abaixo

Regueira de Arriba

Centeás

A Pedra do Sal

*Sendo as 12.35 horas auséntase o Sr. Sueiro Pastoriza, voceiro do grupo municipal do PP.

O Sr. Garrote Pazos, Arquitecto municipal, suliña que se debe pasar a rango 4 a parcela da alegación 4061 (rango 2), dado que se atopa en Red Natura. Seguidamente, explica como afecta a esta zona a modificación da Lei de Costas.

Por outro lado, comenta que faltan 10 alegacións que non están grafiadas no plano e que piden a incorporación ó núcleo (zona do Restaurante As Saíñas).

Polo que, os membros da Comisión acordan, por unanimidade dos membros presentes, que se estudie a posible incorporación a rango 1 desas parcelas.

O Arquitecto municipal tamén alude ás parcelas das alegacións 4125, 3616 e 4910 e explica a complexa situación das mesmas.

En consecuencia, os membros da Comisión acordan, por unanimidade dos membros presentes, que antes de tomar ningunha decisión, se fagan as consultas pertinentes. Tamén se decide pasar a rango 4 a parcela da alegación 3835.

Sambade

O Sr. Garrote Pazos, Arquitecto municipal, expón que as parcelas das alegacións 2720, 2721, 3630, 3629 e 4000 contan con edificacións con licenza.

Polo que os membros da Comisión deciden que se analice a zona de novo porque no plano figura grafiado en rango 4.

O Igrexario

NOICELA

Xenarde

Borrazás

As Infantas

Os membros da Comisión acordan, por unanimidade dos membros presentes, que pasen a rango 4 as alegacións 2960 e 2961 porque non teñen acceso. Ademáis, acordan estudiar a posibilidade de incorporar a rango 1 a 4621 e a 1778.

Imende

O Sr. Garrote Pazos, Arquitecto municipal, expón que as parcelas das alegacións 2644, 3396 e 2934 contan con licenza de obra.

Por outro lado, valórase a posiblidade de grafiar unha franxa desde o núcleo e que discurra polas parcelas das alegacións 2644, 2645, 3796 e 3197.

10.- Rogos e preguntas.

Non se formularon

E non habendo máis asuntos que tratar e sendo as trece horas e dez minutos (13:10 h) a Presidencia levanta a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu como Secretaria dou fe.

ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO E MEDIO RURAL (CIUMR)

Na Casa do Concello de Carballo, o día dezaoito de xullo de dous mil trece (18/07/2013), sendo as once horas e dez minutos (11:10 h), debidamente convocados reúnense os membros da Comisión Informativa de Urbanismo e Medio Rural, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Evencio Ferrero Rodríguez, coa asistencia dos seguintes membros:

VOGAIS ASISTENTES

- D. Evencio Ferrero Rodríguez (BNG)*
- Dª Milagros Lantes Seara (BNG)
- D. Luís María Lamas Álvarez (BNG)
- D. Marcos José Trigo Facal (BNG)* (Asiste con voz e sen voto, agás na ausencia do Presidente)
- D. Alberto Sueiro Pastoriza (PP)
- D. Juan Carlos Castro Pombo (PP)
- D. Manuel Andrade Cristóbal (TEGA)
- D. José Antonio Viña Patiño (PSdG-PSOE)

Asisten polo equipo redactor da revisión do PXOM: Dona Verónica Cernadas e Dona María José Pardavila [Fernández Carballada y Asociados SL, mercantil contratista dos traballos de revisión do PXOM (contrato administrativo coa ref. SAT 08/2005)]

Asiste o arquitecto municipal, D. Alfredo Garrote Pazos.

Asiste a técnico de administración xeral do Concello de Carballo, D. Susana Mariño Lorenzo, que actúa como Secretaria e da fe do acto.

Declarada aberta a sesión trátanse os seguintes asuntos incluídos na orde do día:

1.- Acta da sesión anterior (10/07/2013). Aprobación.

A Comisión Informativa de Urbanismo e Medio Rural, por unanimidade dos seus membros presentes (7), acorda aprobar a acta da sesión celebrada o dez de xullo de 2013, que foi repartida coa convocatoria.

2.- Posibilidade de instar, por parte do Concello de Carballo, a aplicación do réxime previsto na disposición transitoria terceira, apartado 3 da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas o asentamento de "O Pinar" da parroquia de Lema, de acordo co establecido na Disposición transitoria primeira da Lei 2/2013, de 29 de maio, de protección e uso sostible do litoral e de modificación da Lei 22/1988.

O Sr. Alcalde informa que o Arquitecto municipal e a concelleira delegada de Planificación e Desenvolvemento Urbano asistiron a unha xornada relativa á normativa de Costas e consideran oportuno trasladar ós membros da comisión unha serie de cuestións.

Seguidamente, o Arquitecto municipal explica as novidades lexislativas e suliña que a zona afectada neste municipio pola aplicación da Disposición transitoria primeira da Lei 2/2013, sería a zona de O Pinar, no núcleo de Pedra do Sal. Engade que, á vista deste precepto, xurden unha serie de dúbidas que, nin o propio xefe da Demarcación de Costas ten claras, polo que cre oportuno remitir unha consulta formal ante o Ministerio de Agricultura e Medio Ambiente co fin de clarificar en que situación está esta área.

A continuación, os membros da Comisión acordan, por unanimidade dos membros presentes, que se remita unha consulta ante o Ministerio de Agricultura e Medio Ambiente sobre as dúbidas relativas á aplicación da Disposición transitoria primeira da Lei 2/2013 e as súas consecuencias sobre o asentamento de "O Pinar" da parroquia de Lema.

3 .- Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Carballo (PXOM). Estudo das alegacións.

O Sr. Alcalde manifesta que procede retomar, á vista da acta da sesión do pasado 10 de xullo, o estudo das alegacións polo núcleo de Algara, na parroquia de Noicela.

NOICELA

Algara

O Sr. Lamas Álvarez, concelleiro delegado de Obras e Servizos, manifesta que na parcela da alegación 4450 (rango 4) hai unha vivenda desde hai moitos anos.

Dona Verónica Cernadas, en representación do equipo redactor, responde que valorarán a posibilidade de incorporala.

Intervén o Sr. Andrade Cristóbal, voceiro do grupo municipal de TEGA, dicindo que ademáis da alegación 4450, deberíase de pasar a rango 1 a 3939.

Casadelas

O Sr. Andrade Cristóbal, voceiro do grupo municipal de TEGA, pregunta pola situación da alegación 2850.

Responde o Arquitecto municipal que xa está en rango 1 e o que procede é incluir só a superficie suficiente para unha vivenda.

O Rapadoiro

Os membros da comisión aluden ás alegacións 3407 e 2184.

O Sr. Castro Pombo, concelleiro do grupo municipal do PP, comenta que esas parcelas actualmente son monte.

Dona Verónica Cernadas, en representación do equipo redactor, aclara que xa estaban incorporadas nas normas subsidiarias.

OZA

A Igrexa

Os membros da comisión aluden á alegación 4421, que solicita o cambio de clasificación a núcleo rural histórico-tradicional e solicita a exclusión de solo dotacional.

A continuación, os membros da comisión acordan que a alegación 4421 pase a cor gris.

Intervén o Sr. Andrade Cristóbal, voceiro do grupo municipal de TEGA, solicitando que os técnicos deixen claro onde están os equipamentos.

As Encrucilladas

*Sendo as 12.00 horas auséntase o Sr. Alcalde.

O Sr. Castro Pombo, concelleiro do grupo municipal do PP, fai referencia a alegación 4427, que comprende dúas parcelas (unha en rango 3 e outra en rango 2). Considera que deberían de estar en rango 1, así como a parcela da alegación 3887.

Seguidamente, os membros da comisión acordan deixar este asunto pendente de estudio.

Por outro lado, o Arquitecto municipal sinala que non ve clara a petición da alegación 4175 (cor gris).

Dona Verónica Cernadas, en representación do equipo redactor, aclara que piden unha

modificación da cartografía.

Vilar do Carballo

O Outeiro

As Torres/ A Braña

Coméntase que no plano do equipo redactor únense estos núcleos polas parcelas das alegacións 3882, 3885 e 2793.

Dona Verónica Cernadas, en representación do equipo redactor, sinala que unha posible solución é que, en vez de incorporar as parcelas enteiras, simplemente se colla parte dunha parcela para un núcleo e parte da outra para o outro núcleo e así evitar a unión dos mesmos.

O Rodo

O Arquitecto municipal, sinala no plano un vial que está mal grafiado e engade que xa está eliminado do Inventario municipal.

Seguidamente o Sr. Andrade Cristóbal,voceiro do grupo municipal de TEGA, expón que hay 5 alegacións en As Aveas que non aparecen nos planos.

Responde a Sra. Lantes Seara, concelleira delegada de Planificación e Desenvolvemento Urbano, dicindo que As Aveas non está no nomenclátor e engade que na sesión plenaria que se tratou sobre o PXOM quedárase en estudiar esta área.

Oza Vella de Arriba/ Oza Vella de Abaixo

O Sr. Viña Patiño, concelleiro do grupo municipal do PsdG-PSOE, manifesta que non existe o núcleo de Oza Vella de Arriba como tal, senón que se chama A Costa e o que aparece como Oza Vella de Abaixo é Oza Vella.

Dona Verónica Cernadas, en representación do equipo redactor, responde que farán as comprobacións pertinentes.

RAZO

Os membros da comisión acordan pospoñer o estudio da parroquia de Razo.

REBORDELOS

*Sendo as 12.30 horas incorpórase o Sr. Alcalde.

Rebordelos

O Sr. Andrade Cristóbal, voceiro do grupo municipal de TEGA, defende unha serie de parcelas que están clasificadas en rango 2, co fin de pasalas a rango 1. Di que están dentro de Red Natura.

O Arquitecto municipal sinala que a parcela da alegación 3232 ten unha edificación con licenza. En relación á exposición do Sr. Andrade recorda que nalgunha comisión falouse da posiblidade de incorporar no núcleo as zonas consolidadas. Suliña que hai que ter en conta a LOUGA.

Os membros da comisión acordan incorporar a rango 1 a parcela da alegación 3232. Por outro lado, deixan pendente de valoración e estudio a posible incorporación da zona afectada pola Red Natura.

Costenla

Os membros da comisión acordan incorporar a rango 1 as parcelas das alegacións 4868 e 4867.

Leira

RUS

Barís

O Sr. Castro Pombo, concelleiro do grupo municipal do PP, comenta que hai alegacións, hacia a zona de Coristanco, que non están recollidas nos planos. Pregunta que pasa con todas as parcelas que non están grafiadas na documentación do equipo redactor.

O Sr. Alcalde di que se verán cando se remate cos núcleos.

O Pereiro

O Arquitecto municipal destaca a alegación 1727 (rango 4), pois xa figuraba en núcleo nas normas subsidiarias e además hai vivendas.

Dona Verónica Cernadas, en representación do equipo redactor, responde que pode deberse á proximidade ó río.

O Sr. Andrade Cristóbal, voceiro do grupo municipal de TEGA, defende que se incorpore a rango 1.

Os membros da comisión acordan que se valore a súa incorporación ó núcleo. En relación á alegación 3759, na que se aprecian tres parcelas catastrales, deciden que se grafíe unha parcela edificable.

O Outeiro

As Torres

A Braña

O Rodo

O Val

A Vixoteira

Baralla

Os Vilares

A Canosa

Os membros da comisión acordan que se valore a incorporación a rango 1 da alegación 4376. (Non coincide a realidade física co plano catastral)

Braña de Abaixo/Braña de Arriba

Os membros da comisión, en relación á alegación 3917, acordan incorporar só unha parte da parcela en rango 1 para evitar que se unan os núcleos de Braña de Abaixo con Canosa. O mesmo acordo adóptase coas alegacións 2411 e 3842, co fin de separar os núcleos de Braña de Abaixo e Braña de Arriba.

Por outro lado, os membros da comisión acordan valorar e estudiar a zona relativa ás alegacións 2917, 3222 e 4751 cunha posible ampliación de fondos e pasar parte das parcelas das alegacións 3222 e 2917 a rango 1.

Outeiros

Outeiro de Arriba

Nogareda

Casal de Perros

A Sra. Lantes Seara, concelleira delegada de Planificación e Desenvolvemento Urbano, comenta que ó lado da alegación 4107, hai unha alegación que non está grafiada no plano, a 3985.

Ramil

O Arquitecto municipal sinala que no día de onte presentouse unha alegación, obviamente fora de prazo, relativa a este núcleo.

O Sr. Castro Pombo, concelleiro do grupo municipal do PP, sinala que cando se remate de estudiar todas as alegacións, poderíanse valorar as que foron presentadas fora de prazo, aínda que non se admitan formalmente como alegacións.

Caxín

Bouzanogueira

O Sr. Lamas Álvarez, concelleiro delegado de Obras e Servizos, pregunta pola alegación 2415.

O Arquitecto municipal aclara que pide a ampliación do núcleo.

Calvos

O Sr. Andrade Cristóbal, voceiro do grupo municipal de TEGA, pregunta pola alegación 4171

O Arquitecto municipal sinala que é unha área de protección por xacemento arqueolóxico. Por outro lado, comenta que a alegación 4319 non está grafiada na parcela correcta.

O Padreiro

Portopaio

San Sadurniño de Arriba/de Abaixo

Cáparos

Alborís

O Arquitecto municipal sinala que a alegación 4486 non está grafiada no plano.

As Chaves

Cornaces

A Corredoira

Ferrol

Outón

Vilar de Cima

4.- Rogos e preguntas.

Non se formularon

E non habendo máis asuntos que tratar e sendo as trece horas e vinte minutos (13:20 h) a Presidencia levanta a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu como Secretaria dou fe.

ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO E MEDIO RURAL (CIUMR)

Na Casa do Concello de Carballo, o día vinte e tres de xullo de dous mil trece (23/07/2013), sendo as dez horas e quince minutos (10:15 h), debidamente convocados reúnense os membros da Comisión Informativa de Urbanismo e Medio Rural, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Evencio Ferrero Rodríguez, coa asistencia dos seguintes membros:

VOGAIS ASISTENTES

- D. Evencio Ferrero Rodríguez (BNG)*
- Dª Milagros Lantes Seara (BNG)
- D. Luís María Lamas Álvarez (BNG)
- D. Marcos José Trigo Facal (BNG)* (Asiste con voz e sen voto, agás na ausencia do Presidente)
- D. Alberto Sueiro Pastoriza (PP)
- D. Juan Carlos Castro Pombo (PP)
- D. Manuel Andrade Cristóbal (TEGA)* (Incorpórase no punto 2)
- D. José Antonio Viña Patiño (PSdG-PSOE)*(Incorpórase no punto 2)

Asisten polo equipo redactor da revisión do PXOM: Dona Verónica Cernadas [Fernández Carballada y Asociados SL, mercantil contratista dos traballos de revisión do PXOM (contrato administrativo coa ref. SAT 08/2005)]

Asiste o arquitecto municipal, D. Alfredo Garrote Pazos.

Asiste a técnico de administración xeral do Concello de Carballo, D. Susana Mariño Lorenzo, que actúa como Secretaria e da fe do acto.

Antes de comenzar a sesión, a Sra. Lantes Seara, concelleira delegada de Planificación e Desenvolvemento Urbano, manifesta o seu malestar pola ausencia do Sr. Viña Patiño e o Sr. Andrade Cristóbal, dado que esta sesión está convocada para as 10.00 h desde a semana pasada e, nestes momentos, eles están no programa de Radio Voz, cando outros membros da comisión tiveron que cambiar as súas axendas para asisitir puntualmente á convocatoria de hoxe.

Declarada aberta a sesión trátanse os seguintes asuntos incluídos na orde do día:

1.- Acta da sesión anterior (18/07/2013). Aprobación.

A Comisión Informativa de Urbanismo e Medio Rural, por unanimidade dos seus membros presentes (5), acorda aprobar a acta da sesión celebrada o dezaoito de xullo de 2013, que foi repartida coa convocatoria.

2 .- Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Carballo (PXOM). Estudo das alegacións.

O Sr. Alcalde manifesta que procede retomar, á vista da acta da sesión do pasado 18 de xullo, o estudo das alegacións pola parroquia de Sísamo.

SÍSAMO

Intervén o Sr. Lamas Álvarez, concelleiro delegado de Obras e Servizos, dicindo que na parroquia de Sísamo non aparece nos planos o núcleo de Lamas.

A Sra. Lantes Seara, concelleira delegada de Planificación e Desenvolvemento Urbano, aclara que sí aparece recollido este núcleo na páxina 20 do informe do equipo redactor.

Ramil

O Sr. Garrote Pazos, Arquitecto municipal, comenta que a alegación 3234 foi retirada mediante escrito de data 26 de abril de 2013 por parte do propio interesado.

O Outeiro

A Raíña

A Barcia

Vilar de Suso

Ceide

Xoane da Estrada

O Sr. Lamas Álvarez, concelleiro delegado de Obras e Servizos, suliña que aunque este núcleo aparece na parroquia de Sísamo, realmente pertence a Goiáns.

Seguidamente, o Sr. Castro Pombo, concelleiro do grupo municipal do PP, plantexa que para evitar a unión dos núcleos de Xoane con Xoane da Estrada, deberíase de "cortar" a parcela da alegación 4462 polo norte e a da 3989 polo sur.

A continuación, os membros da comisión, por unanimidade, acordan incorporar a rango 1 as parcelas das alegacións 3988, 3990, 4177 e 4883 que lindan coa carretera (figuran en rango 4).

Xoane

O Sr. Lamas Álvarez, concelleiro delegado de Obras e Servizos, pregunta o motivo de non pasar a rango 1 a parcela 2642

Dona Verónica Cernadas, en representación do equipo redactor, explícalle que non cumpre cos requisitos esixidos para a incorporación ó núcleo.

Sixto

Os membros da comisión non entenden porqué a parcela da alegación 3437 está en rango 1.

Aclara Dona Verónica Cernadas, en representación do equipo redactor, que só se incorporaría un trozo pequeno da parcela.

Figueiroa

Os membros da comisión, por unanimidade dos membros presentes, acordan que se estudie a posible incorporación da parcela relativa á alegación 4919.

Os Vilares

O Sr. Castro Pombo, concelleiro do grupo municipal do PP, considera que a parcela da alegación 3159 cumpre con todos os requisitos para incorporarse a rango 1.

Os membros da comisión, por unanimidade dos membros presentes, acordan que parte da parcela da alegación 3159 pase a rango 1.

Por outra banda, o Sr. Castro Pombo, concelleiro do grupo municipal do PP, pregunta polas alegacións 3903, 3534 e 3529.

O Sr. Garrote Pazos, Arquitecto municipal, aclara que esas parcelas están afectadas por un xacemento arqueolóxico.

O Sr. Lamas Álvarez, concelleiro delegado de Obras e Servizos, manifesta que na parcela da alegación 3536 (rango 4) hai unha vivenda.

Os membros da comisión, por unanimidade dos membros presentes, acordan incorporar a alegación 3536 a rango 1.

SOFÁN

A Tapia

A Sra. Lantes Seara, concelleira delegada de Planificación e Desenvolvemento Urbano, sinala que a alegación 2238 hai que pasala a rango 4, porque o alegante non é parte interesada.

A Praza

O Sr. Castro Pombo, concelleiro do grupo municipal do PP, fai referencia á proposta de ampliación do cemiterio.

O Sr. Viña Patiño, concelleiro do grupo municipal do PsdG-PSOE, di que a ampliación do cemiterio debería clasificarse como núcleo rural.

Tamén é obxecto de debate a alegación 1639. Finalmente, acordan mantela en rango 1 como figura no plano do equipo redactor.

Por outro lado, o Sr. Viña Patiño, concelleiro do grupo municipal do PsdG-PSOE, refírese á nova finca de titularidade municipal que vai ser destinada á ampliación da praza e comenta que sería bo incluilo no núcleo porque forma parte da actuación integral.

O Sr. Garrote Pazos, Arquitecto municipal, aclara que é unha dotación local de carácter existente e, polo tanto, non é necesario.

Seguidamente, os membros da comisión, por unanimidade dos membros presentes, acordan que se valore a exclusión da casa rectoral da área de actuación integral.

A continuación, volven a debatir sobre a alegación 1639 e acordan que se valore a posibilidade de incorporar esas parcelas como ampliación do cemiterio.

A Casanova

As Bouzas

A Ramiscosa

Os membros da comisión, por unanimidade dos membros presentes, acordan que se pase a rango 4 as dúas parcelas da alegación 2063.

Campo de Arriba

Os membros da comisión, por unanimidade dos membros presentes, acordan que se pase a rango 1 a alegación 1913.

Sofandonigo

A Ramiscosa

Monelos

Bolón

Outeiro

A Ermida

Rachola

O Monte

Pedra de Galiña

A Carracha

Monte do Rei

A Ribeiriña

Paradela

Evas

Os membros da comisión debaten sobre as alegacións 2322, 3438 e 4482.

A Sra. Lantes Seara, concelleira delegada de Planificación e Desenvolvemento Urbano, sinala que hai un conflicto en relación a esas alegacións, pois hai dúas personas que alegan sobre a mesma parcela.

As Canelas

A Sra. Lantes Seara, concelleira delegada de Planificación e Desenvolvemento Urbano, comenta que a parcela da alegación 2321 está mal grafiada, pois refírese a outro emprazamento.

Os membros da comisión, por unanimidade dos membros presentes, acordan que se pase a rango 1 a alegación 4871.

Casas Novas

O Sr. Lamas Álvarez, concelleiro delegado de Obras e Servizos, manifesta que non se diferencia ben no plano Casas Novas de Tarambollo. Plantexa separar os núcleos por onde pasa a liña de alta tensión e deixar esa zona como solo rústico de especial protección de infraestructuras.

Os membros da comisión, por unanimidade dos membros presentes, acordan que se valore a posible incorporación a rango 1 da alegación 4563.

Queda pendente de estudiar de novo o Tarambollo.

Guntián

Trátanse as alegacións 4991, 4990 e 4992 relativas a proposta de novo núcleo.

O Sr. Andrade Cristóbal, concelleiro do grupo municipal de TEGA, comenta que a propia comisión debería de facer unha proposta de núcleo.

O Arquitecto municipal di que o problema é que e cumpra coa consolidación, cre que vai ser complicado.

Seguidamente, o Sr. Castro Pombo, concelleiro do grupo municipal do PP, sinala que a parcela da alegación 3494 non linda co núcleo e aínda así está en rango 1.

Dona Verónica Cernadas, en representación do equipo redactor, comenta que é posible que se metera porque a parcela do lado non ten o frente mínimo.

Os membros da comisión, por unanimidade dos membros presentes, acordan mantela en rango 1.

O Campo

Os membros da comisión, por unanimidade dos membros presentes, acordan pasar a rango 1 a alegación 3165.

As Maroas

Os membros da comisión, por unanimidade dos membros presentes, acordan valorar a posibilidade de estimar a proposta da alegación 4122.

Calvelo de Abaixo/ Calvelo de Arriba

Albeiro

Troián de Arriba/de Abaixo/do Medio

Os membros da comisión, por unanimidade dos membros presentes, acordan que se estudie de novo estes núcleos coa posible aceptación de máis alegacións.

O Zarrallo

A Piña

O Arquitecto municipal recorda que hai que ter en conta o acordo plenario do deslinde con Laracha, de feito a parcela da alegación 4548 está nese municipio.

Por outra banda, o Sr. Viña Patiño, concelleiro do grupo municipal do PsdG-PSOE, plantexa dividir este núcleo con Braille doutra maneira.

Guitoi

Os membros da comisión, por unanimidade dos membros presentes, acordan pasar a rango 1 parte da parcela da alegación 4381.

O Freixal

Os membros da comisión, por unanimidade dos membros presentes, acordan pasar a rango 4 a alegación 3865.

A Freiriña

Os membros da comisión, por unanimidade dos membros presentes, acordan pasar a rango 1 a alegación 4571.

Petón

Prearada

*Sendo as 12.10 horas auséntase o Sr. Alcalde.

Reixía

Covas de Arriba

Covas de Abaixo

O Arquitecto municipal sinala que, salvo as alegacións 1316 e 2780, o resto están todas no núcleo nas normas subsidiarias.

Os membros da comisión, por unanimidade dos membros presentes, acordan que se comprobe a consolidación e que se valore a posibilidade de incorporar todas as parcelas que sexa posible sempre que cumpran cos requisitos esixidos.

A Pedreira

Vilar

VILELA

Castelo

Os membros da comisión, por unanimidade dos membros presentes, acordan pasar a rango 1 a alegación 4634.

San Miguel

O Salto

A Sra. Lantes Seara, concelleira delegada de Planificación e Desenvolvemento Urbano, sinala que o emprazamento das parcelas que aparecen en vermello no plano, é realmente o lugar propio do Salto.

Os membros da comisión, por unanimidade dos membros presentes, acordan que se analice a posibilidade de recoller esas casas como un núcleo.

Cadaval

O Arquitecto municipal comenta que a alegación 3875 refírese a unha parcela que pertence o termo municipal de Laracha. Engade que a alegación 3535 tamén ten unha esquina en Laracha e o resto deberíase pasar a rango 4.

Os membros da comisión, por unanimidade dos membros presentes, acordan que se estudie o posible aumento do núcleo de Cadaval como consecuencia do deslinde.

Vilela

O Arquitecto municipal suliña que é unha zona conflictiva.

3.- Rogos e preguntas.

Non se formularon

E non habendo máis asuntos que tratar e sendo as doce horas e corenta minutos (12:40 h) a Presidencia levanta a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu como Secretaria dou fe.

ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO E MEDIO RURAL (CIUMR)

Na Casa do Concello de Carballo, o día trinta de xullo de dous mil trece (30/07/2013), sendo as once horas e dez minutos (11:10 h), debidamente convocados reúnense os membros da Comisión Informativa de Urbanismo e Medio Rural, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Evencio Ferrero Rodríguez, coa asistencia dos seguintes membros:

VOGAIS ASISTENTES

- D. Evencio Ferrero Rodríguez (BNG)
- Dª Milagros Lantes Seara (BNG)
- D. Luís María Lamas Álvarez (BNG)
- D. Marcos José Trigo Facal (BNG)* (Asiste con voz e sen voto)
- D. Alberto Sueiro Pastoriza (PP)*
- D. Juan Carlos Castro Pombo (PP)
- D. Manuel Andrade Cristóbal (TEGA)
- D. José Antonio Viña Patiño (PSdG-PSOE)

Asisten polo equipo redactor da revisión do PXOM: Dona Verónica Cernadas [Fernández Carballada y Asociados SL, mercantil contratista dos traballos de revisión do PXOM (contrato administrativo coa ref. SAT 08/2005)]

Asiste o arquitecto municipal, D. Alfredo Garrote Pazos.

Asiste a técnico de administración xeral do Concello de Carballo, D. Susana Mariño Lorenzo, que actúa como Secretaria e da fe do acto.

Declarada aberta a sesión trátanse os seguintes asuntos incluídos na orde do día:

1.- Acta da sesión anterior (23/07/2013). Aprobación.

A Comisión Informativa de Urbanismo e Medio Rural, por unanimidade dos seus membros presentes (6), acorda aprobar a acta da sesión celebrada o vintetrés de xullo de 2013, que foi repartida coa convocatoria.

2 .- Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Carballo (PXOM). Estudo das alegacións.

O Sr. Alcalde manifesta que, tras un estudio inicial das alegacións clasificadas en rango 1 e 4 dos distintos núcleos rurais, procede examinar o resto de alegacións (rango 2 e 3) que afectan a esas áreas.

O Sr. Andrade Cristóbal, concelleiro do grupo municipal de TEGA, recorda que haberá que ter en conta as enmendas aprobadas na sesión plenaria do mes de xaneiro, pois todavía non foron vistas nestas últimas comisións.

ALDEMUNDE

Aldemunde de Arriba

O Sr. Garrote Pazos, Arquitecto municipal, expón que a alegación 1637 pide que se retire do núcleo a parcela e a 4054 solicita que se representen correctamente as edificacións.

Os membros da comisión, por unanimidade dos membros presentes, acordan estimar ambas alegacións.

A Fonte

Os membros da comisión, por unanimidade dos membros presentes, acordan estimar a alegación 4316, relativa a incorporación parcial da parcela no núcleo.

ARDAÑA

A Cesta

Os membros da comisión, por unanimidade dos membros presentes, acordan estimar a alegación 3283, referida a que se recolla a parcela completa no núcleo.

Gontade

Os membros da comisión, por unanimidade dos membros presentes, acordan desestimar a alegación 3897 e estimar as alegacións 2873 4353 e 4094, incorporando a primeira parcela a núcleo rural común e as dúas últimas incorporándoas a núcleo histórico-tradicional.

Esteves

Os membros da comisión, por unanimidade dos membros presentes, acordan estimar a alegación 4506 (recollendo a edificación)

Noví

A alegación 3919 solicita que se recolla a pista como vía pública e que se recolla a parcela no núcleo. Os membros da comisión, por unanimidade dos membros presentes, acordan estimar o que afecta ó viario e desestimar a incorporación ó núcleo da parcela. Ademáis, acordan estimar as alegacións 2476, 2477 e 3775 (pásanse a rango 1) e a 2478 (relativa a un vial). Pola contra, acordan desestimar a alegación 3199, relativa a un cambio de clasificación.

Santa María/ Vivente

Os membros da comisión deciden estudiar conxuntamente estos núcleos e adoptan os seguintes acordos:

-Incorporar a rango 1 as parcelas das alegacións 1466, 3840, 3440, 4072, 4071, así como as parcelas intermedias das anteriores.

-Incrementar os fondos edificables das parcelas relativas ás alegacións 4041, 4044, 4049, 4045 e 2250.

-Ampliar fondos da parcela da alegación 4299 e parcelas anexas.

-Incorporar ó núcleo provisionalmente (pendente do informe da Xunta) as parcelas das alegacións 1120, 3998, 3421 e 3291.

-Desestimar as alegacións 3418, 4105, 4110, 3838 e 1730.

*Sendo as 11.55 incorpórase o Sr. Sueiro Pastoriza, voceiro do grupo municipal do PP.

O Sr. Garrote Pazos, Arquitecto municipal, alude á alegación 4531, que pide que se revise o parcelario catastral porque na realidade non hai ningunha edificación. Comenta que como se está elaborando unha nova cartografía, haberá que esperar ó que resulte da mesma.

A Igrexa

Os membros da comisión, por unanimidade dos membros presentes, acordan desestimar a alegación 3139 e estimar parcialmente a 4368.

San Lois

Os membros da comisión, por unanimidade dos membros presentes, acordan estimar:

-A alegación 3953 (parcialmente, na superficie suficiente para unha vivenda e con frente ó vial norte).

-A alegación 3837 (figura unha liña de alta tensión que non existe).

En relación a esta última alegación, tamén acordan que se revise o plan especial presentado para valorar se se pode clasificar como dotacional.

O Castro

Os membros da comisión, por unanimidade dos membros presentes, acordan desestimar a alegación 2016.

Quintáns

Os membros da comisión, por unanimidade dos membros presentes, acordan desestimar as alegacións 3619 e 4890 e estimar a 3793.

ARTES

Feira de Berdillo

Os membros da comisión, por unanimidade dos membros presentes, acordan:

- desestimar as alegacións 3077, 1677, 2547.
- estimar as alegacións 1529, 3078 (só a parte norte), recollendo tamén as parcelas dos lados que non alegaron
- estimar a petición de revisión das aliñacións nas parcelas das alegacións 4157 e 4159 e desestimar que se pase a núcleo histórico-tradicional

Os Pinos

Os membros da comisión, por unanimidade dos membros presentes, acordan:

- estimar as alegacións 2063 e 1305
- solicitar que o equipo redactor faga unha proposta técnica en relación ás alegacións 4059, 4064, 4065, 4066, 4069 e 4070.

Vilar de Francos

*Sendo as 12.50 horas auséntase o Sr. Sueiro Pastoriza, voceiro do grupo municipal do PP.

Os membros da comisión, por unanimidade dos membros presentes, acordan:

- eliminar de rango 1 a parcela da alegación 4285 por estar frente a entrada do pazo e incorporar a rango 1 as parcelas das alegacións 3863, 3873 e 3867.
- desestimar as alegacións 3216, 3829 e 2451.

*Sendo as 13.00 horas auséntase o Sr. Trigo Facal, concelleiro do grupo municipal do BNG.

Vilarnovo

Os membros da comisión, por unanimidade dos membros presentes, acordan estimar a alegación 3877.

Ganduma (Berdillo)

Os membros da comisión, por unanimidade dos membros presentes, acordan:

- estimar as alegacións 3713, 981
- desestimar as alegacións 3565, 4661 e 3801

Pontenova

Os membros da comisión, por unanimidade dos membros presentes, acordan estimar a alegación 1528.

Vilarvello

O Sr. Garrote Pazos, arquitecto municipal recomenda que as alegacións 4291, 4505 e 4435 se estudien conxuntamente.

Os membros da comisión, por unanimidade dos membros presentes, acordan que se analice a proposta das alegacións 4291, 4505 e 4435.

O Sr. Lamas Álvarez, concelleiro delegado de Obras e Servizos, fai referencia as alegacións 2569, 3769 e 3767 que piden que se recoñeza o núcleo de Altiboa.

A Sra. Lantes Seara, concelleira delegada de Planificación e Desenvolvemento Urbano, explica que no informe do equipo redactor xa ben recoñecido ese núcleo.

A Igrexa

Os membros da comisión, por unanimidade dos membros presentes, acordan regularizar os fondos das parcelas das alegacións 3439, 3442 e 3443

Cabalos

Os membros da comisión, por unanimidade dos membros presentes, acordan:

- estimar a alegación 1041 relativa a un vial
- estimar parcialmente a alegación 1040 (incorporar só parte da parcela no núcleo rural tradicional)

As Pallas

Os membros da comisión, por unanimidade dos membros presentes, acordan:

- eliminar de rango 1 a parcela da alegación 3489
- desestimar as alegacións 1691, 3434, 4104, 1223
- alegación 2954, a parcela que está en rango 1, eliminala do núcleo e a que aparece grafiada en gris, estimar a ampliación do fondo.

O Forno

Os membros da comisión, por unanimidade dos membros presentes, acordan:

- desestimar a alegación 4347
- estimar parcialmente a alegación 4507

Quintela

Os membros da comisión, por unanimidade dos membros presentes, acordan desestimar a alegación 4629

3.- Rogos e preguntas.

Non se formularon

E non habendo máis asuntos que tratar e sendo as trece horas e trinta minutos (13:30 h) a Presidencia levanta a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu como Secretaria dou fe.

ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO E MEDIO RURAL (CIUMR)

Na Casa do Concello de Carballo, o día vinte de agosto de dous mil trece (20/08/2013), sendo as once horas e dez minutos (11:10 h), debidamente convocados reúnense os membros da Comisión Informativa de Urbanismo e Medio Rural, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Evencio Ferrero Rodríguez, coa asistencia dos seguintes membros:

VOGAIS ASISTENTES

- D. Evencio Ferrero Rodríguez (BNG)
- Dª Milagros Lantes Seara (BNG)
- D. Luís María Lamas Álvarez (BNG)
- D. Marcos José Trigo Facal (BNG)* (Asiste con voz e sen voto)
- D. Alberto Sueiro Pastoriza (PP)*
- D. Juan Carlos Castro Pombo (PP)
- D. Manuel Andrade Cristóbal (TEGA)
- D. José Antonio Viña Patiño (PSdG-PSOE)

Asisten polo equipo redactor da revisión do PXOM: Dª. Beatriz Aneiros Filgueira [Fernández Carballada y Asociados SL, mercantil contratista dos traballos de revisión do PXOM (contrato administrativo coa ref. SAT 08/2005)]

Asiste o arquitecto municipal, D. Alfredo Garrote Pazos.

Asiste o técnico xurídico do servizo municipal de urbanismo, D. José Antonio Mallo Varela, que actúa como secretario e da fe do acto.

Declarada aberta a sesión trátanse os seguintes asuntos incluídos na orde do día:

1.- Acta da sesión anterior (30/07/2013). Aprobación.

A Comisión Informativa de Urbanismo e Medio Rural, por unanimidade dos seus membros presentes (6), acorda aprobar a acta da sesión celebrada o trinta de xullo de 2013, que foi repartida coa convocatoria.

2 .- Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Carballo (PXOM). Estudo das alegacións.

O Sr. Alcalde manifesta que, despois do estudo inicial das alegacións categorizadas de rango 1 e 4, e continuando onde se quedou na última reunión (lugar de Quintela, parroquia de Artes) procede seguir pola parroquia de Berdillo, analizando o resto das alegacións (rango 2 e 3) que están pendentes de analizar.

A continuación, Dª Beatriz Aneiros, integrante do equipo redactor do PXOM, a través dun proxector amosa o plano de clasificación do solo correspondente á parroquia de Berdillo onde están sinaladas as parcelas sobre as que se formularon alegacións. Coa vista da parcela sobre o plano de clasificación faise o estudo da alegación por parte dos asistentes, alternándose as exposicións de D. Alfredo Garrote Pazos, arquitecto municipal, e de Dª. Beatriz Aneiros, integrante do equipo redactor, coas opinións dos demais asistentes.

O estudo das alegacións faise seguindo o lugares que aparecen no plano urbanístico no que se grafian as parcelas catastrais e a clasificación urbanística contida no PXOM aprobado inicialmente.

En evitación de repeticións innecesarias, faise constar que en cada unhas das alegacións seguiuse o mesmo proceso de amosar no plano urbanístico a situación da parcela correspondente e con esa vista proxectada cada asistente manifestou a súa opinión e parecer, co que se formou o coñecemento e acordo desta comisión.

BERDILLO.

Añón

Alegación nº 4488. Por unanimidade, a comisión propón estimar parcialmente esta alegación modificando a liña delimitadora do núcleo de forma rectilínea dando continuidade a delimitación que está debuxada nas parcelas colindantes

Alegación nº 3452.- Despois de varias intervencións por unanimidade a comisión acorda revisar contido da alegación para comprobar se existe camiño público lindante e deixala pendente de maior estudo.

Alegación nº 1576.- Por unanimidade a comisión propón a estimación parcial na parte colindante co camiño público.

Alto

Alegación nº 4638. Por unanimidade a comisión propón desestimar a ampliación solicitada por que non se axusta aos criterios de delimitación do núcleo.

Alegación nº 4032. Por unanimidade a comisión propón estimar parcialmente, continuando a liña de delimitación do núcleo na parte lindante co camiño.

Paraiso

Redonda

Alegacións nº 3217 e nº 3423. Por unanimidade a comisión propón a estimación parcial parcial ampliando o fondo da clasificación do núcleo cunha liña recta na dúas parcelas.

Alegación nº 4529 e nº 4530. Por unanimidade a comisión propón desestimalas por non axustarse aos criterios seguidos para a clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

Casas Novas

Intervén o arquitecto municipal expoñendo a situación do entorno. Interveñen o Sr. Lamas, Sr. Andrade e Sr. Castro, alternándose varias intervencións. No debate fanse referencias aos accesos e camiños do entorno.

Respecto das alegacións nº 3658, 3660 e 3606, a comisión por unanimidade propón a súa desestimación por non axustarse aos criterios tidos en conta para a clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

A Igrexa.

Alegación nº 2646. Por unanimidade a comisión propón a súa desestimación por non axustarse aos criterios de delimitación do núcleo (parcela moi longa).

Alegación nº 2325. Por unanimidade a comisión propón deixar a parcela como está, e desestimar a alegación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

Alegación nº 1318. Por unanimidade a comisión propón a estimación parcial, seguindo a liña de fondo das parcelas colindantes para a delimitación do núcleo.

Alegación nº 3114. Por unanimidade a comisión propón a desestimación por non axustarse aos criterios tidos en conta para a clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

* Entra na reunión D. Alberto Sueiro Rodríguez, sendo as 12:00 horas. *

Alegación nº 3042. Por unanimidade a comisión propón non estimar a alegación e manter a aliñación do PXOM para a axustarse aos requisitos de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural

Alegación nº 3836. Por unanimidade a comisión propón estimar parcialmente ampliando a delimitación do núcleo con máis fronte ao camiño.

Alegación nº 3754.- Por unanimidade a comisión propón aceptar esta alegación.

Moucho

Alegación nº 1011. Por unanimidade a comisión propón aceptar esta alegación.

Alegación nº 1650 e 2702. Por unanimidade a comisión propón desestimar esta alegación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural

Esmorís

Xa está mirado este lugar. Faltaba unha alegación por debuxar no plano.

Regueira de Arriba (plano de Berdillo-3)

Alegación nº 3827. Observase polo Sr. Viña e por outros asistentes que existe un erro na relación de alegacións ao describir a situación desta alegación no lugar de Cances, cando corresponde realmente ao lugar da Regueira de Arriba.

Despois de examinar a situación, por unanimidade a comisión propón a súa desestimación, por non axustarse aos criterios tidos en conta para a clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

Alegación nº 4496.- Por unanimidade a comisión propón a súa desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

Chacín.

Alegación nº 3411. Esta alegación afecta a varias parcelas. Por unanimidade a comisión propón deixala pendente de estudar a consolidación do núcleo e desestimar a alegación respecto da parcela situada polo vento Sur/Oeste.

Alegación nº 2041. Por unanimidade a comisión propón a súa estimación parcial, delimitando una zona de núcleo na parte más próxima ao lugar da Regueira de Arriba, respectando a separación do lugar de Chacín, tendo en conta previamente o grao de consolidación que resulte dun estudo máis detallado.

Regueira de Abaixo

Novo núcleo rural a estudar máis adiante cos demais núcleos novos.

Vilarnovo.

Alegación nº 3607. Por unanimidade a comisión propón estimar parcialmente na parte lindante coas casas (Oeste, na zona de cor laranxa).

Alegación nº 2888. Afecta a varias parcelas. Por unanimidade a comisión propón estimar parcialmente as parcelas coloreadas no plano de alegacións coas cores gris e laranxa.

Alegación nº 1976. Por unanimidade a comisión propón desestimar por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

Alegación nº 3628. Xa foi tratada e incluída na categoría 1.

Piñeiro.

Alegación nº 3821. O arquitecto municipal expón a situación coa clasificación existente nas actuais normas subsidiarias de planeamento. Por unanimidade a comisión propón a súa estimación parcial na parte oeste lindante coa delimitación no NR actual.

Ganduma.

Alegación nº 3565. Por unanimidade a comisión propón a súa desestimación por non axustarse aos criterios tidos en conta para a clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

Alegación nº 3713. Xa foi examinada noutra reunión anterior e proposta a súa estimación parcial.

BERTOA.

(Plano Bertoa-1)

Loenzo

Alegación nº 4234. Por unanimidade a comisión propón desestimar esta alegación por non axustarse aos criterios tidos en conta para a clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

Alegación nº 4433. Por unanimidade a comisión propón desestimar esta alegación por non axustarse aos criterios tidos en conta para a clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

Alegación nº 896. Por unanimidade a comisión propón desestimar esta alegación por non axustarse aos criterios tidos en conta para a clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

Alegación nº 3271, 4278, 4877, 3721, 3116. Por unanimidade a comisión propón desestimar estas alegacións por non axustarse aos criterios tidos en conta para a clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

Alegación nº 3117. Por unanimidade a comisión propón estudar con mais detalle a o grao de consolidación nesta zona e estimar esta alegación tendo en conta dita consolidación.

Alegación nº 4926. Esta alegación foi presentada fóra de prazo. Queda pendente de estudar máis adiante.

Alegación nº 1470. Por unanimidade a comisión propón aceptar esta alegación parcialmente, ampliando a delimitación na fronte da vía pública.

Alegación nº 4281.- Por unanimidade a comisión propón aceptar esta alegación

A Rega.

Alegación nº 4449. Está situada cerca de As Airas. Por unanimidade a comisión propón aceptar esta alegación parcialmente regularizando o fondo de forma similar ás parcelas lindantes.

Alegación nº 4642. Por unanimidade a comisión propón aceptar esta alegación parcialmente regularizando o fondo respecto do camiño.

Alegación nº 4433. Alegación complexa con varias cuestións, queda pendente de maior estudo por unanimidade dos membros da comisión.

Alegación nº 2533. Corresponde a solo urbano. Por unanimidade da comisión queda pendente de estudar coas demais alegación desta clase de solo.

Río Loenzo.

Alegación 4908. O alegante solicita clasificación como solo urbanizable delimitado. Por unanimidade dos integrantes da comisión que pendente para estudar coas alegacións de solo urbano.

Queo de Abaixo.

Os membros da comisión, por unanimidade dos membros presentes, acordan deixar para a próxima reunión a continuación do estudo das alegacións.

3.- Rogos e preguntas.

Non se formularon

E non habendo máis asuntos que tratar e sendo as trece horas e trinta minutos (13:30 h) a Presidencia levanta a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu como Secretario dou fe.

Praza do Concello, s/n
Teléfono 981 70 41 00
15100 CARBALLO
A Coruña

concello de
CARBALLO

CONVOCATORIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO E MEDIO RURAL (CIUMR) PARA O DÍA 28 DE AGOSTO DE 2013

Conforme ó ordenado pola Alcaldía por resolución 1971/2013 de 23 de agosto e de acordo co previsto no art. 113.1 e 2 do R.D. 2568/1986, como membro do seguinte órgano colexiado deste Concello, convócaselle á **sesión extraordinaria** da Comisión Informativa de Urbanismo e Medio Rural, que terá lugar na Casa do Concello o **día 28 de agosto de 2013, as 10:30 horas**, en primeira convocatoria, e, de non haber "quórum" suficiente, en segunda convocatoria unha hora despois.

Así mesmo informáselle que a copia do borrador da Acta da sesión anterior así como a convocatoria da sesión, foille remitida en formato PDF ó enderezo electrónico que consta na copia da notificación da convocatoria. Do mesmo xeito, comunícaselle que a partir desta data está a súa disposición, nesta Secretaría Xeral, a documentación dos asuntos que se inclúen na Orde do Día da presente convocatoria.

Sesión de: Comisión Informativa de Urbanismo e Medio Rural.	**Data da sesión**: 28/08/2013 **Hora**: 10:30

1.- Acta da sesión anterior (20/08/2013). Aprobación.

2.- Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Carballo (PXOM). Estudo das alegacións.

3.- Rogos e preguntas.

O que se notifica ós correspondentes efectos.

En proba da recepción da convocatoria e a orde do día, sírvase asinar a presente.

Carballo, 23 de agosto de 2013
O Secretario

D. José Villán Fuertes

C. I. F.: P1501900C

ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO E MEDIO RURAL (CIUMR)

Na Casa do Concello de Carballo, o día tres de setembro de dous mil trece (03/09/2013), sendo as dezasete horas e dez minutos (17:10 h), debidamente convocados reúnense os membros da Comisión Informativa de Urbanismo e Medio Rural, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Evencio Ferrero Rodríguez, coa asistencia dos seguintes membros:

VOGAIS ASISTENTES

- D. Evencio Ferrero Rodríguez (BNG)
- Dª Milagros Lantes Seara (BNG)
- D. Luís María Lamas Álvarez (BNG)
- D. Marcos José Trigo Facal (BNG) (Asiste con voz e sen voto)
- D. Juan Carlos Castro Pombo (PP)
- D. Manuel Andrade Cristóbal (TEGA)
- D. José Antonio Viña Patiño (PSdG-PSOE)

Asisten polo equipo redactor da revisión do PXOM: D. Alvaro Fernández Carballada e Dª. Beatriz Aneiros Filgueira [Fernández Carballada y Asociados SL, mercantil contratista dos traballos de revisión do PXOM (contrato administrativo coa ref. SAT 08/2005)]

Asiste o arquitecto municipal, D. Alfredo Garrote Pazos.

Asiste o técnico xurídico do servizo municipal de urbanismo, D. José Antonio Mallo Varela, que actúa como secretario e da fe do acto.

Declarada aberta a sesión trátanse os seguintes asuntos incluídos na orde do día:

1.- Acta da sesión anterior (28/08/2013). Aprobación.

Queda sen tratar este asunto por non estar completada a redacción da acta da sesión anterior.

2 .- Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Carballo (PXOM). Estudo das alegacións.

O Sr. Alcalde manifesta que, despois do estudo inicial das alegacións categorizadas de rango 1 e 4, e continuando onde se quedou na última reunión procede seguir na parroquia de Cances, analizando o resto das alegacións (rango 2 e 3) que están pendentes de analizar.

A continuación, os integrantes do equipo redactor do PXOM, a través dun proxector amosan o plano de clasificación do solo onde están sinaladas as parcelas sobre as que se formularon alegacións que se van estudar. Coa vista da parcela sobre o plano de clasificación faise o estudo da alegación por parte dos asistentes, alternándose as exposicións de D. Alfredo Garrote Pazos, arquitecto municipal, coas das integrantes do equipo redactor, e coas opinións dos demais asistentes.

O estudo das alegacións faise seguindo o lugares que aparecen no plano urbanístico no que se grafan as parcelas catastrais e a clasificación urbanística contida no PXOM aprobado inicialmente. Faise constar que se segue en todas alegacións a mesma pauta de amosar a situación da parcela sobre o plano urbanístico e a continuación cada asistente manifesta a súa opinión conformando así o coñecemento e o acordo da comisión sobre cada cuestión estudada.

PARROQUIA DE CANCES

Continuase o estudo das alegacións na parroquia de Cances.

CANCES DA VILA

Alegación nº 4659 e 4649. Solicitase cambio de ordenanza para pasar a núcleo de tipo histórico-tradicional. A comisión por unanimidade propón a súa desestimación por carecer de xustificación suficiente.

Alegación n 4651.- A comisión por unanimidade propón a estimación parcial incorporando unha parte da parcela ao núcleo e recoller o tramo de via que linda polo sur da finca.

Alegación nº 2324. Nesta parcela concedeuse unha licenza para construír unha vivenda. Solicitan suprimir a cualificación de equipamento sobre esta parcela. A comisión por unanimidade propón a súa estimación parcial.

Alegación nº 4322. Nesta parcela parece existir un erro no plano ao aparecer un equipamento privado que non existe na realidade nin está previsto. A comisión por unanimidade propón a súa estimación no senso de eliminar o equipamento privado (inexistente) e manter a incorporación de parte da parcela na delimitación do NR.

VILARIÑO

Alegación nº 1566. Afecta a dúas parcelas. A comisión por unanimidade propón a desestimación por non cumprir cos criterios de clasificación e delimitación do núcleo.

Alegación nº 3855. A comisión por unanimidade propón a desestimación por non cumprir cos criterios de clasificación e delimitación do núcleo.

Alegación nº 4016. Afecta a tres parcelas. Dúas parcelas estaban pendentes de estudar. Do novo estudo a comisión por unanimidade propón a desestimación integra desta alegación por considerar que non se cumpren os criterios de clasificación e delimitación do núcleo.

Alegación nº 3854.- A comisión por unanimidade propón a desestimación por considerar que non se axusta aos criterios de clasificación e delimitación do núcleo.

LIÑEIRO

Alegación nº 4344. Refírese as aliñacións. A comisión por unanimidade propón estimala e revisar as aliñacións respectando as edificacións existentes por parte do equipo redactor.

CARBALLO (Plano: Carballo-1).

A BREA

Alegación nº 3780. A parcela desta desta alegación está fóra do núcleo nas normas subsidiarias. A comisión por unanimidade propón a desestimación por non cumprir cos criterios de clasificación e delimitación do núcleo.

Alegación nº 2144, 3120 e 2150. Estas parcelas están fóra do núcleo das NSM. A comisión por unanimidade propón desestimar esta alegación polo mesmo motivo anterior.

PONTE ROSENDE

Alegación nº 3482, 3485 e 3487. Hai 3 vivendas sobre estas parcelas. A comisión por unanimidade propón a estimación das alegacións no senso de incorporar ao núcleo parte das parcelas onde están construídas as vivendas na zona próxima ao vial público.

Alegación nº 4324, 4325, 4327, 4329 e 4331. Refírense ao cambio de trazado de liña de alta tensión. A comisión por unanimidade propón axustar a cartografía á realidade porque non existe esa liña de alta tensión.

Alegación nº 3118. A comisión por unanimidade propón a estimación e axustar o fondo ao recollido no catastro.

Alegación nº 3737. A comisión propón deixar pendente de estudar as aliñacións polo equipo redactor.

Alegación nº 879. A comisión por unanimidade propón desestimar cambio de ordenanza porque no cumpre os requisitos para a consideración de núcleo Hº-tradicional.

Alegación nº 4512 e 3339. A comisión por unanimidade propón a estimación parcial regularizando o fondo edificable.

Alegación nº 878 e 4119. Refírense á anulación de vial que linda polo norte e inclusión en núcleo como tipo historico-tradicional. A comisión por unanimidade propón desestimar o cambio de tipo de núcleo porque non se cumpren as características esixibles. Respecto da anulación de vial acordase deixar pendente de comprobar a situación no inventario.

Alegación nº 3837. Afecta a dúas parcelas, situadas na zona central de A Brea, un poco ao sur das anteriores. Manifestase a posible existencia dun erro porque se grafan no plano dúas parcelas con este número de alegación e non se corresponden coa localización de Aspaber.

Alegación nº 3837. Corresponde a varias parcelas onde está Aspaber. A alegación fai referencia á tramitación dun plan especial e ao cambio de solo rústico de protección de augas a solo rústico común, na parte dos terreos de Aspaber situados ao norte do camiño que bordea o desnivel do río Rosende. A comisión por unanimidade propón estimar parcialmente a alegación conforme ao recollido no plan especial en trámite.

Alegación nº 4238. A comisión por unanimidade propón desestimar a ampliación de solo de núcleo, por que non se axusta aos criterios de clasificación e delimitación do núcleo.

Alegación nº 4509. Refírese á modificación da aliñación. Pendente de estudar.

Alegación nº 3823. A comisión por unanimidade propón desestimar o cambio de parámetros da ordenanza por consideralos axeitados á ordenación dos núcleos rurais.

Alegación nº 4219. Está en zona de protección de augas e hai un muíño que está no catálogo. A comisión por unanimidade propón desestimar a alegación porque non se axusta aos criterios de clasificación e delimitación do núcleo.

Alegación nº 4900. Refírese a eliminar un elemento catalogado. A comisión por unanimidade propón desestimar agás que sexa descatalogado polo Departamento de Patrimonio da Xunta.

Alegación nº 3491.- Pide excluír vivenda da afección do sistema xeral viario. A comisión por unanimidade propón a desestimación por non resultar xustificada exclusión da afección que establece a normativa.

CERNIDE (Plano: Carballo-2).

Alegación nº 3918. Afecta a varias parcelas e solicitan incorporación a núcleo. Polo equipo redactor dise que non están incluídas na delimitación do núcleo das normas subsidiarias, e resulta necesario manter a separación do núcleo próximo. A comisión por unanimidade propón a desestimación pola razón indicada.

Alegación nº 3920. Solicitase a inclusión de toda a parcela en NR. A comisión por unanimidade propón a desestimación, por considerar que non se axusta aos criterios de clasificación e delimitación do núcleo.

Alegación nº 3597. Nesta parcela concedeuse unha licencia. A comisión por unanimidade propón a estimación conforme a delimitación das normas subsidiarias.

BARREIRA

Alegación nº 2226. Trata sobre aliñacións. Pendente de estudar coas aliñacións da zona en solo urbano.

Alegación nº 3406. Afecta a 2 parcelas. A comisión por unanimidade propón Desestimar a alegación respecto da parcela situada máis o norte, porque a parcela xa é edificable, e estimar parcialmente a alegación respecto da parcela situada máis ao sur, regularizando o fondo edificable prolongando a delimitación do núcleo na parte próxima ao camiño.

Alegación nº 1472. Hai unha licencia concedida nesta parcela. Pendente de estudar as aliñacións.

Alegación nº 3403.- Queda pendente de estudar co resto do solo urbano e urbanizable.

Alegación nº 4604.- A comisión por unanimidade propón a estimación parcial ampliando un pouco o fondo respecto do vial estructurante.

Alegación nº 3158 e 3404. Pendente de estudar co solo urbano.

PARROQUIA DE ENTRECRUCES

O PIÑEIRO.

- Manifestan varios asistentes que hai un erro no grafado do nome do lugar. Onde pon "O Castro" é "O Piñeiro".

Alegación nº 1599. Afecta a 3 parcelas. A comisión por unanimidade propón a estimación parcial respecto da parcela situada máis ao sur e a desestimación respecto das outras.

Alegación nº 889. A comisión por unanimidade propón a estimación parcial incluíndo no núcleo a zona máis próxima á edificación prolongando a liña do núcleo que chega á parcela lindeira.

Alegación nº 884. A comisión por unanimidade propón estimar parcialmente, regularizando a liña de fondo.

Alegación n 1990 e 4263. Piden incluír toda parcela en núcleo. A comisión por unanimidade propón que se desestime por non resultar xustificada a ampliación solicitada.

OUTEIRIÑOS.

Alegación nº 2991. Sobre eliminación de vial. A comisión por unanimidade propón desestimar a alegación por non resultar xustificada.

A REDONDA.

Alegación nº 2859. A comisión por unanimidade propón a desestimación porque a súa aceptación levaría a unir o núcleo da redonda co núcleo próximo.

TABOADA.

Alegación nº 1026. A comisión por unanimidade propón desestimar a incorporación ao núcleo por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do núcleo..

A GRANXA.

Alegación nº 2786. A comisión por unanimidade propón a desestimación por considerar que non se axusta aos criterios de clasificación e delimitación do núcleo.

PAZOS.

No grafado do nome do lugar hai un erro. Onde pon Pazos é o lugar do Castro, e o lugar de Pazos non ten o nome onde corresponde.

Alegación nº 4533. A comisión por unanimidade propón a estimación.

Alegación nº 3282. A comisión por unanimidade propón a desestimación por considerar que non se axusta aos criterios de clasificación e delimitación do núcleo.

Alegación nº 910- A comisión por unanimidade propón estimar parcialmente incorporando ao núcleo unha parte da parcela polo Norte.

MEIXONFRIO. (Plano: ENTRECRUCES-3)

Alegación nº 1508 e 3828. A comisión por unanimidade propón estimar parcialmente.

ESPANADEIRA.

Alegación nº 3493. A comisión por unanimidade propón estimar parcialmente na fronte do vial que linda polo leste.

Alegación nº 1302. A comisión por unanimidade propón a desestimación por considerar que o fondo edificable é suficiente e axeitado para a ordenación do núcleo.

PIÑEIRO DA ALTA.

Alegación nº 975. A comisión por unanimidade propón estimar parcialmente regularizando o fondo edificable.

Alegación nº 977 e 4223. A comisión por unanimidade propón estimar no senso de incorporar ao núcleo o solo que tiña esa clasificación no plano do ano 2003.

Alegación nº 3492. A comisión por unanimidade propón a desestimación por considerar que non se axusta aos criterios de clasificación e delimitación do núcleo.

CÓTARO

Alegación nº 3292. A comisión por unanimidade propón estimar parcialmente esta alegación, ampliando a clasificación de NR a parte da parcela.

PARROQUIA DE GOIANS

VILANOVA

Alegación nº 2471 e 2472. A comisión por unanimidade propón estimar parcialmente a ampliación do núcleo.

PIÑEIRO

Alegación nº 4465. A comisión por unanimidade propón estimar parcialmente, incluíndo unha banda de terreo ao leste do vial como solo de núcleo tal como figura nas NSM.

Alegación nº 3987. A parcela desta alegación está afectada pola zona de protección de augas. Queda pendente de estudar e revisar no seu caso a situación do rego de Piñeiro.

XOANE (O plano deste núcleo está incluído dentro da parroquia de Sísamo)

Alegación nº 4392. A comisión por unanimidade propón a estimación.

Alegación nº 1933 e 4865. A comisión por unanimidade propón que o equipo redactor comprobe previamente grao de consolidación e segundo o grao ampliar a delimitación a carón do vial por ambos lados.

Alegación nº 3047, 4387, 3992 (2 parcelas), 4666, 3305 e 3049. A comisión por unanimidade propón a desestimación por considerar que non se axusta aos criterios de clasificación e delimitación do núcleo.

Alegación nº 4419. A comisión por unanimidade propón a estimación parcial.

Alegación nº 4391. Queda pendente de estudar co plano de Sísamo.

Alegación nº 4493. A comisión por unanimidade propón desestimar por considerar que o fondo edificable é suficiente e a delimitación axustase aos criterios de ordenación do núcleo.

Alegación nº 3621. A comisión por unanimidade propón desestimar porque non se xustifica a exclusión da zona de respecto dos elementos catalogados.

Alegación nº 3045. A comisión por unanimidade propón a desestimación por considerar que non se axusta aos criterios de clasificación e delimitación do núcleo.

Alegación nº 4396. A comisión por unanimidade propón a desestimación por considerar que non se axusta aos criterios de clasificación e delimitación do núcleo.

Chegados a este punto, a comisión por unanimidade acorda seguir estudando as alegacións na próxima reunión que se convoque.

3.- Rogos e preguntas.

Non se formularon

Sendo as dezanove horas e trinta minutos (19:30 h.) a presidencia levanta a sesión da que se estende a presente acta, da que eu como Secretario dou fe.

ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO E MEDIO RURAL (CIUMR)

Na Casa do Concello de Carballo, o día seis de setembro de dous mil trece (06/09/2013), sendo as dez horas e vinte minutos (10:20 h), debidamente convocados reúnense os membros da Comisión Informativa de Urbanismo e Medio Rural, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Evencio Ferrero Rodríguez, coa asistencia dos seguintes membros:

VOGAIS ASISTENTES

- D. Evencio Ferrero Rodríguez (BNG)
- Dª Milagros Lantes Seara (BNG)
- D. Luís María Lamas Álvarez (BNG)
- D. Marcos José Trigo Facal (BNG) (Asiste con voz e sen voto)
- D. Juan Carlos Castro Pombo (PP)
- D. Manuel Andrade Cristóbal (TEGA)
- D. José Antonio Viña Patiño (PSdG-PSOE)

Asisten polo equipo redactor da revisión do PXOM: Dª. Verónica Cernadas [Fernández Carballada y Asociados SL, mercantil contratista dos traballos de revisión do PXOM (contrato administrativo coa ref. SAT 08/2005)]

Asiste o arquitecto municipal, D. Alfredo Garrote Pazos.

Asiste o técnico xurídico do servizo municipal de urbanismo, D. José Antonio Mallo Varela, que actúa como secretario e da fe do acto.

Declarada aberta a sesión trátanse os seguintes asuntos incluídos na orde do día:

1.- Acta da sesión anterior (03/09/2013). Aprobación.

Queda sen tratar este asunto por non estar completada a redacción da acta da sesión anterior.

2 .- Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Carballo (PXOM). Estudo das alegacións.

Continuase co estudo das alegacións seguindo a mesma forma de actuación das sesións anteriores utilizando un proxector por parte do equipo redactor para expoñer a situación das parcelas obxecto de alegacións e sucedéndose a continuación as intervencións dos asistentes.

.- **Alegacións pendentes de estudo.**

Antes de continuar coas alegacións da parroquia de Lema, intervén D. Alfredo Garrote Pazos, arquitecto municipal, para tratar sobre varias alegacións que quedaron pendentes de estudar na reunión do día 28/08/2013.

BERTOA. AS AIRAS.

Alegación nº 1317. Refírese ao lugar das Airas onde hai unha edificación dedicada a venda de mobles. Nesa parcela concedeuse unha licenza para dividir varias parcelas, aínda que parece que non se levou a efecto porque no plano catastral segue sendo unha soa parcela.

A comisión por unanimidade propón a estimación parcial delimitando dentro do NR unha parte da parcela polo leste a carón do núcleo de Queo da Estrada.

BERTOA. O FONDAL.

Alegación nº 4178. Esta alegación está referida á zona onde está o cemiterio de Bértoa. O arquitecto municipal fai unha breve exposición sobre o contido da alegación e a situación do cemiterio. Na alegación inclúese unha referencia gráfica sobre a delimitación do núcleo sobre a parcela do alegante. Seguen varias intervencións do Sr. Andrade, do Sr. Lamas, e doutros asistentes, sobre a ampliación do cemiterio, así como sobre a delimitación deste núcleo no que afecta a esta alegación.

A comisión por unanimidade propón a estimación parcial no senso de delimitar o núcleo recollendo unha parte da parcela, prolongando a liña delimitadora do núcleo desde o outro lado do vial que leva ao lugar da Ponte.

CANCES.

Alegación nº 3708. Estación de servicio en Cances Grande. O alegante pide a compatibilidade do uso de estación de servicio coa distribución a instalación fixas. Sobre este asunto denegouse unha licenza para unha actividade que pretendía suprimir os surtidores e o servizo aos vehículos para dedicarse á actividade de distribución a instalacións fixas.

A comisión por unanimidade propón a estimación parcial no senso de que se poida admitir o uso de estación de servicio no NR coas actividades que resulten compatibles.

BERTOA - AÑÓN.

Alegación nº 4766. O Sr. Lamas propón volver a estudar esta alegación considerando que ademais de estar a carón do núcleo e lindar cun camiño público, fronte a mesma construíuse recentemente unha vivenda, e esta parcela reúne o requisitos suficientes para ser clasificada como solo de núcleo rural. A comisión por unanimidade propón a estimación da alegación incluíndoa dentro da delimitación do núcleo.

PARROQUIA DE LEMA

OUTEIRO.

Alegación nº 4345.- A comisión por unanimidade propón a estimación da alegación

Alegación nº 3260. A comisión propón deixar esta alegación pendente de estudar as aliñacións polo equipo redactor.

Alegación nº 4416. A comisión por unanimidade propón a desestimación porque se trata dunha zona incluída nun espacio natural e tamén afectada por protección de augas.

AGRAMAIOR.

Alegación nº 2078. A comisión por unanimidade propón estimar a alegación no senso de suprimir o viario grafado no medio de terreo privado.

Alegación nº 4558. A comisión por unanimidade propón a desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

CAMBRELLE /CAMBRE

Alegación nº 3964. Esta alegación trata de incluír toda a parcela en SNR. A comisión por unanimidade propón a desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

Alegación nº 4876, 3123 e 4875. A comisión por unanimidade propón estimar a ampliación do núcleo, pero deben estudarse de forma conxunta estas alegacións polas características que presentan. Están dentro da delimitación das NSM

Alegación nº 1507. Nesta parcela concedeuse unha licenza edificatoria. A comisión por unanimidade propón estimar a alegación.

Alegación nº 4149. A comisión por unanimidade propón desestimar a eliminación da protección agropecuaria.

Alegación nº 4714. A comisión por unanimidade propón desestimar por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

Alegación nº 3639 e 3640. A comisión por unanimidade propón estimar parcialmente delimitando parte da parcela dentro do NR, na zona oeste lindando coa vía pública e establecendo unha separación do núcleo de Cambre e Cambrelle.

Alegación nº 4149. Afecta a varias parcelas A comisión por unanimidade propón desestimar por considerar que non está xustificada a eliminación da protección arqueolóxica.

Alegación nº 3184, 3624 e 2936. A comisión por unanimidade propón estimar no senso de delimitar unha banda de terreo en NR, regularizando o fondo edificable.

AS AREAS.

Alegación nº 1968.- A comisión por unanimidade propón desestimar a alegación por non aparecer suficientemente xustificada a alegación e o vial aparece na cartografía.

Alegación nº 4417.- A comisión propón deixar esta alegación pendente de estudar a modificación da aliñación coa cartografía correspondente.

CASTRILLÓN.

Manifestase polo arquitecto municipal e polo equipo redactor que se trata dun núcleo de identidade do litoral e debe estudarse con detalle coas fichas de cada núcleo.

Alegación nº 2943. A comisión por unanimidade propón desestimar e exclusión de parte da parcela do S.X. de Espazos Libres.

Alegación nº 1304 e 4389. A comisión por unanimidade propón estimar a ampliación de parcela en NR sen implicar incremento do nº de vivendas.

Alegación nº 2789. A comisión por unanimidade propón estimar incluíndo en terreo en NR conforme á delimitación proposta.

CENTEAS

Alegación nº 2356. A comisión por unanimidade propón estimar, incorporando ao NR máis superficie de parcela, sen implicar incremento do nº de vivendas.

Alegación nº 3611 e 3613. A comisión por unanimidade propón desestimar por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

CHAMUSQUEIRA

Alegación nº 3932. A comisión por unanimidade propón estimar parcialmente delimitando dentro do NR unha parte da parcela polo sur-leste lindante coa vía pública.

PEDRA DO SAL

Alegación nº 4125, 4752. A comisión por unanimidade propón a desestimación e consideralas de rango 4, por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural e tendo en conta que a lexislación de costas non contempla a edificación en parcelas vacantes aínda que se reduza a liña de servidume de protección.

Alegación nº 3616. A comisión por unanimidade propón estimar parcialmente deixando libre a liña de servidume de protección de costas.

Alegación nº 3714. A comisión por unanimidade propón estimar a alegación no senso de homoxeneizar en Pedra do Sal a superficie de parcela mínima de 500 m², e deixando a parcela mínima de 1000 m² na zona do Pinar, por tratarse de zona de menor intensidade e consolidación edificatoria.

Alegación nº 3822. Pendente de estudar con maior detalle.

Alegación nº 4455. A comisión por unanimidade propón a desestimación porque non se corresponde coas características de solo urbano consolidado.

Alegación nº 3337. A comisión por unanimidade propón desestimar a alegación porque non considerar xustificada a diminución do ancho viario que solicita o alegante.

Alegación nº 3554 e 3224. Son dúas alegacións sobre a mesma parcela. A comisión por unanimidade propón estimar a alegación eliminando o vial tratarse dun camiño interior de fincas privadas.

*.- Sobre varias alegacións situadas na zona de As Saíñas, cerca do restaurante do mesmo nome, a comisión propón deixar pendente para estudar con máis detalle o conxunto das alegacións desta zona.

Alegación nº 1526. Pendente de estudar corrección de plano con servizos.

Alegación nº 2317. A comisión por unanimidade propón estimar aportando os datos referentes a este camiño que haxa no inventario.

Alegación nº 2592. A comisión por unanimidade propón a estimación igualando o fondo edificable das parcelas lindantes ao sur.

Alegación nº 4043. A comisión por unanimidade propón desestimar por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

Alegación nº 3815. A comisión por unanimidade propón desestimar a ampliación de parcela en NR por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

Alegación nº 3835. A comisión por unanimidade propón a desestimación por lindar coa zona de DPMT e por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

Alegación nº 2595. Afecta á zona de DPMT. A comisión por unanimidade propón a desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

Alegación nº 2210. A comisión por unanimidade propón desestimar non é función do planeamento modificar os datos cartográficos.

Alegación nº 3700. A comisión por unanimidade propón a desestimación por non corresponder ao planeamento alterar a cartografía. Non obstante, proponse que a aprobación provisional se faga sobre a cartografía ou planimetría máis recente.

Alegación nº 4063 e 4061. A comisión por unanimidade propón a desestimación por estar situada dentro da rede natura e afectadas pola servidume de costas.

Alegación nº 4144. O alegante propón que se delimite un ámbito de plan especial de dotacións en solo rústico. A comisión por unanimidade propón desestimar porque os PED e o establecemento de equipamentos públicos ou privados (Art. 33.2.g da LOUGA) non están previstos en solos rústicos de protección de costas nin nos de protección de espazos naturais.

Alegación nº 4910. Afecta a un grupo de parcelas. O alegante solicita a clasificación como solo urbanizable de terreos clasificados como rústicos de protección de espazos naturais. A comisión por unanimidade propón a desestimación da alegación porque o ámbito no que inclúen os terreos alegados está dentro do LIC Costa da Morte da Rede Natura 2000 e correspóndelle a clasificación como solo rústico de espazos naturais.

SAMBADE

Alegación nº 2720, 2721, 3781, 4181, 4000, 3629, 3630, 3669,3781. A comisión por unanimidade propón estimar parcialmente delimitando unha banda de terreo ao longo do vial oeste, dentro do NR, onde se inclúan tamén as vivendas existentes.

Alegación nº 3632. Afecta a varias parcelas. A comisión por unanimidade propón desestimar por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

Alegación nº 4913. A comisión por unanimidade propón desestimar cambios no trazado do vial.

Alegación nº 2593. A comisión por unanimidade propón estimar parcialmente ampliando o solo de NR a carón da vivenda.

¿*? Alegación nº 4614 e 4603. A comisión por unanimidade propón estimar recollendo vivenda con licenza recente, sempre que este en fase de construcción e comprobar en cartografía recente

Alegación nº 2874. A comisión por unanimidade propón estimar parcialmente, regularizando conforme ao criterio de delimitación nas parcelas próximas, recollendo parte da parcela a carón do NR.

Alegación nº 2630. A comisión por unanimidade propón estimar no senso de suprimir o vial

Alegación nº 4605. A comisión por unanimidade propón estimar no senso de incorporar parcela ao NR.

Alegación nº 3288. A comisión por unanimidade propón desestimar por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

O IGREXARIO.

Alegación nº 4641. Pendente de consultar datos do inventario antes de eliminar viario.

Alegación nº 3187. Pendente de estudar con máis detalle polo equipo redactor esta alegación e tamén posibles alternativas viarias nesta zona.

Alegación nº 3186. A comisión por unanimidade propón estimar ampliando o NR.

Alegación nº 3308. A comisión por unanimidade propón desestimar a petición de suprimir o equipamento sinalado e trasladalo a outro lado, porque o equipamento debe estar cerca do cemiterio onde está previsto.

Alegación nº 3185. A comisión por unanimidade propón estimar parcialmente, incluíndo a parte oeste da parcela lindante coa vía pública e que xa está nas NSM.

Alegación nº 3188. A comisión por unanimidade propón desestimar por considerar que o trazado viario que se indica na alegación ten carácter estrutúrante.

Chegados a este punto, a comisión por unanimidade acorda seguir estudando as alegacións na próxima reunión que se convoque.

3.- Rogos e preguntas.

Non se formularon

Sendo as doce horas e corenta e cinco minutos (12:45 h.) a presidencia levanta a sesión da que se estende a presente acta, da que eu como Secretario dou fe.

ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO E MEDIO RURAL (CIUMR)

Na Casa do Concello de Carballo, o día dez de setembro de dous mil trece (10/09/2013), sendo as dezasete horas e dez minutos (17:10 h), debidamente convocados reúnense os membros da Comisión Informativa de Urbanismo e Medio Rural, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Evencio Ferrero Rodríguez, coa asistencia dos seguintes membros:

VOGAIS ASISTENTES

- D. Evencio Ferrero Rodríguez (BNG)
- Dª Milagros Lantes Seara (BNG)
- D. Luís María Lamas Álvarez (BNG)*
- D. Marcos José Trigo Facal (BNG) (Asiste con voz e sen voto)
- D. Alberto Sueiro Rodríguez (PP)
- D. Juan Carlos Castro Pombo (PP)
- D. Manuel Andrade Cristóbal (TEGA)
- D. José Antonio Viña Patiño (PSdG-PSOE)

Asisten polo equipo redactor da revisión do PXOM: Dª. Verónica Cernadas [Fernández Carballada y Asociados SL, mercantil contratista dos traballos de revisión do PXOM (contrato administrativo coa ref. SAT 08/2005)]

Asiste o arquitecto municipal, D. Alfredo Garrote Pazos.

Asiste o técnico xurídico do servizo municipal de urbanismo, D. José Antonio Mallo Varela, que actúa como secretario e da fe do acto.

Declarada aberta a sesión trátanse os seguintes asuntos incluídos na orde do día:

1.- Acta da sesión anterior do 28/08/2013. Aprobación.

A comisión por unanimidade dos asistentes aproba a acta da sesión celebrada o 28 de agosto de 2013.

2 .- Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Carballo (PXOM). Estudo das alegacións.

Continuase co estudo das alegacións seguindo a mesma forma de actuación das sesións anteriores utilizando un proxector por parte do equipo redactor para expoñer a situación das parcelas obxecto de alegacións e sucedéndose a continuación as intervencións dos asistentes.

PARROQUIA DE NOICELA.

XENARDE

Alegación nº 4715. A comisión por unanimidade propón a estimación parcial, ampliando a clasificación de NR nunha parte da parcela polo oeste seguindo a liña de delimitación para regularizar o fondo edificable.

Alegación nº 4475. A comisión por unanimidade propón a estimación parcial, ampliando a clasificación do NR pola parte norte e leste da parcela lindando co camiño.

Alegación nº 4710, 4701, 4703. A comisión por unanimidade propón desestimar por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

INFANTAS

Alegación nº 4668. A comisión por unanimidade propón estimar no senso de suprimir o trazado dun vial que é un acceso interior privado da propia parcela.

Alegación nº 4621. A comisión por unanimidade propón estimar a alegación.

Alegación nº 1778. Afecta a 2 parcelas. A comisión por unanimidade propón estimar previa comprobación do grao de consolidación

Alegación nº 4430 e 4008. A comisión por unanimidade propón estimar parcialmente ampliando un pouco o NR polo sur.

IMENDE

Alegación nº 2644 e 3796. A parcela da alegación 2644 ten unha licenza. A alegación 3796 afecta a dúas parcelas (unha máis ao leste de cor laranxa no plano de alegacións e outra máis ao oeste de cor vermello). Unha parcela situada entre a 3197 e a 3796 de cor laranxa tamén ten concedida unha licenza para edificar. A comisión por unanimidade propón estimar a alegación 2644 e parcialmente a 3796 no que afecta á parcela de cor laranxa, delimitando unha parte edificable dentro do núcleo na zona próxima ao camiño, cunha liña que regularice os fondos incluíndo as parcelas lindantes.

Alegación nº 2934, 3662, 3376, 3396, 3110 e 3796 (parcela de cor vermello). A comisión por unanimidade propón desestimar por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

Alegación nº 2645, 2644, 3796, 3197 e 3111. A comisión por unanimidade propón a estimación parcial destas alegacións no senso de delimitar unha zona como NR que recolla as parcelas con número de alegación 2645, 2644, 3796 (parte), 3197 (parte) e 3111.

Alegación nº 4229 e 4057. A comisión por unanimidade propón desestimar por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

Alegación nº 3109 e 4575. A comisión por unanimidade propón estimar, delimitando unha zona como NR incluíndo as parcelas das alegacións 4575 e 3109 a carón do vial.

Alegación nº 3852. Esta alegación está presentada por un grupo de propietarios con varias parcelas lindantes afectadas. O arquitecto propón estudar esta zona de forma máis detallada e conxunta co núcleo de Pedra do Sal. Queda pendente de maior estudo.

Alegación nº 4630. A comisión por unanimidade propón a estimación parcial, delimitando unha parte da parcela como NR.

CASADELAS.

.- Sr. Andrade intervén manifestando que para este lugar tiña feito unha proposta de aliñación no vial que vai a igrexa para facilitar o aparcadoiro de vehículos aos lados do camiño.

Intervén tamén o Sr. Alcalde e a Sra. Lantes dicindo que xa está prevista unha zona próxima para equipamento público para facilitar o aparcadoiro dos vehículos.

A comisión por unanimidade acordar deixar pendente de estudo esta cuestión e que polo equipo redactor se estudie a aliñación e a zona de equipamento deste lugar.

Alegación nº 4577, 4624, 3645. A comisión por unanimidade propón desestimar por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

Alegación nº 3572 e 3569. A comisión por unanimidade propón estimar a alegación, regularizando os fondos seguindo a delimitación polo noroeste que afecta ás dúas parcelas.

ALGARA.

Alegación nº 4450 e 3939. Pendente de estudar grao de consolidación.

Alegación nº 2979. A comisión por unanimidade propón a estimación parcial ampliando o fondo seguindo a delimitación desde o norte.

Alegación nº 3614. Pendente de estudar a aliñación posterior polo equipo redactor.

RAPADOIRO.

Alegación nº 3544. A comisión por unanimidade propón desestimar por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

Alegación nº 4320. A comisión por unanimidade propón desestimar a ampliación de fondo e deixar pendente de estudar a aliñación sobre o hórreo.

Alegación nº 3409. A comisión por unanimidade propón desestimar a ampliación solicitada por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

Alegación nº 3407. A comisión por unanimidade propón estimar parcialmente recollendo parte da parcela que estaba nas NSM.

A PEREIRA.

Alegación nº 4317. Pendente de estudar polo equipo redactor (modificación de liña de protección arquitectónica e eliminar bifurcación do rego).

PARROQUIA DE OZA.

ENCRUCILLADAS.

Alegación nº 4427. Afecta a varias parcelas. No debate dise que as parcelas que lindan coa estrada son herbais e non teñen servizos pola estrada. A comisión por unanimidade propón desestimar a alegación respecto das 3 parcelas lindantes coa estrada e estimar parcialmente respecto da parcela que está edificada regularizando o fondo coas lindantes polo sur (alegación 3961)

Alegación nº 3887. A comisión por unanimidade propón desestimar por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

Alegación nº 4586. A comisión por unanimidade propón desestimar por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

Alegación nº 3961. A comisión por unanimidade propón estimar delimitando solo de NR desde parte da 4427 e da 3961 ata o camiño que pasa polo sur.

Alegación nº 3317. A comisión por unanimidade propón desestimar e recoller como vial o acceso á escola.

Alegación nº 4175. A comisión por unanimidade propón estimar a alegación.

VILAR DO CARBALLO

Alegación nº 1025. A comisión por unanimidade propón desestimar por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

Alegación nº 2370. A comisión por unanimidade propón estimar no senso de ampliar un pouco o fondo edificable.

Alegación nº 1601. Esta alegación proposta a súa estimación noutra reunión.

Alegación nº 4709. A comisión por unanimidade propón desestimar a incorporación que solicita por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

OUTEIRO

Alegación nº 4591. Afecta a varias parcelas. Pide eliminar trazado de viario de S.X. previsto no plan onde existe unha explotación agropecuaria. A comisión por unanimidade propón desestimar a eliminación do vial de S.X. e que se analice con máis detalle o trazado deste sistema xeral viario polo equipo redactor.

Alegación nº 4393. A comisión por unanimidade propón estimar incorporando parte da parcela en NR.

Alegación nº 3783, 4670 e 3890. Estudar xunto cos novos asentamentos para o lugar de As Aveas.

Alegacións nº 1932, 3353 e 2996. A comisión por unanimidade propón desestimar estas alegacións por non axustarse aos criterios de ordenación do núcleo rural.

Alegacións nº 4423 e 3977. A comisión por unanimidade propón a desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

A BRAÑA

Alegación nº 2109. A comisión por unanimidade propón desestimar por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

A IGREXA

Alegación nº 4421. A comisión por unanimidade propón desestimar a exclusión da zona de equipamento por considerala necesaria para o cemiterio e resultar axustada á ordenación do núcleo.

O RODO

(18:45, ausentase da sesión D. Alberto Sueiro)

Alegación nº 3994. A comisión por unanimidade propón desestimar por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

Alegación nº 4017. A comisión por unanimidade propón desestimar por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

Alegación nº 4346. A comisión por unanimidade propón estimar no senso ampliar o núcleo incluíndo unha zona de NR na parte sur-leste a carón do viario existente, incluíndoa no NR de Serantes do Medio. Por outra parte a comisión por unanimidade propón desestimar a petición de eliminar o vial, propoñendo que se manteña o seu trazado.

Alegación nº 4594. Afecta a dúas parcelas, solicitan a inclusión no NR e a supresión de vial de S.X. A comisión por unanimidade propón a desestimación por estar afectadas polo novo trazado do novo vial.

SERANTES DO MEDIO

Alegación nº 4137. A comisión por unanimidade propón desestimar a ampliación solicitada.

Alegación nº 4138. A comisión por unanimidade propón estimar no senso de incluír no NR parte da zona non afectada pola traza do novo vial.

Alegación nº 3894. A comisión por unanimidade propón desestimar por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

OZA VELLA DE ABAIXO

Alegación nº 4013. A comisión por unanimidade propón estimar en parte incluíndoa no NR segundo está nas NSM

Alegación nº 3617 e 2990. A comisión por unanimidade propón desestimar por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

OZA VELLA DE ARRIBA /A COSTA

Alegación nº 2941. A comisión por unanimidade propón estimar en parte regularizando o fondo edificable.

Alegación nº 3166. A comisión por unanimidade propón estimar en parte regularizando o fondo edificable.

VILAR DE UZ

Alegación nº 4672. O alegante solicita desviar un vial de S.X. cara o oeste. A comisión por unanimidade propón que se que estudie polo equipo redactor.

Alegación nº 4476. A comisión por unanimidade propón estimar parcialmente, ampliando a delimitación do NR nunha parte a carón do vial.

Alegación nº 4350. A comisión por unanimidade propón estimar en parte ampliando o fondo edificable.

Alegación nº 4474. A comisión por unanimidade propón estimar en parte no senso de ampliar a superficie dentro do N.R. e desestimar a o cambio de cualificación a NR histórico-tradicional.

Alegación nº 4470. A comisión por unanimidade propón desestimar.

PARROQUIA DE RAZO

VILAR DE CIDRE

Alegación nº 3635. Esta alegación non está sinalada no plano de alegacións. Ten unha parte nas NSM. A comisión por unanimidade propón a súa estimación parcial.

Alegación nº 3524. A comisión por unanimidade propón estimar parcialmente ampliando o NR incluíndo unha parte da parcela.

Alegación nº 4582. A comisión por unanimidade propón estimar parcialmente.

Alegación nº 4708. A comisión por unanimidade propón estimar a alegación.

Alegación nº 4099. A comisión por unanimidade propón estimar incluíndo no NR unha zona da parcela onde está a vivenda.

SANTA MARIÑA

Alegación nº 4599. A comisión por unanimidade propón desestimar por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

NETOMA

Alegación nº 3201. A comisión por unanimidade propón estimar parcialmente a alegación.

Alegación nº 3935. Non está marcada no plano. Esta na mesma parcela que a nº 3201. A comisión por unanimidade propón a estimación.

Alegación nº 3145. Afecta a parte da alegación 3201. A comisión por unanimidade propón estimar parcialmente incluíndo a zona situada ao suroeste lindeira co vial e coa delimitación do NR.

Alegación nº 2744. A comisión por unanimidade propón desestimar por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

Alegación nº 3601. A comisión por unanimidade propón estimar parcialmente e propoñer que o trazado do vial previsto non afecte á vivenda existente.

Alegación nº 4598, 4597 e 3201. A comisión por unanimidade propón estimar parcialmente. Delimitando unha zona a carón do camiño dentro do NR.

Alegación nº 4628. Linda co núcleo e co camiño. Pendente de estudar.

Alegación nº 2794 e 3183. A comisión por unanimidade propón desestimar por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

Alegación nº 3794. Pendente de estudiar polos técnicos do equipo redactor.

Alegación nº 4193. A comisión por unanimidade propón estimar parcialmente, regularizando con máis fondo.

Alegación nº 4296. Pendente. Refírese a aliñacións. Estudar polos técnicos do equipo redactor.

PARDIÑAS

Alegación nº 4141. Está afectada pola protección de augas. A comisión por unanimidade propón desestimar a alegación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

Alegación nº 4023. A comisión por unanimidade propón estimar en parte.

Chegados a este punto, a comisión por unanimidade acorda seguir estudando as alegacións na próxima reunión que se convoque.

3.- Rogos e preguntas.

Non se formularon

Sendo as dezanove horas e trinta minutos (19:30 h.) a presidencia levanta a sesión da que se estende a presente acta, da que eu como Secretario dou fe.

ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO E MEDIO RURAL (CIUMR)

Na Casa do Concello de Carballo, o día doce de setembro de dous mil trece (12/09/2013), sendo as dezasete horas e dez minutos (17:10 h), debidamente convocados reúnense os membros da Comisión Informativa de Urbanismo e Medio Rural, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Evencio Ferrero Rodríguez, coa asistencia dos seguintes membros:

VOGAIS ASISTENTES

- D. Evencio Ferrero Rodríguez (BNG)
- Dª Milagros Lantes Seara (BNG)
- D. Luís María Lamas Álvarez (BNG)
- D. Marcos José Trigo Facal (BNG) (Asiste con voz e sen voto)
- D. Juan Carlos Castro Pombo (PP)
- D. Manuel Andrade Cristóbal (TEGA)
- D. José Antonio Viña Patiño (PSdG-PSOE)

Asisten polo equipo redactor da revisión do PXOM: Dª. Verónica Cernadas [Fernández Carballada y Asociados SL, mercantil contratista dos traballos de revisión do PXOM (contrato administrativo coa ref. SAT 08/2005)]

Asiste o arquitecto municipal, D. Alfredo Garrote Pazos.

Asiste o técnico xurídico do servizo municipal de urbanismo, D. José Antonio Mallo Varela, que actúa como secretario e da fe do acto.

Declarada aberta a sesión trátanse os seguintes asuntos incluídos na orde do día:

1.- Acta de sesión anterior. Aprobación.

Entregouse a acta do día 3/9/2013 con pouca antelación a celebración desta sesión e queda pendente a súa aprobación para outra reunión.

2 .- Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Carballo (PXOM). Estudo das alegacións.

Continuase co estudo das alegacións seguindo a mesma forma de actuación das sesións anteriores utilizando un proxector por parte do equipo redactor para expoñer a situación das parcelas obxecto de alegacións e sucedéndose a continuación as intervencións dos asistentes.

Trátanse primeiramente as alegacións que quedaron pendentes de estudar con mais detalle en sesións anteriores, facendo o arquitecto municipal Sr. Garrote unha breve exposición dos detalles de cada unha para dar inicio ao debate.

.- Alegacións pendente de maior estudo do día 3/9/2013.

CARBALLO. A BREA.

Alegación nº 878 e 4119. Respecto da eliminación do vial. A comisión por unanimidade propón desestimar porque o camiño existe e está no inventario.

Alegación nº 3837. Solicitan incluír o ámbito do plan especial que está en trámite sobre a instalación de Aspaber. A comisión por unanimidade propón estimar a alegación no senso de concordar coa proposta do plan especial. Tamén se propón que se actualicen no

plano as características da dotación existente e corrixir erro sobre o trazado da liña eléctrica.

GOIANS. PIÑEIRO.

Alegación nº 3987. Solicitase parte da parcela como solo de núcleo rural. A carón das edificacións hai un rego entubado que vai dar ao rego de Cances. A comisión por unanimidade propón estimar a alegación parcialmente respecto da ampliación do solo de NR na zona onde están as edificacións da parcela que está en rango 1.

.- Alegacións pendente de maior estudo do dia 6/9/2013

NOICELA. PEDRA DO SAL.

Alegación nº 2317. Tratase sobre o recoñecemento dun camiño na zona do Pinar sobre o que houbo un fallo xudicial. O camiño observase na fotografía aérea que se proxecta e parece que se axusta á sentencia. estimase segundo o contido da sentencia.

Alegación nº 1526. A comisión por unanimidade propón estimala e que se revise o grafado do servizos existentes.

Alegación nº 4079 e outras alegacións de parcelas próximas, que constitúen unha proposta colectiva na zona das Saiñas, na proximidade do restaurante deste nome, para ampliar o solo de NR de Pedra do Sal ao dous lados da estrada. Teñen todos os servizos urbanísticos, está urbanizada a zona e varias das parcelas están edificadas desde hai tempo. A comisión por unanimidade propón estimar a alegación se se cumpre o grao de consolidación.

Alegación 3822. Trata de adaptar a ordenanza de aplicación no solo de núcelo rural de Pedra do Sol ás edificacións existentes, a fin de que non equeden en situación de fóra de ordenación. A comisión por unanimidade propon a súa desestimación.

IGREXARIO

Alegación nº 4641. Tratase sobre a eliminación dun vial por no existir camiño. A comisión por unanimidade propón estimar a alegación da eliminación do vial porque non existe nin está recollido no inventario.

.- Alegacións pendentes do día 10/09/2013.

ALGARA

Alegación nº 39396, 4450 e 4481. Tratase dunha proposta de novo asentamento rural. Solicitan a ampliación do núcleo rural de Algara cara o suroeste ao outro lado da estrada de acceso á praia de Pedra do Sal. Queda pendente de comprobar grao de consolidación polo equipo redactor.

IMENDE

Alegación nº 3852. Trata sobre ampliación do núcleo de Imende polo Oeste en dirección á Pedra do Sal, cerca do cámping. Afecta a un grupo de parcelas que están edificadas. A comisión por unanimidade propón estimar a alegación someténdoa a revisión polo equipo redactor.

Alegación nº 4906. Esta alegación refírese a mesma zona anterior, aínda que se formula de forma independente, solicitando tamén a ampliación no NR. A comisión por unanimidade propón estimar a alegación a proposta pero sometida a revisión polo equipo redactor.

PARROQUIA DE REBORDELOS.

REBORDELOS.

Alegacións números 3232,2832,3408,4033,4283 e 4914 sobre a ampliación e delimitación do solo de NR de Rebordelos.

Sucédense varias intervencións sobre a forma de delimitar o NR e de incluír tamén a zona que está contemplada nas NSM. Polo equipo redactor faise unha indicación sobre a zona arredor da edificacións para poder cumprir co grao de consolidación.

Pendente de estudar proposta polo equipo redactor para delimitar o NR de Rebordelos tendo en conta as cuestións alegadas.

O CAMPO.

Alegación nº 3581. A comisión por unanimidade propón a desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

LEIRA

Alegación nº 2632. Solicitan ampliación de parcela en NR. Pendente de comprobar e estudar con máis detalle a situación da parcela, e ver acceso ou colindancia con vía pública.

PARROQUIA DE RUS.

BARIS.

Alegación nº 4460. A comisión por unanimidade propón a desestimación de ampliar a delimitación do núcleo rural ata o fondo da parcela por considerar que o fondo establecido no pxom é suficiente.

Alegación nº 2615 e 4126. A comisión por unanimidade propón estimar a alegación parcialmente delimitando una banda de NR a carón do camiño.

Alegación nº 3740 e 3741.- A comisión por unanimidade propón a desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural

Alegación nº 4445. A comisión por unanimidade propón a desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

Alegación nº 3457. A comisión por unanimidade propón a desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

Alegación nº 2060. A comisión por unanimidade propón estimar a alegación e a incorporación ao NR.

PEREIRO.

Alegación nº 4363. A comisión por unanimidade propón a desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural

Alegación nº 4673. A comisión por unanimidade propón a desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural

Alegación nº 2918. A comisión por unanimidade propón estimar a alegación parcialmente regularizando o fondo edificable.

Alegación nº 2909. A comisión por unanimidade propón estimar a alegación parcialmente e a incorporación parcial da finca en NR.

Alegación nº 4116. A comisión por unanimidade propón a desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural

Alegación nº 4096. A comisión por unanimidade propón estimar a alegación ampliando o solo de NR polo oeste.

Alegación nº 4359. A comisión por unanimidade propón estimar a alegación ampliando o solo de NR, hasta o camiño de servizo.

Alegación nº 1727. Xa estaba nas NSM. A comisión por unanimidade propón estimar a alegación ampliando solo de NR hasta cerca do regato.

O VAL

Alegación nº 3349. A comisión por unanimidade propón a desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural

Alegación nº 2364. A comisión por unanimidade propón a desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural

Alegación nº 2965. A comisión por unanimidade propón a desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural

Alegación nº 2061. A comisión por unanimidade propón a desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural

Alegación nº 2458. A comisión por unanimidade propón a desestimación por non axustarse aos criterios de ordenación de núcleo rural.

Alegación nº 2696. A comisión por unanimidade propón a desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

CANOSA.

Alegación nº 4748. A comisión por unanimidade propón a desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural

Alegación nº 4376. A comisión por unanimidade propón estimar parcialmente parte da parcela igualando pola parte frontal coa delimitación do NR do outro lado da estrada de Ramil.

Alegación nº 4554. A comisión por unanimidade propón desestimar a eliminación do camiño porque non está determinado polo planeamento senón que ven grafado na cartografía de base e non constitúe disposición do plan.

BRAÑA DE ABAIXO.

Alegacións nº 2917, 3222 e 4751. A comisión por unanimidade propón estimar parcialmente no senso de ampliar o fondo edificable destas parcelas pola fronte da estrada vai ao Outón.

Alegación nº 2895 e 3222. Refírese a primeira a un camiño que une a estrada do Outón coa que vai a Ramil, e a segunda a incorporar unha parcela edificable con fronte a este camiño. Pendente de estudar proposta polo equipo redactor.

BRAÑA DE ARRIBA / BRAÑA DE ABAIXO

Alegación nº 2411 e 3842. A comisión por unanimidade propón estimar propoñendo unificar os dous núcleos como BRAÑA.

OUTEIRO

Alegación nº 2409. A comisión por unanimidade propón estimar parcialmente a ampliación de núcleo rural

OUTEIRO (DE ARRIBA)

Alegación nº 1265. A comisión por unanimidade propón estimar parcialmente sen unir os núcleos

Alegación nº 4495. A comisión por unanimidade propón a desestimación da ampliación do fondo da parcela en NR, por considerarse suficiente o que consta na documento d PXOM aprobado inicialmente.

LIÑARES

Alegación nº 2413. A comisión por unanimidade propón estimar ampliando o NR ata o camiño.

Alegación nº 3652. A comisión por unanimidade propón estimar parcialmente ampliando o NR a carón da delimitación grafada.

NOGAREDA.

Alegación nº 2050. A comisión por unanimidade propón a desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural

Alegación nº 4117. A comisión por unanimidade propón estimar delimitando unha parte da parcela como solo de núcleo rural.

RAMIL

Alegación nº 3420. A comisión por unanimidade propón a desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural

Alegación nº 2568. A comisión por unanimidade propón estimar parcialmente ampliando o fondo edificable nunha parte da parcela.

Alegación nº 4048, 4046. A comisión por unanimidade propón a súa estimación

Alegación nº 3985. Esta alegación está entre a 4107 e a 4046. Está dentro das NSM. A comisión por unanimidade propón estimar parcialmente.

Alegación nº 4627. A comisión por unanimidade propón estimar ampliando parcialmente parte da parcela en NR.

Alegación nº 4018. A comisión por unanimidade propón a desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural

BOUZANOGUEIRA

Alegación nº 2415. Afecta a dúas parcelas, situadas unha máis ao norte da outra. A comisión por unanimidade propón estimar parcialmente ampliando o solo de NR na zona situada máis o norte, e desestimar respecto da parcela situada ao suroeste

Alegación nº 3968. A comisión por unanimidade propón estimar parcialmente ampliando o NR.

Alegación nº 3965. A comisión por unanimidade propón estimar delimitando unha parte dentro do NR pola zona oeste da parcela, a carón do núcleo.

Alegación nº 3973. A comisión por unanimidade propón a desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

CALVOS.

Alegación nº 4319. A comisión por unanimidade propón a desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural. (está mal grafada no plano)

Alegación nº 4171. A comisión por unanimidade propón estimar parcialmente a incorporación ao NR.

PADREIRO

Alegación nº 4524. A comisión por unanimidade propón estimar parcialmente, delimitando con fondo similar ás parcelas contiguas.

CAPAROS

Alegación nº 1693. A comisión por unanimidade propón estimar parcialmente ampliando superficie de NR.

Alegación nº 2942. A comisión por unanimidade propón estimar parcialmente ampliando fondo edificable.

ALBORIS

Alegación nº 3519 e 3523. A comisión por unanimidade propón a estimación parcial, incluíndo en NR parte das parcelas 3519 de 3523, con máis fondo edificable.

Alegación nº 4166. A comisión por unanimidade propón a estimación ampliando o fondo edificable polo lado de Alborís.

Chegados a este punto, a comisión por unanimidade acorda seguir estudando as alegacións na próxima reunión que se convoque.

3.- Rogos e preguntas.

Non se formularon

Sendo as dezanove horas e trinta minutos (19:30 h.) a presidencia levanta a sesión da que se estende a presente acta, da que eu como Secretario dou fe.

ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO E MEDIO RURAL (CIUMR)

Na Casa do Concello de Carballo, o día dezaseis de setembro de dous mil trece (16/09/2013), sendo as dezasete horas e dez minutos (17:10 h), debidamente convocados reúnense os membros da Comisión Informativa de Urbanismo e Medio Rural, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Evencio Ferrero Rodríguez, coa asistencia dos seguintes membros:

VOGAIS ASISTENTES

- D. Evencio Ferrero Rodríguez (BNG)
- Dª Milagros Lantes Seara (BNG)
- D. Luís María Lamas Álvarez (BNG)
- D. Marcos José Trigo Facal (BNG) (Asiste con voz e sen voto)
- D. Alberto Sueiro Rodríguez (PP)
- D. Juan Carlos Castro Pombo (PP)
- D. Manuel Andrade Cristóbal (TEGA)
- D. José Antonio Viña Patiño (PSdG-PSOE)

Asisten polo equipo redactor da revisión do PXOM: Dª. Verónica Cernadas [Fernández Carballada y Asociados SL, mercantil contratista dos traballos de revisión do PXOM (contrato administrativo coa ref. SAT 08/2005)]

Asiste o arquitecto municipal, D. Alfredo Garrote Pazos.

Asiste o técnico xurídico do servizo municipal de urbanismo, D. José Antonio Mallo Varela, que actúa como secretario e da fe do acto.

Declarada aberta a sesión trátanse os seguintes asuntos incluídos na orde do día:

1.- Acta de sesión anterior. Aprobación.

A comisión por unanimidade dos asistentes aproba a acta da sesión celebrada o 3 de setembro de 2013.

2 .- Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Carballo (PXOM). Estudo das alegacións.

Continuase co estudo das alegacións seguindo a mesma forma de actuación das sesións anteriores utilizando un proxector por parte do equipo redactor para expoñer a situación das parcelas obxecto de alegacións e sucedéndose a continuación as intervencións dos asistentes.

Trátanse primeiramente as alegacións que quedaron pendentes de estudar con mais detalle en sesións anteriores, facendo o equipo redactor e o arquitecto municipal unha breve exposición para iniciar o debates sobre as mesmas.

REBORDELOS.

Presentáronse varias alegacións que teñen como elemento común principal a delimitación do núcleo de Rebordelos. O equipo redactor expón unha proposta sobre a delimitación do NR que, en síntese, pola zona norte ampliase recollendo varias vivendas. Na zona central do núcleo, ampliase polo oeste (cerca do cruceiro) a ambos lados dun camiño que dirixe ao oeste pola agra. Na parte sur do núcleo ampliase tamén a delimitación tratando de recoller varias parcelas edificadas.

A comisión por unanimidade propón estimar a proposta do equipo redactor.

LEIRA. REBORDELOS.

Alegación nº 2632, A parcela afectada presenta un acceso dificultoso, que parece non ter lindeiro con camiño público e situase detrás doutras parcelas sobre un promontorio do terreo destacado visualmente. A comisión por unanimidade propón a desestimación desta alegación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

PEREIRO.

Alegación nº 2918. A comisión por unanimidade propón estimar parcialmente ampliando o fondo edificable regularizándoo como nas parcelas lindeiras.

PARROQUIA DE SISAMO.

ESPIÑO.

Alegación nº 3234. Alegación retirada pola persoa interesada.

Alegación nº 3385. A comisión por unanimidade propón a súa estimación parcial.

Alegación nº 4249. Estimar regularizando fondo edificable de forma similar ás fincas próximas.

OUTEIRO

Alegación nº 4011. A comisión por unanimidade propón a desestimación por considerar que o fondo incluído na delimitación do solo de núcleo rural é suficiente.

CEIDE

Alegación nº 4288. Refírese a redelimitar o núcleo, aliñación e recoller un camiño. Queda pendente de maior estudo.

BARCIA

Alegación nº 4254. Afecta a varias parcelas nas que solicitan recoller unha franxa de NR a carón do camiño. A comisión por unanimidade propón estimar parcialmente.

Alegación nº 1862. A comisión por unanimidade propón a desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

XOANE DA ESTRADA

Este lugar está incluído cos planos da parroquia de Sísamo pero pertence á parroquia de Goiáns.

Noutras reunións xa se propuxo estimar incorporar sendas franxas de solo de NR aos lados da estrada que afectan ás alegacións 4479, 4177, 3990, 3988, 3989 e 4462, que se estimarían no senso de resultasen incluídas nesas franxas, e separando os dous núcleos nesta zona.

Alegación nº 4683 e 4462. A comisión por unanimidade propón que se inclúa unha franxa de NR a cada lado da estrada e separando por este punto os dous núcleos.

Alegación nº 2972. Afecta a varías parcelas. A comisión por unanimidade propón estimar parcialmente recollendo como NR as dúas parcelas máis ao sur que lindan coa estrada e co camiño do lugar.

Alegación nº 2973. Afecta a dúas parcelas. A comisión por unanimidade propón estimar parcialmente respecto da parcela que linda co camiño.

Alegación nº 4684. A comisión por unanimidade propón a desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

Alegación nº 1840. Refírese a un camiño de servidume. A comisión por unanimidade propón a desestimación por tratarse dun elemento da cartografía de base que non se determina polo planeamento.

Alegación nº 4121 e 2120. A comisión por unanimidade propón a desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

Alegación nº 2121. A comisión por unanimidade propón a súa estimación.

Alegación nº 2407. A comisión por unanimidade propón a desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

Alegacións nº 4923, 4866, 4522,2509,3573 e 2714. Débense estudar conxuntamente, A comisión por unanimidade propón estimar parcialmente regularizando o fondo edificable.

Alegación nº 3269. A comisión por unanimidade propón a desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

Alegación nº 4771 e 2629. Afectan á aliñación sobre un camiño que vai a unha vivenda. Pendente de maior estudo.

Alegación nº 4922. A comisión por unanimidade propón estimala parcialmente

Alegación nº 4326. Alegación de varios veciños que propoñen unha franxa a carón da estrada ata á chegar case a rotonda. A comisión por unanimidade propón estimar parcialmente no que afecta á parcela que está construída a carón da delimitación do NR.

Alegación nº 2642 e 4499. Tratar conxuntamente coa zona do Sixto.

FIGUEIROA.

Alegación nº 3333 e 3335. A comisión por unanimidade propón a desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

Alegación nº 3211. A comisión por unanimidade propón estimala parcialmente.

Alegación nº 4477. A comisión por unanimidade propón estimala parcialmente.

Alegación nº 4919. A comisión por unanimidade propón a desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

Alegación nº 4140. A comisión por unanimidade propón estimar parcialmente respecto do fondo edificable e manter a aliñación do vial.

Alegación nº 4397. Esta alegación está mal debuxada no plano. Pide incorporación de parcela a NR. A comisión por unanimidade propón estimala parcialmente.

Alegación nº 4182. Está mal debuxada tamén. Está situada xunto á 4397. A comisión por unanimidade propón estimala ampliando a superficie da parcela dentro do NR.

VILARES

Alegación nº 3169. Xa foi vista e proposta para estimala parcialmente, pero faise constar a necesidade de corrixir un erro: na acta da CIUMR de 23 de xullo de 2013, onde di alegación número 3159 deber dicir alegación número 3169.

Alegación nº 4525. A comisión por unanimidade propón estimala parcialmente regularizando o fondo

Alegacións nº 3903,3534, 3532,3529,3523. A comisión por unanimidade propón estimalas regularizando o fondo edificable dentro do NR.

Alegacións nº 3921, 1863, 3901,2803, 3901. A comisión por unanimidade propón a desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

Alegación nº 4511, 4005, 3166 e 3922. A comisión por unanimidade propón a estimación.

Alegación nº 3898. A comisión por unanimidade propón estimar parcialmente incorporando a parte nordés da finca a carón do camiño.

PARROQUIA DE SOFAN

PERISCAL DE ABAIXO

Alegación nº 4264. Afecta a dúas parcelas. A comisión por unanimidade propón estimala parcialmente respecto da parcela de rango 1 e desestimar respecto da parcela de rango 2.

Alegación nº 4092. A comisión por unanimidade propón estimar.

Alegación nº 3970.A comisión por unanimidade propón a desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

PERISCAL DE ARRIBA

Alegación nº 3656. A comisión por unanimidade propón estimar a inclusión de toda a parcela en NR común.

Alegación nº 2777. A comisión por unanimidade propón estimar.

Alegación nº 3765. A comisión por unanimidade propón estimar ampliación hasta a fronte da finca con alegación 2777.

Alegación nº 4705. Pendente de estudar con máis detalle.

CASANOVA

Alegación nº 3228. A comisión por unanimidade propón estimar parcialmente respecto da finca situada ao leste do camiño.

A PRAZA

Alegación nº 3763. A comisión por unanimidade propón estimar parcialmente delimitando unha parte edificable fronte á estrada.

TAPIA.

Alegación nº 1357. A comisión por unanimidade propón a desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

Alegación nº 3744. A comisión por unanimidade propón estimar parcialmente.

BOUZAS

Alegación nº 4542. A comisión por unanimidade propón estimar parcialmente regularizando fondo edificable.

Alegación nº 2468. A comisión por unanimidade propón estimar.

CAMPO DE ARRIBA

Alegación nº 2238. A comisión por unanimidade propón a desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

Alegación nº 1638. Afecta a tres parcelas. A comisión por unanimidade propón estimar parcialmente respecto das 2 parcelas situadas máis ao sur, a carón da delimitación do NR.

Alegación nº 1640. Pide cambio de ordenanza a NR histórico-tradicional. A comisión por unanimidade propón desestimala ().

Alegación nº 4485. A comisión por unanimidade propón a desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

Alegación nº 1241. A comisión por unanimidade propón a desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

Alegación nº 4645. Refírese a aliñacións. Pendente de estudar.

Alegación nº 4155. A comisión por unanimidade propón estimar regularizando fondo.

Alegacións nº 1913,1914,1915. A comisión por unanimidade propón estimalas.

Alegación nº 3063. A comisión por unanimidade propón a desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural. .

RAMISCOSA

Alegación nº 2063. A comisión por unanimidade propón a desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

OUTEIRO

Alegación nº 4266. Está mal situada no plano de alegacións. A comisión por unanimidade propón a desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

CARRACHA

Alegación nº 4664. A comisión por unanimidade propón a desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

AS CANELAS

Alegación nº 4871. A comisión por unanimidade propón estimar.

Alegación nº 4869. A comisión por unanimidade propón estimar.

Alegación nº 2321. Está mal situada no plano. A comisión por unanimidade propón estimar.

CASAS NOVAS

Alegación nº 3858. A comisión por unanimidade propón a estimación parcial igualando o fondo coa finca da alegación 3866.

Alegación nº 3866. A comisión por unanimidade propón a desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

A comisión propón por unanimidade cortar o núcleo de Casas Novas respecto do núcleo de Tarambollo pola parcela afectada pola liña eléctrica de alta tensión.

TARAMBOLLO

Chegados a este punto, a comisión por unanimidade acorda seguir estudando as alegacións na próxima reunión que se convoque.

3.- Rogos e preguntas.

Non se formularon

Sendo as dezanove horas e vinte e cinco minutos (19:25 h.) a presidencia levanta a sesión da que se estende a presente acta, da que eu como Secretario dou fe.

ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO E MEDIO RURAL (CIUMR)

Na Casa do Concello de Carballo, o día dezaoito de setembro de dous mil trece (18/09/2013), sendo as dezasete horas e quince minutos (17:15 h), debidamente convocados reúnense os membros da Comisión Informativa de Urbanismo e Medio Rural, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Evencio Ferrero Rodríguez, coa asistencia dos seguintes membros:

VOGAIS ASISTENTES

- D. Evencio Ferrero Rodríguez (BNG)
- Dª Milagros Lantes Seara (BNG)
- D. Luís María Lamas Álvarez (BNG)
- D. Marcos José Trigo Facal (BNG) (Asiste con voz e sen voto)
- D. Alberto Sueiro Rodríguez (PP)
- D. Juan Carlos Castro Pombo (PP)
- D. Manuel Andrade Cristóbal (TEGA)
- D. José Antonio Viña Patiño (PSdG-PSOE)

Asisten polo equipo redactor da revisión do PXOM: Dª. Verónica Cernadas [Fernández Carballada y Asociados SL, mercantil contratista dos traballos de revisión do PXOM (contrato administrativo coa ref. SAT 08/2005)]

Asiste o arquitecto municipal, D. Alfredo Garrote Pazos.

Asiste o técnico xurídico do servizo municipal de urbanismo, D. José Antonio Mallo Varela, que actúa como secretario e da fe do acto.

Declarada aberta a sesión trátanse os seguintes asuntos incluídos na orde do día:

1.- Acta de sesión anterior. Aprobación.

Queda pendente de tratar este asunto ata dispor das actas.

2 .- Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Carballo (PXOM). Estudo das alegacións.

Continuase co estudo das alegacións seguindo a mesma forma de actuación das sesións anteriores utilizando un proxector por parte do equipo redactor para expoñer a situación das parcelas obxecto de alegacións e sucedéndose a continuación as intervencións dos asistentes.

Trátanse primeiramente as alegacións que quedaron pendentes de estudar con mais detalle en sesións anteriores, facendo equipo redactor e o arquitecto municipal unha breve exposición para iniciar o debates sobre as mesmas.

OZA.

Alegación nº 4672. Trata sobre o trazado dun vial para modifícalo a fin de afectar menos a explotación do alegante. A comisión por unanimidade acorda que se estude este trazado polo equipo redactor.

OZA. OUTEIRO.

Alegación nº 4591. Trata tamén so trazado dun vial e da súa modificación para afectar en menor medida a explotación do alegante. A comisión por unanimidade

acorda que as alegacións referidas a viais estruturantes sexan estudadas de forma conxunta polo equipo redactor a fin de contemplar os posibles efectos das alegacións no en toda a lonxitude viaria.

RODO

O arquitecto municipal fai unha suxerencia respecto a eliminación dun vial previsto no documento de aprobación inicial debido a que existen unha resolución da alcaldía de 26/06/2013 que exclúe do inventario un tramo de camiño debuxado no plano do PXOM. A comisión por unanimidade propón a eliminación do vial indicado polo arquitecto municipal.

NETOMA.

Alegación nº 4628. Trata sobre o trazado dun camiño inexistente e da incorporación de solo ao NR. A comisión por unanimidade propón a eliminación do camiño inexistente e recoller unha parte da parcela dentro do NR a carón do camiño que atravesa o lugar.

SISAMO. CEIDE.

Alegación nº 4288. Logo de ver esta alegación con máis detalle, a comisión por unanimidade propón a súa estimación parcial, reducindo a delimitación na parte sur do lugar e ampliando o NR sobre a parcela indicada. Respecto do camiño a recoller e da aliñación proponse a súa desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

SISAMO. BARCIA

Alegación nº 4254. Logo de ver con máis detalle esta alegación, a comisión por unanimidade propón a súa estimación sempre que cumpra con grao de consolidación.

SISAMO. XOANE DA ESTRADA-

Alegación nº 4771. Trata de suprimir a aliñación dun camiño lindante polo norte da finca. (Foi presentada fóra de prazo). Logo de ver con máis detalle esta alegación a comisión por unanimidade propón a súa desestimación parar manter o criterio xeral que se segue nos NR respecto das aliñacións e dos viais de similares características.

Alegación nº 2629. Logo de ver con máis detalle esta alegación a comisión por unanimidade propón a súa estimación incorporando parte da finca como solo de NR.

SOFAN. PERISCAL

Alegación nº 3765. A comisión por unanimidade propón a estimación parcial recollendo dentro do NR unha parte da carón do núcleo de Periscal de Abaixo (ou Tapia), parcela oeste.

Alegación nº 4408. A comisión por unanimidade propón a desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural

Alegación nº 4705. A comisión por unanimidade propón a desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

.- Continuase co estudo das alegacións seguindo na parroquia de Sofán.

SOFAN

GUNTIAN.

Alegación nº 1764. A comisión por unanimidade propón a estimación parcial incorporando ao NR parte da parcela que fronte ao vial.

Alegación nº 1763. A comisión por unanimidade propón a desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural

Alegación nº 3001. A comisión por unanimidade propón a estimación parcial incorporando parte da parcela ao NR.

O CAMPO.

Alegación nº 4990. A comisión por unanimidade propón a estimación parcial regularizando o fondo edificable seguindo a liña da parcela lindeira.

Alegación nº 3165. A comisión por unanimidade propón a estimación

Alegación nº 2587. A comisión por unanimidade propón a súa desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

AS MAROAS.

Alegación nº 4122. Afecta a varias parcelas de distintos propietarios. Pendente de comprobar consolidación polo equipo redactor.

CALVELO DE ABAIXO.

Alegación nº 3552. Afecta a varias parcelas. A comisión por unanimidade propón a estimación parcial para incorporar ao NR parte do solo situado a carón do NR.

Alegación nº 3497. A comisión por unanimidade propón a súa desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

TROIAN DE ABAIXO

Alegación nº 3132. A comisión por unanimidade propón a súa estimación parcial recollendo unha parte edificable hasta unha edificación situada ao sur, a carón da pista asfaltada.

Alegación nº 3336. A comisión por unanimidade propón a súa desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

Alegación nº 2473. A comisión por unanimidade propón a súa desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

TROIAN DO MEDIO

Alegación nº 973. A comisión por unanimidade propón a estimación parcial incorporando parte da parcela ao NR a carón do vial.

Alegación nº 2417. Afecta a varias parcelas. A comisión por unanimidade propón a súa desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

Alegación nº 1157. Afecta a dúas parcelas situada cadansúa ao sur e ao norte da estada. A comisión por unanimidade propón a súa estimación parcial incorporando parte da parcela situada ao sur, e desestimala respecto da parcela situada ao norte.

TROIAN DE ARRIBA.

Alegación nº 4636. A comisión por unanimidade propón a súa desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

Alegación nº 4635. A comisión por unanimidade propón a súa estimación.

Alegación nº 4640. A comisión por unanimidade propón a súa estimación parcial, recollendo dentro do NR parte lindando coa vía.

ZARRALLO

Alegación nº 3605. A comisión por unanimidade propón a súa desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

A PIÑA

Alegación nº 4548. A comisión por unanimidade propón a súa desestimación porque os terreos correspondentes a esta alegación quedarán dentro do límite do concello de A Laracha, segundo a proposta de deslinde aprobada polos plenos de ambos concellos.

Alegación nº 3137. A comisión por unanimidade propón a súa desestimación porque non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

Alegación nº 2677. Afecta a varias parcelas. A comisión por unanimidade propón a estimación parcial respecto da zona con fronte á estrada da deputación.

Alegación nº 4484. A comisión por unanimidade propón a estimación parcial respecto da zona a carón do núcleo.

Alegación nº 1509. A comisión por unanimidade propón a súa estimación parcial, regularizando o fondo do NR desta parcela co das lindeiras.

A FREIRIÑA

Alegación nº 3874. A comisión por unanimidade propón a súa estimación parcial.

Alegación nº 4571. A comisión por unanimidade propón a súa estimación.

FREIXAL

Alegación nº 3865. A comisión por unanimidade propón a súa desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

GUITOI

Alegación nº 4381. A comisión por unanimidade propón a estimación parcial.

Alegación nº 3422. A comisión por unanimidade propón a estimación parcial respecto do terreo a carón do camiño.

PETON

Alegación nº 1696. A comisión por unanimidade propón a súa estimación.

REIXIA

Alegación nº 1324. A comisión por unanimidade propón a estimación.

Alegación nº 2119. A comisión por unanimidade propón a súa estimación.

PREARADA

Alegación nº 1359, 3397 e 1360. A comisión por unanimidade propón a súa desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural

COVAS DE ARRIBA

Alegación nº 1316. A comisión por unanimidade propón a súa desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

Alegación nº 1315. A comisión por unanimidade propón a súa estimación.

Alegación nº 2207. A comisión por unanimidade propón a estimación parcial, ampliando o fondo para regularizar coas parcelas lindeiras.

Alegación nº 1037. A comisión por unanimidade propón a súa estimación ampliando o fondo edificable.

Alegación nº 738 e 2775. A comisión por unanimidade propón a súa estimación parcial.

Alegación nº 1555. A comisión por unanimidade propón estimala parcialmente recollendo unha parte a carón da delimitación do núcleo e do camiño polo sur.

Alegacións nº 1037,1036,2289,2808. A comisión por unanimidade propón a estimación parcial no senso de regularizar os fondos edificables.

Alegación nº 2780. A comisión por unanimidade propón a súa desestimación or non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

Alegación nº 1298. A comisión por unanimidade propón a estimación parcial.

COVAS DE ABAIXO

Alegación nº 3778. A comisión por unanimidade propón estimala parcialmente sen unir os núcleos.

*[Sendo as 19:00 horas ausentase da reunión D. Alberto Sueiro.]

PARROQUIA DE VILELA

CASTELO

Alegación nº 4150. A comisión por unanimidade propón a desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural

Alegación nº 4187. A comisión por unanimidade propón a estimación no senso de grafar a vivenda.

Alegación nº 4097. A comisión por unanimidade propón a desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural respecto do cambio de ordenanza a histórico tradicional.

Alegación nº 4618. A comisión por unanimidade propón a desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

Alegación nº 2532. A comisión por unanimidade propón a estimación.

Alegación nº 3916. A comisión por unanimidade propón a estimación parcial.

SAN MIGUEL

Alegación nº 4494. A comisión por unanimidade propón a estimación parcial respecto de incorporar parte da parcela e desestimar respecto do recoñecemento do camiño por non estar claro nin aparecer no inventario.

Alegación nº 4371. A comisión por unanimidade propón a desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

Alegación nº 1595. A comisión por unanimidade propón a estimación parcial.

Alegación nº 4372. A comisión por unanimidade propón a desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

SALTO

Alegación nº 4613 e 4617. A comisión por unanimidade propón deixar pendente de estudar con máis detalle.

VILELA

Alegación nº 3650. Trata sobre a eliminación dun camiño que figura no inventario. A comisión por unanimidade propón revisar cos dato do inventario e estudar co máis detalle.

Alegación nº 4438. Trata sobre un terreo veciñal e un vial existente. A comisión por unanimidade propón a desestimación porque se trata dunha cuestión urbanística determinada polo plan.

Alegación nº 3649. A comisión por unanimidade propón a estimación parcial.

Alegación nº 3647. Trata sobre a eliminación cun camiño. A comisión por unanimidade propón que se estude polo equipo redactor.

Alegación nº 2500. A comisión por unanimidade propón a súa estimación, pendiente de comprobar a delimitación catastral polo equipo redactor.

Alegación nº 2499. A comisión por unanimidade propón a estimación parcial ampliando o NR no lindeiro norte da parcela co camiño.

Alegación nº 4413. A comisión por unanimidade propón que se estude a situación dos viais segundo o inventario, para analizar a aliñación.

CADAVAL

Alegación nº 3535, 3648 e 3622. A comisión por unanimidade propón a desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural

Alegación nº 3625, 3537. A comisión por unanimidade propón a estimación parcial regularizando o fondo edificable.

Alegación nº 3875. A comisión por unanimidade propón a desestimación porque esta finca quedará dentro do temo do concello de A Laracha, segundo a proposta de deslinde aprobada polos respectos concellos.

- Debido a proposta de modificación do deslinde municipal unha finca con vivenda sistuada no límite sur no núcleo quedará dentro do termo de Carballo, polo que a comisión por unanimidade debeide a súa incorporación ao NR de Cadaval.

Chegados a este punto, a comisión por unanimidade acorda seguir estudando as alegacións na próxima reunión que se convoque.

3.- Rogos e preguntas.

Non se formularon

Sendo as dezanove horas e trinta minutos (19:30 h.) a presidencia levanta a sesión da que se estende a presente acta, da que eu como Secretario dou fe.

ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO E MEDIO RURAL (CIUMR)

Na Casa do Concello de Carballo, o día vinte e tres de setembro de dous mil trece (23/09/2013), sendo as dezasete horas e dez minutos (17:10 h), debidamente convocados reúnense os membros da Comisión Informativa de Urbanismo e Medio Rural, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Evencio Ferrero Rodríguez, coa asistencia dos seguintes membros:

VOGAIS ASISTENTES

- D. Evencio Ferrero Rodríguez (BNG)
- Dª Milagros Lantes Seara (BNG)
- D. Luís María Lamas Álvarez (BNG)
- D. Marcos José Trigo Facal (BNG)* (Asiste con voz e sen voto)
- D. Alberto Sueiro Pastoriza (PP)
- D. Juan Carlos Castro Pombo (PP)
- D. Manuel Andrade Cristóbal (TEGA)
- D. José Antonio Viña Patiño (PSdG-PSOE)

Asisten polo equipo redactor da revisión do PXOM: Dona Beatriz Aneiros [Fernández Carballada y Asociados SL, mercantil contratista dos traballos de revisión do PXOM (contrato administrativo coa ref. SAT 08/2005)]

Asiste o arquitecto municipal, D. Alfredo Garrote Pazos e o técnico xurídico do servizo municipal de urbanismo, D. José Antonio Mallo Varela.

Asiste a técnico de administración xeral do Concello de Carballo, D. Susana Mariño Lorenzo, que actúa como Secretaria e da fe do acto.

Declarada aberta a sesión trátanse os seguintes asuntos incluídos na orde do día:

1 .- Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Carballo (PXOM). Estudo das alegacións.

O Sr. Garrote Pazos, arquitecto municipal, comenta que quedaron pendentes da sesión do 18 de setembro unha serie de asuntos

SOFÁN

Covas de Abaixo

Alegación nº 1298: referida á incorporación dunha finca independente. A comisión, por unanimidade, propón a estimación parcial, incorporando só parte da parcela, ata o galpón.

Alegación nº 3776: A comisión, por unanimidade, propón estimar a proposta plantexada desde a oficina técnica, ampliando a clasificación do NR ata o camiño de acceso á vivenda.

VILELA

O Salto

As alegacións 4613 e 4617, propoñen a ampliación do núcleo de Salto que se recolle no documento de aprobación inicial, cara o noroeste, ata chegar a dúas parcelas nas que existen edificacións.

A comisión por unanimidade acorda incorporar ó núcleo rural de Salto a zona onde están situadas as vivendas, pero sen incluir a franxa de terreos que enlazaría este novo enclave coa delimitación proposta no documento de aprobación inicial do PXOM, dando lugar a un asentamento plurinuclear.

Unha das vivendas da nova zona incorporada ó núcleo, está incursa nun expediente de reposición da legalidade urbanística aberto pola APLU, actualmente en fase de execución e cunha licencia en tramitación.

Vilela

A alegación 4413 refírese a un vial que limita polo norte cunha parcela existente na que se localiza unha vivenda. No documento de aprobación inicial do PXOM, este vial se grafía con oito metros de ancho afectando á dita propiedade. A proposta do alegante é que se manteña a configuración actual do vial devandito.

A comisión por unanimidade acorda aceptar a alegación no senso de axustar o vial ó cerramento da parcela polo límite norte e que se incorpore como viario o espazo público existente de forma trapezoidal que está entre a parcela obxecto da alegación e outra situada o suroeste da mesma.

Alegación 4413: A comisión, por unanimidade, propón a estimación parcial, axustándose a delimitación plantexada polo alegante, ás propiedades particulares.

Alegación 4613: A comisión, por unanimidade, propón desestimar a alegación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

Alegación 4617: O arquitecto municipal advirte que nunha das fincas obxecto da alegación hai aberto un expediente disciplinario pola APLU. A comisión, por unanimidade, propón recoller o núcleo de Salto como se plantexa no plano (polinuclear).

Unha vez rematados os asuntos pendentes, procédese ó estudio da delimitación de novos asentamentos.

Dona Beatriz Aneiros, en representación de Fernández Carballada y Asociados SL, explica que conforme a análise do modelo de asentamento poboacional característico do Concello de Carballo, pódense establecer uns parámetros mínimos comúns para a definición de asentamento tradicional:

-Singularizado, identificable e diferenciado administrativamente.
-Inclusión en planeamentos anteriores e cumprimento das consolidacións establecidas pola LOUG.
-Número de edificacións: Conforme a realidade territorial de Carballo establécese como límite, para a discriminación da existencia dun asentamento baseado na existencia de relacións comunitarias entre o home e o territorio, a existencia de ao menos catro (4) vivendas. No entanto, o planeamento delimita como solo de núcleo rural-tradicional (SNR-HT), asentamentos recoñecidos nos censos e padróns oficiais, cunha estrutura histórico-tradicional –propia dos casais/lugares- e existan espazos vinculados a vida comunitaria ou polo menos 3 vivendas agrupadas cunha densidade significativa (4 viv/Ha).
Densidade de vivendas: Conforme a realidade territorial de Carballo establécese como límite, para a discriminación da existencia dun asentamento baseado na existencia de relacións comunitarias entre o home e o territorio en función do grao de proximidade das vivendas unha densidade superior a 2,5 viv/Ha.

Engade que das 61 alegacións presentadas en referencia á delimitación de novos asentamentos, solicítanse a formación de 15 novos núcleos que afectan a en torno a 144 parcelas.

CARBALLO

Avenida dos Abetos

O arquitecto municipal expón que a maioría dos alegantes solicitan que se clasifique como urbano consolidado.

Dona Beatriz Aneiros, en representación de Fernández Carballada y Asociados SL, explica que a proposta do equipo redactor supón unha consolidación do 70%, 10 vivendas/hectárea, o que implica un horizonte de 42 vivendas novas. Comenta, además, que a denominación non está incluida no nomenclator.

O Sr. Andrade Cristóbal, concelleiro do grupo municipal de TEGA, recorda que hai unha proposta, que se fixo na sesión plenaria do pasado mes de xaneiro, que ten outra delimitación con respecto a plantexada polo equipo redactor.

Seguidamente, a comisión, por unanimidade, propón estimar parcialmente a proposta do Sr. Andrade Cristóbal, recollendo as vivendas hacia o norte (grafíase sobre o plano a proposta). Por outra banda, defenden que a denominación máis correcta sería Vellamorta.

SÍSAMO

Lamas

Dona Beatriz Aneiros, en representación de Fernández Carballada y Asociados SL, di que a proposta supón unha consolidación do 58%, 4 vivendas/hectárea.

Alegacións nº 3296 e 4606: ambas piden a delimitación de NR.

A comisión, por unanimidade, propón estimar a delimitación do núcleo modificando a proposta o equipo redactor, rematando no camiño.

ARTES

Altiboa

Dona Beatriz Aneiros, en representación de Fernández Carballada y Asociados SL, di que a proposta supón unha consolidación do 80%, 3 vivendas/hectárea.

A comisión, por unanimidade, propón estimar a proposta de delimitación do núcleo do equipo redactor

Vilanova

Dona Beatriz Aneiros, en representación de Fernández Carballada y Asociados SL, di que a proposta supón unha consolidación do 62%, 3 vivendas/hectárea.

A comisión, por unanimidade, propón estimar a proposta de delimitación do núcleo do equipo redactor, ampliando un pouco a parcela da alegación 2569.

ARDAÑA

Quintáns

Dona Beatriz Aneiros, en representación de Fernández Carballada y Asociados SL, di que a proposta supón unha consolidación do 40%, 3 vivendas/hectárea.

O arquitecto municipal suliña que hai 24 alegacións e que só hai unha proposta de delimitación do NR (alegación nº 3851)

A comisión acorda por unanimidade aceptas a proposta do equipo redactor incorporando unha zona cara o sueste que se propón na alegación nº 3070.

VILELA

As Travesas

Dona Beatriz Aneiros, en representación de Fernández Carballada y Asociados SL, di que a proposta supón unha consolidación do 70%, 3,5 vivendas/hectárea.

A comisión, por unanimidade, propón estimar a proposta de delimitación do núcleo do equipo redactor.

NOICELA

Feixe

Dona Beatriz Aneiros, en representación de Fernández Carballada y Asociados SL, di que a proposta supón unha consolidación do 50%, e que a densidade non acada as 2,5 vivendas por hectárea.

A comisión, por unanimidade, propón desestimar a delimitación como núcleo porque non se cumpre co criterio de densidade.

RUS

Betrís

Dona Beatriz Aneiros, en representación de Fernández Carballada y Asociados SL, di que a proposta supón unha consolidación do 75 %, 2,5 vivendas/hectárea.

A comisión, por unanimidade, propón estimar a proposta de delimitación como núcleo rural histórico-tradicional.

RUS/ENTRECRUCES

Casaldares

O arquitecto municipal comenta que sobre este asentamento hai 21 alegacións, destacando a 2512 que fai unha proposta de delimitación.

A comisión, por unanimidade, propón estimar a proposta de delimitación do núcleo presentada polo equipo redactor.

SÍSAMO

A Cepeira

Dona Beatriz Aneiros, en representación de Fernández Carballada y Asociados SL, di que a proposta supón unha consolidación do 75 %, 6 vivendas/hectárea.

A comisión, por unanimidade, propón desestimar a delimitación como núcleo porque só hai dúas vivendas.

CARBALLO

O Quinto

Dona Beatriz Aneiros, en representación de Fernández Carballada y Asociados SL, di que a proposta supón unha consolidación do 71 %, 6 vivendas/hectárea.

A comisión, por unanimidade, propón estimar a proposta de delimitación como núcleo do equipo redactor, eliminando a franxa sueste que está pegada o río Anllóns.

BÉRTOA

Os Canedos

Dona Beatriz Aneiros, en representación de Fernández Carballada y Asociados SL, di que a proposta supón unha consolidación do 54 %, e unha densidade inferior a 2,5 vivendas por hectárea.

Á vista de que a proposta presentada non cumpre coa densidade, a comisión acorda que se revise propoñendo outra delimitación.

Entrerríos

Dona Beatriz Aneiros, en representación de Fernández Carballada y Asociados SL, di que a proposta supón unha consolidación do 68 %, 5 vivendas/hectárea.

A comisión non está conforme coa proposta técnica e plantexan suprimir as parcelas da zona norte (entre o regato e o camiño)

Outro núcleo

A alegación nº 3848 pide a delimitación dun núcleo cerca de Río de Loenzo. A comisión, por unanimidade, propón desestimar a proposta de delimitación como núcleo desa área por non cumprir cos parámetros mínimos comúns para a definición de asentamento tradicional que se establecen no PXOM.

BERDILLO

Regueira de Abaixo

Dona Beatriz Aneiros, en representación de Fernández Carballada y Asociados SL, di que a proposta supón unha consolidación do 40 % cunha densidade de 3 vivendas/hectárea.

A comisión, por unanimidade, propón estimar a proposta de delimitación do núcleo presentada polo equipo redactor.

SOFÁN

Sete

Dona Beatriz Aneiros, en representación de Fernández Carballada y Asociados SL, di que a proposta supón unha consolidación do 50 %,3 vivendas/hectárea.

A comisión, por unanimidade, propón estimar a proposta de delimitación como núcleo do equipo redactor, axustando a parcela onde está o muiño.

Seguidamente, Dona Beatriz Aneiros, en representación de Fernández Carballada y Asociados SL, expón que no caso de As Aveas en Oza, para o equipo redactor é complicado delimitar o núcleo, porque non especifican nas alegacións nada ó respecto.

A continuación, acordan estudiar a proposta presentada polo Sr. Andrade Cristóbal no pleno de xaneiro.

Finalmente, trátanse as alegacións nº 4275, 4277, 4279 E 4284 que se localizan no camiño da Brea.

A comisión, por unanimidade, propón que se incorporen esas parcelas ó nucleo de Feira de Berdillo.

3.- Rogos e preguntas.

Non se formularon

E non habendo máis asuntos que tratar e sendo as dezaoito horas e cincuenta e cinco minutos (18:55 h) a Presidencia levanta a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu como Secretaria dou fe.

ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO E MEDIO RURAL (CIUMR)

Na Casa do Concello de Carballo, o día vinte e cinco de setembro de dous mil trece (25/09/2013), sendo as dezasete horas e dez minutos (17:10 h), debidamente convocados reúnense os membros da Comisión Informativa de Urbanismo e Medio Rural, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Evencio Ferrero Rodríguez, coa asistencia dos seguintes membros:

VOGAIS ASISTENTES

- D. Evencio Ferrero Rodríguez (BNG)
- Dª Milagros Lantes Seara (BNG)
- D. Luís María Lamas Álvarez (BNG)
- D. Marcos José Trigo Facal (BNG)* (Asiste con voz e sen voto)
- D. Alberto Sueiro Pastoriza (PP)
- D. Juan Carlos Castro Pombo (PP)
- D. Manuel Andrade Cristóbal (TEGA)
- D. José Antonio Viña Patiño (PSdG-PSOE)

Asisten polo equipo redactor da revisión do PXOM: Dona Beatriz Aneiros e Álvaro Fernández Carballada [Fernández Carballada y Asociados SL, mercantil contratista dos traballos de revisión do PXOM (contrato administrativo coa ref. SAT 08/2005)]

Asiste o arquitecto municipal, D. Alfredo Garrote Pazos.

Asiste a técnico de administración xeral do Concello de Carballo, D. Susana Mariño Lorenzo, que actúa como Secretaria e da fe do acto.

Declarada aberta a sesión trátanse os seguintes asuntos incluídos na orde do día:

1 .- Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Carballo (PXOM). Estudo das alegacións.

O Sr. Garrote Pazos, arquitecto municipal, comenta que quedaron pendentes de anteriores sesións unha serie de asuntos

SOFÁN

Tarambollo/Casas Novas

Móstrase sobre plano a nova delimitación de Tarambollo e Casas Novas. A comisión, por unanimidade, propón estimar a proposta do equipo redactor en relación co núcleo de Tarambollo. Con respecto a Casas Novas, propoñen estimar a delimitación que figura no plano presentado polo equipo redactor, incorporando unha parcela polo norte e regularizando os fondos.

OZA

As Aveas

A comisión, por unanimidade, propón estimar a proposta de delimitación do equipo redactor, incorporando a parcela municipal como espazo libre existente.

ARTES

Feira de Berdillo

Alegacións nº 4275, 4277, 4279 e 4284: A comisión, por unanimidade, propón estimar a proposta de delimitación do equipo redactor, incorporando esas parcelas ó núcleo rural de Feira de Berdillo.

RAZO

Razo da Costa

Alegación nº 4143: A comisión, por unanimidade, propón estimar parcialmente regularizando o fondo como nas parcelas lindeiras.

Alegación nº 4570: A comisión, por unanimidade, propón a desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

Alegación nº 974: A comisión, por unanimidade, propón a desestimación por non ter frente a vial que forme parte do sistema viario.

Alegación nº 1648: A comisión, por unanimidade, propón a súa estimación.

Alegacións nº 2650, 2651 e 3013:A comisión por unanimidade propón a súa estimación cos fondos edificables estipulados.

Alegacións nº 4561 e 4276: A comisión, por unanimidade, propón a desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

Alegación nº 1647: A comisión, por unanimidade, propón a súa estimación parcial clasificando como SNR a parte da parcela que se inclúe na categoría de alegacións "restantes" (cor gris). En canto á zona incluída como rango 3 proponse a súa desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

Alegacións nº 3477, 4115, 4404 e 4501 e: A comisión por unanimidade propón a desestimación destas alegacións no senso de clasificalas como SNR dentro das ordenanzas zonais 1 e 2, por non cumprir coas condicións necesarias para elo.

Alegación nº 4612: A comisión, por unanimidade, propón a súa estimación.

Alegación nº 4006: A comisión, por unanimidade, propón a súa desestimación, manténdose neste punto as aliñacións propostas no documento de aprobación inicial do PXOM.

Alegación nº 1716: A comisión acorda deixar pendente esta alegación e que se estudie o trazado do río.

Alegación nº 4610: O arquitecto municipal sinala que hai unha licenza de obras (136/2012) concedida que afecta a esta parcela. A comisión acorda que se comprobe se está iniciada a obra.

Alegación nº 4361: Non figura no plano de alegacións elaborado polo equipo redactor. A comisión, por unanimidade, propón a súa estimación.

Alegación nº 1646: A comisión, por unanimidade, propón a súa estimación.

Neste momento, o Sr. Andrade Cristóbal, concelleiro do grupo municipal de TEGA, afirma que Razo merece un tratamento especial, cre que hai que ser xeneroso nesta zona e recorda que el sempre defendiu que debería ter un tratamento de solo urbano.

Responde o Sr. Fernández Carballada, membro do equipo redactor, subliñando os requisitos para que o solo podo clasificarse como urbano e engade que o POL di que este tipo de núcleos teñen un valor paisaxístico e ambiental que o plan debería de defender.

Alegación nº 4607: A comisión, por unanimidade, propón a súa desestimación.

Alegación nº 2989 e 4472: A comisión, por unanimidade, propón a súa estimación parcial.

Alegación nº 4699: A comisión acorda que se estudie técnicamente.

Alegación nº 4259, refírese a dúas parcelas, unha lindeira co núcleo de Razo da Costa e outra coa zona do núcleo de Arnados onde se localiza o colexio. A comisión por unanimidade acorda incorporar unha porción de cada finca no núcleo rural correspondente.

Alegacións nº 4056, 3748, 3750, 3733: A comisión, por unanimidade, propón a súa estimación parcial clasificando como SNR unha franxa paralela á estrada que enlaza os núcleos rurais de Arnados e Razo da Costa.

A continuación, o Sr. Fernández Carballada, explica os membros da comisión a situación da zona de Arnados. Recorda que no PXOM do 2003 clasificábase o ámbito como solo urbano pero engade que a clasificación como urbano é un acto reglado e, neste caso, a inexistencia de servicios públicos fai prácticamente inviable que se clasifique nese sentido.

Replica o Sr. Andrade Cristóbal, concelleiro do grupo municipal de TEGA, apelando ós informes dos servizos técnicos municipais nos que se indica a posibilidade de clasificar os terreos do núcleo de Arnados como como urbano en base ó criterio de consolidación. Ademáis, manifesta que sí se podería xustificar que hai determinados servicios que existen.

O Sr. Fernández Carballada recorda o que di o POL en relación ó criterio de crecemento dos núcleos da costa e defende a clasificación da zona de Arnados como núcleo rural.

Intervén o Sr. Garrote Pazos, arquitecto municipal, para poñer de manifesto que a edificabilidade en Arnados é moi baixa, sendo necesario aumentala. Con respecto a clasificación como núcleo rural di que non deixa de ser chocante tendo en conta as tipoloxías existentes e o tratamento dos sucesivos planeamentos. Pero que si se acepta esta solución por parte da Xunta de Galicia, se cumpliría coas demandas dos propietarios dos terreos.

Pola súa parte, o Sr. Andrade Cristóbal, concelleiro do grupo municipal de TEGA, insiste en que se consolide o que hai como urbano e o resto clasificalo como urbanizable.

Recorda o Sr. Alcalde que coa clasificación como urbano limítase máis o territorio.

Toma a palabra o Sr. Viña Patiño, concelleiro do grupo municipal do PsdG-PSOE, dicindo que a clasificación da zona como urbana implica unha delimitación tan axustada que a el non lle satisface. Recoñece que lle sorprendiu a proposta de clasificalo como núcleo rural, pero se con esto conseguimos non cortar o trazado viario e é posible a área de actuación integral, na práctica sería como un solo urbano non consolidado. Considera fundamental que se fixe o trazado dun vial que descargue o tráfico rodado e que se prevean bolsas de aparcamento.

Seguidamente, o Sr. Castro Pombo, concelleiro do grupo municipal do PP, opina que o que conta é o resultado, e Arnados queda prácticamente igual como urbano que como núcleo rural. Entende que a mellor opción é a que plantexa o equipo redactor.

A continuación, o Sr. Sueiro Pastoriza, voceiro do grupo municipal do PP, tamén cre que é a mellor saída. Engade que, á vista da expectativa que hai sobre Razo, o PXOM debe dar algunha indicación de como hai que desarrollalo.

Responde o Sr. Fernández Carballada que a opinión do equipo redactor é que en ordenación pormenorizada, se meta o trazado vinculante. Subliña que a planificación debería aparecer no plan como iniciativa pública, que o desarrollo se plantexe por actuacións integrais que se fagan por iniciativa pública.

Por outro lado, o Sr. Castro Pombo, concelleiro do grupo municipal do PP, pregunta polo tema das parcelas mínimas (500 metros) en Arnados e Pedra do Sal

Contesta o Sr. Fernández Carballada que o tema da parcela mínima ten repercusión para a reparcelación. Di que non ten sentido poñer de parcela mínima unha cifra que deixe fora de ordenación a maioría das parcelas.

Neste momento, o Sr. Alcalde informa de que esa mesma mañán presentouse por rexistro de entrada unha proposta de ordenación da zona dos Areos por parte dos propietarios dos terreos.

Toma a palabra o Sr. Sueiro Pastoriza, voceiro do grupo municipal do PP, preguntando se hai algunha posibilidade de deixar algún trazado vinculante no PXOM que una o porto coa praia de Razo.

O arquitecto municipal comenta que podería grafiarse unha senda.

E non habendo máis asuntos que tratar e sendo as dezanove horas e corenta e cinco minutos (19:45 h) a Presidencia levanta a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu como Secretaria dou fe.

ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO E MEDIO RURAL (CIUMR)

Na Casa do Concello de Carballo, o día tres de outubro de dous mil trece (03/10/2013), sendo as dezaséis horas e trinta e cinco minutos (16:35 h), debidamente convocados reúnense os membros da Comisión Informativa de Urbanismo e Medio Rural, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Evencio Ferrero Rodríguez, coa asistencia dos seguintes membros:

VOGAIS ASISTENTES

- D. Evencio Ferrero Rodríguez (BNG)
- Dª Milagros Lantes Seara (BNG)
- D. Luís María Lamas Álvarez (BNG)
- D. Marcos José Trigo Facal (BNG)* (Asiste con voz e sen voto)
- D. Alberto Sueiro Pastoriza (PP)*
- D. Juan Carlos Castro Pombo (PP)
- D. Manuel Andrade Cristóbal (TEGA)
- D. José Antonio Viña Patiño (PSdG-PSOE)

Asisten polo equipo redactor da revisión do PXOM: Dona Beatriz Aneiros [Fernández Carballada y Asociados SL, mercantil contratista dos traballos de revisión do PXOM (contrato administrativo coa ref. SAT 08/2005)]

Asiste o arquitecto municipal, D. Alfredo Garrote Pazos.

Asiste a técnico de administración xeral do Concello de Carballo, D. Susana Mariño Lorenzo, que actúa como Secretaria e da fe do acto.

Declarada aberta a sesión trátanse os seguintes asuntos incluídos na orde do día:

2 .- Actas das sesións anteriores (03/09/2013, 06/09/2013 e 10/09/2013). Aprobación.

Apróbanse, por unanimidade dos membros presentes (6), as actas das sesións do 03/09/2013, 06/09/2013 e 10/09/2013.

2 .- Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Carballo (PXOM). Estudo das alegacións.

Alegación número 902: A comisión, por unanimidade, propón a desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural (SNR).

Alegación número 1341: A comisión, por unanimidade, propón que se acepte parcialmente, clasificándose como SNR a franxa ó longo do camiño ó campo de fútbol.

Alegación número 1596: A comisión, por unanimidade, propón a desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

Alegación número 2001: A comisión, por unanimidade, propón que se estudie desde o punto de vista técnico co fin de recuperar o cauce do rego de Oza.

Alegación número 2229: A comisión, por unanimidade, propón a súa estimación.

Alegación número 2307: A comisión, por unanimidade, propón a súa estimación parcial

Alegacións número 2361, 2368 e 2416: A comisión, por unanimidade, propón a desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

Alegación número 2452: A comisión, por unanimidade, propón a súa estimación.

Alegación número 2475: A comisión, por unanimidade, propón a desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

Alegación número 2648: A comisión, por unanimidade, propón a desestimación, porque se considera importante este vial para articular o núcleo rural de Arnados.

Alegación número 2828: A comisión, por unanimidade, propón a súa estimación.

Alegación número 2851: A comisión, por unanimidade, propón a desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

Alegación número 2876: A comisión, por unanimidade, propón a súa desestimación (introdúcense os terreos previstos para o vial no ámbito do AA-AI03).

Alegacións número 2877 e 4088: A comisión, por unanimidade, propón a súa desestimación por tratarse dun vial estructurante que precisa dunha anchura como a prevista.

Alegación número 2947: A comisión, por unanimidade, propón a súa estimación.

Alegacións número 2981, 2982, 2983, 2986 e 3012: A comisión, por unanimidade, propón a desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

Alegación número 3303: A comisión, por unanimidade, propón a desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

Alegación número 3306: A comisión propón que se estudie técnicamente (desnivel zona sur).
Alegación número 3307: A comisión, por unanimidade, propón a desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

Alegación número 3311: A comisión, por unanimidade, propón que se acepte parcialmente, deixando fora a parcela catastral situada no extremo sur.

Alegación número 3314: A comisión, por unanimidade, propón a desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

Alegación número 3315: A comisión, por unanimidade, propón que se acepte parcialmente, a franxa ó longo do camiño.

Alegación número 3316:A comisión, por unanimidade, propón que se desestime, mantendo as aliñacións da aprobación inicial.

Alegación número 3540: A comisión, por unanimidade, propón que se acepte o relativo á edificabilidade e que se desestime o tema de adaptar as aliñacións ás existentes.

Alegación número 3542: A comisión, por unanimidade, propón a súa estimación.

Alegación número 3553: A comisión, por unanimidade, propón que se acepte parcialmente. Os ámbitos de xestión definiranse no planeamento de desenvolvemento.

Alegación número 3626: A comisión, por unanimidade, propón que se estudie o trazado viario por parte do equipo redactor en conxunto coa alegación 4609.

Alegación número 3636: A comisión, por unanimidade, propón a súa estimación, clasificándose como SNR unha franxa ó longo da estrada CP 1902 ata parcela da alegación 3953.

Alegacións número 3634/3637/3638/3641/3642/3643/3644: A comisión, por unanimidade, propón a desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

Alegación número 3661: A comisión, por unanimidade, propón a súa estimación.

Alegación número 3833: A comisión, por unanimidade, propón que se estudie técnicamente (desnivel na zona sur).

Alegación número 3845: A comisión, por unanimidade, propón a súa estimación.

Alegación número 3847: A comisión, por unanimidade, propón a desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

Alegación número 3881: A comisión, por unanimidade, propón a desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

Alegación número 3911: A comisión, por unanimidade, propón que se estudie técnicamente (desnivel na zona sur).

Alegación número 3938: A comisión, por unanimidade, propón a desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

Alegación número 3953: A comisión, por unanimidade, propón a súa estimación, clasificándose como SNR unha franxa ó longo da estrada CP 1902.

Alegación número 3958: A comisión, por unanimidade, propón a desestimación porque se considera que as aliñacións plantexadas non son as correctas.

Alegación número 3967 e 3971: A comisión, por unanimidade, propón a estimación, clasificando como SNR unha franxa ó longo da vía.

Alegación número 3984: A comisión, por unanimidade, propón que se estudie técnicamente.

Alegación número 3995: A comisión, por unanimidade, propón a desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

Alegación número 3996: Non figura no plano. A comisión, por unanimidade, propón a súa estimación.

Alegación número 4002: A comisión, por unanimidade, propón a desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

Alegación número 4004: A comisión, por unanimidade, propón a desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

Alegación número 4010: A comisión, por unanimidade, propón a desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

Alegación número 4153: A comisión, por unanimidade, propón a desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

Alegación número 4224, 4225, 4227, 4280, 4292 e 4328: A comisión, por unanimidade, propón a desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

Alegación número 4233: A comisión, por unanimidade, propón a súa estimación.

Alegación número 4256: A comisión, por unanimidade, propón que se estudie técnicamente.

Alegación número 4280, 4292 e 4328: A comisión, por unanimidade, propón a desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

*Sendo as 18:23 incorpórase o Sr. Sueiro Pastoriza, voceiro do grupo municipal do PP.

Alegación número 4383: A comisión, por unanimidade, propón a súa estimación, clasificándose como SNR unha franxa ó longo da estrada CP 1902 ata parcela da alegación 3953.

Alegación número 4414 e 4415: A comisión, por unanimidade, propón a súa estimación, clasificándose como SNR unha franxa ó longo da estrada CP 1902 ata parcela da alegación 3953.

Alegación número 4504: A comisión, por unanimidade, propón que se desestime porque se considera que este vial é importante para articular o núcleo rural de Arnados.

Alegación número 4527: A comisión, por unanimidade, propón a desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

Alegación número 4536: A comisión, por unanimidade, propón a desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

Alegación número 4581, 4595 e 4596: A comisión, por unanimidade, propón a desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

Alegación número 4608: pide que se cambie o sistema de actuación a cooperación e a comisión acorda que os sistemas de actuación dos polígonos se definirán no instrumetno de planeamento de desenvolvemento.

Alegación número 4609: A comisión, por unanimidade, propón que se estudie o trazado viario por parte do equipo redactor en conxunto coa alegación 3626.

Alegación número 4626: A comisión, por unanimidade, propón a súa desestimación, dado que a parcela está afectada polo regato e é necesaria para resolver un enlace viario axeitado entre a estrada CP-1902 e a que vai a Razo da Costa.

Alegación número 4707 e 4712: A comisión, por unanimidade, propón a desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

Alegación número 4860: A comisión, por unanimidade, propón a súa desestimación, pois os terreos non cumpren as condicións para ser clasificados como SNR.

Alegación número 4873: A comisión, por unanimidade, propón a súa desestimación, pois non se cumpren as condicións legais necesarias.

Alegación número 4874: A comisión, por unanimidade, propón que se estudie técnicamente polo equipo redactor.

Alegación número 4905: A comisión, por unanimidade, propón a súa estimación parcial, clasificándose como SNR unha franxa ó longo da estrada CP 1902 ata parcela da alegación 3953.

Alegación número 4912: A comisión, por unanimidade, propón que se estudie técnicamente polo equipo redactor.

Alegación número 4917 e 4918: A comisión, por unanimidade, propón que se estudie técnicamente polo equipo redactor, considerando a posibilidade, incluso, de descatalogar o muiño.

Por outro lado, a comisión, por unanimidade, propón que se aumente a edificabililidade nesta zona e, polo tanto, que así se faga constar na ordenanza correspondente.

3.- Rogos e preguntas

Non se formularon

E non habendo máis asuntos que tratar e sendo as dezanove horas e trinta minutos (19:30h) a Presidencia levanta a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu como Secretaria dou fe.

ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO E MEDIO RURAL (CIUMR)

Na Casa do Concello de Carballo, o día catro de outubro de dous mil trece (04/10/2013), sendo as dezaséis horas e trinta e cinco minutos (16:35 h), debidamente convocados reúnense os membros da Comisión Informativa de Urbanismo e Medio Rural, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Evencio Ferrero Rodríguez, coa asistencia dos seguintes membros:

VOGAIS ASISTENTES

- D. Evencio Ferrero Rodríguez (BNG)
- Dª Milagros Lantes Seara (BNG)
- D. Luís María Lamas Álvarez (BNG)*
- D. Marcos José Trigo Facal (BNG)* (Asiste con voz e sen voto)
- D. Alberto Sueiro Pastoriza (PP)*
- D. Juan Carlos Castro Pombo (PP)
- D. Manuel Andrade Cristóbal (TEGA)
- D. José Antonio Viña Patiño (PSdG-PSOE)

Asisten polo equipo redactor da revisión do PXOM: Dona Beatriz Aneiros [Fernández Carballada y Asociados SL, mercantil contratista dos traballos de revisión do PXOM (contrato administrativo coa ref. SAT 08/2005)]

Asiste o arquitecto municipal, D. Alfredo Garrote Pazos e o técnico xurídico do servizo municipal de urbanismo, D. José Antonio Mallo Varela.

Asiste a técnico de administración xeral do Concello de Carballo, D. Susana Mariño Lorenzo, que actúa como Secretaria e da fe do acto.

Declarada aberta a sesión trátanse os seguintes asuntos incluídos na orde do día:

2 .- Acta de sesión anterior (12/09/2013). Aprobación.

Apróbanse, por unanimidade dos membros presentes (5), a acta da sesión do 12/09/2013.

2 .- Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Carballo (PXOM). Estudo das alegacións.

Alegación número 3284: Pide que se inclúa toda a parcela en solo de núcleo rural e que se reduzca a zona de policía de cauces. A comisión, por unanimidade, propón a súa desestimación.

* Sendo as 17:10 incorpórase o Sr. Sueiro Pastoriza, voceiro do grupo municipal do PP, así como o Sr. Lamas Álvarez e o Sr. Trigo Facal, concelleiros do grupo político municipal do BNG.

Alegación número 2811: A comisión, por unanimidade, propón a desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

Alegacións número 3530, 4360 e 4402: A comisión, por unanimidade, propón a desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural. (Zona Rego da Barcia)

Alegación número 4151: A comisión, por unanimidade, propón a desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

Alegacións número 1057, 3351, 3878, 4098 e 4553: A comisión, por unanimidade, propón que o equipo redactor estudie a consolidación dese ámbito (SRPO, zona colexio).

Alegación número 3200: A comisión, por unanimidade, propón a súa estimación parcial regularizando o fondo, así como o da parcela lindeira polo sur.

Alegación número 4375: A comisión, por unanimidade, propón a súa estimación.

Alegacións número 4228, 2799, 3667 e 4625: A comisión, por unanimidade, propón a desestimación por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

Alegación número 4148: Pide que se modifiquen as aliñacións. A comisión, por unanimidade, propón a súa desestimación

*Sendo as 17:45 h, auséntase o Sr. Sueiro Pastoriza, voceiro do grupo municipal do PP.

Seguidamente, trátase a zona de Monte Peados (Razo). O arquitecto municipal expón que hai cinco propostas distintas de ampliación da delimitación do solo urbanizable presentadas por parte dos alegantes. Móstranse sobre plano cada unha delas.
A continuación, a comisión, por unanimidade propón que o equipo redactor estudie e presente unha proposta para o urbanizable de Monte Peados.

Por outro lado, o arquitecto municipal, D. Alfredo Garrote, informa da reunión mantida entre os propietarios da zona de Os Areos (Razo) e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras na que presentaron unha proposta para esta área. A conclusión da reunión é que a proposta se considera moi extensiva, polo que os propietarios terán que facer un novo plantexamento dos Areos.

Toma a palabra o Sr. Castro Pombo, concelleiro do grupo municipal do PP, dicindo que se debería establecer unha ordenanza onde se recollan as características constructivas e outros detalles na zona da costa.

3.- Rogos e preguntas

Non se formularon

E non habendo máis asuntos que tratar e sendo as dezaoito horas e cincuenta e cinco minutos (18:55 h) a Presidencia levanta a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu como Secretaria dou fe.

ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO E MEDIO RURAL (CIUMR)

Na Casa do Concello de Carballo, o día nove de outubro de dous mil trece (09/10/2013), sendo as dezaséis horas e trinta e cinco minutos (16:35 h), debidamente convocados reúnense os membros da Comisión Informativa de Urbanismo e Medio Rural, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Evencio Ferrero Rodríguez, coa asistencia dos seguintes membros:

VOGAIS ASISTENTES

- D. Evencio Ferrero Rodríguez (BNG)
- Dª Milagros Lantes Seara (BNG)
- D. Luís María Lamas Álvarez (BNG)
- D. Marcos José Trigo Facal (BNG)* (Asiste con voz e sen voto)
- D. Alberto Sueiro Pastoriza (PP)*
- D. Juan Carlos Castro Pombo (PP)
- D. Manuel Andrade Cristóbal (TEGA)
- D. José Antonio Viña Patiño (PSdG-PSOE)

Asisten polo equipo redactor da revisión do PXOM: Dona Beatriz Aneiros [Fernández Carballada y Asociados SL, mercantil contratista dos traballos de revisión do PXOM (contrato administrativo coa ref. SAT 08/2005)]

Asiste o arquitecto municipal, D. Alfredo Garrote Pazos e o técnico xurídico do servizo municipal de urbanismo, D. José Antonio Mallo Varela.

Asiste a técnico de administración xeral do Concello de Carballo, D. Susana Mariño Lorenzo, que actúa como Secretaria e da fe do acto.

Declarada aberta a sesión trátanse os seguintes asuntos incluídos na orde do día:

2 .- Actas de sesións anteriores (16/09/2013 e 18/09/2013). Aprobación.

Apróbanse, por unanimidade dos membros presentes (6), as actas das sesións do 16/09/2013 e 18/09/2013.

2 .- Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Carballo (PXOM). Estudo das alegacións.

Dona Beatriz Aneiros, en representación de Fernández Carballada y Asociados SL, explica sobre plano as actuacións integrais para o sistema viario de Razo.

O Sr. Andrade Cristóbal, concelleiro do grupo municipal de TEGA, defende que se debe fixar xa o punto de entronque ó porto e mostra sobre o plano a súa proposta.

Intervén o Sr. Garrote Pazos, arquitecto municipal, manifestando que o que corresponde neste momento é ver as alegacións afectadas polo sistema viario.

Alegacións número 1317, 1652, 1724, 2474, 2812, 2813, 4691: Trátase de parcelas afectadas polo trazado do vial de enlace praia de Razo-porto. Á vista da proposta do equipo redactor, a comisión, por unanimidade, propón a desestimación das alegacións que se refiren ás parcelas incluidas no ámbito de influencia do meritado vial, por non axustarse aos criterios de clasificación e delimitación do solo de núcleo rural.

Alegación número 3360: A comisión, por unanimidade, propón a estimación parcial. Os ámbitos de xestión definiranse no planeamento de desenvolvemento.

A continuación, estúdianse as alegacións correspondentes os viais existentes perpendiculares á rúa Paseo da Praia (rúa Méndez Núñez, rúa Gaivotas e rúa Garzas)

Alegación número 3833: Pide que se manteña como camiño público a rúa Gaivotas. A comisión, por unanimidade, propón a súa desestimación por tratarse dunha propiedade privada (eliminada do Inventario municipal de bens mediante resolución de alcaldía 1612/2013 de data 17 de xullo de 2013)

Alegación número 3306: Pide a eliminación do vial denominado rúa Gaivotas. A comisión, por unanimidade, propón a súa estimación, por tratarse dun vial que descorre por terreos de propiedade privada e que este novo vial daría acceso exclusivo a eses terreos.

Alegación número 3911: A comisión, por unanimidade, propón a desestimación da alegación no que se refire á incorporación da parcela como solo de núcleo rural fora da delimitación da área de actuación integral e que se estime a eliminación da rúa Gaivotas.

*Sendo as 17:25 h, incorpórase o Sr. Sueiro Pastoriza, voceiro do grupo municipal do PP.

Alegación número 4912: Pide que se manteña o vial denominado rúa Garzas co seu trazado actual. A comisión, por unanimidade, propón a súa desestimación.

Alegación número 3984: A comisión, por unanimidade, propón a estimación parcial e que se resolva técnicamente.

Alegación número 4256: Á vista do estudio técnico do equipo redactor, a comisión, por unanimidade, propón a súa desestimación.

Seguidamente, trátase a zona de Monte Peados (Razo). Dona Beatriz Aneiros, en representación de Fernández Carballada y Asociados SL, presenta a proposta do equipo redactor sobre a posible ampliación deste ámbito (solo urbanizable, SUR-T/ S-R11). A vista desta proposta, resólvense as alegacións correspondentes.

Alegacións número 4230, 4312, 4489 e 4559: A comisión, por unanimidade, propón que se estimen parcialmente, según a proposta do equipo redactor.

Alegación número 4318: Á vista da proposta do equipo redactor, a comisión, por unanimidade, propón a súa desestimación.

Alegación número 4480: Á vista da proposta do equipo redactor, a comisión, por unanimidade, propón a súa desestimación.

Alegación número 4903: Á vista da proposta do equipo redactor, a comisión, por unanimidade, propón a súa desestimación.

Seguidamente, trátanse as parcelas situadas no entorno do colexio de Razo. Dona Beatriz Aneiros, en representación de Fernández Carballada y Asociados SL, manifesta que a consolidación nesta zona é do 37 %. Mostra sobre o plano a proposta do equipo redactor para esta zona e, en base a esto, resólvense as alegacións que quedaban pendentes:

Alegacións número 1057, 3351, 3878, 4098, 4553: A comisión, por unanimidade, propón a súa estimación según a proposta do equipo redactor.

O arquitecto municipal comenta que para segregar nese ámbito debería de esixirse un mínimo de 1000 m2.

Toma a palabra o Sr. Castro Pombo, concelleiro do grupo municipal do PP, defendendo que se debería de aplicar ese criterio para máis zonas da costa. Por outro lado, recorda

que quedan todavía pendentes de resolver aquelas alegacións que non figuraban nos planos.

Volve a intervir o Sr. Garrote Pazos e sinala que quedaba pendente a alegación número 4610. Engade que sobre a parcela afectada por esa alegación hai unha licenza de obras, así como un informe favorable de Aguas de Galicia, polo que a comisión, por unanimidade, propón a súa estimación.

Por outra banda, Dona Beatriz Aneiros, en representación de Fernández Carballada y Asociados SL, comenta que nas próximas sesións estudiaranse aquelas alegacións que soliciten a incorporación a solo urbano consolidado. Explica que se clasificaron da seguinte maneira
1.- Cambio de clasificación
2.- Modificación de alineacións
3.- Modificación de ordenanzas
4.- Resto de alegacións
Ademáis, suliña que se segue un código de cores en función da localización das parcelas que piden un cambio de clasificación a solo urbano consolidado
-(Rango 1) Parcelas lindeiras sobre viario estruturante (verde oscuro)
-(Rango 2) Parcelas lindeiras sobre viario non estruturante (laranxa)
-(Rango 3) Parcelas non lindeiras e sen fronte á vía pública (vermello)
-(Rango 4) Parcelas que solicitan a exclusión dunha área de desenvolvemento (verde claro)

3.- Rogos e preguntas

Non se formularon

E non habendo máis asuntos que tratar e sendo as dezaoito horas e corenta e cinco minutos (18:45 h) a Presidencia levanta a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu como Secretaria dou fe.

ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO E MEDIO RURAL (CIUMR)

Na Casa do Concello de Carballo, o día dez de outubro de dous mil trece (10/10/2013), sendo as dezaséis horas e corenta e cinco minutos (16:45 h), debidamente convocados reúnense os membros da Comisión Informativa de Urbanismo e Medio Rural, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Evencio Ferrero Rodríguez, coa asistencia dos seguintes membros:

VOGAIS ASISTENTES

- D. Evencio Ferrero Rodríguez (BNG)*
- Dª Milagros Lantes Seara (BNG)
- D. Luís María Lamas Álvarez (BNG)
- D. Marcos José Trigo Facal (BNG)* (Asiste con voz e sen voto)
- D. Alberto Sueiro Pastoriza (PP)*
- D. Juan Carlos Castro Pombo (PP)
- D. Manuel Andrade Cristóbal (TEGA)
- D. José Antonio Viña Patiño (PSdG-PSOE)

Asisten polo equipo redactor da revisión do PXOM: Dona Beatriz Aneiros [Fernández Carballada y Asociados SL, mercantil contratista dos traballos de revisión do PXOM (contrato administrativo coa ref. SAT 08/2005)]

Asiste o arquitecto municipal, D. Alfredo Garrote Pazos e o técnico xurídico do servizo municipal de urbanismo, D. José Antonio Mallo Varela.

Asiste a técnico de administración xeral do Concello de Carballo, D. Susana Mariño Lorenzo, que actúa como Secretaria e da fe do acto.

Declarada aberta a sesión trátanse os seguintes asuntos incluídos na orde do día:

2 .- Actas de sesións anteriores (13/09/2013 e 25/09/2013). Aprobación.

Apróbanse, por unanimidade dos membros presentes (5), as actas das sesións do 23/09/2013 e 25/09/2013.

2 .- Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Carballo (PXOM). Estudo das alegacións.

*Sendo as 16:50 h incorpóranse o Sr. Ferrero Rodríguez e o Sr. Sueiro Pastoriza.

PLANO CA-05/CA-06

Alegación número 4688 e 1410: A comisión, por unanimidade, propón a súa desestimación, pois nesta zona, Vella Morta, delimítase unha proposta de solo de núcleo rural por parte do equipo redactor.

Alegación número 3871: Solicita que se clasifique como solo urbano de vivenda familiar. A comisión, por unanimidade, propón que se revisen os servizos.

Alegación número 3352: Novo asentamento Abetos-Vella Morta.

Seguidamente, estúdianse alegacións que afectan a zona de Loenzo de Abaixo, O Sixto e A Cristina.

Alegacións número 3906, 3907, 3909, 4433 e 4514: A comisión, por unanimidade, propón que se estimen parcialmente, con fondos aceptables. Sería aplicable a ordenanza de uso terciario.

Alegación número 3116: A comisión, por unanimidade, propón a súa desestimación por non cumprir coas condicións para ser clasificado como solo urbano, pois non conta coa totalidade dos servizos urbanísticos.

Alegación número 2533: A comisión, por unanimidade, propón a súa estimación (incluilo como solo de núcleo rural, conta con licenza de obra)

Neste momento, os membros da comisión, así como os técnicos valoran o posible paso a vivenda unifamiliar na área que se atopa ó lado da parcela da alegación 2533. Queda pendente de estudio.
Por outro lado, a comisión, por unanimidade, propón que se incorpore parte do terciario ó solo de núcleo rural de Loenzo.

Alegacións número 3061 e 3062: A comisión, por unanimidade, propón a súa desestimación por non cumprir coas condicións para ser clasificado como solo urbano, xa que non contan coa totalidade dos servizos urbanísticos.

Alegacións número 3850 e 3962: A comisión, por unanimidade, propón que se desestime, pois se delimita un novo núcleo rural según a proposta do equipo redactor.

Alegación número 4239 e 830: Pendente de revisar a existencia de servizos.

Alegación número 4301: A comisión, por unanimidade, propón a súa desestimación por non cumprir coas condicións para ser clasificado como solo urbano, pois non conta coa totalidade dos servizos urbanísticos.

*Sendo as 17:25 h, incorpórase o Sr. Trigo Facal, concelleiro do grupo municipal do BNG.

Alegacións número 3354, 3841, 2678 e 3357 : Pendente de revisar a existencia de servizos.

Alegacións número 3525,3526, 3527, 3528, 3548, 3549, 3550, 3551, 3559, 3560, 3562, 3566, 3568, 3082: Piden cambiar a clasificación de solo urbanizable a solo urbano consolidado (O Sixto). A comisión, por unanimidade, propón que se estudie xunto co resto das alegacións relativas os sectores do solo urbanizable.

PLANO CA-08

Alegación número 4058: A comisión, por unanimidade, propón que se estime parcialmente (fronte á avenida de Malpica).

Alegación número 4523: A comisión, por unanimidade, propón que se estime parcialmente (fronte á avenida de Malpica).

Alegación número 4055: A comisión, por unanimidade, propón que se estime parcialmente (fronte á avenida de Malpica).

Alegacións número 3543 e 4130: A comisión, por unanimidade, propón a súa desestimación, por non cumprir cos requisitos de solo urbano.

Alegación número 4139: Á vista da proposta do equipo redactor, a comisión, por unanimidade, propón a súa desestimación.

Alegación número 3913: A comisión, por unanimidade, propón a súa desestimación, por non cumprir cos requisitos de solo urbano.

PLANO CA-09

Alegacións número 2963, 3594, 4878, 3831: Queda pendente de revisar a existencia de servizos

Alegacións número 3762 e 3782: A comisión, por unanimidade, propón a súa desestimación. Decídese que o equipo redactor faga unha proposta de delimitación dun sector de solo urbanizable.

Alegación número 3824: A comisión, por unanimidade, propón a súa desestimación, dado que a parcela non da fronte a vía pública.

Alegación número 3896: A comisión, por unanimidade, propón a súa desestimación na parte da alegación que pide a clasificación como solo urbano.

Alegación número 4513: A comisión, por unanimidade, propón a súa desestimación por non cumprir coas condicións para ser clasificado como solo urbano, pois non conta coa totalidade dos servizos urbanísticos.

PLANO CA-10

Alegación número 4769: A comisión, por unanimidade, propón a súa estimación parcial, clasificando como solo urbano parte da parcela con referencia catastral 4147209NH2844N.

Alegación número 4644: A comisión, por unanimidade, propón a súa desestimación (remate de vial en fondo de saco).

Alegación número 3398, 2369, 2951: A comisión, por unanimidade, propón que se estudie técnicamente a zona de A Cristina, tendo en conta a proposta que consta na sesión plenaria do pasado mes de xaneiro.

Alegación número 4756: Considerando o estudio de inundabilidade que existe sobre esa zona, a comisión, por unanimidade, propón a súa desestimación.

PLANO CA-11

Alegación número 3073: A comisión, por unanimidade, propón a súa desestimación (parcelas 2 e 3) por non cumprir coas condicións para ser clasificado como solo urbano, pois non conta coa totalidade dos servizos urbanísticos. O referido á parcela 1, cambio de ordenanza, será valorado cando se estudie o plano correspondente.

Alegación número 4601: A comisión, por unanimidade, propón a súa desestimación por non cumprir coas condicións para ser clasificado como solo urbano, pois non conta coa totalidade dos servizos urbanísticos.

Alegación número 3912: A comisión, por unanimidade, propón a súa desestimación por non cumprir coas condicións para ser clasificado como solo urbano, pois non conta coa totalidade dos servizos urbanísticos.

Alegación número 3290:A comisión, por unanimidade, propón a súa estimación.

Alegación número 4560: A comisión, por unanimidade, propón que se revisen os servizos

Alegación número 4313: A comisión, por unanimidade, propón a súa desestimación por non cumprir coas condicións para ser clasificado como solo urbano, pois non conta coa totalidade dos servizos urbanísticos.

Alegación número 3609: A comisión, por unanimidade, propón a súa desestimación por non cumprir coas condicións para ser clasificado como solo urbano, non conta coa totalidade dos servizos urbanísticos.

Alegación número 3706: A comisión, por unanimidade, propón a súa desestimación por atoparse a parcela fora da trama urbana.

Alegación número 3237: A comisión, por unanimidade, propón a súa desestimación por atoparse a parcela fora da trama urbana.

3.- Rogos e preguntas

Non se formularon

E non habendo máis asuntos que tratar e sendo as vinte horas (20:00 h) a Presidencia levanta a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu como Secretaria dou fe.

ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO E MEDIO RURAL (CIUMR)

Na Casa do Concello de Carballo, o día dezaséis de outubro de dous mil trece (16/10/2013), sendo as dezaséis horas e trinta e cinco minutos (16:35 h), debidamente convocados reúnense os membros da Comisión Informativa de Urbanismo e Medio Rural, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Evencio Ferrero Rodríguez, coa asistencia dos seguintes membros:

VOGAIS ASISTENTES

- D. Evencio Ferrero Rodríguez (BNG)
- Dª Milagros Lantes Seara (BNG)
- D. Luís María Lamas Álvarez (BNG)
- D. Juan Carlos Castro Pombo (PP)
- D. Manuel Andrade Cristóbal (TEGA)
- D. José Antonio Viña Patiño (PsdG-PSOE)

VOGAIS AUSENTES
D. Marcos José Trigo Facal (BNG)
D. Alberto Sueiro Pastoriza (PP)

Asisten polo equipo redactor da revisión do PXOM: Dona Beatriz Aneiros e D. Álvaro Fernández Carballada [Fernández Carballada y Asociados SL, mercantil contratista dos traballos de revisión do PXOM (contrato administrativo coa ref. SAT 08/2005)]

Asiste o arquitecto municipal, D. Alfredo Garrote Pazos e o técnico xurídico do servizo municipal de urbanismo, D. José Antonio Mallo Varela.

Asiste a técnico de administración xeral do Concello de Carballo, D. Susana Mariño Lorenzo, que actúa como Secretaria e da fe do acto.

Declarada aberta a sesión trátanse os seguintes asuntos incluídos na orde do día:

2 .- Actas de sesións anteriores (03/10/2013). Aprobación.

Apróbase, por unanimidade dos membros presentes (5), a acta da sesión do 3/10/2013.

2 .- Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Carballo (PXOM). Estudo das alegacións.

ÁMBITOS DE SUNC.

1-UU-R6

Alegación número 2066: A comisión, por unanimidade, propón a súa desestimación.
Alegación número 2878: A comisión, por unanimidade, propón a súa desestimación.
Alegación número 3014: A comisión, por unanimidade, propón a súa estimación. Trátase de fondos de solares cuxa incorporación dificulta a xestión do ámbito.
Alegación número 3015: A comisión, por unanimidade, propón a súa estimación.Trátase de fondos de solares cuxa incorporación dificulta a xestión do ámbito.
Alegación número 3016: A comisión, por unanimidade, propón a súa estimación. Trátase de fondos de solares cuxa incorporación dificulta a xestión do ámbito.
Alegación número 3017: A comisión, por unanimidade, propón a súa estimación. Trátase de fondos de solares cuxa incorporación dificulta a xestión do ámbito.

Alegación número 3018: A comisión, por unanimidade, propón a súa estimación. Trátase de fondos de solares cuxa incorporación dificulta a xestión do ámbito.
Alegación número 3293: A comisión, por unanimidade, propón a súa estimación. Trátase de fondos de solares cuxa incorporación dificulta a xestión do ámbito.
Alegación número 3623: A comisión, por unanimidade, propón a súa desestimación.
Alegación número 3670: A comisión, por unanimidade, propón a súa desestimación.
Alegación número 3709: A comisión, por unanimidade, propón a súa desestimación.
Alegación número 3743: A comisión, por unanimidade, propón a súa desestimación.
Alegación número 4398: A comisión, por unanimidade, propón a súa desestimación.

ÁMBITO 2-UU-R7

Alegación número 3604: A comisión, por unanimidade, propón a súa estimación.

ÁMBITO 3-UU-R8

Alegación número 3734: A comisión, por unanimidade, propón a súa estimación, dado que cumpren as condicións de solo urbano consolidado.
Alegación número 3735:A comisión, por unanimidade, propón a súa estimación, dado que cumpren as condicións de solo urbano consolidado.

ÁMBITO 4-UU-R11

Alegación número 2695: A comisión, por unanimidade, propón a súa estimación.
Alegación número 3401: A comisión, por unanimidade, propón a súa estimación, incorporando tamén a parcela obxecto da alegación 3198.
Alegación número 3803: A comisión, por unanimidade, propón que se desestime porque é a apertura da rúa.

ÁMBITO 5-UU-R12

Alegación número 4862: A comisión, por unanimidade, propón a súa desestimación.
Alegación número 4863: A comisión, por unanimidade, propón que se desestime o paso a solo urbano consolidado e estimar o relativo ó trazado viario, que será definido no PERI.

PARCELAS EN SOLO RÚSTICO QUE PIDEN INCORPORACIÓN A SUC.

PLANO CA-06/CA-09

Alegacións número 830 e 4239 : A comisión, por unanimidade, propón que se estimen.
Alegacións número 2678, 3354, 3841: A comisión, por unanimidade, propón a súa desestimación. As parcelas están fora da malla urbana e non hai ningún antecedente de planeamento.
Alegacións número 2963, 3594, 3831 e 4878: A comisión, por unanimidade, propón a súa desestimación.

PLANO CA-12

A comisión, por unanimidade, propón que se estudie un área (zona tanatorio, primeira manzana) que inclúa un vial de nova creación e que se estudien os fondos edificables na avenida Finisterre ata o eixe urbanizable T-3. Dentro dese ámbito resolveranse as alegacións 4560 e 4756.

PLANO CA-13

Alegación número 2320: A comisión, por unanimidade, propón que se desestime e que se analicen as enmendas da sesión plenaria na que se aprobou inicialmente o PXOM.
Alegación número 2594: A comisión, por unanimidade, propón a súa estimación parcial, incorporando o fondo ata recoller a vivenda existente.
Alegación número 3158: A comisión, por unanimidade, propón a súa estimación (ordenanza de vivenda familiar)
Alegación número 3164: A comisión, por unanimidade, propón a súa estimación (ordenanza de vivenda familiar acaroada -ord. 1.2))
Alegación número 3253: A comisión, por unanimidade, propón a súa estimación parcial, con fondo similar ó da parcela.
Alegación número 4306: A comisión, por unanimidade, propón a súa desestimación, pois a zona da parcela clasificada como solo urbano xa é suficiente para construir unha vivenda como as lindeiras.
Alegación número 4384: A comisión, por unanimidade, propón a súa desestimación.

Alegación número 4510: A comisión, por unanimidade, propón a súa estimación parcial, clasificándose como solo urbano a parcela que ten fronte á vía pública (15019A06500083).
Alegación número 4579: A comisión, por unanimidade, propón a súa estimación, pois dispón de servizos e está na malla urbana.
Alegación número 4671: A comisión, por unanimidade, propón a súa desestimación, pois non cumpre coas condicións para poder clasificarse como solo urbano.

3.- Rogos e preguntas

Non se formularon

E non habendo máis asuntos que tratar e sendo as vinte horas (20:00 h) a Presidencia levanta a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu como Secretaria dou fe.

ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO E MEDIO RURAL (CIUMR)

Na Casa do Concello de Carballo, o día dezasete de outubro de dous mil trece (17/10/2013), sendo as dezaséis horas e trinta e cinco minutos (16:35 h), debidamente convocados reúnense os membros da Comisión Informativa de Urbanismo e Medio Rural, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Evencio Ferrero Rodríguez, coa asistencia dos seguintes membros:

VOGAIS ASISTENTES

- D. Evencio Ferrero Rodríguez (BNG)
- Dª Milagros Lantes Seara (BNG)
- D. Luís María Lamas Álvarez (BNG)*
- D. Marcos José Trigo Facal (BNG)* (Asiste con voz e sen voto)
- D. Alberto Sueiro Pastoriza (PP)*
- D. Juan Carlos Castro Pombo (PP)
- D. Manuel Andrade Cristóbal (TEGA)
- D. José Antonio Viña Patiño (PsdG-PSOE)

Asisten polo equipo redactor da revisión do PXOM: Dona Beatriz Aneiros [Fernández Carballada y Asociados SL, mercantil contratista dos traballos de revisión do PXOM (contrato administrativo coa ref. SAT 08/2005)]

Asiste o arquitecto municipal, D. Alfredo Garrote Pazos e o técnico xurídico do servizo municipal de urbanismo, D. José Antonio Mallo Varela.

Asiste a técnico de administración xeral do Concello de Carballo, D. Susana Mariño Lorenzo, que actúa como Secretaria e da fe do acto.

Declarada aberta a sesión trátanse os seguintes asuntos incluídos na orde do día:

2 .- Actas de sesións anteriores (04/10/2013 e 09/10/2013). Aprobación.

Apróbase, por unanimidade dos membros presentes (5), a acta da sesión do 4/10/2013 e 9/10/2013.

2 .- Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Carballo (PXOM). Estudo das alegacións.

*Sendo as 16.40 incorpóranse o Sr. Lamas Álvarez e o Sr. Sueiro Pastoriza.

ÁMBITOS DE SUNC.

4-UU-R11
Alegación número 3401: A comisión, por unanimidade, propón a súa estimación, incorporando taména parcela obxecto da alegación 3198.
6-UU-R13
Alegación número 2062: A comisión, por unanimidade, propón a súa desestimación.
Alegación número 3072: A comisión, por unanimidade, propón a súa estimación.
Alegación número 4172: A comisión, por unanimidade, propón a súa desestimación.
Alegación número 4194: A comisión, por unanimidade, propón que se estudie técnicamente.
Alegación número 4633: A comisión, por unanimidade, propón que se estudie técnicamente.
Alegación número 4646: A comisión, por unanimidade, propón a súa desestimación.

Alegación número 4759: A comisión, por unanimidade, propón a súa desestimación.

7-UU-R14

Alegación número 3379: A comisión, por unanimidade, propón a súa estimación.
Alegación número 3946: A comisión, por unanimidade, propón a súa estimación.

8-UU-R15

Alegacións número 2135, 2136, 2141, 2142, 2147, 2148, 2151, 3839, 4024, 4158, 4384, 4564, 4566, 4568: A comisión, por unanimidade, propón a súa desestimación e propón ampliar un pouco o ámbito e estudiar as condicións de xestión.

9-UU-D1

Alegación número 3673: A comisión, por unanimidade, propón a súa estimación parcial. Proponse incluir como SUC a parcela situada ó norte
Alegación número 4169: A comisión, por unanimidade, propón que se estudie técnicamente, deixando sobre 25.000 m2 como equipamento educativo e aparcamento e introducindo uso residencial no ámbito.

NOVOS POLÍGONOS

Alegación número 4129: A comisión, por unanimidade, propón desestimar a delimitación dun novo polígono e estudiar, no seu momento o relativo a alturas e fondos.
Alegación número 4142: A comisión, por unanimidade, propón que se estudie técnicamente polo equipo redactor.
Alegación número 4257:A comisión, por unanimidade, propón a desestimación da petición do polígono a solo urbano non consolidado. Ademáis, proponse a eliminación da parcela destinada a equipamento a carón do colexio Artai.
Alegación número 4305: A comisión, por unanimidade, propón a súa estimación, incorporando tamén a parcela obxecto da alegación 3198. (Zona San Cristovo)
Alegación número 4758: A comisión, por unanimidade, propón que se desestime. (Zona Vila de Negreira).

PARCELAS EN SOLO URBANIZABLE QUE PIDEN INCORPORACIÓN A SUC.

SECTOR 1-SUR-T-S-R1. PLANO CA-10

Alegación número 1865: A comisión, por unanimidade, propón a súa desestimación.
Alegación número 3374: A comisión, por unanimidade, propón a súa desestimación.
Alegacións número 4188, 4192 e 4620: A comisión, por unanimidade, propón que se estudie a densidade e a edificabilidade en función das vivendas existentes.

3.- Rogos e preguntas

Non se formularon

E non habendo máis asuntos que tratar e sendo as dezanove horas e corenta e cinco minutos (19:45 h) a Presidencia levanta a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu como Secretaria dou fe.

ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO E MEDIO RURAL (CIUMR)

Na Casa do Concello de Carballo, o día vintetrés de outubro de dous mil trece (23/10/2013), sendo as dezaséis horas e trinta minutos (16:30 h), debidamente convocados reúnense os membros da Comisión Informativa de Urbanismo e Medio Rural, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Evencio Ferrero Rodríguez, coa asistencia dos seguintes membros:

VOGAIS ASISTENTES

- D. Evencio Ferrero Rodríguez (BNG)
- Dª Milagros Lantes Seara (BNG)
- D. Luís María Lamas Álvarez (BNG)
- D. Alberto Sueiro Pastoriza (PP)*
- D. Juan Carlos Castro Pombo (PP)
- D. Manuel Andrade Cristóbal (TEGA)
- D. José Antonio Viña Patiño (PsdG-PSOE)

Asisten polo equipo redactor da revisión do PXOM: Dona Beatriz Aneiros e Don Álvaro Fernández Carballada[Fernández Carballada y Asociados SL, mercantil contratista dos traballos de revisión do PXOM (contrato administrativo coa ref. SAT 08/2005)]

Asiste o arquitecto municipal, D. Alfredo Garrote Pazos e o técnico xurídico do servizo municipal de urbanismo, D. José Antonio Mallo Varela.

Asiste a técnico de administración xeral do Concello de Carballo, D. Susana Mariño Lorenzo, que actúa como Secretaria e da fe do acto.

Declarada aberta a sesión trátanse os seguintes asuntos incluídos na orde do día:

1 .- Acta de sesión anterior (10/10/2013). Aprobación.

Apróbase, por unanimidade dos membros presentes (6), a acta da sesión do 10/10/2013.

2 .- Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Carballo (PXOM). Estudo das alegacións.

DE SOLO URBANIZABLE A SOLO URBANO CONSOLIDADO

PLANO CA-08

2-SUR-T S-R2

Alegacións número 2914, 2915 e 2916: A comisión, por unanimidade, propón a súa desestimación.

Alegacións número 3082, 3157, 3525, 3526, 3527, 3528, 3547, 3548, 3549, 3550, 3551, 3558, 3559, 3560, 3561, 3562, 3563, 3564, 3566, 3568, 3570: A comisión, por unanimidade, propón a súa desestimación. Pide que se pase a SUC, ordenanza zonal 1 de vivenda unifamiliar. Proponse un SUC (disposición transitoria) cun sistema de actuación por cooperación, ampliando o ámbito cara o noroeste ata o camiño existente, se o desarrollo é viable.
Alegación número 2642: A comisión, por unanimidade, propón a súa desestimación. Pide a incorporación ó solo de núcleo rural de Xoane da Estrada, pero non cumpre coas condicións necesarias para ser clasificado como tal.

Alegación número 4499: A comisión, por unanimidade, propón a súa desestimación. Pide a incorporación ó solo de núcleo rural de Xoane da Estrada. Proponse a posible incorporación o SUR-T SR2 segundo resulte da proposta do equipo redactor.

PLANO CA-09

3-SUR-D S-R5

Alegación número 3248: A comisión, por unanimidade, propón que se desestime, pois a ordenación do ámbito farase no plan parcial que o desenvolva.
Alegación número 3712: A comisión, por unanimidade, propón que se desestime Os terreos non cumpren coas condicións necesarias para ser clasificados como solo urbano.
Alegación número 3774: A comisión, por unanimidade, propón a súa desestimación. Resulta necesario a súa incorporación para posibilitar a continuidade da rúa Manuel de Falla.
Alegación número 3779: A comisión, por unanimidade, propón a súa desestimación. Os terreos non cumpren coas condicións necesarias para ser clasificados como solo urbano.

*Sendo as 17:15 incorpórase o Sr. Sueiro Pastoriza, concelleiro do grupo municipal do PP.

3-SUR-D S-R6

Alegación número 3913: Vese de novo esta alegación. Desestimada na CIUMR de data 10/10/2013.
Alegación número 3991: A comisión, por unanimidade, propón a súa desestimación. Pide incluir toda a finca en solo urbanizable, pero o límite deste sector está perfectamente delimitado na zona de posible ampliación por un vial de sistemas xerais que difícilmente admite outro trazado.
Alegación número 4077: A comisión, por unanimidade, propón a súa desestimación. Os terreos non cumpren coas condicións necesarias para ser clasificados como solo urbano.

3-SUR-D S-R7

Alegación número 3481: A comisión, por unanimidade, propón a súa desestimación. Considérase que o fondo da parcela fronte a rúa Vila de Ordes é suficiente para urbanizar.
Alegación número 3575: A comisión, por unanimidade, propón a súa estimación coas seguintes condicións: dotación de espazos libres entre o vial de sistemas xerais e o núcleo rural de Ferradal e manter vivenda colectiva en zona de contacto co solo urbano.

PLANO CA-11

6-SUR-D S-R8

Alegación número 3073: Desestimada xa na CIUMR de 10/10/2013.
Alegación número 3198: Desestimada xa na CIUMR de 17/10/2013.

PLANO CA-10

7-SUR-D S-R9

Alegacións número 3425 e 3924: A comisión, por unanimidade, propón que se desestimen. A rúa Buxos non dispón de servizos
Alegación número 3896: A comisión, por unanimidade, propón que se desestime.
Alegación número 4654: A comisión, por unanimidade, propón a súa desestimación.

8-SUR-D S-R10

Alegacións número 3238 e 3239:A comisión, por unanimidade, propón a súa estimación. (Parcelas con edificio de B+3P e con todos os servizos)
Alegación número 3398: A comisión, por unanimidade, propón que se estime, á vista da proposta de núcleo rural de A Cristina do equipo redactor e incluindo polo norte unha parcela edificada.
Alegación número 3399: A comisión, por unanimidade, propón a súa desestimación. Según a proposta do equipo redactor. O fronte ó vial leste quedaría dentro do NR de A Cristina.
Alegación número 3844: A comisión, por unanimidade, propón a súa desestimación.
Alegación número 4075: A comisión, por unanimidade, propón a súa desestimación.

PROPOSTAS DE NOVOS URBANIZABLES

Alegación número 3814: Plano CA-09, Bértoa. A comisión, por unanimidade, propón a súa desestimación.
Alegación número 4663: Plano CA-11, Bértoa, Ferradal. A comisión, por unanimidade, propón a súa desestimación.
Alegación número 4669: Plano CA-11, Bértoa, Ferradal. A comisión, por unanimidade, propón a súa desestimación.
Alegación número 4674: Plano CA-13, Monte de Santa Lucía. A comisión, por unanimidade, propón a súa desestimación.
